ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Felipe
Ben Paz

Tese de doutoramento

Evolución socioeconómica do Concello de Lugo, 1900-1925

Santiago de Compostela, 2025

Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea

ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

EVOLUCIÓN SOCIOECONÓMICA DO CONCELLO DE LUGO, 1900-1925

Felipe Ben Paz

Director: Ramón Villares Paz

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 4
1.1. RESUMO 5
1.2. OBXECTIVOS 6
1.3. METODOLOXÍA 7

2. SITUACIÓN POLÍTICA 9
2.1. CONCRECIÓNS XERAIS 9
2.2. POLÍTICA LOCAL 11
2.2.1. Aspectos xerais 11
2.2.2. Evolución política 13
2.2.3. Balance político 37

3. PREÁMBULO ECONÓMICO 40
3.1. CONTEXTO HISTÓRICO-ECONÓMICO 40
3.2. SISTEMA TRIBUTARIO 42
3.3. FACENDA LOCAL 45
3.4. GLOSARIO ECONÓMICO 49

4. EVOLUCIÓN ECONÓMICA 54
4.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS 54
4.2. MARCO LEGAL 55
4.2.1. Ámbito orzamentario da facenda local 55
4.2.2. Administración municipal e atribucións dos concellos 56
4.3. EVOLUCIÓN ORZAMENTARIA 59
4.4. ETAPA DE 1900 A 1909 63
4.4.1. Ingresos 63
4.4.1.1. Impostos municipais 63
4.4.1.2. Recursos para cubrir o déficit 70
4.4.1.3. Ingresos extraordinarios 74
4.4.1.4. Servizos municipais 75
4.4.1.5. Propios 77
4.4.1.6. Montes 79
4.4.2. Gastos 80
4.4.2.1. Servizos municipais 80

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.4.2.2. Cargas 87
4.4.2.3. Gastos xerais 91
4.4.2.4. Obras municipais 93
4.4.2.5. Montes 98
4.4.3. Balance da etapa e impacto social 99
4.5. ETAPA 1910-1918 113
4.5.1. Ingresos 113
4.5.1.1. Impostos municipais 113
4.5.1.2. Recursos para cubrir o déficit 122
4.5.1.3. Servizos municipais 126
4.5.1.4. Ingresos extraordinarios 128
4.5.1.5. Propios 130
4.5.2. Gastos 131
4.5.2.1. Cargas 131
4.5.2.2. Servizos municipais 135
4.5.2.3. Gastos xerais 143
4.5.2.4. Obras municipais 146
4.5.2.5. Montes 150
4.5.3. Balance da etapa e impacto social 151
4.6. ETAPA DE 1919 A 1925 166
4.6.1. Ingresos 166
4.6.1.1. Ingresos extraordinarios 166
4.6.1.2. Impostos municipais 169
4.6.1.3. Recursos para cubrir o déficit 176
4.6.1.4. Servizos municipais 180
4.6.1.5. Propios 181
4.6.2. Gastos 183
4.6.2.1. Obras municipais 183
4.6.2.2. Cargas 187
4.6.2.3. Servizos municipais 192
4.6.2.4. Gastos xerais 200
4.6.2.5. Montes 203
4.6.3. Balance da etapa e impacto social 203

5. CONGRESO DE ECONOMÍA GALEGA 218
5.1. INTRODUCIÓN 218

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2. LISTA DE INSCRICIÓNS E ADHESIÓNS RECIBIDAS 218
5.3. LOCAIS E SECCIÓNS 224
5.4. DESENVOLVEMENTO 224
5.4.1. Sesión inaugural 224
5.4.2. Composición, seccións e temas tratados 224
5.4.3. Conclusións 227

6. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA **232**
6.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS 232
6.2. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA MUNICIPAL 233
6.2.1. Poboación de feito e de dereito 233
6.2.2. Movemento natural 237
6.2.3. Distribución segundo sexo e idade 241
6.2.4. Clasificación segundo o estado civil e a instrución elemental 244
6.2.5. Densidade de poboación 245
6.2.6. Poboación urbana 247
6.2.7. Movementos migratorios 248
6.2.8. Poboación activa e inactiva. Sectores económicos 250
6.2.9. Análise da evolución demográfica 254
6.3. EVOLUCIÓN E ANÁLISE COMPARATIVA CENTRO-PERIFERIA 261
6.3.1. Número total de habitantes 264
6.3.2. Distribución e evolución segundo sexo e idade 268
6.3.3. Grao de alfabetización 278
6.3.4. Inmigración 282
6.3.5. Residentes, ausentes e transeúntes 290
6.3.6. Poboación activa e inactiva. Sectores económicos 293

7. CONCLUSIÓNS **301**

8. FONTES E BIBLIOGRAFÍA **309**
8.1. FONTES ARQUIVÍSTICAS 309
8.2. FONTES E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS 312
8.3. WEBGRAFÍA 321

9. ÍNDICES COMPLEMENTARIOS **322**

10. ANEXO **331**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1 INTRODUCIÓN

Este estudo versa sobre a evolución socioeconómica do Concello de Lugo no primeiro cuarto do século XX. A motivación parte da pretensión de explicar a evolución social e económica do concello nunha etapa de bisagra entre un século XIX lastrado pola sombra do Antigo Réxime, e un comezo do século XX que camiña vacilantemente cara a modernización (Villares Paz, 1997b, p. 124-171).

Á súa vez, esta transición céntrase no ámbito urbano, e non en calquera, senón nun concello relevante do interior de Galicia, ben comunicado e centrado economicamente no sector cárnico, que o converte na capital desta Galicia interior nos primeiros anos do século XX, importancia que irá decaendo a medida que vaia transcorrendo a etapa.

A elección do ámbito urbano atende á visión da cidade como rompedora das pautas tradicionais de comportamento, dos usos e costumes, en aras do desenvolvemento da nova sociedade industrial e de servizos, tendo en conta a relación dialéctica existente entre a construción da cidade e as realidades sociais, económicas, políticas e culturais que configuran este proceso (Bahamonde Magro, 1993, pp. 50-53).

Entendemos a evolución urbana como un produto social e non simplemente como un escenario de feitos sociais concretos (Álvarez Mora, 1996, p. 31); así, a análise da evolución política, económica e demográfica será a que configure a estrutura urbana, asistindo neste caso a un fenómeno de terciarización difusa propio de entidades cun nivel de desenvolvemento económico e social non homoxéneo.

Para unha análise socioeconómica de calidade é preciso non separar os factores ou mecanismos económicos dos factores sociais condicionantes do comportamento dos anteriores (Dobb, 1988), pois unha economía afastada da realidade tenderá a xeneralizacións afastadas do obxecto de estudo.

A influencia do crecemento económico sobre a demografía, sobre as técnicas de produción e sobre os movementos político-sociais é complexa; polo tanto, a análise dun período curto, no seo dunhas circunstancias máis ou menos constantes, será capaz de teorizar máis acertadamente sobre un modelo de crecemento, que evidentemente só terá validez no marco das súas hipóteses (Vilar, 1993).

Á hora de valorar a importancia dos ámbitos político, económico e demográfico de cara ao establecemento dunhas conclusións a nivel socioeconómico, primará o ámbito económico, xa que este é o condicionante demográfico por excelencia, e no que se ampara o sistema político para a súa consolidación. Así, segundo Eric Hobsbawn, o curso da historia debe explicarse en base a categorías marxistas, ou unha versión modificada destas, xa que existen poucas alternativas dispoñibles (Hobsbawn, 2011). Estes criterios económicos, tanto cuantitativos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

como cualitativos, tamén serán os que mellor definan a natureza da sociedade galega contemporánea (Beramendi, 2001).

É preciso facer referencia á complexidade dun estudo socioeconómico, xa que a interpretación de datos empíricos debe contrastarse coa realidade social contemporánea, que moitas veces se afasta da lóxica. Así, esta investigación é debedora da hermenéutica, que pretende interpretar e comprender os feitos humanos, tendo en conta o contexto socio-histórico no que acontecen. Neste caso todos os datos políticos, económicos e demográficos deben entenderse en relación aos períodos da crise da Restauración, da ditadura, da crise finisecular, da transición demográfica, da epidemia de Gripe, da Guerra Mundial, da expansión dos anos vinte, da evolución da terciarización nun espazo urbano, da mentalidade dun concello do interior de Galicia centrado no sector agro-gandeiro, etc.

Lembrando a Ranke, o método histórico non debe ter como finalidade o cambio do presente senón contar o que aconteceu no pasado, en base á documentación de fontes contemporáneas. A verdade reside detrás das formas da vida en canto espírito, idea e principio, polo tanto a misión da historia será comprender eses feitos, e explicalos mediante a rigorosa fidelidade aos acontecementos; de non actuar así, a historia científica é imposible (Ranke, 2011).

Neste traballo, a partir do estudo dos campos político, económico e demográfico, pretenderase o achegamento á realidade socioeconómica do Concello de Lugo, para o que se establecerán uns obxectivos concretos, unha metodoloxía a seguir, unha análise e explicación da información recompilada, así como unhas conclusións que corroborarán ou non, se se cumpriron os obxectivos propostos.

1.1 RESUMO

O estudo céntrase en tres ámbitos fundamentais para a comprensión da evolución socioeconómica do Concello de Lugo entre os anos 1900 e 1925, que son o político, o económico e o demográfico.

O ámbito político comprende a evolución ideolóxica da composición das corporacións locais e a súa correlación coa política estatal ao longo das etapas da Restauración Borbónica, nas que se observa unha alteración do sistema de quenda debido á non conocordancia ideolóxica entre maiorías e alcaldes; así como a evolución da ditadura de Primo de Rivera, na que se manifesta unha continuidade con respecto á etapa anterior.

No ámbito económico abórdase a evolución económica do Concello de Lugo ao longo de tres etapas: 1900-1909, 1910-1918 e 1919-1925. Ademais esta evolución sitúase no seu contexto histórico-económico tanto nacional como internacional, así como no marco lexislativo e tributario da facenda local e estatal, para o que se fai referencia ao sistema tributario de Mon-Santillán, á reforma de Fernández Villaverde e ao Estatuto Municipal. A partir da análise dos ingresos e gastos das tres etapas pódese comprobar que nas dúas primeiras a principal fonte de ingreso corresponde aos impostos e na terceira aos ingresos extraordinarios; mentres, a maior partida de gasto na primeira etapa corresponde aos servizos municipais, na segunda ás cargas e na terceira ás obras municipais. Isto pon de manifesto un endebedamento progresivo que lastra a actividade económica, centrada no mercado da carne, xa que Lugo se consolida como o concello galego de referencia no sector. Aínda así, o sector cárnico cede o seu posto ao comercio

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de produtos alimenticios na última etapa, en consonancia co incremento da terciarización. Finalmente, remata o estudo do ámbito económico coa abordaxe do primeiro e único Congreso de Economía de Galicia, celebrado en 1925 na cidade de Lugo, o que pon de manifesto a importancia do concello neste momento.

No terceiro e último dos ámbitos, o demográfico, estúdase tanto a evolución do concello na súa totalidade, atendendo aos parámetros demográficos básicos, como á evolución comparativa entre o centro e a periferia. Desta análise conclúese que a poboación acada o seu máximo no ano 1910 debido á alta natalidade da década, á baixa emigración e á evolución económica positiva do concello, sen apenas déficit. A baixada de poboación no ano 1920 obedece a factores migratorios, revitalizándose a emigración sobre todo interior, consecuencia da limitación do crecemento económico da etapa, e tamén a factores sanitarios como a epidemia de Gripe. A partir do ano 1920 prodúcese unha recuperación demográfica en consonancia co aumento da taxa de natalidade, o descenso da emigración e o relanzamento económico centrado no sector terciario, que fai que o concello duplique ingresos e gastos na etapa 1919-1925. Do estudo comparado da poboación centro-periferia extráense varias conclusións, entre as que salientamos: no referido á poboación absoluta, no centro descende desde o comezo, mentres que na periferia faino no ano 1920; por sexo e idade, a tendencia que se observa é unha feminización do centro fronte á masculinización da periferia; tanto no centro como na periferia, hai un maior número de homes alfabetizados, pero aumenta máis a alfabetización feminina no conxunto da etapa de estudo; e finalmente, obsérvase un claro predominio do sector terciario no centro, fronte ao primario na periferia.

1.2 OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden nesta investigación son os que seguen:

1. Examinar o funcionamento e a evolución da administración local en relación coa política nacional, as tendencias políticas das corporacións e o protagonismo dos seus dirixentes.
2. Explicar a procedencia e a evolución das partidas de gastos e ingresos do Concello de Lugo nas etapas de 1900 a 1909, de 1910 a 1918, e de 1918 a 1925, valorando posteriormente as repercusións sociais en cada unha das etapas, en comparanza con outros concellos galegos.
3. Analizar e explicar a transformación dunha cidade pequena e case rural nunha capital relevante da Galicia interior, grazas a varios fenómenos como son o crecemento da poboación e da trama urbana, o ferrocarril aberto a finais do século XIX, o sistema impositivo como principal partida de ingresos, o mercado de carne como actividade económica fundamental, a importancia do comercio de gando, os efectos dos movementos migratorios, a expansión agraria crecente testemuñada polo aumento de mercados e feiras, así como a terciarización difusa dun concello cunha importante compoñente rural.
4. Estudar a evolución da estrutura demográfica do concello en base aos parámetros de poboación de feito e dereito, movemento natural, distribución segundo sexo e idade, clasificación segundo estado civil e instrución elemental, densidade de poboación, poboación urbana, movementos migratorios, poboación activa, inactiva e sectores económicos, en comparanza con outros concellos galegos, coa provincia, con Galicia e con España.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5. Comparar e explicar a evolución demográfica nas variables de poboación, alfabetización, inmigración, residentes, ausentes, transeúntes, poboación activa, inactiva e sectores económicos no centro (26 núcleos urbanos, rúas e prazas), e na periferia (12 núcleos rurais ou parroquias), nos anos 1900, 1910 e 1920.
6. Valorar a importancia da evolución nos ámbitos político, económico e demográfico de cara a unha visión global da estrutura socioeconómica do Concello de Lugo no primeiro cuarto de século.

1.3 METODOLOXÍA

As liñas metodolóxicas empregadas insírense no que se coñece como microhistoria, que consiste na selección dun espazo físico limitado no que se analizan os fenómenos históricos. No caso español, partimos da idea de que para comprender a historia contemporánea española é imprescindible ter en conta o contraste existente entre un país de centralismo legal pero de localismo real (Fusi, 1990, pp. 127-136), o que pon de manifesto a importancia da historia urbana na España contemporánea.

Á hora de afrontar o estudo socioeconómico do Concello de Lugo, o método empregado parte da pregunta histórica, seguida da heurística ou proceso de recompilación de fontes que serven de base á investigación; a continuación a hermenéutica ou métodos e técnicas para reflexionar en torno a elas, comprendelas e interpretalas; e a esta séguenlle a estruturación e a narración, inda que a miúdo todas estas partes se abordan de maneira simultánea (Droysen, 1983).

Esta investigación organízase arredor de tres grandes capítulos, para así poder investigar os ámbitos político, económico e demográfico, cuxa división implica unha explicación metodolóxica para cada un deles. Antes de referírmonos a cada un por separado, é preciso matizar que en todos eles as fontes principais sempre son as primarias, xa que estas nos proporcionan unha información máis completa e fidedigna para un traballo de investigación histórica a nivel local e de carácter interdisciplinar.

Comezando polo ámbito político, as fontes principais céntranse nas actas das sesións municipais do Arquivo Municipal de Lugo (AML), bandos municipais, Boletín Oficial da Provincia de Lugo, La Gaceta de Madrid, expedientes do Goberno Civil, expedientes de eleccións, prensa da época, xunto con algunha fonte bibliográfica de maneira moi puntual. Polo tanto, o exame do funcionamento e evolución política da administración local construíuse basicamente a partir de fontes primarias.

En canto á exposición ou narración do ámbito político, esta consta dunha parte introdutoria xeral, a continuación faise unha descrición e explicación da evolución política e remátase cun balance da etapa, a modo de compendio.

No ámbito económico a maneira de proceder foi similar, se ben nos apartados do preámbulo (contexto histórico-económico, sistema tributario, facenda local e glosario económico) recórrese basicamente a fontes de tipo bibliográfico. Na evolución económica propiamente dita, as fontes principais constitúenas os presupostos do concello (ordinario, extraordinario, adicional e refundido) consultados no Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL), Instituto Nacional de Estatística (INE), actas de sesións municipais, bandos municipais, contribucións e impostos, obras, abastos e mercados, La Gaceta de Madrid, Boletín Oficial da Provincia de

Lugo, Boletín agrícola de la región de Galicia y Asturias, e prensa da época consultada a través do portal Galiciana.

A estrutura deste apartado divídese en tres etapas, que van do ano 1900 ao 1909, do 1910 ao 1918 e do 1919 ao 1925. A primeira delas é unha etapa próspera, na que o impacto da crise finisecular é leve; a segunda de estancamento, e a terceira de expansión económica ao abeiro dun endebedamento progresivo.

En cada unha das etapas analízase a evolución das partidas de ingresos e gastos, e posteriormente no apartado de balance da etapa e impacto social, realízase unha síntese da evolución económica e o impacto que tivo a nivel social nos apartados do mercado da carne, os prezos dos produtos de primeira necesidade ou subsistencias en comparativa con outros concellos galegos, a carga impositiva e a conflitividade social.

Remata o apartado económico, a modo de colofón, coa análise do Congreso de Economía de Galicia, celebrado en Lugo no ano 1925.

O ámbito demográfico é o que entraña unha maior complexidade en canto á contabilización e interpretación das fontes. A fonte principal son os censos de poboación dos anos 1900, 1910 e 1920, o Instituto Nacional de Estatística, o Instituto Xeográfico Nacional, os padróns de habitantes dos anos 1904 e 1915, o Nomenclátor de España de 1900, 1910 e 1920, expedientes de emigración e prensa da época.

A estrutura consta de dúas partes: a primeira versa sobre a explicación da evolución demográfica do concello no seu conxunto, tendo en conta os parámetros de poboación de feito e dereito en comparativa con outros concellos, provincias, Galicia e España; movemento natural, distribución segundo sexo e idade, clasificación segundo estado civil e instrución elemental, densidade de poboación en comparativa tamén con outros concellos, provincias, Galicia e España; poboación urbana en comparativa con outros concellos, movementos migratorios, poboación activa, inactiva e sectores económicos. Remata esta parte cunha análise dos porqués da evolución anterior, para o que é preciso contrastar a información demográfica recollida cos datos económicos da etapa, xa que esta evolución económica é o principal condicionante demográfico. Tamén se deben ter en conta outros condicionantes, como son as epidemias e outros riscos asociados á saúde, xunto coas medidas para intentar paliar os seus efectos.

Na segunda parte realízase unha comparativa entre o centro (26 núcleos urbanos, rúas e prazas) e a periferia (12 núcleos rurais ou parroquias), nas variables de número total de habitantes, sexo e idade, grao de alfabetización, inmigración, residentes, ausentes, transeúntes, poboación activa, inactiva e sectores económicos.

É preciso aclarar unha serie de cuestións en canto á interpretación de fontes demográficas. Na primeira parte, na do concello no seu conxunto, tómase como referencia o ano 1930 porque se trata dunha visión global do Concello de Lugo, desbotando a maioría da información recollida nos padróns dos anos 1904, 1910 e 1915, xa que non coincidían cos censos, debido aos erros, moitas veces provocados, neste tipo de recontos poboacionais a nivel local. Nin no Arquivo Histórico Provincial, nin no Arquivo Municipal constan censos nin padróns do ano 1930, polo que só contamos coa información xeral procedente do INE.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No apartado das migracións, os datos recollidos proceden dos expedientes de emigración e dos censos de poboación, non tendo en conta a emigración clandestina, nin os desprazamentos, sobre todo a nivel interior, eventuais e sen regulación algunha[1].

No apartado de poboación activa, inactiva e sectores económicos, é preciso sinalar que por poboación inactiva entendemos aos non asalariados. En canto aos datos das profesións, estes deben tomarse con precaución, xa que pode que a profesión declarada non sexa a que se exerce realmente, ao que se lle engade o problema da clasificación das profesións por parte do investigador (Calero Amor, 1975, p. 258).

Na segunda parte, de comparativa entre o centro e a periferia, abandónase o horizonte de 1930 pola falta de censos e padróns deste ano nos arquivos, contando unicamente coa información xeral do INE, que non contempla os resultados por núcleos de poboación.

Ao comezo de cada un dos tres grandes capítulos político, económico e demográfico, cítanse as fontes principais para evitar a redundancia de citas posteriormente na exposición, incluíndose ao longo dos capítulos as fontes restantes. Polo mesmo motivo, agás que as fontes sexan diferentes ás principais, non se citan as fontes das táboas e gráficas, que son todas elas de elaboración propia. É importante salientar a información que recollen as táboas, tanto as que se inclúen no propio corpo da investigación, como as dos anexos, posto que estas nos permiten sintetizar a información para posteriormente analizar e estudar eses datos.

Finalmente, é preciso puntualizar que o apartado de conclusións vén a sintetizar os apartados de conclusións e balances de cada un dos capítulos político, económico e demográfico.

2 SITUACIÓN POLÍTICA

2.1 CONCRECIÓNS XERAIS

Este estudo abrangue o primeiro cuarto do século XX, etapa que coincide co réxime da Restauración borbónica, concretamente co período final da rexencia de María Cristina de Habsburgo-Lorena (1885-1902) e o reinado de Afonso XIII (1902-1923); e coa ditadura de Miguel Primo de Rivera, en concreto coa etapa do Directorio militar (1923-25), máis uns días do Directorio civil (1925-1930). A gran diferenza entre España e algunhas nacións do seu entorno non pode atribuírse á teoría política, xa que España sempre se mantén inmersa na tradición intelectual liberal, senón á práctica política, centrada a comezos do século XX no caciquismo (Tusell, 2000, pp. 51, 53).

[1] Nos expedientes de emigración consta o nome do solicitante, se é menor o solicitante será o do pai normalmente, a idade, profesión, domicilio e o destino proxectado. Solicítase a impresión dactiloscópica da carteira de identidade, para o que se acompaña o certificado facultativo pertinente no que constan datos como a vacinación, a presenza ou non de enfermidade infecto-contaxiosa, demencia, que non se dedica á mendicidade, e que é de ideas e moralidade correctas. Todos estes requisitos quedan atenuados cando a migración é interior, xa que nesta só consta o nome, idade, procedencia e destino xeográfico e laboral, habendo casos nos que nin sequera aparecen todos estes datos, o que pon de manifesto a menor regulación desta migración interior.

O réxime político da Restauración ten unha clara vocación de fixar unhas novas bases de convivencia política e de organización do poder, de acordo cos principios teóricos do liberalismo doutrinario. Polo que respecta ao rexeneracionismo de calquera signo, de Costa a Maura, insiste na artificialidade do sistema parlamentario español, debido á falta de conexión entre a realidade dos cidadáns e os seus representantes en Cortes (Villares Paz e Moreno Luzón, 2016, p. 4, 373).

A identificación do rexeneracionismo co reinado de Alfonso XIII non é uniforme ao longo do seu reinado. Así, nun primeiro período o rexeneracionismo inténtase desde o poder e co protagonismo dos partidos da quenda, especialmente o Partido Conservador. A partir de 1913, non só quebra a unidade dos partidos de quenda, senón que tampouco resulta viable unha rexeneración do sistema político, situación que se acentúa a partir da I Guerra Mundial. Desde este momento, o rexeneracionismo permanece unicamente como horizonte de futuro, e coa proclamación da ditadura proponse unha opción rexeneracionista contraria á de comezos de século (Tusell, 2000, p. 83, 265).

A Galicia de comezos de século caracterízase polo predominio do mundo rural, a debilidade do Estado, o atraso económico, a dispersión da poboación, a quenda pacífica e a fraude electoral, o que favorece a extensión de redes clientelistas e caciquís, baseadas no intercambio de favores políticos e económicos entre unha serie de familias asociadas aos dous partidos dinásticos, que controlan o poder político en determinadas zonas de influencia.

O movemento máis relevante a comezos de século en Galicia foi o agrarismo, configurándose como un amplo e complexo movemento de masas, no que a pesar da masiva participación do campesiñado, non acada unha concreción ideolóxica nin unha uniformación da praxe política.

As principais organizacións agraristas foron as sociedades agrarias, acollidas á Lei de Asociacións de 1887, e os sindicatos agrarios, regulamentados entre 1906-1908 e inclinados cara ao catolicismo social. Nunha primeira etapa, o agrarismo vinculouse ao rexeneracionismo en conexión con organizacións de carácter urbano, en contra do sistema canovista e en defensa do protagonismo político do campesiñado. Non obstante, a época máis activa e reivindicativa sería de 1917 a 1923, co obxectivo común da redención de foros. Coa chegada da ditadura de Primo de Rivera, o sindicalismo agrario mudou cara un carácter menos reivindicativo e de preferente orientación católica (Villares Paz, 1997b).

É preciso advertir que no caso galego o sistema da restauración non implica cambios substanciais a nivel ideolóxico entre os partidos conservador e liberal, sendo as diferenzas entre ambos máis ficticias que reais, todo elo baixo un control caciquil moi asentado (Barral, 2003, citado en Quintáns, 2003). En resumo, o sistema restauracionista entra en crise no cambio de século como consecuencia da crise finesecular e do movemento rexeneracionista, porén a adhesión do agrarismo á ditadura fará que a situación non mude substancialmente no caso galego, producíndose unha renovación das redes caciquís. Primo de Rivera construirá un réxime autoritario con accesorios de tipo fascista, preocupándose ao mesmo tempo por evitar unha verdadeira radicalización ou o desenvolvemento de mobilizacións populares que non se atoparan baixo o seu control directo (Ben-Ami, 1984), en consonancia coas fórmulas autoritarias, conservadoras e nacionalistas da Europa atrasada centro-oriental e do sur (Villares Paz e Moreno Luzón, p. 504).

USC UNIVERSIDADE

2.2 POLÍTICA LOCAL

2.2.1 Aspectos xerais

Nunha visión global da traxectoria política do Concello de Lugo durante o primeiro cuarto do século XX hai que diferenciar a etapa política da Restauración e a da ditadura. Na Restauración podemos observar unha serie de tendencias que se repiten; a primeira é o marcado absentismo nas sesións municipais, chegando incluso á non celebración destas en bastantes ocasións por non reunirse o número suficiente de concelleiros. En segundo lugar, e froito do artigo 29 da Lei electoral de 1907, que establecía que nos distritos onde non resultaren proclamados candidatos en maior número que os chamados a ser elixidos, a proclamación de candidatos equivalía á súa elección, relevándoos da necesidade de someterse a ela, o que trouxo como consecuencia a repetición de concelleiros na conformación das distintas corporacións municipais[2].

Ata o ano 1907, a Lei electoral vixente foi a de 1890, que inda que ampliou o sufraxio ata o 24%, antes limitado aproximadamente a un 5% pola Lei de 1878, seguiu mantendo a combinación de distritos uninominais rurais con outros que elixían varios deputados, formados polas principais cidades e amplas zonas rurais do seu contorno.

No caso do Concello de Lugo, este dividíase en cinco distritos electorais, cunha asignación total de 25 concelleiros. En detalle:

Táboa 1. Distritos electorais do Concello de Lugo[3]

Distrito electoral	Número de concelleiros	Seccións
Centro	6	Primeira. Salón de sesións da Casa Consistorial. Segunda. Progreso, escola pública de nenas na rúa de Manuel Becerra. Terceira. San Roque, local na planta baixa do Asilo de Anciáns Desamparados.
Santo Domingo	4	Cuarta. Soledad, casa Asilo de Beneficencia na rúa da Soledad. Quinta. San Fernando, local na planta baixa do edifico de San Juan de Dios.
Catedral	4	Sexta. Travesía do Miño, escola pública de nenos en dita rúa. Sétima. Recatelo, casa na Viña de Dositeo Neira.
Norte	7	Oitava. Santa María de Bóveda, escola pública en Nadela. Novena. Hombreiro, casa de Manuel Méndez que habita o seu caseiro Juan Martínez, do lugar de Riazón. Décima. Meilán, casa de Ángel López y López na estrada da Coruña.
Sur	4	Undécima. San Juan del Campo, casa de Manuel María Rodríguez, no lugar de Bóveda, parroquia de Santa Eulalia de Bóveda. Duodécima. Burgo, casa escola no lugar de Carrigueiros en dita parroquia.

O número e a distribución de distritos manterase ata 1907, se ben haberá algunha modificación leve no referente á distribución e localización das seccións. A partir deste ano, en vista do aumento de poboación, e conforme á escala do artigo 35 da Lei municipal, correspóndenlle seis distritos e 26 concelleiros. Froito desta modificación, o distrito do Centro segue con tres seccións e auméntaselle un concelleiro, asignándoselle polo tanto sete

[2] España. Ministerio de Gobernación. Lei electoral de 1907, de 9 de agosto. La Gaceta de Madrid, 10 de agosto de 1907, núm. 222, p. 587.

[3] Concello de Lugo. (1899). *Elección de concejales. Expediente electoral*. AHPL (Número 1º. Sin. 0616, Car. 476), Lugo.

concelleiros. O distrito de Santo Domingo non sofre variacións, quedando con dúas seccións e catro concelleiros. O distrito de Catedral tampouco varía, mantendo as dúas seccións e os catro concelleiros cos que contaba. Coas seccións oitava e novena fórmase un novo distrito, que se denominará do Noroeste, asignándolle catro concelleiros. Coas seccións décima e undécima fórmase outro distrito, denominado Norte, ao que se lle asignan tres concelleiros. E finalmente, as seccións duodécima e décimo terceira seguirán constituíndo o distrito do Sur, cos mesmos catro concelleiros[4].

A renovación do concello terá unha periodicidade bianual, tendo esta lugar a primeira quincena do mes de novembro, segundo dispón o artigo 1º do Real Decreto de 2 de xullo de 1901 e os artigos 44 e 45 da Lei Municipal vixente, en relación coa lei de 28 de novembro de 1899[5].

É preciso matizar as faccións políticas dentro do ámbito local; así dentro do Partido Liberal, a súa á dereita estará dirixida por Segismundo Moret y Prendergast, os seus seguidores serán os moretistas, tendo como líder provincial a Benigno Quiroga y López Ballesteros[6], denominándose os seus partidarios quiroguistas ou ballesteristas[7] (Barreiro, 2003).

Trala morte de Quiroga Ballesteros no ano 1908, Segismundo Moret nomeará a José Benito Pardo Rodríguez presidente do comité provincial de Lugo, asumindo a dirección dos asuntos políticos do partido[8]. A morte de Segismundo Moret en 1913 fará que Romanones pase a encabezar a dereita liberal, en contraposición dos seguidores de Eugenio Montero Ríos, monteristas ou neiristas, e máis tarde demócratas; e dos de José Canalejas Méndez, canalejistas. Xunto cos conservadores, e en minoría labradores e obreiros, representando á Sociedade de Labradores e ao Centro Obreiro respectivamente, estes serán os compoñentes das corporacións municipais ata o ano 1922.

Coa chegada da ditadura implantouse un novo modelo de administración local. O 30 de setembro de 1923 publicouse o Decreto de disolución e substitución de todos os concelleiros dos concellos de España. O proceso de substitución determinou que os substitutos foran vogais asociados con orixe no réxime da Restauración. O 20 de outubro de 1923 creáronse os delegados gobernativos, que tiñan por misión o control e intervención no funcionamento das corporacións locais. As substitucións dos concelleiros sucedéronse en diversas etapas ata a

[4] Concello de Lugo. (1907). *Expediente relativo a la división del término en seis distritos y asignación de 26 concejales, de conformidad al censo vigente.* AHPL (Sin. 0616, Car. 487), Lugo. Faise constar o defecto das listas electorais do último ano ao non contar con esta distribución; Galicia. Administración municipal. Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, 22 de abril de 1907, núm. 91, p. 3; Galicia. Junta Provincial del Censo Electoral de Lugo. Boletín Oficial Extraordinario de la Provincia de Lugo, 3 de maio de 1907, pp. 1-2.

[5] Galicia. Goberno Civil. Circular núm. 519. Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, 22 de outubro de 1901, núm. 241, p. 1; Galicia. Goberno Civil. Circular núm. 496. Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, 20 de outubro de 1903, núm. 237, p.1; Art. 10: "Las elecciones municipales, que sin la promulgación de la ley de 28 de Noviembre del corriente año de 1899 se habrían de celebrar en la primera quincena del mes de Mayo de 1901 y en la primera quincena de Mayo de 1903, se celebrarán en la primera quincena del mes de Noviembre del año próximo de 1900 y en la primera quincena del mes de Noviembre del año de 1902, entendiéndose, en su consecuencia, acortada la duración del cargo de Concejal para todos aquellos que fueron elegidos en Mayo de 1897 y en Mayo del corriente año de 1899". En: España. Ministerio de Gobernación. Real Decreto de modificación de la organización provincial y municipal de 1899, de 28 de novembro. La Gaceta de Madrid, 16 de decembro 1899, núm. 350, p. 891.

[6] Ostentou o cargo de Ministro de Gobernación de maneira efémera en 1906.

[7] *El Regional*, (10 de febreiro, 1891), p. 1.

[8] Los liberales de Lugo. (24 de marzo de 1908). *La Idea Moderna*, p. 2.

aprobación do Estatuto Municipal no ano 1924, co que se inicia unha época de maior estabilidade nas institucións locais.

Coa ditadura, a provincia adquire a dimensión de ente local, abandonando o criterio dunha administración ao servizo do Estado, e os Gobernadores Civís convértense nas persoas que ostentan o poder, polo que os partidos dinásticos perderon para sempre a súa influencia na política española.

As disposicións finais dos Estatutos Municipal e Provincial deixaron en suspenso a celebración de eleccións, feito que condicionou a propia lexitimidade das institucións. Os concelleiros e deputados serán nomeados directamente polos Gobernadores Civís, e o esquema corporativo pretendido polas normas legais queda sen aplicación práctica. En resumo, coa ditadura mantense o alcalde como delegado do Goberno e a figura do Gobernador Civil como representante da administración central en cada provincia, incorporando o concepto de autonomía nos Estatutos Municipal e Provincial (Gómez, 2008).

Estes acontecementos tiveron a súa manifestación a nivel local, pois Joaquín Tovalina Basabrú, coronel de infantaría e Gobernador Militar da praza e provincia de Lugo, emite un bando no que declara o estado de guerra (Art. 1), á vez que establece a continuidade das autoridades civís e xudiciais no exercicio libre das súas funcións en todo o que non se opoña ao consignado neste bando (Art. 8)[9]. O concello, na sesión supletoria do día 29 de setembro, manifesta a súa adhesión ao Directorio Militar[10].

A partir de marzo de 1924 haberá dous tipos de concelleiros, de elección popular e de representación corporativa, estes últimos designados polas Corporacións ou Asociacións que figuren no Censo especial que se institúe ao efecto. O número de concelleiros de elección popular será de 20, ao situarse o concello na franxa entre 20.001 e 30.000 habitantes. O número de concelleiros de elección corporativa será proporcional aos concelleiros de elección popular, neste caso corresponderíanlle 6 concelleiros, ao contar cun número de 18 a 20 concelleiros de elección popular. A renovación dos concelleiros farase por metade cada 3 anos, na primeira quincena do undécimo mes do ano económico, e os concelleiros saíntes non serán reelixibles ata que transcorran 3 anos desde o seu cese. Esta renovación trienal será ordenada polos Gobernadores Civís dentro do antepenúltimo mes de mandato que estea próximo a rematar[11].

2.2.2 Evolución política

O primeiro cuarto de século o Concello de Lugo estivo rexido por once alcaldes de forma oficial, que foron: Manuel Pardo de La Vega (1899-1901), Pedro Morandeira Rico (1901-1902), Gonzalo Vázquez Moure (1902-1903), Antonio Belón Ventosinos (1904-1905), Rodrigo de la Peña García (1906-1909), Constantino Velarde Pla (1909), Ángel López Pérez (1909-1910), Ramón Landriz Lenza (1910-1912), Carlos Llamas Navia (1912-1913), Ángel López Pérez (1913-1923), Manuel Roca Varela (1923-1924), Ramón Saavedra Salgado (1924-1925)

[9] Tovalina, J.: Bando. (16 de setembro de 1923). *El Progreso*, pp. 1-2.
[10] Concello de Lugo. (29 de setembro de 1923). *Actas de sesiones del ayuntamiento de Lugo*. AML (Sin. 7991-6, p. 46), Lugo.
[11] España. Directorio Militar. Real Decreto do Estatuto Municipal de 1924, de 8 de marzo. (Arts. 43, 45, 46, 47 e 49). La Gaceta de Madrid, 9 de marzo de 1924, núm. 69, pp. 1225-1226.

e Eduardo Rosón López (1925-1927). Á súa vez, o consistorio contou tamén en varias ocasións con alcaldes interinos e accidentais.

De todos os alcaldes oficiais da etapa da Restauración, catro pertenceron ao Partido Liberal (Pedro Morandeira Rico, Rodrigo de la Peña García, Ángel López Pérez e Carlos Llamas Navia) e cinco ao Partido Conservador (Manuel Pardo de la Vega, Gonzalo Vázquez Moure, Antonio Belón Ventosinos, Constantino Velarde Plá e Ramón Landriz Lenza)[12].

Na política nacional[13], comeza o período co goberno de Francisco Silvela para a rexeneración de España, tralas eleccións a Cortes celebradas o 16 de abril de 1899. Francisco Silvela será o Presidente do Consello de Ministros, desde o 4 de marzo de 1899 ata a súa dimisión en outubro de 1900, pasando a ocupar a presidencia o día 22 de outubro o Xeneral Marcelo Azcárraga ata o 6 de marzo de 1901. Chama a atención que a pesar da maioría conservadora nestas eleccións, concretamente da Unión Conservadora de Silvela e do Partido Conservador, na provincia de Lugo o máis votado foi o Partido Liberal de Práxedes Mateo Sagasta.

O 1 de maio de 1899 será nomeado o novo Gobernador Civil, Lorenzo García Vidal, que dimite en marzo de 1901[14]. O Gobernador Civil interino Pardo Rodríguez asumirá o cargo ata o nomeamento de Benito Francia y Ponce de León o 10 de marzo, coa pretensión de unificar os liberais de Lugo[15].

Despois das eleccións municipais celebradas o 9 de maio de 1897, a corporación municipal a 3 de xaneiro de 1899, quedará composta polos concelleiros que figuran na Táboa 2:

Táboa 2. Corporación municipal a 3 de xaneiro de 1899[16]

Tendencia liberal-quiroguista	Tendencia conservadora
Reynaldo Fole Quiroga (alcalde)	Antonio Belón Ventosinos (1º tenente)
Carlos Pardo Pallín (2º tenente)	Juan Bellón Rodríguez (4º tenente)
Ramón López y López (3º tenente)	Ramón Iglesias Camino (síndico) [17]
Pedro Morandeira Rico (5º tenente)	Ramón Crecente
José Carro Crespo (síndico)	Ramón Landriz Lenza
Romualdo Acevedo Rivero	Ramiro Martínez López
Manuel B. Carro	Manuel Pardo de la Vega
Bernardino de Aizpiazú	Enrique Soler Losada
Francisco Fernández González	
Manuel Roca Varela	
Antonio Rodríguez Pérez	
Abelardo Taboada Corral	

[12] Concello de Lugo. *Elecciones*. AHPL (Sin. 0616, Car. 476), Lugo.

[13] Para a información sobre a evolución da política nacional empregáronse como fontes as seguintes: https://www.congreso.es/gl/; https://historiaelectoral.com/

[14] *La Idea Moderna*. (12 de marzo de 1901), p.2.

[15] *El Regional*. (11 de marzo de 1901), p. 1; *El Norte de Galicia*. (22 de marzo de 1901), p. 2; Subdelegación do Goberno en Lugo. *Listaxe de Gobernadores Civís da provincia de Lugo 1897-1926*. Esta listaxe servirá como unha das fontes para todos os Gobernadores citados neste estudo.

[16] Concello de Lugo. (3 de xaneiro de 1899). *Actas de Plenos do Concello de Lugo.* AML (Sin. 131-3, p. 2), Lugo; Concello de Lugo. (1899). *Elección de Concejales, Expediente electoral.* AHPL (Sin. 0616, Car. 476), Lugo; *El Lucense.* (19 de xullo de 1897), p. 3; *El Lucense.* (29 de xaneiro de 1898), p. 3.

[17] Apuntes. (1 de marzo de 1898). *La Idea Moderna*, p. 2.

Esta maioría liberal no concello explícase porque a esta data inda estaba o Partido Liberal no goberno, procedente das eleccións a Cortes do 27 de marzo de 1898, con Práxedes Mateo Sagasta como presidente desde o 4 de outubro de 1897 ata o 4 de marzo de 1899; non obstante, hai que matizar que se trata da á dereita do Partido Liberal, na que se integran a alcaldía e a quinta tenencia de alcaldía.

As eleccións municipais celébranse o 14 de maio de 1899, quedando a composición da corporación da maneira que se indica na Táboa 3:

Táboa 3. Corporación municipal a 1 de xullo de 1899[18]

Tendencia liberal-quiroguista	Tendencia conservadora
Pedro Morandeira Rico (1º tenente)	Manuel Pardo de la Vega (alcalde)
Carlos Pardo Pallín (2º tenente)	Juan Montenegro Pardo (3º tenente)
Abelardo Taboada Corral (5º tenente)	Ramón Landriz Lenza (4º tenente)
Antonio Rodríguez Pérez (síndico)	Juan Bellón Rodríguez (síndico)
Romualdo Acevedo Rivero	Antonio Belón Ventosinos
Manuel Alfonso Prado	Ramón Crecente
Francisco Fernández González	Benigno de la Mota Piñeiro
Reynaldo Fole Quiroga	José Seijas Varela
Ramón López y López	Enrique Soler Losada
Jesús Rodríguez López	Francisco Somoza Suárez

Co cambio de quenda cambia tamén o alcalde, pasando a ser este conservador, cunha composición paritaria da corporación. É importante destacar a relevancia crecente do movemento obreiro na cidade; así por influencia do da Coruña, constituirase o Centro Obreiro de Lugo[19]. Este establecerase nun local da Rúa Palacio, onde todas as organizacións obreiras de Lugo se reunirán para protestar polo proxecto de lei sobre folgas que se ía someter a aprobación das Cortes, quedándose en proxecto, xa que non habería lei ata o ano 1909[20]. Constan tamén reunións deste a comezos de xullo de 1901[21], constituíndose de maneira oficial o 1 de xaneiro de 1903, e do que formarán parte as sociedades de albaneis, canteiros, carpinteiros, construtores de calzado, tipógrafos e panadeiros[22].

De importancia, e en relación co anterior, é a creación da Agrupación Socialista Obreira, cuxos membros se integran no Centro Obreiro, creada o 1 de setembro de 1903[23].

As últimas eleccións a Cortes celebradas baixo a rexencia de María Cristina teñen lugar o 19 de maio de 1901. Nesta ocasión os liberais obteñen a vitoria, sucedéndose dúas lexislaturas, a de 1901-1902 e a de 1902-1903. Nesta última, o 17 de maio de 1902, Alfonso XIII xura a Constitución de 1876. Práxedes Mateo Sagasta será o Presidente do Consello de Ministros desde o 6 de marzo de 1901 ata o 6 de decembro de 1902, volvendo novamente á presidencia

[18] Concello de Lugo. (1 de xullo de 1899). *Actas de sesións do Concello de Lugo. Sesión inaugural*. AML (Sin. 131-3, pp. 128, 128 vta., 130, 130 vta.), Lugo; *El Regional.* (5 de maio de 1899), p.1; *El Regional*. (13 de setembro de 1899), p.3; *El Lucense.* (15 de marzo de 1899), p. 2; *El Lucense*. (21 de marzo de 1899), p. 3; *El Lucense*. (27 de abril de 1899), p. 2; *El Lucense*. (3 de xullo de 1899), pp. 2-3.

[19] *El Regional.* (19 de maio de 1900), p. 2.

[20] *El Regional.* (15 de novembro de 1901), p. 2.

[21] Las sociedades obreras. (5 de xullo de 1901). *El Norte de Galicia*, p. 2.

[22] Goberno Civil. *Asociacións*. AHPL (Sin. 13034-1), Lugo.

[23] Goberno Civil. *Asociacións.* AHPL (Sin. 13032-10), Lugo.

Francisco Silvela. O día 21 de marzo de 1901 noméase como novo Gobernador ao Xeneral de Artillaría León Urzáiz Cuesta, substituído polo maurista Leovigildo Fernández de Velasco o día 7 de decembro de 1902[24].

As seguintes eleccións municipais son o 31 de decembro de 1899; a nova composición da corporación é a que recolle a Táboa 4:

Táboa 4. Corporación municipal a 3 de xaneiro de 1901

Tendencia liberal-quiroguista	Tendencia conservadora
Pedro Morandeira Rico (alcalde)	Juan Montenegro Pardo (3º tenente)
Carlos Pardo Pallín (2º tenente)	Ramón Landriz Lenza (4º tenente)
Abelardo Taboada Corral (5º tenente)	Juan Bellón Rodríguez
Manuel Alfonso Prado (síndico)	Antonio Belón Ventosinos
Romualdo Acevedo Rivero	Benigno de la Mota
Manuel Basilio Carro	Manuel Pardo de la Vega
Francisco Fernández González	Ramiro Martínez López
Ramón López y López	José Seijas Varela
Jesús Rodríguez López	Enrique Soler Losada
Antonio Rodríguez Pérez	Francisco Somoza Suárez

Por Real Orde do Ministro da Gobernación de 26 de marzo de 1901 admítese a dimisión do cargo de alcalde de Manuel Pardo de la Vega, nomeando, por outra Real Orde da mesma data, como alcalde a Pedro Morandeira Rico[25].

O cargo de primeiro tenente figura como vacante por presidir actualmente a corporación o que o desempeñaba. A composición segue a ser paritaria, se ben a alcaldía queda representada pola dereita liberal. Está composición sufrirá modificacións, e así a 5 de novembro de 1901 consta como tenente primeiro Antonio Rodríguez Pérez e tenente segundo Ramón López López[26].

A composición municipal volve a modificarse a comezos de 1902, despois das eleccións do 10 de novembro de 1901, quedando como indica a Táboa 5:

Táboa 5. Corporación municipal tralas eleccións de novembro de 1901

Tendencia liberal-quiroguista	Tendencia conservadora
Pedro Morandeira Rico (alcalde)	José Seijas Varela (5º tenente)
Antonio Rodríguez Pérez (1º tenente)	Antonio Belón Ventosinos
Romualdo Acevedo Rivero (2º tenente)	Benigno de la Mota
Ramón López y López (3º tenente)	Manuel Quiñoá
Abelardo Taboada Corral (4º tenente)	Gonzalo Vázquez Iglesias Moure
Manuel Alfonso Prado (síndico)	
Antonio Lage Sánchez (síndico)	
Victorino Castro Viñas	
Rodrigo de la Peña	

[24] El nuevo gobernador. (10 de decembro de 1902). *El Regional*, p. 2.
[25] Concello de Lugo. (3 de xaneiro de 1901). *Actas de sesiones 1901, sesión extraordinaria de 3 de enero.* AML (Sin. 7987-2, p. 2), Lugo; Concello de Lugo. (11 de abril de 1901). *Actas de sesiones 1901, sesión supletoria do 11 de abril*. AML (Sin. 7987-2 pp. 60, 60 vta), Lugo.
[26] Concello de Lugo. (1901). Elecciones, Distrito de Lugo. Elección de Diputados a Cortes. Acta del escrutinio general. AHPL (Sin. 616, Car. 479), Lugo.

Pedro Díaz Saavedra Francisco Fernández González Jesús García Gesto Dositeo López Cedrón Manuel Roca Varela Jesús Rodríguez López Bernardo Soto Mera Juan Varela Sanfiz Manuel Varela Toiriz	

A pesar dos problemas para a súa constitución, debido á ausencia do alcalde por enfermidade, o que provocou que varios concelleiros abandonasen a sesión, esta levouse a cabo actuando o concelleiro Antonio Rodríguez Pérez como alcalde en funcións, que presidiu o nomeamento de cargos. Tomaría posesión como alcalde Pedro Morandeira Rico o día 2 de xaneiro de 1902[27].

Non hai variación con respecto á corporación anterior, continuando a maioría liberal. Na composición social da nova corporación priman as profesións liberais, en concreto cinco avogados, señores de la Peña, Lage, Belón, Morandeira e Acevedo; catro propietarios, señores Seijas Varela, Varela Toiriz, García Gesto e Díaz Saavedra; tres médicos, señores Roca Varela, Rodríguez López e Vázquez Iglesias; catro industriais e comerciantes, señores López, Mota, Somoza e Fernández; un farmacéutico, o señor Victorino Castro; e sete procuradores dos tribunais, os señores Taboada, Soto, Alfonso, Rodríguez Pérez, Quiñoá, López Cedrón e Varela Sanfiz[28].

A Real Orde expedida polo Ministerio de Gobernación con data de catro de decembro de 1902 admite a dimisión do cargo de Alcalde Presidente presentada por Pedro Morandeira, á vez que outra Real Orde da mesma data nomea como novo Alcalde Presidente deste Concello a Gonzalo Vázquez Iglesias Moure, concelleiro do mesmo, manifestando que non é preciso darlle posesión por vir desempeñando o cargo accidentalmente, polo que só é necesaria a notificación do seu nomeamento[29].

A corporación, a pesar de que o novo alcalde pertence ao Partido Conservador, segue a ser maioritariamente liberal, coa composición da Táboa 6:

Táboa 6. Corporación municipal a 3 de xaneiro de 1903[30]

Tendencia liberal-quiroguista	Tendencia conservadora
Antonio Armas Ulloa (1º tenente)	Gonzalo Vázquez Iglesias Moure (alcalde)
Jesús Rodríguez López (2º tenente)	Francisco Somoza Suárez (4º tenente)
Bernardo Soto Mera (3º tenente)	José Seijas Varela (5º tenente)
Manuel Alfonso Prado	Antonio Belón Ventosinos (síndico)
Victorino Castro Viñas	Benigno de la Mota
Rodrigo de la Peña y García	Ramiro Martínez López

[27] Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1902). *Actas de Plenos de 1902.* AML (Sin. 7987-3, pp. 3-7), Lugo.
[28] El futuro ayuntamiento. (13 de novembro de 1901). *La Idea Moderna*, p. 2.
[29] Concello de Lugo. (15 de decembro de 1902). *Actas de Plenos de 1902*. AML (Sin. 7987-3, p. 167 vta.), Lugo.
[30] Concello de Lugo. (3 de xaneiro de 1903). *Actas de Plenos de 1903. Sesión extraordinaria*. AML (Sin. 7988-1, pp. 1, 1 vta.), Lugo; Concello de Lugo. (1901). *Elecciones, Distrito de Lugo. Elección de Diputados a Cortes. Acta del escrutinio general*. AHPL (Sin. 0616, Car. 479), Lugo. Inda que é do ano 1903, consta na mesma documentación do ano 1901.

Francisco Fernández González Jesús García Gesto Dositeo López Cedrón Faustino López González Ramón López y López Camilo López Pardo Abelardo Taboada Corral Juan Varela Sanfiz Manuel Varela Toiriz José Vila Vázquez	

A incipiente organización campesiña ponse de manifesto coa creación da Sociedade de Labradores de Lugo, que bota a andar o día 19 de abril de 1903, nunha reunión celebrada no Teatro-Circo, e que contará con representación na corporación municipal en varias ocasións[31]. A importancia deste a nivel rexional constátase xa que no momento de estalar a crise dentro da Unión Campesiña, debido ao avance dos republicanos dentro das súas filas e ao progresivo distanciamento entre o obreirismo coruñés e os agrarios da súa contorna, estaba en proceso de incorporación o Centro de Labradores de Lugo[32].

Nas eleccións a Cortes de 30 de abril de 1903, a vitoria foi para o Partido Conservador, Francisco Silvela será o Presidente do Consello de Ministros desde o 6 de decembro de 1902, abrindo unha etapa conservadora ata o ano 1905 na que se sucederán na presidencia Raimundo Fernández Villaverde, desde o 20 de xullo de 1903, Antonio Maura, desde o 6 de decembro de 1903, Marcelo Azcárraga, desde o 16 de decembro de 1904, e novamente Raimundo Fernández Villaverde, desde o 27 de xaneiro de 1905 ata o 23 de xuño do mesmo ano. Entre estes daranse diversas estratexias como a "rexeneracionista" de Fernández Villaverde, fronte á "Revolución desde arriba" de Maura. Unha vez máis, a pesar do triunfo conservador, na provincia de Lugo a maioría foi do Partido Liberal.

Entre agosto de 1903 e maio de 1905 sucédense ata sete gobernadores, cunha duración no cargo moi breve. O 9 de agosto de 1903 será nomeado o novo Gobernador conservador Álvaro Saavedra Magdalena, substituído por Casimiro Sánchez García o día 21 de agosto[33], e este á súa vez por Federico López y González, o 15 de outubro. Estes dous últimos permutan os seus destinos: Sánchez García marcha para Biscaia, e procedente de alí chega a Lugo López y González[34], que dimite o día 15 de agosto de 1904[35], asumindo entón o cargo o Gobernador interino Guitián del Villar[36]. O día 20 de outubro de 1904 noméase como Gobernador a Andrés Garrido y Sánchez[37], dimitindo 7 de maio de 1905, e outra vez substituído de forma interina polo anterior[38]. No ano 1905 sucederanse no cargo Andrés Gutiérrez de la Vega, nomeado desde

[31] Reunión de agricultores en el Teatro-Circo. (20 de abril de 1903). *El Regional*, p. 1.
[32] Martínez Pérez, M.: Desde la Habana. A los compañeros de Uniones Campesinas. (11 de outubro de 1912). *La Voz del Obrero*, p. 4.
[33] Nuevo gobernador. (21 de agosto de 1903). *El Regional*, p. 1.
[34] Nuevo gobernador. (16 de outubro de 1903). *El Regional*, p. 3.
[35] La dimisión del gobernador. (26 de agosto de 1904). *El Regional*, p. 2.
[36] La calle del Obispo Aguirre. (20 de outubro de 1904). *El Regional*, p. 2.
[37] La ciudad. (2 de novembro de 1904). *El Regional*, p. 1.
[38] La ciudad. (8 de abril de 1905). *El Regional*, p. 2.

o 3 de abril[39], que non acepta o cargo, polo que volve o interino anterior[40], e o seguinte será Fernando González Regueral, desde o 6 de maio[41].

Despois das eleccións municipais de 8 de novembro de 1903, a constitución da nova corporación a primeiro de xaneiro de 1904 queda como segue na Táboa 7:

Táboa 7. Corporación municipal a 1 de xaneiro de 1904[42]

Tendencia liberal-quiroguista	Tendencia conservadora
Rodrigo de la Peña García (2º tenente)	Antonio Belón Ventosinos (alcalde)
Jesús García Gesto (3º tenente)	Ramón Landriz Lenza (1º tenente)
Abelardo Taboada Corral (4º tenente)	Ramón Iglesias Camino (síndico)
Manuel Varela Toiriz (5º tenente)	Antonio Pardo y Pardo (síndico)
Manuel Alfonso Prado	José Fernández López
Manuel Carro Crespo	Ramón Osorio y Pita
Francisco Fernández González	Francisco Somoza Suárez
Dositeo López Cedrón	
Faustino López González	
Manuel Roca Varela	
Martín Eliodoro Rúa López	
Bernardo Soto Mera	
Juan Varela Sanfiz	
José Vila Vázquez	
Ramón Becerra Somoza polo Centro Obreiro[43]	

Unha vez máis ponse de manifesto o distinto camiño que segue por veces a política central e municipal. Así, pódese observar que na quenda conservadora o alcalde é tamén conservador, nun consistorio maioritariamente liberal.

Coa vitoria da coalición do Partido Liberal entre Eugenio Montero Ríos e Segismundo Moret e do Partido Demócrata de José Canalejas nas eleccións a Cortes do 10 de setembro de 1905, ábrese unha lexislatura que durará ata o ano 1907, e que estará marcada polos enfrontamentos internos no Partido Liberal que levarán a sucesivos cambios de goberno. Este comezará coa breve presidencia de Eugenio Montero Ríos, que en decembro pasará a ocupar Segismundo Moret. En xullo de 1906 asumirá a presidencia o Xeneral José López Domínguez ata o mes de novembro, no que Moret volve á presidencia ata comezos de decembro, cando asumirá o cargo Antonio Aguilar, ata a fin da lexislatura en xaneiro de 1907.
O novo Gobernador Civil será Leopoldo Riu y Casanova, desde o 26 de xuño de 1905, ocupando o cargo ata o 15 de xaneiro de 1907, cando dimite[44].

A nivel municipal, nas eleccións do 12 de novembro a vitoria foi para o Partido Liberal, e dentro deste da súa á esquerda, representada por Montero Ríos. Porén, o novo alcalde será da á dereita do partido xa que no momento da constitución ocupaba a presidencia Moret, recaendo no avogado quiroguista Rodrigo de la Peña García (Reboredo, 2022). A composición da

[39] El gobernador de Lugo. (28 de abril de 1905). *El Regional*, p. 3.
[40] La ciudad. (2 de maio de 1905). *El Regional*, p. 1.
[41] Cabos sueltos. El gobernador civil. (8 de maio de 1905). *El Norte de Galicia*, p. 2.
[42] Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1904). *Actas de sesiones. Sesión inaugural.* AML (Sin. 7988-2, pp. 1, 1 vta., 2), Lugo.
[43] Los obreros de Lugo. (17 de outubro de 1903). *El Norte de Galicia*, p. 2.
[44] La ciudad. (25 de xaneiro de 1907). *El Regional*, p. 2.

corporación sufrirá unha renovación parcial, quedando da seguinte maneira, como recolle a Táboa 8:

Táboa 8. Corporación municipal a 1 de xaneiro de 1906

Tendencia liberal-quiroguista ou moretista	Tendencia liberal-monterista ou neirista	Tendencia conservadora
Rodrigo de la Peña García (alcalde)	Ángel López Pérez (1º tenente) Manuel Roca Varela (3º tenente) Ildefonso Fernández Vivero (síndico) Manuel Alfonso Prado José Almoina Vigil Manuel Basilio Carro Crespo Jesús García Gesto Ramón Iglesias Camino Sabas Mouronte Saavedra Ramón Osorio Pita Martín Eliodoro Rúa López Eduardo Santa María Ladrero Bernardo Soto Mera Laureano Tato Rodríguez	Ramón Landriz Lenza (2º tenente) Antonio Blanco Pardo (4º tenente) Antonio Pardo y Pardo Montenegro (5º tenente) Juan Bellón Rodríguez (síndico) Antonio Belón Ventosinos Ángel Castro Peinó José Fernández López Julio Iglesias Fariñas Francisco Somoza Suárez
Ramón Becerra Somoza polo Centro Obreiro		

Os concelleiros que entran na corporación procedentes da elección de 1905 son Rodrigo de la Peña, Ángel López, Jose Almoina, Antonio Blanco, Bernardo Soto, Eduardo Santa María, Julio Iglesias, Ildefonso Fernández, Ángel Castro, Laureano Tato, Jesús García, Sabas Mouronte e Juan Bellón[45].

Ao igual que no ano 1903, a representación obreira no concello mantense da man do carpinteiro Ramón Becerra, que xunto ao albanel Pedro López Rois e o canteiro Ángel Rodríguez, figuraban como candidatos do Centro Obreiro para as eleccións municipais[46].

A fricción entre as faccións do Partido Liberal, quiroguistas e monteristas, levará a que estes últimos se alíen cos conservadores, que contan con tres tenencias de alcaldía, para intentar desprazar ao quiroguismo do poder municipal.

Os cambios de goberno e as fracturas internas do Partido Liberal provocarán un desgaste deste, que levará ás eleccións a Cortes do 21 de abril de 1907. Destas sae vitorioso o Partido Conservador, incluíndo dous dinásticos vascos. Ábrese así unha lexislatura presidida por Antonio Maura, desde o 25 de xaneiro, que despois de ter que afrontar acontecementos como a Guerra do Rif e a Semana Tráxica de Barcelona, acaba sendo destituído polo rei, ocupando a presidencia Segismundo Moret en outubro de 1909.

A dimisión do Gobernador Leopoldo Riu o 15 de xaneiro de 1907, leva ao nomeamento de Gabriel González Gómez, sen estar afiliado aos liberais[47] e ocupando brevemente o cargo, por

[45] Concello de Lugo. (1905). *Elecciones. Elección de Concejales, Credenciales y copias de actas presentadas por los Interventores representantes de las secciones. Acta del escrutinio general*. AHPL (Número 4, Sin. 0616, Car. 485), Lugo; Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1906). *Actas de Plenos de 1906. Sesión inaugural y sesión extraordinaria de primeiro de enero de 1906*. AML (Sin. 7988-4, pp. 79-81), Lugo.

[46] Los obreros de Lugo. (17 de outubro de 1903). *El Norte de Galicia*, p. 2.

[47] Cabos sueltos. Gobernadores. (16 de xaneiro de 1907). *El Norte de Galicia*, p. 2; Cabos sueltos. ¡Qué pillines!. (19 de xaneiro de 1907). *El Norte de Galicia*, p. 2.

iso o novo Gobernador será o conservador José Maestre Vera, nomeado o 25 de xaneiro de 1907, antes Gobernador de Bilbao e Córdoba[48], inda que de forma efectiva recaerá en Jenaro González Rico Grana con motivo dunha permuta dos gobernos de Huelva e Lugo co anterior[49]. Os seguintes gobernadores serán Genaro González Rico y Grana, desde o 7 de outubro de 1908, e Modesto Sánchez Ortiz, desde o 3 de novembro de 1909[50].

Despois das eleccións municipais do 2 de maio de 1909, a corporación será a que figura na Táboa 9:

Táboa 9. Corporación municipal a 1 de xullo de 1909[51]

Tendencia liberal-quiroguista ou moretista	Tendencia liberal-monterista ou neirista	Tendencia conservadora
Jesús Pereira Fernández (6º tenente) Eduardo Santamaría Ladrero (síndico) Manuel Alfonso Prado Rodrigo de la Peña García Pedro Díaz Saavedra Ángel López Pérez Bernardo Soto Mera	Sabas Mouronte Saavedra (4º tenente) Manuel Vila Ron (5º tenente) José Almoina Vigil Ildefonso Fernández Vivero Jesús García Gesto Dositeo López Cedrón Dositeo Neira Gayoso	Constantino Velarde Plá (alcalde) Ramón Landriz Lenza (1º tenente) Antonio Pardo y Pardo (2º tenente) Julio Iglesias Fariña (3º tenente) José Castro Pardo (síndico) Juan Bellón Rodríguez Antonio Belón Ventosinos Antonio Blanco Pardo Ángel de Castro Peinó José Fernández López Ramón Osorio Pita Laureano Tato Rodríguez

No triunfo dos conservadores vai ter un protagonismo esencial Dositeo Neira Gayoso, de ideoloxía monterista, como ideólogo da coalición cos conservadores para desterrar do goberno aos quiroguistas, de aí que a nivel municipal aos monteristas se lles denomine neiristas, cuxo órgano de expresión será o diario *El Progreso*, así como *El Regional* será quiroguista, *La Idea Moderna* monterista, *El Norte de Galicia* conservador, e *El Lucense* e *La Voz de la Verdad* católicos.

A coalición artífice do cambio estará formada polos conservadores Constantino Velarde Plá, José Fernández López, Ramón Landriz Lenza, Antonio Pardo y Pardo, José Castro Pardo, Antonio Belón Ventosinos e Ramón Osorio Pita, e os liberais monteristas Dositeo López Cedrón, Manuel Vila Ron e Dositeo Neira Gayoso[52].

A caída do Partido Conservador provoca a dimisión do alcalde Constantino Velarde o 26 de outubro de 1909 deixando como rexedor provisional do concello ao 1º tenente, Ramón Landriz Lenza[53]. Esta situación provisional tenderá á estabilización antes das eleccións co

[48] El Gobernador electo. (28 de xaneiro de 1907). *El Norte de Galicia*, p. 2.
[49] El Sr. Gobernador. (5 de febreiro de 1907). *El Norte de Galicia*, p. 3; El Gobernador civil: su despedida de Lugo. (14 de outubro de 1908). *El Norte de Galicia*, p. 3.
[50] La ciudad. (22 de febreiro de 1910). *El Regional*, p. 2.
[51] Concello de Lugo. (maio de 1909). *Elecciones. Credenciais presentadas por los señores concejales elegidos en mayo de 1909*. AHPL (Sin. 616, Car. 487), Lugo; Concello de Lugo. (1 de xullo de 1909). *Actas de Plenos de 1909*. AML (Sin. 7989-3, pp.1, 3, 3 vta.), Lugo; Las elecciones de ayer: la candidatura popular. (3 de maio de 1909). *El Norte de Galicia*, p.1.
[52] La candidatura del centro. (28 de abril de 1909). *El Progreso*, p.1; La candidatura del centro. (1 de maio de 1909). *El Progreso*, p.1; Candidatura de Coalición. (28 de abril de 1909). *El Regional*, p. 1; Las elecciones de ayer. (3 de maio de 1909). *El Regional*, p. 1.
[53] ¡Adiós, D. Constantino!. (28 de outubro de 1909). *El Progreso*, p.1.

nomeamento como alcalde a Ángel López Pérez, tomando posesión do cargo o día 9 de novembro[54].

O nomeamento de Moret como presidente e a mediación do novo xefe dos moretistas na provincia, tralo falecemento de Quiroga Ballesteros, José Benito Pardo Rodríguez, trae como consecuencia o cambio deste alcalde cara a dereita liberal, pasando do bando de Montero Ríos ao de Moret.

Froito das eleccións municipais do 12 de decembro de 1909, a nova corporación constitúese o 1 de xaneiro de 1910 da maneira que indica á Táboa 10:

Táboa 10. Corporación municipal a 1 de xaneiro de 1910[55]

Tendencia política	Representantes
Liberal-quiroguista ou moretista	Ángel López Pérez (alcalde) Jesús Pereira Fernández (1º tenente) Manuel Alfonso Prado (2º tenente) Pedro Díaz Saavedra (4º tenente) José Almoina Vigil (5º tenente) Ildefonso Fernández Vivero (síndico) Eduardo Santamaría Ladrero (síndico) Manuel Fernández Cuíñas Bienvenido Flandes Miguel Dositeo López Cedrón Ramón Roca Varela Manuel Yáñez Rodríguez
Liberal-monterista ou neirista	Jesús García Gesto Dositeo Neira Gayoso Ramón Osorio Pita Manuel Vila Ron
Liberal-canalejista	José M.ª Carracedo Vilanova
Conservadora	José María Castro Pardo (6º tenente) Antonio Belón Ventosinos Ángel Castro Peinó José Fernández López Ramón Landriz Lenza José M.ª Montenegro y Soto Antonio Pardo y Pardo Constantino Velarde Plá
Centro Obreiro	Juan López Basteiro[56] (3º tenente)

Trátase dunha corporación maioritariamente liberal, que na súa cúspide despraza á esquerda representada por Neira Gayoso, polo que ningunha tenencia de alcaldía recae nos monteristas.

[54] El nuevo Alcalde. (8 de novembro de 1909). *El Regional*, p. 2; El nuevo gobernador civil. (9 de novembro de 1909). *La Idea Moderna*, p. 2.

[55] Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1910). *Actas de Plenos de 1910. Sesión inaugural.* AML (Sin. 7989-4, pp.1, 2, 3, 3 vta.), Lugo; Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1910). *Sesión extraordinaria.* AML (Sin. 7989-4, pp. 5-5 vta.), Lugo; Concello de Lugo. (1909). *Elecciones. Credenciales presentadas por los Sres. Concejales elegidos en Mayo de 1909.* AHPL (Sin. 616, Car. 487), Lugo.

[56] Figura como Besteiro.

No decorrer da política estatal, Segismundo Moret dimite o 9 de febreiro de 1910 debido á oposición de Romanones, Canalejas e Maura, que amparándose no perigo republicano presionan ao rei, negándose este a conceder a Moret o decreto de disolución das Cortes, entregándollo así a Canalejas en febreiro de 1910. Por primeira vez na Restauración, o monarca vulneraba o sistema de quenda.

O novo Gobernador será Cesáreo Dueñas Ureña, desde o 22 de febreiro de 1910[57].

As repercusións na política local non se fixeron esperar, agora que a esquerda liberal estaba instalada no poder. Unha vez máis, a fractura do Partido Liberal levou a un axuste da corporación froito dunha reclamación do conservador Julio Iglesias Fariña contra as eleccións de decembro, que rematará por prosperar. Así, en virtude da Real Orde do 26 de marzo do Ministerio de Gobernación, publicada no Boletín Oficial do primeiro de abril, foron declaradas nulas na súa totalidade as eleccións municipais celebradas no Concello de Lugo o 12 de decembro último, cesando no cargo os seguintes concelleiros: Ángel López Pérez, alcade; José Almoina Vigil, Eduardo Santamaría, Manuel Fernández Cuíñas, Bienvenido Flandes, José Yáñez, Ildefonso Fernández Vivero, Ramón Roca Varela, todos estes moretistas. O canalejista José Carracedo, o monterista Jesús García Gesto, o conservador Ángel Castro, e o obreiro Juan López Basteiro. Para a substitución destes nomearanse concelleiros interinos, cuxos nomeamentos recaerán en persoas que desempeñaran o cargo en bienios anteriores. Estes novos concelleiros serán Francisco Somoza Suárez, Vicente Canoura Díaz, José Almoina Vigil, Eduardo Santamaría, Ildefonso Fernández Vivero, Ramón López, Bernardo Soto, José Vila Vázquez, Heriberto Soler, Julio Iglesias Fariña, Antonio Belón Ventosinos, Ángel de Castro Peinó, Benigno de la Mota, Antonio Blanco Pardo, Juan Vidal Peña. Os doce primeiros substituirán aos doce que cesan, e os tres últimos cubrirán as outras tres vacantes que existen no concello, unha por non tomar posesión o concelleiro elixido o 12 de decembro, José María Montenegro, declarado incapaz pola Comisión provincial, e as outras dúas pola anulación mediante Real Orde da elección celebrada o día 29 de agosto na sección de Santa María de Muja, pola que foron proclamados Antonio Belón Ventosinos e Dositeo López Cedrón, vacantes non provistas nas eleccións do 12 de decembro. Noméase como terceiro tenente de alcalde a Francisco Somoza Suárez, e como quinto a Ángel de Castro. O novo nomeamento dos dous síndicos mantivo aos anteriores no cargo, Ildefonso Fernández Vivero e Eduardo Santamaría Ladrero.

O presidente da Corporación será Ramón Landriz Lenza, segundo Real Orde do 31 de marzo de 1910, cun goberno conservador en minoría. A nova composición da corporación, despois do axuste da anterior, queda como segue na Táboa 11[58]:

[57] De política: el nuevo Gobernador. (22 de febreiro de 1910). *El Regional*, p. 3.

[58] Las elecciones. (31 de marzo de 1910). *El Progreso*, p. 1; Concello de Lugo. (18 de abril de 1910). *Actas de Plenos de 1910.* AML (Sin. 7989-3, pp. 78 vta., 79, 79 vta., 80), Lugo; Concello de Lugo. (1909). *Elecciones. Elecciones municipales, Concejales Elegidos en 12 de* Diciembre y credenciales de los mismos. Reclamaciones presentadas contra dicha elección. Resolución de la Comisión provincial. AHPL (Sin. 0616, Car. 487), Lugo.

Táboa 11. Corporación municipal a 18 de abril de 1910

Tendencia política	Representantes
Liberal-quiroguista ou moretista	Jesús Pereira Fernández (1º tenente) Manuel Alfonso Prado (2º tenente) Pedro Díaz Saavedra (4º tenente) Ildefonso Fernández Vivero (síndico) Eduardo Santamaría Ladrero (síndico) José Almoina Vigil Ramón López y López Heriberto Soler Losada Bernardo Soto Mera José Vázquez Vila
Liberal-monterista ou neirista	Dositeo Neira Gayoso Ramón Osorio Pita Manuel Vila Ron
Liberal-canalejista	Francisco Somoza Suárez (3º tenente) Vicente Canoura Díaz
Conservadora	Ramón Landriz Lenza (alcalde) Ángel de Castro Peinó (5º tenente) Antonio Belón Ventosinos Antonio Blanco Pardo José Castro Pardo Benigno de la Mota José Fernández López Julio Iglesias Fariña Antonio Pardo y Pardo Constantino Velarde Pla Juan Vidal Peña

Nas eleccións a Cortes do 8 de maio de 1910 a vitoria correspondeulle ao Partido Liberal de José Canalejas, novo líder dos liberais, polo que incorporou á totalidade do Partido Democrático Monárquico no Partido liberal, incluíndo tamén dous dinásticos vascos. Este ocupará a presidencia do Consello de Ministros desde o 9 de febreiro de 1910 ata o seu asasinato o 12 de novembro de 1912. Despois da presidencia interina de Manuel García Prieto durante 3 días, o 14 de novembro de 1912 pasa a ocupar a presidencia Álvaro de Figueroa, conde de Romanones, ata o 27 de outubro de 1913.

A lexislatura céntrase en vellas reivindicacións esquerdistas, como os impostos indirectos e o servizo militar; así a Lei de 1911 suprime os consumos e en 1912 suprímese a redención en metálico, establecendo o servizo militar obrigatorio para todos os varóns. Aínda así, a política canalejista provoca un aumento da conflitividade social nesta lexislatura (Villares Paz e Moreno Luzón, 2016, p. 386-387, 399). Esta lexislatura tamén está marcada polos atentados anarquistas contra Maura no ano 1910, Canalejas e Alfonso XIII en 1913. Ambos partidos da quenda sofren divisións internas; dentro dos liberais, García Prieto contra Romanones, e nos conservadores abandonan o partido Maura e De la Cierva, opostos ao novo líder, Dato.

O novo Gobernador será Evasio Rodríguez Blanco, nomeado o 30 de abril de 1910[59]. Co cambio de goberno, cambia tamén o gobernador, recaendo o cargo en Fernando Boccherini

[59] La ciudad. (6 de maio de 1910). *El Regional*, p. 1; Lugo. (6 de maio de 1910). *El Progreso*, p. 1.

Abenza, nomeado o 21 de decembro do ano 1911[60], substituído por Eduardo Ortiz Casado desde o 14 de xaneiro de 1913[61].

No ámbito municipal, as eleccións de 5 de novembro de 1911 levarán a unha nova composición da corporación municipal, se ben esta acollerase á Lei electoral de 1907 (art. 29 Lei electoral de 1907, do 9 de marzo) polo que ao presentarse tantos candidatos como vacantes, estes quedarán elixidos automaticamente sen necesidade de votación.

A composición da nova corporación municipal queda como segue na Táboa 12[62]:

Táboa 12. Corporación municipal a 1 de xaneiro de 1912

Tendencia política	Representantes
Liberal-quiroguista ou romanonista	Antonio Osés Mozo (1º tenente) Salvador Velayos González (4º tenente) Manuel Fernández Cuíñas (síndico) Francisco Alfonso Prado Bienvenido Flandes Miguel Ángel López Pérez Victorino Rozas López Manuel Vázquez Seijas Manuel Yáñez Rodríguez
Liberal-monterista ou neirista	Carlos Llamas Navia (alcalde) Manuel Vila Ron (6º tenente) Jesús García Gesto Ramón Osorio Pita Luís Vergne Ortega
Liberal-canalejista	Antonio Menéndez Franco
Conservadora	Antonio Pardo y Pardo (2º tenente) Julio Iglesias Fariña (3º tenente) José Fernández López (síndico) Antonio Belón Ventosinos Ángel Castro Peinó Benigno de la Mota Eleuterio López y López
Centro Obreiro	Jesús Iglesias Iglesias (5º tenente) Andrés Fernández Valiño
Sociedade de Labradores	Ángel González López Antonio Meilán Rois

A composición da corporación conta cun marcado carácter liberal, cunha maioría da á dereita formada por quiroguistas ou romanonistas, seguidos por monteristas e canalejistas. Os conservadores contan con dúas tenencias de alcaldía, unha delas para Julio Iglesias Fariña, instigador da anulación electoral de 1912, e chama a atención o aumento de representación das forzas traballadoras, isto son, labradores e obreiros.

En 1913 constitúese en Lugo a primeira organización supralocal católica, concretamente trátase da *Junta de Sociedades Agrarias de la provincia de Lugo*, que se constitúe no Pazo

[60] Boletín Oficial. (27 de decembro de 1911). *El Progreso*, p. 1.
[61] Combinación de gobernadores. (17 de xaneiro de 1913). *El Progreso*, p. 1.
[62] Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1912). *Actas de Plenos de 1912*. AML (Sin. 7989-5, pp. 29, 29 vta., 30), Lugo.

Episcopal. Entre os seus promotores están nomes destacados do catolicismo provincial como Manuel Cortón ou Manuel Pardo Becerra. As seis sociedades fundadoras son todas elas católicas: *Sociedad de Labradores y Agricultores de Lug*o, ídem de Castroverde, e Sindicatos agrícolas de Anseán (Corgo), Outeiro de Rei, Cervantes e Pol.

A pesar de declararse a aspiración (art. 6) á consecución dunha Federación a nivel provincial, cando se creen as Federacións Católico-Agrarias optarase pola diocese como criterio territorial. A derradeira mención que se atopa dela é en outubro de 1917, o que indica que desapareceu unha vez fundada a Federación Católico-Agraria de Lugo en xullo de 1918[63]. No ano 1920, a FCA de Lugo alcanzará os 22 sindicatos (Martínez López, 1989), se ben esta cifra debe matizarse, xa que en moitos casos os sindicatos tiñan unha existencia efémera ou ficticia, só para deixar constancia nas estatísticas da efectividade da obra contrarrevolucionaria (Ben Paz, 2011).

As seguintes eleccións a Cortes celébranse o 8 de marzo de 1914, saíndo gañador o Partido Conservador liderado por Eduardo Dato, que ocupará a presidencia do Consello de Ministros desde o 27 de outubro de 1913 ata o 9 de decembro de 1915.

Isto terá repercusións a nivel local, e así das eleccións municipais do 9 de decembro de 1913 sairá unha corporación dominada pola dereita liberal ou romanonistas. O seguinte Gobernador Civil será Eduardo Garrido Castro, desde o 30 de outubro de 1913[64].

A 1 de xaneiro de 1914, a composición da corporación municipal é a da Táboa 13[65]:

Táboa 13. Corporación municipal a 1 de xaneiro de 1914

Tendencia liberal-quiroguista ou romanonista	Tendencia liberal-monterista ou neirista	Tendencia conservadora
Ángel López Pérez (alcalde) Manuel Fernández Cuíñas (4º tenente) Jesús Iglesias (5º tenente) Antonio Osés Mozo (1º síndico) Bienvenido Flandes Miguel Francisco Alfonso Prado Marcelino López Vázquez Antonio Menéndez Franco Victorino Rozas López Manuel Vázquez Seijas Manuel Yáñez Rodríguez	Manuel Vila Ron (6º tenente) Jesús García Gesto Carlos Llamas Navia Ramón Osorio Pita Luís Vergne Ortega	Antonio Belón Ventosinos (1º tenente) Julio Iglesias Fariña (2º tenente) José Fernández López (3º tenente) Eleuterio López y López (2º síndico) Ángel de Castro Peinó Álvaro González Lenza Antonio Pardo y Pardo
Centro Obreiro		Sociedade de Labradores
Andrés Fernández Valiño		Ángel González López Antonio Meilán Rois

Maniféstase unha discordancia entre o poder central e o local, así mentres o primeiro está en mans do Partido Conservador, en Lugo ocupa a alcaldía un representante do Partido Liberal

[63] Goberno Civil de Lugo-Subdelegación do Goberno de Lugo. *Expedientes de asociacións*. AHPL (Sin. 443), Lugo.
[64] La cuestión política, en Lugo. (31 de outubro de 1913). *El Progreso*, p. 2.
[65] Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1914). *Actas de Plenos de 1914. Sesión inaugural*. AML (Sin. 7990-2, pp. 34, 34 vta., 35), Lugo; Concello de Lugo. (1914). *Elecciones municipales. Certificaciones remitidas por la Junta Municipal del Censo de los Concejales elegidos y RO nombrando alcalde a D. Ángel López Pérez*. AHPL (Sin. 0616, Car. 487), Lugo.

con maioría de representantes da dereita deste, o que pon de manifesto o carácter personalista da política municipal.

Nas eleccións a Cortes do 9 de abril de 1916 saíu vitoriosa a coalición entre o Partido Liberal liderado por Romanones, que presidía o goberno, o Partido Demócrata liderado por Manuel García Prieto, e liberais independentes. O presidente do Consello de Ministros será Romanones, desde o 9 de decembro de 1915 ata o 19 de abril de 1917, no que dimite polo seu enfrontamento co Exército. O novo presidente será Manuel García Prieto ata o 11 de xuño de 1917, no que pasa a ocupar o posto Eduardo Dato, que despois de enfrontarse á "Asemblea de Parlamentarios", convocada por Cambó, dimitirá o 3 de novembro de 1917, sen convocar eleccións, sendo substituído por un Goberno de Concentración Nacional. Este estará presidido por Manuel García Prieto, e estará formado por demócratas, liberais, mauristas, ciervistas e a Lliga Regionalista.

O novo Gobernador Civil é o liberal Alberto Belmonte Sánchez, desde o 18 de decembro de 1915, substituído por Eduardo Garrido Castro o 14 de xuño de 1917[66].

No decorrer da política municipal, tras as eleccións de 14 de novembro de 1915 a corporación municipal vai sufrir unha leve remodelación, sendo 8 concelleiros proclamados polo artigo 29 da Lei electoral de 1907[67]. A composición da corporación municipal queda como se recolle na Táboa 14[68]:

Táboa 14. Corporación municipal a 1 de xaneiro de 1916[69]

Tendencia liberal-quiroguista ou romanonista	Tendencia liberal-demócrata	Tendencia conservadora
Ángel López Pérez (alcalde) Antonio Osés Mozo (1º tenente) Manuel Vázquez Seijas (3º tenente) Victorino Rozas López* (síndico) Francisco Alfonso Prado Antonio Ameijide Frade Luciano Fernández y Fernández* Marcelino López Vázquez Antonio Menéndez Franco Manuel Yáñez Rodríguez*	Jesús García Gesto Carlos Llamas Navia Ramón Osorio Pita* Luís Vergne Ortega Manuel Vila Ron	Antonio Pardo y Pardo* (2º tenente) Álvaro González Lenza (4º tenente) Eleuterio López y López (5º tenente) José Fernández López* (6º tenente) Julio Iglesias Fariña (síndico) Antonio Belón Ventosinos* Ángel de Castro Peinó

Centro Obreiro	Sociedade de Labradores
Andrés Fernández Valiño Emilio López Lamas*	Ángel González López Manuel Traseira Castro

Desta vez a política central e municipal van da man: coa dereita liberal no goberno, a corporación municipal tamén é maioritariamente romanonista, seguida polos conservadores, repartíndose as tenencias de alcaldía entre dous romanonistas e catro conservadores. A

[66] El nuevo Gobernador. (22 de decembro de 1915). *El Progreso*, p. 1; La octava del Corpos. (15 de xuño de 1917). *El Progreso*, p. 2; Subdelegación do Goberno en Lugo. Listado de Gobernadores Civís da provincia de Lugo 1897-1926.
[67] Las elecciones. (9 de novembro de 1915). *El Progreso*, p. 1.
[68] Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1916). *Actas de Plenos. Sesión inaugural e extraordinaria*. AML (Sin. 7990-4, pp. 29, 29 vta. 30, 30 vta., 31), Lugo; Concello de Lugo. (1916). *Elecciones. Elección de Concejales*. AHPL (Sin. 0616, Car. 487), Lugo.
[69] Os representantes que levan este símbolo "*" foron proclamados polo Art. 29 da Lei electoral de 1907.

representación da clase traballadora volve contar con catro representantes coma na corporación de 1912, o que pon de manifesto a importancia do sector.

A finais de 1917 cambia o procedemento de elección del alcaldes, xa que a partir de agora serán escollidos mediante votación maioritaria dos concelleiros, en lugar de seren nomeados polo Goberno[70].

Chegado o ano 1918, celébranse eleccións a Cortes o 24 de febreiro, coa vitoria do Partido Conservador liderado por Eduardo Dato, seguido do Liberal Demócrata de Manuel García Prieto. Unha vez máis, estes resultados contrastan cos da provincia de Lugo, onde o partido con máis deputados vai a ser o Partido Liberal romanonista.

García Prieto como presidente do Goberno de Concentración, será substituído o 22 de marzo de 1918 por Antonio Maura, á fronte dun Goberno Nacional formado por mauristas, o Partido Conservador, o Partido Liberal Democrático, liberais, a Lliga Regionalista e, ata o verán de 1918, pola Izquierda Liberal. É preciso puntualizar que a coalición do Partido Liberal de Romanones e o Liberal Demócrata de García Prieto chegan a unificarse en xuño de 1917 baixo o liderado deste último, pero en 1918 sepáranse os seguidores de Romanones e de Alba, formando a Izquierda Liberal.

O 9 de novembro de 1918 volve García Prieto á presidencia, á fronte dunha coalición de Liberal Demócratas, Liberais e Izquierda Liberal, que só durará 26 días, volvendo o día 5 de decembro de 1918 Romanones á presidencia, que suspende as garantías constitucionais en xaneiro, sendo cesado o 15 de abril de 1919.

O seguinte Gobernador será Casimiro Torre[71], que será substituído polo maurista Enrique Alberola Serra, desde o 24 de abril de 1918, que dimite o 27 de novembro de 1918[72]. O Gobernador seguinte será Eumenio Alonso, desde o 28 de novembro de 1918, que ao non presentarse, ocupará o posto de maneira interina Gualberto Ulloa, e finalmente será nomeado Julio González Hontoria, desde o 10 de decembro de 1918[73].

Despois das eleccións municipais de 11 de novembro de 1917, a composición da nova corporación é a que recolle a Táboa 15[74]:

[70] España. Ministerio de Gobernación. Real Orde Circular de 1917. La Gaceta de Madrid, 2 de decembro de 1917, núm. 336, p. 480.
[71] El nuevo gobernador civil. (3 de decembro de 1917). *El Norte de Galicia*, p. 3.
[72] España. Consello de Ministros. Nombramientos. La Gaceta de Madrid, 28 de novembro de 1918, núm. 332, pp.781, 783; El Gobernador interino. (25 de abril de 1918). *El Progreso*, p. 1; El nuevo gobernador. (26 de abril de 1918). *El Progreso*, p. 1.
[73] En el Gobierno civil: un banquete. (10 de decembro de 1918). *El Progreso*, p. 1; El gobernador de Lugo: dimisión y nombramiento. (14 de decembro de 1918). *El Progreso*, p. 2.
[74] Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1918). *Actas de Plenos de 1918. Sesión inaugural e extraordinaria*. AML (Sin. 7991-1, pp. 16 vta., 17, 17 vta., 18 vta.), Lugo; Concello de Lugo. (1917). *Elecciones. Elección de concejales*. AHPL (Sin. 0616, Car. 487), Lugo.

Táboa 15. Corporación municipal a 1 de xaneiro de 1918

Tendencia liberal-quiroguista ou romanonista	Tendencia liberal-demócrata	Tendencia conservadora
Ángel López Pérez (alcalde) Manuel Vázquez Seijas (2º tenente) Marcelino López Vázquez (5º tenente) Victorino Rozas López (síndico) Francisco Alfonso Prado Antonio Ameijide Frade Antonio Cora Sabater Luciano Fernández Fernández Antonio Menéndez Franco Tomás Pérez Menéndez Manuel Yáñez Rodríguez	Jesús García Gesto (3º tenente) Manuel Vila Ron (4º tenente) Carlos Llamas Navia (síndico) Ramón Osorio Pita Luís Vergne Ortega	Antonio Pardo y Pardo (1º tenente) Eleuterio López y López (6º tenente) Antonio Belón Ventosinos José Fernández López Álvaro González Lenza Julio Iglesias Fariña Generoso Iglesias Fernández

Centro Obreiro	Sociedade de Labradores
Emilio López Lamas	José Tellado López Manuel Traseira Castro

Unha vez máis o decorrer da política municipal seguía a súa propia dinámica á marxe do poder central; así a maioría romanonista, e o alcalde tamén romanonista, contrastan coa maioría conservadora saída das eleccións a Cortes.

Dentro do movemento obreiro local aparece unha nova organización enfrontada co Centro Obreiro, estamos a falar do Sindicato Obreiro Católico, que se constitúe o 3 de decembro de 1917, e o seu regulamento preséntase no Goberno Civil[75]. Desde xaneiro de 1918 hai constancia de continuos altercados entre os membros do Sindicato Obreiro e os do Centro Obreiro, debido a que os primeiros non secundaban folgas, chegando incluso a pedir a protección do Gobernador Civil do momento, Casimiro Torre[76].

O nacionalismo tamén ten protagonismo en Lugo coa celebración da Asemblea das Irmandades da Fala o 17 e 18 de novembro de 1918, nunha habitación do Hotel Méndez Núñez[77]. Asistiron máis de corenta galeguistas, que participaron na Asemblea, da que sairán os obxectivos do galeguismo, e no mitin público deféndese unha autonomía sen independencia. Como oradores interviñeron Lois Peña Novo, Vicente Risco, e abrindo o mitin Manuel Banet Fontela. Como asistentes destacados figuran Gonzalo López Abente, Ramón Cabanillas, Victoriano Taibo, Antonio Losada Diéguez e Vilar Ponte. Como representación local asistiron Julio Pérez de Guerra, director de *La Voz de la Verdad*, e o escritor Evaristo Correa Calderón[78].

Nas eleccións a Cortes celebradas o 1 de xuño de 1919 a vitoria foi para a coalición formada polo Partido Maurista e os Conservadores Ciervistas, á que se lle suman os Católicos independentes. O presidente do Consello de Ministros será Antonio Maura desde o 15 de abril de 1919 ata o 20 de xullo de 1919, cando é relevado no cargo polo conservador Joaquín Sánchez

[75] Notas locales. (4 de decembro de 1917). *La Voz de la Verdad*, p. 3.
[76] Notas Obreras: una huelga. (10 de xaneiro de 1918). *El Progreso*, p. 2; Notas obreras. (9 de febreiro de 1918). *El Progreso*, p. 2; Entre Obreros: ayer, en la Carretera de La Coruña. (14 de marzo de 1918). *El Progreso*, p. 2; La huelga. (16 de marzo de 1918). *El Progreso*, p. 1; El suceso de ayer: brutal agresión. (15 de abril de 1918). *La Voz de la Verdad*, p. 2.
[77] Ayer... 18 de noviembre. (19 de novembro de 1918). *El Progreso*, p. 1.
[78] Los actos galleguistas de ayer. (18 de novembro de 1918). *La Voz de la Verdad*, p. 2.

de Toca; á súa vez, a este sucederao Manuel de Allendesalazar, que presidirá, a partir do 12 de decembro de 1919, un goberno de concentración nacional formado polo Partido Conservador, o Partido Maurista, O Partido Liberal Democrático e Izquierda Liberal, ata o 5 de maio de 1920.

O novo Gobernador vai a ser o maurista Francisco Rentero Rentero, desde o 18 de abril de 1919[79], substituído desde o 25 de xullo por Eduardo Garrido Castro, que xa desempeñara o cargo noutras etapas conservadoras[80].

Esta tensa situación na política nacional terá repercusións nas eleccións municipais de finais de 1919, prorrogándose ata o 1 de abril de 1920 o mandato dos concelleiros. A corporación municipal sofre poucas variacións, e xa se coñece practicamente de antemán en virtude do artigo 29, sendo a composición a da Táboa 16[81]:

Táboa 16. Corporación municipal a 1 de abril de 1920

Tendencia liberal-quiroguista ou romanonista	Tendencia liberal-demócrata	Tendencia conservadora
Ángel López Pérez (alcalde) Victorino Rozas López (2º tenente) Marcelino López Vázquez (5º tenente) Antonio Ameijide Frade Antonio Cora Sabater (síndico) Luciano Fernández Fernández Tomás Pérez Menéndez José Puyol Romay Antonio Rodríguez Rodríguez Manuel Yáñez Rodríguez	Jesús García Gesto (3º tenente) Manuel Vila Ron (4º tenente) Carlos Llamas Navia (síndico) Ramón Osorio Pita Luís Vergne Ortega	Eduardo Sanjillao Buide (1º tenente) Eleuterio López y López (6º tenente) Antonio Belón Ventosinos Tomás Iglesias Abelairas Julio Iglesias Fariña Generoso Iglesias Fernández Álvaro González Lenza Roberto Pedrosa Pérez

Centro Obreiro	Sociedade de Labradores
Emilio López Lamas	José Tellado López Manuel Traseira Castro

Unha vez máis ponse de manifesto o contraste entre a política estatal e a municipal, así fronte a unha maioría estatal conservadora temos unha liberal de dereitas no concello, recaendo unicamente nos conservadores dúas tenencias de alcaldía. Á vista destes resultados só podemos xustificalos pola personalidade do alcalde Ángel López Pérez, que se mantén no poder municipal á marxe do que aconteza en Madrid, centrado nunha política pragmática de obras e servizos públicos.

A partir de 1919 o asociacionismo católico maniféstase nun pretendido apoliticismo en aparencia, xa que na realidade defende a Monarquía, o Exército, a orde social establecida, e ataca non só ás doutrinas revolucionarias, senón tamén ao sistema liberal. O maior peso no catolicismo agrario da Coruña e Lugo débese ás iniciativas orientadas ao sector gandeiro, unha medida técnico-económica, que xunto a outras como o cooperativismo, a libre importación de millo, outras de tipo xurídico (patrimonio familiar inembargable, arrendamento a longo prazo e sen subarrendo, "aceptación" da redención foral), xunto coa aceptación matizada da

[79] Noticias por correo. (20 de abril de 1919). *El Progreso*, p. 2.
[80] El gobernador de Lugo. (26 de xullo de 1919). *El Progreso*, p. 1.
[81] Concello de Lugo. (1 de abril de 1920). *Actas de Plenos. Sesión inaugural.* AML (Sin. 7991-3, pp. 22-22 vta.), Lugo; Concello de Lugo. (1920). *Eleccións. Eleccións de concejales, credenciales recibidas*. AHPL(Sin. 0616, Car. 487), Lugo.

mobilización campesiña, servirían para atraer ao campesiñado e tamén para acelerar eses mesmos cambios (Cabo Villaverde, 1998).

As seguintes eleccións a Cortes celebraranse o día 19 de decembro de 1920, coa vitoria contundente do Partido Conservador liderado por Eduardo Dato, que ocupará a presidencia do Consello de Ministros o 5 de maio de 1920, asasinado o día 8 de marzo de 1921, asumindo entón a presidencia de forma interina Gabino Bugallal ata o 12 de marzo de 1921, cando ocupa o cargo Manuel Allendesalazar cun goberno de conservadores e conservadores ciervistas, caendo o goberno tras o Desastre de Annual.

O 13 de agosto de 1921, Antonio Maura preside un goberno de concentración formado polo Partido Maurista, Partido Conservador, conservadores ciervistas, liberais romanonistas e Lliga Regionalista, goberno centrado na Guerra de Marrocos. Finalmente, o 8 de marzo de 1922, José Sánchez Guerra asume a presidencia cun goberno de conservadores, mauristas e a Lliga, desde o primeiro de abril só conservadores, ata o 7 de decembro de 1922, cando é destituído polo rei tras autorizar que o Congreso investigue o Informe Picasso.

Nomearase como Gobernador a Raimundo Montis Allendesalazar, desde o 3 de setembro de 1921 ata o 13 de marzo de 1922[82], cando se nomea a José Carrera Ramilo, procedente de Ourense[83]. Tras a chegada ao poder dos liberais, ocupará o cargo Manuel Lastres García desde o 11 de decembro do 1922 ata o 19 de setembro de 1923[84].

Das eleccións municipais de 5 de febreiro de 1922 sairá unha corporación paritaria entre romanonistas e conservadores, coa seguinte composición que figura na Táboa 17[85]:

Táboa 17. Corporación municipal a 1 de abril de 1922

Tendencia liberal-quiroguista ou romanonista	Tendencia liberal-demócrata	Tendencia conservadora
Ángel López Pérez (alcalde) Antonio de Cora Sabater (2º tenente) Marcelino López Vázquez (5º tenente) Victorino Rozas López (síndico) Antonio Ameijide Frade Luciano Fernández y Fernández José Puyol Romay Antonio Rodríguez Rodríguez José Tellado López Manuel Yáñez Rodríguez	Jesús García Gesto (3º tenente) Manuel Vila Ron (síndico) Ramón Osorio Pita	Eduardo Sanjillao Buide (1º tenente) Roberto Pedrosa Pérez (4º tenente) Eleuterio López y López (6º tenente) Antonio Belón Ventosinos Ángel Carro Crespo Manuel Castro Núñez Antonio Chaín Pallín Tomás Iglesias Abelairas Julio Iglesias Fariña José Páramo Sánchez
Centro Obreiro		Sociedade de Labradores
Faustino Julio Abuín Emilio López Lamas		Manuel Traseira Castro

[82] Los gobernadores: para Galicia. (6 de setembro de 1921). *El Norte de Galicia*, p. 2.
[83] El nuevo gobernador civil de Lugo. (16 de marzo de 1922). *El Progreso*, p. 2.
[84] El año 1922 en Lugo. (31 de decembro de 1922). *El Progreso*, p. 1.
[85] Concello de Lugo. (1 de abril de 1922). *Actas de Plenos. Sesión inaugural*. AML (Sin. 7991-4, pp. 46 vta. 47, 47 vta.), Lugo; Concello de Lugo. *Elecciones. Relación de concejales del ayuntamiento por elección popular en los últimos 20 años (1913, 1915, 1920, 1922)*. AHPL (Sin. 0616), Lugo; Concello de Lugo. *Relación de señores que durante los 20 años últimos han desempeñado el cargo de concejales (hasta el año 1922)*. AHPL (Sin. 0616), Lugo; Concello de Lugo. *Ex-concejales del Ayuntamiento de Lugo (hasta el año 1922)*. AHPL (Car. 485), Lugo; Concello de Lugo. (1917-1922). *Concejales de Lugo por su calificación política (1917-1922*). AHPL (Car. 485), Lugo; Concello de Lugo. *Elecciones. Expediente de nombramiento de Señores Concejales y posesión de los mismos para el cuatrienio de 1922 a 1926*. AHPL (Sin. 0616, Car. 487), Lugo.

Segue a tendencia independente da corporación anterior, cun alcalde liberal nunha quenda conservadora, non obstante os conservadores recuperan unha tenencia de alcaldía con respecto á anterior corporación. O funcionamento do concello non varía, cunha corporación na que prima o absentismo e o personalismo do alcalde.

As últimas eleccións a Cortes Constituíntes da Restauración celebraranse o día 29 de abril de 1923, coa vitoria liberal da coalición dos partidos que participaban no goberno: Liberal-Demócratas (Manuel García Prieto), Liberais romanonistas, Izquierda Liberal (Santiago Alba), liberais agrarios (Rafael Gasset), liberais nicetistas (Niceto Alcalá-Zamora), liberais independentes, Partido Reformista (Melquíades Álvarez) e reformistas independentes.

Manuel García Prieto ocupará a Presidencia do Consello de Ministros desde o 7 de decembro de 1922 cun goberno de liberais-demócratas, liberais-romanonistas, Izquierda Liberal, Partido Reformista, Liberais agrarios e, só ata o verán de 1923, liberais nicetistas. A partir do 1 de setembro de 1923, García Prieto volve a presidir outro goberno de liberal-demócratas, liberais romanonistas e Izquierda Liberal, marcado pola evolución irregular da Guerra de Marrocos e a continuación da violencia en Barcelona, ata o 13 de setembro de 1923, cando dá comezo a ditadura de Miguel Primo de Rivera.

Estes acontecementos tiveron unha repercusión inmediata a nivel municipal, e así para o cumprimento co disposto nos Estatutos, o concello reúnese o primeiro de outubro de 1923 baixo a presidencia do Gobernador Joaquín Tovalina[86], estando presentes os concelleiros Ángel López Pérez, Marcelino López Vázquez, Antonio de Cora, Ramón Osorio, Manuel Vila Ron, Eleuterio López, Victorino Rozas, Antonio Belón, José Puyol, Tomás Iglesias, Julio Iglesias, Antonino Rodríguez, José Páramo, Roberto Pedrosa, Antonio Chaín, Manuel Yáñez, Ángel Carro, Faustino Julio Abuín e Emilio López. Deuse conta dun Real Decreto do día anterior que dispoñía o cese nas súas funcións de todos os concelleiros dos concellos da Nación, substituídos instantaneamente por vogais asociados do mesmo concello, baixo a presidencia e intervención da autoridade militar.

O alcalde escollerase en votación secreta entre os vogais asociados posesores dos cargos de concelleiros, que ostenten título profesional ou exerzan industria técnica ou privilexiada, e no seu defecto os maiores contribuíntes e os demais cargos do concello, nomeándose inmediatamente tamén por elección entre os demais vogais asociados. Cumprindo co disposto, os señores Dámaso García Armero e Manuel Roca Varela, únicos dos presentes que ostentan título profesional, proceden á elección de alcalde, recaendo o cargo en Ramón Saavedra Salgado, non presente. Elixiuse posteriormente aos tenentes e síndicos[87].

O último gobernador da etapa que abrangue o estudo será o catedrático de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, Jacobo Varela de Limia y Menéndez, desde o 12 de abril de 1924 ata o 7 de abril de 1926[88].

A composición da corporación a 1 de outubro de 1923 queda da maneira que recolle a Táboa 18[89]:

[86] La situación en España. (16 de setembro de 1923). *El Progreso*, p. 1.
[87] Concello de Lugo. (1 de outubro de 1923). *Actas de plenos.* AML (Sin.7991-6, pp. 47, 47 vta., 48, 48 vta.), Lugo.
[88] La actuación del Directorio: los nuevos gobernadores civiles. (13 de abril de 1924). *El Progreso*, p. 1.
[89] Concello de Lugo. (4 de outubro de 1923). *Actas de 1923 e sesión extraordinaria*. AML (Sin. 7992-1, pp. 1, 1 vta.), Lugo.

Táboa 18. Corporación municipal a 1 de outubro de 1923

Ramon Saavedra Salgado (alcalde)	Manuel Castro Varela
Manuel Roca Varela (1º tenente)	Antonio Fernández y Fernández
José Herrero Lobejón (2º tenente)	Lorenzo García Bango
Arcadio Casanova García (3º tenente)	Pedro Gil Taboada
Eduardo Palmeiro Cumbraos (4º tenente)	Constantino Lagarón Álvarez
Valentín Lage Maseda (5º tenente)	Benigno López Mouronte
José Pena González (6º tenente)	José López Rego
Manuel Castro Varela (síndico)	Tomás Pérez Carro
Rosendo Vázquez Barcia (síndico)	Ramón Pelayo Sáinz
	Juan Rodríguez Rodríguez
	Manuel Romay Pallín

Debido a un erro na elección do alcalde, segundo o cal esta non se axustaba estritamente aos preceptos do RD da mesma data, tivo que realizarse de novo, saíndo elixido Manuel Roca Varela, e ocupando o posto de primeiro tenente Ramón Saavedra Salgado.

Inda que se observa un cambio de nomes con respecto ao consistorio durante a Restauración, a súa extracción socioeconómica segue a ser a mesma: profesionais liberais, industriais, comerciantes e propietarios rurais, xa que proveñen da lista de maiores contribuíntes. Tampouco houbo cambios respecto ao absentismo nas sesións, polo que ata a aprobación do Estatuto Municipal no ano 1924, non vai haber unha variación significativa na política municipal.

Precisamente con motivo deste absentismo e falta de eficacia da corporación, é preciso celebrar sesións supletorias ás que sempre acoden os mesmos concelleiros e estes en número moi exiguo, ademais da renuncia ao cargo de tres concelleiros. O delegado gobernativo comunica a decisión do Gobernador de destituír ao alcalde e concelleiros do Concello de Lugo, nomeando con carácter de interinos para substituílos aos veciños da capital que polos seus títulos académicos, por ser maiores contribuíntes e por representar ás clases sociais que integran a vida do municipio, considera aptos para o desempeño do cargo. A nova corporación a 12 de xaneiro de 1924 queda como indica a Táboa 19[90]:

[90] Concello de Lugo. (12 de xaneiro de 1924). *Actas de 1924*. AML (Sin. 7992-1, pp. 40-42), Lugo; En el Ayuntamiento: otro cambio de personas. (13 de xaneiro de 1924). *El Progreso*, p. 1.

Táboa 19. Corporación municipal a 12 de xaneiro de 1924

Profesión ou clase social	Concelleiros
Avogado	Ramón Neira Pedrosa (1º tenente) José Gayoso Castro (2º tenente) Antonio de Ron y Florez Valdés (4º tenente) Juan Bautista Varela Balboa (procurador síndico) Manuel Cortón Edmundo Fernández Vázquez Francisco García Armero Felipe Llamas Navia
Catedrático	Ángel Revilla Marcos
Comerciante	Arcadio Casanova (3º tenente) Julio Carro Fernández
Enxeñeiro	Luís Sánchez Arrieta
Industrial	Antonio Menéndez Franco Modesto Travadelo
Labrador	Manuel Rodríguez Rúa
Médico	Manuel Roca Varela
Obreiro	Prudencio Domínguez (6º tenente) Dámaso Teijeiro
Patrón	Pedro Gil Taboada
Perito	Manuel Pillado
Propietario	Ramón Saavedra Salgado (alcalde) Juan Bellón Rodríguez (procurador síndico) José Cobreros de la Barrera Eloy Rúa Méndez
Xubilado	Antonio Hurtado de Mendoza Cesáreo Nieto

Este consistorio quedará reducido a 23 edís debido á renuncia de Cesáreo Nieto, García Armero e Juan Bellón[91]. Pola renuncia de Juan Bellón ao cargo de procurador síndico, noméase a Eloy Rúa Méndez[92].

A composición socioeconómica da corporación segue sen variacións con respecto á anterior, polo que non hai cambios substanciais que afecten á evolución política do concello.

Coa promulgación do Estatuto Municipal o 8 de marzo, obra de José Calvo Sotelo, houbo cambios na corporación municipal. Ademais de diferenciar entre concelleiros de elección popular e de representación corporativa, este establece a creación en cada concello dunha Comisión Municipal permanente constituída polo Alcalde e os Tenentes de alcalde, que representa ao concello en todo o que non se reserva á corporación plena (art. 39 RDEM de 1924, do 8 de marzo), e a obrigatoriedade de asistencia dos concelleiros ás sesións, non podendo absterse de votar ningún concelleiro presente (art. 129 RDEM de 1924, do 8 de marzo), celebrando anualmente tres sesións ordinarias, unha en cada cuadrimestre do ano económico (art. 125 RDEM de 1924, do 8 de marzo), e dividíndose cada unha destas como máximo en dez sesións consecutivas (art. 127 RDEM de 1924, do 8 de marzo), medidas que reduciron o número

[91] En el Ayuntamiento: la sesión de ayer. (23 de xaneiro de 1914). *El Progreso*, p. 1.
[92] Concello de Lugo. (29 de xaneiro de 1924). *Actas de 1924. Sesión ordinaria.* AML (Sin. 7992-1, pp. 48-49), Lugo.

de plenos e tamén o absentismo nestes. A nova composición queda como se establece na Táboa 20[93]:

Táboa 20. Corporación municipal a 8 de abril de 1924

Electivos	Corporativos
Ramón Saavedra Salgado (alcalde) Ramón Neira Pedrosa (1º tenente) José Gayoso Castro (2º tenente) Antonio Ron (3º tenente) Prudencio Domínguez Ruíz (5º tenente) Julio Carro Fernández José Cobreros de la Barrera Edmundo Fernández Vázquez Pedro Gil Taboada Antonio Hurtado de Mendoza Felipe Llamas Navia Manuel López Rúa Julio Pérez de Guerra Manuel Pillado Villamil Ángel Revilla Marcos Manuel Roca Varela Eloy Rúa Méndez Luís Sánchez Arrieta Dámaso Teijeiro Torres Modesto Travadelo Arango	Antonio Menéndez Franco (4º tenente), Cámara de Comercio Arcadio Casanova García (6º tenente), Cámara de Comercio Vicente Belón Díaz, Sociedad Instructiva de Dependientes de Comercio Emilio Lopez Marey, Sociedad Tipográfica Lucense

Esta composición sufrirá modificacións; en decembro renuncian Gayoso Castro, Ángel Revilla e Felipe Llamas, substituídos por Eduardo Ameijide Frade, Antonio Chaín Pallín e Manuel Becerra Suárez, o que significa tamén cambios nas tenencias de alcaldía, ocupando Edmundo Fernández a segunda, e Sánchez Arrieta a cuarta[94]. Tamén entra na Comisión Eloy Rúa, en substitución de Neira Pedrosa[95].

Na práctica, a elección popular nunca se levou a cabo por non convocarse eleccións, sendo nomeados os concelleiros directamente polo Gobernador Civil, e a composición socioeconómica da corporación tampouco sufriu variacións.

En abril de 1924, a creación da Unión Patriótica configúrase como unha forza política para encher o baleiro existente trala extinción a nivel institucional de liberais e conservadores (Martínez, 1992), e tamén como unha finalidade do Directorio de conectar coa sociedade (Pemán, 1929), dándolle potestade aos delegados gobernativos para a organización e fomento nos seus lugares respectivos da Unión Patriótica (Ben-Ami, 1984). Unha segunda ferramenta de encadramento político na ditadura, secundaria en comparación coa Unión Patriótica, foi o Somatén (Villares Paz e Moreno Luzón, 2016, p. 512).

[93] Concello de Lugo. (8 de abril de 1924). *Actas de Plenos*. AML (Sin. 7992-2, pp. 19 vta-20 vta.), Lugo; Concello de Lugo. (10 de abril de 1924). *Actas da Comisión Permanente de 1924. Constitución da comisión permanente.* AML (Sin. 8011-1, p.1), Lugo.

[94] Concello de Lugo. (26 de decembro de 1924). *Actas de Plenos de 1924*. AML (Sin. 7992-2, p. 27 vta.), Lugo.

[95] Concello de Lugo. (18 de decembro de 1924). *Actas da Comisión Permanente de 1924*. AML (Sin. 8011-2, p. 6), Lugo.

Con todo, o goberno municipal e o provincial, co Estatuto Provincial promulgado en marzo de 1925, seguiron mantendo un carácter discrecional. A nova corporación queda da maneira que indica a Táboa 21[96]:

Táboa 21. Corporación municipal a 13 de xaneiro de 1925

Electivos	Corporativos
Eduardo Rosón López (alcalde) Luís Sánchez Arrieta (1º tenente) Antonio Hurtado de Mendoza (2º tenente) Prudencio Domínguez Ruíz (3º tenente) Benigno López Sánchez (4º tenente) José López y López (6º tenente) Domingo Alonso Carrillo Manuel Barreira Suárez Vicente Belón Díaz Ángel Carro Crespo Manuel Fernández Díaz José Fernández Saavedra Antonio Ferreiro Rivera Tomás Iglesias Abelairas Manuel López Gutiérrez Ramón Mosteiro López Julio Pérez de Guerra Tomás Pérez Menéndez Baltasar Rodríguez Trigo Modesto Travadelo Arango	Antonio Menéndez Franco (5º tenente), Cámara de Comercio José Ramón Mesa Noceda, Sociedad Instructiva de Dependientes de Comercio

No mes de marzo entra no concello Jesús Cora Vigo debido ao falecemento de Iglesias Abelairas[97]. Debido a unha serie de renuncias cos seus respectivos nomeamentos, o 18 de abril cambia a composición desta corporación: renuncian Antonio Ferreiro Rivera, José Ramón Mesa Noceda, Domingo Alonso Carrillo, Manuel Fernández Díaz, Ángel Carro Crespo e Benigno López Sánchez. Noméanse Luís López Martí Núñez, Pedro Basanta del Río, Liborio Revilla Castro, Benjamín Rodríguez Sío, José López Losada e José Fernández Lugilde[98]. En xuño de 1925 incorpórase Julio Pérez de Guerra á Comisión Permanente, ata o 29 de agosto, cando é substituído por Modesto Travadelo[99].

Esta corporación novamente sufriría modificacións coa renuncia o 17 de agosto de 1926 de Julio Pérez de Guerra, entrando no seu lugar Ernesto Cazón García. Por renuncia en xullo de Luís López Martí e de Manuel Barreira Suárez entran na corporación Manuel Suárez Rodríguez e José Fernández Fernández o 4 de setembro[100]. Finalmente Hurtado de Mendoza renuncia ao seu cargo o 24 de marzo de 1927[101].

[96] Concello de Lugo. (13 de xaneiro de 1925). *Actas de sesiones.* AML (Sin. 7992-2, pp. 33-34), Lugo.
[97] Del Ayuntamiento: nuevo concejal. (12 de marzo de 1925). *El Progreso*, p. 1.
[98] Concello de Lugo. (8 de abril de 1925). *Actas de sesiones.* AML (Sin. 7992-3, pp. 2 vta, 3), Lugo.
[99] Concello de Lugo. (29 de agosto de 1925). *Actas da Comisión Permanente de 1925.* AML (Sin. 8011-3, p. 30), Lugo.
[100] Concello de Lugo. (5 de xullo de 1926). *Actas da Comisión Permanente de 1926.* AML (Sin. 8011-5, pp. 22, 22 vta.), Lugo; Concello de Lugo. (4 de setembro de 1926). *Actas de Plenos de 1926.* AML (Sin. 7992-3, p. 30 vta.), Lugo.
[101] Concello de Lugo. (24 de marzo de 1927). *Actas de Plenos de 1927.* AML (Sin. 7992-3, p. 36), Lugo.

A dinámica segue a ser a mesma porque a composición socioeconómica mantense, ao que se lle engade a inestabilidade política municipal coa renuncia de cargos.

Coa implantación do Directorio Civil a finais de 1925, Primo de Rivera seguiu mantendo o monopolio do poder executivo, cun afianzamento e cunha busca de lexitimación da ditadura (Ben-Ami, 1984), tratando de incorporar un sistema con características corporativistas.

O declive do sindicalismo católico durante a ditadura de Primo de Rivera está fundamentado no seu carácter instrumental e contrarrevolucionario, sobrevivindo só practicamente nas zonas de maior arraigamento social e nas que desempeña un labor práctico, é dicir, nas zonas gandeiras do norte de Galicia. O proceso de fusión das Federacións Católico-Agrarias, por exemplo a de Lugo absorbe á de Monforte, amosa xa síntomas de debilidade, xa que algunhas se atopaban en graves dificultades económicas. Nos últimos anos da ditadura, o intento de reactivación económica cos envíos colectivos de gando por parte das FCA de Lugo, Mondoñedo e A Coruña fracasará, arrastrando boa parte do prestixio do sindicalismo agrícola católico (Ben Paz, 2011).

2.2.3 Balance político

A crise do sistema restauracionista no primeiro cuarto de século maniféstase a nivel político na sucesión de gobernos efémeros e inestables, con eleccións a cortes nos anos 1899, 1901, 1903, 1905, 1907, 1910, 1914, 1916, 1918, 1919, 1920 e 1923. Na lexislatura do ano 1899 sucédense dous gobernos, na de 1901 un, na de 1903 cinco, na de 1905 cinco, na de 1907 dous, na de 1910 dous, na de 1914 un, na de 1916 catro, na de 1918 catro, na de 1919 tres, na de 1920 catro, e na de 1923 dous. Ademais, o intervencionismo de Alfonso XIII nos nomeamentos militares e a división dos conservadores contribúen á inestabilidade gobernamental (Tusell, 2000, p. 107). Esta inestabilidade política contará tamén con novos actores, coa irrupción do PSOE cun deputado en 1910, que será Pablo Iglesias Posse.

En setembro de 1923 pásase a un réxime autoritario encabezado por Miguel Primo de Rivera, abríndose un período marcado pola suspensión das garantías constitucionais, a prohibición doutras linguas que non fosen o castelán, a disolución das deputacións provinciais e a censura de prensa. En 1924, funda a Unión Patriótica, partido único e personalista que sostén a ditadura.

No ámbito municipal, a evolución do concello segue os parámetros das dúas etapas políticas que comprende; procesos electorais non democráticos e influencia do poder central na conformación dos consistorios municipais. Aínda así, nalgunha etapa da Restauración isto debe matizarse, xa que hai certas discordancias entre os poderes central e local. A renovación será bianual e as sesións estarán marcadas polo absentismo dos concelleiros.

O período comeza respectando o sistema de quenda con dúas corporacións paritarias entre liberais e conservadores nos anos 1899 e 1901; o primeiro goberno será conservador, a pesar da vitoria liberal a nivel provincial, e o segundo liberal. A partir de aquí e ata o ano 1922, a maioría nas corporacións vai ser sempre liberal.

As alteracións no sistema de quenda danse a comezos do ano 1903, cando a dimisión do alcalde liberal, Pedro Morandeira Rico, levará á alcaldía ao conservador Gonzalo Vázquez Iglesias Moure, sen variacións ideolóxicas na composición da corporación. Tamén podemos observar que a comezos de 1904, dentro da quenda conservadora e cun alcalde tamén conservador, a maioría da corporación é liberal. O mesmo acontecerá en xullo de 1909, en marzo de 1910, en xaneiro de 1914, en xaneiro de 1918, en abril de 1920 e en febreiro de 1922. A explicación desta evolución paralela da política municipal é o carácter personalista dos

alcaldes, e sobre todo dun, Ángel López Pérez, que centrarán as súas actuacións en políticas pragmáticas, buscando o apoio social e das forzas vivas da cidade.

Coa ditadura de Miguel Primo de Rivera, os Gobernadores Civís apropiaranse do poder en detrimento dos partidos dinásticos, que perderán a súa influencia política. A primeira composición do consistorio estará formada por vogais asociados do concello, saíndo todos eles da lista de maiores contribuíntes, o que pon de manifesto unha continuidade con respecto á etapa anterior.

Os intentos de sanear o sistema político municipal debido fundamentalmente ao absentismo dos concelleiros, levarán a unha serie de modificacións entre as que destacan a obrigatoriedade de asistencia dos concelleiros ás sesións, a creación dunha Comisión Municipal permanente, constituída polo alcalde e os tenentes, que representa ao concello en todo o que non atinxe á corporación plena, e á diferenciación entre concelleiros de elección popular e de representación corporativa. Non obstante, estes cambios non mudan a práctica da política municipal, xa que non se convocan eleccións e os concelleiros son nomeados directamente polos Gobernadores Civís.

En canto á composición e evolución ideolóxica da etapa, como indica a Táboa 22, das quince renovacións da corporación municipal que abranguen a etapa da Restauración, cinco correspóndense con gobernos conservadores e dez con gobernos liberais, e dos catro conservadores, o de 1899 será paritario, e os catro restantes en minoría. Con respecto aos gobernos liberais, o de 1901 será paritario, e os restantes en maioría.

Táboa 22. Gobernos municipais desde 1899 a 1922

Data de constitución	Ideoloxía do goberno
1 de xullo de 1899	Conservador
11 de maio de 1901	Liberal
1 de xaneiro de 1902	Liberal
3 de xaneiro de 1903	Conservador
1 de xaneiro de 1904	Conservador
1 de xaneiro de 1906	Liberal
1 de xullo de 1909	Conservador
1 de xaneiro de 1910	Liberal
18 de abril de 1910	Conservador
1 de xaneiro de 1912	Liberal
1 de xaneiro de 1914	Liberal
1 de xaneiro de 1916	Liberal
1 de xaneiro de 1918	Liberal
1 de abril de 1920	Liberal
1 de abril de 1922	Liberal

Como vemos na Gráfica 1, a maioría liberal na composición das corporacións municipais durante a etapa da Restauración debe matizarse; así dentro desta a facción dominante vai ser a da á dereita do partido, que adoptará distintos nomes, quiroguistas, ballesteristas ou moretistas, e unha vez falecido Moret, romanonistas, que acabarán contando nas súas filas tamén cos canalejistas. Estes enfrontáronse aos da á esquerda do partido, denominados monteristas, neiristas, e máis tarde demócratas, o que provocou alianzas destes cos conservadores para desprazar do goberno aos anteriores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Por outro lado, segundo reflicte a Gráfica 2, a importancia do colectivo obreiro fará que o Centro Obreiro conte con representación nas corporacións de 1904, 1906, 1912, 1914, 1916, 1918, 1920 e 1922. Tamén de importancia é a mobilización campesiña de ámbito católico, así a Sociedade de Labradores tamén contará con representación nas corporacións de 1912, 1914, 1916, 1918, 1920 e 1922.



Na etapa da ditadura, a representación do sector profesional no concello virá da man dos representantes corporativos da Cámara de Comercio, da Sociedade Instrutiva de Dependentes de Comercio e da Sociedade Tipográfica Lucense.

No que atinxe á composición social e profesional dos representantes municipais, esta vai ser a mesma nas dúas etapas. Así, esta componse fundamentalmente de profesionais liberais, industriais, comerciantes e propietarios, cunha mínima representación obreira e campesiña a partir do ano 1904. Exemplo disto é a profesión dos alcaldes do período: Manuel Pardo de la Vega, propietario rural; Pedro Morandeira Rico, avogado; Gonzalo Vázquez Moure, médico;

USC DE COMPOSTELA

Antonio Belón Ventosinos, avogado; Rodrigo de la Peña García, avogado; Constantino Velarde Pla, propietario; Ángel López Pérez, avogado; Ramón Landriz Lenza, avogado; Carlos Llamas Navia, avogado; Manuel Roca Varela, médico; Ramón Saavedra Salgado, propietario rural; e Eduardo Rosón López, avogado.

A nivel local, o intento de Primo de Rivera de derrocar o caciquismo supuxo un control absoluto da política provincial que acabou asfixiándoa e reproducindo os mesmos esquemas caciquís que pretendía combater. O paso do sistema caciquil da Restauración ao novo da ditadura levará aparellado un cambio das elites políticas, agora constituídas por afiliados á Unión Patriótica (UP), presidida por Ramón Saavedra Salgado, e pertencendo a maioría á burguesía provincial e agraria de signo capitalista (López, 1986).

Finalmente, no que respecta ao mandato dos Gobernadores Civís este é, nas dúas etapas, efémero, o que leva a constantes nomeamentos, incluso algúns deles dimiten antes de tomar posesión do cargo; polo que, nalgunhas ocasións o posto de gobernador ocúpase de forma interina.

3 PREÁMBULO ECONÓMICO

3.1 CONTEXTO HISTÓRICO-ECONÓMICO

O período que vai desde a crise financeira de 1882, que coincide co arranque dunha prolongada depresión agraria, testemuñada pola crise agrícola, pecuaria e cerealeira, ata o ano 1913, caracterízase pola difusión da industrialización pola maior parte de Europa, ao tempo que as economías máis desenvolvidas levaron a cabo unha serie de transformacións que integran a Segunda Revolución Industrial. Comparativamente, España rexistrou un avance lento, xa que a poboación medrou pouco debido aos elevados niveis de mortalidade, diminuíu a poboación de habitantes en idade de traballar, entre 15 e 64 anos, e inda máis a taxa de actividade. A alfabetización mantívose moi baixa, cunha formación especializada practicamente inexistente. Na composición por sectores económicos hai un predominio do primario, configurando unha sociedade masivamente agraria, na que o cambio cara a actividades modernas apenas comezará en 1913.

A produción total de bens e servizos caerá durante a primeira metade do período, por causa da crise agraria, cun crecemento entre 1895 e 1913, sen compensar o retroceso anterior. O balance global é dunha moderada expansión, pero con atraso en relación á pauta europea.

A actuación das autoridades económicas seguiu unha dirección proteccionista para preservar un tecido produtivo fortemente danado pola crise agraria e os seus efectos sobre o conxunto da economía, e tamén estabilizadora, debido ás tensións causadas polo financiamento dun Estado endebedado polas guerras.

O incremento da inversión privada a partir de 1899 e da capacidade de financiamento exterior, grazas aos recursos procedentes das colonias perdidas, dunha inversión estranxeira acrecentada e, principalmente, das remesas e outras transferencias privadas dos emigrantes españois no exterior, acompañouse dun notable impulso da agricultura intensiva, dalgúns sectores industriais, dos transportes e da banca. Aínda así, a recuperación foi lenta debido á baixa inversión pública, fortemente condicionada polas débedas de guerra, e un consumo privado reducido, moi variable e pouco expansivo.

Polo tanto, ata o ano 1913 a inmensa maioría dos españois sobrevivía con dificultades nun medio rural atrasado e ineficiente, cuns niveis de renda per cápita moi baixos. O sector agrario

USC DE COMPOSTELA

non foi capaz de xerar un volume de aforro significativo nin de crear mercados de bens de capital e consumo amplos. A dotación de infraestruturas era ineficiente e escasa e apenas mellorou ao longo do período. Se a isto lle engadimos o mediocre contexto de oportunidades económicas e a pobreza e inestabilidade dos mercados, o resultado é un tecido produtivo débil e unha iniciativa empresarial escasa, concretándose todo elo nunha pobre calidade do patrón de crecemento e na incapacidade, xa non de acurtar, senón de manter as distancias cos países europeos avanzados, no que atinxe aos niveis de benestar da poboación (Maluquer, 2002, pp. 243-284).

Durante a guerra mundial e a década de 1920, a economía española tivo un comportamento positivo; así entre 1913 e 1929, o PIB por habitante pasou do 80,4 ao 82,9% con respecto ao correspondente a Europa occidental, España creceu na fase de 1913-1920, mentres que o PIB por habitante caía en Europa. No subperíodo 1920-1929, a economía española creceu menos que a europea (2,5 fronte ao 3,5%). Outras variables sociais como a educación e a esperanza de vida tiveron un aumento considerable; así entre 1913 e 1933 a alfabetización pasou do 52 ao 79,4%, a escolarización do 27,5 ao 37,4%, e a esperanza de vida aumentou de 41,7 a 50 anos.

Os ciclos da economía española coincidiron cos europeos, inda que con diferente intensidade sectorial, no curto prazo estiveron marcados polas colleitas, e no largo prazo, pola conxuntura internacional. Ao igual que no resto de Europa, a economía española do período de entre guerras estivo marcada polo aumento do intervencionismo, o corporativismo e o proteccionismo exterior. Na etapa da posguerra mundial, a demanda de consumo foi insuficiente, e a industria española viuse ameazada pola sobreprodución, de aí que os empresarios apoiaran a cartelización oficial proposta pola ditadura de Primo de Rivera, igual que algúns sindicatos socialistas como a UGT. Ao igual que aconteceu en Europa, a política económica española puxo en cuestión o sistema liberal e de mercado.

Distínguense polo tanto dous ciclos, que coinciden cos europeos. O primeiro foi o ciclo bélico, coa fase alcista de 1913-1920, excepto nos países belixerantes, cando España goza dunha conxuntura internacional que alentou un notable crecemento económico, unha prosperidade enganosa centrada nos negocios relacionados co exterior, que unha vez finalizada a conflagración, volve a evidenciar as súas ineficacias e problemas tradicionais, pero acrecentados polos desaxustes na produción, transportes e distribución da renda xerados pola guerra mundial. A inestabilidade social de comezos dos anos vinte inhibe a actividade económica e prepara o ambiente para o golpe militar de Primo de Rivera, abríndose unha fase de estancamento económico entre 1921 e 1923. A esta seguiulle un segundo ciclo de notable crecemento económico entre 1924 e 1930, un crecemento rápido, aumento do PIB per cápita ao 2,5% anual, impulsado pola demanda de inversión, e centrado en sectores como a industria, a construción e, en menor medida, os servizos, contribuíndo menos a agricultura.

O crecemento dos anos vinte logrouse sen ningunha tensión inflacionista, o proteccionismo e o intervencionismo contribuíron, aparentemente, a favorecer o crecemento económico e o desenvolvemento da empresa industrial moderna en España, pero neste proceso foron máis importantes os fondos acumulados durante a primeira guerra mundial, e outros factores como as axudas do Estado, a favorable conxuntura internacional, a expansión do comercio exterior e as inversións estranxeiras. Así mesmo, no aumento da inversión privada durante os anos vinte foi determinante a pacificación social imposta pola forza e represión durante a ditadura, profundando na estratexia de apoio á produción nacional co Real Decreto de 30 de abril de 1924, que establecía un novo réxime de auxilios para favorecer a creación e o desenvolvemento de empresas industriais (Comín, 2002, pp. 285-329).

O balance do primeiro cuarto do século XX pon de manifesto que tras a perda das últimas colonias ultramarinas en 1898 frutificou entre os políticos o maleable ideario rexeneracionista,

USC DE COMPOSTELA

incorporado primeiro polos conservadores, máis tarde polos liberais e, finalmente, pola ditadura de Primo de Rivera. No programa económico de rexeneración nacional sobresaían a atribución ao Estado da execución de obras públicas para levantar o pulso económico do país, a mellora da educación, a vivenda, a sanidade, así como a introdución en España dos avances británicos e austríacos en materia laboral e de seguridade social. Os plans de obras públicas durante a Restauración foron case tan abundantes como os proxectos de reforma tributaria, e os seus fracasos igual de frecuentes. Estes proxectos malográronse pola obstrución parlamentaria e pola penuria dunha Facenda pública en quebra. O réxime ditatorial de Primo de Rivera levou a cabo o ansiado plan de obras públicas, pero este foi moi controvertido.

As cifras do presuposto de gastos do Estado mostran que entre 1900 e 1935 aconteceron transformacións modestas pero significativas, fronte ao quietismo do último terzo do século XIX. Non obstante, as condicións económicas e políticas impediron que a ideoloxía do Estado providencia se reflectise con maior intensidade nas partidas orzamentarias (Comín, 1996b).

Consecuencia do atraso da industrialización foron as ameazas ao Estado da Restauración nas últimas décadas de século, que procederon en maior medida das conspiracións militares, carlistas e republicanas, e non dunha posible subversión nacida nos sectores obreiristas (Tusell, 2000, p. 45).

3.2 SISTEMA TRIBUTARIO

A etapa que abrangue o estudo está condicionada por dúas reformas tributarias fundamentais: a realizada en 1845 por Alejando Mon e ideada por Ramón de Santillán, e a executada en 1900 por Raimundo Fernández Villaverde.

Coa primeira delas prodúcese a consolidación da tributación liberal, e a valoración máis común da mesma está baseada nas novidades por ela introducidas, consideradas de notable importancia, comparando a situación impositiva posterior a 1845 co sistema tradicional de impostos. A desaparición dunha considerable cantidade de tributos casteláns e aragoneses, e a refundición dos restantes nuns poucos e sistemáticos impostos de corte moderno, constituíu a meritoria obra dos reformadores (Comín, 1989).

Mon e Santillán introduciron en España o sistema fiscal liberal, que gañaba en coherencia, xeneralidade e uniformidade. Santillán propuxo un plan reformador que conxugaba a tributación directa, que contaba con tradición na Coroa de Aragón, coa fiscalización indirecta, que aproveitaba a experiencia financeira da Coroa de Castela; ademais o proxecto conservaba algunhas figuras antigas como as aduanas e os monopolios fiscais, menos incompatibles coa ideoloxía liberal, e tamén o mantemento das antigas prácticas recadadoras para asegurar os ingresos do novo sistema fiscal. Buscouse a inspiración na fiscalización francesa, adaptándose os tributos ás peculiaridades españolas, cun evidente pragmatismo. A realidade foi que os moderados non estiveron dispostos a facer un Catastro nin a crear uns corpos de inspectores que permitisen á Facenda xestionar adecuadamente as contribucións e estimar directamente as bases tributarias para repartir proporcionalmente os impostos. Así, ante a ausencia dunha reforma administrativa, as antigas prácticas recadadoras favoreceron a ocultación da riqueza e os rendementos, así como o reparto arbitrario dos impostos, e o desleixo por parte da Facenda da recadación en mans dos concellos e gremios beneficiou aos grupos privilexiados ou con acceso ao poder político.

Nunha valoración cuantitativa, a Contribución territorial foi a máis importante na segunda metade do século XIX, aportando máis do 20% dos ingresos ordinarios do Estado. O gravame que recaía sobre a industria e o comercio representaba entre un 4 e un 5%, e na década de 1890 chegou ao 6%. Os impostos sobre o traballo asalariado e o capital foron postergados na reforma de Mon, inda que non tardaron en introducirse algunhas contribucións sobre determinados

soldos e asignacións, particularmente sobre os funcionarios, cuxa recadación aumentou ata o 4%, pouco antes de ser refundidas na Contribución de utilidades no ano 1900. Outros impostos que foron aumentando cada vez máis a súa achega ao Tesouro foron os Dereitos Reais e o Timbre, e pola contra as Cédulas persoais nunca proporcionaron sumas de consideración á Facenda española.

Destacan tamén pola achega ao erario público entre 1845 e 1900 dúas contribucións indirectas: unha delas era a de Consumos, que inicialmente representou o 12% dos ingresos fiscais do Estado, perdendo posteriormente importancia ata a Restauración, cando volveron ao 10%, porcentaxe que mantiveron ata 1900; a outra contribución indirecta era o Arancel de aduanas, que aumentou a súa participación do 12 ao 16% na segunda metade de século. É preciso tamén facer referencia á importancia dos ingresos por monopolios, aportando entre o 10 e o 15% aos recursos ordinarios do Estado (Comín, 1996b).

Nunha valoración cualitativa, é preciso matizar que unha grande parte dos tributos que sucumbiron ante a reforma de 1845, só conservaban das súas orixes o nome, algúns viron alterada a súa natureza e outros sufriron cambios na súa forma de recadación. Parte da sistematización xa existía na práctica recadadora previa, así, independentemente da confusión e complexidade legal do sistema, na xestión e recadación das contribucións as cousas eran máis sinxelas, sendo a realidade dos tributos tradicionais a súa forma de recadación e non o seu nome. Desde esta óptica, a reforma de 1845 apenas trouxo innovacións, xa que a Contribución de inmobles consolidou as vellas contribucións de cota ou cota fixa, e xeneralizou o seu sistema de reparto; a Contribución de consumos substituíu ao Dereito de portas; e a Contribución industrial e de comercio unicamente ampliou o Subsidio do mesmo título (Fontana, 1977).

De todo o anterior deducimos que os principios facendísticos chegaron a España tarde, parcial e insuficientemente. En primeiro lugar, os novos impostos de produto que recaían sobre os rendementos do traballo, do capital e das sociedades quedaron marxinados. En segundo lugar, inda que os gravames eran legalmente proporcionais, a elevada fraude nas rendas agrarias e nos rendementos da industria e do comercio, xerou unha sobrecarga fiscal para o campesiñado, que non podía evadir a Contribución territorial, e para os consumidores que soportaban a Contribución de consumos e os Aranceis sobre os produtos importados. En terceiro lugar, o sistema fiscal de 1845 foi insuficiente desde o seu nacemento, deficiencia que se agravou co tempo pola rixidez dos impostos de produto, polo encabezamento dalgúns gravames indirectos e, evidentemente, polo maior crecemento dos gastos do Estado. Inicialmente, a Facenda liberal tivo a sorte de contar con activos que privatizar grazas aos bens nacionais procedentes da desamortización tanto laica como eclesiástica. De feito, a partida de vendas de propiedades era considerada como un ingreso normal na contabilidade pública, e os seus ingresos foron importantes nas décadas de 1850 a 1880. A estas hai que engadirlle as rendas de propiedade públicas, moi abundantes nos primeiros tempos do sistema de Mon-Santillán, inda que a súa relevancia foi caendo a medida que se alleaban os bens nacionais.

A pesar de todo isto, o déficit foi un estigma que acompañou o sistema tributario de Mon, chegando a acadar o 27,4% entre 1870-1874, mellorando no último cuarto de século ata chegar ao superávit na última década. Non obstante, a insuficiencia dos ingresos impositivos e das rendas das propiedades obrigaron á Facenda a acudir aos recursos extraordinarios, sendo o principal a Débeda pública, aumentando o volume desta en circulación.

O século XX comeza co Plan de Estabilización, que incluía o arranxo do problema da débeda pública, de Fernández Villaverde, entre 1899 e 1901, para devolver a solvencia á Facenda española, moi deteriorada pola guerra de Cuba. O primeiro terzo do século XX foi, en xeral, máis tranquilo para España que o previo, tanto nas cuestións políticas como nas económicas e sociais. Non houbo grandes guerras, nin civís nin por invasións estranxeiras, destacando

USC DE COMPOSTELA

unicamente o conflito no protectorado de Marrocos, cuxos episodios máis dramáticos e máis custosos para o presuposto aconteceron en 1921. Pero o custe desta guerra foi moi inferior ás do século XIX e, ademais, financiouse en pesetas, polo que non houbo que recorrer á débeda exterior (Comín, 2016).

A reforma de Fernández Villaverde de 1900 veu a completar o sistema impositivo de 1845, incorporando dunha maneira ordenada os gravames novos de produto e consolidando os tributos sobre consumos específicos. En detalle, se se exceptúa a Contribución do 20% sobre os intereses da Débeda pública establecida polo ministro conservador, a principal novidade de Fernández Villaverde consistiu en sistematizar a imposición directa, creando a Contribución sobre as utilidades da riqueza mobiliaria, que refundía algúns tributos vixentes e aquel novo imposto. Esta contaba con tres tarifas que recaían separadamente sobre os rendementos do traballo e do capital e, un tanto confusamente, sobre os beneficios das sociedades.

O imposto do 20% sobre os intereses da débeda interior reduciu as cargas netas da débeda, esixindo aos españois que declararan a débeda exterior que posuían, para convertela en débeda interior, recibindo así os intereses en pesetas e non en ouro e, polo tanto, tendo que pagar o novo imposto.

A pesar de que Fernández Villaverde non modificou os principios impositivos, a súa reforma removeu a estrutura recadadora da Facenda central, desprazando os tributos decimonónicos (a Contribución de inmobles, cultivo e gandaría e a de Consumos determinados) para facer sitio a outros impostos máis modernos (os novos de produto e os de consumos específicos).

A Contribución territorial perdeu entidade despois de 1900 a favor da contribución de utilidades, converténdose esta desde a década de 1920 na segunda renda do Estado, só superada pola de Aduanas. A decadencia da contribución de inmobles aconteceu polo incremento doutros ingresos, polo estancamento do cota territorial, e polo lento avance na confección do Avance catastral durante o primeiro terzo do século XX, o que pon de manifesto a resistencia dos contribuíntes españois a facilitar información á Facenda pública.

Despois de 1900, a Contribución de consumos e as novas contribucións sobre consumos específicos perderon peso; así, os consumos iniciaron o seu declive desde a Lei de Consumos de 1911, cando comezou a súa abolición como imposto do Estado, non compensando ao aumento da recadación das contribucións sobre gastos específicos aquela perda. Os Consumos foron transferidos ás Facendas municipais, que xa cobraban notables recargas sobre esta contribución, superiores moitas veces ao máximo legal permitido.

O aumento de ingresos pola contribución de utilidades, que chegou a acadar o 12% da recadación da Facenda central, centrouse na segunda tarifa desta, que recaía nos rendementos de capital, debido á avultada recadación do Imposto do 20% sobre os intereses da Débeda pública, que era imposible evadir porque o Estado o retiña en orixe. Estes rendementos declinaron cando se empezou a emitir débeda exenta do imposto e tamén porque a tarifa I, que gravaba os rendementos do traballo asalariado, aumentou a súa recadación entre 1900 e 1935.

En 1920 instaurouse o imposto sobre a renda das sociedades, dentro da tarifa III da Contribución de utilidades, cunha estimación máis directa da base impoñible. Como consecuencia, aumentaron os rendementos recadadores e tamén a presión fiscal na industria entre 1913 e 1929, en parte porque a Facenda pública logrou a redución da fraude fiscal na Contribución de utilidades, debido á reforma e mellora do sistema de inspección.

A contribución da renda de Aduanas aos ingresos ordinarios do Estado acusou os ciclos do comercio exterior, diminuíndo coa primeira guerra mundial ao 10%, e acadando o seu máximo recadador nos anos vinte desde 1850, o 19%, converténdose así no principal imposto. Esta relevancia dos impostos de Aduanas é signo de que a Facenda española seguía ancorada en pautas tributarias atrasadas.

USC COMPOSTELA

A obra orzamentaria de Fernández Villaverde de contención do gasto público, que foi continuada polos seus sucesores no ministerio, permitiu uns superávits consecutivos no Presuposto do Estado entre 1899 e 1908, o que era algo excepcional, sendo a media dos superávits do período 1899-1906 do 7,1% do presuposto de gastos. Non obstante, en canto os gastos públicos aumentaron, a imposición real volveu a mostrar a súa rixidez e reapareceu a insuficiencia en 1909, agravándose o déficit entre 1915 e 1923, ata cifras próximas ao 30% do gasto do Estado. Esta insuficiencia requiría, de novo, unha reforma tributaria. Adicionalmente, os gravames de produto quedaron obsoletos pola difusión por Europa durante a primeira guerra mundial das novas ideas fiscais, que defendían a particularización do gravame directo e os impostos xerais sobre o volume de vendas. Así, España completaba a súa fiscalización liberal de produto e sobre consumos específicos, precisamente, cando outros países europeos a abandonaban, substituíndoa pola propia do Estado providencia que recaía sobre a renda das persoas físicas e das sociedades, o patrimonio, as sucesións e sobre o volume de vendas.

A creba da tributación real ou de produto ao remate da Restauración incitou a reforma silenciosa de Antonio Flores de Lemus, que inspirou os proxectos que varios ministros de diferentes partidos presentaron nas Cortes. A pesar da súa moderación e gradualismo, só algunhas ideas de Flores de Lemus apareceron na Gaceta de Madrid como a derrogación dos Consumos en 1911, e a reforma da Tarifa III da Contribución de utilidades, as procedentes do traballo xuntamente co capital no exercicio industrial, no ano 1920, quedando inéditos outros proxectos importantes que figuraban no plan reformador de Flores, como o imposto sobre o patrimonio e o gravame xeral sobre as vendas (Comín, 1996b).

En resumo, os méritos de Villaverde consistiron en ser o artífice dunha fase de equilibrio orzamentario, en establecer un sistema tributario que, inda que con cambios apreciables, se mantivo ata a reforma Fernández Villaverde-Fuentes Quintana iniciada en 1977, e en instituír unha estrutura da débeda pública que se mantivo ata as conversións de Calvo Sotelo en 1927-28. Tampouco hai que esquecer a súa capacidade de liderado, que permitiu crear escola, os villaverdistas, que tiveron un papel protagonista nos debates sobre cuestións económicas, particularmente nas relacionadas coa Facenda. Pouco despois do falecemento de Villaverde no ano 1905, o grupo creado polos villaverdistas dispersouse; Rafael Gasset, Santiago Alba, Julio Burell e Eduardo Cobián incorporáronse ás filas liberais, mentres que Augusto González Besada, Gabino Bugallal e Antonio García Alix regresaron á disciplina conservadora. A política económica das dúas primeiras décadas do século XX estivo xestionada, en boa medida, por discípulos de Villaverde, algúns dos cales como González Besada, García Alix, Eduardo Cobián, Bugallal e Alba ocuparon a carteira de Facenda, González Besada e Gasset a de Fomento, e Burell a de Instrución Pública. A influencia de Villaverde foi evidente nalgunhas decisións que adoptaron os seus sucesores nesta etapa, como a extensión das tarifas progresivas no Imposto Sucesorio ou a creación dun forte imposto sobre os alcohois (Comín, 2000, pp. 23-59).

3.3. FACENDA LOCAL

No século XIX a Administración local non pasou de ser unha prolongación da Administración central, xa que se cederon aos entes locais aquelas funcións que non podía desempeñar o Estado. Desde a reforma de 1833, de Javier de Burgos, os liberais moderados confiaron ás Deputacións provinciais, a maiores de exercer o control político das provincias, algunhas competencias de natureza económica e social como a realización de obras públicas de ámbito provincial e coidado dos montes públicos, o financiamento da ensinanza secundaria a través dos institutos establecidos nas capitais de provincia, a xestión dos establecementos de beneficencia e dos hospitais provinciais, o control da corrección pública e a administración dos cárceres, a

USC

supervisión e aprobación dos presupostos municipais, ou o reparto das cotas provinciais das contribucións estatais entre os pobos. Estas funcións delegadas polo Estado debían financiarse cos recursos das Deputacións procedentes das rendas e censos da provincia, os dereitos provinciais de portazgos, pontazgos e barcaxes; os repartimentos e as recargas sobre as contribucións directas estatais, os arbitrios especiais e as taxas relacionadas coa instrución e a beneficencia.

Pola súa parte, o centralismo decimonónico atribuíulle ao municipio as funcións propias dos poderes locais como a policía municipal, de seguridade e urbana; as escolas de primeira ensinanza e os soldos dos mestres, os establecementos de beneficencia e de corrección pública locais, a conservación e a construción de camiños, estradas e obras públicas veciñais; o alivio fronte aos sinistros imprevistos e a administración do patrimonio común, consistente en montes e propios; reparto inspirado, unha vez máis, no modelo francés. Este modelo mantiña a importancia da imposición indirecta e adoptaba a imposición real, ou de produto, dentro da fiscalización directa. Así, os trazos máis singulares do sistema tributario latino eran: o predominio cuantitativo dos impostos indirectos, os impostos directos eran de produto -tamén chamados gravames obxectivos-, pois seguían a fonte que xeraba os rendementos impoñibles, e non á persoa que percibía esas rendas; esa tributación de produto era proporcional e non permitía progresividade; e os tributos indirectos recaían sobre os consumos determinados e específicos (Comín, 1996a).

A Lei Municipal de 1845 distinguía dunha maneira máis concreta dous tipos de gastos: por un lado os obrigatorios do concello e por outro, os voluntarios e imprevistos. Os gastos obrigatorios eran aqueles desembolsos permanentes que os municipios debían realizar por delegación do Estado para atender as obrigacións correntes impostas polo poder central, reflectidas nos capítulos orzamentarios seguintes: Concello; Policía de Seguridade; Policía Urbana; Instrución Pública; Beneficencia; Obras públicas; Corrección pública e Montes, e para satisfacer os impostos que cada municipio tiña que xirar ao Estado e á Deputación Provincial correspondente, para que esta financiase os seus gastos, pagos que quedaban recollidos no capítulo de Cargas. Os demais gastos municipais eran os desembolsos de natureza transitoria e eventual; tratábase de compromisos voluntarios, emprendidos de forma autónoma polos concellos para financiar as obras de nova construción e os gastos imprevistos, destinados para afrontar as calamidades e sinistros públicos.

A insuficiencia dos ingresos do Estado impediu a dotación dun sistema de ingresos propios para as Facendas locais, ou cando menos, de recursos suficientes para financiar as partidas do gasto descentralizado. O goberno central desentendeuse dos seus compromisos para subministrar determinados servizos públicos, sabendo que ían ser desatendidos por unhas corporacións locais pobres en recursos, o que deu como resultado a escasa dotación e mal estado dos camiños veciñais, comarcais e provinciais; as deficiencias na educación primaria e secundaria, o abandono dos silos, a insuficiencia da sanidade e da beneficencia, e os pésimos servizos municipais.

A pesar de que as leis municipais do século XIX xa prevían a emisión de empréstitos polas Facendas locais, as limitacións legais destes, que debían ser autorizados polo goberno, xunto ao feito de que os entes locais puideran cubrir os déficits con arbitrios extraordinarios, deron como resultado escasas cifras de débeda municipal e provincial.

Entre 1845 e os primeiros anos da Restauración, os concellos españois seguramente redimiron gran parte da súa débeda, non obstante, tendo en conta a partida de Cargas, os réditos da débeda municipal volveron a aumentar desde a Restauración, e máis aínda ao entrar no século XX. Así, os gastos municipais aumentaron considerablemente entre 1905 e 1919, inda que menos que os

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

do Estado, e como os gastos foron maiores que os ingresos dos concellos, os seus déficits convertéronse en crónicos nas primeiras décadas do século XX.
Os problemas arrastrados polas Facendas locais desde que perderon o seu patrimonio coa desamortización fixéronse tan evidentes que, desde comezos do século XX, os mauristas comezaron a propoñer a súa reforma; así e todo, houbo que agardar a que Calvo Sotelo, director xeral de Administración local do Directorio civil, lexislase os Estatutos municipal e provincial para avanzar algo neste terreo.
Coa aprobación do Estatuto municipal en 1924 e o Estatuto provincial en 1925, produciuse unha regulación das Facendas locais en España. O Estatuto Municipal e o Regulamento de Facenda Municipal de 23 de agosto de 1924 fixaron a estrutura dos presupostos municipais, que permaneceu en vigor ata 1958, o mesmo que a Real Orde de 12 de maio de 1925 para os presupostos provinciais das Deputacións de réxime común, favorecendo unha certa descentralización e un aumento da recadación.
O Estatuto municipal de 1924 significou un avance fronte á tributación local previa, tanto no aspecto recadador como no plano formal de ordenación dos tributos. Os seus méritos consistiron en refundir a lexislación anterior e en dotar dunha maior autonomía aos presupostos municipais e provinciais, o que permitiu fortalecer estas Facendas locais e expandir as súas actividades. A súa principal deficiencia foi que estableceu unha fiscalización municipal ríxida, heteroxénea e tecnicamente imperfecta.
A reforma municipal de 1924 estivo condicionada por unha serie de circunstancias, como foron: a necesidade de aprobar unha tributación substitutiva da abolida contribución de consumos e conseguir a suficiencia financeira dos municipios; a ausencia dunha Administración local preparada para xestionar uns tributos propios; e a persistente oposición ás reformas tributarias en España. Tendo en conta o anterior, decidiuse non prescindir de ningunha renda, e así o Estatuto de 1924 estableceu unha tributación mixta con tres clases de tributos: a cesión de cotas do Tesouro, as recargas municipais sobre as contribucións e impostos do Estado, e os arbitrios municipais. Ademais, o Estatuto consolidou o traspaso ás Facendas municipais dos impostos estatais que foran cedidos integramente a determinados concellos. A complexidade do sistema establecido en 1924 derivou dos prolixos regulamentos das contribucións especiais, dos defectos técnicos na regulamentación das taxas e do excesivo número de impostos.
O Estatuto logrou unha ordenación e sistematización dos tributos municipais: por un lado perfeccionou a tributación xerarquizada e instaurou o principio do beneficio, antepoñendo as contribucións especiais e as taxas aos impostos municipais autónomos, postergando a tributación persoal ao último lugar; por outro lado, refundiu os tributos vixentes, establecidos por disposicións anteriores. O Real Decreto de 8 de marzo de 1924[102] foi o que recolleu e ordenou a tributación municipal tradicional xunto aos novos tributos de substitución. Os avances desta refundición foron:
1. o Estatuto especificou e modernizou tecnicamente as taxas;
2. declarou obrigatorias todas as contribucións especiais establecidas por Real Decreto de 31 de decembro de 1917, debido ao aumento de valor;
3. autorizou ao goberno para conceder aos concellos as exaccións locais incluídas no proxecto de 1918;
4. case todos os tributos municipais que se crearon antes de 1924, mantivéronse no Estatuto sen cambios de fondo, estes eran: o arbitrio sobre casinos e círculos de recreo (cedido polas leis de 3 de agosto de 1907 e 12 de xuño de 1911), o arbitrio sobre carruaxes e cabalerías de luxo (Lei de 30 de xuño de 1895), o arbitrio sobre solares sen edificar (Lei de 12 de xuño de 1911), o

[102] España. Directorio Militar. Real Decreto do Estatuto Municipal de 1924, de 8 de marzo. La Gaceta de Madrid, 9 de marzo de 1924, núm. 69, pp. 1218-1302.

arbitrio sobre o incremento de valor dos terreos (Real Decreto de 13 de marzo de 1919), os arbitrios sobre o consumo de bebidas espirituosas e alcohois, carnes, falcoería e caza menor (Lei de 12 de xuño de 1911), o arbitrio sobre pompas fúnebres (Lei de presupostos de 1922), o arbitrio sobre inquilinatos (Lei de 12 de xuño de 1911), e o repartimento xeral (RD de 2 de outubro de 1877).

En suma, o Estatuto transformou definitivamente o carácter excepcional e eventual das exaccións municipais, para convertelas en recursos ordinarios.

Entre a fiscalización municipal, o Estatuto incluía, en primeiro lugar, as contribucións e impostos cedidos polo Estado, que eran: o Imposto de Cédulas persoais, que sería traspasado ao ano seguinte ás Deputacións; o imposto sobre carruaxes de luxo, e o 20% da cota do Tesouro pola contribución industrial e pola contribución urbana, que os municipios podían substituír por un arbitrio municipal sobre os solares urbanos. En segundo lugar, estaban as recargas municipais das seguintes contribucións ao Estado: a urbana, a industrial, a de utilidades, e a que recaía sobre as explotacións mineiras. E, en terceiro lugar, estaban os impostos municipais autónomos, que eran uns arbitrios xirados sobre os beneficios das sociedades anónimas e comanditarias por accións; os solares sen edificar, os terreos incultos, e as plusvalías de terreos; a circulación de automóbiles, cabalerías de luxo e motocicletas; as pompas fúnebres; os inquilinatos; o consumo de bebidas espirituosas e alcohólicas, de carnes, de falcoería e de caza menor; e finalmente o repartimento xeral.

Ademais, o Estatuto municipal aumentou os recursos financeiros a disposición dos municipios e das provincias, ao facilitar o seu endebedamento e promover a creación do Banco de Crédito Local de España.

En conxunto, despois do Estatuto de 1924 a imposición municipal (os impostos e exaccións) proporcionou entre o 45 e o 51% dos recursos municipais, e se a isto se lle engaden as taxas, entre o 65 e o 71% dos ingresos procedía de tributos propiamente municipais. En 1924 dotouse ás facendas municipais dunha tributación moderna, inda que aínda ecléctica, ao conservar unha notable importancia as participacións dos concellos nos impostos do Estado e ao non desenvolverse máis as contribucións especiais, que son os impostos típicos municipais porque incorporan o principio de beneficio.

É preciso facer referencia a que dentro da competencia municipal estaba tamén a construción de casas baratas e escolas, así como a loita contra o paro social; polo que o decreto de 10 de outubro de 1924 declarou en vigor a Lei de 10 de decembro de 1921, que autorizaba aos concellos de municipios nos que se construísen casas baratas para establecer unha recarga sobre o imposto municipal de solares, que non podía exceder do 75% dos tipos fixados pola lei sobre impostos substitutivos da contribución de consumos de 12 de xuño de 1911.

As contas municipais víronse afectadas por todas estas reformas do Estatuto de 1924, cun desenvolvemento inicial da Facenda, cun estancamento posterior a partir de 1926.

Con respecto ao Estatuto provincial, inda que non se recuperaron os niveis relativos do século XIX, con este aumentou a porcentaxe de gasto das Deputacións, sobre todo nos apartados de beneficencia, obras públicas, edificios provinciais e Administración provincial (obrigacións xerais, persoal e material), respectivamente; e tamén os ingresos, nutríndose estes maioritariamente das cesións de recursos municipais, dos impostos e recursos cedidos polo Estado, das subvencións e donativos, e das recargas provinciais respectivamente en 1926. Isto demostra que as facendas provinciais seguían sen contar con recursos propios de entidade suficiente, polo que eran moi dependentes das facendas central e municipal (Comín, 1996b).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.4 GLOSARIO ECONÓMICO

A continuación preséntase un glosario económico no que se definen tributos e conceptos económicos básicos que usarei ao longo do estudo (Piernas y Hurtado, 1884; Piernas y Hurtado, 1885; Piernas y Hurtado et al., 1875; Comín, 1996a). Son os seguintes:

- Amillaramiento: Consiste en amillarar ou avaliar por miles os bens e propiedades suxeitos ao pago da contribución, e tamén o documento que nesa avaliación se consigna. Este ten por base a declaración do propietario, comprende a riqueza do termo municipal e expresa os nomes dos contribuíntes, a denominación, cabida e lindeiros das fincas, a clasificación que se fai delas en virtude das súas condicións produtivas, o rendemento total, os gastos de explotación e o líquido impoñible.
- Administración de partícipes: recargas que impoñen as deputacións e os concellos sobre as contribucións xerais, e que se cobran á vez que estas. Provén do recoñecemento a particulares e corporacións do dereito de tomar unha parte das rendas públicas; así, o Estado encargábase de facer a recadación integramente, e ao abonar as súas cotas aos partícipes, facíalles un desconto para indemnizarse dos gastos ocasionados por esa administración.
- Aloxamentos e subministracións: Consiste o primeiro na provisión obrigatoria de hospedaxe a toda tropa que permaneza menos dun mes nun pobo. O segundo impón aos concellos a obrigación de facilitar ás tropas e á Garda Civil, que transitaren por eles, as racións en especie que necesiten para o seu consumo.
- Amortización: procedemento que equivale ao pago ou extinción da débeda, calquera que sexa a forma en que se verifique. Tamén contempla o abono gradual e periódico dos débitos, independentemente do sistema polo que se faga, e incluso coa mediación especial dun establecemento denominado Fondo ou Caixa de amortización.
- Arbitrio: tributo municipal que a alcaldía aplica dentro da súa xurisdición como unha contraprestación polos servizos ofrecidos, ou polo aproveitamento dalgún dos seus bens, sen ter en conta a capacidade contributiva dos seus habitantes.
- Bens de propios ou terras do común: Engloban todas as rendas que proveñan do dominio directo ou útil, ou dos dous á vez, de calquera propiedade rústica ou urbana correspondente ao común dun pobo, cobrándose o 20% dos produtos íntegros despois de baixado o importe das contribucións ás que están suxeitas estas fincas como propiedade particular. O produto de tales bens dedícase ás necesidades municipais.
- Catastro: documento dinámico que recolle dous tipos de información sobre o territorio, unha xeométrica e outra económica e fiscal. A primeira reúne a descrición parcelaria do territorio dun país; a segunda clasifica as terras por municipios, e conforma ás súas calidades, avalía os rendementos e o custe da produción, determinando a renda líquida ou materia de imposición que se recoñece a cada unidade de superficie segundo a clase e o cultivo.
- Contribución de inmobles, cultivo e gandaría: imposto que afecta aos propietarios e demais partícipes do produto líquido dos bens inmobles e do cultivo e gandaría, que son responsables colectivos en cada provincia do pago íntegro da cota fixa sinalada a esta, e da mesma maneira serano os de cada pobo ou distrito municipal da cota que a este lle tocou. Por medio dunha lei fixarase anualmente a cantidade total que cada provincia ten que pagar ao Tesouro público, e a adicional coa que teña que recargarse para atender aos gastos de repartimento e cobranza. Tamén se fixará o máximo das cantidades con que a cota de cada pobo poderá ser recargado para atender aos gastos de interese común.
- Contribución industrial e de comercio: imposto especial sobre os beneficios obtidos coa aplicación do traballo en calquera das súas formas, que comprende as industrias, para cuxo efecto considera como tales non só a fabricación, as manufacturas e o comercio, senón tamén as chamadas profesións liberais. Calcúlanse os beneficios industriais atendendo

fundamentalmente ás tres variables que son: a natureza da profesión, a localidade da industria e os alugueiros das tendas e casas que ocupan os industriais. Componse dunha cota fixa para o Tesouro, que é a sinalada nas tarifas, das recargas que poden establecer sobre esta as provincias e concellos ata o límite para as atencións municipais do 16%, e dun 6% sobre a suma das cantidades anteriores por gastos de administración e cobranza, para fomentar o imposto e cubrir ata onde sexa posible o importe das partidas erradas.

- Crédito público: recurso do Estado que pode ser ordinario e extraordinario. No primeiro caso debe empregarse como un procedemento necesario para o manexo do Tesouro público, e como medio de acumular ou capitalizar ingresos previstos e establecidos con normalidade. Como recurso extraordinario, o crédito público suple as deficiencias do imposto nos momentos de crise, xustificado por unha guerra estranxeira, unha revolución interior ou unha calamidade de calquera xénero.
- Débeda pública: suma dos empréstitos non devoltos polos Gobernos, e que se divide, conforme ás condicións da súa emisión, en perpetua e amortizable. No primeiro caso os títulos da débeda non incorporan a obrigación de reembolso nin unha data de vencemento fixada, e no segundo existe o compromiso de reembolso aos subscritores do nominal e os intereses dos títulos ao remate dos prazos establecidos.
- Dominio eminente: facultade de expropiar que posúe o Estado, previa declaración de utilidade pública, como consecuencia das funcións sociais que este exerce.
- Empréstito: recurso anticipado que non pode adquirirse dunha maneira definitiva en circunstancias determinadas, pero que debe ser devolto tan pronto como se restablezan as condicións normais. Ao igual que a débeda, pode ser perpetuo ou temporal.
- Encabezamento: medio ordinario de recadar a contribución de consumos que designa tanto o aspecto censal como o propiamente facendístico. Poden ser xerais cando comprenden a todo un pobo e confiren ao municipio o dereito de recadar para si, mediante o pago dunha cantidade alzada, os produtos do imposto; e parciais ou individuais, cando se concertan cos gremios ou con particulares determinados, sendo obrigatorios para todos os habitantes que ocupan as zonas do arrabalde das poboacións polas especies que vendan ou consuman eles, as súas familias e dependentes.
- Exercicios cerrados: último epígrafe da sección do presuposto de gastos que comprende o concepto de obrigacións que carecen de crédito lexislativo, no que se computan as resultas de exercicios cerrados, é dicir, créditos non pagados que pasan en concepto especial a outro presuposto.
- Facenda pública: conformada polos recursos e bens patrimoniais con que conta o estado ou o municipio, ocupándose da distribución e aplicación de ditos recursos mediante o gasto público, coa finalidade de acadar os obxectivos de goberno. As funcións propias da administración de facenda son a fixación dos gastos públicos, a fixación dos ingresos, o establecemento e recadación dos impostos e rendas públicas, o manexo e distribución dos caudais públicos, e a xustificación dos seus actos mediante unha contabilidade documentada. Nútrese de tres tipos de recursos: os gratuítos, como son os antigos donativos da nobreza e o clero; os contractuais, que proceden da propiedade e das empresas públicas, que presentan a forma de rendas e prezos; e os coactivos, tamén chamados ingresos derivados das tres prerrogativas do Estado: o dominio eminente, que permite as expropiacións; o poder penal, do que emanan as multas; e o poder fiscal, sustentado polas taxas, contribucións especiais e impostos.

As taxas son tributos cuxo feito impoñible xorde do aproveitamento particular dalgún dominio público, dun servizo público, ou dunha actividade da Administración que beneficia directamente ao suxeito pasivo. As contribucións especiais aplican o principio de beneficio, e a súa base impoñible é proporcional ás ganancias obtidas nunha propiedade inmoble pola

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

realización de obras ou inversións públicas. Os impostos implican a obrigación de transferir diñeiro ao Estado, sen que o contribuínte reciba ningunha contraprestación directamente relacionada co pago ao Tesouro. O suxeito activo sempre é o Estado, desde a revolución liberal, inda que pode ceder a percepción dos impostos a outros organismos públicos.

- Imposto de cédulas persoais: as cédulas persoais son documentos de policía que serven de medio de vixilancia para identificar ás persoas. O imposto de cédulas persoas é un imposto directo obrigatorio para os españois e estranxeiros de ambos sexos, maiores de catorce anos e domiciliados en España. As tarifas son dúas, unha con respecto ás cotas de contribución directa e aos soldos, e outra segundo os alugueiros que se paguen nas poboacións divididas en seis grupos. Confeccionarase un padrón no que consten todos os obrigados a sacar cédula, o concepto polo que lles corresponde, a clase de documento e a recarga sinalada. Quedan exentos deste imposto os individuos das clases de tropa, os mendigos e acollidos nos asilos benéficos, as relixiosas e irmás da caridade, así como os penados durante o tempo da súa reclusión.
- Imposto de consumos: imposto indirecto que grava un número de artigos de primeira necesidade. Dentro destes están os comestibles (cereais, carnes, peixes, sal, azucre, etc.); bebidas alcohólicas (sidra, viños, licores, augardentes); combustibles (leñas, carbóns, aceites, graxas, tabaco, etc.); ou sexa, segundo o tecnicismo da facenda, os artigos de comer, beber e arder. A xeneralidade do seu consumo é a que determina a preferencia dos obxectos, podendo estes aumentar en función daquel dependendo das angustias do tesouro público.

Os sistemas para a súa recadación redúcense a tres: ou se esixen á produción, ou na circulación, ou mediante o establecemento de monopolios industriais, predominando estes dous últimos. No primeiro caso grávanse directamente os terreos ou manufacturas das que se obteñen os artigos, no segundo esíxense os dereitos á entrada das poboacións ou cando os produtos se poñen á venda, e no terceiro resérvase o Estado a produción, fabricación e comercio. Debido á dificultade da administración e vixilancia, prevalecen como mecanismo máis sinxelo de recadación as tarifas de circulación para o maior número de artigos, e o monopolio para algúns deles, o tabaco e o sal principalmente.

A pesar de ser pola súa natureza de cota indirecto, xa que se refire unicamente ao valor das cousas, non obstante chegou a facerse directo e de reparto por medio do encabezamento, que consiste en sinalar a cada localidade ou grupo de contribuíntes unha cota fixa que logo se distribúe en cotas individuais con arranxo ás bases establecidas. As propias localidades encárganse de administralo, facéndoo efectivo cos dereitos sobre o consumo. A administración autoriza aos concellos encabezados, para cubrir as súas cotas, valéndose dos mesmos medios empregados por ela para facelos efectivos, que son a recadación directa, o encabezamento e o arrendamento, ademais da venda exclusiva dalgunha especie, feita por conta do municipio, do arrendo desa facultade e do reparto entre os veciños contribuíntes.

Os encabezamentos regúlanse atendendo ao número de habitantes, en proporción á riqueza posuída pola colectividade, ou mediante a combinación de ambos.

Os concellos, para cubrir as necesidades municipais, poden impoñer sobre as especies tarifadas recargas ata o 100% dos dereitos sinalados para o Tesouro, exceptuándose destas recargas o sal, os aceites e as graxas que as empresas de ferrocarrís empregan nos diversos servizos da vía. Os concellos tamén poden solicitar que se sometan ao imposto especies non comprendidas nas tarifas, en beneficio do presuposto local.

- Imposto sobre as translacións de dominio: tamén coñecido como imposto de dereitos reais e transmisións de propiedade. Imposto indirecto que grava as mutacións da propiedade inmoble, xa por alleamento (compravenda, permuta, doazón e préstamo), na constitución dos dereitos reais (usufruto, arrendo e hipoteca), así como a transmisión da riqueza moble feita pública e solemnemente sobre os bens de todas clases en sucesións hereditarias. Polo tanto, a materia do

USC DE COMPOSTELA

imposto son os contratos e actos intervivos e transmisións por causa de morte, é dicir, as adquisicións e a circulación da riqueza.
- Imposto de inquilinato: imposto que afecta soamente á riqueza daqueles que non están sometidos ás contribucións directas, ou que pagan en virtude delas unha cota inferior e desproporcionada con relación á fortuna que demostra o importe dos alugueiros que satisfán.
- Imposto de timbre ou selo do Estado: imposto indirecto que grava a circulación de todos os capitais e a un gran número de actos sociais. No primeiro concepto esíxese polos contratos de obrigacións e transmisións de propiedade, outorgados ante funcionarios públicos, polos documentos privados que se dirixan aos mesmos fins, os documentos de comercio, libros, facturas, recibos, etc.; os efectos de xiro, os títulos de créditos de todas as clases, pólizas de Bolsa, seguros, etc. A segunda aplicación esténdese a todos os actos da vida que requiren algunha solemnidade, e nos que intervén de calquera maneira unha autoridade xudicial, administrativa ou eclesiástica.
Os dereitos de timbre son de dúas clases, como a materia sobre a que recaen: uns fixos, para aqueles actos que non son económicos, ou séndoo non se refiren a cantidade determinada; e outros proporcionais ao valor expresado nos actos ou operacións de transmisión.
- Imposto directo e indirecto: O imposto directo grava unha manifestación directa e duradeira da capacidade de pago dos contribuíntes. Para a súa recadación empréganse os catastros, amillaramientos, censos, padróns ou listas nominativas de contribuíntes, nas que se detallan os rendementos e ingresos suxeitos a gravame.
O imposto indirecto recae sobre manifestacións indirectas e transitorias da capacidade de pago, non se deveñan en períodos fixos, senón que se perciben con ocasión de actos contractuais, e os suxeitos pasivos poden repercutir o imposto ao prezo, trasladando a carga fiscal a outros axentes.
É preciso recordar que o suxeito pasivo dun imposto é a persoa con obrigación de contribuír, o feito impoñible é aquelo que orixina a obrigación de tributar, a base impoñible determina a contía da obrigación tributaria, a cota tributaria é o resultado de aplicar as tarifas impositivas ás bases, e despois de restar dela as deducións e as retencións en orixe obtense a débeda tributaria que o contribuínte ten que ingresar ao Tesouro público.
- Imposto persoal: consiste na prestación obrigatoria de servizos ao Estado, sendo os únicos que teñen este carácter os que constitúen a forza pública, ou sexa, as quintas e posteriormente o servizo militar.
- Imposto real: imposto en especie ou en numerario. Pertencen á primeira clase só os aloxamentos e subministracións, abonándose os restantes en diñeiro. As contribucións pagadas en metálico subdivídense, por razón da súa forma, en directas e indirectas; e atendendo á base que toman, en imposicións sobre as persoas, sobre o capital, sobre a renda e sobre os gastos ou o consumo. Tendo en conta o anterior, son impostos en numerario e directos o de cédulas persoais, a contribución de inmobles, industrial e de comercio, de minas, desconto de soldos e asignacións, e o 20% de propios. E son impostos indirectos os dereitos reais, o timbre do Estado, a recarga nas tarifas de viaxeiros e mercancías, dereitos de carga e descarga e de viaxeiros na navegación marítima, consumos e aduanas.
- Imposto sobre as minas: imposto que grava as explotacións mineiras cunha dobre imposición, polo canon de superficie por hectárea en función da clase de mineral explotado, e o 1% sobre os produtos brutos.
- Imposto sobre as tarifas de viaxeiros e de mercancías: imposto indirecto que afecta á circulación e que toma como materia impoñible o transporte das persoas e das mercadorías. Consiste na recarga do 15% sobre o prezo dos billetes de viaxeiros por ferrocarril, e no dereito de rexistro sobre os transportes por ferrocarril e demais vías de comunicación computado en

USC DE COMPOSTELA

función de cada talón expedido ao facturar as equipaxes, encargos e mercancías de calquera clase.
- Imposto sobre soldos e asignacións: imposto que grava todos os haberes do Estado e das corporacións locais con certas excepcións, consistente no 10% destes. Os empregados provinciais e municipais pagan o imposto se os seus haberes chegan ás 1.000 pesetas, sen outra excepción que os mestres de instrución primaria.
- Imposto territorial: imposición sobre a propiedade inmoble que se divide en dous ramos segundo afecte a bens rústicos ou á propiedade urbana. No primeiro caso, o imposto recae sobre a renda líquida cuxa materia de imposición se calcula pola diferenza dos produtos totais da terra e os gastos de todas clases indispensables para o cultivo a que se dedica a mesma. O imposto sobre as casas ou propiedades urbanas componse de dous elementos para computar o gravame, que son o terreo ou solar, e o edificio sobre el construído. Soen impoñerse as casas pola renda que dan alugadas, feita a dedución dunha parte alícuota por gastos de conservación e tempo no que se atopen desocupadas, e pola estimación directa do seu valor. No caso das propiedades urbanas, estas non pagan segundo a súa renda efectiva, senón conforme á que poden dar polo capital que representan.
- Presuposto: lei da vida económica do Estado para un período de tempo determinado. É unha institución á vez política, administrativa e económica. Política polos seus efectos de garantía para os pobos e de restrición para os gobernos; administrativa, porque detalla a organización e o límite de todos os servizos do Estado ao sinalar os recursos que a cada un deles poden aplicarse; e económica, posto que determina as necesidades ou gastos públicos como razón ou fundamento dos impostos, que en nome do interese común afectarán á propiedade privada. En circunstancias anormais, o presuposto é dobre: un para as atencións e recursos ordinarios, os usuais; e outro para as necesidades e medios extraordinarios de carácter excepcional. Os gastos que deben figurar no presuposto extraordinario son os que xustifican o emprego do crédito, e en canto aos ingresos, os que se obteñen do empréstito. Ao concluír o ano económico, no período de ampliación terminaranse as operacións de cobranza dos recursos orzamentarios, e a liquidación e pago dos servizos realizados durante o ano; as resultas que quedaren ao fin deste período serán obxecto dun presuposto adicional, previas as liquidacións necesarias, que deberán rematarse no seguinte mes.
En último lugar, o presuposto refundido aglutina o ordinario, extraordinario e adicional.
Como cadro xeral que é das necesidades e dos medios económicos do Estado, o presuposto pode ofrecer tres situacións: nivelado cando os gastos coinciden cos recursos, déficit cando hai exceso dos gastos sobre os ingresos, e superávit ou remanente aos ingresos que sobran.
- Servizo militar: imposición non económica consistente na obrigación de servir os cargos provinciais e municipais. Recurso puramente local é tamén a prestación persoal nas obras públicas, que con certas limitacións, están autorizados a esixir os concellos.
- Tesouro público: centro onde aflúen os recursos e se pagan as obrigacións do Estado. Así como o presuposto enlaza teoricamente os gastos e os ingresos, o tesouro é o punto en que se verifica a súa coincidencia dun modo material. O servizo de tesouraría ten por obxecto concentrar os recursos do Estado, circulalos polo país levándoos a onde fagan falta, e distribuílos entre os acredores do Erario. O tesouro é o caixeiro que cobra e garda os fondos públicos e tamén o banqueiro que os manexa de modo que se atopen oportunamente onde deban ser gastados. O tesouro na súa administración debe reunir as seguintes condicións: ser único, centralizado e constar de varias dependencias.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4 EVOLUCIÓN ECONÓMICA

4.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

Debemos ter en conta que ao ser un período de investigación que excede os vinte anos, haberá momentos con menos detalles, tendendo á xeneralización, sempre coa finalidade de aportar esclarecemento ao complexo estudo do ámbito económico.

Tamén debemos recalcar que este estudo económico deberá contar cunha deriva social, así será importante valorar a retroalimentación entre os ámbitos económico e social, o que nos dará a resposta aos porqués da situación do Concello de Lugo a comezos do século XX.

Outro aspecto a ter en conta é que se trata dun estudo global, cuxa finalidade é social, e polo tanto fuxe en xeral de termos macro e micro económicos, alleos ao que debe ser un estudo histórico-social a nivel local.

Á hora de abordar o estudo da evolución económica do Concello de Lugo é preciso establecer cal vai ser o procedemento a seguir. Desde un punto de vista global centrarémonos nun enfoque sincrónico, analizando en cada etapa as características da mesma, explicando os capítulos de ingresos e gastos, que se complementará con outro enfoque diacrónico, que se refire á evolución comparativa por anos e etapas, valorando finalmente as repercusión a nivel socioeconómico.

Os parámetros a ter en conta nesta análise económica son os que seguen. En primeiro lugar, o presuposto por capítulos e anos, separado en ingresos e gastos. Os apartados que se tomarán como referencia no capítulo de ingresos serán: propios, montes, impostos, beneficencia, instrución pública, corrección pública, extraordinarios, resultas e recursos para cubrir o déficit. No capítulo de gastos, os apartados serán: gastos do concello, policía de seguridade, policía urbana e rural, instrución pública, beneficencia municipal, obras públicas, corrección pública, montes, cargas, obras de nova construción, imprevistos, resultas e devolucións.

No ano 1925 varía a denominación e contido dos capítulos, así nos ingresos serán: rendas, aproveitamento de bens comunais, subvencións, servizos municipalizados, eventuais e extraordinarios, contribucións especiais, dereitos e taxas; cotas, recargas e participación en tributos nacionais; imposición municipal, multas, agrupación forzosa do municipio e resultas. No capítulo de gastos serán: obrigacións xerais, representación municipal, vixilancia e seguridade, policía urbana e rural, recadación, persoal e material de oficinas, salubridade e hixiene, beneficencia, asistencia social, instrución pública, obras públicas, montes, fomento de intereses comunais, municipalización de servizos, agrupación forzosa do municipio, imprevistos e resultas.

O enfoque diacrónico levarase a cabo mediante a división do período en tres etapas: a primeira do ano 1900 ao 1909, a segunda de 1910 a 1918, e a terceira de 1919 a 1925. En cada unha delas analizaranse fundamentalmente os ingresos e os gastos. Estes dividiranse nunha serie de apartados, que nos ingresos serán: impostos e recursos para cubrir o déficit, ingresos extraordinarios, servizos municipais (beneficencia, corrección pública e instrución pública), propios e montes. No capítulo de gastos os apartados serán: servizos municipais (beneficencia, policía urbana e rural, policía de seguridade, corrección pública e instrución pública), cargas, gastos xerais, obras municipais e montes. Á súa vez, estes apartados concretaranse, de ser o caso, nunha serie de subapartados para facilitar o estudo evolutivo.

É preciso considerar que as resultas nos ingresos e gastos non afectan de maneira efectiva á evolución económica, senón que simplemente fan referencia ao non ingresado e ao non pagado, un procedemento habitual nas contas de organismos públicos, que non afectan á concreción

USC DE SANTIAGO

efectiva de obrigacións e proxectos, polo que só se fará referencia a elas no apartado orzamentario.
Neste estudo da evolución económica do Concello de Lugo tamén é importante incorporar un apartado legal, así como unha comparativa orzamentaria das tres etapas, antes do estudo individualizado de cada unha destas.

4.2 MARCO LEGAL

4.2.1 Ámbito orzamentario da facenda local

O marco lexislativo que regula a facenda local en materia orzamentaria atópase recollido na Lei Orgánica Municipal do 2 de outubro de 1877[103]. O ano económico municipal será o mesmo que rexa para os presupostos e contas xerais da Nación (art. 132 LOM de 1877, do 2 de outubro). Así mesmo, establece que os concellos formarán todos os anos un presuposto que comprenda os gastos que por calquera concepto haxan de facerse e os ingresos destinados a cubrilos (art. 133 LOM de 1877, do 2 de outubro).

Os presupostos anuais ordinarios conterán as partidas necesarias, segundo os recursos do municipio para atender e cumprir as obrigacións, servizos e gastos que contemplan os artigos 72 e 73 desta lei como obrigatorios e ademais os seguintes (art. 134 LOM de 1877, do 2 de outubro):
1º. Persoal e material das dependencias e oficinas.
2º. Pensións, censos e cargas de xustiza que pesen sobre os fondos municipais, así como das débedas recoñecidas e liquidadas, e réditos e consecuencias de contratos.
3º. Fomento do arboredo.
4º. Medios preventivos e de socorro contra incendios.
5º. Subscrición ao Boletín oficial da Provincia en todos os concellos, e á Gaceta de Madrid nas cabezas de partido e pobos que excedan de 2.000 habitantes.
6º. Continxente do municipio no repartimento provincial.
7º. Unha partida para imprevistos e calamidades públicas, que non exceda do 10% do presuposto de gastos.
8º. As impresións, anuncios e o demais necesario para a publicidade dos actos municipais.

O valor dos aproveitamentos comunais alleados ou distribuídos entre os veciños será incluído nos presupostos municipais de ingresos, e figurará como data no de gastos o valor dos lotes adxudicados ou repartidos por título lucrativo.

Os gastos comprendidos nos presupostos municipais serán cubertos con ingresos, recargas e arbitrios que autorizan esta lei, a Xeral de Presupostos do Estado e as demais disposicións vixentes, sen continuar os concellos na obrigación de subordinarse estritamente á orde establecida no artigo 136. Neste artigo establécense os ingresos, que serán (art. 136 LOM de 1877, do 2 de outubro):
- Rendas e produtos procedentes de bens, dereitos ou capitais que por calquera concepto pertenzan ao municipio ou aos establecementos de beneficencia, instrución e outros análogos que del dependan.
- Arbitrios e impostos municipais sobre determinados servizos, obras e industrias, así como os aproveitamentos de policía urbana e rural, e multas e indemnizacións por infracción das ordenanzas municipais e bandos de policía.
- Un repartimento xeral entre todos os veciños e propietarios, en proporción aos medios ou facultades de cada un, para cubrir os servizos municipais na totalidade ou na parte á que non

[103] España. Ministerio da Gobernación. Lei Orgánica Municipal de 1877, do 2 de outubro. La Gaceta de Madrid, 4 de outubro de 1877, núm. 277, pp. 39-46.

alcancen os anteriores recursos. Quedan exceptuados do repartimento os pobres de solemnidade, os acollidos nos establecementos de beneficencia e as clases de tropa de terra e mar (art. 138 LOM de 1877, do 2 de outubro).

- Impostos sobre artigos de comer, beber e arder.

Só será autorizado o establecemento de arbitrios sobre aquelas obras ou servizos custeados con fondos municipais, cuxo aproveitamento non se efectúa polo común dos veciños senón por persoas ou clases determinadas, sempre que os interesados non o adquiriran anteriormente por título oneroso, así como sobre industrias que se exerzan na vía pública ou en terreos e propiedades do pobo, entendéndose que o concello non poderá atribuírse monopolio nin privilexio algún sobre aqueles servizos, senón no que sexa necesario para a salubridade pública. Poderá establecerse o arbitrio sobre os obxectos seguintes: aproveitamento e abastecemento de augas para usos privados, sumidoiros, establecementos balnearios en augas públicas, garda rural, establecementos de ensinanza secundaria, superior ou especial; licenzas para a construción de edificios, matadoiros, postos públicos e cadeiras en prazas, rúas, feiras, mercados e paseos; alugueiro de pesas e medidas, *almotacenía* ou repeso, enterramentos nos cemiterios municipais, coches de praza e de servizos funerarios, e carros de transporte no interior das poboacións; expedición de certificacións por actos do concello ou documentos que existan nos seus arquivos, e a parte que concedan as leis na expedición de documentos de vixilancia, licenzas de caza e pesca e de navegación e flote dos ríos, así como os aproveitamentos de augas.

En ningún caso poden ser obxecto de arbitrios os servizos de aproveitamento e abastecemento de augas para uso comunal, alumeado público, beirarrúas e empedrados, vixilancia pública, beneficencia, instrución pública elemental e limpeza, sen prexuízo dos aproveitamentos a que dera lugar esta.

Tamén se autoriza a creación de arbitrios sobre a venda de bebidas espirituosas ou fermentadas, sobre casas de baños, sobre toda clase de espectáculos públicos, e sobre xogos permitidos e rifas, na parte que as leis concedan aos concellos (art. 137 LOM de 1877, do 2 de outubro).

O concello e asociados, reunidos en xunta, determinarán as especies que serán obxecto do imposto de consumos, así como as tarifas polas que se ha de rexer a súa exacción e a forma na que esta teña que facerse. Estas tarifas non excederán en ningún caso do 25% do prezo medio do artigo na localidade respectiva. Os impostos de consumos só serán autorizados sobre os froitos ou bebidas que se consuman en cada pobo, quedando prohibido sobre eles e todos os demais calquera outro imposto que embarace o tráfico, circulación e venda, sexan cales foran os nomes con que se intentara establecelos, como dereitos de piso e tránsito, venda ou alcabala ou outro semellante (art. 139 LOM de 1877, do 2 de outubro).

Finalmente, rematado o ano económico quedan anulados os créditos abertos e non invertidos durante o exercicio (art. 141 LOM de 1877, do 2 de outubro).

4.2.2 Administración municipal e atribucións dos concellos

A organización económica da provincia e o municipio debe ter as mesmas condicións sinaladas para a do Estado nacional; así, unha vez constituídas as corporacións locais, estas deberán formar anualmente os seus presupostos, contando con funcionarios encargados da administración, do manexo do tesouro e da contabilidade da súa facenda, e aprobarán as contas en que se consignen os resultados da xestión. Como aquí é posible a vixilancia de entidades superiores e a apelación ante elas dos intereses que se xulguen prexudicados, os gobernos deben coñecer os presupostos e contas das provincias, e as Deputacións provinciais intervir na administración dos municipios, sempre que os seus actos económicos dean lugar a reclamacións

ou protestas. Esta fiscalización é máis inmediata pola institución dos gastos obrigatorios, polas limitacións establecidas aos recursos das entidades locais e pola centralización que oprime as súas liberdades (Piernas y Hurtado, 1884).

A Constitución de 1876 establece que a organización e atribucións das deputacións e concellos teñen que axustarse aos seguintes principios:

- primeiro, goberno e dirección dos intereses peculiares da provincia ou do pobo polas respectivas corporacións;
- segundo, publicación dos presupostos, contas e acordos das mesmas;
- terceiro, intervención do rei, e no seu caso das Cortes, para impedir que as Deputacións provinciais e os concellos se extralimiten nas súas atribucións, en prexuízo dos intereses xerais;
- cuarto, determinación das súas facultades en materia de impostos, a fin de que os provinciais e municipais non se atopen nunca en oposición co sistema tributario do Estado.

A Lei Orgánica Municipal de 2 de outubro de 1877 desenvolve estas bases para os municipios, e no título III, da administración municipal, capítulo primeiro, das atribucións dos concellos, establece que os concellos son corporacións económico-administrativas, e só poden exercer aquelas funcións que polas leis lles están cometidas, sendo o seu tratamento o impersoal (art. 71 LOM de 1877, do 2 de outubro).

É competencia exclusiva dos concellos o goberno e dirección dos intereses peculiares dos pobos, e en particular, canto teña relación cos obxectos seguintes (art. 72 LOM de 1877, do 2 de outubro):

1º. Establecemento e creación de servizos municipais referentes ao arranxo e ornato da vía pública, comodidade e hixiene da veciñanza, fomento dos seus intereses materiais e morais, e seguridade das persoas e propiedades, a saber: apertura e alleación de rúas e prazas e de toda clase de vías de comunicación; empedrado, alumeado e sumidoiros; traída de augas; paseos e arboredos; establecementos balnearios, lavadoiros, casas de mercado e matadoiros; feiras e mercados; institucións de instrución e servizos sanitarios; edificios municipais e, en xeral, todo xénero de obras públicas necesarias para o cumprimento dos servizos, con subxección á lexislación especial de obras públicas, vixilancia e gardería.

2º. Policía urbana e rural, ou sexa, todo o relacionado ca boa orde e vixilancia dos servizos municipais establecidos; coidado da vía pública en xeral, e limpeza, hixiene e salubridade do pobo.

3º. Administración municipal, que comprende o aproveitamento, coidado e conservación de todas as fincas, bens e dereitos pertencentes ao municipio e establecementos que del dependan, e a determinación, repartimento, recadación, inversión e conta de todos os arbitrios e impostos necesarios para a realización dos servizos municipais. É obrigación dos concellos a composición e conservación dos camiños veciñais. En canto aos camiños rurais, os concellos obrigarán aos interesados nos mesmos á súa reparación e conservación. Para lograr tan útiles obxectos acordarán os medios en xunta de asociados para os veciñais, e en xunta de interesados para os rurais. Os gobernadores velarán polo cumprimento do anterior, en virtude das facultades que lles confire a Lei Provincial.

É obrigación dos concellos procurar por si ou con asociados, o exacto cumprimento, con arranxo aos recursos e necesidades do pobo, dos fins e servizos que, segundo a presente lei, están cometidos á súa actuación e vixilancia, en particular os seguintes (art. 73 LOM de 1877, do 2 de outubro):

1º. Conservación e mantemento da vía pública.
2º. Policía urbana e rural.
3º. Policía de seguridade.
4º. Instrución primaria.

USC DE COMPOSTELA

5º. Administración, custodia e conservación de todas as fincas, bens e dereitos do pobo.
6º. Institucións de beneficencia. As atribucións dos concellos no ramo de beneficencia serán e entenderanse sempre sen prexuízo da alta inspección que ao Goberno confire a lexislación vixente sobre beneficencia xeral e particular.

Para o cumprimento das obrigacións dos concellos, corresponden a estes moi especialmente as atribucións seguintes (art. 74 LOM de 1877, do 2 de outubro):
1ª. Formación das ordenanzas municipais de policía urbana e rural.
2ª. Nomeamento dos seus empregados e axentes en todos os ramos.
3ª. Establecemento de prestacións persoais.
4ª. Asociación con outros concellos.

É atribución dos concellos arranxar para cada ano o modo de división, aproveitamento e goce dos bens comunais do pobo, con subxección ás seguintes regras (art. 75 LOM de 1877, do 2 de outubro):
1ª. Cando os bens comunais non se presten a ser utilizados en igualdade de condicións por todos os veciños do pobo, o goce e aproveitamento será en pública licitación entre os mesmos veciños exclusivamente, previas as taxacións necesarias, e a división en lotes se a elo houbera lugar.
2ª. Se os bens foran susceptibles de utilización xeral, o concello verificará a distribución dos produtos entre todos os veciños, formando ao efecto divisións ou lotes, que adxudicará a cada un con arranxo a calquera das tres bases seguintes: por familias ou veciños, por persoas ou habitantes, ou pola cota de repartimento, se a houbera.
3ª. A distribución por veciños farase con estrita igualdade entre cada un deles, sexa cal fora o número de individuos de que conste a súa familia, ou que vivan na súa compañía e baixo a súa dependencia.

A distribución por persoas farase adxudicando a cada veciño a parte que lle corresponda en proporción ao número de habitantes residentes de que conste a súa casa ou familia.

A distribución pola cota de repartimento verificarase entre os veciños suxeitos ao seu pago, adxudicando a cada un a parte que en proporción á cota repartida lle corresponda. Neste caso adxudicarase aos veciños pobres exceptuados do pago unha porción que non exceda da que corresponda ao contribuínte pola súa cota máis baixa.
4ª. En casos extraordinarios, e cando as atencións do pobo así o esixan, pode o concello acordar a poxa entre veciños dos aproveitamentos comunais propiamente ditos, ou fixar o prezo que cada un haberá de satisfacer polo lote que lle foi asignado.

Os montes públicos divídense en montes do Estado, montes de establecementos públicos e montes dos pobos. Os montes dos pobos son os que administran os seus respectivos concellos, xa sexa aplicando os produtos aos gastos da administración municipal, xa destinándoos ao uso e goce exclusivo dos veciños. Os primeiros denomínanse montes de propios, e os segundos montes do común de veciños ou de aproveitamento común. Para que os montes dos pobos teñan o carácter de aproveitamento común, é necesario que así se declaren polo Goberno, de acordo coas leis de desamortización[104].

As penas que por infracción das ordenanzas e regulamentos impoñan os concellos só poden ser multas que non excedan de 50 pesetas nas capitais de provincia, 25 nas de partido e pobos de 4.000 habitantes, e 15 nas restantes, co resarcimento do dano causado e indemnización de gastos, e o arresto dun día por peso en caso de insolvencia (art. 77 LOM de 1877, do 2 de outubro).

[104] España. Ministerio de Fomento. Real Decreto de 1865, que aproba o regulamento da Lei de Montes de 1863, de 17 de maio. La Gaceta de Madrid, 28 de maio de 1865, núm. 148, p. 1.

É atribución exclusiva dos concellos o nomeamento e separación de todos os empregados e dependentes pagados dos fondos municipais, e que sexan necesarios para a realización dos servizos que están ao seu cargo (art. 78 LOM de 1877, do 2 de outubro).

A prestación persoal concédese como auxilio para fomentar as obras públicas municipais de toda especie. Os concellos teñen facultade para impoñela a todos os habitantes maiores de 16 e menores de 50 anos, exceptuando aos acollidos nos establecementos de caridade, militares en servizo activo e aos imposibilitados para o traballo. O número de días non excederá de 20 ao ano nin de 10 consecutivos, sendo redimible cada un polo valor que teñan os xornais en cada localidade (art. 79 LOM de 1877, do 2 de outubro).

Todos os acordos dos concellos en asuntos da súa competencia son inmediatamente executivos, salvo os recursos que determinan as leis (art. 83 LOM de 1877, do 2 de outubro).

Necesitan a aprobación do Gobernador, oída a Comisión Provincial, para ser executivos os acordos que se refiran á reforma e supresión de establecementos municipais de beneficencia e instrución, e podas e cortas nos montes municipais con subxección á lei e regulamento do ramo (art. 84 LOM de 1877, do 2 de outubro).

Os alleamentos e permutas dos bens municipais acomodaranse ás regras seguintes (art. 137 LOM de 1877, do 2 de outubro):

1ª. Os terreos sobrantes da vía pública e concedidos ao dominio particular, e os efectos inútiles, poden ser vendidos exclusivamente polo concello.

2ª. Os contratos relativos aos edificios municipais, inútiles para o servizo ao que estaban destinados, e créditos particulares a favor do pobo, necesitan a aprobación do Gobernador, oída a Comisión Provincial.

3ª. É necesaria a aprobación do Goberno, previo informe do Gobernador, oída a Comisión Provincial, para todos os contratos relativos aos bens inmobles do municipio, dereitos reais e títulos da Débeda pública.

4.3 EVOLUCIÓN ORZAMENTARIA

Á hora de analizar o financiamento do Concello de Lugo no primeiro cuarto de século é preciso facer referencia á evolución dos seus recursos globais, isto é, á cuantificación das partidas de gastos e ingresos en pesetas que compoñen o presuposto, xa que este será o que rexa a actuación socioeconómica dos gobernos municipais.

En total, o Concello de Lugo gasta nesta etapa a cantidade de 27.280.813,81 pesetas (Táboa 23), ingresando 24.997.066,94 pesetas, co resultado dun déficit non moi avultado de 2.283.746,87 pesetas, no que se inclúen as resultas. Cuantitativamente, en números absolutos, as contías de ingresos e gastos acadan o seu máximo no ano 1919, con 2.423.269,45 e 2.610.726 pesetas, respectivamente, mentres que o mínimo se sitúa no ano 1908, con 439.741,09 e 621.507,96 pesetas, respectivamente. En todo o período prodúcese un incremento dos ingresos de 1.085.685,35 pesetas, un 140,66%, e de 935,619,10 pesetas de gastos, un 121,22%.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 23. Ingresos e gastos do Concello de Lugo, 1900- 1925[105]

Ano	Ingresos (pesetas)	Gastos (pesetas)	Diferenza
1900	771.844,66	771.844,66	0
1901	590.498,69	585.657,69	+ 4.841
1902	631.311,61	631.311,61	0
1903	653.599,23	653.599,23	0
1904	666.355,04	666.355,04	0
1905	663.371,53	663.371,53	0
1906	456.624,95	682.606,71	- 225.981,76
1907	452.138,44	641.368,36	- 189.229,92
1908	439.741,09	621.507,96	- 181.766,87
1909	449.765,27	648.585,77	- 198.820,50
1910	453.887,83	657.438,72	- 203.550,89
1911	489.541,03	655.213,04	- 165.672,01
1912	489.463,71	653.646,69	- 164.182,98
1913	470.385,93	635.645,14	- 165.259,21
1914	501.130,19	685.126,83	- 183.996,64
1915	517.436,15	704.077,76	- 186.641,61
1916	620.517,91	782.356,53	- 161.838,62
1917	690.429,20	839.299,06	- 148.869,86
1918	870.534,03	1.058.162,21	- 187.628,18
1919	2.423.269,45	2.610.726	- 187.456,55
1920	2.132.979,08	2.266.627,52	- 133.648,44
1921	1.991.642,61	2.072.051,72	- 80.409,11
1922	1.984.039,03	1.982.230,43	+ 1.808,60
1923	1.913.277,16	1.838.526,36	+ 74.750,80
1924	1.815.753,11	1.566.013,48	+ 249.739,63
1925	1.857.530,01	1.707.463,76	+ 150.066,25
TOTAL	**24.997.066,94**	**27.280.813,81**	**- 2.283.746,87**

Na evolución económica destes vinte e cinco anos podemos diferenciar claramente catro etapas. A primeira comprendería desde o ano 1900 ata o 1905 inclusive, na que se aprecia unha estabilidade orzamentaria, non existindo polo tanto déficit nin sobrante, coa excepción do ano 1901, cun superávit pouco relevante. Esta regularización conséguese cubrindo o déficit coa exacción de arbitrios extraordinarios[106] acordada pola Xunta Municipal e autorizada pola superioridade, polo produto das especies non comprendidas na tarifa de consumos. Debemos ter en conta que isto será unha constante nas contas do concello a comezos de século, así ao regularizar os exercicios anuais, estes sempre quedan nunha situación de equilibrio entre ingresos e gastos, o que pon de manifesto unha situación de suposta estabilidade orzamentaria. A seguinte etapa iría do ano 1906 ata o ano 1917 inclusive, na que a evolución tanto de gastos como de ingresos é constante, se ben os ingresos sempre se manteñen por debaixo dos gastos, manténdose estes en niveis similares á primeira etapa. A continuación, no período de 1918 a 1920, dispáranse tanto os ingresos coma os gastos, os primeiros co seu máximo no ano 1919 e os segundos en 1920, seguindo os ingresos lixeiramente por debaixo dos gastos. Finalmente, a etapa entre 1921 e 1925 pon de manifesto unha tendencia á baixa de ambas partidas, se ben a partir do ano 1922 os ingresos superan aos gastos, algo que non acontecía desde o ano 1901; evolución que se reflicte na Gráfica 3.

[105] Concello de Lugo. (1900-1918). *Presupostos*. AHPL (Sin. L0015-L0033, Car. 689-694), Lugo; Concello de Lugo. (1919-1920). *Presupostos*. AHPL (Sin. L0034, Car. 695), Lugo; Concello de Lugo. (1920-1921). *Presupostos*. AHPL (Sin. L0035, Car. 695), Lugo; Concello de Lugo. (1921-1922). *Presupostos*. AHPL (Sin. L0036, Car. 695), Lugo; Concello de Lugo. (1922-23). *Presupostos*. AHPL (Sin. L0037, Car. 695), Lugo; Concello de Lugo. (1923-1924). *Presupostos*. AHPL (Sin. L0838, L0976, Car. 695), Lugo; Concello de Lugo. (1924-1925). *Presupostos*. AHPL (Sin. L0853, Car. 695), Lugo; Concello de Lugo. (1925). *Presupostos*. AHPL (Sin. L0864, Car. 695), Lugo.

[106] Concello de Lugo. *Arbitrios extraordinarios, 1909-1950*. AHPL (Sin. 1235), Lugo.



As taxas de crecemento de ingresos e gastos para todo o período son positivas, superando no total do período os ingresos aos gastos nun 19,44%, o que é significativo, se temos en conta que o punto de partida de ambas variables no ano 1900 é o mesmo. Na evolución ambas acadan o seu máximo valor no intervalo de 1913 a 1919 segundo indica a Táboa 24, cunha diferenza do 104,05% a favor dos ingresos. En canto aos valores mínimos, os máis acusados sitúanse nos intervalos de 1900-1901, 1904-1908 e 1919-1924 para os ingresos, e en 1900-1901 e 1919-1924 para os gastos. Estes datos estatísticos presentan certo contraste cos datos absolutos de gastos e ingresos; así, a pesar de que no total da etapa hai máis gastos que ingresos, a taxa de crecemento indica que aumentaron máis os ingresos porcentualmente, polo tanto o déficit orzamentario absoluto non é correlativo coa evolución porcentual positiva das magnitudes de ingresos sobre gastos.

Táboa 24. Evolución da taxa de crecemento de gastos e ingresos por intervalos

Evolución da taxa de crecemento de ingresos		Evolución da taxa de crecemento de gastos	
Anos	**Resultado (%)**	**Anos**	**Resultado (%)**
1900-1901	-23,50	1900-1901	-24,12
1901-1904	12,85	1901-1904	13,78
1904-1908	-34	1904-1905	-0,45
1908-1911	11,32	1905-1906	2,90
1911-1913	-3,91	1906-1908	-8,95
1913-1919	415,17	1908-1910	5,78
1919-1924	-25,07	1910-1913	-3,31
1924-1925	2,30	1913-1919	310,72
Total período	**140,66**	1919-1924	-40,02
		1924-1925	9,03
		Total período	**121,22**

Á hora de valorar a diferenza absoluta entre ingresos e gastos, tamén é preciso distinguir diferentes etapas nas que o comportamento de ambas partidas segue pautas semellantes. Nunha primeira etapa, de 1900 a 1905, obsérvase un suposto equilibrio orzamentario, que torna a negativo na etapa de 1906 a 1921, na que se mantén estabilizado, para volver a valores positivos entre 1922 e 1925, acadando o seu máximo positivo no ano 1924 (Táboa 23 e Gráfica 4). Nunha valoración global, hai un claro predominio do déficit, soamente compensado, de maneira

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

parcial, a partir do ano 1922. En valores numéricos, 481.206,28 pesetas son de superávit, o 17,40%, mentres que 2.283.746,87 pesetas son de déficit, o 82,60%.



Tomando como referencia o ano 1900, nunha comparativa a nivel galego, o Concello de Lugo sitúase en segundo lugar, cun presuposto de 771.844,66 pesetas, só superado polo Concello da Coruña a nivel orzamentario, contando este con 793.433,54 pesetas. Por detrás estarían o Concello de Ferrol con 472.868,89 pesetas, o Concello de Santiago con 448.736,49 pesetas, o Concello de Vigo con 416.806,09 pesetas, o Concello de Pontevedra con 410.718,96 pesetas, e finalmente o Concello de Ourense con 274.605,05 pesetas. Tendo en conta estes datos, a importancia económica do Concello de Lugo é patente non só no interior de Galicia, senón tamén a nivel galego.

Nunha nova comparativa no ano 1915, os resultados cambian considerablemente, como se observa na Gráfica 5. Aquí xa aparece claramente configurado un eixe dinámico de Ferrol a Vigo, en contraste co interior de Galicia, representado por Lugo e Ourense. En números absolutos, o Concello de Lugo sitúase en quinto lugar, só por diante do Concello de Pontevedra, que conta cun presuposto de 423.400,62 pesetas, e do de Ourense, con 351.764,40 pesetas. En primeiro lugar figura o Concello da Coruña con 2.216.075 pesetas, seguido polo de Santiago con 1.342.139,22 pesetas, o de Vigo con 1.200.045,17 pesetas, e o de Ferrol con 978.468,19 pesetas[107].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[107] Elaboración propia a partir dos datos do INE e dos presupostos do Concello de Lugo.



4.4 ETAPA DE 1900 A 1909

4.4.1 Ingresos

Unha parte importante dos ingresos do concello procede de impostos municipais e, sobre todo, de recargas que constitúen a achega máis cuantiosa, nos que destaca a recarga sobre o imposto xeral de consumos. Estas recargas, xunto aos arbitrios extraordinarios, serven para a compensación de gastos coa finalidade dun equilibrio orzamentario, de feito figuran no capítulo de recursos legais para cubrir o déficit.

4.4.1.1 Impostos municipais[108]

Como indica a Táboa 25, o concello recada por impostos municipais unha contía elevada, que ascende a un total de 624.553,87 pesetas, o que supón un 13,28% do total de ingresos na etapa. Tendo en conta a achega impositiva anual, os anos nos que máis impostos se recadan son o 1901 e o 1902, 79.585 pesetas, un 12,74% anual; pola contra, o ano con menos recadación é o 1903, con 37.351,42 pesetas, o 5,98%.

Táboa 25. Ingresos por impostos municipais do Concello de Lugo, 1900-1909

Ano	Cantidade (pesetas)	% sobre o total
1900	61.950	9,92
1901	79.585	12,74
1902	79.585	12,74
1903	37.351,42	5,98
1904	40.105,31	6,42
1905	49.650,85	7,95
1906	48.378,47	7,75
1907	77.089,44	12,34
1908	77.089,44	12,34
1909	73.768,94	11,81
Total	**624.553,87**	**100**

Na evolución distínguense claramente tres intervalos, así de 1900 a 1902 a tendencia é á alza con estabilización, aumentando nun 2,82%, e sumando o 35,40% da etapa. O seguinte

[108] Concello de Lugo. *Expedientes de arbitrios, 1810-1930*. AHPL (Sigs. 0902-00, 0903-00, 0904-00, 0905-00, 0906-00, 0933-00, 0934), Lugo.

intervalo vai do ano 1903 ao 1906, no que se produce unha redución do 50% anual bruto de maneira súbita, cunha tendencia posterior de crecemento moderado do 1,77%. Concentra este intervalo o 28,10% dos ingresos da etapa. Finalmente, o intervalo de 1907 a 1909 manifesta unha subida importante do 4,59%, situándose en cifras semellantes ao primeiro intervalo, e aportando o 36,49% dos ingresos da etapa.

Os conceptos nos que se agrupan os ingresos por impostos en orde de importancia cuantitativa son os seguintes: matadoiro, postos públicos, policía urbana, cemiterios, reintegros de subministracións ao Exército, carruaxes e carros de transporte, establecementos públicos, licenzas de construción, certificacións, multas e espectáculos (Táboa I, Anexo).

A. Matadoiro

Os impostos do matadoiro constitúen o principal aporte económico por impostos do concello. O Regulamento para o matadoiro[109] e venda de carne fresca de vaca nesta cidade foi presentado á Comisión de Abastos polo vogal da mesma Juan Montenegro y Pardo no ano 1900, establecendo nel as condicións do seu funcionamento.

Os impostos do matadoiro proceden do degolo de gando, aportando o 45,05% dos ingresos por impostos en toda a etapa, un total de 281.335,38 pesetas, o que demostra a importancia do mercado da carne no concello. Os anos que máis ingresos reportan son de 1907 a 1909, acadando unha cifra de 32.401 pesetas cada un deles, un 11,52% anual; en contraste co ano 1900 , no que se ingresan 20.000 pesetas, o 7,11% (Táboa I, Anexo).

Na evolución da etapa distínguense tres fases como reflicte a Gráfica 6: unha crecente ata o ano 1902, na que os ingresos aumentan un 3,55% con respecto ao ano 1900, aportando un 28,43% do total; unha segunda de 1903 a 1906, na que baixan os niveis de ingresos un 2,59% con respecto á anterior, para ir recuperándose ata o ano 1906 cun aumento progresivo ata o 2,55%, aportando un 37,01% do total; e unha fase final de 1907 a 1909, na que os ingresos aumentan un 0,90%, acadando os niveis máximos, aportando esta fase un 34,56% do total de ingresos.

A tendencia xeral é á alza, agás a importante baixada do ano 1903, para irse recuperando lentamente, ata que nos tres últimos anos se superen levemente os niveis de ingresos dos anos 1902 e 1903.

[109] Concello de Lugo. (22 de febreiro de 1900). *Actas de sesións: Regulamento do matadoiro*. AML (Sin. 7987.1), Lugo. O Regulamento será modificado no seu artigo 16º por acordo do concello o 8 de maio de 1900; a modificación atinxe á multa dunha peseta por cada quilo de diferenza en menos ao matachín que a presentara.



Este aumento de ingresos do matadoiro ampárase no incremento das tarifas de degolo e incluso na creación doutras novas (Táboa 26), por exemplo o recoñecemento veterinario da carne de porco salgada desde o ano 1905, e o traslado de carnes desde o matadoiro á Praza de Abastos no carro municipal a partir de 1907, ingresando por este a cantidade de 2.750 pesetas anuais, calculando 15 reses de vacún diarias e 250 carneiros, cordeiros e cabritos en todo o ano.

Ademais, o incremento da entrada de carne no matadoiro fai que a partir de 1907 se estableza un aumento do 40% dos dereitos de degolo sobre as cotas fixadas nas tarifas, cando este se realice a horas extraordinarias, o que se materializa nunha recarga de 2 pesetas para as reses de vacún e 0,15 pesetas para carneiros, cordeiros e cabritos, ingresando 798 pesetas anuais por este concepto; e pola subida de carnes do matadoiro á Praza de Abastos, calculando 15 reses de vacún diarias e 250 carneiros, cordeiros e cabritos en todo o ano, o aumento é de 2.750 pesetas anuais.

Táboa 26. Tarifas do matadoiro, 1900-1909[110]

Tarifa (pesetas)/ano	1900	1901	1902	1903	1904	1905	1906	1907	1908	1909
Res vacún	5	5,05	5,05	5,05	5,05	5,05 [111]	5,05	5,05	5,05	5,05
Res porcino	-	1	1 [112]	1	1	1	1	1	1	1
Carneiro	0,12	0,15	0,15	0,15	0,15	0,25	0,25	0,25	0,25	0,25
Cabrito	-	0,10	0,10	0,10	0,10	0,25	0,25	0,25	0,25	0,25
Cordeiro	-	0,10	0,10	0,10	0,10	0,25	0,25	0,25	0,25	0,25
Recoñecemento veterinario	-	-	-	-	-	0,025[113]	0,03	0,03	0,03	0,03
Traslado de res vacún	-	-	-	-	-	-	-	0,50	0,50	0,50
Traslado de carneiro, cabrito ou cordeiro	-	-	-	-	-	-	-	0,05	0,05	0,50

[110] Fontes dos presupostos; Concello de Lugo. *Arrendo e venda de carnes, 1844-1926*. AHPL (Sin. 0550-00), Lugo.
[111] 5,05 pesetas por cada res de vacún ata 70 quilogramos de peso, 7,05 pesetas por cada res de vacún maior de 70 quilogramos de peso. Vixente do ano 1905 ao 1909.
[112] Por dereitos de inspección e permiso de matanza de reses de porcino, destinadas á venda en fresco ou salgadas, e á elaboración de embutidos. Vixente en tódolos anos da etapa.
[113] Polo recoñecemento por parte do veterinario municipal da carne de porco salgada que se pon á venda en prazas e mercados, importe por cada quilogramo de peso. Vixente do ano 1905 ao 1909.

USC COMPOSTELA

B. Postos públicos

Estes ingresos proceden do arrendamento de 18 casetas destinadas ao despacho de carne na Praza de Abastos, que nos anos 1905 e 1906 aumentan a 19; do arbitrio sobre postos de venda na vía pública: prazas, rúas, mercados e paseos; da ocupación da vía pública con carros de leña, de dereitos de peixaría, de cinco postos destinados á venda de pescado e do canon anual que se lle impón á Sociedade Eléctrica Lucense por ocupación da vía pública (Táboa II, Anexo).

O total de ingresos é de 129.203,95 pesetas para toda a etapa, que representan o 20,69% dos ingresos por impostos municipais. Os anos que contan con máis ingresos son o 1907 e o 1908, 29.165 pesetas cada un, un 22,57% anual, debido á posta en funcionamento dunha nova Praza de Abastos no ano 1907, o que incrementa tanto as tarifas como as dependencias[114]. No outro extremo, o ano que conta con menos ingresos é o 1903, 4.280 pesetas, un 3,31%.

En xeral, a evolución describe unha traxectoria ondulante (Gráfica 7), crecente nos tres primeiros anos, cunha inversión da tendencia nos anos 1903 e 1904, unha recuperación no ano 1905 para volver a descender no seguinte, e afrontar os tres últimos anos cuns ingresos que se multiplican por 1,6 respecto aos anos anteriores, inda que cunha leve baixada no ano 1909.



Por conceptos, a maior parte dos ingresos proceden do despacho de carne, representando estes un 52,64%, e unha tendencia á alza que se dispara no ano 1907 cun incremento do 24,91%, sendo a porcentaxe de crecemento na etapa dun 27,15% sobre o total de ingresos (Táboa II, Anexo).

O segundo concepto en orde de importancia cuantitativa é o arbitrio sobre postos de venda na vía pública, que representa un 20,77% do total. Os anos que máis ingresos reportan son o 1901 e o 1902, un 37,27%, cun mínimo no ano 1903, un 4,83%, e unha tendencia crecente a partir deste, que descende no ano 1909 ao 6,33%.

O terceiro concepto que máis ingresos aporta é o arbitrio sobre os carros de leña que concorren aos mercados, un 10,03%. Trátase de ingresos elevados, a pesar de comprender só os anos 1907 e 1908.

[114] Pasan a ser 52 postos cubertos, máis 2 destinados a servizos municipais, 4 postos da rotonda, ademais de postos de banqueta, sendo as tarifas diarias de 0,65, 0'30 e 0,10 pesetas, respectivamente.

En cuarto lugar atópanse os dereitos da venda de peixe, que representan o 9,96% do total de ingresos. Estes acadan o seu máximo nos tres primeiros anos, un 45,60%, cun descenso á metade no ano 1903, para manterse en valores similares ata o final da etapa (Táboa II, Anexo).

A continuación atópanse os postos de venda de peixe, nos que só se contabilizan ingresos ata o ano 1906, porque a partir deste figuran no apartado de postos públicos. En total, representan o 3,51% dos ingresos, e a tendencia é similar aos dereitos de venda de peixe; cun máximo nos tres primeiros anos, un 35,32%, cun descenso á metade no ano 1903, manténdose nestes valores ata o ano 1906.

En último lugar sitúase o canon anual da Sociedade Eléctrica Lucense por ocupación da vía pública, cun 3,10% dos ingresos, correspondentes integramente ao ano 1905.

C. Policía urbana

Os ingresos por impostos procedentes da policía urbana comprenden varios conceptos no ano 1900 que son: o 2% da riqueza impoñible das casas da cidade, base reguladora do imposto sobre sumidoiros, autorizado pola Lei Municipal (art. 137 LOM de 1877, do 2 de outubro), do cal estarán exentas aquelas que non usen das xerais da poboación, custeadas con fondos municipais, un total de 10.000 pesetas; o imposto sobre rótulos e toldos, outras 10.000 pesetas; o imposto sobres cans, 5000 pesetas; e o imposto sobre canlóns que desauguen na vía pública, a razón de dez pesetas cada un, outras 5.000 pesetas.

Estes ingresos simplifícanse a partir de 1901, constando soamente o arbitrio dos sumidoiros, que aumenta ao 4%, e no ano 1909 engádenselle as licenzas para limpeza de pozos negros.

O total de ingresos na etapa por policía urbana é de 76.545,50 pesetas, un 12,26% dos ingresos por impostos municipais. O ano que máis ingresos aporta e o 1900, con 30.000 pesetas, o 39,19%; mentres que os anos do 1904 ao 1908 son os que menos aportan, 2.455,50 pesetas cada un, un 3,21% anual (Táboa I, Anexo).

A evolución da etapa é claramente á baixa como reflicte a Gráfica 8, cun máximo no ano 1900 do 39,19% de ingresos, que se reduce á metade nos dous anos seguintes, aportando un 18,29% anual, cunha brusca caída no ano 1903 ao 3,93%, que segue á baixa en 1904, un 3,20%, para manterse en valores similares ata o ano 1908, finalizando cunha leve subida no ano 1909 do 4,26%.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D. Cemiterios

Os impostos do cemiterio comprenden a venda de sepulturas e os dereitos de enterramento. A partir do ano 1903 engádense as licenzas para a colocación de lápidas e atributos funerarios, e a partir de 1909 ponse en funcionamento a municipalización do servizo de condución de cadáveres ao cemiterio, realizada por poxa e por un período de oito anos.

Os ingresos totais por impostos do cemiterio na etapa son de 59.417,05 pesetas, o 9,51% do total de ingresos por impostos municipais. Cuantitativamente os anos que reportan unha maior cantidade de ingresos son o 1901 e 1902, 12.000 pesetas cada un, un 20,20% anual (Táboa I, Anexo), mentres que o ano 1900 é o que ingresa a menor cantidade da etapa, 2.500 pesetas, un 4,21%.

A evolución é á alza nos tres primeiros anos, cun aumento do 15,99% do ano 1900 ao 1901, sufrindo unha baixada moi acusada no ano 1903 do 14%, que se recupera levemente no ano 1904 cun aumento do 3,52%, para reducirse novamente no ano 1905 un 2,65%, manténdose en valores similares ata o ano 1909, no que aumenta un 3,87%, debido ao novo servizo de condución de cadáveres ao cemiterio, como se observa na Gráfica 9.



E. Reintegro de subministracións ao Exército

Comprende as cantidades que o concello anticipa por subministración a corpos do Exército, subministración que se manterá nos 25 anos que comprende este estudo.

Os ingresos totais na etapa son de 20.000 pesetas, un 3,20% dos ingresos totais de impostos municipais. A cantidade é invariable, 2.000 pesetas anuais, o que supón un 10%.

F. Carruaxes e carros de transporte

O arbitrio comprende os carruaxes e carros que se dedican ao transporte de viaxeiros e mercancías no casco e radio da cidade.

En total os ingresos na etapa son de 19.970,25 pesetas, o 3,20% dos ingresos totais de impostos municipais. Os anos que maiores ingresos reportan son de 1907 a 1909, 4.600 pesetas cada un, un 23,03% anual; mentres que pola contra, os anos 1903 e 1904 son os que aportan menos ingresos, 100 pesetas cada un, un 0,50% anual (Táboa I, Anexo).

Se observamos a tendencia da etapa, esta presenta oscilacións considerables. En xeral, a tendencia é á alza ata o ano 1902, cun aumento do 4,25% entre os anos 1900 e 1901, para caer

USC DE COMPOSTELA

nos anos 1903 e 1904, concretamente un 3,25% no ano 1903. A partir de aquí recupérase, aumentando os ingresos ata acadar a súa cota máxima nos tres últimos anos, cun crecemento do 14,8% entre os anos 1905 e 1909. A explicación desta evolución irregular atópase no aumento das tarifas e do tráfico[115].

G. Establecementos públicos

Os ingresos de establecementos públicos dos anos 1901 e 1902 proceden do arbitrio sobre cafés, fondas, restaurantes, casas de hospedaxe, confeitarías, tendas de ultramarinos e tendas de viños e augardentes ao por menor, consistente no 2,50% da cota coa que contribúen ao Tesouro. A partir do ano 1903, estes ingresos calcúlanse sobre tarifa específica para cafés, fondas, casas de hospedaxe, confeitarías e botellerías, ultramarinos ao por menor e viños e augardentes ao por menor, cunha cota anual de 10, 10, 5, 2,50, 2,50 e 2 pesetas, respectivamente.

En total os ingresos son de 10.660 pesetas, que representan o 1,71% dos ingresos por impostos municipais. Os anos que maiores ingresos reportan son o 1901 e o 1902, con 4.000 pesetas cada un, un 37,52% anual; pola contra, en 1903 ingrésanse 360 pesetas, un 3,38%; mentres que os anos 1901 e 1904 non aportan ingresos por este concepto (Táboa I, Anexo).

A tendencia é á baixa, xa que no ano 1903 redúcense os ingresos nun 34,14%, aumentando levemente no ano 1905 un 0,94%, para manterse nesta cifra ata o ano 1909.

H. Licenzas de construción

As licenzas para construcións compóñense de dúas partidas de ingresos, unha por dereitos de licenza de construción en fincas urbanas e reforma das mesmas, e outra pola ocupación da vía pública con materiais de construción.

Os ingresos totais por licenzas de construción na etapa ascenden á cantidade de 8.857 pesetas, destas 3.850 pesetas corresponden a licenzas e 5.007 pesetas á ocupación da vía pública, aportando un 1,42% dos ingresos totais por impostos municipais. Os anos de máis ingresos son o 1901 e o 1902, 2.500 pesetas cada un, 28,23% anual; mentres que no ano 1903 só se ingresan 157 pesetas, o 1,77% (Táboa I, Anexo).

A tendencia é positiva ata o ano 1902, cun crecemento do 25,77% no ano 1901, producíndose unha importante baixada no ano 1903 do 26,46%, recuperándose parcialmente no ano 1904 nun 3,88%, incrementándose no 1905 outro 1,12%, para manterse nestes valores ata o ano 1909.

I. Certificacións

Os impostos de certificacións proceden de certificacións expedidas pola Secretaría e Contadoría do concello, e polo arbitrio do selo municipal. En total os ingresos da etapa ascenden á cantidade de 8.651,87 pesetas, das que 4.151,87 pesetas proceden de certificacións e 4.500 pesetas do selo municipal, aportando un 1,39% dos ingresos totais de impostos municipais. Os

[115] As tarifas pasan de 2,50 pesetas por cada cabeza de gando de calquera clase que se empregue no arrastre no ano 1900, ás 5 pesetas vixentes do ano 1901 ao 1904, porque a partir do ano 1905 as cotas cambian, diferenciando entre anuais e diarias. En primeiro lugar, as cotas anuais son de 8 pesetas para carros de transporte de mercancías e mudanzas por cada cabeza de gando que empreguen no arrastre, e 10 pesetas para camións, carruaxes e dilixencias para condución de viaxeiros por cada cabeza de gando que empreguen no arrastre. En segundo lugar, as cotas diarias son de 0,50 pesetas para carromatos e carros de todas clases para transporte de feo cada vez que entren na poboación; 0,25 pesetas polos mesmos para o transporte de palla e esquilmo, tamén cada vez que entren na poboación; e 0,10 pesetas para os carromatos e carros de todas clases, sen máis excepción que os que transporten escombros e abonos. No ano 1906 prodúcese unha leve variación, exceptuando a maiores da cota diaria aos carromatos de todas clases que paguen o arbitrio de materiais de construción. Finalmente, no ano 1907 tamén se exceptúan da cota diaria os carromatos e carros de todas clases que conduzan materiais para obras ou servizos do Estado, e os de tránsito que non verifiquen operacións de carga e descarga na poboación.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

anos con maiores ingresos son o 1901 e o 1902, 1.500 pesetas cada un, un 17,34% anual; sendo o ano 1900 o que menos ingresos reporta, 200 pesetas, un 2,31% (Táboa I, Anexo).

A evolución segue unha tendencia similar aos anteriores impostos, cun crecemento ata o ano 1902 do 15,03%, para sufrir un brusco descenso no 1903 do 9,46%, que segue baixando no 1904, un 3,83%, para recuperase no ano 1905 no que aumenta un 5,77%, manténdose neste valor ata o ano 1909, agás no ano 1906 no que experimenta un aumento do 1,97%.

L. Multas

Comprenden os ingresos por multas municipais impostas pola infracción de ordenanzas, bandos e outras disposicións da alcaldía, en concreto o produto líquido do 90% destas.

A totalidade de ingresos por este concepto na etapa é de 7.612,87 pesetas, un 1,22% dos impostos municipais. Os anos de maiores ingresos son o 1901 e o 1902, 2.000 pesetas cada un, o 26,27% anual; mentres, o ano 1903 só se ingresan 274,05 pesetas, o 3,60%, valor similar aos tres anos seguintes (Táboa I, Anexo).

A evolución describe unha traxectoria positiva ata o ano 1902, cun incremento do 13,13% respecto ao ano 1900, sufrindo un descenso acusado no ano 1903 do 22,67%, manténdose nestes valores ata o ano 1907, no que experimenta un leve aumento do 1,10%, que aumenta outro 5,78% no ano 1909.

M. Espectáculos

Os ingresos de impostos procedentes de espectáculos proceden do imposto sobre as funcións que se celebran en teatros, prazas e demais locais con carácter público, cun tipo impositivo do 9% da cota coa que contribúen ao Tesouro (dúas pesetas por función nos teatros e locais, e unha peseta nas prazas); e do produto das licenzas para celebrar verbenas, a razón de 20 pesetas nas roldas e rúas de primeira orde, 15 pesetas nas de segunda, e 10 pesetas nas de terceira.

Os ingresos totais da etapa son de 2.300 pesetas, 2.100 pesetas corresponden a funcións, e 200 pesetas a licenzas. Soamente constan datos nos anos 1901, 1902 e 1903, que aportan un 0,37% dos ingresos por impostos municipais. Os anos que máis ingresos aportan son o 1901 e 1902, 1.100 pesetas cada un, o 47,83% anual, e o 1903 ingresa só a cantidade de 100 pesetas, o 4,35% (Táboa I, Anexo).

A evolución é curta é á baixa, acadando o máximo nos anos 1901 e 1902, un 47,83% anual, para recortarse drasticamente no ano 1903, cunha baixada do 43,45%, ata situarse no 4,35%.

4.4.1.2 Recursos para cubrir o déficit

Componse este apartado dunha serie de conceptos, que en importancia cuantitativa son os que seguen: recarga sobre o imposto de consumos, recarga sobre a contribución de inmobles, recarga sobre a contribución de subsidio, arbitrios extraordinarios, recarga sobre o imposto de cédulas persoais, recarga sobre o imposto de carruaxes de luxo, recarga sobre o imposto de gas e electricidade e o imposto sobre casinos e círculos de recreo (Táboa III, Anexo).

En total os recursos para cubrir o déficit aportan uns ingresos de 2.612.070,87 pesetas, un 55,54% do total de ingresos. O ano no que máis recursos se ingresan é o 1900, 418.241,19 pesetas, un 16,01%; mentres, o 1905 é o que conta con menos ingresos, 190.504,77 pesetas, o 7,29%, segundo recolle a Táboa 27.

A evolución é á baixa nos seis primeiros anos, cun descenso do 8,72%, aumentando considerablemente no ano 1906 un 4,8%, para baixar no 1907 un 1,02%, e manterse neses valores ata o final da etapa. A diferenza negativa entre o ano 1900 e o 1909 é dun 4,65%. Por intervalos, o primeiro ano e os catro últimos aportan a maior parte de ingresos, un 16,01% e

USC DE COMPOSTELA

45,32%, respectivamente; mentres que do ano 1901 ao 1905 os ingresos son moi inferiores, un 38,67% total.

Táboa 27. Ingresos por recursos para cubrir o déficit do Concello de Lugo, 1900-1909

Ano	Cantidade (pesetas)	% sobre o total
1900	418.241,19	16,01
1901	215.943,26	8,27
1902	215.943,26	8,27
1903	195.307,13	7,48
1904	192.357,13	7,36
1905	190.504,77	7,29
1906	315.728,67	12,09
1907	289.092,38	11,07
1908	282.147,50	10,80
1909	296.805,58	11,36
Total	2.612.070,87	100

A. Recarga sobre o imposto de consumos

A recarga é do 100% sobre as cotas do imposto de consumos, é dicir, contabilízase a suma do imposto máis a recarga, ao que se engade no ano 1900 unha recarga transitoria do 10% sobre as cotas de tarifa para o Tesouro en atención ao aumento natural da poboación. No ano 1908 dedúcese da recarga a parte correspondente aos viños[116] (art. 1 RO de 1907, de 9 de agosto) e aumenta un 30% a recarga sobre alcohois, licores, augardentes e cervexas, engadíndose un auxilio para compensar a baixa pola desgravación dos viños (art. 4 RO de 1907, de 9 de agosto). No ano 1909, súmaselle o arbitrio de 0,10 pesetas por litro sobre os viños espumosos, xenerosos, mistelas e os comúns que excedan de 16 graos (art. 5 RO de 1907, de 9 de agosto)[117].

A recarga sobre o imposto de consumos é, de todos os impostos, o que aporta máis beneficios ao concello, así como un dos que máis protesta social xera[118]. A cantidade recadada na etapa é de 1.953.518,27 pesetas, un 74,79% do total de ingresos de recursos legais para cubrir o déficit. O ano de maiores ingresos é o 1900, con 362.264,05 pesetas, un 18,54%, porque conta este ano cun aumento de 23.410,44 pesetas, pertencente á recarga transitoria do 10% sobre as cotas de tarifa para o Tesouro en atención ao aumento natural da poboación; mentres, do ano 1901 ao 1905 é o período no que menos se ingresa, 152.124 pesetas cada un, un 7,79% anual (Táboa III, Anexo).

Como se observa na Gráfica 10, a evolución describe unha tendencia á baixa nos dous primeiros anos, reducíndose un 10,75% no ano 1901, para estabilizarse posteriormente ata o ano 1905, cun importante aumento no ano 1906 do 5,22%, que se vai reducindo progresivamente ata o final da etapa, cunha baixada do 3,37%.

[116] España. Ministerio de Facenda. Real Orde que reforma a tributación por consumo de viños de 1907, de 3 de agosto. La Gaceta de Madrid, 9 de agosto de 1907, núm. 221, p. 566; Concello de Lugo. (1840-1915). *Consumos: repartimento e recargas*. AHPL (Sin. 0901-00), Lugo.

[117] Concello de Lugo. *Libros de rexistro de recadación de abastos e consumos. Prezos de mercado, 1900-1914*. AHPL (Sin. L0952), Lugo.

[118] A pesar de ser pola súa natureza un imposto indirecto, os consumos chegaron a facer directos e de reparto por medio do encabezamento e do repartimento, atendendo ao número de habitantes e á riqueza da colectividade. Disto dá conta o proxecto de reparto de consumos e concertos dos arrabaldes de Lugo, correspondente ao ano económico 1898-99, establecendo 25 categorías de recadación, en lugar das 27 que había antes (Táboa VIII, Anexo). O gravame das categorías segundo o repartimento varía desde as 27, 35 pesetas na primeira categoría ata a 1,09 pesetas na categoría número 25.



B. Recarga sobre a contribución de inmobles

A recarga consiste no 16% sobre a contribución territorial, a partir de 1903, de inmobles, cultivo e gandaría, despois de satisfacer as obrigacións de primeira ensinanza.

A recarga sobre contribución de inmobles aporta en toda a etapa a cantidade de 191.505,01 pesetas, o 7,33% do total de recursos para cubrir o déficit. Os anos que maiores ingresos aportan son o 1901 e 1902, 32.133,29 pesetas cada un, cun 16,77% anual, mentres que o ano 1905 é o de menores ingresos, 11.500,77 pesetas, o 6% (Táboa III, Anexo).

A evolución ten dúas fases claramente diferenciadas: a primeira sería do ano 1900 ao 1902, na que os valores son máis elevados, e a segunda iría do ano 1903 ata o final da etapa. Nesta segunda fase prodúcese un descenso moi acusado dos ingresos no ano 1903 do 10,31%, para manterse ata final da etapa en niveis similares, cun lixeiro aumento no ano 1906 do 1,90%, e un pequeno descenso no 1909 do 0,75%.

Obsérvase tamén que a carga impositiva por contribución territorial no ano 1900 é máis do dobre na periferia (Táboa IV, Anexo); fronte ás 112.025,60 pesetas das parroquias, están as 41.936,99 pesetas procedentes do ámbito urbano, en total 153.962,59 pesetas. No ámbito urbano, a maior recadación procede de Santo Domingo e Raíña, superando tamén as 2.000 pesetas Constitución, San Marcos, San Roque, Rúa Nova, Estrada e Rolda da Coruña. Mentres, as parroquias que máis recadan son as de Santa María de Bóveda cerca das 6.000 pesetas, e Coeses e Campo con máis de 4.000 pesetas.

C. Recarga sobre a contribución de subsidio

A recarga é do 16% sobre a contribución industrial, aumentando ao 40% no ano 1908 (art. 3 Lei de 1907, de 3 de agosto). Esta recarga sobre a contribución de subsidio conta cuns ingresos de 166.797,27 pesetas para toda a etapa, un 6,39% do total de recursos para cubrir o déficit. O ano que máis ingresos aporta é o 1909, con 33.554,96 pesetas, un 20,12%, mentres que os que de menor contía son o 1901 e 1902, 8.978,47 pesetas cada un, un 5,38% anual (Táboa III, Anexo).

A evolución describe unha traxectoria claramente á alza de maneira progresiva. Así, partindo dos niveis dos tres primeiros anos, prodúcese un incremento no ano 1903 do 1,21%,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

manténdose en valores similares ata o ano 1905, con outra subida do 1,46% no ano 1906, unha máis importante no 1907 do 9,97%, para rematar con outra do 2,22% no ano 1909.

D. Arbitrios extraordinarios

Os arbitrios extraordinarios gravan as especies non comprendidas na tarifa de consumos, acordados pola Xunta Municipal sobre artigos de comer e arder, estes son: froitas verdes, froitas secas, hortalizas, doces e confeitos e artigos varios como cravo e outras especias similares, azafrán, pemento moído e carbón mineral non destinado á industria. A partir do ano 1901 engádense os mariscos de todas clases, e os arbitrios especiais de canlóns, cans, toldos e anuncios; en 1903 engádese o arbitrio do selo municipal, en 1906 o arbitrio sobre materiais de construción, e en 1909 o arbitrio sobre patentes que autorizan as vendas de viños de menos de 16 graos.

Os arbitrios extraordinarios aportan uns ingresos de 153.693,02 pesetas, o 5,88% do total de recursos para cubrir o déficit. O ano que conta con máis ingresos é o 1906, con 27.051,72 pesetas, un 17,60%; mentres, o ano 1900 é o de menos ingresos, con 9.250 pesetas, un 6,02% (Táboa III, Anexo).

A evolución describe unha traxectoria inestable, con tres picos nos anos 1901/1902, 1906 e 1909, mentres que o resto de anos se mantén en valores máis reducidos. En porcentaxe, no ano 1901 o aumento é do 5,37%, para descender progresivamente ata o ano 1905 nun 4,77%. No ano 1906 prodúcese un incremento importante do 10,98%, que volve a reducirse no ano 1907 un 10,64%, manténdose no 1908, e finalmente aumenta un 9,44% no ano 1909.

E. Recarga sobre o imposto de cédulas persoais

A recarga consiste no 50% na maior parte da etapa[119], pero no ano 1908 cóbrase o imposto máis a recarga do 50,03%, e no 1909 establécese unha recarga variable entre o 30 e 50%.

A recarga sobre o imposto de cédulas persoais aporta uns ingresos de 124.414,73 pesetas, un 4,76% do total de recursos para cubrir o déficit. Os anos que contan con máis ingresos son 1907, 1908 e 1909, recadando 29.085,96 pesetas cada un, un 23,39% anual; mentres, os anos 1900, 1901 e 1902 son os que menos aportan, 5.000 pesetas cada un deles, un 4,02% anual (Táboa III, Anexo).

A evolución é estable con valores baixos ata o ano 1906, producíndose un importante aumento de ingresos no ano 1907 do 18,81%, que se mantén nos mesmos niveis ata o final da etapa.

F. Recarga sobre o imposto de carruaxes de luxo

A recarga é do 50%, e a partir de 1908 cóbrase o imposto[120] máis a recarga do 120%. Esta recarga sobre o imposto de carruaxes de luxo aporta uns ingresos de 7.736,48 pesetas, un 0,30% do total de recursos para cubrir o déficit. Ao igual que a partida anterior, os anos con máis ingresos son 1907, 1908 e 1909, 2.063,71 pesetas cada un, un 26,68% anual; mentres, o ano 1904 é o que menos ingresos recada, 150 pesetas, un 1,94% (Táboa III, Anexo).

[119] España. Ministerio de Facenda. Lei de contribución de utilidades de 1900, de 27 de marzo. La Gaceta de Madrid, 28 de marzo de 1900, núm. 87, pp. 1101-1102; España. Ministerio de Facenda. Lei de 1907 que modifica as tarifas da contribución sobre utilidades, de 3 de agosto. La Gaceta de Madrid, 9 de agosto de 1907, núm. 221, pp. 566-567.

[120] España. Ministerio de Facenda. Lei de 1895, de 30 de xuño. La Gaceta de Madrid, 1 de xullo de 1895, núm. 182, pp. 1-4; España. Ministerio de Facenda. Lei de 1898, de 28 de xuño. La Gaceta de Madrid, 29 de xuño de 1898, núm. 180, pp. 1197-1200; España. Ministerio de Facenda. Lei de presupostos de 1900, de 31 de marzo. La Gaceta de Madrid, 1 de abril de 1900, núm. 91, pp. 1-2.

A evolución é semellante tamén á partida anterior, pois ata 1905 mantense en valores baixos estables, cun aumento do 2,58% no ano 1906 e outro máis importante no 1907 do 21,51%, para manterse nos mesmos niveis ata o ano 1909.

G. Recarga sobre o imposto de gas e electricidade

Establécese a partir do ano 1907 e consiste nunha recarga do 20% (art. 3 Lei de 1907, de 3 de agosto). Esta recarga conta cuns ingresos de 7.356,09 pesetas, un 0,28% do total de recursos para cubrir o déficit. Só se contabiliza este ingreso nos anos 1907, 1908 e 1909, aportando 2.452,03 pesetas cada un deles, un 33,33% anual (Táboa III, Anexo).

H. Imposto sobre casinos e círculos de recreo

Establécese a partir do ano 1907 (art. 3 Lei de 1907, de 3 de agosto), e asocia o imposto máis a recarga do 100%. Este imposto recada un total de 6.960 pesetas, o 0,27% do total de recursos para cubrir o déficit (Táboa III, Anexo). Ao igual que a partida anterior, só se contabiliza este ingreso nos anos 1907, 1908 e 1909. A evolución é a alza, aportando os dous primeiros anos 2.280 pesetas cada un, un 32,76% anual, cun aumento do 1,72% no ano 1909, no que se recadan 2.400 pesetas.



Así pois, como reflicte a Gráfica 11, ao longo da etapa tiveron máis peso os recursos para cubrir o déficit que os ingresos por impostos municipais.

4.4.1.3 Ingresos extraordinarios

Conforman os ingresos extraordinarios varias partidas, entre as que destaca, no intervalo de 1901 a 1905, un préstamo contratado pola Xunta Municipal para cubrir o déficit orzamentario. Outras partidas de menor importancia proceden da cesión de terreos á vía pública, entre os que se atopa a venda por poxa dos terreos sobrantes na vía pública con motivo da apertura da rúa de Quiroga L. Ballesteros entre os anos 1906 e 1908; a corta de arboredo nos paseos, na estrada do Cemiterio, na rolda de Santiago, e a poda das árbores da Alameda; o produto dos efectos existentes na administración e fielatos de recadación do imposto de consumos, que resultan inútiles na actualidade por arrendarse este servizo, e que o concello,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

previa taxación do arquitecto municipal acordou vender no ano 1900; legados, donativos e mandas; e eventuais e imprevistos.

O total recadado ascende á cantidade de 751.075,99 pesetas (Táboa V, Anexo), un 15,97% dos ingresos. O ano que máis se recada é o 1904 con 225.375,01 pesetas, un 30% do total; mentres, o ano de menores ingresos é o 1900, con 1.050,97 pesetas, un 0,14%.

Os préstamos aportan un total de 722.857,02 pesetas, un 96,24% do total, seguidos pola cesión de terreos á vía pública, 25.629,57 pesetas, un 3,41%; mentres que a achega do resto de conceptos é moi reducida. A distribución dos préstamos segue unha evolución á alza entre os anos 1901 e 1905, cun aumento do 27,42%, non figurando o concepto no resto de anos.

A evolución da cesión de terreos á vía pública é á baixa, cun máximo nos anos 1901 e 1902, o 27,31% anual, reducíndose no ano 1906 un 8,14%, e outro 11,39% no ano 1908. Non hai ingresos por este concepto no resto de anos da etapa.

A evolución total de ingresos é claramente positiva ata o ano 1905 (Gráfica 12), cun aumento do 29,77%, para derrubarse no ano 1906, caendo un 29,26%, manténdose en valores similares no ano 1907, cunha baixada do 0,40% no ano 1908.



4.4.1.4 Servizos municipais

Polos servizos municipais, que teñen un carácter marcadamente social, o concello ingresa unha cantidade que ascende a 657.135,68 pesetas (Táboa VI, Anexo), o 13,97% do total de ingresos. O ano que máis ingresos reporta é o 1901, cun total de 85.824,07 pesetas, un 13,06% do total da etapa. Pola contra, o ano de menos recadación é o 1904, con 40.294,40 pesetas, o 6,13% do total.

Estes ingresos proceden de tres conceptos, que en orde de importancia cuantitativa son: beneficencia, corrección pública e instrución pública.

A. Beneficencia

Os ingresos por beneficencia proceden dos establecementos do ramo, que son o Hospital de San Bartolomé e a Casa Municipal de Beneficencia. Estes ingresos nútrense fundamentalmente das estancias de enfermos no hospital, máis doazóns e esmolas.

Os ingresos totais por beneficencia son de 483.317,75 pesetas (Táboa VI, Anexo), o que representa un 73,55% dos ingresos por servizos sociais. Deste total, 274.144,34 pesetas

USC DE COMPOSTELA

proceden do Hospital de San Bartolomé, un 56,72%; e 209.173,41 pesetas da Casa Municipal de Beneficencia, un 43,28%. O ano que máis ingresos aporta é o 1901, cunha cantidade de 64.438,09 pesetas, un 13,33%; mentres, o ano 1904 é no que menos se recada, 29.442,97 pesetas, un 6,09%.

A evolución é a alza nos dous primeiros anos, cun aumento do 1,33%, sufrindo un descenso progresivo ata o ano 1904; no ano 1902 descende un 2,99% e no 1904 outro 4,25%, descenso que se recupera levemente no ano 1905, cun incremento do 0,25%, que aumenta ao 4,22% no ano 1906, para manterse nestes valores ata o final da etapa.

No caso do Hospital de San Bartolomé o ano de máis ingresos é o 1901 con 36.767,83 pesetas, 13,41% (Táboa VI, Anexo); mentres, o ano con menores ingresos corresponde ao 1904 con 15.785,21 pesetas, un 5,76%. A evolución é a alza nos dous primeiros anos, cun aumento do 3,12% no 1901; entre os anos 1902 e 1904, invértese a tendencia cun descenso do 7,65%. A partir do ano 1905, recupéranse parcialmente os ingresos cun 0,60% neste ano e outro 4,26% no ano 1906, manténdose nestas cifras arredor do 10% ata o ano 1908. Finalmente, remata a etapa cun novo incremento do 0,69% no ano 1909.

No que respecta á Casa Municipal de Beneficencia é o ano de 1900 con 29.796,02 pesetas, un 14,24% (Táboa VI, Anexo); mentres, o ano 1906 é o de menores ingresos con 13.234,16 pesetas, un 6,36%. A evolución é claramente á baixa desde o comezo da etapa ata o ano 1906, descendendo os ingresos de maneira progresiva ata un 7,91%; a partir do ano 1907, invértese a tendencia incrementándose os ingresos nun 4,15%, manténdose nestas cifras arredor do 10% ata o ano 1908. Remata a etapa cun novo aumento do 0,66% no ano 1909.

B. Corrección pública

Os ingresos por corrección pública proceden fundamentalmente do repartimento entre os concellos do partido xudicial (O Corgo, Castroverde, Castro de Rei, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei e Pol), consistente nunha cota para atencións carcerarias. Xa en menor contía, sitúanse as obras para o novo cárcere, 9.115,13 pesetas, só consignadas no ano 1900, e a subvención concedida pola Deputación Provincial para a remuneración dos servizos prestados no cárcere, 2.500 pesetas anuais. Todos estes ingresos van destinados ao Cárcere do Partido Xudicial.

Os ingresos totais por corrección pública ascenden á cantidade de 172.339,76 pesetas (Táboa VI, Anexo), un 26,23% dos ingresos por servizos sociais. O ano que máis ingresos aporta é o 1900 con 27.211,98 pesetas, un 15,79%, mentres que o ano 1903 é o que menos se recada, 10.453,46 pesetas, un 6,07%.

A tendencia é á baixa ata o ano 1903 cun descenso do 6,29% (Gráfica 13), recuperándose levemente nos anos 1904 e 1905, cun gran aumento no 1906 do 7,49%, a partir do cal volve a reducirse un 3,87% no ano 1907, e outro 0,53% no 1908, para manterse nestes valores ata o remate da etapa.

C. Instrución pública

Os ingresos por instrución pública proceden de inscricións intransferibles, neste caso correspondentes a unha inscrición nominativa da débeda perpetua interior ao 4% anual, non transferible, cun capital nominal de 2.654,32 pesetas, entregado en equivalencia dos bens de instrución pública alleados, co desconto do 20% da contribución sobre utilidades da riqueza mobiliaria.

Os ingresos totais por instrución pública son reducidos, 1.478,77 pesetas (Táboa VI, Anexo), un 0,22% do total de servizos municipais. A cantidade anual é sempre a mesma, 106,17 pesetas da inscrición, menos 21,23 pesetas da porcentaxe sobre a contribución de utilidades, en

USC COMPOSTELA

total 84,94 pesetas. A maior contía dos anos 1900, 1906, 1907, 1908 e 1909 é debida ao cobro de vencementos de anos anteriores.

Como reflicte a Gráfica 13, a evolución global é a alza a partir do ano 1904 en beneficencia e corrección pública, manténdose uniforme a instrución pública, cun descenso desde o ano 1903 a 1905 nas dúas primeiras.



Na evolución global distínguense, polo tanto, claramente tres fases (Gráfica 13): a primeira comprendería os anos 1900 e 1901, na que os ingresos son os máis elevados, para caer na segunda etapa, entre os anos 1902 e 1905, cunha baixada do 2,94% no ano 1902, que se incrementa un 3,99% no ano 1904, para recuperarse levemente no ano 1905 nun 0,26%, invertendo así a tendencia. Finalmente, a última fase comprendería do ano 1906 ao 1909, na que os ingresos aumentan de maneira considerable, inda que sen acadar as cotas dos anos iniciais; concretamente no ano 1906 prodúcese unha subida do 5,08%, cunha leve baixada nos dous anos seguintes do 1,21%, ata recuperarse levemente no ano 1909, no que se produce un incremento do 0,47%.

4.4.1.5 Propios

Os ingresos no apartado de propios, é dicir, procedentes dos bens propiedade do concello que lle proporcionan unha renda polo seu arrendamento, nútrense principalmente dos intereses de inscricións intransferibles, o cal nos remite á Lei Madoz, de 1 de maio de 1855[121], que declara en estado de venda todos os predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes ao Estado, ao clero e calquera outros pertencentes a mans mortas; trátase así dunha compensación económica por parte do Estado ao concello afectado pola desamortización[122].

[121] España. Ministerio de Facenda. Lei Madoz de 1855, de 1 de maio. La Gaceta de Madrid, 3 de maio de 1855, núm. 852, p. 1.

[122] Concello de Lugo. (26 de xaneiro de 1908). *Actas de sesións: Memoria formulada polo Secretario do Concello de Lugo Don Carlos Pardo Pallín, en cumprimento do disposto polo artigo 24 do Regulamento de 14 de xuño de 1906.* AML (Sin. 7989.1), Lugo. Aquí figura o inventario de bens e dereitos que pertencen ao Concello de Lugo, que son os que seguen a continuación: Bens inmobles: edificio situado na Praza da Constitución destinado á casa Concello; metade do edificio do Asilo das Mercedes; edificio na Praza de Santo Domingo destinado a hospital e escola; edificio na rúa da Soidade, onde está instalada a Casa de Beneficencia; unha caseta pertencente á casa de beneficencia, onde está instalado o fielato de San Fernando; un edificio na rúa de Armañá onde están instaladas as oficinas da Zona, caixa de Recrutamento e depósito de Cabalaría; a 8ª parte do edificio "Cárcel Modelo", sito á saída da porta do Obispo Izquierdo; un edificio de nova construción na rúa do Carmen,

A contía dos ingresos por inscricións intransferibles no ano 1900 procede dunha inscrición nominativa da débeda perpetua interior ao 4% anual, non transferible, dun capital de 29.477,66 pesetas. A esta hai que engadirlle o 4% dun resgardo da caixa xeral de depósitos, procedente da terceira parte do 80% de Propios recoñecidos pola Caixa Central, de 1.838,87 pesetas, máis a dedución do 1% de pagos ao Estado e o 25% dos intereses da inscrición polo importe do timbre de circulación (Táboa VII, Anexo).

En segundo lugar, xa cunha contía moi inferior de 1.430 pesetas, estarían os ingresos polo produto de fincas e censos, que proceden dos foros dos cubos da muralla que circunda a cidade e demais terreos e inmobles propiedade do concello[123]. Nos ingresos netos por fincas e censos dedúcese a contribución territorial que hai que abonar aos pagadores, máis o 20% para o Estado.

O total de ingresos por propios da etapa ascende á cantidade de 30.472,20 pesetas (Táboa VII, Anexo), o que supón un 0,65% do total de ingresos. Os ingresos por intereses de inscricións intransferibles na etapa son de 29.042,20 pesetas, un 95,31% do total de ingresos por propios, mentres que polo produto de fincas e censos ingrésanse 1.430 pesetas, un 4,69%. O ano que máis se recada por intereses de inscricións é o 1906 con 6.759,21 pesetas, un 22,14%; mentres, os anos do 1901 ao 1905 son os de menos recadación, 1.105,40 pesetas anuais, un 3,50%. No caso dos ingresos polo produto de fincas e censos, os anos con máis recadación son do 1906 ao 1909, 330,60 pesetas anuais, un 23,12% anual; mentres que o 1900 é o de menos recadación, unicamente 13,43 pesetas, un 0,94%.

Do ano 1901 ao 1905 inclusive, os ingresos por estes dous conceptos mantéñense estables, se ben con respecto ao ano 1900 descóntase o 20% da contribución sobre utilidades ao 4% da inscrición nominativa, o que fai que os ingresos diminúan por esta, manténdose o depósito en metálico ao 4% anual, só repercutindo nunha baixada do 0,72% no ano 1901, non significativo. O aumento do produto de fincas e censos do 0,41% no ano 1901 tampouco é significativo, e o único que rompe a estabilidade é que no ano 1904 non se contabilizan ingresos por este concepto, aumentando un 1,17% no ano 1905.

O cambio na etapa prodúcese no ano 1906, xa que neste os ingresos se multiplican por cinco con respecto ao anterior, se ben isto é preciso matizalo, xa que este incremento prodúcese non polo aumento dos ingresos por propios neste ano, senón que é froito da contabilización de atrasos de exercicios pasados. Así, inda que as partidas son as mesmas, os ingresos por propios que proceden do produto de fincas de censos, coa dedución do 20% para o Tesouro da contribución territorial, ata o ano 1900 inclusive son 494,53 e 163,93 pesetas respectivamente, quedando en 330,60 pesetas. A maiores, de intereses de inscricións equivalentes a bens de propios alleados por vencementos nos anos 1874/75, 1875/76, e 1876/77, hai 4.361,75 pesetas.

---

destinado a matadoiro público de ganados; un cemiterio situado na estrada do mesmo nome e outro inmediato a este para os disidentes; unha casa pertencente á Casa de Beneficencia, sita na rúa da Catedral. Censos: 12 censos e foros que ten dereito a percibir o concello por valor de 12,37 anuais; 3 foros pertencentes ao hospital por valor de 47,50 anuais; un foro da ferrería de Vilar de Cuíña no val de Burón, consistente en 100 pesetas de renda anual, legado á Casa de Beneficencia. Valores: unha inscrición nominativa da débeda perpetua interior ao 4% anual, número 1.257, procedente da venda de bens propios, o seu valor nominal é de 29.477,66; un resgardo da Caixa Xeral de Depósitos procedente da 3ª parte do 80% de bens propios (o seu valor nominal é de 1838,83); unha inscrición intransferible da débeda perpetua interior ao 4% anual, número 132, procedente de bens de Instrución pública alleados, cun valor nominal de 2654,32 pesetas; unha inscrición intransferible da débeda perpetua interior ao 4% anual, número 732, procedente de bens da casa municipal de Beneficencia alleados, cun valor nominal de 242,95 pesetas; dúas inscricións intransferibles da débeda perpetua interior ao 4% anual, números 731 e 733, procedentes de bens do hospital alleados, cun valor nominal de 31250,16 pesetas; unha inscrición intransferible da débeda perpetua interior ao 3% anual, cuxo pago de interese está domiciliado na provincia de Ourense, procedente de bens do hospital alleados despois de verificada a conversión ao 4%, calcúlase o seu valor nominal en 1510,67 pesetas; dous títulos da débeda perpetua interior ao 4% anual, cun valor nominal 3400 pesetas; tres documentos expedidos pola administración económica da provincia en equivalencia das facturas 9, 10 e 11 correspondentes ao 80% de propios, cun valor nominal 300,12 pesetas.

[123] Cada cubo da muralla comprende o espazo que hai de torre a torre, sendo a renda anual media por cubo de 0,75 pesetas, inda que isto depende do tamaño do inmoble. O ano máis antigo que consta deste tributo é o 1863.

Tamén forman parte deste capítulo os intereses dun resgardo da Caixa Xeral de Depósitos, vencidos no 2º semestre de 1904, no mesmo de 1905, e no mesmo de 1906, un total de 180,30 pesetas. Ao anterior engádeselle o que corresponde ao ano 1906, unha inscrición intransferible da débeda perpetua interior ao 4% anual sobre un capital de 29.477,66 pesetas, que despois de descontado o 20% de contribución sobre utilidades, queda en 943,28 pesetas.

Finalmente, 72,12 pesetas proceden dun depósito en metálico ao 4% anual procedente da terceira parte do 80% de propios sobre un capital de 1.838,83 pesetas, despois de descontar o 1% do imposto sobre pagos máis a recarga de dúas décimas. En porcentaxes, nos ingresos de inscricións prodúcese un aumento do 18,64%, e nos ingresos de fincas e censos un 20,60%.

Do ano 1907 ao 1909, os ingresos seguen a mesma procedencia que no ano 1906, e o incremento dese ano mantense nos seguintes. En porcentaxes, os intereses de inscricións diminúen os seus ingresos un 3% no ano 1907, para manterse nestes valores ata o final da etapa, e os ingresos por produtos de fincas e censos non varían con respecto ao ano 1906.

Como permite observar a Gráfica 14, a evolución de ingresos por propios mantén unha tendencia estable entre os anos 1900 e 1905, e outra á alza entre os anos 1906 e 1909; así, aínda que o ano 1906 representa un incremento moi importante destes, en realidade as contías por intereses de inscricións intransferibles e de fincas e censos non sofren unha variación considerable, debido a que este aumento se produce polo cobro de atrasos.



4.4.1.6 Montes

Os ingresos de montes proceden do aproveitamento comunal dos montes do termo municipal, que á súa vez proveñen das cotas que satisfai cada veciño por lote, e só constan nesta primeira etapa.

Segundo figura na Táboa 28, o total de ingresos ascende á cantidade de 28.083,28 pesetas, o que supón un 0,60% dos ingresos da etapa. Nesta só se producen ingresos por este concepto nos anos 1904, 1905, 1906, 1907 e 1908. O máximo corresponde ao ano 1904 con 8.000 pesetas, un 28,49%, e o mínimo ao 1905, 3.583,38 pesetas, un 12,75%.

Na evolución a tendencia é á baixa entre os anos 1904 e 1905, cun descenso do 15,77%, recuperándose no ano 1906 cun incremento do 6,81%, para manterse neste nivel de ingresos nos anos 1907 e 1908.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 28. Ingresos por montes do Concello de Lugo 1904-1908

Anos	Total (pesetas)	% sobre o total
1904	8.000	28,49
1905	3.583,38	12,77
1906	5.500	19,58
1907	5.500	19,58
1908	5.500	19,58
Total	**28.083,38**	**100**

4.4.2 Gastos

4.4.2.1. Servizos municipais

Os servizos municipais agrupan os seguintes apartados: beneficencia, policía urbana e rural, policía de seguridade, corrección pública e instrución pública. O total de gastos en servizos municipais é de 2.057.617,51 pesetas, un 41,75% do total de gastos na etapa (Táboa IX, Anexo e Gráfica 15).

A. Beneficencia

Os gastos en beneficencia son os máis cuantiosos de todos os servizos municipais. Conforman esta partida os gastos xerais, destinados ao Hospital de San Bartolomé e á Casa Municipal de Beneficencia; os auxilios benéficos para socorros a pobres do termo municipal, e para atender as calamidades públicas que acontezan durante o ano; e os socorros e condución de pobres transeúntes e a emigrados pobres. No ano 1900 contémplanse tamén os servizos de beneficencia domiciliaria, compostos por catro médicos, cuns gastos de 6.250 pesetas.

Os gastos totais ascenden á cantidade de 802.754,67 pesetas, o que representa un 39,01% dos gastos en servizos municipais (Táboa IX, Anexo). O Hospital de San Bartolomé conta cuns gastos de 405.789,24 pesetas, o que supón o 50,55% dos gastos en beneficencia. O ano de máis gastos é o 1900 con 55.145,74 pesetas (Táboa X, Anexo), un 13,59%, e o de menos o 1905 con 33.676,11 pesetas, un 8,30%. A evolución é bastante regular, cunha lixeira tendencia á baixa ata o ano 1903; así, no 1901 a redución é do 3,33%, e no 1903 doutro 0,96%. No ano 1904 prodúcese un aumento do 0,20%, para volver a baixar no ano 1905 outro 1,09%. A partir de aquí a evolución é á alza, aumentando entre os anos 1905 e 1909 un 1,98%.

Os gastos da Casa Municipal de Beneficencia ascenden á cantidade de 383.062,64 pesetas, un 47,72% dos gastos en beneficencia (Táboa X, Anexo). O ano que máis gastos ten é o 1909, 46.059,66 pesetas, un 12,02%; mentres, o ano 1903 é o de menos gastos, con 29.272,50 pesetas, un 7,64%. A evolución é bastante regular, cun lixeiro aumento no ano 1901 do 0,54%, a partir do cal se inverte cunha redución 2,34% entre os anos 1902 e 1903. No 1904 recupérase levemente, cun incremento do 2,08%, para volver a reducirse no 1905 un 0,38%. A partir de aquí a evolución é positiva, cun aumento do 2,68% entre os anos 1905 e 1909.

Ambos conceptos conforman os gastos xerais de beneficencia, sumando entre eles uns gastos de 788.851,88 pesetas, un 98,27% do total do apartado de beneficencia.

Cunha menor contía sitúanse os gastos de auxilios benéficos, con 9.514,24 pesetas, un 1,19% (Táboa X, Anexo). Destaca o ano 1900, no que os gastos son máis elevados, 6.750 pesetas, un 70,95%, mentres que os anos de 1903 a 1909 son os que contan con menos gastos, 200 pesetas anuais, un 2,10%. A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cunha redución do 65,66% no ano 1901; no ano 1902 invértese a tendencia cun incremento do 3,82%, para volver a caer no ano 1903 un 6,98%, e manterse neste nivel ata o final da etapa.

Os socorros e condución de pobres transeúntes contan cuns gastos de 4.038,50 pesetas, un 0,50% dos gastos en beneficencia (Táboa X, Anexo). O ano que conta con máis gastos é o 1906

USC DE COMPOSTELA

con 438,50 pesetas, un 10,86%, mentres que no resto dos anos a cantidade de gastos é a mesma, 200 pesetas por ano, un 9,90%. A evolución describe unha traxectoria regular, manténdose en valores similares durante toda a etapa.

En último lugar, os gastos en socorros e condución a emigrados pobres son os menos cuantiosos, unicamente 350 pesetas, un 0,04% dos gastos en beneficencia (Táboa X, Anexo). Distínguense claramente dúas fases: unha primeira de 1900 a 1903, na que os gastos son maiores, 50 pesetas anuais, un 14,29%; e outra de 1904 a 1909, na que os gastos se reducen á metade, 25 pesetas anuais, un 7,14%.

No total de gastos en beneficencia, o ano con máis gastos é o 1900 con 98.499,34 pesetas (Táboa IX, Anexo e Gráfica 15), un 12,27%; mentres, o ano de menos gastos é o 1903 con 67.194,61 pesetas, un 8,37%. A evolución é á baixa ata o ano 1903, cun descenso do 3,90%, recuperándose levemente no ano 1904, cun incremento do 1,09%, para volver a caer no ano seguinte un 0,73%. A partir do ano 1905 a evolución é positiva, cun aumento do 2,28% entre este ano e o 1909.

B. Policía urbana e rural

Compoñen este apartado os gastos en alumeado eléctrico, limpeza, cemiterio, matadoiro, gastos xerais, arboredo, Praza de Abastos e animais daniños, cun total de 555.898,87 pesetas, un 27,02% dos gastos en servizos municipais do Concello de Lugo (Táboa IX, Anexo).

Nos gastos de alumeado eléctrico é beneficiaria a Compañía Anónima *Alumbrado Eléctrico de Lugo*, con pago segundo convenio máis o imposto do alumeado, consistente no 10% do importe. Trátase do gasto máis cuantioso dentro do apartado de policía urbana e rural, cun total de 437.589,91 pesetas, o 78,72% dos gastos de policía urbana e rural (Táboa XI, Anexo). O ano que conta con máis gastos é o 1906, con 87.535,41 pesetas, un 20%, mentres que os anos 1903 e 1904 son os de menos gasto con 27.720 pesetas anuais, un 6,33%. A evolución é estable nos tres primeiros anos, cun leve descenso do 0,97% no ano 1903, recuperándose ata os niveis iniciais no ano 1905, un 0,69%, cun gran aumento no 1906 do 12,98%, para descender no ano 1907 un 6,36%, e manterse nestas cifras ata o final da etapa.

En segundo lugar figuran os gastos da limpeza do concello, nos que se inclúen os gastos de persoal e de material[124]. En total, os gastos son de 74.716,56 pesetas, un 13,44% do total de gastos de policía urbana e rural (Táboa XI, Anexo). O ano que máis gastos rexistra é o 1907 con 8.733,80 pesetas, un 11,69% e o de menos gastos é o 1909, con 6.149 pesetas, un 8,23%. A evolución tende á estabilidade con altibaixos pouco salientables; así prodúcese un aumento do 1,39% no ano 1901, que se mantén no ano seguinte, descendendo un 1,39% no ano 1903, e outro 0,10% no ano 1904, manténdose ata o ano 1906. No 1907 aumenta un 2,28%, descendendo un 0,78% no ano seguinte, e outro 2,68% no ano 1909, acadando o valor máis baixo da etapa.

Os gastos do cemiterio comprenden o soldo dun sepultureiro, gastos de limpeza do cemiterio e outros necesarios. Os gastos totais ascenden á cantidade de 13.627,50 pesetas, un 2,45% dentro do apartado (Táboa XI, Anexo). No ano 1908 increméntanse substancialmente os gastos polo pago do primeiro prazo da cantidade á que ascende a adquisición de coches fúnebres para a condución de cadáveres ao cemiterio; precisamente é este ano o de máis gastos, 4.850 pesetas, un 35,59%, mentres que o ano 1900 é o que conta con menos gastos, 821,25 pesetas, un 6,03%. A evolución describe unha traxectoria estable nos seis primeiros anos, cun aumento

[124] O persoal está composto por un capataz e dez peóns, e o material comprende o pago ao contratista da cabalería de arrastre do carro da limpeza, a razón de 1,50 pesetas diarias; adquisición e reparación de útiles necesarios para este; adquisición e arranxo de carros para recolección de lixo, engraxado dos mesmos, compostura de tiros e demais gastos que ocasione este servizo; e adquisición de columnas urinarias e bocas de rego para as rúas e paseos públicos.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

do 0,73% no ano 1901, para manterse no mesmo nivel ata o ano 1905. No 1906 prodúcese un incremento do 1,31%, que se mantén no ano seguinte, subindo nun 27,52% no ano 1908, a partir do cal volve a descender a niveis xerais da etapa, caendo un 27,15%.

Os gastos do matadoiro teñen como destino principal a dotación anual para un inspector de carnes, pago a provedores e xornais que se deben aos matachíns encargados do despacho no ano 1900. A partir deste ano os gastos contemplan o soldo anual dun mozo de limpeza, e a adquisición e reparación de material necesario para o degolo de reses. No ano 1907 engádese a adquisición dun carro e unha mula cos tiros necesarios para conducir as carnes, o que incrementa os gastos por este servizo nos anos seguintes.

En total os gastos son de 13.200,40 pesetas, un 2,37% do total de gastos. Os gastos totais da etapa ascenden á cantidade de 13.627,50 pesetas, un 2,45% dentro do apartado (Táboa XI, Anexo). O ano de máis gastos é o 1907, 4.438,75 pesetas, un 33,63%; mentres, nos anos 1904 e 1905 é nos que menos se gasta, 290 pesetas anuais, un 2,20%. Na evolución apréciase un descenso importante no ano 1901 do 12,51%, para manterse nestes valores ata o ano 1903. No 1904 prodúcese un pequeno descenso do 0,38%, que se volve a recuperar no ano 1906 nun 0,39%. O principal incremento prodúcese no ano 1907, un 31,04%, cun importante descenso no ano seguinte, caendo un 11,37%; tendencia que continúa no ano 1909, descendendo outro 7,05% (Gráfica 15).

Os gastos xerais teñen diversos destinos, os máis importantes son a gratificación ao encargado da análise do viño, pan, leite e demais artigos de consumo que se poñen á venda nos establecementos e postos públicos; e os medios de desinfección, aparatos sanitarios e calquera outro gasto que ocasionen os servizos de hixiene e salubridade pública. Complétanse os gastos coa adquisición e reparación de material, e outros que se poidan presentar no exercicio do presuposto, sen especificar a natureza dos mesmos. En total, a cantidade de gastos é de 12.712,50 pesetas, un 2,29% do apartado (Táboa XI, Anexo). O ano con máis gastos é o 1909, 7.300 pesetas, o 57,42%, destinadas a servizos de hixiene e salubridade pública. Pola contra, o ano con menos gastos é o 1904, cuns gastos moi reducidos de 50 pesetas, un 0,39%. Na evolución apréciase un gran incremento no ano 1901 do 9,83%, para manterse neste nivel ata o ano 1903. No 1904 prodúcese un brusco descenso do 10,23%, para recuperarse lentamente no ano 1905 nun 1,97%, e outro 0,10% no ano seguinte, a partir do cal retorna a valores do ano 1905, manténdose nestes ata o 1908. Finalmente, no ano 1909 increméntase de forma importante o gasto nun 55,06%, acadando o tope da etapa.

Os gastos en arboredo van destinados ao mantemento deste nos paseos e xardíns públicos. Inclúense os xornais e poda, ferramentas, adquisición de plantas, arbustos e sementes para viveiros. Destaca o ano 1904, no que se engaden os gastos de adquisición de árbores destinados a unha plantación na Estrada do Cemiterio, máis os gastos que esta teña. O total de gastos na etapa é de 2.125 pesetas, unicamente un 0,38% (Táboa XI, Anexo). A evolución é estable nos tres primeiros anos, un 14,12% anual, descendendo un 9,41% no ano 1903. Esta tendencia invértese no ano 1904, cun incremento do 24,70%, para descender no ano 1905 a valores do 1903, e manterse nestes valores ata o final da etapa.

Finalmente, como partidas menores, figuran a adquisición e reparación de efectos necesarios na Praza de Abastos e o sacrificio de animais daniños, consistente nunha gratificación aos veciños do termo municipal por sacrificio destes animais, como son raposos e lobos. As cantidades totais de gastos nestes apartados son baixas: 1.002 pesetas na Praza de Abastos, un 0,18%, e 925 pesetas nos animais daniños, un 0,17%. En ambas partidas o máximo acádase nos anos 1907, 1908 e 1909; 200 pesetas anuais que supoñen un 19,96% e un 21,62%, respectivamente (Táboa XI, Anexo).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No total gastado en policía urbana e rural, o ano con máis gastos é o 1909 con 71.741,45 pesetas, un 12,91% (Táboa XI, Anexo e Gráfica 15); mentres, o ano de menos gastos é o 1904 con 36.712,55 pesetas, un 6,60%. A evolución é estable ata o ano 1903, no que se produce un descenso do 0,98%, que descende outro 0,17% no ano seguinte. A tendencia invértese no ano 1905 cun leve aumento do 0,51%, incrementado substancialmente no ano seguinte nun 10,27%; a partir do cal se produce un descenso do 3,93% no ao 1907, para manterse en valores similares ata o final da etapa, a pesar dun leve descenso do 0,54% no ano 1909.

C. Policía de seguridade

Este apartado está composto polos gastos da Garda Municipal, o socorro de incendios e salvamentos e os seguros de incendios. En total os gastos son de 305.067,33 pesetas, o que supón un 14, 83% dos gastos en servizos municipais (Táboa XII, Anexo).

A partida de gastos da Garda Municipal está formada polas remuneracións dos seus membros, concretamente dun xefe, tres cabos e vinte e oito gardas, un total de 286.598,28 pesetas, un 93,95% do total de policía de seguridade. O ano que conta con máis gasto é o 1909, con 29.937 pesetas, un 10,45%; mentres, o resto dos anos as cifras practicamente non varían, movéndose entre as 28.187,92 pesetas do ano 1900 e as 28.677,92 dos anos 1906, 1907 e 1908, ao redor dun 10% anual (Táboa XII, Anexo).

Ao anterior hai que sumarlle os gastos en material da Garda Municipal, equipos, armamento e uniformes, cun gasto total de 2.900 pesetas, un 0,95%. Os anos con máis gasto son o 1901 e 1902, 850 pesetas anuais, un 29,31% , mentres que do ano 1904 ao 1908 os gastos son os menores da etapa, 50 pesetas anuais, un 1,72% (Táboa XII, Anexo). A evolución de gastos en material é á alza no ano 1901 cun aumento do 20,69%; manténdose nesta cifra no ano 1902, para reducirse nun 25,87% no 1903, e outro 1,72% no ano 1904, para manterse nesta cifra ata o ano 1908, incrementándose nun 6,90% no 1909.

Ambas partidas, remuneracións e material, gastan un total de 289.498,28 pesetas, un 94,90% dos gastos en policía de seguridade.

O socorro de incendios e salvamentos comprende as gratificacións da brigada municipal de bombeiros, adquisición de uniformes e renovación e reparación de material. En total a cantidade de gastos ascende a 13.700 pesetas, un 4,49%. Os anos que contan con máis gastos son o 1901 e o 1902, 3.500 pesetas anuais, un 25,55%; mentres, os anos 1904, 1905 e 1906 son os de menos gasto, 500 pesetas anuais, un 3,65% (Táboa XII, Anexo). A evolución é á alza no ano 1901, cun incremento do 13,14%, manténdose no ano seguinte. No 1903 prodúcese un descenso do 18,25%, ao que se lle engade outro do 3,65% no ano 1904, manténdose neste valor ata 1906. No ano 1907 prodúcese un incremento do 2,92%, manténdose nesta cifra no ano seguinte, para descender un 1,46% no 1909.

Os gastos en seguros de incendios compóñense do seguro de incendios da Casa Consistorial e do Asilo das Mercedes. En total os gastos son de 1.869,05 pesetas, un 0,61%. O ano que máis se gasta é o 1900, 305,80 pesetas, un 16,36%, debido ao pago engadido dun vencemento do seguro de incendios do Asilo das Mercedes. Pola contra, o resto de anos a contía é similar, 173,50 pesetas anuais, un 9,28%, cun aumento non significativo no ano 1909. Polo tanto a evolución é á baixa no ano 1901, cun descenso do 7,08%, para manterse nestes valores ata o final da etapa (Táboa XII, Anexo).

A prevención de incendios é un asunto crucial para o concello e a tal efecto publícase un bando específico no ano 1903[125], no que se regula o almacenamento de substancias de combustión. Este bando prohibe todo depósito de pólvora, petróleo e demais sustancias

[125] Iglesias Moure, G.: Los incendios en Lugo. Un bando de la alcaldía. (4 de marzo de 1903). *El Regional*, p. 2.

inflamables, así como de fácil combustión como leña, palla e herba nas zonas interior e exterior da cidade, e tamén nas aforas da mesma, e sempre deberá situarse a unha distancia conveniente de todo edificio da vía pública, que será de 8 metros para os combustibles e maior para os inflamables, segundo o perigo que ofrezan.

As substancias de combustión menos fácil como carbón e leña gorda, poderán situarse no sitio máis apropiado das casas, e para evitar incendios poderán acumularse ata catro carros como máximo, tomándose por medida o carro do país. As demais materias de combustión fácil e as inflamables, só se poderán ter nas casas nun lugar conveniente, en pequenas cantidades para o despacho inmediato ou consumo, segundo sexa establecemento de venda ou casa particular.

No total de gastos en policía de seguridade, o ano que conta con máis gastos é o 1909, con 31.062,25 pesetas, un 10,18%; mentres, os anos 1904 e 1905 son nos que menos se gasta, 29.151,42 pesetas anuais, un 9,56% (Táboa XII, Anexo e Gráfica 15). A evolución tende á estabilidade movéndose en valores ao redor dun 10% en toda a etapa.

D. Corrección pública

Componse este apartado dos gastos do Cárcere do Partido Xudicial, do Xulgado Municipal e do Depósito Municipal. A cantidade total de gastos é de 258.711,58, o que representa un 12,57% do gastos en servizos municipais (Táboa XIII, Anexo).

A maior parte dos gastos corresponden ao Cárcere do Partido Xudicial, e van destinados fundamentalmente a gastos de persoal, material, manutención de presos estantes, socorro de transeúntes, estancias de hospital, medicamentos, autopsias e imprevistos; aos que se lle engaden 9.105,13 pesetas para obras do novo cárcere no ano 1900, 5.885,84 pesetas para satisfacer aos fondos carcerarios do partido a cota que lle corresponde ao concello no ano 1906, e 9.673,73 pesetas polo mesmo no ano 1907.

Os gastos totais do Cárcere do Partido Xudicial ascenden a un total de 251.624,08 pesetas, o 97,26% dos gastos en corrección pública. O ano no que consignan máis gastos é o 1900, 32.242,95 pesetas, un 12,81%, mentres que o ano que menos se gasta é o 1904, 20.933,93 pesetas, un 8,31% (Táboa XIII, Anexo). A evolución é á baixa ata o ano 1904, cun descenso do 4,50% con respecto ao ano 1900, recuperándose entre os anos 1905 e 1907 cun incremento do 4,24%, para volver a reducirse nos dous anos finais, en concreto un 3,85% no 1909 en relación ao 1907.

Os gastos do Xulgado Municipal corresponden ao alugueiro do local que ocupa este, a razón de 1,75 pesetas diarias. O total de gastos é de 6.378,50 pesetas, un 2,47% (Táboa XIII, Anexo). A evolución é regular ao longo de toda a etapa, 638,75 pesetas anuais, un 10%.

Finalmente os gastos do Depósito Municipal engloban o socorro neste dos penados pobres, a razón de 0,50 pesetas diarias, alumeado e gastos que ocasione o seu sostemento. O total de gastos é de 700 pesetas, un 0,27% (Táboa XIII, Anexo).

A evolución global da corrección pública ten dúas fases: unha primeira do ano 1900 ao 1903, no que se gastan 100 pesetas anuais, un 14,29%; e unha segunda entre os anos 1904 e 1909, na que os gastos se reducen á metade, contribuíndo con 50 pesetas anuais, un 7,14% (Gráfica 15). O ano con máis gastos en corrección pública é o 1900 con 32.981,70 pesetas, un 12,75%, mentres que o ano 1904 é o que menos gastos ten, 21.622,68 pesetas, un 8,36%. A evolución representa un descenso progresivo entre os anos 1900 e 1904, reducíndose os gastos nun 4,39%. Invértese a tendencia do ano 1905 ao 1907, cun incremento do 4,11%; para volver a baixar nos dous últimos anos da etapa, en concreto un 3,74%.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E. Instrución pública

Forman parte dos gastos en instrución pública en orde de importancia: a instrución primaria, o alugueiro de edificios e a Escola de Música. A cantidade total de gastos é de 135.185,06 pesetas, o que representa un 6,57% dos gastos de servizos municipais (Táboa XIV, Anexo).

Os gastos de instrución primaria compóñense de soldos de mestres, de complementos retributivos e de material de escolas[126].

Os gastos totais de persoal son de 57.707,75 pesetas, un 42,69% da instrución pública. Os anos que máis gastos teñen son o 1901 e o 1902, con 18.005,50 pesetas anuais, un 31,20%, mentres que no ano 1909 só se empregan 603,75 pesetas, un 1,05% (Táboa XIV, Anexo). A evolución presenta dúas fases claramente contrastadas, segundo reflicte a Gráfica 15: a primeira agruparía desde o ano 1900 ao 1902, na que os gastos son os máis elevados da etapa, cun incremento no ano 1901 do 4,77%, manténdose no ano seguinte. A segunda fase vai desde o 1903 ao 1909, cun gran descenso do 29,88% no ano 1903, para irse recuperando lentamente ata o ano 1908, pero sen acadar as cifras da primeira fase. O incremento é dun 0,08% no ano 1904, manténdose no 1905, outro 0,60% no 1906, para manterse nos anos 1907 e 1908, descendo ao mínimo no ano 1909, un 0,95%.

A dotación de material é exigua e céntrase nos primeiros anos da etapa. En total invístense 9.715,38 pesetas, un 7,19%, sendo os anos máis cuantiosos o 1901 e o 1902, con 3.277,69 pesetas anuais, un 33,74%. O ano 1904 é o de menos gastos, unicamente 200 pesetas, un 2,06% (Táboa XIV, Anexo). Á hora de estudar esta evolución, só contan con gastos os anos 1900, 1901, 1902 e 1904, cunha tendencia positiva que se derruba no ano 1904. No ano 1901 increméntase nun 3,27%, manténdose no ano 1902, e caendo un 31,68% no 1904. Os gastos totais de instrución primaria son de 67.423,13 pesetas, un 49,88%.

Os gastos en alugueiros de edificios comprenden os alugueiros dos locais nos que están establecidas as escolas, e ocupan o segundo lugar nos gastos de instrución pública. Subliñar que estes alugueiros comprenden todas as instalación educativas, entendendo por tales a casa escola e habitación ou compensacións de casas aos mestres[127]. O total gastado en alugueiros ascende á cantidade de 43.737,18 pesetas, un 32,35% dos gastos en instrución pública. O ano que conta con máis gastos é 1904, 4.943,74 pesetas, un 11,30%, mentres que o ano 1900 é o de menos gastos, 3.146,24 pesetas, un 7,19% (Táboa XIV, Anexo). A evolución é crecente ata o ano 1903, cun incremento do 2,97% con respecto ao ano 1900, aumentando outro 1,14% no 1904, manténdose en valores similares o resto da etapa, ao redor dun 11% anual.

Os gastos da Escola de Música, establecida na Casa de Beneficencia, confórmanos o soldo do Mestre Director, 1.500 pesetas anuais, e as gratificacións a alumnos. A maiores os gastos en material, que comprenden a adquisición, reparación e conservación de instrumentos, e demais material, alumeado do local e outros gastos. A partir do ano 1903 os gastos da Escola de Música pasan a figurar no apartado de beneficencia.

Os gastos totais de persoal son de 22.122,75 pesetas, un 16,36% da instrución pública. Só constan con gastos os anos 1900, 1901 e 1902, sen variacións significativas, xa que o ano 1900 conta con 7.322,75 pesetas, e os anos 1901 e 1902, 7.400 pesetas de gastos cada un. En porcentaxes, pásase dun 33,10% a un 33,45%, aumento non significativo (Táboa XIV, Anexo).

[126] Tanto na primeira ensinanza, de 6 a 9 anos, como na segunda, de 9 a 15 anos, e na superior, que habilita para determinadas profesións, estaban separados por sexos, mentres que na primeira ensinanza a contía económica dependía do tamaño da poboación.

[127] Os gastos en alugueiros de edificios van destinados á Escola graduada, á Escola superior de nenas, Escola elemental de nenos, Escola elemental de nenas, Escola de párvulos, e ás escolas incompletas do Burgo, Nadela, Vilamoure, Gudín, Santa María de Bóveda, Piugos, San Xoán do Campo, Marcoi, San Pedro de Mera, Castelo, San Pedro Félix de Muxa e San Pedro de Romeán.

Os gastos en material da Escola de Música son pouco cuantiosos, e só constan tamén nos tres primeiros anos: en total, gástanse 1.902 pesetas, un 1,41% da instrución pública. A evolución é á baixa, cun máximo de 702 pesetas no ano 1900, un 36,91%, e un mínimo nos anos seguintes, de 600 pesetas anuais, un 31,55%, sendo a redución dun 5,36%. En total a Escola de Música conta con 24.024,75 pesetas de gastos, un 17,77%.

Tendo en conta os gastos anuais de instrución pública, os anos que máis se gasta son o 1901 e o 1902 con 32.794,43 pesetas anuais, un 24,26%; mentres, é o ano 1903 o que conta con menos gastos, 5.203,74 pesetas, un 3,85% (Táboa XIV, Anexo e Gráfica 15). A evolución é lixeiramente á alza nos dous primeiros anos, cun aumento do 2,52% no ano 1901, para manterse no 1902. No ano 1903 prodúcese unha brusca baixada do 20,41%, aumentando un 0,55% no ano 1904, para manterse nestes valores ata o 1909.

O Concello de Lugo gasta un total de 2.057.617,51 pesetas en servizos municipais en toda a etapa. O ano que máis gastos xera é o 1900, no que se invisten 232.787,70 pesetas, un 11,31% do total. No outro extremo, o ano 1903 representa o de menos gasto en servizos, cunha inversión de 162.338,03 pesetas, un 7,89% do total (Táboa IX, Anexo).

A evolución do gasto en servizos ao longo da etapa describe unha traxectoria estable nos tres primeiros anos, cunha leve baixada non representativa do 1,08% entre os anos 1900 e 1902. Os tres anos seguintes si representan unha diminución máis acusada do gasto; así, no 1903 diminúe nun 2,34%, para manterse practicamente nestes niveis nos anos 1904 e 1905, a pesar dun incremento pouco significativo, como se observa na Gráfica 15. A partir do ano 1906 prodúcese un aumento do gasto do 3,60%, para situarse en valores similares aos tres primeiros anos.

Gráfica 15. Evolución de gastos en servizos municipais no Concello de Lugo, 1900-1909



En definitiva, a beneficencia municipal e a policía urbana e rural supoñen o maior gasto dos servizos municipais (Gráfica 15).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.4.2.2 Cargas

Os gastos en cargas do concello compóñense do continxente provincial, créditos recoñecidos, contribucións e impostos, subvencións, subministracións ao Exército, funcións relixiosas e festexos, expropiacións, pensións e censos correntes. En total, o concello gasta en cargas a cantidade de 2.033.642,59 pesetas, o que supón un 41,26% dos gastos na etapa (Táboa XV, Anexo).

A. Continxente provincial

O continxente para gastos provinciais comprende a cantidade sinalada ao concello no repartimento para cubrir o déficit orzamentario da provincia, o seu destinatario é a Deputación Provincial. Trátase da partida máis cuantiosa dentro das cargas do concello, ascendendo á cantidade de 1.318.332,47 pesetas, o que representa un 64,83% do total de gastos en cargas. O ano de máis gasto é o ano 1906, 255.329,95 pesetas, un 19,37%; mentres, os de menor gasto son o 1900 e 1901, 56.174,72 pesetas anuais, un 4,26% (Táboa XV, Anexo).

Na evolución o gasto describe un incremento gradual entre os anos 1900 e 1905, a partir do cal se dispara ata o final da etapa (Gráfica 16). En porcentaxes, os dous primeiros anos aportan un 4,26% anual, cun incremento pouco significativo do 0,45% entre os anos 1902 e 1905. No 1906 dispárase o gasto, cun aumento do 14,66%, descendendo un 2,19% entre os anos 1907 e 1908, e cun leve aumento non significativo do 0,49% no 1909.

B. Créditos recoñecidos

Os créditos van destinados a satisfacer tres pagos principais. Do ano 1900 ao 1903 a maior parte do gasto vai destinada ao pago á Deputación Provincial dos catro prazos da moratoria para liquidar o descuberto polo continxente nos anos 1896-97 e 1897-98, 17.044,30 pesetas anuais; do 1904 ao 1908 ao pago á Compañía anónima *Alumbrado Eléctrico de Lugo* dos intereses de demora de devindicación (3.315,12; 4.251,23; e 21.412,58 pesetas nos anos 1906, 1907 e 1908, respectivamente); e no ao 1909 para pagar ao contratista da nova Praza de Abastos os intereses, a razón do 5,48% das 106.000 pesetas que comportaron as obras, un total de 5.808,80 pesetas. A maiores, outras 5.000 pesetas son tamén para o mesmo, para o pago do primeiro prazo de amortización. O resto de gastos en créditos van destinados a obras, provedores, remuneracións e premios.

O importe total de gasto en créditos é de 451.712,92 pesetas, un 64,83% das cargas. O ano que máis gasto recolle é o 1909 con 81.190,42 pesetas, un 17,97%, mentres que o de menor gasto é o 1904, 6.257,26 pesetas, un 1,39% (Táboa XV, Anexo).

A evolución do gasto en crédito é inestable, partindo dunha situación positiva cun aumento do 0,94% no ano 1901, cun descenso no 1902 do 2,23%, para incrementarse substancialmente nun 11,48% no ano 1903, e volver a caer un 15,61% no 1904, acadando a cota mínima. No ano 1905 apréciase unha mínima recuperación do 0,87%, que se incrementa no ano seguinte nun 11,89%, caendo nun 2,30% no ano 1907, para afrontar un final de etapa á alza, cun incremento do 3,46% no ano 1908 e outro do 2,66% no 1909 (Gráfica 16).

C. Contribucións e impostos

Conforman os gastos de contribucións e impostos no ano 1900, 114.072 pesetas para o pago á Facenda do encabezado de consumos, 19.952 pesetas polos dereitos sobre alcohol, en virtude do artigo 7º da Lei de 21 de xuño de 1889[128], e a cota do sal sinalada ao concello, 9.976 pesetas; ao que hai que sumar a recarga transitoria do 10% das tres partidas anteriores, 14.400

[128] España. Ministerio de Facenda. Lei de alcois de 1889, de 21 de xuño. La Gaceta de Madrid, 29 de xuño de 1889, núm. 180, p. 969.

pesetas. A maiores 500 pesetas son para o pago á Facenda do 10% sobre o importe da recarga de cédulas persoais. A partir do ano 1901, os gastos corresponden á contribución territorial das fincas propias do concello, 1.489,08 pesetas; ao 10% da recarga municipal sobre os impostos de cédulas persoais e carruaxes de luxo, 5.196,50 pesetas; e ao 20% do produto dos bens de Propios do concello, 11,61 pesetas; eliminándose este último a partir do ano 1904.

O total de gastos en contribucións e impostos ascende á cantidade de 165.597,19 pesetas, un 8,14% do total de cargas do concello. O ano con máis gastos é o 1900, 158.900 pesetas, un 95,96%; mentres, os de menor gasto son o 1901 e 1902, con 684,50 pesetas anuais, un 0,41% (Táboa XV, Anexo). A evolución ten dúas fases claramente contrastadas (Gráfica 16): no ano 1901 prodúcese un descenso do 95,55%, cifra que se mantén no ano 1902, recuperándose dunha maneira lenta e pouco significativa ata o final da etapa, cun crecemento 0,07% entre os anos 1902 e 1909, pero sen acadar os valores do ano inicial.

D. Subvencións

As subvencións van destinadas ao sostemento da Escola de Artes e Oficios, ao pago do alugueiro da Asociación Servas do Corazón de Xesús, ás necesidades do Asilo de Anciáns Desamparados, ao porteiro da Audiencia provincial para alugueiro da casa-habitación, ao Laboratorio de Hixiene e Instituto de Vacinación, á banda de música do Rexemento de Infantaría de San Fernando, ao comandante do posto da Garda Civil nesta capital, para os individuos que non habitan no cuartel por non ter capacidade suficiente, ao Campo de Demostración Agrícola, á Sociedade Venatoria, ao Orfeón Galego e á Compañía de Abastecemento de Augas de Lugo[129].

O total de gastos en subvencións é de 36.457,50 pesetas, un 1,79% do total de gastos en cargas. O ano que máis se inviste é o 1909, 6.232,50 pesetas, un 17,11%, mentres que o de menor inversión é o 1903, 2.182,50 pesetas, un 5,99%.

Na evolución do gasto, esta é estable entre os anos 1900 e 1902, inverténdose un 7,96% anual. No ano 1903 prodúcese un descenso do 1,97%, e a partir de aquí o gasto aumenta un 6,86% ata o ano 1907, manténdose nesta cifra no 1908, e incrementándose noutro 4,26% no 1909 (Táboa XV, Anexo).

E. Subministracións ao Exército

Trátase da contribución do concello ao mantemento do corpo militar, subministración aos corpos do Exército e Garda Civil. A cantidade total de gastos ascende a 20.000 pesetas, un 0,98% dos gastos en cargas. A evolución do gasto é uniforme, 2.000 pesetas anuais, un 10% (Táboa XV, Anexo).

F. Funcións e festexos

Os gastos no apartado de funcións e festexos van destinados a celebracións de tipo relixioso (Corpus, Semana Santa e misas), e tamén aos festexos e feiras de San Froilán.

[129] Escola de Artes e Oficios (2.000 pesetas anuais, 1900-1905; 2.500 pesetas anuais, 1906-1909), ao pago do alugueiro da Asociación do Corazón de Jesús, Siervas do Corazón de Jesús, (400 pesetas anuais, 1900-1902; 100 pesetas,1905; 125 pesetas anuais, 1906-1909), ás necesidades do Asilo de Anciáns Desamparados (500 pesetas anuais, 1900-1902; 200 pesetas 1905; 250 pesetas 1906; 300 pesetas anuais, 1907-1909), ao porteiro da Audiencia provincial para alugueiro da casa-habitación (182,50 pesetas anuais, 1903-1909), ao Laboratorio de Hixiene e Instituto de Vacinación (250 pesetas anuais, 1904-1909), á banda de música do Rexemento de Infantaría de San Fernando (500 pesetas anuais, 1905-1906; 750 pesetas anuais, 1907-1909), ao Comandante do posto da Garda Civil nesta capital, para os individuos que non habitan no cuartel por non ter capacidade suficiente (275 pesetas anuais, 1906-1909), ao Campo de Demostración Agrícola (200 pesetas anuais, 1906-1909), á Sociedade Venatoria (100 pesetas anuais, 1907-1909), ao Orfeón Galego (250 pesetas, 1909), e á Compañía de Abastecemento de Augas de Lugo (300 pesetas, 1909) e finalmente 1.000 pesetas para o pago do primeiro prazo das 2.000 pesetas con que o concello acordou contribuír para a erección dunha estatua que perpetúe a memoria do gran protector da provincia Benigno Quiroga L. Ballesteros.

O total de gastos é de 14.706,75 pesetas, un 0,72% das cargas do concello. O ano con máis gastos é o 1901 con 3.000 pesetas, un 21,09%, mentres que o que conta con menos gasto é o 1904 con 480 pesetas, un 3,26% (Táboa XV, Anexo). A evolución é positiva no comezo da etapa, cun incremento do 14,29% no ano 1901. A partir de aquí descende ata o 1904, concretamente nun 17,83%, recuperándose parcialmente no 1905 cun incremento do 3,91%, manténdose na mesma cifra no ano 1906, e incrementándose outro 2,89% no 1907, para manterse neste valor ata o ano 1909.

G. Expropiacións

Os gastos en expropiacións van destinados á apertura da rúa da Ramella e das rúas Quiroga L. Ballesteros e Bolaño Rivadeneira e para a prolongación da rúa do Bispo Aguirre. O resto das expropiacións dos anos 1906 e 1907 pertencen a pagos anteriores non satisfeitos. A maiores 2.500 pesetas para pagar as expropiacións que o concello acorde durante o ano 1909[130].

O total de gastos en expropiacións é de 14.223,80 pesetas, un 0,70% dos gastos das cargas, non contando con dotación económica os anos 1900, 1903 e 1904 (Táboa XV, Anexo). O ano con máis gasto é o 1909 con 2.887,64 pesetas, un 20,30%; mentres, os anos que menos se gasta son o 1902 e o 1908, 1.000 pesetas anuais, un 7,03%.

A evolución é a baixa entre os anos 1901 e 1902, cunha redución do 15,06%. No ano 1905 comeza unha tímida recuperación do 1,80%, que se incrementa nun 8,54% no ano seguinte. Os anos 1907 e 1908 manifestan un descenso do gasto, dun 0,92% o primeiro e doutro 9,37% o segundo, para rematar a etapa de maneira positiva, cun aumento do gasto do 13,27% no ano 1909.

H. Pensións

Os gastos en pensións van destinados a ex-membros da Garda Municipal. No ano 1900 prodúcese unha redución de 800 pesetas que viñan figurando para o pago de pensións ás familias de reservistas por considerarse innecesarias, deixando de satisfacerse desde o mes de marzo por estar repatriado o Exército na illa de Cuba, dándose polo tanto de baixa.

O total de gasto en pensións ascende á cantidade de 8.636,61 pesetas, un 0,42% do total de gastos en cargas (Táboa XV, Anexo). O ano con máis gastos é o 1903 con 1.011,74 pesetas, un 11,71%, mentres que o 1909 é o de menos gasto con 542,69 pesetas, un 6,28%.

A evolución parte dun 11,57% no ano 1900 e tende á estabilidade nos dous anos seguintes. No 1903 experimenta un incremento do 0,50% non significativo que mantén a tendencia. No ano 1904 prodúcese unha redución do gasto do 2,11%, para manterse neste valor ata o 1908. A etapa remata cunha baixada do 3,32% no ano 1909, acadando a cota máis baixa de gasto.

I. Censos correntes

Os gastos en censos correntes destínase principalmente ao pago de pensións forais, en concreto por foro do terreo que ocupa a Praza de Abastos, o cal pertenceu ao convento de Santo Domingo, e polos terreos que ocupaban as casas expropiadas para o ensanche da rúa do

[130] Van destinados á apertura da rúa da Ramella e da que vai desde o solar do antigo teatro ao cuartel de infantaría, na praza de San Fernando (2.000 pesetas, 1901); á expropiación dos terreos necesarios para a prolongación da rúa do Bispo Aguirre (1.000 pesetas anuais, 1901, 1902; 256 pesetas, 1905); terreos expropiados para a apertura das rúas de Quiroga L. Ballesteros e Bolaño Rivadeneira (4.387,64 pesetas en que foron taxados os terreos expropiados para a apertura das rúas de Quiroga L. Ballesteros e Bolaño Rivadeneira, segundo acordo de 1º de agosto de 1.904, sendo 1000 pesetas anuais; 1905, 1906, 1907,1908 – catro prazos-; e en 1909, 387,64 pesetas).

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Progreso, denominada agora Manuel Becerra[131]; ao pago aos donos dunha casa na rúa de San Pedro, expropiada para o ensanche da rúa das Nóreas, da pensión coa que está gravada; e ao pago da contribución territorial correspondente ás fincas propias do concello.

Os gastos totais en censos correntes son de 4.004,35 pesetas, un 0,20% das cargas, a partida menos cuantiosa destas (Táboa XV, Anexo). O ano con máis gasto corresponde ao 1909 con 726,76 pesetas, un 18,14%; mentres, os de menor gasto son o 1901, 1902 e 1903, con 181,99 pesetas anuais, un 4,54%.

A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso case da metade, en concreto do 3,86% no ano 1901, para manterse nesta cifra os dous anos seguintes. No 1904 increméntase o gasto pouco significativamente nun 0,56%, manténdose no 1905. Un aumento substancial prodúcese no ano 1906, un 10,98%, para manterse en cifras similares ata o 1908. Finalmente, a etapa remata cun aumento de gasto do 0,68%, que inda que non é significativo, serve para acadar a valor máximo dos dez anos.

Nunha análise global das cargas, o total destas ascende a 2.033.642,59 pesetas, unha cantidade importante. O ano que máis se gasta é o 1906 con 331.590,80 pesetas, un 16,31%; mentres, o ano de menos gastos é o 1904 con 74.986,62 pesetas, un 3,69% (Táboa XV, Anexo). A evolución é descendente nos dous primeiros anos, cunha redución no ano 1901 de máis da metade, un 7,33%, pasando dun 12,44% a un 5,11%. A tendencia segue á baixa no ano 1902 con outra redución non significativa do 0,34%; no ano 1903 invértese a tendencia cun incremento do 2,39%, para volver a caer no ano seguinte un 3,47%. No 1905 recupérase timidamente cun aumento do 0,32%, que se incrementa no 1906 nun 12,30%, para manterse nestes valores, caendo unicamente un 1,20% ata o ano 1908, para volver a valores similares do 1906 no ano 1909, cun aumento do 1,07% de gasto.

Gráfica 16. Evolución dos principais gastos en cargas no Concello de Lugo, 1900-1909



Así pois, como reflicte a Gráfica 16, os principais gastos en cargas corresponden a tres apartados: continxente provincial, seguido de créditos recoñecidos e, en terceiro lugar, contribucións e impostos.

[131] Ao convento de Santo Domingo: 150 pesetas totais; aos herdeiros de Gerónima Marey, pola parte da pensión foral que ten que satisfacer o concello ao Marqués de San Martín, 161,76 pesetas anuais, 1.617,60 pesetas totais; Casa Rúa San Pedro: 27,50 pesetas anuais, 275 totais; e as fincas propias do concello 164, 71 pesetas totais.

4.4.2.3 Gastos xerais

Os gastos xerais do concello comprenden os soldos de empregados, material, quintas, eleccións, menores e de representación, censo, subscricións e Xunta Local de Reformas Sociais. A cantidade total de gastos xerais ascende a 484.245,65 pesetas, un 9,82% dos gastos na etapa (Táboa XVI, Anexo).

A. Soldos de empregados[132]

Inclúen os soldos de empregados e a maiores os gastos de persoal da Administración de Consumos no ano 1900. Constitúen a principal partida de gastos xerais do concello, cun total de 392.669,50 pesetas, un 81,09% (Táboa XVI, Anexo). O ano que máis gastos contempla é o 1900, 65.896,50 pesetas, un 16,78%, mentres que os anos nos que menos se gasta son o 1901 e o 1902, 29.351 pesetas cada un, un 7,47% anual.

A evolución conta cunha baixada importante no ano 1901 do 9,31%, para irse recuperando progresivamente desde o ano 1903 ata o final da etapa, aumentando nun 4,51%, situándose no ano 1909 en 47.058 pesetas, un 11,98%, segundo reflicte a Gráfica 17.

É preciso mencionar a ampliación das cantidades liquidadas pola contribución de utilidades, aumentando no primeiro trimestre 43,98 pesetas, no segundo trimestre 49,40 pesetas, e no terceiro 120,92 pesetas, unha vez descontadas as baixas neste. No total orzamentario, as rectificacións practicadas produciron un aumento de 444,74 pesetas anuais, ou sexa 111,19 pesetas por trimestre. O motivo desta ampliación é o aumento do tipo impositivo do 6 ao 12% sobre os haberes, soldos e gratificacións dos empregados municipais, por Real Orde de 18 de setembro de 1902. Esta orde foi recorrida polo concello mediante recurso contencioso contra a decisión do Delegado de Facenda[133].

B. Material

Forman parte deste os gastos en material de escritorios, os gastos da Administración de Consumos, concretamente material e pago de alugueiros dos locais nos que están instalados os fielatos de recadación, administración do imposto e depósitos administrativos no ano 1900; a recadación de arbitrios municipais, os gastos na conservación de efectos e mobiliario da Casa do Concello, ademais da conservación e reparación desta. O total de gastos na etapa ascende á cantidade de 66.147,63 pesetas, un 13,66% (Táboa XVI, Anexo).

O ano de máis gastos é o 1900, 12.304,64 pesetas, un 18,60%, e o de menos o 1903 con 4.500 pesetas, un 6,80%. A evolución é á baixa nos dous primeiros anos (Gráfica 17), caendo un 6,88% no 1901, cunha leve recuperación no ano 1902 do 1,59%, a partir da cal descende case á metade no 1903, un 6,51%; para manterse nestes niveis ata o ano 1908, no que experimenta unha subida do 3,28%, descendendo outra vez aos niveis anteriores no 1909, reducíndose nun 4,11%.

C. Quintas

Os gastos no apartado militar son para o pago de honorarios aos facultativos que practiquen recoñecementos, reintegro ao ramo de guerra, concretamente á Intendencia Militar da Capitanía Xeral de Galicia, do importe de subministracións facilitadas aos quintos declarados inútiles e exentos; así como para atender os demais gastos de alistamento, subministración a recrutas, efectos timbrados e sobres adquiridos para as operacións de recrutamento de quintos. A partir

[132] Concello de Lugo. (1901-1920). *Persoal*. AHPL (Sin. L0644), Lugo.

[133] Concello de Lugo. (19 de xaneiro de 1903). *Contribución de utilidades de 1902. Expediente referente á ampliación das cantidades liquidadas pola contribución de utilidades, practicada pola Administración de Contribucións en vista da Real Orde de 18 de setembro de 1902*. AHPL (Sin. 0907/9, Car. 826), Lugo.

do ano 1906 os gastos de quintas van destinados a material para o alistamento xeral e o expediente para a Deputación Provincial, abono dos cargos que remitan a Caixa de Recrutamento e Intendencia Militar, e aos honorarios dos médicos municipais por recoñecemento de mozos e demais gastos deste concepto.

Os gastos totais na etapa son de 13.739,62 pesetas, un 2,84% dos gastos xerais. Por anos, o que máis gastos supón é o 1900, 2.374,40 pesetas, un 17,28%, mentres que no ano 1903 só se gastan 700 pesetas, un 5,09% (Táboa XVI, Anexo).

A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 6,13% no 1901, unha recuperación no ano 1902 do 1,99%, para caer bruscamente no 1903, reducíndose máis da metade, concretamente un 8,05%, aumentando case ao dobre no ano seguinte, un 4,57%, para reducirse no 1905 un 0,93%, e manterse nestas cifras ata o final da etapa.

D. Eleccións

Corresponden aos gastos das eleccións de deputados a Cortes, provinciais e municipais. Subliñar que todos os anos se destina unha partida para eleccións, independentemente de que as houbera ou non. A cantidade total é reducida, 4.109,95 pesetas, que representa só o 0,85% dos gastos xerais (Táboa XVI, Anexo). O ano que máis gastos supón é o 1900, con 959,95 pesetas, un 23,36%, debido ao incremento dunha partida de material subministrado por provedores; mentres, nos anos 1904 e 1906 só se gastan 100 pesetas, un 2,43% .

A evolución da etapa é á baixa, cunha caída do 8,76% no ano 1901, manténdose nesta cifra ata o 1904, no que se reduce outro 12,17%, aumentando un 3,65% no ano 1905, para volver a caer un 3,65% no 1906, volvendo a valores do ano 1904; finalmente, aumenta un 4,87% no 1907, para manterse nesta cifra ata o 1909.

E. Menores e de representación

Compóñense fundamentalmente de gastos destinados ao pago do alumeado da Casa Consistorial á Compañía Anónima *Alumbrado Eléctrico de Lugo*, e demais gastos que ocasione o servizo (limpeza e compra de combustible para braseiros e chemineas, etc.). A maiores contémplanse tamén os gastos de representación do concello en actos e festividades públicas.

Só se computan nos anos 1900, 1901 e 1902, cunha cantidade reducida de 2.800,80 pesetas, o que supón un 0,58% dos gastos xerais. O ano que maiores gastos contempla é 1901, con 1.100 pesetas, o 39,27%, mentres que no que menos se gasta é o 1900, 625 pesetas, un 22,32%. A evolución é á alza, cun aumento do 16,95% no ano 1901, manténdose en valores similares no 1902 (Táboa XVI, Anexo).

F. Censo

Comprende os gastos que ocasiona a realización do censo de poboación. Só se contempla no ano 1901, cun total de 2.670,75 pesetas, unicamente un 0,55% dos gastos xerais (Táboa XVI, Anexo).

G. Subscricións

Os gastos en subscricións, a pesar de non ser elevada a súa cantidade, poñen de manifesto a boa información coa que contaba o concello, subscrito no ano 1900 á *Gaceta de Madrid*, á *Colección Legislativa de España*, ao *Boletín do Ministerio de Fomento*, ao *Boletín da Administración Local* e á *Revista Contemporánea*. Mentres, nos anos 1901, 1902 e 1903 mantéñense a *Gaceta de Madrid, Colección Legistativa de España, Boletín de la Administración Local* e a *Revista contemporánea*, engadíndose *Consultor de los Ayuntamientos* e *La Administración Práctica*. Finalmente, desde o ano 1904 ata o 1909, as subscricións quedan

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

reducidas á *Gaceta de Madrid*, *Colección Legislativa de España* e *Consultor de los Ayuntamientos*.

En total os gastos ascenden á cantidade de 1.689,50 pesetas, un 0,35% dos gastos xerais da etapa. Os anos que máis se gasta son o 1901 e o 1902, 214, 15 pesetas, un 12,70%; e os que menos, do 1904 ao 1909, 150 pesetas anuais, un 8,88% anual (Táboa XVI, Anexo).

H. Xunta Local de Reformas Sociais

Contempla os gastos de material da Xunta local de reformas sociais, ademais do pago aos vogais obreiros de tres pesetas por cada día que permanezan retidos fóra do taller polos seus deberes na mesma. A cantidade total de gastos é de 417,90 pesetas, só un 0,09% dos gastos xerais. Esta cantidade, só se contabiliza a partir do ano 1904, e distribúese de maneira igualitaria ata o final da etapa, 69,65 pesetas anuais, un 16,67% (Táboa XVI, Anexo).



En definitiva, como reflicte a Gráfica 17, os principais gastos xerais do Concello de Lugo corresponden a soldos e gastos de persoal, seguidos dos gastos en material, con achegas máis reducidas no resto de apartados.

4.4.2.4 Obras municipais

As obras municipais do concello divídense en obras de nova construción e obras públicas. As primeiras agrupan aquelas construcións ex novo, mentres que as segundas contemplan as obras de conservación, nas que se inclúen o mantemento e conservación de camiños veciñais e pontes, beirarrúas e empedrados, sumidoiros, fontes e canos, edificios, mercado, cemiterios, matadoiro, e os gastos de persoal e material necesarios para a súa realización. O total de gastos en obras municipais ascende á cantidade de 313.604,57 pesetas, un 6,36% dos gastos da etapa (Táboa XVII, Anexo).

A. Obras de nova construción

A construción de obras é o gasto máis importante dentro das obras do concello (Gráfica 18). En total os gastos ascenden á cantidade de 137.461,39 pesetas, o que supón un 43,83% do total de gastos en obras municipais.

USC

No ano 1900 a partida vai destinada ao pago dos gastos que orixine a prolongación da rúa do Bispo Aguirre, como son expropiación de terreos, construción de muros e demais obras que haxa que levar a cabo[134]. No ano 1901 os gastos van destinados á adquisición dun solar para as obras de construción dun edificio destinado a Palacio de Xustiza, e neste ano tamén hai constancia dunha poxa de obras dun edificio destinado a matadoiro de gando, por un valor de 34.525,76 pesetas, realizándose os pagos cos produtos do matadoiro, calculados en 5.000 pesetas anuais que se satisfarán por trimestres vencidos[135]. No ano 1902 os gastos son para a apertura da rúa e a Porta do Bispo Aguirre, da rúa de Quiroga López Ballesteros e o ensanche da Calella da Ramella[136].

Nos anos 1904 e 1905 os gastos seguen destinándose á apertura da rúa de Quiroga López Ballesteros, ao ensanche da Calella da Ramella e á prolongación da rúa do Bispo Aguirre. Nos anos 1906, 1907, 1908 os gastos van destinados ao Cuartel de Artillaría, polas obras dunha corte enfermaría, unha corte para 44 machos e 30 cabalos, e un aseo para a tropa. Ademais, no ano 1907 consta algunha iniciativa de diversificación económica cara o campo da industria conserveira, para o que se expón algunha modificación urbanística[137]. Finalmente, no ano 1909 a partida principal vai destinada ao Cuartel de Artillaría, a maiores 3.500 pesetas para a construción dun mercado no frontón, que non se construirá ata a seguinte etapa; e outras 3.500 pesetas para a unha Estación Sanitaria.

Nunha análise comparativa, o ano de máis gastos na construción de obras é o 1906 con 39.601,04 pesetas, un 28,81%, mentres que no ano 1903 non hai gastos en construción, e no 1901 só se invisten 2.000 pesetas, un 1,45% (Táboa XVII, Anexo). A evolución é irregular, descendo un 0,73% nos dous primeiros anos, para incrementarse nun 11,47% no 1902. A partir deste ano volve a reducirse aos valores iniciais, cunha baixada do 10,59% entre os anos 1902 e 1905. No 1906 experimenta o maior incremento da etapa, un 26,48%, para caer no 1907 un 11,35%, descendendo en 1908 un 2,91%, que se recupera nun 3,20% no ano 1909 (Gráfica 18).

B. Obras públicas[138]

Comprenden as obras de beirarrúas e empedrados, camiños veciñais e pontes, fontes e canos, mercado, sumidoiros, conservación de edificios, material, cemiterio e matadoiro.

B. 1 Camiños veciñais e pontes

A conservación de camiños veciñais e pontes supón uns gastos de 64.080,26 pesetas, un 20,43% dos gastos en obras municipais (Táboa XVII, Anexo). O ano que conta con máis gastos

[134] Estas obras enmárcanse no proxecto de apertura dunha rúa e unha porta na muralla; xustifícase a apertura da nova rúa pola necesidade de facilitar a comunicación entre a parte máis poboada e digna de consideración da cidade co exterior e co cemiterio, xa que co ensanche do Cantón limitouse moito o paso de carruaxes polo angosto arco de Palacio, e ademais o novo Seminario deu maior vida e movemento á zona exterior do sur, polo que é unha necesidade para atender ás necesidades cada día maiores da circulación. A liquidación xeral das obras, practicada polo arquitecto, ascende á cantidade de 25.269,35 pesetas, máis 14.269,35 pesetas adicionais non comprendidas no proxecto. Concello de Lugo. (1900). *Proxecto da construción e apertura da porta e da rúa de Bispo Aguirre*. AML (Sin. 5855.13), Lugo.

[135] Concello de Lugo. (setembro de 1901). *Abastos e mercados.* AHPL (Sin. 1538), Lugo.

[136] Esta partida de 14.269,35 pesetas figura no presuposto extraordinario. O secretario do concello certifica a acta da sesión da Xunta municipal, na que salientan os gastos relativos á apertura da rúa Quiroga L. Ballesteros, o ensanche da calella de Ramella e os da representación do concello con motivo da coroación do rei don Alfonso XIII, todo elo ascende a 5.742,4 pesetas. Tamén se fai referencia á rebaixa de 300 pesetas destinadas a quintas e 1.964,3 pesetas destinadas á mellora e exornación da praza da Constitución, consignados no presuposto e para os que se pedirá un préstamo. (12 de xuño de 1902). *Presuposto extraordinario*. Fontes presupostos.

[137] Consta o nomeamento dunha comisión composta polos señores Belón, López Pérez e Tato, para que estuden a forma de ceder a Guerra a parte do Cuartel das Mercedes que lle pertence, co obxecto de establecer nel unha das fábricas de conservas que se trata de crear. Concello de Lugo. (24 de xaneiro de 1907). *Actas municipais; sesión supletoria*. AML (Sin. 7988.5), Lugo.

[138] Concello de Lugo. *Expedientes de apertura, ampliación e reforma de rúas, 1774-1928.* AHPL (Sin. 0469-04), Lugo.

é o 1908, con 9.772,75 pesetas, un 15,25%, mentres que o ano que menos se inviste é o 1903, con 5.102,50 pesetas, un 7,96%. A explicación dos gastos máis elevados nos anos 1907 e 1908 é pola consignación de 3.000 pesetas anuais para a reparación da ponte de Hombreiro.

A evolución sofre altibaixos pouco marcados, agás no bienio 1907-1908. Comeza a etapa cun incremento dos gastos do 2,46% no 1901, manténdose nesta cifra no ano seguinte. No 1903 descenden os gastos nun 2,67%, cun leve aumento non significativo no ano 1904 do 0,02%, para caer nun 1,19% no 1905. A partir deste invértese a tendencia, cun leve aumento do 0,57% no 1906, e outro máis importante do 6,98% no ano 1907, que acada a cota máxima no 1908 con outra pequena subida do 0,61%. O ano 1909 rompe a tendencia alcista de gastos, caendo estes nun 4,68%.

B.2 Beirarrúas e empedrados

As obras de construción e reparación de beirarrúas e empedrado das rúas contan cun gasto total de 43.355,84 pesetas, un 13,83% das obras municipais. No 1900, destacan as 2.500 pesetas por empedrado da rúa da Raíña, unhas obras que continuarán na seguinte etapa. Aínda así, o ano no que máis gastos se recollen é o 1909, con 8.723 pesetas, un 20,12%; mentres, pola contra, no 1904 só se invisten 1.000 pesetas, un 2,31% (Táboa XVII, Anexo).

A evolución describe unha traxectoria á baixa entre os anos 1900 e 1904, a baixada máis importante prodúcese no 1901, un 6,68%, para manterse no 1902, baixando un 2,31% no 1903, e outro 2,30% no 1904. A partir do ano 1905 invértese a tendencia, que é positiva ata o 1907, cun aumento do 0,92% no 1905, outro do 8,30% no 1906, e outro do 5,62% no 1907. No ano 1908 prodúcese unha baixada do 3,51%, para recuperarse no 1909 cun incremento do 6,51%.

B.3 Sumidoiros

O mantemento da rede de sumidoiros ten un gasto de 17.400 pesetas, o que supón un 5,55% das obras municipais. O ano que máis se gasta é o 1900, con 3.000 pesetas, un 17,24%, mentres que no 1904 só se invisten 250 pesetas, un 1,44% (Táboa XVII, Anexo).

A evolución é descendente ata o ano 1904, cunha baixada no 1901 do 5,75%, manténdose no 1902, caendo un 5,74% no ano 1903, e outro 4,31% no 1904. No ano 1905 invértese a tendencia, que chega con oscilacións ata o final da etapa; a subida do 1905 é do 5,74% e doutro 5,75% no 1906. No ano 1907 prodúcese unha baixada pouco significativa do 0,58%, para recuperar a mesma porcentaxe no 1908, descendo un 5,75% no 1909, volvendo así aos valores do ano 1905.

B.4 Fontes e canos

O mantemento do aprovisionamento de auga supón unha serie de gastos de reparación, conservación e limpeza da cañaría e fontes públicas, e tamén para a apertura de pozos públicos existentes en varias rúas da poboación. O gasto total é de 14.837,50 pesetas, un 4,73% das obras municipais (Táboa XVII, Anexo). O ano de máis gastos é o 1900, con 3.587,50 pesetas, un 24,18%, debido á inversión de 1.500 pesetas no arranxo da rúa da Raíña; mentres os de menos gastos son o 1904, 1905 e 1906, con 500 pesetas anuais, un 3,37%.

A evolución é á baixa ata o ano 1906, cunha baixada importante do 7,33% no 1901, nivel que se mantén no ano seguinte. No 1903 redúcese outro 1,69% e no 1904 outro 11,79%, manténdose neste valor ata o ano 1906. No 1907 invértese a tendencia cun incremento do 1,68%, manténdose no 1908, e aumentando un 1,69% no 1909.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

B.5 Conservación de edificios

A conservación de edificios engloba as reparacións nos edificios municipais e monumentos, entre os que destacan a reparación da porta da muralla na Rúa Nova nos anos 1900 e 1901, 3.000 e 2.590,35 pesetas, respectivamente; 1.999,99 pesetas para as obras de reconstrución da parte da muralla derribada na inmediacións da porta da Estación, unha partida que se detrae do presuposto empregado para beirarrúas e empedrados[139]. Tamén constan gastos para o local que ocupa a Escola Graduada, situada no ex-convento de Santo Domingo, nos anos 1902, 1906 e 1907, 750, 2.250 e 1.669,33 pesetas, respectivamente.

O total de gastos en conservación de edificios e monumentos ascenden á cantidade de 14.121,68 pesetas, un 4,50% do invertido en obras municipais. Os anos con máis gastos son o 1900 e o 1901, 3.327 e 3.590,35 pesetas, un 23,56% e 25,42% respectivamente; mentres, os anos nos que menos se inviste son o 1904 e o 1905, 150 pesetas anuais, un 1,06% (Táboa XVII, Anexo).

A tendencia é á alza nos dous primeiros anos, cun incremento do 1,86% no 1901, producíndose un importante descenso do 18,34% no ano 1902, que aumenta progresivamente ata o 1905, cun novo descenso do 6,02%. No ano 1906 prodúcese unha inversión da tendencia, cun aumento do gasto do 17,71%, para reducirse no ano 1907 nun 4,12%, cunha caída brusca no 1908 do 10,86%, que segue á baixa no 1909, caendo outro 0,96%.

B.6 Persoal

Os gastos en persoal de obras da Administración son de 9.368,75 pesetas, un 2,99% do total. Estes gastos só figuran do ano 1900 ao 1903, porque a partir deste inclúense dentro das partidas de gastos de cada obra en concreto.

O ano que máis se gasta é o 1900, con 6.368,75 pesetas, un 67,98%; correspondendo os outros tres anos ao menor gasto, 1.000 pesetas anuais, un 10,67%. A evolución é á baixa no ano 1901, cun descenso do 57,31%, para manterse nos dous anos seguintes (Táboa XVII, Anexo).

B.7 Material

Este material comprende o necesario para a conservación de edificios, da muralla, da alameda e da rolda. O gasto en material de obras da Administración é de 4.117,15 pesetas, un 1,31% dos gastos de obras (Táboa XVII, Anexo). O ano que conta con máis gasto é o 1908 con 1.400 pesetas, un 34%, mentres que o de menos inversión é o 1907, unicamente con 100 pesetas, un 2,43%.

A evolución de gasto é á baixa ata o ano 1907, cunha redución do 16,21% no 1901, manténdose neste nivel os anos 1902 e 1903, con outra baixada do 2,43% no 1904, que tamén se mantén nos anos 1905 e 1906, reducíndose un 1,21% máis no 1907. No ano 1908 invértese a tendencia, cun incremento do 31,57%, para volver a reducirse nun 21,86% no 1909.

B.8 Mercado

Inclúense aquí as obras de retellado, encalado, pintura e outras necesarias que ocasione a conservación da Praza de Abastos. O total da inversión é de 3.400 pesetas, un 1,08% das obras municipais (Táboa XVII, Anexo). O ano 1909 é o que máis gastos ten, 1.000 pesetas, un 29,41%, mentres que os anos 1904, 1905 e 1906 son os de menos gastos; 200 pesetas anuais, un 5,88%.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[139] Concello de Lugo. (11 de outubro de 1906). *Expediente de reparación da muralla*. Fontes presupostos.

A evolución é bastante regular ata o ano 1909. Así do ano 1900 ao 1903 a inversión é dun 8,82% anual, caendo un 2,94% entre 1904 e 1906, para volver a valores dos primeiros anos no 1907 e 1908, coa recuperación do 2,94%, e rematando a etapa cun incremento do 16,09%.

B.9 Cemiterio

Contempla a reparación do cemiterio, ao que se lle deu un ensanche no ano 1900 e, a partir do ano 1902, as reparacións necesarias nos cemiterios xeral e civil. Os gastos totais ascenden á cantidade de 2.850 pesetas, un 0,91% dos gastos de obras municipais. O anos de máis gastos son o 1903 e o 1909 con 500 pesetas anuais, un 17,54%, mentres que nos anos 1900, 1901 e 1902 só se gastan 200 pesetas anuais, un 7,02% (Táboa XVII, Anexo).

A evolución é estable nos tres primeiros anos, un 7,02% anual, cun incremento do 10,52% no ano 1903, para reducirse nun 8,77% entre os anos 1904 e 1908, volvendo a valores do 1903 no 1909, novamente cun aumento de gasto do 8,77%.

B.10 Matadoiro

Comprende a asignación de recursos para o mantemento dun dos principais aportes económicos do concello, como é o mercado da carne. En concreto para o retellado, encalado, pintura, canalización, colocación de cristais e demais obras do matadoiro. No ano 1905 engádense as obras necesarias para o aumento de auga, que se manteñen no 1906.

Esta protección do negocio da carne está amparada legalmente polo Real Decreto de 6 abril de 1905[140], que establece a obrigatoriedade da construción ou reparación dun matadoiro xeral para toda clase de gando nos municipios das capitais de provincia e pobos de máis de 10.000 habitantes.

Lugo contaba cun Regulamento para o matadoiro desde o ano 1900 e, polo tanto, existía xa un matadoiro, e talvez por iso a partida total de gastos en obras do matadoiro non é moi alta, xa que esta ascende á cantidade de 2.612 pesetas, o que supón un 0,83% do total de gastos; trátase polo tanto da menor partida do apartado de obras municipais (Táboa XVII, Anexo). Os anos nos que máis se inviste son o 1905, 1906 e 1907, 350 pesetas anuais, un 13,40%, mentres que no ano 1904 só se invisten 100 pesetas, un 3,83%.

A evolución describe unha traxectoria que tende á estabilidade, con leves altibaixos. No ano 1901 experiméntase un incremento do 1,45%, que se mantén nestes valores ata o 1903. No ano 1904 prodúcese un descenso do 5,74%, recuperándose no ano seguinte cun incremento do 9,57%, manténdose nos anos 1906 e 1907. Nos dous últimos anos da etapa prodúcese un descenso do 3,83% de gasto, volvendo aos valores de 1901-1903.

Nunha análise xeral dos gastos en obras municipais, estes ascenden á cantidade de 313.604,57 pesetas. O ano de maior inversión é o 1906 con 55.668,54 pesetas, un 17,75%, mentres que o ano de menos gastos é o 1904, 11.215,43 pesetas, un 3,58% (Táboa XVII, Anexo). A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, como se observa na Gráfica 18, cun descenso do 3,24%, recuperándose no 1902 cun incremento do 4,20%, para volver a caer no 1903, un 7,07%. Os dous anos seguintes son de estabilidade, cun descenso do 0,53% no ano 1904 e un aumento do 0,16% no 1905, non significativos. No 1906 prodúcese un incremento importante do gasto do 13,99%, cun descenso do 2,83% no ano seguinte, e outro do 1,72% no 1908. Remata a etapa cun aumento do gasto no 1909 do 1,08%.

USC

[140] España. Ministerio da Gobernación. Real Decreto de 1905, de 6 de abril. La Gaceta de Madrid, 7 de abril de 1905, núm. 97, pp. 96-97.



4.4.2.5 Montes

Os gastos no aproveitamento de montes divídense en aproveitamentos comunais e aproveitamentos forestais. Dentro dos primeiros, os gastos proceden de dereitos e impostos de expropiación de montes, do pago ao perito da Facenda polos expedientes de taxación dos montes anteriores (dereitos de xusto prezo), do reintegro dos expedientes instruídos referentes á excepción da venta de montes para o aproveitamento común, do ingreso á Facenda do 20% da taxación dos montes, e finalmente dos gastos para abonar aos veciños pobres das parroquias o valor dos lotes que se lles adxudiquen na distribución de aproveitamentos comunais (art. 134 LOM de 1877, do 2 de outubro). O gasto total en montes é de 39.652,14 pesetas, o que representa un 0,80% dos gastos na etapa (Táboa XVIII, Anexo).

Os gastos en aproveitamentos comunais ascenden á cantidade de 33.904,72 pesetas, un 85,51% do total de gastos en aproveitamento de montes. Só se computan estes gastos do ano 1904 ao 1908, e o ano de máis gasto é o 1906 con 10.853,55 pesetas, un 32,01%; mentres, o ano 1908 é o de menor gasto con 1.687,86 pesetas, un 4,98%.

A evolución segue unha traxectoria cóncava, cun incremento de gasto entre os anos 1904 e 1906 do 10,10%, dividido nun 4,69% no 1905 e outro 5,41% no 1906. A partir de aquí invértese a tendencia, cun descenso do gasto do 17,51% no ano 1907 e outro 9,52% no 1908, tal e como reflicte a Gráfica 19.

Os gastos en aproveitamentos forestais dos montes comunais do termo municipal van destinados ao pago do imposto do 10% de aproveitamentos forestais dos montes a cargo do Ministerio de Fomento, e outro 10% dos montes a cargo do Ministerio de Facenda. O total de gastos de aproveitamentos é de 5.747,42 pesetas, un 14,49% do total de gastos en aproveitamento de montes (Táboa XVIII, Anexo). O ano de máis gastos é o 1900 con 706,20 pesetas, un 12,29%, mentres que o ano no que menos se gasta é o 1901 con 445,98 pesetas, un 7,76%

A evolución é baixa nos dous primeiros anos, para estabilizarse posteriormente ata o final da etapa. En concreto no ano 1901 prodúcese unha baixada do 4,53%, que se recupera parcialmente no 1902 cun incremento do 1,71%, manténdose os gastos nestas cifras, cunha subida non significativa do 0,68% entre os anos 1902 e 1904.

USC DE COMPOSTELA

Nunha análise da evolución de todos os gastos en aproveitamento de montes, estes ascenden á cantidade de 39.652,14 pesetas. O ano que ten máis gastos é o 1906 con 11.436,93 pesetas, un 28,84%; mentres, pola contra, o ano 1901 é o de menos gastos con 445,98 pesetas, un 1,12% (Táboa XVIII, Anexo). A evolución é a baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 0,66% no 1901, a partir do cal se inverte a tendencia ata o ano 1906 (Gráfica 19). Entre o 1901 e o 1903 o incremento é pouco significativo, do 0,27%, para aumentar de forma considerable no ano 1904, un 18,81%, e outro 8,64% entre os anos 1904 e 1906. A partir do 1907 descende o gasto ata o final da etapa, concretamente un 14,97% no 1907, outro 8,14% no 1908, e un 4,26% máis no 1909, volvendo a valores de 1900-1903.



4.4.3 Balance da etapa e impacto social

Nunha visión económica global da etapa podemos observar que as contas do Concello de Lugo semellan estar bastante saneadas, ingresando 4.703.391,99 pesetas e gastando 4.928.762,46 pesetas, cun déficit reducido de 225.370,47 pesetas, como recolle a Táboa 29. Non obstante, esta suposta estabilidade económica debe de matizarse, xa que nela se mesturan actividades puramente mercantís e recadadoras con outras crediticias, que recorren ao endebedamento tanto para afrontar gastos, como para acadar un equilibrio económico.

Táboa 29. Ingresos e gastos do Concello de Lugo, 1900-1909

Ingresos	Total (pesetas)	% sobre o total	Gastos	Total (pesetas)	% sobre o total
Impostos e recursos para cubrir o déficit	3.236.624,74	68,81	Servizos municipais	2.057.617,51	41,75
Ingresos extraordinarios	751.075,99	15,97	Cargas	2.033.642,59	41,26
Servizos municipais	657.135,68	13,97	Gastos xerais	484.245,65	9,82
Propios	30.472,20	0,65	Obras municipais	313.604,57	6,36
Montes	28.083,38	0,60	Montes	39.652,14	0,80
Total (pesetas)	4.703.391,99	100	Total (pesetas)	4.928.762,46	100

O principal aporte económico do concello son os impostos, como reflicte a Gráfica 20. Dentro destes distinguimos entre os recursos para cubrir o déficit e os impostos municipais. A principal partida constitúena os recursos para cubrir o déficit (Gráfica 11), partida que agrupa

unha serie de recargas e impostos que aportan unha cantidade de 2.612.070,87 pesetas, un 55.53% de todos os ingresos, xustificándose estes novos impostos e recargas como necesarios para cubrir o déficit económico. O máis cuantioso de todos eles é a recarga sobre o imposto de consumos, que basicamente recarga nun 100% as cotas deste, recadando a cantidade de 1.953.518,27 pesetas, o que supón un 74,79% de todos os recursos para cubrir o déficit. Completan o apartado, pero xa a moita distancia en nivel de recadación e por orde descendente, a recarga na contribución de inmobles, a recarga na contribución de subsidio, os arbitrios extraordinarios, a recarga sobre o imposto de cédulas persoais, a recarga sobre o imposto de carruaxes de luxo, a recarga sobre o imposto de gas e electricidade e o imposto sobre casinos e círculos de recreo.

A recadación por impostos municipais tamén é importante, pero a moita distancia con respecto ao anterior, recadando un total de 624.553,87 pesetas, o que supón un 13,28% dos ingresos. Dentro destes o principal aporte procede do matadoiro, con 281.335,38 pesetas, seguido a distancia polos postos públicos con 129.203,95 pesetas, entre ambos aportan o 65,74% de todos os impostos municipais. Completan o apartado en orde decrecente a policía urbana, o cemiterio, o reintegro de subministracións ao Exército, as carruaxes e carros de transporte, os establecementos públicos, as licenzas de construción, certificacións e multas.

En segundo lugar en nivel de recadación sitúanse os ingresos extraordinarios, como vemos na Gráfica 20, cuns ingresos de 751.075,99 pesetas, un 15,97% dos ingresos. Conforman estes varias partidas, entre as que destaca, entre os anos 1901 e 1905, un préstamo contratado pola Xunta Municipal para cubrir o déficit orzamentario. O total deste ascende á cantidade de 722.857,02 pesetas, un 96,24% do total de ingresos extraordinarios. Complétase o apartado coa cesión de terreos á vía pública, coa corta e poda de arboredo, cos efectos existentes, cos legados, donativos e mandas, e cos eventuais e imprevistos.



Os ingresos por servizos municipais constitúen o terceiro aporte económico do concello (Gráfica 20). Estes comprenden tres servizos sociais que son beneficencia, corrección pública e instrución pública. O aporte total destes é de 657.135,68 pesetas, o que supón un 13,97% do total de ingresos. Dentro deles, o máis cuantioso procede da beneficencia, concretamente do Hospital de San Bartolomé e da Casa Municipal de Beneficencia, un total de 483.317,75 pesetas, un 73,55% dos ingresos por servizos municipais.

USC COMPOSTELA

Xa con contías moi inferiores sitúanse os ingresos por propios e montes, aportando entre ambos 58.555,58 pesetas, o que supón unicamente un 1,25% do total de ingresos.

No apartado de gastos, a maior inversión do concello son os servizos municipais, como se aprecia na Gráfica 21. Estes engloban beneficencia, policía urbana e rural, policía de seguridade, corrección pública e instrución pública. O gasto total ascende á cantidade de 2.057.617,51 pesetas, un 41,75% do total. A beneficencia e a policía urbana e rural son as partidas que contan con máis gasto. A primeira representa un 39,01% dos gastos en servizos municipais, e os beneficiarios son o Hospital de San Bartolomé e a Casa Municipal de Beneficencia, ambos representan o 98,27% do gasto en beneficencia.



En segundo lugar, cunha contía tamén importante están os gastos en policía urbana e rural, que supoñen o 27,02% dos gastos en servizos municipais. O alumeado, é a partida que máis gastos supón, un 78,72% dos gastos en policía urbana e rural. Os gastos restantes, que ocupan a policía de seguridade, a corrección e instrución públicas, representan o 33,97% dos servizos municipais, sendo os principais beneficiarios a Garda Municipal (94,90%), o Cárcere do Partido Xudicial (97,26%) e a Instrución Primaria (82,23%), respectivamente.

O apartado de cargas é o segundo de maior inversión con 2.033.642,59 pesetas, o que supón un 41,26% dos gastos. Dentro destas, o maior gasto vai destinado ao continxente provincial para cubrir o déficit orzamentario da provincia (64,83%), aos créditos para liquidar o descuberto polo continxente e aos créditos recoñecidos (22,21%). Completan as cargas, en orde cuantitativa decrecente, contribucións e impostos, subvencións, subministracións ao Exército, funcións e festexos, expropiacións, pensións e censos correntes, en total un 12,95% do gasto de cargas.

O gasto no resto de apartados é máis reducido (Gráfica 21); así os gastos xerais, as obras municipais e os montes só representan o 16,98% da inversión. Nos gastos xerais, a principal partida vai destinada a soldos de empregados, 392.699, 50 pesetas, un 81,09% dos gastos xerais. Séguelle a distancia o material, con 66.147,63 pesetas, un 13,66% dos gastos xerais. Completan o apartado en orde cuantitativa decrecente, quintas, eleccións, gastos menores e de representación, censo, subscricións e Xunta Local de Reformas Sociais; en total un 5,26% dos gastos xerais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cuarto lugar sitúanse os gastos en obras municipais, que se dividen en obras de nova construción e obras públicas ou de conservación. O gasto das primeiras ascende á cantidade de 137.461,39 pesetas, un 43,83% das obras municipais, cuxo destino é, entre outros, a apertura de varias rúas, a construción dun edificio para matadoiro e para un Palacio de Xustiza. As obras públicas contan cun gasto de 176.143,18 pesetas, un 56,16% das obras municipais. As partidas principais de gasto van destinadas a camiños veciñais e pontes e beirarrúas e empedrados, 64.080 pesetas e 43.355,84 pesetas, respectivamente. Complétase o apartado, en orde cuantitativa decrecente, coas obras de sumidoiros, fontes e canos, conservación de edificios, persoal, material, mercado, cemiterio e matadoiro.

O quinto e último apartado contempla os gastos de montes (Gráfica 21). Estes ascenden á cantidade de 39.652,14 pesetas, un 0,80% dos gastos totais do concello. O destino son os aproveitamentos comunais e forestais, con 33.904,72 pesetas e 5.747,42 pesetas, respectivamente.

Nunha valoración real da evolución económica podemos concluír que o Concello de Lugo se nutre principalmente de impostos, e ao ser insuficientes os municipais ten que recorrer á recarga sobre os estatais, e incluso á implantación doutros novos como son os arbitrios extraordinarios e ao imposto sobre casinos e círculos de recreo. Dentro dos impostos, o máis cuantioso con diferenza é a recarga no imposto de consumos, que provocará conflitividade social ao longo da etapa.

O resto do financiamento do concello reside basicamente na concesión de préstamos para saldar o déficit, e nos ingresos procedentes da beneficencia. Esta última resulta un recurso máis oneroso que cuantioso para o concello, xa que lle supón un 24,84% máis de gasto en relación ao que ingresa, mantendo o servizo a pesar da perda económica que representa.

Seguindo co apartado dos servizos municipais, estes son os que ocupan os maiores gastos do concello; a maiores da beneficencia, son o alumeado, a Garda Municipal, o Cárcere do Partido Xudicial e a instrución primaria os máis cuantiosos. Para soster este sistema social o concello vese na obriga de endebedarse, proceso ao que contribúe en maior medida a carga provincial satisfeita mediante créditos.

É preciso salientar tamén ás obras municipais, centradas na prolongación (rúa do Bispo Aguirre) e apertura de rúas (rúa de Quiroga López Ballesteros, ensanche da Calella da Ramella), construción de novos edificios como o Palacio de Xustiza, o matadoiro, un mercado no frontón (Praza de Abastos) e a Estación Sanitaria; ampliación do Cuartel de Artillaría, a xeneralización da traída de auga, e outras de conservación, o que pon de manifesto a puxanza económica, que ten o seu reflexo no incremento demográfico.

Os tres factores que mellor explican a evolución socioeconómica no concello son o mercado da carne xunto coas feiras e mercados, os prezos dos artigos de primeira necesidade ou subsistencias, e a conflitividade social como consecuencia destes e da carga impositiva.

A actividade industrial da cidade céntrase no mercado da carne, de feito o imposto municipal que reporta maiores beneficios é o do matadoiro, cuxas tarifas van aumentando e diversificándose a medida que transcorre a etapa. Asociado ao mercado da carne atópanse a comercialización deste e doutros produtos, tanto na Praza de Abastos como nas prazas, rúas, mercados e paseos, cuxos beneficios procedentes de impostos son tamén cuantiosos, inda que a moita distancia dos anteriores.

Esta importancia do mercado gandeiro como actividade principal do concello a comezos de século, regularase de maneira legal con normas para o seu desenvolvemento, tanto de rango estatal, como municipal. No ano 1905, un RD estableceu a obrigatoriedade da construción dun matadoiro xeral para toda clase de gando nos municipios das capitais de provincia, caso no que estaría o Concello de Lugo (Real Decreto de 1905, do 6 de abril).

USC DE COMPOSTELA

Segundo esta norma, nos matadoiros establecerase un departamento especial destinado a depósito e inspección de reses mortas noutros matadoiros, e á venda de carnes ao por maior. Procederase tamén á instalación de básculas de esfera indicadora para o peso das carnes, en substitución das romanas existentes, para que a venda das reses nos matadoiros se poida facer pesándoas en vivo, se así o desexan os gandeiros, e tamén se indica que o pago se seguirá facendo por quilogramos[141]. Ao mesmo tempo, permítese a circulación e consumo de carnes de produción nacional sacrificadas nos matadoiros rurais que puidesen crearse coa intervención da Asociación Xeral de Gandeiros, ou por outra análoga.

Este norma indica que para o transporte das carnes por ferrocarril, o Goberno xestionará coas empresas a creación dun servizo de vagóns frigoríficos e que se permitirá a venda, dentro de certas condicións de clasificación, das carnes fracas. Esta clasificación faraa con carácter xeral unha Comisión de Profesores da Escola de Veterinaria de Madrid, nomeada polo seu director.

A norma tamén regula a venda de carne, que deberá facerse directamente do produtor ao carniceiro. Tendo en conta que os servizos non poderán ser obxecto dun arrendamento, a Sociedade Xeral de Gandeiros do Reino ten preferencia no abastecemento baixo autorización do Goberno, sendo logo esta sociedade o único intermediario, e constituíndose como un trust gandeiro que será obxecto de moitas críticas. Polo tanto, a acción municipal queda reducida ás funcións de inspección; no caso dos municipios que estiveran obrigados por un contrato con algunha sociedade de abastecedores, poderán optar entre a rescisión mediante o pago da indemnización correspondente ou seguir ata a terminación, e, mentres o prazo se cumpre, o municipio limitarase ás funcións que se lle asignan respecto da nave libre e das carnizarías reguladoras. Ademais, os concellos incluídos neste decreto organizarán un servizo especial de carros para o transporte das carnes ás carnizarías.

Para o servizo de matadoiros que se establece neste decreto, crearase nos municipios unha comisión especial composta por: o alcalde presidente; un médico da beneficencia municipal, encargado especialmente do que se refire á hixiene nos matadoiros; un ou dous veterinarios, encargados da inspección de matadoiros, os cales, cando o servizo o esixa, poderán ter ás súas ordes o persoal facultativo e subalterno que se estime necesario; un representante da Asociación Xeral de Gandeiros, e no seu defecto, da persoa designada polo presidente de dita asociación; finalmente, formará parte desta comisión, un representante dos carniceiros, elixido polos individuos do gremio, de entre os que paguen a primeira cota de contribución.

As funcións desta comisión serán: formar o regulamento do servizo e velar polo seu cumprimento; procurar por todos os medios ao seu alcance o bo abastecemento dos matadoiros; estudar os medios de unificar en todas as poboacións de máis de 20.000 habitantes os regulamentos e tributacións dos matadoiros; formar tarifas reguladoras do prezo da carne; xestionar en cada poboación o establecemento de pastos ou prados, onde as reses destinadas ao abastecemento poidan permanecer e alimentarse varios días sen prexuízo para os gandeiros; construír con toda urxencia mercados de gandos, e a ser posible, que estes teñan comunicación directa coas vías de ferrocarril, devesa e matadoiros; establecer carnizarías reguladoras do prezo da carne, nomear e separar ao persoal facultativo e subalterno que se estime necesario en cada punto, fixación dos soldos do mesmo, correccións, etc.; e finalmente todas as demais que sinalen os regulamentos nas respectivas localidades.

[141] O peso máximo das razas é o seguinte: para a vaca 287 quilogramos e 500 gramos, para o boi e o touro 345 quilogramos, para o lanar ata o peso de 130 quilogramos e 800 gramos, e para o gando porcino 100 quilogramos de peso en canal. Os animais que excedan dos pesos mencionados non devindicarán dereito algún polo exceso de peso.

Tamén establece o decreto que en todos os matadoiros haberá un Fiel de Gandeiros, nomeado a proposta dos da localidade pola Comisión especial; este Fiel dará certificación dos pesos das reses mortas e das demais especificacións que se lle pidan polos donos das mesmas.

O Real Decreto dá un mes para redactar os regulamentos do servizo, pero en Lugo ese regulamento xa existía desde o ano 1900[142], o que pon de manifesto a importancia que para Lugo tiña o mercado da carne. Segundo o regulamento do Concello de Lugo, é o concello quen organizará o matadoiro (art. 1 Regulamento, do 22 de febreiro). Queda prohibido o degolo de vacún con menos de 60 quilos (art. 16 Regulamento, do 22 de febreiro), reses preñadas (art. 17 Regulamento, do 22 de febreiro), vacún, cabras e carneiros sen castrar (art. 18-19 Regulamento, do 22 de febreiro). Ademais, as tenreiras de máis de 2 anos e vacas que aínda estean mamando tampouco se poden degolar (art. 18 Regulamento, do 22 de febreiro), así como tampouco as cabras de outubro a primeiro de maio (art. 20 Regulamento, do 22 de febreiro); finalmente tamén se prohibe a entrada no matadoiro aos menores de 16 anos e aos que non sexan axudantes dos matachíns (art. 27 Regulamento, do 22 de febreiro). Tamén regula esta norma a venda de carne, establecendo que toda a carne de vacún, lanar e cabrego se venderá exclusivamente en locais autorizados polo concello (art. 55 Regulamento, do 22 de febreiro), prohibíndose a venda polas rúas e en caso contrario haberá comisos de mercadoría (art. 56 Regulamento, do 22 de febreiro). En canto aos prezos, establécese que non se poderán alterar os prezos sen previa comunicación á alcaldía con trinta días de antelación (art. 67 Regulamento, do 22 de febreiro) e ningún expendedor de carnes procedentes do matadoiro municipal poderá dar na venda delas máis que a 4ª parte do seu peso de óso, ou sexa o 25% (art. 65 Regulamento, do 22 de febreiro).

A pesar desta regulamentación, como veremos máis adiante, as protestas sociais polos prezos da carne e a súa suba foron unha constante, do que se deduce que esta regulamentación non se cumpría.

A finais do século XIX xa se convocan concursos gandeiros, o que pon de manifesto non só a importancia, senón tamén o interese en fomentar este sector na cidade[143], e tamén a finais do século XIX se tentan sentar as bases reguladoras deste mercado da carne, co establecemento dunha carnizaría reguladora para o abastecemento de carnes, como explicaremos máis adiante.

Cara finais da etapa constátase unha profesionalización no sector, establecendo os requisitos imprescindibles cos que debe contar unha feira: adecuación do terreo, subministro de auga, sombras, seccións e seguridade[144]. O proceso de regulación do mercado da carne complétase coa normativización de pesos nas feiras e mercados no ano 1908, obrigando á instalación de básculas para que as transaccións sexan por peso e non por peza[145].

Neste sentido, Juan Rof Codina, Inspector Provincial de Veterinaria[146], volve a insistir no ano 1909, que é imprescindible colocar básculas nas feiras e mercados, para evitar os abusos cara o campesiñado, e tamén como medio para conseguir a exportación de carne e o

[142] Concello de Lugo. (22 de febreiro de 1900). *Acta de sesións: Regulamento do matadoiro*. AML (Sin. 7987.1), Lugo; España. Ministerio de Gobernación. Real Decreto de construción dun matadoiro xeral de 1905, de 7 de abril. La Gaceta de Madrid, núm. 97, pp. 91-92.

[143] No ano 1894 convócanse varios premios asociados á exposición de gando. O concurso tivo lugar na cidade de Lugo ás 12 da mañá do día 4 de outubro de 1894, no que dan comezo a renomeadas feiras de San Froilán. Os premios en pesetas por categorías foron os seguintes: gando vacún 1.370, gando cabalar 685, gando lanar 131, gando cabrego 131, coellos 27, gando mular 555, aves de curral 160, gando asnal 565, gando porcino 207. En: Pardo de la Vega, M. (2 de novembro de 1899). Ayuntamiento de Lugo. Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 249, p. 2.

[144] Mejoras en las ferias. (20 de novembro de 1908). *El Progreso*, p. 1.

[145] No Congreso Agrícola de Monforte apróbase unha emenda a favor da instalación de básculas nos mercados para que as transaccións se fagan por quilo e non por peza. En: Congreso agrícola. (5 de setembro de 1908). *El Norte de Galicia*, pp. 1-2.

[146] Juan Rof Codina foi Inspector Provincial de Hixiene desde 1909, decidido agrarista, participou tamén en varias iniciativas destinadas a difundir o asociacionismo agrario. Ao longo da súa vida, escribiu moitos artigos destinados a difundir estas ideas, e as novas teorías sobre a agricultura e a gandaría.

desenvolvemento das industrias relacionadas[147]. A esta iniciativa súmase a Cámara de Comercio e tamén a Sociedade de Labradores, que solicita ao concello a instalación dunha báscula para a que aportará a metade do seu custo, e tamén solicita que todos os venres se faga mercado de gando e se coloquen os prezos por quilo/vivo na caseta da báscula, para que isto sexa de referencia para a provincia[148]. Finalmente, en xullo de 1909 xa hai noticia da instalación da báscula e da necesidade de contratar un veterinario municipal para a súa vixilancia[149].

Ligado ao mercado gandeiro, está a regulamentación para a autorización e celebración de feiras, non só na cidade, senón tamén en diversas parroquias do concello. A importancia do sector xa se evidencia a mediados do século XIX coa solicitude de feiras nos arrabaldes[150] e o establecemento destas e de mercados na capital, amparándose no convencemento de que o aumento de transaccións é un dos principais elementos da riqueza pública.

Neste sentido, para o mellor desenvolvemento das transaccións na capital, proponse unha nova localización da feira que se viña celebrando mensualmente no arrabalde de San Roque, debido ás súas malas condicións, pois existía o temor de contaxio de infeccións pola proximidade da poboación, e incluso se pide que os propietarios de terreos en condicións óptimas que queiran ofrecelos para a celebración da feira mensual formulen as proposicións convenientes ao concello[151]. O novo lugar escollido ao efecto, no ano 1900, para as feiras anuais será Montirón, mentres que para as mensuais será, de xeito provisional, o Campo da Horca, despois de descartar outras propostas como o Campo de Paradai ou a Estrada do Cemiterio[152]. Aínda así, a problemática da localización das feiras manterase e, por iso no ano 1901, por disposición do Gobernador Civil, volve trasladarse a feira ao barrio de San Roque[153].

Un exemplo máis do cambio de localización de mercados e feiras foi o traslado do mercado do barro á entrada da estrada da Coruña, que antes se celebraba fronte ao cárcere e que por obras foi necesario trasladar[154].

Desde mediados do século XIX, acórdase a celebración de dous mercados semanais na capital, en lugar dun único que se celebraba anteriormente, e tamén dunha feira de gando mensual[155]. Tamén desde finais do XIX, se establece unha feira mensual para gando e toda clase de produtos agrícolas no campo de Reboredo, na parroquia de Soñar, que se celebrará o día 15

[147] Las básculas en las ferias. (6 de xaneiro de 1909). *El Progreso*, p. 1.
[148] Cuestión importante. (20 de febreiro de 1909). *El Progreso*, p. 3.
[149] Rof Codina, J. , Carballo Lameiro, J.: Carta abierta. (3 de xullo de 1909). *El Progreso*, p. 2-3.
[150] A veciñanza solicita o permiso para a celebración dunha feira o 2 de cada mes, no sitio denominado Campo de Calde, inmediato á estrada que vai desta capital en dirección a Ourense e Santiago. En: Concello de Lugo. (17 de abril de 1842). *Abastos e mercados: Solicitude dos veciños de San Pedro e Calde*. AHPL (Sin. 1538), Lugo.
[151] Pardo de la Vega, M.: Ayuntamiento de Lugo. Boletín Oficial da Provincia de Lugo, 2 de novembro de 1899, núm. 249, p. 2.
[152] O concello planificou a posibilidade de expropiación no Campo de Paradai de 11.300 metros superficiais dun propietario individual por 25.000 pesetas, e 2.717 metros superficiais de solares de edificación, propiedade das Monxas Agustinas da cidade, por 3.000 pesetas. Co mesmo fin proponse a expropiación de 10.800 metros superficiais de cortiña no Campo da Estrada do Cemiterio, propiedade dun particular, por un importe de 25.000 peseta. Así mesmo, tamén se indica que o concello proxecta adquirir 1.593 metros superficiais de terreo de labranza no Campo da Horca, xunto ao alugueiro dunha finca contigua a razón de 30 pesetas ao ano, e para este último asígnanse 600 pesetas. Ademais, para conseguir o espazo necesario para as feiras establécese o proxecto de expropiación. En: Concello de Lugo. (22 de maio de 1900). *Abastos e mercados: expediente relativo ao traslado da feira mensual de San Roque*. AHPL. (Sin. 1538), Lugo; Pardo de la Vega, M.: Ayuntamiento de Lugo. Boletín Oficial da Provincia de Lugo, 25 de maio de 1899, núm. 119, p. 4; Concello de Lugo. (1899). *Abastos e mercados: Proxecto do arquitecto municipal Juan Álvarez de Mendoza*. AHPL. (Sin. 1538), Lugo.
[153] Concello de Lugo. (14 de marzo de 1901). *Abastos e mercados: expediente relativo ao traslado da feira de San Roque*. AHPL. (Sin. 1538), Lugo.
[154] Concello de Lugo. (17 de agosto de 1905). *Abastos e mercados: expediente sobre o traslado do mercado do barro*. AHPL. (Sin. 1538), Lugo.
[155] Os mercados serán os xoves e domingos, en vez dos venres en que se viña celebrando; e tamén se acorda o establecemento dunha feira de gando vacún, lanar, cabrego, porcino, cabalar e mular, o primeiro domingo de cada mes, en lugar do primeiro venres de cada mes. En: Concello de Lugo. (26 de agosto de 1854). *Abastos e mercados.* AHPL (Sin. 1538), Lugo.

de cada mes; a petición desta feira está motivada por non haber no distrito municipal máis que dúas feiras, a de Lugo e a de Nadela[156].

Desde o ano 1902, establécese unha nova feira mensual na cidade, o terceiro venres de cada mes[157], o que corrobora a expansión económica de Lugo nesta década. Así mesmo, proba desta expansión económica, é a celebración en Nadela dunha nova feira ao mes para toda clase de gando e artigos, pasando a haber dúas mensuais desde 1904[158].

A seguridade nas feiras tamén se converte nun asunto crucial, e a maiores do control policial, establécese a prohibición da venda de armas nos mercados, tratando de evitar así as habituais liortas que se producen neles[159].

Para a regularización do gando porcino, no 1880 xa se trasladara o mercado á Praza de San Fernando[160], e no ano 1891 establécese a concorrencia á Administración de Consumos, establecida na rúa Estación, para inscribir no rexistro que alí se abría ao efecto, o número de cabezas de dito gando que houbese e estivesen dispoñibles para a degolación na temporada seguinte[161].

O gravame impositivo do concello fai que vaian gañando importancia feiras da contorna en detrimento das feiras da capital, debido á ausencia de determinados impostos que si se esixen nesta. Neste sentido cómpre sinalar que a esixencia de 0,10 pesetas aos postos eventuais na capital, fai que os campesiños se dirixan a outras localidades a vender os seus produtos, molestos porque este incremento se suma aos consumos que teñen que satisfacer[162], a pesar da petición de novo da supresión deste arbitrio ao alcalde por parte da Sociedade de Labradores en 1909. A non supresión supón que os labregos se dirixan a Nadela ou Adai, onde aparece a figura dos intermediarios, que compran os produtos a estes para revendelos posteriormente en Lugo, co consecuente incremento de prezos para o consumidor[163]. Ao anterior, hai que sumar o gravoso imposto de tránsito de carros, máis cando o concello apenas presuposta para o arranxo de rúas[164].

Para garantir un mercado libre e igualitario, o concello persegue todas aquelas prácticas fraudulentas, en particular a revenda de alimentos. Publícanse, a tal efecto, varios bandos nos que se deixa constancia de que os revendedores cometen prácticas abusivas, monopolizando as

---

[156] Petición elevada polos veciños e maiores contribuíntes das parroquias de Piugos, San Lázaro, Cuiña, Soñar, Coeses, Frijós, Sáa, Campo Piñeiro, Rivas de Miño, Santa Cristina, Bazar, Esperante, Calde, Lamas, Monte de Meda, Burgo, Bacurín, Alto, Vilachá de Mera, Prógalo, Veral, Bóveda, Mera, Alta, Orbazai e Torible. Concello de Lugo. (12 de outubro de 1899). *Bando de Don Manuel Pardo de la Vega, Alcalde Presidente do Excmo. Concello desta capital*. AHPL (Sin. 1170-05), Lugo; Pardo de la Vega, M.: Ayuntamiento de Lugo. Boletín Oficial da Provincia de Lugo, 14 de outubro de 1899, núm. 234, p. 4.

[157] Concello de Lugo. (2 de xuño de 1902). *Abastos e mercados: expediente relativo á creación dunha nova feira mensual*. AHPL. (Sin. 1538), Lugo; Morandeira Rico, P. (21 de novembro de 1902). Administración municipal. Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 267, p. 4.

[158] Debido á importancia que chegou a alcanzar a feira de Nadela, o Sr. Presidente da Corporación Municipal, Don Ramón Landriz, manifesta a conveniencia de que en vez da celebración dunha feira ao mes se celebren dúas, e ampliar ambas a toda clase de gando e artigos; o acordo foi aprobado por unanimidade. Concello de Lugo. (8 de agosto de 1904). *Actas do concello*. AML (Sin. 7988.3), Lugo.

[159] O Gobernador Civil, González Rico, promulga disposición para prohibir a venda de armas nas ferias. En: Buena obra. (18 de xullo de 1909). *El Progreso*, p. 1.

[160] Faise a petición de traslado desde o barrio da Mosqueira á praza de San Fernando. Ademais, sinálase esta porta como a única e exclusiva de entrada para que abonen nela os dereitos de consumo as reses de porcino, obrigando aos condutores a pasar por dito punto para destinarse na praza do mesmo nome. Concello de Lugo. (22 de outubro de 1880). *Abastos e mercados: expediente de translación do mercado de porcino.* AHPL. (Sin. 1538), Lugo.

[161] Por cada animal satisfarase unha cantidade de cinco pesetas, incluídos os cebados fóra do casco e radio da poboación. Foi necesario ampliar o plazo inicial de 10 días para realizar o reconto, prazo que finamente se ampliou ata o 20 de outubro. Concello de Lugo. (9 de setembro de 1891). *Bando*. AHPL (Sin. 1170-05), Lugo; Concello de Lugo. (8 de outubro de 1891). *Bando.* AHPL (Sin. 1170-05), Lugo.

[162] Iglesias Campo, R.: Presupuestos municipales. (11 de decembro de 1908). *El Progreso*, p. 1-2.

[163] Visitando al alcalde. (15 de setembro de 1909). *El Progreso*, p. 1.

[164] Varela Pérez, F.: Reclamación justa. (8 de outubro de 1909). *El Progreso*, p. 1.

vendas dalgúns artigos alimentarios, realizan compras importantes antes de que a poboación se forneza, ofrecendo directa ou indirectamente prezos maiores aos medios da praza para acoller a outros compradores, e despois realizar as súas transaccións nas avenidas da poboación, prexudicando non só ás clases traballadoras, senón tamén aos intereses municipais, xa que realizan as compras en puntos de difícil vixilancia, podendo burlar así o pago de arbitrios municipais e outros impostos. Para tratar de solucionar isto, o concello establece disposicións como que as transaccións teñen que realizarse nos puntos designados a tal efecto, quedando prohibida a venda en accesos á poboación, tanto ao casco como aos arrabaldes; senón se compren estas medidas, a alcaldía poderá establecer multas ou incluso dar traslado da denuncia aos tribunais de xustiza, grazas á vixilancia que exercerán axentes do municipio[165]. En todo caso, a publicación de varios bandos, en 1900 e 1905, pon de manifesto que isto era un problema persistente.

A evolución dos mercados repercute directamente nos prezos dos alimentos, que motivarán numerosas protestas, e que determinan tamén o nivel de abastecemento da poboación. Para a análise dos prezos ao longo da etapa tomáronse como referencia unha serie de produtos considerados básicos como son a carne de tenreira, cereais (trigo, cebada, centeo e millo), ovos, e na segunda metade da etapa tamén manteiga, fabas, patacas, castañas e touciño.

Con respecto a un produto esencial como é a carne, constan xa nos anos finais do século XIX medidas para a regularización da súa venda, como o control de prezos; esta carne ten que ser de tenreira, e non se poderán variar os prezos sen previo aviso con trinta días de anticipación e xustificación dos motivos polos que se alteran, tal e como establece o Regulamento do matadoiro de 1900, xa citado. Tamén no ano 1899 se acorda o establecemento dunha carnizaría reguladora para o concello[166]; esta ocuparase do control do abastecemento e dos prezos, co obxectivo de evitar o abuso nestes ou o intento de monopolizar o sector por parte dos carniceiros. Nesta establécese a necesidade dun concurso de gandeiros para o abastecemento de carnes; dun bo cortador para a expedición de carne; habilitar un local ao efecto; a verificación da recadación por un garda municipal, facendo entrega das cantidades obtidas polas vendas, xunto aos dereitos de consumos e degolación, na tesouraría do municipio, inmediatamente que se peche o despacho. Na tesouraría debe levarse unha conta especial de entrada e saída de caudais, e un funcionario será o encargado de satisfacer ao abastecedor o importe da carne que subministre, así como os demais gastos que afecten a este. En canto aos prezos a que poidan venderse as diferentes clases de carne, a comisión non cre oportuno precisalos, por canto dependerán en gran parte do resultado do concurso de gandeiros.

Este control compleméntase con medidas proteccionistas en relación ao mercado da carne, por exemplo o expediente instruído como consecuencia dunha proposición presentada ao concello pola Comisión de Abastos, informando da conveniencia de que se pechen todas as expendedorías de carne fresca de vaca que se atopasen establecidas a menos de 3 quilómetros da cidade, tomados desde a muralla[167].

A evolución do prezo da carne de tenreira é inestable pois no ano 1897, o prezo medio da carne é de 1,40 pesetas/quilo[168], un prezo que se mantén en 1899, cun descenso de 0,25 pesetas entre este ano e o 1901. No ano seguinte recupérase, subindo de prezo ata o 1904, no que acada

[165] Concello de Lugo. (14 de decembro de 1900). *Bando*. AHPL (Sin. 1170-05), Lugo; Concello de Lugo. (7 de agosto de 1905). *Bando*. AHPL (Sin. 1170-05), Lugo.

[166] Concello de Lugo. (5 de novembro de 1899). *Actas do concello: proxecto de carnizaría reguladora*. AML (Sin. 7986), Lugo.

[167] Figuran 4 carniceiros que se atopan expendendo nos arrabaldes e a menos de 3 quilómetros da capital: D. José Paz – Tolda de Castela; D. Antonio Gómez – Estrada da Fonsagrada; D. Felipe Coya – Estrada de Castro; e Eduardo López – Estrada da Coruña. En: Concello de Lugo. (7 de decembro de 1895). *Abastos e mercados*. AHPL (Sin. 1538), Lugo.

[168] La ciudad. (9 de xuño de 1897). *El Regional*, p. 2.

o prezo máximo con 1,75 pesetas. A partir deste ano o prezo descende 0,60 pesetas ata o 1907[169], recuperándose levemente nos dous últimos anos da etapa, para acabar en valores inferiores con respecto ao comezo da mesma (Táboa XIX, Anexo). Tamén era habitual que nos xornais apareceran anuncios de carnizarías que facían ofertas de carne de tenreira.

Aínda así, son unha constante os enfrontamentos e diferenzas polo prezo da carne de tenreira; os xornais falan de abusos por parte dos carniceiros, que se saltan normativas e cando as autoridades os coaccionan para baixar prezos ou se aplica a taxa, eles actúan de maneira fraudulenta modificando os pesos. Así, no ano 1899 consta unha queixa porque en Galicia baixou 10 céntimos o quilo de carne, pero en Lugo non[170], argumentando que se exporta vacún a Madrid e Barcelona e que por iso aquí se encarece o prezo da carne[171].

A cuestión da carne é un tema que incluso se aborda no Centro Gallego de Madrid, onde se barallan posibles solucións para baixar o seu prezo, alegando que sería clave para iso baixar os aranceis ou os consumos[172]. O problema chega a tales extremos, que o concello incluso propón establecer un matadoiro de carne de cabalo para abaratar a de vaca[173].

No ano 1909 maniféstase a diferenza de intereses entre os gandeiros e un grupo minoritario que constitúe un trust gandeiro, formado por unha asociación de intermediarios que é a Sociedade Xeral de Gandeiros do Reino. Esta sociedade acapara parte do gando nos mercados da contorna, co obxectivo da exportación aos mercados das grandes cidades, especialmente a Madrid e Barcelona, con prezos máis elevados[174]. Isto levará á constitución dun grupo contrario ao trust, formado por labradores e pequenos capitalistas que se dedican ao comercio de gando, que se queixa porque este monopolio beneficia só a uns poucos e rebaixa ata un 25% o prezo para os gandeiros, e pretende negociar directamente os prezos cos compradores[175].

Para a exportación de gando foi clave a chegada do ferrocarril a Lugo no ano 1875, un feito que ten unha repercusión urbanística e sobre todo económica importante, xa que a comercialización de gando vacún contribúe a integrar a economía galega no contexto da estrutura económica española (Villares Paz, 1982, p. 379).

A inminente chegada do ferrocarril a Lugo fai que a cidade se vaia preparando para tal acontecemento. Neste sentido, no ano 1873 asígnase un presuposto de 176.440,77 pesetas para a o proxecto de construción dunha estrada que comunique a cidade de Lugo coa estación de ferrocarril[176] e incluso hai propostas de cidadáns ao concello sobre este tema[177].

Na relación de mercancías chegadas por ferrocarril á estación da cidade nos anos 1897 e 1898, hai un predominio absoluto de mercadorías procedentes da estación da Coruña, seguida

[169] No ano 1906 prodúcese unha animación nos mercados, incrementándose a oferta coa consecuente baixada de prezos. En: (19 de decembro de 1906). *El Norte de Galicia*, p. 2.
[170] La ciudad. (3 de maio de 1899). *El Regional*, p. 2.
[171] Mercados de la provincia. (27 de decembro de 1899). El Regional, p. 3.
[172] La cuestión de la carne. (13 de maio de 1902). *El Regional*, p. 2.
[173] Lo de la carne. (27 de abril de 1902). *El Regional*, p. 3.
[174] O problema dos intermediarios como factor clave no prezo da carne, xa se facía constar no Real Decreto de 1905, que regulaba a creación de matadoiros. En: España. Real Decreto de construción dun matadoiro xeral de 1905, de 7 de abril. La Gaceta de Madrid, núm. 97, pp. 91-92.
[175] La cuestión ganadera. (4 de marzo de 1909). *El Progreso*, p. 1; La cuestión ganadera: ¡Alerla labradores!. (5 de marzo de 1909). *El Progreso*, p. 1. Este xornal ten unha postura antitrust.
[176] Concello de Lugo. (1873). *Proxecto da estrada de Lugo á estación*. AHPL (Sin. 0482-00, Car. 46-8, 46-13, 46-15, 46-18), Lugo.
[177] Don Francisco García, veciño da Praza de Santo Domingo, propón a realización dunha porta na muralla que facilite a comunicación coa estación de ferrocarril; esta proposta, consta de plano e presuposto, 3.806 pesetas, sendo o autor o mesmo que o do proxecto da estrada da Fonsagrada. En: Concello de Lugo. (1873). *Proposta de Don Francisco García*. AHPL (Sin. 0482-00, Car. 46-9), Lugo.

pola de Curtis a moita distancia. A nivel nacional a procedencia é maioritaria de Barcelona e Madrid, pero moi lonxe do tráfico coa Coruña[178].

Non obstante, a importancia do ferrocarril vaise centrar sobre todo na exportación de gando vacún. Así, desde comezos de século consta o servizo dun tren gandeiro desde Lugo a Cataluña e Madrid, cuxa cantidade de reses trasladada foi aumentando co paso dos anos, sendo sempre maior a exportación a Cataluña que a Madrid. Con todo, a supresión arancelaria parcial á importación de gando vacún desde Arxentina do Goberno de Moret, prexudicou esta exportación e limitou a súa expansión á alza (Táboa 30). Aínda así na evolución, obsérvase como as cifras van en aumento, e neste sentido Rof Codina afirma que nesa obsesión por exportar do gandeiro galego e sacar rendementos inmediatos, este despreocupouse pola selección de reprodutores[179].

Na etapa, o incremento do número de reses exportadas é do 5,84%, mentres que os prezos por cabeza aumentan un 41,60%, pasando das 125 pesetas no ano 1902 ás 177 pesetas no ano 1909, incrementándose o valor total destas nun 9,84%, segundo reflicten os datos da Táboa 30.

Táboa 30. Exportación de gando vacún desde a Estación de Lugo, 1902-1909[180]

Ano/exportacións	Número de reses	Valor (pesetas)	Vagóns anuais	
			A Madrid	A Barcelona
1902	54.784	6.973.000	1.468	
			290	1.178
1904	71.136	9.892.000	1.872	
			330	1.542
1905	72.000	10.584.000	1.841	
			336	1.505
1906	84.656	13.037.024	1.849	
			456	1.393
1907	87.912	14.241.744	2.073	
			510	1.563
1908	88.704	14.990.976	1.893	
			440	1.453
1909	86.655	15.349.850	1.831	
			390	1.441
Total	545.847	85.068.594	12.827	
			2.752	10.075

Tamén é significativa a exportación provincial de gando vacún a Madrid, canalizada a través das Estacións de Lugo, Monforte e Vilafranca do Bierzo, o que pon de manifesto a importancia do sector non só no concello, senón tamén na provincia. Como se observa na Táboa 31, a Estación de Monforte é a que máis vagóns contabiliza na etapa, un 44,08%; seguida pola de Lugo cun 38,41%, e a de Vilafranca cun 17,51%.

[178] A natureza das mercadorías é variada, co predominio de tecidos, petróleo, ferramentas, vidro, paraugas, quincalla, fusís, xabón, tabaco, aceite, legumes, azucre, bacallau, pementos, café, viño, papel, sal, cacao, garavanzos e arroz. En: Concello de Lugo. (1897-98). *Relación de mercancías chegadas á estación da cidade*. AHPL (Sin. 0487-00, Car. 51), Lugo.

[179] Maciñeira, F.: ¡Alerta Gallegos!. (7 de febreiro de 1907). *La Voz de Galicia*, p. 1; Rof Codina, J.: Ganadería Gallega. (17 de outubro de 1910). *La Voz de Galicia*, p. 1.

[180] A cantidade de reses por vagón dependía do tamaño destas, distinguíndose entre bois, vacas e tenreiros. A táboa é elaboración propia a parir das seguintes fontes: El Ganado Gallego. (13 de abril de 1904). *La Voz de Galicia*, p. 2; El Ganado Gallego. (3 de febreiro de 1906). *La Voz de Galicia*, p. 1; Maciñeira, F.: ¡Alerta Gallegos!. (7 de febreiro de 1907). *La Voz de Galicia*, p. 1; La Ganadería Gallega. (18 marzo de 1906). *La Voz de Galicia*, p. 1; Ganadería Gallega: Lo que exporta Lugo. (26 de xullo de 1908). *La Voz de Galicia*, p. 1; Rof Codina, J.: El precio de la carne y la producción en Galicia. (21 de abril de 1910). *La Voz de Galicia*, p. 1; Rof Codina, J.: Ganadería Gallega. . (17 de outubro de 1910). *La Voz de Galicia*, p. 1.

Táboa 31. Vagóns de gando vacún facturados desde as estacións de Lugo cara Madrid, 1902-1909[181]

Localización/ano	1902	1903	1904	1905	1906	1907	1908	1909	Total
Estación de Monforte	365	420	440	350	460	620	480	390	3.525
Estación de Lugo	290	320	330	336	456	510	440	390	3.072
Estación de Vilafranca	120	130	150	120	180	300	210	190	1.400
Total	775	870	920	806	1.096	1.430	1.130	970	7.997

Os temas son recorrentes para que aumenten as ganancias dos gandeiros de carne de vacún: insístese na necesidade de mellorar a rapidez e o acondicionamento dos transportes para que non haxa tanta perda de peso nas reses no transporte; tamén se solicitan vagóns frigoríficos e a eliminación de intermediarios ou comercialización a España en réxime de cooperativa; finalmente, solicítase a eliminación de aranceis para os grans e que non se facilite a importación de carne arxentina[182].

Ademais dos prezos e exportacións de carne de vacún, na evolución dos mercados tamén é importante valorar os prezos doutros produtos esenciais, como son os cereais, cuxo prezo se estipula por quilogramo[183]. No caso do trigo (Táboa XIX, Anexo), os prezos sofren altibaixos constantes ao longo de toda a etapa. Así, parte dun prezo de 3,90 pesetas no ano 1899, para reducirse 0,10 pesetas no ano seguinte. Recupérase no 1901 e 1902 cun aumento de 0,30 e 0,40 pesetas, respectivamente, para caer 0,20 pesetas en 1903. Nos anos 1904 e 1905 volve a recuperarse, aumentando 0,17 e 0,93 pesetas, respectivamente, debido á demanda da guerra ruso-xaponesa[184], acadando o máximo prezo no ano 1905, con 5,10 pesetas. A partir de aquí volve a baixar nos tres anos seguintes, 2,10 pesetas entre o 1905 e 1908, debido á chegada de grandes cargamentos de trigo para España, aproveitando as vantaxes para a importación deste gran, para abaratar os elevados prezos e minorar a miseria da clase traballadora[185]. O prezo mínimo acádase no ano 1908 con 3 pesetas, debido ás medidas proteccionistas vixentes en España e ausentes en Inglaterra, Bélxica, Holanda e Suíza, entre outros[186], ao que hai que engadir a importación masiva procedente da Arxentina no 1908, un total de 13.750 toneladas[187]. A etapa remata cun leve incremento de 0,50 pesetas no ano 1909, inda así por debaixo dos prezos ao comezo da mesma.

A evolución do prezo do millo é estable entre os anos 1899 e 1901 (Táboa XIX, Anexo), en torno ás 3,65 pesetas. No 1902 sofre unha baixada de 0,40 pesetas, para recuperarse nos dous anos seguintes, acadando o prezo de 4 pesetas nos anos 1904 e 1905, o seu máximo. A partir de aquí, a tendencia é á baixa, rematando a etapa en valores inferiores ao comezo da mesma, acadando o seu mínimo no 1907 con 3,25 pesetas. Esta baixada de prezos ao final da etapa é debida á masiva importación de millo procedente da Arxentina, sendo o produto de maior importación con 49.704 toneladas no 1908[188].

No caso do centeo a evolución é estable durante os anos 1899-1902 (Táboa XIX, Anexo), en torno ás 2,80-2,90 pesetas. Entre o 1903-1905 prodúcese un incremento do prezo, acadando

[181] Rof Codina, J.: El precio de la carne y la producción en Galicia. (21 de abril de 1910). *La Voz de Galicia*, p. 1.
[182] En 1904, desde Lugo solicítase ao Ministro de Agricultura que inste á Compañía Ferroviaria do Norte para que realice un acondicionamento no transporte do gando por ferrocarril desde Lugo ao interior de España para que non haxa tanta perda nas reses no transporte; neste mesmo ano exponse un proxecto de empresa frigorífica tal vez en Lugo para exportar carne refrixerada. En: De interés para Galicia. (6 de febreiro de 1904). *La Voz de Galicia*, p. 1; Un progreso para Galicia. (11 de agosto de 1904). *El Norte de Galicia*, p. 1.
[183] Todos os prezos son por quilogramo, coa excepción dos ovos que se venden por ducia, e o touciño e a manteiga que se venden por libra, equivalente esta a 0,573 gramos. Outras unidades de medida empregadas na época son: a fanega 79 litros ou 5 ferrados; o ferrado 15 quilos; e o quintal 57 quilos. En: Mercados. (5 de xuño de 1901). *El Norte de Galicia*, p. 2.
[184] La crisis obrera. (9 de abril de 1904). *El Regional*, p. 1-2.
[185] El pan barato. (10 de agosto de 1905). *El Norte de Galicia*, p. 2.
[186] Lo primero, comer. (11 de setembro de 1908). *El Progreso*, pp. 1-2.
[187] Importación y exportación: La Argentina y España. (11 de setembro de 1908). *El Progreso*, p. 2.
[188] Importación y exportación: La Argentina y España. (11 de setembro de 1908). *El Progreso*, p. 2.

o seu máximo neste último con 4,05 pesetas; isto é debido á repercusión do encarecemento do trigo e do millo neses mesmos anos, que fai que un produto de substitución como o centeo aumente tamén de prezo.

O cereal con prezo máis baixos é a cebada (Táboa XIX, Anexo), que non repercute no consumo humano. Os prezos parten de 2,25 pesetas no ano 1899 para manterse en prezos similares ata o 1906, entre 2,20 e 2,40 pesetas, cun descenso de 0,65 pesetas nos anos 1907 e 1908, volvendo aos valores anteriores no 1909.

No caso dos ovos, un produto de primeira necesidade, o seu prezo é alza en toda a etapa, agás no último ano, partindo de 0,75 pesetas a ducia no 1899 ata 1 peseta no 1906, 1907 e 1908. Só no ano 1909 se experimenta unha redución de 0,10 pesetas (Táboa XIX, Anexo). As patacas oscilan entre as 3 e 4,50 pesetas na maior parte da etapa, acadando os prezos máis altos en 1904 e 1905, 5,50 e 7 pesetas, respectivamente (Gráfica 22).

Os prezos doutros produtos como a manteiga, as fabas, as castañas e o touciño non figuran en toda a etapa. Así, os prezos da manteiga só figuran desde o ano 1903, partindo de 1,25 pesetas a libra, e manténdose ata o 1906 nese prezo. Nos tres últimos anos prodúcese un aumento de 0,25 pesetas. O prezo das fabas, castañas e touciño só consta entre os anos 1905 e 1909. As fabas flutúan nestes anos, partindo de 5,75 pesetas, reducíndose 1,25 pesetas no 1906, para recuperarse no ano seguinte cun incremento dunha peseta, e afrontar os dous últimos anos á baixa, cunha redución outra vez dunha pesetas entre o 1908-1909. As castañas sofren unha baixada importante de prezo no ano 1906, de 5,75 pesetas a 1,25 pesetas, para manterse neste prezo ata o ano final, no que soben 0,25 pesetas. Finalmente, a libra de touciño, oscila entre 1,25 e 1,50 pesetas nestes anos.

Gráfica 22. Evolución dos prezos por quilogramo dos principais produtos básicos no Concello de Lugo, 1900-1909



Polo tanto, como reflicte a Gráfica 22, a evolución dos prezos dos produtos de primeira necesidade é cambiante ao longo da etapa, cunha tendencia á alza globalmente de todos os produtos nos anos 1904-1905. Estes prezos dos produtos serán foco de numerosas protestas sociais que, moitas veces, van da man das protestas contra o principal imposto que afecta aos prezos: os consumos.

Así pois, á hora de valorar a repercusión social do sistema impositivo é preciso puntualizar que non hai motíns de consumo como tal; o que existen son atentados ou incidentes con vixiantes de consumos dos que dan proba os xuízos que se celebran, que na maioría dos casos

USC DE COMPOSTELA

rematan sen condenas por falta de probas claras[189]. As protestas de consumos están motivadas porque o Concello de Lugo é un dos máis castigados coa cota de consumos, que se atopa incrementada nun 100%[190], o que é motivo de insultos a vixilantes e empregados de consumos[191], ou noutros casos incluso hai solicitudes de condonación da tributación ao concello por unha mala colleita[192].

O Centro Obreiro, constituído en 1903, é a principal forza das protestas sociais; este protagoniza numerosas protestas de xeito constante, por exemplo no ano 1904 o Gobernador Guitián del Villar prohibe a manifestación convocada por esta asociación, polo que o Centro Obreiro publica no xornal *El Regional* a motivo da súa protesta, que non era outro que o proxecto do concello de establecer novos arbitrios sobre o pan, patacas e materiais de construción; reivindica a protesta do pobo ante a Xunta Municipal, xa que de levarse isto a cabo empeoraría aínda máis as malas condicións dos obreiros[193].

En cambio, hai outras protestas lideradas polo Centro Obreiro que si obteñen resultado; así, no 1904, quedaran libres do imposto de consumos os trigos e as súas fariñas[194], aínda que os consumos se restablecerán no ano seguinte[195] e talvez por iso se produce un incremento no prezo do trigo no 1905 (Táboa XIX, Anexo). Na mesma liña de protesta con éxito, no ano 1906 conséguese a rebaixa para a clase obreira de 18 a 15 céntimos no quilo de carne de porco que se sacrifique nas casas, en virtude do acordo entre o concello, a Cámara de Comercio e o arrendatario de consumos[196].

A finais da etapa maniféstanse diferenzas entre a Sociedade de Labradores e a Administración de Consumos polo que os labradores consideran un abuso por parte do arrendatario dos consumos; solicitan básculas regulamentarias nos fielatos e ao final acaban por resolverse estas diferenzas[197]. Finalmente, no ano 1909 suprímese a décima nos consumos imposta en 1897 e que os concellos seguen cobrando indebidamente, segundo sentenza do Tribunal Supremo[198].

Por último, é preciso tamén comparar os prezos de Lugo cos prezos doutras localidades galegas, para ampliar a visión de conxunto. En primeiro lugar, corrobórase que os mercados de Lugo e Santiago aparecen na prensa de Ourense, Pontevedra e A Coruña como mercados de referencia; en segundo lugar, a tendencia xeral é que os prezos do mercado de Lugo están por debaixo que os doutros concellos.

En Ourense no ano 1900 o prezo da carne de tenreira é de 1,20 pesetas o quilo, con prezos de vacún e porcino á alza[199]; en 1908, o centeo e o millo dobran o prezo con respecto a Lugo, mentres que as patacas están 8 pesetas máis caras e as fabas 6 pesetas[200].

---

189 Tribunales. (21 de xaneiro de 1904). *El Regional*, p. 6; Tribunales. (13 de abril de 1904). *El Regional*, p. 3.
190 Los consumos. (11 de outubro de 1902). *El Norte de Galicia*, p. 1.
191 Tribunales. (2 de xullo de 1903). *El Norte de Galicia*, p. 3; Tribunales. (4 de agosto de 1903). *El Norte de Galicia*, p. 3; En la Audiencia. (3 de decembro de 1903). *El Norte de Galicia*, p. 2.
192 Indícase que nas parroquias de San Félix de Muxa, Cuíña, Esperante, Piugos, Saá, Soñar, Bazar, Calde, Mondedameda e Lamas houbo tormenta o 28 de maio de 1902, o que provocou a perda de colleitas de legumes, hortas, patacas, froitas, etc., por iso solicitan a condonación, que foi rexeitada. En: Concello de Lugo. (1902). *Expediente incoado para que se condone a contribución aos veciños de 10 parroquias deste termo*.
193 Los nuevos arbitrios y el Centro Obrero. (8 de setembro de 1904). *El Regional*, p. 2.
194 Revista de mercados. (30 de novembro de 1904). *El Norte de Galicia*, p. 1-2.
195 Pluma y tijera. (9 de decembro de 1905). *El Norte de Galicia*, p. 2.
196 Cabos sueltos: concesión. (13 de outubro de 1906). *El Norte de Galicia*, p. 3.
197 Meilán, A.: Una carta. (23 de decembro de 1908). *El Progreso*, p. 1; Cabos sueltos: Los labradores y los consumos. (31 de marzo de 1909). *El Norte de Galicia*, p. 2.
198 Lugo. (31 de decembro de 1909). *El Progreso*, p. 3.
199 Estadística de mercados. (13 de xaneiro de 1900). *El Eco de Orense*, p. 2.
200 Sección de Orense. (30 de abril de 1908). Boletín agrícola de la región de Galicia y Asturias, núm. 28, p. 2.

Na Coruña, en 1905 o millo está 0,75 pesetas máis caro que en Lugo e as fabas 2,50 pesetas, en cambio o trigo está 0,90 pesetas máis barato[201]. No ano 1908 o millo está 4 pesetas máis caro, 4,50 pesetas máis caros están o trigo e o centeo, 10 pesetas máis as patacas, e 1,80 pesetas as fabas[202].

En Santiago, no ano 1900, o trigo está 0,35 pesetas máis alto que en Lugo, o millo 0,60 pesetas, o centeo 0,20 pesetas e as patacas 2 pesetas[203]. Faise constar que a colleita do ano 1903 foi escasa, o que agravará a cuestión das subsistencias, cuxa subida fai angustiosa a vida de moitas familias[204]. En 1905, os prezos da carne de tenreira, trigo, patacas, ovos e fabas son os mesmos que en Lugo, mentres que touciño e millo están 0,05 pesetas máis caros en Lugo[205], non en van o 1904 e 1905 son os anos con prezos máis altos en Lugo.

En Pontevedra no ano 1900, os prezos están máis caros que en Lugo: 3,50 pesetas as patacas, 0,75 pesetas o trigo, 1 peseta a cebada, e practicamente sen diferenzas no centeo e no millo[206]. En cambio, no 1905 os prezos están 0,50 pesetas máis altos no trigo e no centeo en Lugo que en Pontevedra[207]. Finalmente, en Vigo, no 1905 o trigo está ao mesmo prezo que en Lugo, mentres que o centeo está 2 pesetas máis caro en Lugo, e as fabas e o millo están máis caras en Vigo, 1,25 e 0,50 pesetas, respectivamente[208].

Podemos concluír que nesta primeira etapa de 1900 a 1909, a recarga sobre o imposto de consumos é o recurso para cubrir o déficit máis importante, o que provocará como vimos numerosas protestas sociais nesta etapa. Ademais dos consumos, no sistema impositivo do concello é clave a recadación que aporta o matadoiro, o que evidencia a importancia do mercado da carne e da súa exportación tamén a Madrid e Barcelona, como elementos clave do poderío económico do Concello de Lugo.

4.5 ETAPA 1910-1918

4.5.1 Ingresos

Os ingresos agrúpanse nos seguintes apartados: impostos municipais, nos que se inclúen os impostos e os recursos para cubrir o déficit, servizos municipais, extraordinarios e propios.

4.5.1.1 Impostos municipais

En total o concello ingresa por impostos municipais a cantidade de 716.610,83 pesetas, que supoñen o 14,05% do total de ingresos na etapa. O ano de maiores ingresos é o 1918 con 99.019,29 pesetas, o que supón un 13,82% dos impostos municipais na etapa; pola contra, o ano que menos se ingresa é o 1916, 72.990,58 pesetas, un 10,19% (Táboa 32). A evolución é positiva os dous primeiros anos, cun leve incremento do 1,81%, para volver a un nivel similar no ano seguinte. A partir de aquí a tendencia é á alza no 1913 e 1914, cun aumento do 1,31% con respecto ao 1912. No seguinte bienio volve a reducirse un 1,42%, para afrontar os dous últimos anos da etapa cun importante incremento do 3,63%, acadando a cota máxima no último ano.

[201] Ferias y Mercados: Coruña. (13 de febreiro de 1905). *Noticiero de Vigo*, p. 3.
[202] Sección de la Coruña. (30 de abril de 1908). Boletín agrícola de la región de Galicia y Asturias, núm. 28, p. 1.
[203] Mercados Gallego. (14 de xaneiro de 1900). *La Voz de Galicia*, p. 3.
[204] *El Correo de Galicia*. (11 de febreiro de 1903), p. 2.
[205] Ferias y Mercados: Santiago. (23 de xaneiro de 1905). *Noticiero de Vigo*, p. 2.
[206] *El áncora: diario católico de Pontevedra*. (1 de xaneiro de 1900), p. 3.
[207] *El diario de Pontevedra*. (16 de xaneiro de 1905), p. 3.
[208] Los cereales. (30 de maio de 1905). *Noticiero de Vigo*, p. 3.

Táboa 32. Ingresos por impostos municipais do Concello de Lugo, 1910-1918

Ano	Cantidade (pesetas)	% sobre o total
1910	73.768,94	10,29
1911	79.536,12	11,10
1912	73.836,62	10,30
1913	78.222,28	10,92
1914	83.222,28	11,61
1915	81.149,28	11,32
1916	72.990,58	10,19
1917	74.865,44	10,45
1918	99.019,29	13,82
Total	716.610,83	100

Seguindo un criterio de importancia cuantitativa, os impostos municipais proceden do matadoiro, postos públicos, cemiterios, prestacións persoais, carruaxes e carros de transporte, policía urbana, reintegro de subministracións ao Exército, certificacións e selo municipal, multas, licenzas de construción, documentos de vixilancia e establecementos públicos[209] (Táboa XX, Anexo).

A. Matadoiro

Os ingresos por impostos do matadoiro compóñense fundamentalmente do degolo de reses, e en menor medida do traslado destas do matadoiro á Praza de Abastos no carro municipal, cuns ingresos calculados cunha estimación xeral anual[210].

O total de ingresos na etapa ascende á cantidade de 265.414,12 pesetas, o que supón un 37,04% dos ingresos por impostos municipais (Táboa XX, Anexo). O ano de máis ingresos é o 1918 con 34.202,62 pesetas, un 12,89%; mentres, os anos que menos ingresos aportan son do 1913 ao 1917, con 27.362,10 pesetas anuais, un 10,31%. O degolo de reses aporta unha cantidade de 244.073,62 pesetas, o que supón un 91,96% dos ingresos, seguidos polo traslado de reses do matadoiro á Praza de Abastos, 20.065,50 pesetas, un 7,56%; e finalmente o degolo realizado a horas extraordinarias, un total de 1.275 pesetas, un 0,48%.

A evolución da etapa describe unha traxectoria bastante regular, a pesar dunha leve baixada no ano 1911 do 0,53%, e doutro 1,37% no ano 1913, manténdose nesta cifra ata o 1917, e incrementándose nun 2,58% no 1918, segundo reflicten os datos da Táboa 33 e da Gráfica 23.

Táboa 33. Ingresos por impostos do matadoiro do Concello de Lugo, 1910-1918

Concepto/ano	1910	1911-1912 (por ano)	1913-1917 (por ano)	1918	Total (pesetas)	% sobre o total
Degolo de reses [211]	28.853	28.330	25.321,10	31.955,12	244.073,62	91,96
Traslado á Praza de Abastos	2.750	2.590	1.991,50	2.178	20.065,50	7,56
Horas extraordinarias	798	80	49,50	69,50	1.275	0,48
Total (pesetas)	32.401	31.000	27.362,10	34.202,62	265.414,12	100
% sobre o total	12,21	11,68/23,36	10,31/51,55	12,89	100	-

Os ingresos por degolo de reses tamén son bastante regulares ao longo da etapa, manténdose en cifras similares nos tres primeiros anos, cun leve descenso no 1913 do 1,24%,

[209] Número de seccións para os contribuíntes: propiedade urbana, cultivo e gandaría, minas, comerciantes ao por maior, comerciantes ao por menor, profesións, artes e oficios, fabricantes e clases pasivas. As listas fórmaas a Comisión de empadroamento e eleccións. En: Concello de Lugo. (31 de xaneiro de 1913). *Bando*. AHPL (Sin. 1170-05, Car. 138), Lugo.

[210] No ano 1910 o cálculo é de 15 reses de vacún diarias, 250 carneiros, cordeiros e cabritos en todo o ano; nos anos 1911 e 1912, 14 reses de vacún diarias e 700 cabras en cada ano. Soamente entre os anos 1913 e 1917 a estimación se concreta en 2.778 vacas e tenreiras ata 70 quilos de peso, 1.014 de máis de 70 quilos, 1.910 cabras e 138 de porcino.

[211] Inclúe tamén os dereitos de inspección e permiso de matanza das reses de porcino.

ata o 1918, no que se incrementa nun 2,74%. O traslado á Praza de Abastos segue a mesma traxectoria, agás un pequeno descenso no 1913 do 2,99%, para manterse e aumentar un 0,93% no ano 1909.

Nas horas extraordinarias si se produce un contraste nos ingresos do primeiro ano e o resto da etapa, pois neste ingrésase máis que no resto da etapa, 798 pesetas, un 62,59%, cunha baixada do 56,32% no 1911, e outra do 3,88% no 1913, manténdose ata o ano 1917, e a pesar da leve recuperación do 1918, un 1,57%, queda a moita distancia do primeiro ano.

Gráfica 23. Evolución de ingresos por impostos do matadoiro no Concello de Lugo, 1910-1918



A evolución das tarifas presenta un contraste entre a fase de 1910 a 1913, e a de 1914 a 1918 (Táboa 34). Nesta última xeneralízase a tarifa de degolo de reses de vacún axustándose a 6 pesetas; mantense a de porcino e increméntanse en 0,15 pesetas a de carneiros, cabritos e cordeiros. Con respecto ao traslado, mantense a tarifa das reses de vacún, e dóbrase a de carneiros, cabritos e cordeiros. Finalmente, desaparece a tarifa de recoñecemento por parte do veterinario municipal da carne de porco salgada que se presente á venda en prazas e mercados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 34. Tarifas do matadoiro, 1910-1918[212]

Tarifa (pesetas)/ano	1910-1913	1914-1918
Res vacún	5,05 [213]	6
Res porcino	1 [214]	1
Carneiro	0,25	0,40
Cabrito	0,25	0,40
Cordeiro	0,25	0,40
Horas extraordinarias	+2/0,15 [215]	
Recoñecemento veterinario	0,03 [216]	-
Traslado res vacún	0,50	0,50
Traslado carneiro, cabrito, cordeiro	0,05	0,10

Para cumprir o acordado polo concello, recórdase aos que se dediquen á matanza de reses destinadas á venda en fresco ou salgadas e á elaboración de embutidos, a obrigación de dar coñecemento previo ao Inspector municipal de Sanidade, para que este poida recoñecer ditas reses en vivo e despois de mortas, suxeitándose para este segundo recoñecemento ás instrucións que o facultativo dispoña. Se os contraventores non sacrifican as reses segundo estes requirimentos, impoñéraselles unha multa de vinte pesetas por cada res sacrificada e comisaráselles dita carne[217]. Ademais, para garantir a exactitude no peso de reses, o concello conta cunha serie de básculas municipais, cuxo uso está sometido a unha serie de tarifas oficiais[218].

B. Postos públicos

Conforman os ingresos de impostos por postos públicos os postos cubertos na Rotonda e os de banqueta na nova Praza de Abastos[219], o arbitrio de postos na vía pública, os dereitos de peixaría, o canon anual á Sociedade Eléctrica Lucense por ocupación da vía pública, os postos no novo Campo da Feira a partir de 1917, e outros como a instalación de quioscos particulares, quioscos colocados pola Sociedade Eléctrica Lucense para transformadores da rede de alumeado, e a ocupación particular de terreos entre os cubos da muralla.

Os impostos procedentes dos postos públicos ocupan o segundo posto da recadación de impostos, como acontecía na primeira etapa. En total os ingresos da etapa ascenden á cantidade de 247.051,58 pesetas, o que supón un 34,47% do total de ingresos por impostos municipais (Táboa XXI, Anexo). O ano con máis ingresos é o 1918 con 50.053,43 pesetas, un 20,26%,

[212] Concello de Lugo. *Libros de rexistro da recadación por degolo e transporte de reses, 1916-1923.* AHPL, (Sins. L0582 bis-L0573), Lugo.

[213] 5,05 pesetas por cada res de vacún ata 70 quilogramos de peso, 7,05 pesetas por cada res de vacún maior de 70 quilogramos de peso. Estas tarifas rexen ata o ano 1913; a partir deste, a tarifa é unicamente por res de vacún, independentemente do seu peso.

[214] Por dereitos de inspección e permiso de matanza reses de porcino, destinadas á venda en fresco ou salgadas, e á elaboración de embutidos.

[215] Recarga de 2 pesetas sobre os dereitos de degolo de reses de vacún e 0,15 pesetas para carneiros, cordeiros e cabritos (1910-1012); 2 pesetas para as reses porcinas e 0,15 pesetas nas cabras (1913-1914); 2 pesetas para as reses de vacún e 0,15 pesetas nas cabras (1915-1918).

[216] Polo recoñecemento por parte do veterinario municipal da carne de porco salgada que se presente á venda en prazas e mercados, importe por cada quilogramo de peso. Elimínase a partir do ano 1912.

[217] Concello de Lugo. (10 de outubro de 1913). *Bando de Ángel López Pérez, Alcalde do Concello*. AHPL (Sin. 1.170-05, Car. 138), Lugo.

[218] Convenio do concello con Don Jesús de Valluquera Gayoso, veciño de Lugo, para o uso da báscula que ten o municipio na Ronda de Santiago para pesar reses de vacún, sendo as tarifas as que seguen: dunha a dez reses 50 céntimos por cada unha, de dez a vinte cinco 25 céntimos por cada unha, e de 25 en adiante 10 por cada unha. Este convenio prorrogarase nos seguintes anos se non hai desacordo entre as partes. En: Concello de Lugo. (17 de xuño de 1913). *Bando*. AHPL (Sin. 1.170-05, Car. 138), Lugo.

[219] Concello de Lugo. *Postos de banqueta da Praza de Abastos, 1909-1916*. AHPL (Sin. L0602), Lugo.

debido fundamentalmente ao aumento de ingresos polos postos na nova Praza de Abastos e no novo Campo da Feira; mentres, o 1915 é no que menos se ingresa, 20.451,59 pesetas, un 8,28%.

A evolución da etapa é regular entre os anos 1910 e 1915, manténdose en torno a un 8/9% anual, experimentando un incremento importante nos tres últimos con tendencia á alza. Así, no ano 1916 o incremento é do 5,57%, outro do 0,68% no 1917, para rematar a etapa en valores máximos, cunha subida do 5,73%.

Por conceptos, os postos na nova Praza de Abastos son os que máis ingresos reportan, segundo se observa na Gráfica 24, un 82,53% de todos os postos públicos, cun total de 203.880,31 pesetas. Os ingresos dispáranse nos tres últimos anos da etapa, cun incremento do 5,93% no ano 1916 e doutro 4,52% no 1918, sumando nos tres últimos anos un 47,78% total.



En segundo lugar en aportación de ingresos figura o arbitrio de postos na vía pública, un 6,82% do total (Táboa XXI, Anexo), cun total de 16.857,31 pesetas. A evolución é irregular, acadando un máximo nos anos 1911 e 1912, cun 16,37% anual, e un mínimo nos tres anos seguintes, un 6,21% anual. A etapa remata á alza, inda que sen acadar os valores máximos, cun incremento do 8,62% entre o 1915 e o 1918.

En terceiro lugar atópanse os ingresos por dereitos de peixaría, con 14.101,75 pesetas que representan o 5,71%. A evolución é a alza, partindo dun 7,80% anual nos tres primeiros anos ata un 21,27% no 1918, o que representa un incremento do 13,27%.

En cuarto lugar sitúanse os ingresos polos postos no novo Campo da Feira, que aportan un 2,31% con 5.700 pesetas. Trátase dun aporte importante, xa que só se contabiliza nos anos 1917 e 1918, cun incremento moi importante neste último do 75,44%, cuxas tarifas se recollen na Táboa 35; uns datos que de novo poñen de relevancia a importancia de Lugo como mercado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 35. Tarifas dos postos no novo Campo da Feira, 1910-1918

Gando vacún	0,20 pesetas por cada cabeza de gando maior, considerando como tal aos tenreiros, e 0,10 pesetas por cada cría mamona que acompañe á nai e non chegue á idade de catro meses.
Gando cabalar, mular e asnal	0,20 pesetas por cada cabeza de gando maior, e 0,10 pesetas por cada cría mamona que acompañe á nai e non chegue á idade de seis meses[220].
Gando porcino	0,10 pesetas por cada porco cebado, 0,05 por cada porco de cría, e 0,25 pesetas por cada porca con crías mamonas, calquera que sexa o número destas.
Carros	0,25 pesetas por carro de leña, herba ou palla, e 0,15 pesetas por cada carro de toxo ou esquilmo.
Outros artigos	0,10 pesetas por cada saco ou vulto de patacas, centeo, trigo, millo, cebada ou avea, fabas ou calquera outro cereal ou legume; e 0,05 pesetas por cada posto para feixes de herba, palla, follas de millo, leña partida, esquilmo, carbón do país, etc.

En quinto lugar están os ingresos polo canon anual á Sociedade Eléctrica Lucense por ocupación da vía pública, 4.303,12 pesetas que supoñen un 1,74%. Contabilízanse desde o ano 1913, a razón dun 16% anual, que no último ano aumenta ata o 20%.

Finalmente en orde de recadación aparecen os ingresos por outros conceptos, colocación de quioscos e ocupación de terreos entre os cubos da muralla, que supoñen 2.209,09 pesetas, unicamente un 0,89% do total por postos públicos. Contabilízase desde o ano 1911, e na evolución alterna unha fase estable de 1911 a 1914 que se move en valores baixos en torno ao o 8-9% anual, cun leve descenso do 3,31% no 1915 e 1916, ao que segue un incremento do 44,13% no ano 1917, debido ao ingreso de 1.000 pesetas pola ocupación particular do primeiro cubo da muralla, sito na Ronda de Santiago, partindo da porta de San Pedro; para caer no ano 1918 un 46.91%, acadando así a cota máis baixa da etapa (Táboa XXI, Anexo).

C. Cemiterios

Os impostos dos dous cemiterios que existen, un católico e outro civil[221], comprenden os dereitos de enterramento, a venda de sepulturas, as licenzas para colocación de lápidas e atributos funerarios, e a municipalización do servizo de condución de cadáveres ao cemiterio[222], realizado por poxa e por un período de 8 anos.

Os ingresos totais por impostos do cemiterio na etapa son de 66.066,19 pesetas, un 9,22% do total de ingresos por impostos municipais (Táboa XXII, Anexo). O ano que reporta unha maior cantidade de ingresos é o 1914, 9.690,59 pesetas, un 14,67% anual; mentres, o 1913 é o de menos ingresos con 4.690,59 pesetas, un 7,10%, debido a que neste ano se produce a desistencia da municipalización do servizo de condución de cadáveres ao cemiterio.

A evolución tende á estabilidade nos tres primeiros anos, cun descenso do 2,36% no ano 1913; remontando no ano seguinte un 7,57%, acadando así o nivel máximo; a partir de aquí descende un 3,03% nos anos 1915-1917, para rematar a etapa cun aumento do 2,91%, segundo indica a Gráfica 25, motivado pola chegada da Gripe en 1918.

[220] En calquera clase de gando, é o Inspector veterinario de servizo na feira quen decide se hai dúbidas da idade dos animais.
[221] Na *Memoria económica de 1917 e 1918* indícase que no ano 1917, no cemiterio católico inhumáronse 432 cadáveres e ningún no civil, mentres que no ano 1918 practicáronse 579 inhumacións no católico e ningunha no civil.
[222] Dispón o concello de 4 carrozas e un furgón, 3 cabalos e todo o material preciso, así como o persoal encargado de prestalo, que se compón dun cocheiro e dous auxiliares.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA



Os ingresos procedentes dos dereitos de enterramento, venda de sepulturas, licenzas para colocación de lápidas e atributos funerarios, aportan o 59,89% dos ingresos por cemiterios; e o restante 40,11% procede da municipalización do servizo de condución de cadáveres ao cemiterio (Táboa XXII, Anexo).

D. Prestacións persoais

Os ingresos por prestacións persoais proceden do produto dos xornais de prestación persoal que se impón a todos os habitantes do municipio maiores de 16 anos e menores de 50, na forma que dispón a Lei municipal (art. 79 LOM de 1877, do 2 de outubro), previa formación do oportuno padrón.

Só se contabilizan ingresos nos anos 1913, 1914 e 1915, un total de 53.475 pesetas, que supoñen o 7,46% dos ingresos por impostos municipais. As contías non varían, 17.825 pesetas por ano, un 33,33% anual (Táboa XX, Anexo).

E. Carruaxes e carros de transporte

En total os ingresos na etapa son de 25.200 pesetas, o 3,52% dos ingresos totais por impostos municipais, non constando ingresos nos anos 1916, 1917 e 1918. Os anos que maiores ingresos aportan son os tres primeiros, 4.600 pesetas por ano, un 18,25% anual; mentres os anos de menos ingresos son do 1913 ao 1915, 3.800 pesetas por ano, 15,08% anual (Táboa XX, Anexo). A tendencia da etapa é á baixa dividíndose en dúas fases trianuais, cun descenso do 3,17% no ano 1913.

Os ingresos proceden do arbitrio sobre carruaxes e carros de transporte, automóbiles, motocicletas e bicicletas que circulen polo interior da poboación[223].

[223] As tarifas son as seguintes: 8 pesetas por cada cabeza de gando de calquera clase que se empregue no arrastre de carros para transporte de mercancías e mudanzas, 10 pesetas para camións, carruaxes e dilixencias para condución de viaxeiros, tamén por cada cabeza de gando que se empregue no arrastre, 25 pesetas para motocicletas e 10 pesetas para bicicletas. Estas son cotas anuais. No ano 1913 cambian as tarifas anuais para motocicletas e bicicletas, pasando a ser 20 pesetas para triciclos, 15 pesetas para motocicletas e 5 pesetas para bicicletas. As cotas diarias son de 0,50 pesetas para carromatos e carros de todas clases para o transporte de feo, por cada vez que se entre na poboación; para os mesmos polo transporte de palla a tarifa é de 0,25 pesetas, e para outros non comprendidos anteriormente, 0,10 pesetas. Os automóbiles non matriculados na capital, pagarán polo concepto de peaxe o día que entren na poboación 5 pesetas, e se permanecen máis de 24 horas, por cada día que transcorra pagarán 2 pesetas. Os triciclos, motocicletas e bicicletas non matriculadas na poboación, pagarán o día de entrada na mesma a cantidade de 2 pesetas, e por cada día que permanezan nela 0,50 pesetas. A maiores, está o imposto que grava o tránsito polo

A partir do ano 1910, o concello publica varios bandos para regular o tránsito rodado de toda clase de vehículos pola vía pública, o que evidencia a necesidade desta regulación en comparación coa primeira etapa. A regulamentación faise para evitar molestias aos transeúntes, facilitar a circulación polas rúas da cidade, evitar danos sobre o pavimento das rúas, e ademais establécense multas para os infractores[224].

F. Policía urbana

Comprende o arbitrio de sumidoiros e as licenzas para limpeza de pozos negros. O total recadado é de 21.446 pesetas, un 2,99% do total de ingresos por impostos municipais. Só se contabiliza do ano 1910 ao 1912, cunha evolución irregular que aumenta un 40,52% no 1911, acadando o seu máximo cun 55,72%, para reducirse practicamente á metade no ano seguinte, concretamente nun 26,64% (Táboa XX, Anexo).

G. Reintegro de subministracións ao Exército

O anticipo de subministracións a corpos do Exército aporta un total de 18.500 pesetas, o que supón un 2,58% do total de ingresos por impostos municipais. A cantidade só varía no último ano, incrementándose nun 2,70% (Táboa XX, Anexo).

H. Certificacións e selo municipal

A procedencia segue a ser dos impostos por dereitos de certificacións expedidas polas oficinas municipais e polo arbitrio do selo municipal. En total os ingresos da etapa ascenden a 5.800 pesetas (Táboa XX, Anexo), das que 2.405 pesetas pertencen a certificacións e 3.395 pesetas ao selo municipal, aportando un 0,81% dos ingresos totais por impostos municipais.

O ano de máis ingresos corresponde ao 1910 con 850 pesetas, un 14,66%; os de menos van do 1911 ao 1917, con 600 pesetas anuais, un 10,34% por ano. A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 4,32%, manténdose nesta cifra ata o 1917, e incrementándose un 2,59% no 1918.

interior da poboación de triciclos, motocicletas e bicicletas, consistente en 20, 15 e 5 pesetas respectivamente, e o abono do custe do distintivo que servirá para acreditar a súa paga, que se acordou fose unha placa metálica cun custo de 1,62 pesetas, e concertado o cobro deste imposto coa empresa arrendataria de consumos. Quedan exceptuados deste impostos os seguintes: os carros que transporten escombros e abonos; os que conduzan materiais para obras ou servizos do Estado; os de tránsito que non verifiquen operacións de carga ou descarga na zona que comprende o interior da poboación, segundo o acordado polo concello; os automóbiles destinados ao transporte, sempre que xustifiquen abonar ao Tesouro os impostos establecidos; os automóbiles dos turistas, matriculados en concellos capitais de provincia durante 8 días, pero transcorrido este prazo pagarán o arbitrio que fixa esta tarifa. En: Concello de Lugo. (18 de abril de 1913). *Bando de Carlos Llamas Navia*. AHPL (Sin. 1170-05), Lugo.

[224] Establécese que os vehículos de calquera clase, xa fosen automóbiles, motocicletas, bicicletas ou carruaxes, que circulen pola poboación e arrabaldes, deberán facelo sempre polo centro das rúas e cunha velocidade moderada, empregando a bucina ou deténdose ante obstáculos de ser necesario; ademais, os triciclos, motocicletas e bicicletas terán que levar unha luz visible á distancia de 30 metros, mentres que os carros de transporte só poderán circular polo día, coa excepción dos que se dediquen ao transporte de inmundicias. Os transportes de mercadorías só poderán deterse na vía pública en sentido lonxitudinal e o tempo indispensable para a carga e descarga, deixando sempre as mercadorías dentro dos locais; por conseguinte, prohíbese depositar estas na vía pública. Os carros de man ou as persoas que leven cargas só poden transitar polas beirarrúas ou marxes das rúas e deberán estar inscritos no rexistro do concello, mentres que non poderán formarse grupos de persoas que interrompan nin o tráfico rodado, nin o paso doutras persoas. Para evitar os graves prexuízos que sofre o pavimento das rúas polo tránsito de camións e carros de transporte, o concello establece normas para as lamias, freos ou amortecedores, prohibe aos carros xirar nas rúas ou establece límites de carga. Por outro lado, para evitar a sucidade nas rúas, os transportes de cal, area, carbón ou abonos en po deberán levar caixóns e lonas para tapalos. En: Concello de Lugo. (8 e 11 de abril de 1910). *Bandos*. AHPL. (Sin. 1170-05), Lugo; Landriz, Ramón. Dos bandos. (12 de abril de 1910). *El Progreso*, pp. 1-2; Concello de Lugo. (18 de abril de 1913). *Bando de Carlos Llamas Navia*. AHPL (Sin. 1170-05), Lugo; Concello de Lugo. (22 de decembro de 1913). *Bando de Ángel Lopez Pérez*. AHPL (Sin. 1170-05), Lugo.

I. Multas

Os ingresos de multas seguen a proceder de infraccións das ordenanzas municipais e de bandos e disposicións da alcaldía[225].

A totalidade de ingresos por este concepto na etapa é de 4.797,94, un 0,67% de todos os impostos municipais (Táboa XX, Anexo). O ano de maiores ingresos corresponde ao 1918 con 1.000 pesetas, un 20,84%; mentres, os anos de menores ingresos van do 1911 ao 1916 con 400 pesetas por ano, un 8,34% anual. A evolución experimenta un descenso no 1911 do 8,39%, para manterse estable ata o ano 1916. A partir deste increméntase nun 4,17% no 1917 e noutro 8,33% no 1918.

L. Licenzas de construción

As licenzas para construcións seguen compoñéndose de dúas partidas de ingresos, unha por dereitos de licenza de construción en fincas urbanas e reforma das mesmas, e outra pola ocupación da vía pública con materiais de construción.

Os ingresos totais por licenzas de construción na etapa son de 4.425 pesetas (Táboa XX, Anexo), destas 2.073 pesetas corresponden a licenzas e 2.352 pesetas á ocupación da vía pública, aportando ambas partidas un 0,62% dos ingresos totais por impostos municipais.

Os anos que aportan máis ingresos son os tres primeiros, 600 pesetas cada un, un 13,56% anual; pola contra, os anos de menos ingresos son do ano 1913 ao 1917, 420 pesetas por ano, un 9,49% anual. A evolución é estable nos tres primeiros anos, cunha baixada do 4,07% no 1913. A partir de aquí mantense este valor ata o 1917, rematando a etapa cun incremento do 2,37% no ano 1918.

M. Documentos de vixilancia

Os ingresos por documentos de vixilancia comprenden o produto da recarga municipal do 25% sobre o valor das licenzas de uso de armas, caza e pesca, que se expidan polo Goberno Civil da provincia. O total recadado é de 2.475 pesetas, un 0,35% dos ingresos por impostos municipais (Táboa XX, Anexo).

A evolución é estable, non constando ingresos no ano 1910 e cunha cantidade de 300 pesetas por ano entre o 1911 e o 1917, un 12,12% anual. No ano 1918 prodúcese un incremento do 3,03%, acadando neste os máximos ingresos da etapa cun 15,15%.

N. Establecementos públicos

Os ingresos de establecementos públicos seguen a proceder do arbitrio sobre cafés, fondas, restaurantes, casas de hospedaxe, confeitarías, tendas de ultramarinos, de viños e augardentes ao por menor.

En total os ingresos ascenden á cantidade de 1.960 pesetas, 0,27% dos ingresos por impostos municipais, computando soamente do ano 1910 ao 1915 (Táboa XX, Anexo). O ano de maiores ingresos é o 1910 con 460 pesetas, un 23,47%, mentres que o resto dos anos ingrésanse 300 pesetas anuais, un 15,31%. Polo tanto á tendencia é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 8,16%, para manterse neste valor ata o 1915 inclusive.

[225] En 1912, o novo alcalde Carlos Llamas Navia, fai un chamamento para perseguir e castigar con maior severidade aquelas faltas que afecten á moral, aos bos costumes, á orde pública e aos intereses xerais. Serán considerados actos contra a moral os seguintes: atentados contra o culto relixioso e a profanación do nome de Deus; a exhibición das mulleres en sitios públicos ou a que proclame frases libidinosas; a desatención dos pais cara os seus fillos cando estes vaguen polas rúas e destrúan elementos urbanos; as accións dos mozos que cos seus xogos poñan en perigo ou molesten aos transeúntes. En: Concello de Lugo. (12 de xaneiro de 1912). *Bando*. AHPL (Sin. 1170-05), Lugo.

USC DE COMPOSTELA

4.5.1.2 Recursos para cubrir o déficit

Os recursos para cubrir o déficit aportan uns ingresos totais de 3.003.526,99 pesetas, un 58,88% do total de ingresos na etapa. O ano de maiores ingresos neste capítulo corresponde ao 1918 con 373.197,75 pesetas, un 12,43%, mentres que o 1910 é o de menos ingresos con 301.411,59 pesetas, un 10.01%, como indica a Táboa 36.

A evolución tende á estabilización, cun incremento pouco significativo do 1,05% no 1911, para manterse nestes valores no ano seguinte. No 1913 prodúcese un descenso do 0,82%, manténdose nestas cifras ata o ano 1915. Nos tres últimos anos da etapa a evolución é á alza, cun aumento do 1,21% no 1916, e outro 0,68% no último bienio.

Táboa 36. Ingresos por recursos para cubrir o déficit do Concello de Lugo, 1910-1918

Ano	Cantidade (pesetas)	% sobre o total
1910	301.411,59	10,04
1911	333.041,14	11,09
1912	331.660,41	11,04
1913	307.073,07	10,22
1914	318.888,89	10,62
1915	316.637,99	10,54
1916	352.955,88	11,75
1917	368.660,27	12,27
1918	373.197,75	12,43
Total	3.003.526,99	100

Este apartado de recursos para cubrir o déficit componse dunha serie de conceptos, que en importancia cuantitativa son os que seguen: recarga no imposto de consumos, impostos substitutivos do de consumos, imposto de cédulas persoais, recarga na contribución de subsidio, arbitrios extraordinarios, recarga na contribución de inmobles, recarga no imposto por consumo de gas e electricidade, imposto sobre casinos e círculos de recreo e imposto sobre carruaxes de luxo.

A. Recarga no imposto de consumos

Consiste esta no 100% sobre a cota do imposto de consumos, deducida a baixa por suspensión do que gravaban os viños (art. 1 RO de 1907, de 9 de agosto), máis o auxilio para compensar esta baixa (art. 4 RO de 1907, de 9 de agosto) e o arbitrio de 0,10 pesetas por litro sobre os viños espumosos xenerosos, mistelas e os comúns que excedan de 16 graos (art. 5 RO de 1907, de 9 de agosto).

Debemos ter en conta que o imposto de consumos se suprime de forma progresiva a partir do ano 1911, sendo substituído por outros impostos a partir do 1916, e no ano 1918 xa non constan ingresos por recarga de consumos de maneira oficial (Gráfica 26), non obstante si constan na estación de consumos ata o 1919[226].

Ao igual que na etapa anterior, a recarga no imposto de consumos segue a ser o que reporta máis beneficios ao concello. A cantidade recadada na etapa é de 1.346.270,82 pesetas, un 44,82% do total de ingresos de recursos legais para cubrir o déficit (Táboa XXIII, Anexo). Os anos que máis ingresos aportan son o 1911 e 1912, 225.517,82 pesetas por ano, un 16,75% anual; mentres, os anos de menos ingresos son o 1916 e o 1917, 56.360,19 pesetas cada ano, un 4,19% anual.

USC

[226] Concello de Lugo. *Estación de consumos, 1917-19*. AHPL (Sin. L0599), Lugo; Concello de Lugo. *Libros de rexistro de recadación de abastos e consumos. Prezos de mercado, 1915-1932*. AHPL (Sin. L0953), Lugo.

A evolución é inestable, cun aumento do 2,82% no 1911, que se mantén no ano seguinte. No 1913 prodúcese un descenso do 2,01%, manténdose ata o 1915. A etapa remata cunha importante baixada do 10,55% no 1916, que se mantén tamén no ano seguinte[227].

B. Impostos substitutivos do de consumos

A Lei de 12 de xuño de 1911, chamada Lei de Consumos, determina a supresión progresiva ao longo de cinco anos deste imposto, e será complementada polo regulamento para a aplicación da citada lei[228]. Unha vez suprimidos os consumos, os concellos poderán substituílos polos seguintes gravames: o Repartimento xeral, o arbitrio sobre carnes, o arbitrio sobre inquilinatos, o arbitrio sobre a venda de bebidas espirituosas, espumosas e alcohois; o abono do Estado polo 20% do que recade por contribución industrial e outro 20% do que recade por contribución urbana, o arbitrio sobre solares, a recarga sobre consumo de gas e electricidade, e a recarga do 100% sobre o imposto de Timbre do Estado nos billetes de espectáculos públicos

No Concello de Lugo, os substitutivos de consumos contabilízanse a partir do ano 1916. En total a recadación por impostos substitutivos do de consumos ascende a 714.684,47 pesetas, o que representa un 23,79% dos ingresos por recursos legais para cubrir o déficit. O ano de máis ingresos é o 1918 con 277.397,81 pesetas, un 38,81%; mentres, o 1916 é o que menos ingresos aporta, 211.462,31 pesetas, un 29,59%, como indican os datos da Táboa 37. A tendencia é positiva nos tres anos, cun incremento do 9,22%, como se observa na Gráfica 26.

Gráfica 26. Evolución de ingresos polo imposto de consumos e os seus substitutivos no Concello de Lugo, 1910-1918



O Repartimento xeral e o arbitrio sobre carnes son os que maiores ingresos aportan, un 31,68% e un 29,86%, respectivamente. Séguenlle o arbitrio sobre inquilinatos e sobre bebidas espirituosas, espumosas e alcohois; ambas aportan un 23,48%. A aportación do resto de

[227] O Concello de Lugo solicita unha compensación na cota de consumos polos gastos que lle ocasionan as obrigas do primeiro ensino, tanto de persoal, como de material. No ano 1914, estes gastos supóñenlle ao concello un total de 20.545,50 pesetas, polo que Facenda lle devolve 12.054,61 pesetas; mentres, no ano 1915, os gastos de primeiro ensino ascenden a 20.545,50 pesetas, polo que Facenda lle devolve 12.127,21 pesetas. En: Morais, S. (5 de febreiro de 1914). Intervención de Hacienda. Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, núm. 29, p. 2; Cuervo, S. F. (4 de febreiro de 1915). Intervención de Hacienda. Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, núm. 28, p. 2.

[228] España. Ministerio de Facenda. Lei de 1911 suprimindo os impostos de Consumos, Sales e Alcohois, de 12 de xuño. La Gaceta de Madrid, 13 de xuño de 1911, núm. 164, pp. 751-754; España. Ministerio de Facenda. Real Decreto de 1911 do Regulamento para a execución da Lei de 12 de xuño de 1911, de 29 de xuño. La Gaceta de Madrid, 30 de xuño de 1911, núm. 181, pp. 898-909; Romero: La Supresión de los Consumos. (9 de maio de 1911). *La Voz de Galicia*, pp. 1-2.

conceptos é menor; así o abono da contribución industrial, da urbana, o arbitrio sobre solares, e a recarga no timbre de billetes de espectáculos públicos contribúen nun 14,96%. Non consta, en cambio, o abono de gas e electricidade (Táboa 37), elemento que conta con apartado propio dentro dos recursos para cubrir o déficit, como xa viña sucedendo desde a etapa anterior.

Táboa 37. Ingresos por impostos substitutivos do de consumos, 1916-1918

Concepto/ano	1916	1917	1918	Total (pesetas)	% sobre o total
Repartimento xeral	71.537,99	71.537,99	83.346,44	226.422,42	31,68
Arbitrio sobre carnes	58.000	67.000	88.438,40	213.438,40	29,86
Arbitrio sobre inquilinatos	25.000	27.829,36	34.144,34	86.973,70	12,17
Arbitrio sobre bebidas	23.000	26.600	31.250	80.850	11,31
Abono contribución industrial	17.067,32	16.000	20.354,92	53.422,24	7,47
Abono contribución urbana	13.356,58	13.356,58	15.488,19	42.201,35	5,90
Arbitrio sobre solares	2.000	2.000	2.500	6.500	0,91
Recarga sobre o timbre nos billetes de espectáculos públicos	1.500,42	1.500,42	1.875,52	4.876,36	0,68
Total (pesetas)	211.462,31	225.824,35	277.397,81	714.684,47	100
% sobre o total	29,59	31,60	38,81	100	-

No ano 1917, acordouse dividir en 9 seccións aos contribuíntes do termo cos conceptos seguintes: propiedade urbana, cultivo e gandería, minas, comerciantes ao por maior, comerciantes ao por menor; profesións, artes e oficios, fabricantes de curtidos e outras materias, clases pasivas, unhas listas que deberá formar o alcalde. Ademais, aprobado o repartimento veciñal do 1917, acordouse que se proceda ao seu cobro, e que da totalidade do mesmo se rebaixe o 10% en favor dos contribuíntes que satisfagan as súas cotas no período voluntario[229].

C. Imposto de cédulas persoais

Aglutina o imposto máis a recarga do 50% (art. 5 Lei de 1907, de 3 de agosto). O total recadado ascende á cantidade de 301.201,79 pesetas, un 10,03% dos ingresos procedentes de recursos para cubrir o déficit. O ano que máis ingresos aporta é 1918 con 37.169,02 pesetas, un 12,34%, mentres que o ano de menores ingresos é o 1912 con 30.752,37 pesetas, un 10,21% (Táboa XXIII, Anexo).

A evolución na etapa é bastante regular, cun descenso non significativo do 0,73% no ano 1911, para manterse nestas porcentaxes entre o 10 e o 11% ata o 1915. Entre este ano e o 1918 a tendencia é a alza, cun incremento do 1,48%.

D. Recarga na contribución de subsidio

Corresponde á recarga do 40% sobre a contribución industrial e de comercio entre os anos 1910 e 1912 (art. 3 Lei de 1907, de 3 de agosto), sendo a recarga, a partir do 1913, do 32% sobre a contribución industrial[230].

O total recadado na etapa é de 264.630,21 pesetas, un 8,81% dos recursos para cubrir o déficit. O ano de maiores ingresos é o 1910 con 33.572,16 pesetas, un 12,69%; mentres, os anos que menos ingresos aportan son do 1914 ao 1917, 26.000 pesetas por ano, un 9,83% anual (Táboa XXIII, Anexo).

[229] Concello de Lugo. (20 de xaneiro de 1917). *Sesión supletoria*. AML (Sin. 7990.5), Lugo.

[230] España. Ministerio de Facenda. Lei de 1910, de 29 de decembro. La Gaceta de Madrid, 30 de decembro de 1910, núm. 364, pp. 780-782; España. Admiministración Central. Tarifas das contribucións industrial e de comercio de 1911, de 5 de febreiro. La Gaceta de Madrid, 5 de febreiro de 1911, núm. 36, p. 360.

A evolución é estable nos tres primeiros anos, en torno ao 12% anual, cunha baixada do 1,57% no 1913, e outra do 0,99% no 1914, para manterse neste valor ata o ano 1917. Remata a etapa cun incremento do 2,45% no 1918.

E. Arbitrios extraordinarios

Os ingresos por arbitrios extraordinarios e especiais contabilízanse ata o ano 1915, e comprenden o arbitrio sobre artigos de comer e arder non comprendidos nas tarifas de consumos (froitas verdes, froitas secas, hortalizas, doces e confeitos e artigos varios), o arbitrio sobre canlóns (1910), o arbitrio sobre cans, o arbitrio sobre materiais de construción, o arbitrio sobre patentes que autorizan as vendas de viños de menos de 16 graos[231], e o arbitrio de solares (1913-1915).

O total recadado por arbitrios extraordinarios é de 158.802,98 pesetas, un 5,29% dos recursos para cubrir o déficit. O ano que máis se recada é o 1914 con 29.779,75 pesetas, un 18,75%; e pola contra, o de menos ingresos corresponde ao 1911 con 24.950,30 pesetas, un 15,71% (Táboa XXIII, Anexo).

A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso pouco significativo do 0,47% no ano 1911. A partir deste a evolución é positiva ata o 1914, cun incremento do 3,04%, producíndose un descenso do 3,08% no 1915.

F. Recarga na contribución de inmobles

Consiste na recarga do 16% sobre a contribución de inmobles, cultivo e gandaría, despois de satisfacer as atencións de primeira ensinanza[232]. O total de ingresos é de 152.332,65 pesetas, un 5,07% dos ingresos de recursos para cubrir o déficit. O ano con máis ingresos é o 1915 con 28.338,47 pesetas, un 18,60%; mentres, nos anos 1911 e 1912 unicamente se ingresan 11.987,70 pesetas cada ano, un 7,87% anual (Táboa XXIII, Anexo).

A evolución segue unha tendencia á baixa nos primeiros anos, cun descenso do 1,12% no 1911, que se mantén en 1912. Deste ano ao 1915 prodúcese un aumento do 10,73%, inverténdose a tendencia no 1916, cunha diminución do 8,70%, para manterse nestes valores ata o final da etapa.

G. Recarga no imposto por consumo de gas e electricidade

A porcentaxe de recarga é do 20% sobre o imposto por consumo de gas e electricidade ata o ano 1915 (art. 3 Lei de 1907, de 3 de agosto), pero a partir do 1916 a porcentaxe de recarga aumenta ao 50% (art. 6 e 10 Lei de 1911, de 12 de xuño).

O total recadado na etapa é de 30.962,60 pesetas, un 1,03% dos recursos para cubrir o déficit. O ano con máis ingresos é o 1918 con 6.250 pesetas, un 20,19%; mentres que o que menos se ingresa é o 1913, con 2.200 pesetas, un 7,11% (Táboa XXIII, Anexo).

A evolución tende á estabilidade entre os anos 1910 e 1915, con valores en torno ao 7-8% anual. No 1916 prodúcese un incremento do 6,33%, que se mantén no ano seguinte, aumentando outro 5,01% no 1918.

[231] Figuran en Lugo, a 12 de febreiro de 1910, 108 nomes que expenden viño ao por maior e menor de menos de 16 graos, pero, a 30 de setembro de 1910, haberá cinco baixas por arbitrio de patentes autorizando a venta de viños: tres na Ronda da Coruña, números 82, 28, 8; unha no Monte das Pías, e unha na rúa Conde Pallares número 4. En: Concello de Lugo. *Contribucións e impostos.* AHPL (Sin. 0901, 0907, 0911), Lugo.

[232] España. Ministerio de Facenda. Real Orde de 1912, de 23 de marzo. La Gaceta de Madrid, 27 de marzo de 1912, núm. 87, pp. 884-885.

H. Imposto sobre casinos e círculos de recreo

Inclúe o imposto sobre casinos e círculos de recreo[233] máis a recarga do 100% (art. 3 Lei de 1907, de 3 de agosto). A recadación total é de 21.480 pesetas, un 0,72% dos ingresos por recursos para cubrir o déficit. O ano de maiores ingresos é o 1918 con 3.000 pesetas, un 13,97%; mentres que os anos 1910, 1911, 1912, 1914, 1915, 1916 e 1917 son os de menores ingresos, 2.400 pesetas por ano, un 11,17% anual (Táboa XXIII, Anexo).

A evolución tende á estabilidade, agás unha redución do 3,35% no 1913, a partir do cal se recupera mantendo os valores iniciais, incrementándose no último ano nun 2,80%.

I. Imposto de carruaxes de luxo

Consiste no imposto máis a recarga do 100% (art. 46 Lei de 1895, de 30 de xuño; art. 6 Lei de 1898, de 28 de xuño; art. 6 Lei de 1900, de 31 de marzo), recargando a cota de contribución en 2 décimas co 100% (art. 3 Lei de 1907, de 3 de agosto).

Os ingresos totais ascenden á cantidade de 13.161,47 pesetas, un 0,44% dos ingresos por recursos para cubrir o déficit. O ano que máis se ingresa é o 1918 con 2.510,40 pesetas, un 19,07%; mentres, os anos de menos ingresos son o 1911 e o 1912, 950 pesetas por ano, un 7,22% anual (Táboa XXIII, Anexo).

A evolución presenta unha baixada considerable no ano 1911 do 10,52%, manténdose neste valor no ano seguinte. A partir deste a tendencia é positiva, cun incremento do 1,14% no 1913, que se mantén ata o 1915, outro do 3,04% no 1916, un 0,88% máis no 1917, rematando a etapa cun aumento importante do 6,79% no ano 1918.

Gráfica 27. Evolución de ingresos por impostos no Concello de Lugo, 1910-1918



Así pois, como reflicte a Gráfica 27, ao longo da etapa tiveron máis peso os recursos para cubrir o déficit que os impostos municipais, como xa acontecía na etapa anterior.

4.5.1.3 Servizos municipais

Os servizos municipais seguen a ter un carácter social e están constituídos, como na primeira etapa, por beneficencia, corrección pública e instrución pública. Os ingresos por servizos municipais na etapa son de 1.201.889,91 pesetas, o que supón un 23,56% dos ingresos

[233] España. Ministerio de Facenda. Lei de presupostos de 1900, de 31 de marzo. La Gaceta de Madrid, 1 de abril de 1900, núm. 91, pp. 1-2.

totais. O ano que conta con maiores ingresos é o 1918, con 340.547,79 pesetas, un 28,33% da etapa; mentres, o ano que menos se ingresa é o 1911 con 71.012,86 pesetas, un 5,91% (Táboa XXIV, Anexo).

Na evolución distínguense dúas fases, unha primeira estable, do ano 1910 ao 1913, na que os ingresos se sitúan ao redor do 6% anual; nunha segunda fase, do ano 1914 ao 1918, os ingresos van aumentando progresivamente, cun incremento total do 20,99%, destacando os anos 1916 e 1918, cunha subida do 5,43% e do 11,20% respectivamente, segundo consta na Gráfica 28.

A. Beneficencia

Ao igual que na etapa anterior, os ingresos por beneficencia proceden dos establecementos propios do ramo, que son o Hospital de San Bartolomé e a Casa Municipal de Beneficencia. Estes ingresos tamén proceden fundamentalmente das estancias de enfermos no Hospital, máis doazóns e esmolas. Unha parte importante destes procede da Deputación Provincial, polas estancias no hospital de enfermos pobres procedentes doutros concellos da provincia; tamén das estancias de pais, irmáns e mozos suxeitos ás operacións de substitución militar do ano 1914 en diante.

O total de ingresos por beneficencia é de 1.013.499,58 pesetas, un 84,33% dos ingresos por servizos municipais (Táboa XXIV, Anexo e Gráfica 28). Deste total, 608.837,60 pesetas proceden do Hospital de San Bartolomé, un 60,07% dos ingresos por beneficencia; e 404.661,98 pesetas da Casa Municipal de Beneficencia, un 39,93%. O ano de maiores ingresos é o 1918 con 312.860,32 pesetas, un 30,87%, mentres que o 1911 é o que menos se ingresa, 52.665,67 pesetas, un 5,20%.

A evolución de ingresos mantense estable entre os anos 1910 e 1913, en cifras ao redor do 5% anual. A partir do 1914 prodúcese un incremento progresivo ata o final da etapa; en concreto, no 1914 aumentan os ingresos un 1%, no 1915 un 1,95%, no 1916 un 6,40%, no 1917 un 3,33%, e no ano 1918 un 12,86%.

No Hospital de San Bartolomé o ano de maiores ingresos é o 1918 con 195.776,53 pesetas, un 32,16%, mentres que o ano 1913 é no que menos se ingresa con 27.877,50 pesetas, un 4,58%. A evolución oscila ao redor do 5% e o 4% alternativamente entre os anos 1910 e 1914. A partir do 1915 a tendencia é á alza de maneira progresiva, con incrementos do 3,31% no 1915, do 6,37% no 1916, do 3,94% no 1917, e do 13.03% no ano 1918 (Táboa XXV, Anexo).

Na Casa Municipal de Beneficencia os maiores ingresos prodúcense tamén no 1918 con 117.083,79 pesetas, un 28,93%, mentres que o ano de menores ingresos correspóndese co 1910, 24.153,50 pesetas, un 5,97% (Táboa XXV, Anexo).

A evolución describe unha traxectoria regular entre os anos 1910 e 1913, movéndose en cifras ao redor do 6% anual. No 1914 prodúcese un incremento do 1,26%, que case se mantén practicamente no ano seguinte. Nos tres últimos anos da etapa a tendencia é claramente á alza, aumentando nun 6,45% no 1916, outro 2,25% no 1917, e un 12,61% no 1918.

B. Corrección pública

Igual que na primeira etapa, os ingresos de corrección pública proceden do repartimento entre os concellos do partido e da subvención concedida pola Deputación Provincial, ascendendo esta a 2.500 pesetas anuais. Todos estes ingresos seguen a ter como destino o Cárcere do Partido Xudicial.

A cantidade de ingresos na etapa é de 187.128,03 pesetas, un 15,57% dos ingresos por servizos municipais. O ano que máis se ingresa é o 1918 con 27.581,30 pesetas, un 14,74% da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

etapa; mentres, o 1910 é o de menos ingresos con 17.015,45 pesetas, un 9,09% (Táboa XXIV, Anexo).

A evolución describe unha traxectoria estable do ano 1910 ao 1912, cun crecemento en torno ao 9% anual. No 1913 prodúcese un aumento pouco significativo do 0,50%, que se incrementa nun 2,56% no 1914. Esta tendencia invértese no ano 1915, cun descenso do 2,16%, manténdose nestes valores no ano seguinte e cun incremento no último bienio (Gráfica 28), concretamente dun 1,58% no 1917 e doutro 2,36% no 1918.

C. Instrución pública

Os ingresos da instrución pública seguen a proceder dos intereses dunha inscrición intransferible da débeda perpetua interior ao 4% anual, con capital de 2.654,32 pesetas, co desconto do 20% da contribución de utilidades da riqueza mobiliaria.

Os ingresos seguen a ser reducidos, un total de 1.262,30 pesetas, un 0,11% dos ingresos por servizos municipais (Táboa XXIV, Anexo). A cantidade anual é sempre a mesma, 106,17 pesetas da inscrición, menos 21,23 pesetas da porcentaxe sobre a contribución de utilidades, en total 84,94 pesetas. Esta contía increméntase debido ao cobro de vencementos de anos anteriores.

A pesar de que a etapa tende á estabilidade, o ano de máis ingresos é o 1916 con 163,11 pesetas, un 12,92%, e o de menos o 1918 con 106,17 pesetas, un 8,41%. No resto de anos os ingresos son os mesmos, aportando un 11,24% anual. Esta tendencia estable só se rompe no ano 1916, cun incremento do 1,68%, para volver ao valor anterior no ano seguinte, reducíndose nun 2,83% no 1918.

Polo tanto, como na etapa anterior, dentro dos servizos municipais o que máis aporta é a beneficencia, que ten un incremento progresivo desde 1914, seguida da corrección pública e, en terceiro lugar, a instrución pública, segundo se observa na Gráfica 28.



4.5.1.4 Ingresos extraordinarios

En total, a cantidade recadada por ingresos extraordinarios é de 132.087,15 pesetas, o que supón un 2,59% dos ingresos na etapa. O ano que máis se recada é o 1918 con 56.411,60 pesetas, un 42,71%, mentres que o ano de menos ingresos é o 1912, con unicamente 368,55

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

pesetas, un 0,28%. É preciso puntualizar que os anos 1910 e 1911 non contan con ingresos extraordinarios (Táboa XXVI, Anexo).

Os ingresos extraordinarios proceden da cesión de parcelas da vía pública non edificables para novas aliñacións que fixa o plano da poboación, en concreto do ano 1915 ao 1918; e do produto da venda de terreos que resultan sobrantes no actual cano que conduce as augas á poboación[234], despois de realizadas as obras proxectadas para conducilas por tubaxe de ferro e gres, desde o nacemento ata a Porta de San Fernando. A maiores, no ano 1918 engádese o produto da ocupación dos terreos sobrantes da vía pública aos dous lados da porta de Emilio Castelar, doutra parcela na porta da Rúa Nova, saíndo á dereita, e dun terreo cedido a un particular na Praza de Santa María.

Pola cesión de terreos da vía pública os ingresos son de 58.000 pesetas, un 43,91% dos ingresos extraordinarios. A evolución é positiva: parte dos anos 1913 e 1914 con 2.500 pesetas por ano, un 4,31% anual, cun aumento do 11,21% no 1915, que se mantén nos anos 1916 e 1917, para rematar a etapa en valores máximos, cuns ingresos de 26.000 pesetas no 1918, que supoñen un 44,83%, aumentando un 29,31% con respecto ao intervalo de 1915-1917 (Táboa XXVI, Anexo).

En segundo lugar en orde cuantitativa, sitúanse os ingresos procedentes de subvencións, en concreto da subvención concedida pola Deputación Provincial para as obras de asfaltado do pavimento da rúa de San Marcos, e para as obras de saneamento da traída de augas, substituíndo o actual acueduto por tubaxe de ferro e gres.

Os ingresos procedentes de subvencións aportan 53.664 pesetas, un 40,63% dos ingresos extraordinarios (Táboa XXVI, Anexo). A evolución tamén é á alza, pois parte de 1.000 pesetas no ano 1915, un 1,86%, para aumentar progresivamente no resto da etapa, un 16,77% no 1916, un 16,57% no 1917, e outro 9,10% no 1918, acadando neste o máximo de ingresos con 23.772 pesetas, un 44,30%.

En terceiro lugar, e xa en cifras moi afastadas ás anteriores partidas, sitúanse os ingresos de policía urbana. O ingreso máis cuantioso prodúcese no ano 1917, como valor do material extraído do antigo pavimento de varias rúas; tamén son importantes no 1918 os ingresos pola cantidade de pedra de perpiaños procedente da Praza de Santa María e a procedente do Bo Xesús[235]. Xa en menor contía figuran a renda de efectos inútiles existentes na Casa Consistorial, almacéns e demais establecementos dependentes do concello, e o produto calculado da venda do esterco procedente do gando destinado ao servizo de coches fúnebres e ao transporte de carnes, escombros e materiais.

Os ingresos totais de policía urbana son de 17.254,60 pesetas, un 13,06% dos ingresos extraordinarios. O ano de maiores ingresos é o 1917 con 7.115 pesetas, un 41,24%; mentres, 1916 é o que conta con menos ingresos, unicamente 200 pesetas, un 1,16%. Os anos 1912 e 1915 non contabilizan ingresos por este concepto (Táboa XXVI, Anexo). A evolución é oscilante, partindo dun 14,49% nos anos 1913 e 1914, caendo drasticamente no 1916, cunha

[234] En canto ao abastecemento de augas, dispón a poboación de dúas vías: unha do concello, que abastece a case todas as fontes públicas, sendo os seus líquidos de calidade superior, pero non coa cantidade suficiente para todas as necesidades de usos domésticos da veciñanza; por iso se realizaron obras no cano deste abastecemento, substituíndoo por outro, co que aumenta o caudal e as condicións de salubridade da auga. A segunda vía de abastecemento de auga pertence a unha empresa privada e dispón de gran caudal, sendo tamén a súa calidade boa, utilizándoa o concello para o rego de rúas, xardíns, mercados, matadoiro e unha fonte, pagando por este servizo 2.530,36 pesetas.

[235] En 1917, procede do que ingresará o enxeñeiro de Obras Públicas, director das que obras que se están realizar na Ronda de Santiago, entre as portas da muralla coñecidas como de San Pedro e Santiago, como valor do material extraído do antigo pavimento de varias rúas, que utiliza nas demais de dita ronda, deducido o 1,20% para o Tesouro. Mentres, no 1918, destacan os ingresos pola cantidade de pedra de perpiaños procedente da Praza de Santa María, que foi cedida á Xefatura de Obras Públicas da provincia para a construción de beirarrúas entre as portas de San Fernando e Rúa Nova; e tamén a procedente do Bo Xesús, para a construción de beirarrúas no tramo de estrada comprendido entre as portas de San Pedro e Santiago.

redución do 13,33%. No 1917 prodúcese unha recuperación, cun incremento do 40,08%, inverténdose a tendencia no ano 1918, cun descenso do 12,61%.

En cuarto e quinto lugar figuran os ingresos eventuais e imprevistos, só contabilizados nos anos 1912, 1917 e 1918; e os legados, donativos e mandas, que só figuran no 1915 e proceden do donativo que ofreceron os vendedores de materiais de construción, en vista que desde o primeiro de xaneiro se desgravan aqueles con motivo da supresión do imposto de consumos. A aportación destes é moito menor, cun 2,02% e un 0,38%, respectivamente aos ingresos extraordinarios da etapa.

A evolución dos ingresos extraordinarios é á alza en toda a etapa, como se observa na Gráfica 29, cun aumento do 3,51% no ano 1913, do 3,78% no 1915, do 7,34% no 1916, do 12,05% no 1917 e do 15,75% no 1918. En total o incremento na etapa é do 42,43%.

Gráfica 29. Evolución de ingresos extraordinarios no Concello de Lugo, 1910-1918



4.5.1.5. Propios

Igual que na etapa anterior, os ingresos de propios entre os anos 1910 e 1912 proceden dunha inscrición intransferible da débeda perpetua interior ao 4% anual sobre un capital de 29.477,66 pesetas, á que se lle desconta o 20% da contribución de utilidades. A esta hai que engadirlle os intereses da Caixa de Depósitos, procedentes dun depósito en metálico ao 4% anual da terceira parte do 80% de Propios, con capital de 1.838,83 pesetas, ao que se lle desconta 1,20% de pagos ao Estado. A partir do 1913 os intereses da Caixa de Depósitos contabilízanse nunha segunda inscrición intransferible con capital de 1.838,83 pesetas, entregada en equivalencia do resgardo da Caixa de Depósitos por igual cantidade, á que se lle desconta o 20% da contribución de utilidades.

Completan os ingresos por propios o produto de rendas de fincas e censos a particulares, dos que se deduce a contribución territorial que hai que abonar aos pagadores, máis o 20% para o Estado. Destacan os ingresos da Sociedade *El Casino* por renda do xardín contiguo á casa na que está instalada[236] e a renda do local da Porta da Estación.

O total de ingresos por propios é de 46.908,38 pesetas, o que supón un 0,92% dos ingresos na etapa (Táboa XXVII, Anexo). O ano de maior recadación é o 1912 con 5.773,81 pesetas, un 12.31% da etapa; mentres, o 1918 é o de menores ingresos, con 1.357,60 pesetas, un 2,89%.

[236] Concello de Lugo. (4 de abril de 1907). *Actas municipais*. AML (Sin. 7989.1), Lugo.

Os ingresos de inscricións intransferibles aportan un total de 44.489,78 pesetas, un 94,84% dos ingresos por propios. Os anos de maiores ingresos son o 1910 e o 1911, 5,377,15 pesetas por ano, un 12,095 anual; o de menores ingresos corresponde ao 1918 con 1.252,60 pesetas, un 2,82%. Entre os anos 1910 e 1917 a evolución describe unha traxectoria constante, en torno ao 12% anual, cun afundimento no 1918, reducíndose os ingresos nun 9,24% (Táboa XXVII, Anexo).

Os ingresos por renda de fincas e censos ascenden á cantidade de 2.418,60 pesetas, un 5,16% dos ingresos por propios na etapa. Os anos de maiores ingresos van do 1910 ao 1915, 330,60 pesetas por ano, un 13,67% anual; mentres, os anos 1916 e 1917 son os que aportan menos ingresos, 90 pesetas cada ano, un 3,72% anual (Táboa XXVII, Anexo). A evolución é constante entre os anos 1910 e 1915, cun descenso do 9,95% no 1916 que se mantén no ano seguinte. Remata a etapa cun incremento pouco significativo do 0,62%, pero que serve para inverter a tendencia.

Como reflicte a Gráfica 30, a evolución é estable entre os anos 1910 e 1916, cuns ingresos ao redor do 12% anual. No 1917 prodúcese un descenso pouco significativo do 0,53%, que se acentúa no 1918, cunha redución do 8,74%.



4.5.2. Gastos

4.5.2.1 Cargas

Conforman este apartado o continxente provincial, os créditos recoñecidos, as subvencións, as subministracións ao Exército, as funcións e festexos, as contribucións e impostos, as pensións, as expropiacións e os censos correntes. Os gastos totais de cargas na etapa son de 3.255.159,41 pesetas, o que representa un 49,30% dos gastos. O ano de maior gasto corresponde ao 1918 con 473.851,40 pesetas, un 14,56% da etapa, mentres o 1913 é o que menos gastos contabiliza, 324.003,20 pesetas, un 9,95% (Táboa XXVIII, Anexo). A evolución é estable entre os anos 1910 e 1915, cun gasto ao redor do 10% anual. No 1916 increméntase este nun 1,04%, que se mantén no ano seguinte. Remata a etapa á alza, cun aumento de gasto do 3,08% no ano 1918 (Gráfica 31).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A. Continxente provincial

Os gastos do continxente provincial destínanse ao pago á Deputación Provincial da cota sinalada ao concello no repartimento para cubrir o déficit da provincia, incluíndose neste o resto da cota do ano 1900 ao 1902, e do 1908 ao 1917. O 1908 só se computa nos anos 1910 e 1911. Como na primeira etapa, o continxente provincial supón o maior gastos das cargas.

O total de gastos na etapa ascende á cantidade de 2.542.614,92 pesetas, un 78,11% dos gastos en cargas do concello (Táboa XXVIII, Anexo). O ano de maior gasto corresponde ao 1918 con 382.493,69 pesetas, un 15,04% da etapa; mentres, o de menor gasto é o 1913 con 254.109,93 pesetas, un 9,99%. A evolución tende á estabilidade entre os anos 1910 e 1915, cun gasto anual en torno ao 10%. No 1916 increméntase este nun 0,97%, manténdose nestas cifras no ano seguinte, e rematando a etapa en valores máximos, cun aumento do 3,57% no ano 1918 (Gráfica 31).

B. Créditos recoñecidos

O crédito máis cuantioso vai destinado a pagar á *Compañía Anónima Alumbrado Eléctrico* de Lugo os intereses devindicados ata o ano 1914 inclusive (21.412,58 pesetas anuais). Séguenlle en importancia cuantitativa o pago dos intereses ao contratista da nova Praza de Abastos, a razón do 5,48% do importe que se debe das obras (no ano 1918 débense 61.000 pesetas), máis o pago do segundo ao décimo prazo de amortización (5.000 pesetas anuais).

Outros gastos van destinados a contratistas de obras no Cuartel de Artillaría, por intereses devindicados tamén ata o ano 1914, para un almacén de pólvora, unha cuadra enfermaría, unha cuadra para 44 mulas e 30 cabalos, un servizo, obras de alpendres e talleres nos anos 1910, 1911 e 1912; para o contratista do empedrado da rúa de San Pedro nos mesmos anos; para as obras de asfaltado do pavimento da rúa da Raíña e Praza Maior entre o 1915 e o 1918, máis intereses do 5% devindicados por mora no pago; e para pagar o prazo que vence no 1918 por obras no mercado de banquetas na rúa Quiroga L. Ballesteros, máis os intereses do 5,20 %. O resto de gastos de novos créditos van destinados a subministracións, abonos, remuneracións, premios e impostos.

O total de gastos en créditos na etapa é de 605.455,05 pesetas, un 18,60% das cargas do concello. O ano que máis se gasta é o 1918 con 81.865,33 pesetas, un 13,52% da etapa, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1913 con 56.518,75 pesetas, un 9,33% (Táboa XXVIII, Anexo). A evolución é estable nos tres primeiros anos, cun gasto entre o 10/11% anual. No 1913 prodúcese un descenso do 1,55% que se mantén no ano seguinte. A partir do 1915 recupérase o gasto situándose en niveis do primeiro trienio, cun incremento do 0,96%, aumentando nun 2,08% no 1916, que se mantén no ano seguinte, rematando a etapa en niveis máximos, cun aumento do 1,32% no ano 1918 (Gráfica 31).

C. Subvencións

Entre os anos 1910 e 1912 as partidas de subvencións e compromisos varios do concello destínanse principalmente a diversas institucións como a Escola de Artes e Oficios, o Laboratorio de hixiene e Instituto de vacinación, a banda de música do Rexemento de Infantaría de San Fernando, o Asilo de Anciáns desamparados, as Servas do Corazón de Xesús, o Campo de Demostración Agrícola, a Sociedade Venatoria, o Orfeón Galego, a Compañía de Abastecemento de Augas de Lugo, e outras destinadas a sufragar os gastos de alugueiros na Audiencia Provincial e na Casa Cuartel.

Entre os anos 1913 e 1915 a principal partida de subvencións e compromisos varios do concello vai destinada a satisfacer ao arrendatario da Administración do Imposto de Consumos a diferenza no aforo da leña, 3.746,11 pesetas. Tamén se seguen a destinar gastos ata o final da

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

etapa a diversas institucións e eventos antes citados, ás que se engaden outras como a Festa da Árbore, as Colonias Escolares, o *Colexio Reina Victoria* de orfos de empregados civís, e os veciños da parroquia de Albeiros con destino á adquisición dun terreo para construír un cemiterio en dita parroquia (1914-1917).

A partir de 1915 compútase o pago do seguro de accidentes de traballo dos peóns do concello, e tamén o pago do seguro da mula e cabalos propiedade do concello, para os servizos de transporte de carnes e arrastre de coches fúnebres, contratado coa *Ganadera Española*. Pechan as partidas de gastos os alugueiros, concretamente o da casa habitación do porteiro da Audiencia provincial.

O total de gasto en subvencións na etapa ascende á cantidade de 40.400,07 pesetas, un 1,24% das cargas do concello. O 1911 é o de maior gasto con 6.953,61 pesetas, un 17,21% da etapa; mentres, os anos 1916 e 1917 son os que menores gastos teñen, 1.960,70 pesetas por ano, un 4,85% anual (Táboa XXVIII, Anexo).

A evolución do gasto é á alza nos dous primeiros anos, cun lixeiro incremento do 0,48% no 1911, producíndose unha caída a partir deste. Así, no 1912 redúcese o gasto nun 4,33%, tendencia que continua no ano seguinte con outra baixada do 1,05%. No 1914 recupérase nun 0,61%, manténdose no ano seguinte nesta cifra. No 1916 cae o gasto, cunha baixada do 7,59%, manténdose tamén no ano seguinte, debido á desaparición do gasto destinado a satisfacer ao Arrendatario da Administración do Imposto de Consumos a diferenza no aforo da leña. Remata a etapa cun incremento pouco significativo do 0,67%, insuficiente para achegarse aos valores do comezo da etapa.

D. Subministracións ao Exército

As subministracións aos corpos do Exército e da Garda Civil teñen un gasto de 18.500 pesetas, un 0,57% das cargas do concello (Táboa XXVIII, Anexo). Na evolución do gasto, este mantense constante entre os anos 1910 e 1917, 2.000 pesetas anuais, un 10,81%, experimentando un incremento do 2,70% no 1918, acadando a cifra máis elevada con 2.500 pesetas, un 13,51%. No total da etapa a evolución é relativamente positiva, xa que a pesar do incremento do gasto, este só se produce no último ano.

E. Funcións e festexos

Os gastos seguen a destinarse a celebracións de tipo relixioso (Corpus, Semana Santa, misas) e tamén aos festexos e feiras de San Froilán. O total de gasto na etapa ascende á cantidade de 13.870 pesetas, un 0,43% das cargas co concello. O ano de maior gasto é o 1912 con 3.480 pesetas, un 25,09% da etapa; mentres, o de menor gasto corresponde ao 1917 con 580 pesetas, un 4,18% (Táboa XXVIII, Anexo).

A evolución parte da estabilidade inicial nos dous primeiros anos, cun aumento importante do 14,42% no 1912, a partir do cal se inverte a tendencia, reducíndose nun 8,29% no 1913, noutro 5,41% no 1914, outro 3,60% no 1915, que se mantén no ano 1916. A tendencia segue á baixa no 1917, cun descenso do gasto de 3,61%, rematando a etapa cunha inversión da tendencia, incrementándose un 1,44% no ano 1918.

F. Contribucións e impostos

No ano 1910 comprenden a contribución territorial das fincas propias do concello máis o 20% da renda de propios. A partir do ano 1911 substitúese esta porcentaxe polo imposto especial sobre os bens do concello, creado pola Lei de 29 de decembro de 1910, ao que se lle engaden o resto de impostos para o Tesouro. A partir de 1913 procédese á devolución ao Oficial 3º, auxiliares e escribentes 1º e 2º da Secretaría, do 6% dos haberes asignados por considerar

USC DE COMPOSTELA

excesivo o desconto do 12% que fixa a tarifa da contribución de utilidades, para que quede reducido ao 6%.

O total de gasto na etapa é de 13.514,73 pesetas, un 0,42% das cargas do concello. O ano de máis gasto corresponde ao 1913 con 2.905,51 pesetas, un 21,50% da etapa, mentres o 1910 é o de menor gasto con 184,72 pesetas, un 1,37% (Táboa XXVIII, Anexo).

A evolución é á alza nos dous primeiros anos, cun incremento substancial do 9,17% no 1911, manténdose nesas cifras no ano seguinte. No 1913 prodúcese outro incremento moi importante do 10,60%, inverténdose a tendencia no 1914, caendo o gasto nun 9,17%[237]. A tendencia á baixa continua no ano 1915, con outra baixada do 1,85%, para manterse nestas cifras ao redor do 10% no 1916 e no 1917. Remata a etapa cunha inversión da tendencia, aumentado o gasto un 1,98% no ano 1918.

G. Pensións

Os gastos en pensións van destinados a ex-membros da Garda Municipal. A partir do ano 1913 engádense un peón da brigada municipal inutilizado para o servizo e dúas beneficiarias[238]. O gasto total da etapa en pensións ascende á cantidade de 12.194,56 pesetas, un 0,37% das cargas do concello. Os anos 1915, 1916 e 1917 son os de maior gasto, 2.240 pesetas por ano, un 18,37% anual; mentres, o 1910, 1911 e 1912 son os menor gasto con 256,14 pesetas por ano, un 2,10% anual (Táboa XXVIII, Anexo).

A evolución é estable nos tres primeiros anos, incrementándose nun 7,38% no 1913, noutro 2,82% no 1914, e nun 6,07% máis no 1915, para manterse nesta cifra ata o 1917. Remata a etapa cunha inversión da tendencia, descendendo o gasto nun 1,56%.

H. Expropiacións

Só se contabilizan expropiacións nos anos 1910, 1911 e 1912. No 1910 corresponden a unha expropiación para a apertura das rúas de Quiroga L. Ballesteros e Bolaño Rivadeneira (387,64 pesetas), máis 2.500 pesetas para pagar as expropiacións que o concello acorde durante o exercicio do presuposto. Nos anos 1911 e 1912 o importe íntegro vai destinado para o pago da metade por ano do importe dos terreos que se expropiaron para a prolongación da rúa do Bispo Aguirre.

En total, o concello gasta en expropiación na etapa a cantidade de 6.056,74 pesetas, o que supón o 0,19% das cargas. O ano de maior gasto é o 1910 con 2.887,64 pesetas, un 47,68% da etapa; os dous anos restantes corresponden aos de menor gasto, 1.584,55 pesetas por ano, un 26,16% anual (Táboa XXVIII, Anexo).

I. Censos correntes

Os censos correntes van destinados fundamentalmente a pensións forais de particulares: o terreo da Praza de Abastos, os terreos que ocupaban as casas expropiadas para o ensanche da rúa do Progreso, hoxe Manuel Becerra, e tamén o pago aos donos dunha casa na rúa de San Pedro, expropiada para o ensanche da rúa das Nóreas, pola pensión coa que estaba gravada.

[237] É preciso facer referencia aos gastos procedentes de devolucións en concepto de cobros indebidos, que salientan nos anos 1913 e 1914, con 31.990,20 e 21.326,92 pesetas respectivamente. Estes van destinados integramente a satisfacer ao arrendatario da Administración do Imposto de Consumos 12 prazos dos 20 no ano 1913 e 8 prazos dos 20 no 1914, nos que se acordou realizar a devolución do que se ingresou indebidamente nos anos 1911 e 1912, segundo o resolto polo Tribunal Central do Contencioso Administrativo e o contrato aprobado polo concello e Xunta Municipal nas sesións de 29 de agosto e 14 de setembro, respectivamente, do ano 1913.

[238] Son a filla e a esposa do falecido Don Pedro Ortiz y Soto, médico titular e Director do Hospital Municipal durante máis de cincuenta anos ata o seu falecemento.

Os gastos na etapa son de 2.553,34 pesetas, un 0,08% das cargas do concello. O ano de máis gastos corresponde ao 1910, con 754,26 pesetas, un 29,62% da etapa. Pola contra, os anos de menos gastos van do 1911 ao 1915, 204,26 pesetas por ano, un 7,80% anual (Táboa XXVIII, Anexo).

A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do gasto do 21,82% no ano 1911, que se mantén nesta cifra ata o ano 1915. No 1916 invértese a tendencia, cun incremento do 1,28%, ao que se engade un 1,07% no 1917, e outro 1,08% no 1918. No total da etapa a diferenza é negativa, cun descenso do gasto do 18,39%.

En definitiva, como reflicte a Gráfica 31, no conxunto total de gastos en cargas, as partidas con máis importancia son o continxente provincial, seguido dos créditos recoñecidos, ambas a moita diferenza das restantes, ao igual que acontecía na primeira etapa.



4.5.2.2 Servizos municipais

Os servizos municipais compóñense dos apartados de beneficencia municipal, policía urbana e rural, policía de seguridade, corrección pública e instrución pública.

Os gastos totais son de 2.187.858,55 pesetas, un 33,13% % do total de gastos na etapa. O ano 1918 é o de máis gasto con 331.305,92 pesetas, un 15,14% dos gastos en servizos municipais; mentres, o ano de menos gasto é o 1913 con 199.380,72 pesetas, un 9,11% (Táboa XXIX, Anexo).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A evolución pon de manifesto dúas fases diferentes; unha estable entre os anos 1910 e 1913, cuns gastos arredor do 9% anual, e outra que manifesta un incremento progresivo do gasto entre o 1914 e o 1918, en total do 4,88%, destacando este no 1918, cun 2,84%. A tendencia é positiva, cun incremento do gasto na etapa do 5,48%, como se observa na Gráfica 32. Ademais, como acontecía na primeira etapa, a beneficencia e a policía urbana e rural concentran o maior gasto dos servizos municipais.

A. Beneficencia

Os gastos en beneficencia, ao igual que na primeira etapa, seguen a ser os máis cuantiosos de todos os servizos municipais[239]. Confórmana as partidas de gastos xerais, destinados ao Hospital de San Bartolomé e á Casa Municipal de Beneficencia; os auxilios benéficos para socorros a pobres do termo municipal, e para atender as calamidades públicas que acontezan durante o ano; os socorros e condución de pobres transeúntes e a emigrados pobres, e engádense nesta segunda etapa, as subvencións a establecementos benéficos e as epidemias. Os gastos totais ascenden á cantidade de 803.842,66 pesetas, o que supón un 36,74% dos gastos en servizos municipais (Táboa XXIX, Anexo).

En primeiro lugar en orde de gasto sitúase o Hospital de San Bartolomé[240], seguido dos gastos da Casa Municipal en Beneficencia; ambos conceptos conforman os gastos xerais de beneficencia, como na primeira etapa, sumando entre ambos uns gastos de 793.095,16 pesetas, un 98,67% do total do capítulo de beneficencia.

[239] Ademais, nesta etapa constitúese unha Xunta de Caridade baixo a presidencia do alcalde López Pérez, e que, con recursos obtidos por subscrición, auxiliou a infinidade de pobres con socorros consistentes en leite, pan e carne, abonando tamén medicamentos. *Memoria de 1918*.

[240] No hospital admítense non só enfermos do concello, senón tamén os que pertencen ao partido xudicial e do resto da provincia, sempre que necesiten ser sometidos a intervención cirúrxica; estas estancias abónanse cunha subvención da deputación, o mesmo que o soldo do médico-director.

No Hospital de San Bartolomé, o gasto acada as 451.253,60 pesetas, o que representa un 56,14% dos gastos en beneficencia. O ano que conta con máis gastos é o 1918 con 94.800,95 pesetas, un 21% da etapa, mentres o de menos gasto correspóndese co 1913, 31.977,40 pesetas, un 7,08% (Táboa XXX, Anexo). Na evolución distínguense dúas fases: unha primeira estable entre os anos 1910 e 1914, na que o gasto se sitúa ao redor do 7/8% anual, e unha segunda entre os anos 1915 e 1918, na que a tendencia é á alza de maneira progresiva, aumentando un 3,17% no 1915, un 3,19% no 1916, un 1,71% no 1917, e un 21% no ano 1918[241].

Os gastos da Casa Municipal de Beneficencia son de 341.841,56 pesetas, un 42,53% dos gastos en beneficencia[242]. O ano con maior gasto corresponde ao 1918 con 44.267,43 pesetas, un 12,95% da etapa; mentres que pola contra, o ano 1914 é o de menos gastos con 28.064,43 pesetas, un 8,21% (Táboa XXX, Anexo). Na evolución distínguense tres fases: unha primeira do ano 1910 ao 1912 na que os gastos se sitúan en torno ao 12% anual, unha segunda que parte do ano 1913, cunha redución 4,13%, ata o 1915, cun gasto ao redor do 8% anual; finalmente, unha terceira fase entre os anos 1916 e 1918, na que se recupera o gasto para situarse en valores similares aos da primeira fase, cun incremento do 3,61% no 1916, para acadar un gasto ao redor do 12% anual, agás a redución non significativa do 0,44% no 1917, coa recuperación no ano seguinte.

En terceiro lugar, e moi lonxe dos anteriores, figuran os socorros e condución de pobres transeúntes cun total de 3.150 pesetas, un 0,39% dos gastos en beneficencia na etapa (Táboa XXX, Anexo). Os anos de maiores ingresos van do 1910 ao 1914, 400 pesetas por ano, un 12,70% anual, mentres que o ano con menos ingresos é o 1918 con 250 pesetas, un 7,94%. A evolución é á baixa, cunha fase estable do ano 1910 ao 1914. No 1915 prodúcese unha diminución do 3,18%, manténdose nesta cifra ata o 1917 inclusive. Remata a etapa cun descenso do 1,58% no ano 1918.

En cuarto lugar sitúanse as subvencións a establecementos benéficos. Estas contabilízanse desde o ano 1911, e van destinadas ao Asilo de Anciáns Desamparados e ás Servas do Corazón de Xesús. O total de gastos na etapa ascende á cantidade de 2.621,25 pesetas, un 0,33% dos gastos en beneficencia (Táboa XXX, Anexo). Os anos de maior gasto corresponden ao 1911 e 1912, 500 pesetas por ano, un 19,07% anual; mentres, os anos que menos se gasta van do 1913 ao 1916, 200 pesetas por ano, un 7,63% anual. A evolución é estable nos anos 1911 e 1912, cunha redución do 11,44% no 1913, que se mantén nesta cifra ata o 1916. No 1917 invértese a tendencia, cun incremento do 6,29%, e outro do 3,49% no 1918.

En quinto lugar figuran os gastos de auxilios benéficos con 2.382,50 pesetas, un 0,30% dos gastos da etapa en beneficencia (Táboa XXX, Anexo). O ano de máis gasto é o 1916 con 435 pesetas, un 18,26%; pola contra, os anos con menores gastos van do 1910 ao 1914, 200 pesetas por ano, un 8,39% anual. A evolución describe unha traxectoria estable entre os anos 1910 e 1914, cun incremento do 2,10% no 1915, e outro do 7,77% no 1916. No 1917 invértese a tendencia, cun descenso do 5,25%, que se recupera no ano seguinte aumentando un 3,25%.

En sexto lugar os gastos en epidemias ascenden á cantidade de 2.362,50 pesetas, un 0,29% dos gastos en beneficencia na etapa, contabilizándose desde o ano 1911 (Táboa XXX, Anexo). Os anos que contan con máis gasto son o 1911 e o 1912, con 400 pesetas por ano, un 16,93% anual; os de menos gasto van do 1913 ao 1917, 250 pesetas por ano, un 10,58% anual. A

[241] Segundo consta na *Memoria de 1917*, produciuse no hospital un aumento considerable de enfermos debido principalmente ás reformas e modificacións que se introduciron no último ano, e á reputación cada vez maior que lle é recoñecida ao notable cirurxián e director do establecemento, D. Rafael de la Vega Barrera.

[242] Na Casa Asilo recóllense as persoas desvalidas do concello e os que proceden da Casa-cama, polo que abona a Deputación Provincial as estancias. Á fronte están 8 irmás da Caridade, contando tamén con 2 mestres de talleres, onde se lles ensina aos rapaces os oficios de zapateiro e xastre. Ten tamén unha escola cuxo ensino está explicado por unha das irmás.

evolución parte da estabilidade dos anos 1911 e 1912, experimentando un descenso do 6,35% no 1913, que se mantén nesta cifra ata o 1917. Remata a etapa, cunha inversión da tendencia, incrementándose o gasto nun 2,65% no ano 1918, pola incidencia da Gripe.

En último lugar sitúanse os gastos en socorros a emigrados pobres, un total de 231,25 pesetas, o que supón unicamente un 0,03% dos gastos en beneficencia (Táboa XXX, Anexo). O ano con máis gasto é o 1918 con 31,25 pesetas, en contraste co resto de anos da etapa, nos que se gastan 25 pesetas por ano, un 10,81% anual. A evolución é estable ata o 1917, producíndose un incremento do 2,70% no ano 1918.

O total de gastos en beneficencia é de 803.842,66 pesetas, un 36,74% dos gastos en servizos municipais durante a etapa. O ano de maiores gastos é o 1918 con 140.505,88 pesetas, un 17,48%, mentres que o ano 1914 é o que conta con menos gasto, 62.409,96 pesetas, un 7,76%. A evolución presenta altibaixos ao longo da etapa (Gráfica 32): do ano 1910 ao 1912 prima a estabilidade con valores en torno ao 9/10% anual, a pesar do descenso pouco significativo do 0,43% no 1911, que se recupera no ano seguinte cun incremento do 0,27%. No 1913 prodúcese un descenso do 2,43% que se mantén nestas cifras no ano seguinte. Do 1915 ao 1918 a evolución é á alza, aumentando un 1,89% no 1915, un 3,35% no 1916, un 0,78% no 1917, e un 3,70% no ano 1918.

B. Policía urbana e rural

Ao igual que na etapa anterior, compoñen este apartado os gastos en alumeado eléctrico, limpeza, cemiterio, arboredo, matadoiro, Praza de Abastos, gastos xerais e animais daniños. A partir do ano 1913 engádense os gastos de augas destinados a satisfacer á Sociedade de Abastecemento de Augas de Lugo o consumo libre de auga anual para todos os servizos municipais, ademais dos cinco metros cúbicos diarios aos que ten dereito o concello.

O alumeado eléctrico segue a ser o que máis gastos comporta, un total de 536.562,87 pesetas, o 74,78% dos gastos en policía urbana e rural (Táboa XXXI, Anexo). A maior parte destes gastos seguen a destinarse á compañía anónima *Alumbrado Eléctrico de Lugo*, a razón de 2.100 pesetas mensuais segundo contrato, máis o imposto do alumeado consistente no 10% do importe[243]. O ano de máis gasto é o 1918 con 65.183,43 pesetas, un 12,15% da etapa, mentres que o de menos gasto corresponde ao 1913 con 52.778,43 pesetas, un 9,84%.

A evolución tende á estabilidade, manténdose en valores ao redor do 11% entre os anos 1910 e 1912, cun descenso do 1,45% no 1913, recuperándose no ano seguinte cun incremento do 1,41%, para manterse outra vez en valores ao redor do 11% anual ata o 1917, producíndose un aumento do 1,32% no ano 1918.

En segundo lugar, e a distancia cuantitativa con respecto á partida anterior, sitúanse os gastos en limpeza, que engloban os de persoal e os de material[244]. O asunto da hixiene é importante para o concello e a tal efecto publícanse varios bandos con normativas[245]. Así pois,

[243] Ao longo da etapa, instálanse lámpadas Nitra con columnas de fundición nas rúas Emilio Castelar, San Marcos e San Pedro, así como na Avenida de Segismundo Moret, Praza de Santa María e Buen Jesús; tamén se aumentan as lámpadas na Praza de Abastos, no ensanche da Alameda e na Estrada da Fonsagrada.

[244] Para o contratista do servizo limpeza asígnanse 5.149 pesetas, e 1.000 pesetas máis para material de limpeza, neste caso adquisición de bocas de rego con destino ás rúas e paseos públicos.

[245] Entre estas normativa destacan: limitación horaria para a extracción de lixo e para o rego de macetas, que sempre deberán facerse pola noite. Está tamén prohibido tirar sucidade ás rúas, establécense normas para transportar polas rúas a comida para os porcos ou braseiros, sempre en recipientes tapados; por outro lado, o concello obriga aos propietarios á limpeza de chemineas, tellados e canlóns para evitar a sucidade e o deterioro das rúas, así como á limpeza de pozos negros, ou a branquear as fachadas das casas. Para todas as medidas, en caso de incumprimento prescríbense sancións. En: Concello de Lugo. (11 de abril de 1910). *Bandos.* AHPL. (Sin. 1170-05), Lugo; Concello de Lugo. (2 de maio de 1910). *Bandos: bando de Ramón Landriz Lenza.* AHPL. (Sin. 1170-05), Lugo; Dos bandos. (12 de abril de 1910). *El Progreso*, pp. 1-2; Un bando importante. (4 de maio de 1910). *El Progreso*, p. 2.

no apartado de limpeza o total de gasto é de 59.300,25 pesetas, un 8,26% dos gastos en policía urbana e rural. O ano de máis gasto é o 1915 con 8.797 pesetas, un 12,54% da etapa; mentres, o de menos gasto é o 1917 no que só se gastan 5.497 pesetas, un 9,27% (Táboa XXXI, Anexo). A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 2,17% no 1911, estabilizándose ata o 1914 cun gasto que ronda o 10% anual. No 1915 prodúcese un incremento do 4,46%, que volve a descender un 4,72% no ano seguinte, outro 0,84% no 1917, rematando a etapa cunha inversión da tendencia, aumentando este un 1,98% no ano 1918.

En terceiro lugar figuran os gastos en cemiterios, que comprenden o soldo anual dun sepultureiro, ferramentas e limpeza xeral do cemiterio. A partir do ano 1914 inclúense os gastos que ocasiona a municipalización da condución de cadáveres ao cemiterio. Os gastos totais ascenden á cantidade de 53.386,50 pesetas, un 7,44% dos gastos en policía urbana e rural (Táboa XXXI, Anexo). O ano que máis se gasta corresponde ao 1915 con 17.581,25 pesetas, un 32,93% dos gastos na etapa; mentres, o de menor gasto é o 1910 con 1.150 pesetas, un 2,15%. A evolución parte dunha fase de estabilidade entre os anos 1910 e 1913, cun gasto que ronda o 2% anual, cun aumento significativo do 8,99% no 1914, e outro do 21,32% no 1915, a partir do cal se inverte a tendencia, descendendo un 19,93% no 1916, para manterse no ano seguinte, e rematar a etapa cun incremento do 6,10%.

En cuarto lugar sitúanse os gastos en arboredo para o mantemento do invernadoiro, adquisición e colocación de plantas e arbustos destinados aos xardíns e paseos públicos da capital, e a partir do ano 1914 inclúense os soldos dun xardineiro xefe e dous auxiliares. O gasto total é de 25.684,56 pesetas, un 3,58% dos gastos en policía urbana e rural (Táboa XXXI, Anexo). O ano de máis gastos é o 1918 con 5.747,81 pesetas, un 22,38%, mentres que os de menos gastos corresponden aos anos 1910, 1911 e 1912, 100 pesetas por ano, un 0,39% anual.

Na evolución podemos diferenciar dúas fases claramente contrastadas: a primeira abranguería desde o ano 1910 ao 1913, cun gasto do 0,39% nos tres primeiros anos e un aumento do 1,56% no 1913. A segunda fase correspondería desde o 1914 ao 1918, con valores moito máis altos; así, no 1914 prodúcese un incremento do gasto do 18,60% situándose no 20,55%, cun leve descenso do 1,56% no ano seguinte, para recuperarse novamente no 1916 cun incremento do 1,18%. No 1917 volve a descender o gasto nun 5,38%, recuperándose no ano 1918, aumentando nun 7,59%.

En quinto lugar figuran os gastos para a limpeza do matadoiro, a condución de carnes á Praza de Abastos, e para adquisición, reparación e conservación de material; un total de 21.727,50 pesetas, un 3,03% dos gastos en policía urbana e rural. O ano de máis gasto é o 1918 con 3.371,25 pesetas, un 15,52% da etapa; mentres, o de menos gasto corresponde ao 1910 con 1.888,75 pesetas, un 8,69% (Táboa XXXI, Anexo). A evolución parte dunha situación de estabilidade nos anos 1910 e 1911 cun gasto próximo ao 9% anual, producíndose un incremento do 3,69% no 1912, para volver a reducirse nun 3,92 no 1913, manténdose no ano seguinte. No 1915 aumenta o gasto nun 3,64%, manténdose no ano 1916, cunha redución pouco significativa do 0,48% no 1917, e rematando a etapa á alza, incrementándose nun 3,61% no ano 1918.

En sexto lugar están os gastos en augas[246]. Estes contabilízanse desde o ano 1913, acumulando un gasto na etapa de 13.916,98 pesetas, un 1,94% dos gastos en policía urbana e rural (Táboa XXXI, Anexo). O ano de máis gasto corresponde ao 1918 con 4.048,57 pesetas, un 29,09% da etapa, mentres que o de menos gasto é o 1913 con 1.012,14 pesetas, un 7,27%. A evolución é á alza, cun aumento progresivo do gasto ao longo da etapa, en concreto do 1,82% no ano 1914, do 6,58% no 1915, do 2,51% no 1916, do 3,64% no 1817, e do 7,27% no 1918.

USC
UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

[246] O rego de rúas, xardíns, mercados, matadoiro e a fonte de San Roque fíxose como en anos anteriores por contrata coa empresa de Abastecemento de Augas de Lugo, segundo os datos da *Memoria de 1917*.

En sétimo lugar sitúanse os gastos destinados á adquisición e reparación de efectos necesarios para a Praza de Abastos, un total de 2.919 pesetas, un 0,41% dos gastos en policía urbana e rural (Táboa XXXI, Anexo). O ano que conta con máis gasto é o 1918, 625 pesetas, un 21,41% da etapa; os de menos gasto son do 1910 ao 1914, 200 pesetas por ano, un 6,85%. A evolución presenta dúas fases claramente contrastadas: unha estable entre os anos 1910 e 1914, e outra á alza, cun aumento progresivo da porcentaxe de gasto; así este increméntase un 3,43% no 1915, outro 3,42% no 1916, un 6,65% no 1917, e nun 1,06% no 1918.

O oitavo lugar corresponde aos gastos xerais para medios de desinfección e aparatos sanitarios e calquera outro gasto que ocasionen os servizos de hixiene e salubridade pública, un total de 2.162,50 pesetas, un 0,30% dos gastos en policía urbana e rural (Táboa XXXI, Anexo). O ano 1918 é o de maior gasto con 312,50 pesetas, un 14,45% da etapa, os de menor gasto van do 1911 ao 1914, 200 pesetas por ano, un 9,25%. A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 4,62% no 1911, que se mantén nesta cifra ata o 1914. No 1915 prodúcese un incremento do 2,31%, que se mantén ata o 1917. Remata a etapa cun novo incremento do 2,89% no ano 1918.

En noveno e último lugar figuran os gastos de gratificación polo sacrificio de animais daniños, un total de 1.850 pesetas, o 0,26% dos gastos en policía urbana e rural (Táboa XXXI, Anexo). O ano con maior gasto é o 1918 con 250 pesetas, un 13,51%, mentres que o menor gasto corresponde aos anos restantes, entre o 1910 e o 1917, 200 pesetas por ano, un 10,81%. A evolución é estable entre os anos 1910 e 1917, cun incremento do 2,70% no 1918.

Os gastos totais de policía urbana e rural na etapa ascenden á cantidade de 717.510,16 pesetas, o que representa un 32,80% dos gastos en servizos municipais. O ano de máis gasto corresponde ao 1915 con 94.873,72 pesetas, un 13,22% da etapa; mentres, é o ano 1913 o de menor gasto con 64.339,57 pesetas, un 8,97% (Táboa XXIX e XXXI, Anexo). A evolución tende á estabilidade nos tres primeiros anos, cun gasto ao redor do 10% anual, descendendo un 1,06% no 1913. No 1914 invértese a tendencia cun incremento do 2,42%, ao que se lle engade outro do 1,83% no 1915. No 1916 volve a inverterse, descendendo un 1,39%, e outro 0,54 no ano seguinte. Remata a etapa cunha subida do 2,14% no ano 1918 (Gráfica 32).

C. Policía de seguridade

Compoñen este apartado, ao igual que na etapa anterior, os gastos da Garda Municipal, o socorro de incendios e salvamentos e os seguros de incendios.

En primeiro lugar, os gastos da Garda Municipal ascenden á cantidade de 277.535,30 pesetas, un 96,96% do total de gastos en policía de seguridade (Táboa XXXII, Anexo). A maior parte destes gastos corresponden a remuneracións, un 96,40%, e o restante 0,56% a material, deixando de contabilizarse este último a partir do 1915. O ano de maiores gastos é o 1918 con 40.678,75 pesetas, un 14,66% da etapa, e o de menos o 1913 con 27.409,50 pesetas, un 9,88%. A evolución describe unha traxectoria estable nos tres primeiros anos, cun gasto ao redor do 11% anual. No 1913 prodúcese un descenso do 1,16%, que se recupera parcialmente no ano seguinte cun incremento do 0,33%, manténdose no ano seguinte en valores ao redor do 10%. Os tres últimos anos da etapa son claramente á alza, con incrementos do 0,77% no 1916, que se mantén no ano seguinte, rematando a etapa cun aumento do gasto do 3,53% no ano 1918.

En segundo lugar, os gastos en socorro de incendios e salvamentos van destinados persoal e material do servizo de incendios, un total de 6.213 pesetas, o 2,17% dos gastos en policía de seguridade. O ano 1916 é o de maior gasto con 1.000 pesetas, un 16,10% da etapa, e o 1918 é o de menor gasto con 375 pesetas, un 6,04% (Táboa XXXII, Anexo). A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cunha diminución do 3,02% no 1911, manténdose nesta cifra ata o 1915.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No ano 1916 increméntase o gasto nun 4,83%, inverténdose a tendencia no 1917, caendo un 8,86%, e outro 1,20% no 1918.

En terceiro e último lugar, sitúanse os gastos en seguros de incendios da Casa Consistorial, do Asilo das Mercedes, e a partir do ano 1913, tamén os dos demais edificios municipais, cun gasto na etapa de 2.487,65 pesetas, un 0,87% dos gastos en policía de seguridade (Táboa XXXII, Anexo). Os anos con máis gastos van do 1913 ao 1917, 332,45 pesetas por ano, un 13,36% anual; mentres, o de menos gastos corresponde ao 1910 con 175,25 pesetas, un 7,04%. A evolución tende á estabilidade entre os anos 1910 e 1912, en torno a un 7% anual. No 1913 prodúcese un incremento do 6,03%, que se mantén ata o 1917. Remata a etapa cunha inversión da tendencia, descendendo nun 1,89% no ano 1918.

O total de gastos en policía de seguridade na etapa ascende á cantidade de 286.235,95 pesetas, un 13,08% dos gastos en servizos municipais. O ano de máis inversión é o 1918 con 41.339 pesetas, un 14,44% da etapa; mentres, pola contra, no 1913 invértense 28.441,95 pesetas, un 9,94% (Táboa XXIX e XXXII, Anexo). A evolución é estable entre os anos 1910 e 1912, en cifras ao redor do 11% anual, descendendo un 1,07% no 1913. No 1914 recupérase o gasto cun incremento do 0,32%, que se mantén nestas cifras no ano seguinte, incrementándose un 0,85% no 1916, para manterse no 1917. Remata a etapa cun incremento do 3,38% no ano 1918 (Gráfica 32).

D. Corrección pública

A composición do apartado, ao igual que na etapa anterior, aglutina os gastos do Cárcere do Partido Xudicial, do Xulgado Municipal e do Depósito Municipal.

En primeiro lugar, os gastos do Cárcere do Partido Xudicial van destinados a persoal, material, manutención de presos estantes, socorro de transeúntes, estancias de hospital, medicamentos, autopsias e imprevistos; ascendendo á cantidade de 211.447,91 pesetas, un 97,08% dos gastos en corrección pública. O ano de máis gasto corresponde ao 1915 con 31.354,46 pesetas, un 14,83% da etapa; mentres, o de menor gasto corresponde ao 1916 con 19.014,30 pesetas, un 8,99% (Táboa XXXIII, Anexo).

A evolución é á alza entre os anos 1910 e 1913, cun incremento do 1,54% no 1911 e outro do 0,60% no 1912. No 1913 invértese a tendencia, cunha diminución do 1,11%, que se recupera no ano seguinte incrementándose nun 3,20%, e noutro 1,43% no 1915. No ano 1916 volve a reducirse considerablemente o gasto, en concreto nun 5,84%, para recuperarse levemente no ano seguinte, cun aumento do 1,11%. Remata a etapa á alza, con outro incremento do 1,20% no ano 1918.

En segundo lugar figuran os gastos do Xulgado Municipal, que corresponden ao alugueiro do local que ocupa este, un total de 5.906,25 pesetas, un 2,71% dos gastos en corrección pública. O ano de máis gasto é o 1918 con 796,25 pesetas, un 13,48% da etapa, mentres que os menores gastos corresponden ao resto de anos da etapa, 638,75 pesetas por ano, un 10,81% anual (Táboa XXXIII, Anexo). A evolución é constante do ano 1910 ao 1917, producíndose un incremento do 2,67% no 1918.

En terceiro lugar, os gastos do Depósito Municipal engloban material, socorro a detidos pobres a razón de 0,50 pesetas diarias, alumeado e reparación de camas, un total de 462,50 pesetas, un 0,21% dos gastos en corrección pública. O ano de máis gasto é o 1918 con 62,50 pesetas, un 13,51% da etapa; mentres, o resto de anos da etapa son os de menos gasto, 50 pesetas por ano, un 10,81% anual (Táboa XXXIII, Anexo). Igual que no caso da partida anterior, a evolución é constante entre os anos 1910 e 1917, un 10,81% anual, incrementándose nun 2,70% no 1918.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En total, o investimento en corrección pública na etapa ascende á cantidade de 217.816,66 pesetas, un 9,96% dos gastos en servizos municipais. O ano de maior gasto corresponde ao 1915 con 32.043,21 pesetas, un 14.71% da etapa, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1916 con 19.703,05 pesetas, un 9,05% (Táboa XXIX e XXXIII, Anexo). A evolución é á alza entre os anos 1910 e 1912, con incrementos do 1,49% no 1911 e do 0,59% no 1912. No 1913 invértese a tendencia, reducíndose o gasto nun 1,08%, para recuperarse no ano seguinte, cun aumento do 3,10%, ao que se lle engade outro do 1,39% no 1915. O gasto volve a caer no ano 1916, reducíndose nun 5,66%, para rematar a etapa cunha leve recuperación, aumentado un 1,07% no 1917 e outro 1,22% no 1918.

E. Instrución pública

Compoñen este apartado en orde de importancia os gastos da Escola de Música, os alugueiros de edificios, os premios e subvencións e a instrución primaria, que pasa a ocupar o último posto dos gastos en instrución pública, mentres na primeira etapa ocupa o primeiro posto.

En primeiro lugar, os gastos da Escola de Música, compostos maioritariamente por persoal (soldo anual do Mestre Director e xornais do cadro de persoal da mesma) ascenden a un 50,85%, e material (gastos de material, adquisición de instrumentos e capotes para o director e alumnos da Academia) a un 4,20%. En total os gastos son de 89.426,25 pesetas, un 55,05% dos gastos en instrución pública na etapa (Táboa XXIX e XXXIV, Anexo). Estes contabilízanse desde o ano 1913, e o ano de maior gasto corresponde ao 1918 con 18.637,50 pesetas, un 20,84%; mentres, o ano de menor gasto corresponde ao 1913 con 13.088,75 pesetas, un 14,63%. A evolución é positiva nos dous primeiros anos, cun incremento do 0,79% no 1914, manténdose no ano seguinte. No 1916 volve a incrementarse un 0,92%, manténdose tamén no seguinte, para rematar a etapa cun aumento considerable de gasto do 3,94% no ano 1918.

En segundo lugar sitúanse os gastos en alugueiros de edificios, os mesmos que na primeira etapa; un total de 44.584,37 pesetas, o 27,44% dos gastos en instrución pública. O ano de máis gastos é o 1918 con 5.708,12 pesetas, un 12,80%; mentres, os de menor gasto van do 1911 ao 1915, con 4.816,25 pesetas por ano, un 10,80% anual (Táboa XXXIV, Anexo). A evolución tende á estabilidade entre os anos 1910 e 1917, con valores en torno ao 11% anual, cun aumento do 1,49% no 1918[247].

En terceiro lugar figuran os gastos en premios e subvencións, un total de 24.387,50 pesetas, un 15,01% dos gastos en instrución pública (Táboa XXXIV, Anexo). Estes gastos van destinados a subvencións á Escola de Artes e Oficios, a unha Escola particular na parroquia de San Xoán de Tirimol, e a partir de 1913 tamén a unha Escola particular na parroquia de San Vicente de Veral. Estes gastos contabilízanse a partir do 1911, e o de máis gasto corresponde ao 1918 con 3.687,50 pesetas, un 15,12%; mentres, os anos 1911 e 1912 son os de menos gasto con 2.750 pesetas por ano, un 11,28% anual. A evolución é crecente nos dous primeiros anos, cun incremento do 0,82%, para manterse en cifras ao redor do 12% do 1913 ao 1916. No ano 1917 increméntase o gasto nun 1,02%, e noutro 2% no 1918.

En cuarto e último lugar figura a instrución primaria, cun total de 4.055 pesetas, o que supón o 2,50% do total dos gastos en instrución pública. O ano de maior gasto corresponde ao 1913 con 878,75 pesetas, un 21,67%, mentres os de menos gasto van do 1914 ao 1917 con 260 pesetas, un 6,41% anual. A evolución do gasto é positiva ata o ano 1913, cun incremento do 6,78%, para inverterse a tendencia no 1914, descendendo os gastos nun 15,26%, manténdose

[247] Na *Memoria de 1917*, ponse de manifesto a notable mellora da Banda de música grazas os interese do director Antonio Martí e da Comisión. Ademais, o concello aboa os xornais dos obreiros que concorran á Escola de Música, como indemnización dos días que poidan perder por ensaio ou outros motivos.

nesta cifra ata o 1917. Remata a etapa cun leve incremento do 1,60% no ano 1918, lonxe da cifras do comezo da mesma.

O total de gastos en instrución pública ascenden á cantidade de 162.453,12 pesetas, o que representa un 7,43% dos gastos en servizos municipais. O ano de maior inversión corresponde ao 1918 con 28.358,12 pesetas, un 17,46% da etapa; mentres, o 1910 é no que menos se inverte, 5.470 pesetas, un 3,37%. A evolución é a alza en toda a etapa, así no 1911 increméntase o gasto nun 1,66%, manténdose no ano seguinte. No 1913 prodúcese un aumento importante do 8,35%, que se mantén nestas cifras ata o 1915. No 1916 segue a aumentar o gasto de maneira pouco significativa nun 0,49%, para situarse en torno ao 14% nos anos 1916 e 1917, rematando a etapa cun incremento do 2,92% no 1918, algo que acontece en todas as partidas de servizos municipais deste etapa, segundo se observa na Gráfica 32.

4.5.2.3 Gastos xerais

Como na primeira etapa, o apartado de gastos xerais componse dos soldos de empregados, recadación de impostos, material, quintas, censo, eleccións, Xunta Local de Reformas Sociais, subscricións e gastos menores e de representación. En total os gastos xerais da etapa son de 616.716,06 pesetas, un 9,34% dos gastos totais. O ano de maior inversión corresponde ao 1918 con 112.005 pesetas, un 18,16% da etapa, mentres que o 1910 é o de menor investimento, 52.577,65 pesetas, un 8,53% (Táboa XXXV, Anexo). A evolución do gasto na etapa experimenta un incremento do 1% no ano 1911, para manterse nestes niveis ata o 1915, ao redor do 9% anual. Nos tres últimos anos da etapa prodúcese un aumento considerable do gasto, incrementándose nun 4,46% no 1916, nun 0,79% no 1917, e noutro 3,80% no ano 1918 (Gráfica 33).

A. Soldos de empregados

Como na primeira etapa, os soldos dos empregados constitúen a principal partida de gastos xerais do concello. O gasto en soldos de empregados ascende á cantidade de 456.114,95 pesetas, un 73,96% dos gastos xerais do concello. O ano de maior gasto corresponde ao 1918 con 68.407,50 pesetas, un 15% da etapa; mentres que o 1910 é o de menor gasto con 46.033 pesetas, un 10,09% (Táboa XXXV, Anexo). A evolución tende á regularidade entre os anos 1910 e 1915, cun gasto anual ao redor do 10% anual. No 1916 prodúcese un incremento do 0,90%, manténdose nestas cifras no ano seguinte. Remata a etapa claramente á alza, cun aumento de gasto do 3,15% no ano 1918, como se observa na Gráfica 33.

B. Recadación de impostos

Os gastos da recadación de impostos contabilízanse a partir do 1913 e van destinados maioritariamente a gratificacións e soldos de persoal[248]. O resto de gastos son para material e outros necesarios para a recadación de impostos.

O total de gastos en recadación de impostos é de 90.212,85 pesetas, un 14,63% do gastos xerais do concello, o que constitúe a segunda partida detrás dos soldos dos empregados (Gráfica 33). O ano de máis gasto é o 1918 con 34.609,50 pesetas, un 38,36% da etapa, mentres que os anos que menos gastos comportan son o 1913, 1914 e 1915, con 1.225 pesetas por ano, un 1,36% anual % (Táboa XXXV, Anexo).

[248] Desde o 1913 ao 1915 comprenden a gratificación aos dous empregados escribentes da Secretaría, que se reduce a un desde 1916 ata final de etapa, cuxos empregados se encargan da formación dos padróns de cédulas persoais, carruaxes de luxo e da recadación do seu importe. O resto destínase a soldos e empregados nos apartados de solares, inquilinatos, bebidas espirituosas, carnes e axencia executiva. Este son cobradores, cabos, 24 axentes para vixilancia nas portas da muralla, nesta e nas rondas; axente, auxiliar e escribente. Nos anos 1917 e 1918 engádense axentes eventuais na época de degolo de porcos nos meses de xaneiro, outubro, novembro e decembro, así como persoal no apartado de negociado de arbitrios.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

A evolución da etapa presenta dúas fases claramente contratadas: unha primeira, que abrangue do ano 1913 ao 1915 estable, cun gasto anual baixo do 1,36%; na segunda fase, de 1916 a 1918, dispárase o gasto, cun incremento moi importante do 26,12% no 1916, outro do 2,60% no 1917, e un máis do 8,28% no ano 1918, evolución que reflicte a Gráfica 33.

Gráfica 33. Evolución dos principais gastos xerais no Concello de Lugo, 1910-1918



C. Material

Conforman este apartado os gastos en material de escritorios, os gastos para a conservación e reparación da Casa do Concello e de efectos e mobiliario desta. O total de gastos en material na etapa é de 45.456 pesetas, un 7,37% dos gastos xerais do concello. O ano de máis gasto corresponde ao 1918 con 7.125 pesetas, un 15,67% da etapa, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1914 con 3.890 pesetas, un 8,56% (Táboa XXXV, Anexo). A evolución é estable entre os anos 1910 e 1912, cun gasto ao redor do 10% anual. No 1913 redúcese o gasto nun 1,56%, manténdose nestas cifras no ano seguinte. A partir do 1915 recupérase o gasto cun incremento progresivo ata o ano 1918; así, increméntase un 1,74% no 1915, un 1,69% no 1916, un 0,97% no 1917, e un 2,71% no ano 1918.

D. Quintas

Os gastos no apartado de quintas van destinados a material para o alistamento xeral[249] e expediente para a Deputación Provincial, ao abono dos cargos que remita a Intendencia Militar e a Caixa de Recrutamento, ademais do pago de recoñecementos facultativos nas operacións de substitución militar.

Os gastos na etapa ascenden á cantidade de 11.715,11 pesetas, un 1,90% dos gastos xerais do concello. O ano 1911 é o de maior gasto con 3.465,11 pesetas, un 29,58% da etapa, mentres que os anos 1916 e 1917 son os de menor gasto con 600 pesetas por ano, un 5,12% anual (Táboa XXXV, Anexo). A evolución sofre un incremento importante do 19,34% no 1911, a partir do

[249] Na *Memoria de 1917*, consta o alistamento de 387 mozos, dos que foron excluídos 52 durante o período de rectificación, sorteando 335, resultando soldados 183, excluídos 53, exceptuados 23 e prófugos 76. Revisouse así mesmo as substitucións militares anteriores, sendo incluídos 131 mozos. Mentres, na *Memoria de 1918*, constan 379 mozos, dos que foron excluídos 62 no período da rectificación. Sortearon por conseguinte 317, dos que resultaron soldados é ingresaron en caixa de recrutas 173; 16 foron exceptuados do servizo en filas, e os restantes ata completar o número dos 317 foron declarados prófugos, excluídos total e temporalmente do servizo militar. Ademais, como resultado da revisión das substitucións anteriores, pertencentes aos anos 1911-13-14-15-16 e 17, foron declarados soldados 21 e ingresaron na caixa de recrutas de 1918.

cal descende na mesma porcentaxe, e torna a valores do 1910, manténdose nestes durante os anos 1912, 1913 e 1914, ao redor do 10% anual. No 1915 prodúcese un incremento do 2,56% anual, que volve a caer no ano seguinte, descendo nun 7,68% e manténdose no 1917. Remata a etapa inverténdose a tendencia, cun incremento do 1,28% no ano 1918.

E. Censo

Os gastos do censo de poboación son os que ocasione a formación do censo de habitantes de España a 31 de decembro de 1911, e a finalización do mesmo no ano seguinte. Só se contabiliza nestes dous anos, cun gasto total de 5.353,50 pesetas, un 0,87% dos gastos xerais do concello. Os gastos anuais non varían, 2.676,75 pesetas, un 50% anual (Táboa XXXV, Anexo).

F. Eleccións

Os gastos en eleccións van destinados á formación, revisión e demais operacións do censo electoral, así como ao restos de gastos que ocasionen as eleccións. Os gastos totais son de 4.125 pesetas, un 0,67% dos gastos xerais do concello (Táboa XXXV, Anexo). O ano de máis gastos é o 1918 con 625 pesetas, un 15,15% da etapa; mentres que os de menos gastos son o 1910 e o 1912, 300 pesetas por ano, un 7,27% anual. A evolución experimenta un incremento importante do 7,28% no 1911, volvendo a reducirse na mesma porcentaxe no ano seguinte. No 1913 increméntase nun 2,43%, manténdose no 1914. No ano 1915 volve a incrementarse nun 2,42%, manténdose tamén no 1917. Remata a etapa cun incremento final do 3,03%.

G. Xunta Local de Reformas Sociais

Os gastos da Xunta Local de Reformas Sociais van destinados a material, pago a vogais obreiros de 3 pesetas por cada sesión que asistan e demais indemnizacións. O total de gasto na etapa ascende á cantidade de 1.724,65 pesetas, un 0,28% dos gastos xerais do concello. O ano 1918 é o que contempla un maior gasto con 275 pesetas, un 15,95% da etapa, mentres que o ano 1910 é o de menor gasto con 69,95 pesetas, un 4,06% (Táboa XXXV, Anexo).

A evolución experimenta un incremento do gasto do 6,38% no 1911, que se mantén ata o ano 1914. No 1915 volve a aumentar o gasto nun 2,32%, manténdose ata o 1917. Remata a etapa cun novo incremento do 3,19% no ano 1918.

H. Subscricións

Os gastos en subscricións seguen a destinarse ás seguintes publicacións: *Gaceta de Madrid*, *Colección Legislativa de España* e *Consultor de los Ayuntamientos*. A partir do ano 1914 empezan a computarse os gastos que ocasione a publicación e distribución do *Boletín de Estatística municipal*, segundo dispón o artigo 5º, do RD de 29 de xuño de 1913[250].

En total na etapa os gastos son de 1.714 pesetas, un 0,28% dos gastos xerais do concello. Os anos 1918 e 1910 son os que máis e menos gastos contemplan; o primeiro 213 pesetas, un 12,43%, e o segundo 150 pesetas, un 8,75%, respectivamente. Na evolución o gasto increméntase nun 2,51% no 1911, para manterse así ata o ano 1917. Remata a etapa con outro aumento de gasto do 1,17% no 1918 (Táboa XXXV, Anexo).

[250] España. Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes. Real Decreto da Estatística das capitais de provincia de 1913, de 29 de xuño. La Gaceta de Madrid, 1 de xullo de 1913, núm. 182, pp. 7-8.

I. Menores e de representación

Os gastos menores van destinados a material. Só se contabilizan nos anos 1911 e 1912, cun gasto total de 300 pesetas, o 0,05% do gastos xerais do concello. Gástase a mesma cantidade en cada ano, 150 pesetas (Táboa XXXV, Anexo).

4.5.2.4 Obras municipais

As obras municipais seguen incluíndo as obras de nova construción e as obras públicas ou de conservación. Os gastos en obras municipais na etapa ascenden á cantidade de 538.506,58 pesetas, o que representa un 8,16% dos gastos totais. O ano de maior inversión corresponde tamén ao 1918 con 136.400,16 pesetas, un 25,33% da etapa; mentres, o ano que ten o menor gasto é o 1913 con 24.981,25 pesetas, un 4,64% (Táboa XXXVI, Anexo).

A evolución do gasto en obras municipais na etapa é á baixa nos catro primeiros anos, descendendo nun 4,82%. Así, partindo dun gasto anual do 9,46% no 1910, este descende nun 2,66% no 1911, un 0,94% no 1912, e outro 1,22% no 1913. A partir do ano 1914 invértese a tendencia, aumentando progresivamente o gasto ata o final da etapa, nun 20,69% en total (Gráfica 34). En concreto este aumenta un 2,67% no 1914, un 2,29% no 1915, un 1,63 no 1916, un 8,53% no 1917, e un 5,57% no ano 1918.



A. Obras de nova construción

As obras ex novo contabilízanse do ano 1910 ao 1912, e nos anos 1917 e 1918. En total, en obras de nova construción o concello gasta a cantidade de 123.200 pesetas, un 22,28% dos gastos en obras municipais, o que supón, como na primeira etapa, a maior partida dentro das obras do concello, tal e como se observa na Gráfica 34. Os anos de máis gasto son o 1917[251] e o 1918, un 30,99% e un 37,84%, respectivamente; mentres, o ano 1912 é o de menor gasto con 6.000 pesetas, un 4,87%.

Do 1910 ao 1912 contabilízanse gastos para as obras do Cuartel de Artillaría, cun total de 38.400 pesetas, un 31,17% (Táboa XXXVI, Anexo), cuxa construción xa se iniciara na etapa anterior. Nos anos 1917 e 1918 contabilízanse gastos para os obras do Campo da Feira, cun

[251] Neste ano acordouse designar ao arquitecto de Madrid, Lucio Bellido, para o proxecto de construción dun hospital. En: Concello de Lugo. (24 de febreiro de 1917). *Sesión supletoria*. AML (Sin. 7990.6), Lugo; *Memoria de 1917*.

total de 84.800 pesetas, un 68,83%. No 1917, os gastos para o Campo da Feira[252] son de 38.175 pesetas[253]. No ano 1918 os gastos son integramente para o Campo da Feira, cunha cantidade que ascende a 46.625 pesetas[254].

A evolución global das obras de nova construción, como se observa na Gráfica 34, é a baixa nos tres primeiros anos, cun descenso do gasto no ano 1911 do 1,94%, e do 7,31% no ano 1912; un 9,25% en total no trienio. Nos dous últimos anos a evolución é á alza, cun aumento de gasto do 6,85% debido ao novo Campo da Feira.

B. Obras públicas

Comprenden as obras de beirarrúas e empedrados, camiños veciñais e pontes, fontes e canos, mercado, sumidoiros, conservación de edificios, material, cemiterio e matadoiro.

No total da etapa, a evolución é positiva cun incremento do gasto do 23,54%. Os gastos en obras públicas na etapa son de 415.306,58 pesetas, un 77,12% das obras municipais do concello (Táboa XXXVI, Anexo). O ano de maior gasto corresponde ao 1918 con 89.775,16 pesetas, un 21,62% da etapa. Pola contra, o ano con menos gasto en obras públicas é o 1911 con 21.632,87 pesetas, un 5,21%. A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso de gasto do 2,87% no 1911, que se recupera parcialmente no ano seguinte, incrementándose nun 0,95%, que se mantén nestas cifras no 1913. A partir do ano 1914 a tendencia é á alza, cun incremento progresivo do gasto, que aumenta nun 3,46% neste ano, un 2,97% no 1915, un 2,11% no 1916, un 1,87% no 1917, e un 5,19% no ano 1918; en total o aumento é do 15,60% en todo o quinquenio.

B.1 Beirarrúas e empedrados

En beirarrúas e empedrados contémplase a construción e reparación de beirarrúas, empedrado e afirmado de rúas e estradas, dentro do que destacan: o empedrado da rúa do Conde Pallares (1910), a pavimentación da rúa da Raíña (1910, 1913, 1914, 1915), e a da Praza da Constitución (1913-1915), a reparación e reforma das beirarrúas e pavimentos da Praza de Santo Domingo (1915-1918), e a reforma do pavimento da rúa San Marcos (1915-1918).

Precisamente para minimizar estes gastos, o concello, a partir do ano 1910, publica dous bandos, aos que xa se fixo referencia, para regular o tránsito rodado de toda clase de vehículos pola vía pública e evitar danos sobre o pavimento das rúas. Aínda así, os gastos totais en beirarrúas e empedrados ascenden á cantidade de 182.114,29 pesetas, un 33,82% dos gastos en obras municipais. O ano 1918 é o de maior gasto con 43.101,17 pesetas, un 23,67% da etapa[255]; mentres que o 1911 é o de menor gasto con 6.000 pesetas, un 3,29% (Táboa XXXVI, Anexo).

---

[252] O proxecto do Campo da Feira aprobouse cun presuposto de 67.482,48, sendo o seu autor o enxeñeiro agrónomo Juan Eguileor y Orueta. Está no Leste da cidade, entre o Cárcere Modelo e o barrio de San Roque, cunha superficie de 12.000 metros, conta cunha entrada pola Ronda de Santiago, feita de ferro con dúas portas de 5 metros de ancho cada unha. Conta con cinco pavillóns cubertos de uralita e montados en columnas de ferro, que dispoñen dun corredor polo centro, que permite recoñecer os animais desde el, e no que se atopan as argolas para atar os animais. Ademais no exterior, hai una bebedeiro de 10 metros de largo, así como unha zona destinada a mercado porcino, tamén zona para as dependencias necesarias para a Inspección Veterinaria, así como unha báscula. En: Concello de Lugo. (21 de marzo de 1917). *Sesión supletoria para aprobación do proxecto do Campo da Fei*ra. AML (Sin. 7990.6), Lugo; *Memoria económica de 1917*.

[253] Esta cantidade divídese do seguinte xeito: 7.975 pesetas son para satisfacer as cantidades facilitadas como préstamo para a adquisición de terreos con destino ao Campo da Feira, a maiores 200 pesetas en concepto de intereses ao 5% anual, mentres que as restantes 30.000 pesetas son para o pago das propias obras. As 7.975 pesetas son para o banqueiro Pedro Romero, que facilitara o préstamo ao interese do 5% anual con destino á adquisición de terreos para o Campo da Feira. En: Concello de Lugo. (24 de febreiro de 1917). *Sesión supletoria*. AML (Sin. 7990.6), Lugo.

[254] Deste total, 33.300 pesetas van destinadas a pagar as obras, cantidade á que se lle engaden 13.325 pesetas destinadas tamén ao Campo da Feira, pertencentes ao primeiro trimestre de 1919. Forman parte desta última 5.000 pesetas, destinadas a satisfacer o primeiro prazo que vence no ano actual a conta do importe das obras de empedrado no Campo da Feira.

[255] Segundo consta na *Memoria de 1917*, obras destacadas deste ano foron: remate da pavimentación da rúa San Pedro, colocación de banquetas para postos de vendedores ambulantes na Praza de Abastos, inicio do derrubamento do arco existente

A evolución está marcada pola inestabilidade ao longo da etapa. Así, esta é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 8,73% no ano 1911. Recupérase parcialmente no ano seguinte, incrementándose o gasto nun 2,17%, para volver a caer no ano 1913 un 1,62%. Os anos 1914 e 1915 volve a incrementarse o gasto nun 4,39% e 7,97% respectivamente, para volver a reducirse nun 2,20% no ano 1916, e outro 0,73% no 1917. Remata a etapa cun importante incremento do gasto do 10,40% no ano 1918.

B.2 Camiños veciñais e pontes

A conservación de camiños veciñais e pontes contempla en total uns gastos que ascenden á cantidade de 101.181,67 pesetas, un 18,79% dos gastos en obras municipais (Táboa XXXVI, Anexo), nos que destacan os anos 1913, 1914, 1916, 1917 e 1918. Neste último ano, constrúese a estrada de Friol a Lugo, subvencionando o concello o 30% das obras[256]. O ano de máis gasto corresponde ao 1914 con 17.053,75 pesetas, un 16,85% da etapa; mentres, o ano con menor gasto é o 1915 con 6.685 pesetas, un 6,61%.

A evolución é á alza entre os anos 1910 e 1914, incrementándose progresivamente o gasto, en concreto un 3,75% no 1911, un 0,61% no 1912, un 2,82% no 1913 e un 3,67% no 1914, un 10,16% en total nestes cinco anos. No 1915 prodúcese un descenso brusco do gasto do 10,24%, que se recupera tamén progresivamente nos anos seguintes, aumentando un 2,47% no 1916, outro 2,47% no 1917, e un 4,38% no ano 1918.

B.3 Fontes e canos

Os gastos neste apartado contemplan a reparación, conservación e limpeza de canos e fontes públicas, a apertura de pozos públicos existentes en varias rúas da poboación, a construción de novas fontes e modificación das actuais e, a partir do ano 1915, a substitución do actual acueduto por tubaxe de ferro e gres, desde o nacemento ata a Porta de San Fernando, limpeza da existente dentro da poboación e análise das augas con motivo desta reforma[257].

O gasto total na etapa é de 57.425 pesetas, un 10,66% dos gastos en obras municipais. O ano de máis gasto é o 1918 con 17.125 pesetas, un 29,82% da etapa; mentres, o de menos gasto corresponde ao 1913 con 500 pesetas, un 0,87% (Táboa XXXVI, Anexo). A evolución parte de niveis baixos de gasto ata o 1914; arranca dun 1,39% no 1910, e mantense ao redor desta cifra ata o 1912, cun leve descenso do 0,87% no 1913, e unha tímida recuperación que serve para inverter a tendencia no 1914, aumentando un 1,74%. A partir do ano 1915 dispárase o gasto, cun incremento do 13,06% neste ano, do 1,74% no 1916, do 11,32% no 1917, e dun 1,09% no 1918, cun incremento total nestes catro anos do 27,21%.

B.4 Mercado

Os gastos do mercado van destinados á conservación da Praza de Abastos e do mercado de banquetas construído na rúa de Quiroga L. Ballesteros. Nos anos 1916 e 1917 tamén se destinan á construción dun novo mercado no solar que ocupou o frontón (10.000 pesetas anuais). O total de gasto na etapa ascende á cantidade de 34.315 pesetas, un 6,37% dos gastos en obras

entre o Palacio Episcopal e a Catedral, complementándose coa variación do pavimento das rúas do Bo Xesús e Santa María, modificándose á vez o Xardín chamado de "Frente Palacio", que se convirte nunha praciña. Mentres na *Memoria de 1918*, recóllense obras de substitución do pavimento dos soportais da Praza da Constitución, remate do derrubo do arco do Palacio, substitución da pavimentación da rúa do Bo Xesús, ou os xardíns cos que se transforma a Praza de San Fernando, obra do enxeñeiro Sr. Eguileor.

[256] O concello aporta 10.000 pesetas para esta estrada, que pasa por Alto e o Burgo, ata San Pedro de Mera, e que ten un recorrido de 14 quilómetros.

[257] Segundo conta na *Memoria de 1917*, debido principalmente á falta de materiais polas dificultades de transporte, non se puido rematar este proxecto.

municipais. Os anos de máis gasto corresponden ao 1916 e 1917 con 12.000 e 12.600 pesetas, respectivamente, un 34,97% e 36,72% da etapa. Pola contra, o ano de menor gasto é o 1915 con 750 pesetas, un 2,19% (Táboa XXXVI, Anexo).

A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 0,73%, que se mantén ata o 1913. No 1914 increméntase o gasto nun 3,94%, para volver a caer nun 4,66% no 1915. En 1916 dispárase o gasto nun 32,78%, aumentando outro 1,75% no ano seguinte. Remata a etapa cun descenso importante do 29,83% no ano 1918.

B.5 Sumidoiros

A reparación, limpeza e construción de novos sumidoiros ten uns gastos de 11.537,50 pesetas, un 2,14% dos gastos en obras municipais. Os anos de máis gasto son o 1911, 1912, 1913 e 1915, 1.500 pesetas por ano, un 13% anual. No outro extremo, o ano de menos gasto corresponde ao 1917 con 950 pesetas, un 8,23% (Táboa XXXVI, Anexo).

A evolución é á alza nos dous primeiros anos, cun incremento do 4,33% no 1911, que se mantén ata o 1913. En 1914 prodúcese un descenso do 2,60%, que se recupera no ano seguinte incrementándose na mesma porcentaxe, volvendo a reducirse de novo un 2,60% no 1916. En 1917 continua a tendencia á baixa, diminuíndo nun 2,17%, e a etapa remata cunha inversión da tendencia que fai que se incremente o gasto nun 2,06% no ano 1918.

B.6 Conservación de edificios

Os gastos na conservación de edificios municipais son de 9.700 pesetas, un 1,80% dos gastos en obras municipais (Táboa XXXVI, Anexo). O ano que contempla máis gastos é o 1918 con 6.500 pesetas, un 67,01% da etapa, xa que 6.000 destas destínanse para satisfacer o prazo que vence nese ano, a conta do importe das obras de reconstrución da porta da muralla, na rúa Emilio Castelar. No resto de anos o gasto é o mesmo, 400 pesetas por ano, un 4,12% anual. Polo tanto, na evolución a tendencia é estable entre os anos 1910 e 1917, incrementándose nun 62,89% no 1918, que coincide co incremento do gasto no total da etapa[258].

B.7 Material

Os gastos de material de obras da Administración ascenden á cantidade de 7.145 pesetas, un 1,33% dos gastos en obras municipais. O ano de maior gasto corresponde ao 1918 con 1.250 pesetas, un 17,49% dos gastos na etapa, mentres que os anos de menor gasto van do 1911 ao 1913 con 400 pesetas por ano, un 5,60% anual (Táboa XXXVI, Anexo).

A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do gasto do 4,13%, que se mantén nesta cifra ata o 1913. O 1914 experimenta un importante incremento de gasto do 8,40%, que se mantén ata o 1917. Remata a etapa con outro aumento de gasto do 3,49%.

B.8 Cemiterio

Os gastos do cemiterio van destinados ás reparacións necesarias nos cemiterios xeral e civil, e a maiores, no ano 1915, asígnanse 2.000 pesetas para o pago das obras de construción dun local para os coches fúnebres no terreo propiedade do concello, contiguo ao cemiterio civil.

Os gastos totais son de 6.312,50 pesetas, un 1,17% dos gastos en obras municipais. O ano 1915 é o de maior gasto con 2.500 pesetas, un 39,60% da etapa, mentres que o 1917 é o que menos gastos contempla, 250 pesetas, un 3,96% (Táboa XXXVI, Anexo).

[258] Aceptáronse as bases para a cesión ao ramo de Guerra do edificio *Asilo das Mercedes*, e acordouse proceder á inscrición do edificio no rexistro da propiedade, e designar ao notario Pedro Menéndez para o outorgamento da escritura. En: Concello de Lugo. (11 de agosto de 1917). *Sesión supletoria*. AML (Sin. 7990.6), Lugo.

A evolución é regular entre os anos 1910 e 1914, cun gasto do 7,92% anual. En 1915 prodúcese un importante incremento do 31,68%, para volver a reducirse na mesma porcentaxe no ano seguinte. En 1917 continua a tendencia á baixa, cun descenso do 3,96%, inverténdose a tendencia no ano 1918, cun aumento de gasto do 4,95%.

B.9 Matadoiro

Os gastos do matadoiro van destinados a encalado, pintura, colocación de cristais e demais obras de conservación deste. Os gastos totais ascenden á cantidade de 5.575,62 pesetas, un 1,04% dos gastos en obras municipais (Táboa XXXVI, Anexo). O ano de maior gasto corresponde ao 1918 con 1.562,50 pesetas, un 28,02% dos gastos da etapa, debido ás obras de reparación necesarias na cuberta e dependencias do matadoiro. Pola contra, o ano que menos gastos contempla é o 1910 con 250 pesetas, un 4.48%.

A evolución é á alza nos dous primeiros anos, cun incremento do gasto do 12,79%. En 1912 invértese a tendencia cun descenso do 10,99%, que se mantén neste valor ata o 1915. No ano 1916 volve a recuperarse o gasto, incrementándose nun 6,27%, e manténdose no ano seguinte. Remata a etapa con outro aumento importante do 15,47%.

4.5.2.5 Montes

Os gastos en aproveitamentos de montes proceden integramente de aproveitamentos forestais. Estes consisten no pago do imposto do 10% dos aproveitamentos forestais dos montes a cargo do Ministerio de Facenda, e outro 10% dos que están a cargo do Ministerio de Fomento. A cantidade de gasto é de 4.949,84 pesetas, un 0,07% dos gastos totais na etapa. O ano de máis gasto corresponde ao 1918 con 740,96 pesetas, un 14,97% da etapa; mentres, o ano 1915 é o de menor gasto con 79,20 pesetas, un 1,60%, como indica a Táboa 38.

A evolución é estable entre os anos 1910 e 1914, con cifras que roldan o 12% de gasto anual. En 1915 prodúcese un brusco descenso do 10,38% debido a que neste ano só se contabiliza o pago dos aproveitamentos forestais dos montes a cargo do Ministerio de Fomento, tal e como se observa na Gráfica 35. No 1916 recupérase o gasto, incrementándose na mesma porcentaxe e manténdose no ano seguinte. Remata a etapa cun aumento do gasto do 2,99% no ano 1918.

Táboa 38. Gastos en aproveitamento de montes do Concello de Lugo, 1916-1918

Concepto/ano	1910	1911	1912	1913	1914	1915	1916	1917	1918	Total (pesetas)
Aproveita-mentos forestais	583,38	587,61	587,61	592,77	592,77	79,20	592,77	592,77	740,96	4.949,84
% sobre o total	11,79	11,87	11,87	11,98	11,98	1,60	11,98	11,98	14,97	100

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



4.5.3 Balance da etapa e impacto social

Nesta segunda etapa a situación económica torna a negativa, debido a un desequilibrio entre ingresos e gastos. Os primeiros ascenden á cantidade de 5.101.023,26 pesetas, mentres que os gastos son de 6.603.190,44 pesetas, o que pon de manifesto un déficit de 1.502.167,18 pesetas, como permiten observar os datos da Táboa 39. Nesta etapa xa non se recorre ao préstamo para cubrir o déficit orzamentario, o que deixa en descuberto as contas do concello, pero non por iso minguan os ingresos e gastos do mesmo, simplemente non se materializa a suposta situación de equilibrio económico da primeira etapa debida ao endebedamento desta.

Táboa 39. Ingresos e gastos do Concello de Lugo, 1910-1918

Ingresos	Total (pesetas)	% sobre o total	Gastos	Total (pesetas)	% sobre o total
Impostos	3.720.137,82	72,93	Cargas	3.255.159,41	49,30
Servizos municipais	1.201.889,91	23,56	Servizos municipais	2.187.858,55	33,13
Ingresos extraordinarios	132.087,15	2,59	Gastos xerais	616.716,06	9,34
Propios	46.908,38	0,92	Obras municipais	538.506,58	8,16
			Montes	4.949,84	0,07
Total (pesetas)	5.101.023,26	100	Total (pesetas)	6.603.190,44	100

O principal aporte económico do concello seguen a ser os impostos (Gráfica 36), dividíndose estes en recursos para cubrir o déficit e impostos municipais. Os primeiros constitúen a partida máis importante, igual que na primeira etapa, ingresando a considerable cifra de 3.003.526,99 pesetas, o que representa un 58,88% de todos os ingresos. Dentro destes, o máis importante é a recarga no imposto de consumos, que se suprime de forma progresiva a partir do ano 1911. En total, a cantidade recadada é de 1.346.270,82 pesetas, o que supón un 44,82% dos recursos para cubrir o déficit. A partir de 1916 contabilízanse unha serie de impostos substitutivos do de consumos, que son o Repartimento xeral, o arbitrio sobre carnes, o arbitrio sobre inquilinatos, o arbitrio sobre a venda de bebidas espirituosas, espumosas e alcohois; o abono do Estado polo 20% do que recade por contribución industrial, e outro 20% do que recade por contribución urbana, o arbitrio sobre solares, e a recarga do 100% sobre o imposto de Timbre do Estado nos billetes de espectáculos públicos. A cantidade recadada por

USC DE COMPOSTELA

estes é de 714.684,47 pesetas, un 23,79% dos recursos para cubrir o déficit, e que os sitúa en segundo lugar cuantitativo dentro destes. Os máis importantes son o repartimento xeral e o arbitrio sobre carnes, que ingresan 226.422,42 e 213.438,40 pesetas, respectivamente, representando un 61,54% dos impostos substitutivos do de consumos.



Completan o apartado, pero con menos recadación e por orde descendente, o imposto de cédulas persoais, a recarga na contribución de subsidio, os arbitrios extraordinarios, a recarga na contribución de inmobles, a recarga no imposto de gas e electricidade, o imposto sobre casinos e círculos de recreo e o imposto de carruaxes de luxo, un 31,39% en total.

Os impostos municipais, inda que a distancia dos anteriores, tamén constitúen unha aportación importante para o concello, recadando un total de 716.610,83 pesetas, un 14,05% dos ingresos. Dentro destes, a principal aportación procede do matadoiro con 265.414,12, seguida a pouca distancia polos postos públicos con 247.051,58 pesetas, como xa acontecía na primeira etapa, representando o 71,51% dos impostos municipais. Completan o apartado, con moita menos recadación que os anteriores e en orde decrecente, os cemiterios, as prestacións persoais, as carruaxes e carros de transporte, a policía urbana, os reintegros de subministracións ao Exército, as certificacións e selo municipal, as multas, as licenzas de construción, os documentos de vixilancia e os establecementos públicos, en total un 28,49%.

Por detrás dos impostos en nivel de recadación, sitúanse os servizos municipais, como se observa na Gráfica 36, e a diferenza do que acontecía na primeira etapa na que ocupaban o terceiro posto por detrás dos ingresos extraordinarios. Estes presentan un marcado carácter social e seguen a conformarse pola beneficencia, a corrección e instrución públicas. En total, aportan a cantidade de 1.201.889,91 pesetas, un 23,56% dos ingresos. O apartado de beneficencia é o que máis recada con 1.013.499,58 pesetas, un 84,33% dos servizos municipais. Estes proceden do Hospital de San Bartolomé e da Casa Municipal de Beneficencia. O restante 15,68% procede fundamentalmente do repartimento entre os concellos do partido no caso da corrección pública, e dunha inscrición intransferible na instrución pública.

O terceiro aporte económico do concello, a moita distancia dos dous anteriores, constitúeno os ingresos extraordinarios, cun total de 132.087,15 pesetas, un 2,59% dos ingresos. As principais partidas proceden da cesión e venda de parcelas da vía pública, 58.000 pesetas, e da subvención concedida para as obras de asfaltado do pavimento da rúa de San Marcos e obras

USC DE COMPOSTELA

de saneamento da traída de augas, 53.664 pesetas; ambas aportan un 84,54%. O restante 15,46% procede, en orde cuantitativa decrecente, da policía urbana, os eventuais e imprevistos e os legados, donativos e mandas.

En cuarto e último lugar figuran os ingresos procedentes de propios (Gráfica 36). Estes aportan a cantidade de 46.908,38 pesetas, un 0,92% dos ingresos, a maior parte procedentes de inscricións intransferibles.

No apartado de gastos, en primeiro lugar sitúanse as cargas do concello, a diferenza da primeira etapa na que ocupaban o primeiro posto os servizos municipais. Estas supoñen un gasto de 3.255.159,41 pesetas, un 49,30% dos gastos. Dentro destas, a principal constitúea o continxente provincial para cubrir o déficit da provincia, que ascende á cantidade de 2.542.614,92 pesetas, un 78,11% das cargas. Xa a distancia, figuran os créditos recoñecidos, co 18,60% de gasto, entre os que se salienta o pago de intereses á *Compañía Anónima Alumbrado Eléctrico de Lugo*. Completan as cargas, en orde cuantitativa decrecente, subvencións, subministracións ao Exército, funcións e festexos, contribucións e impostos, pensións, expropiacións e censos correntes, en total un 3,30% do gasto de cargas.

En segundo lugar sitúanse os gastos en servizos municipais con 2.187.858,55, un 33,13% dos gastos, segundo se observa na Gráfica 37. Os principais gastos, como na primeira etapa, constitúenos a beneficencia municipal e a policía urbana e rural con 803.842,66 e 717.510,16 pesetas respectivamente; entre ambas un 69,54% dos servizos municipais. Igual que na primeira etapa, dentro da beneficencia a maior parte do gasto vai destinado ao Hospital de San Bartolomé e á Casa Municipal de Beneficencia, e na policía urbana e rural ao alumeado eléctrico. Xa a distancia, e en orde cuantitativa decrecente, sitúanse os gastos nos apartados de policía de seguridade e a corrección e instrución públicas, con gastos destinados fundamentalmente a persoal, un 30,47%.



En terceiro lugar en orde de gasto figuran os gastos xerais do concello. Estes ascenden á cantidade de 616.716,06 pesetas, un 9,34% dos gastos totais. A principal partida, como na primeira etapa, vai destinada a soldos de empregados, 456.114,95 pesetas, un 73,96% dos gastos xerais. Séguelle a distancia a recadación de impostos, destinados fundamentalmente a gratificacións e soldos, con 90.212,85 pesetas, un 14,63%. Completan o apartado en orde cuantitativa decrecente, as partidas de material, quintas, censo, eleccións, Xunta Local de

Reformas Sociais, subscricións e gastos menores e de representación; en total un 11,42% dos gastos xerais.

En cuarto lugar sitúanse os gastos en obras municipais. Estas divídense en obras de nova construción e obras públicas ou de conservación. O gasto das primeiras ascende á cantidade de 123.200 pesetas, un 1,87% dos gastos totais e un 22,88% das obras municipais. O gasto destínase ao Cuartel de Artillaría entre os anos 1910 e 1912 e ao Campo da Feira no 1917 e 1918. As obras públicas contan cun gasto de 415.306,58 pesetas, un 6,29% dos gastos totais e un 77,12% das obras municipais. As partidas principais de gasto van destinadas a beirarrúas e empedrados e a camiños veciñais e pontes, 182.114,29 pesetas e 101.181,67 pesetas, respectivamente, entre ambas supoñen un 52,61% dos gastos en obras públicas. Complétase o apartado, en orde cuantitativa decrecente, coas obras de fontes e canos, mercado, sumidoiros, conservación de edificios, material, cemiterio e matadoiro; en total un 24,51% do gasto en obras públicas.

O quinto e último apartado contempla os gastos de montes (Gráfica 37). Estes ascenden á cantidade de 4.949,84 pesetas, un 0,07% dos gastos totais. O destino é o pago de impostos de aproveitamentos forestais.

A valoración da evolución económica na etapa lévanos a concluír que o principal aporte do Concello de Lugo seguen a ser os impostos. A pesar de engadirse un novo imposto municipal que son as prestacións persoais, contabilizándose entre os anos 1913 e 1915, o concello volve a recorrer á recarga sobre impostos estatais e a outros impostos, ao igual que na primeira etapa. Porén a supresión progresiva do imposto de consumos a partir do ano 1911, fará que a partir do 1916 se contabilicen novos impostos substitutivos deste, como compensación para evitar a perda do principal aporte económico.

As outras fontes de financiación do concello distan moito desta; no caso dos servizos municipais, estes mantéñense polo seu carácter de cobertura social, xa que non se compensan cos gastos que repercuten. Subliñar tamén a desaparición dos ingresos por montes, o que é pouco significativo, xa que a súa aportación era moi baixa na primeira etapa.

No apartado de gastos, as cargas son o máis oneroso para o concello, lastrado polo pago do continxente provincial e créditos para pago de obras e intereses do subministro de luz eléctrica. Ao anterior é preciso sumarlle o enorme gasto en servizos, entre os que destacan os sociais, destinados fundamentalmente ao mantemento das dúas institucións sociais por antonomasia, que son o Hospital de San Bartolomé e a Casa Municipal de Beneficencia. A maiores, os gastos da garda municipal, do Cárcere do Partido Xudicial e da Escola de Música son os máis representativos dentro no resto de servizos municipais.

Os gastos en obras contemplan as do Cuartel de Artillaría e o Campo da Feira, o empedrado da rúa do Conde Pallares, a pavimentación da rúa San Pedro, rúa da Raíña, Praza da Constitución, a reforma do pavimento da rúa San Marcos, a reforma de beirarrúas e pavimentos da Praza de Santo Domingo, e o camiño veciñal desde o quilómetro 1º da Estrada de Lugo a Friol ata San Pedro de Mera, de 14 quilómetros; e outras de conservación da Praza de Abastos, mercado de banquetas, sumidoiros, edificios municipais, cemiterios e matadoiro, levadas a cabo a pesar do déficit económico do concello.

A evolución socioeconómica do concello céntrase en catro ámbitos fundamentais que se retroalimentan, que son: o mercado da carne como actividade principal, os prezos dos produtos de primeira necesidade ou subsistencias, a carga impositiva crecente e a conflitividade social; todo elo mediatizado por unha conflagración bélica a nivel mundial.

A I Guerra Mundial pon de manifesto os desaxustes da economía española, xa que o período de bonanza desta conta cun alcance limitado debido as diverxencias rexionais e a súa desigual repercusión nos diversos grupos sociais (Villares Paz e Moreno Luzón, 2016, pp. 442-

USC DE COMPOSTELA

443). As vantaxes logradas polo posición neutral de España supoñen unha aceleración cara a conversión de España nun país industrializado, cun aumento da conflitividade social e cun sistema político débil, que semella incapaz de dar o salto do liberalismo oligárquico á democratización, véndose obrigado a recorrer cada vez máis ao Exército (Tusell, 2000, p. 266).

A I Guerra Mundial tamén terá repercusións nos mercados e consecuentemente nos prezos dos alimentos; así, en agosto de 1914 xa constan noticias que falan da preocupación das consecuencias da guerra europea e como afectará isto ás subsistencias en España, pola interrupción do comercio de trigos en Europa, o que previsiblemente provocará o acaparamento[259]. Por iso, o Goberno establece reducir unha peseta por cada 100 quilos os dereitos de importación do centeo e a 50 céntimos os do millo, e restablece os dereitos de arancel dos trigos e a súa fariña cando os prezos nos mercados reguladores de Castela estean a 29 pesetas o quilo, durante un mes[260]. Ademais, a Cámara de Comercio de Lugo interpela ao Goberno central para que actúe para frear o aumento do paro, que provoca o retorno dos obreiros a Lugo debido a que hai industrias que pechan; isto pode provocar unha crise social que se agravará pola falta de subsistencias[261].

Na *Memoria económica de 1916*, xa se deixa constancia de que como consecuencia da guerra europea escasean algúns recursos, mentres que os ingresos do concello se viron diminuídos. Estas consecuencias negativas tamén quedan de manifesto nas *Memorias económicas de 1917 e 1918,* nas que se insiste na falta e no elevado prezo das subsistencias, ou nos problemas de transporte.

Como consecuencia da guerra prodúcense, polo tanto, problemas de abastecemento, carencia nas subsistencias e acaparamento de alimentos; para buscar unha solución, o Goberno establece a creación das Xuntas provinciais de subsistencias. Estas créanse nas capitais de provincia e deberán preguntar aos posuidores de trigo, centeo e millo e das súas fariñas, canta cantidade almacenan para saber do que dispón a provincia, e poderá fixar un prezo regulador dos produtos que decida, estableceéndose multas por ocultar e acaparar mercadorías, tendo a Xunta a capacidade de solicitar a incautación de alimentos no caso da necesidade de abastecemento[262].

A pesar destas medidas, o problema do abastecemento é unha constante na cidade o que provoca conflitividade social desde 1915, e por iso o Centro Obreiro realiza continúas protestas e convoca folgas, nas que chega a haber detidos e ser necesaria a intervención da Garda Civil[263].

Desde xaneiro de 1917, xa hai unha taxa para a fariña e pan de trigo para o que se publica un bando coas novas tarifas[264], o que non evita que no 1918 continúe a falta de alimentos e prezos moi altos; por iso a Xunta de Subsistencias intenta conter os prezos das patacas, dos ovos e do pan, e a tal fin o concello conta cunha panadería reguladora na Praza de Abastos cos prezos establecidos pola Xunta e prohibe exportar patacas, ovos, touciño e centeo fóra da

[259] Pan y trabajo. (13 de agosto de 1914). *La Voz de Galicia*, p. 1.
[260] Del Gobierno civil. (17 de agosto de 1914). *El Progreso*, p. 1.
[261] A falta de traballo da clase obreira, tamén foi un dos motivos que impulsou a proposta dunha nova liña ferroviaria que unira Lugo con Pontevedra, o que non só melloraría as comunicacións, senón tamén crearía postos de traballo. En: Fontes presupostos; La crisis del trabajo en Lugo. (13 de agosto de 1914). *El Progreso*, p. 2.
[262] España. Ministerio de Facenda. Real Orde para a creación das Xuntas provincias de subsistencias de 1915, de 6 de marzo. La Gaceta de Madrid, 7 de marzo de 1915, núm. 66, pp. 732-733; Las subsistencias. (10 de marzo de 1915). *El Progreso*, p. 2.
[263] Por exemplo, o Centro Obreiro denuncia xa o acaparamento de alimentos en outubro de 1915, o que provoca a falta de patacas, fabas e garavanzos; por iso, o Centro Obreiro critica ás autoridades ante tal desinterese polo que convoca unha manifestación para o 17 de outubro, e acorda ir ao paro en todos os oficios no caso de que as autoridades non tomen medidas para solucionar este problema. En: Notas obreras. (10 de outubro de 1915). *El Progreso*, p.2.
[264] La cuestión de las subsistencias. (1 de xaneiro de 1917). *El Progreso*, p.1; Las subsistencias en Lugo: bando de la alcaldía. (21 de xaneiro de 1917). *El Progreso*, p. 1.

cidade[265]. Aínda así comísase mercadoría e prohíbese a venda destes produtos fóra da cidade ao longo de todo este ano en numerosas ocasións.

Con todo, os problemas mantéñense todo o 1918 con importante presenza feminina nas protestas[266], e en decembro deste ano sucédense varios días de protestas e disturbios que se inician con motivo da falta de subsistencias e que se amplían coa convocatoria dunha folga xeral, que afecta a todos os oficios, polo que se encarga ao Exército o abastecemento do pan[267]. Debido á duración do conflito, a Cámara de Comercio solicita á alcaldía e á Xunta de Subsistencias unha serie de medidas para solucionalo, como: prohibir a exportación de castañas, patacas, touciño e ovos fóra da capital, supresión dos intermediarios e das taxas oficiais, ou vixiar que os pesos se fagan correctamente[268].

As medidas da Xunta de Subsistencias tamén afectan á carne, xa que debido á cantidade de toneladas de carne de porco exportada desde as estacións de ferrocarril da provincia de Lugo para Madrid, esta prohibe esa exportación para evitar o desabastecemento na provincia[269]. Aínda así parece que esta medida non soluciona o problema, porque en abril do mesmo ano se insiste en que os exportadores venden en exceso fóra e non deixan carne dabondo en Lugo, por iso se lle volve a pedir á Xunta de Subsistencias unha limitación[270].

Os efectos da guerra tamén se deixaron sentir na exportación de gando. No que respecta ao gando mular e cabalar, prohíbese a exportación deste gando por consideralo como contrabando, por iso a Cámara de Comercio de Lugo solicita ao Goberno que faga unha excepción coa rexión galega, xa que o gando que sae de aquí non serve para a guerra[271].

A exportación de gando vacún tamén se viu afectada pola guerra. As Cámaras de Comercio galegas dan conta da baixada na cotización e na demanda de vacún desde o inicio da guerra europea. Con respecto á exportación desde Galicia ao interior de España, esta é crecente ata o ano 1913. No 1914 redúcese en 22.452 cabezas, o que corta a evolución á alza como reflicten os datos da Táboa 40, por iso se pide ao Goberno a autorización de exportación de bois e vacas con destino a países neutrais cun límite de 6.000 cabezas, evitando así problemas de desabastecemento pero, ao mesmo tempo, isto beneficiará aos gandeiros galegos[272].

---

[265] Nas *Memorias de 1917 e 1918*, faise constar a existencia desta panadería reguladora, así como a creación de depósitos de ovos para que non faltara tampouco este produto nos mercados.

[266] Un grupo de mulleres asaltou o camión que saía pola porta de San Pedro con sacos de fabas, que a Xunta de Subsistencias permitira exportar, pero a falta de alimentos; as mulleres romperon os sacos a navallazos e tivo que actuar a Garda Civil a pé e a cabalo; además tamén foron atacados varios comercios e o Gobernador tivo que ser escoltado polas forzas de seguridade. As fabas volveron á Praza de Abastos para venderse na cidade tralos sucesos. En: Los sucesos de ayer. (20 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[267] Constan conflitos protagonizados por mulleres, que lanzaron pedras ao negocio dun acaparador que trataba de exportar lá; el respondeu con tiros ao aire e tivo que intervir a Garda Civil. Ademais, varios mozos recorren as rúas con berros contra os acaparadores e algúns negocios pechan para evitar ser atacados. O Centro Obreiro celebra asemblea contra o acaparamento e á saída os obreiros protagonizan enfrontamentos coa Garda Civil, que lles pide disolverse. Hai varios detidos.

[268] Las subsistencias en Lugo: el precio del pan. (19 de novembro de 1917). *El Norte de Galicia*, p. 3; A propósito de las subsistencias. (13 de xaneiro de 1918). *El Progreso*, p.1; En el Centro Obrero: una asamblea contra los acaparadores. (15 de agosto de 1918). *El Progreso*, p.2; De Cora, A. No hay patatas. (11 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 1; La Junta de Subsistencias. (11 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 2; Los sucesos de ayer: otra vez el motín. (1 de decembro de 1918). *El Progreso*, p. 1; Después de los sucesos: la huelga general. (5 de decembro de 1918). *El Progreso*, p.1; Graves sucesos en Lugo. (1 de decembro de 1918. *La Voz de Galicia*, p. 1; Los conflitos de las subsistencias. (4 de decembro de 1918). *La Voz de Galicia*, p. 1.

[269] España. Ministerio de Facenda. Real Decreto do Regulamento da Xunta Suprema Central de Subsistencias de 1916, de 24 de novembro. La Gaceta de Madrid, 25 de novembro de 1916, núm. 330, pp. 470-474; Las carnes de cerdo en Lugo. (9 de febreiro de 1918). *La Voz de Galicia*, p. 1.

[270] Las subsistencias. (13 de abril de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[271] En 1913 saen case 8.000 cabezas, sendo Lugo a estación ferroviaria desde a que máis se facturaron, cun total de 3.486 cabezas. En: Rof Codina, J: Galicia Pecuaria. (19 de novembro de 1914). *La Voz de Galicia*, p. 1.

[272] En 1914 o boi cebón cotizaba a 1,75 pesetas de media quilo/canal, en 1915 facíao a 1,65 pesetas, mentres que a vaca cebada varía desde as 1,65 de 1914 ás 1,60 pesetas do ano seguinte. En: Rof Codina, J: Galicia Pecuaria: la exportación de ganado vacuno. (31 de xaneiro de 1915). *La Voz de Galicia*, p. 1.

No ano 1915 recupérase a exportación, cun aumento de 23.034 cabezas, volvendo a caer no 1916 en 24.112 cabezas. A etapa remata á alza, cun aumento de 13.384 cabezas no ano 1917, e outro máis importante de 43.973 cabezas no 1918, acadando a cota máxima da etapa con 189.099 cabezas exportadas. O valor desta exportación calcúlase en base ao prezo medio por quilo vivo; este mantense estable nos dous primeiros anos, aumentando 0,13 pesetas no 1912, para volver a reducirse nos dous anos seguintes en 0,16 pesetas. Os catro últimos anos rematan á alza, cun aumento de maneira progresiva do prezo, incrementándose en 0,28 pesetas en total, e acadando o seu máximo no ano 1918 cunha peseta por quilo (Táboa 40).

Táboa 40. Exportación de gando vacún por ferrocarril desde Lugo ao interior de España, 1910-1918[273]

	Nº reses desde estación de Lugo	Peso vivo por quilos	Valor (pesetas)	Prezo medio por quilo vivo (pesetas)
1910	104.338	23.482.020	17.785.600	0,75
1911 [274]	105.119	24.212.200	18.172.750	0,75
1912	124.869	27.163.740	23.967.840	0,88
1913	155.272	36.823.100	27.324.500	0,74
1914	132.820	33.983.280	24.502.200	0,72
1915	155.854	39.747.600	31.400.604	0,79
1916	131.742	33.878.880	29.135.837	0,86
1917	145.126	39.371.300	36.221.596	0,92
1918	189.099	54.761.380	54.761.380	1
TOTAL	1.244.239	313.423.500	263.272.307	Media 0,82

Así pois, e pese as consecuencias negativas da guerra mundial, o mercado da carne segue a ser o motor económico do concello nesta etapa, como acontecía na primeira; ademais, a importancia do mercado da carne en Lugo acada sona a nivel nacional, contando co apoio e recoñecemento de destacadas autoridades para a ampliación e profesionalización do mesmo[275]. A expansión do mercado da carne para Lugo plásmase en novas infraestruturas ligadas ao mesmo, como un mercado no solar do antigo frontón nas inmediacións da Praza de Abastos en 1915[276], e as obras do Campo da Feira nos anos 1917 e 1918[277]. A construción do Campo da Feira reflicte esta expansión económica do concello, e soluciona os problemas coa localización das feiras que se producían na primeira etapa; ademais, a diferenciación, nalgúns casos, dos

[273] Elaboración propia a partir destas fontes: Rof Codina, J.: Lugo y la industria pecuaria. (5 de outubro de 1911). *La Voz de Galicia*, p. 1; Rof Codina, J.: Galicia pecuaria: La exportación de ganado vacuno. (31 de xaneiro de 1915). *La Voz de Galicia*, p. 1); Rof Codina, J. Galicia pecuaria. Ante el problema de la carestía de la carne. (22 de marzo de 1917). *La Voz de Galicia*, p.1; Rof Codina, J. Galicia pecuaria: graves peligros amenazan a nuestra ganadería. (13 de xaneiro de 1918). *La Voz de Galicia*, p. 1; El ganado gallego: hacen falta vagones. (3 de febreiro de 1918). *La Voz de Galicia*, p. 1; Ganados y carnes. (25 de outubro de 1918). *La Voz de Galicia*, p. 4; Carreras y Candi, F. (dir.). (1928). *Geografía General del Reino de Galicia. Reino de Galicia*. (Vol. I). Barcelona: Casa editorial Alberto Martín, p. 352.

[274] Contabilízanse unha exportación de 170.000 reses na provincia enteira, cun valor de 26 millóns de pesetas.

[275] Agradecemento do trato dispensado en Madrid ao alcalde e secretario, tanto dos deputados a Cortes, señores Quiroga Coffin e Martín Fernández e Bustelo, que na súa viaxe á Corte contaron co apoio do señor Ministro de Facenda, Fiscal do Supremo e directores xerais de obras públicas e Correos, dándolles facilidades para o logro das súas xestións para organizar un concurso de ganados con motivo da inauguración do novo Campo da Feira, solicitando a este fin unha subvención do Ministerio de Fomento. En: Concello de Lugo. (24 de febreiro de 1917). *Sesión supletoria*. AML (Sin. 7990.6), Lugo.

[276] Na *Memoria de 1916*, indícase que este novo mercado de banquetas, chamado de "Quiroga Ballesteros", rematouse a finais de 1915; é un edificio cerrado e cuberto, mide aproximadamente 1000 metros cadrados e reúne boas condicións, como tamén as ten a praza de abastos. Segundo consta na *Memoria de 1917*, a praza de abastos conta con tres pavillóns paralelos unidos por outro perpendicular a aqueles, divididos en 56 postos cerrados. Ten catro patios, onde hai instaladas unhas banquetas de mármore comprimido, montadas sobre pés de fundición, que se destinan a vendedores ambulantes ou que non poden pagar un posto fixo, xa que o prezo dos postos cerrados oscila entre as 0,75 pesetas e as e 1,75 pesetas diarias.

[277] As obras do Campo da Feira motivaron a felicitación por diversas entidades, como o Consejo provincial de Fomento e a Cámara de Comercio, ademais do unánime aplauso do pobo ao Alcalde e á Corporación.

días de feira en función da clase do gando ou produto do que se trate, así como a creación dunha nova feira, tamén son proba deste crecemento[278].

Por outro lado, a importancia do mercado da carne tamén se fai evidente coa recadación de impostos, pois o matadoiro ocupa o primeiro posto dentro dos impostos municipais, cun incremento das tarifas do matadoiro entre os anos 1914 e 1918. Séguelle en importancia recadadora a comercialización deste e outros produtos, tanto na Praza de Abastos como nas rúas, prazas e mercados. Incluso dentro dos impostos substitutivos do de consumos se crea un arbitrio sobre carnes, cuxos ingresos, só existentes nos anos 1916, 1917 e 1918, non se afastan apenas dos do matadoiro ou dos postos públicos, que si se contabilizan na totalidade desta etapa (Táboa XX, Anexo e Táboa 37).

Xunto ao mercado da carne, o prezo dos produtos constitúen outro indicador imprescindible da situación socioeconómica, constando xa noticias no ano 1911 nas que se indica que existe unha gran desproporción entre salarios, xornais e prezos dos produtos de primeira necesidade[279].

Na evolución dos prezos dos cereais, o do trigo mantense estable nos dous primeiros anos cun prezo de 3,50 pesetas (Táboa XXXVII, Anexo). En 1912 redúcese 0,50 pesetas, para recuperarse novamente no ano seguinte. No 1914 volve a diminuír 0,25 pesetas, rematando a etapa con valores á alza, aumentando 0,75 pesetas no 1915, outras 0,50 pesetas no 1916 que se reducen no ano seguinte, finalizando a etapa cun incremento importante de 1,75 pesetas no ano 1918, acadando o valor máximo con 5,75 pesetas.

Os prezos do millo seguen unha evolución similar aos do trigo, manténdose en 3,50 pesetas ata o ano 1914. En 1915 aumenta o prezo en 0,50 pesetas, manténdose no ano seguinte, rematando a etapa tamén á alza, cun incremento de 0,25 pesetas no 1917 e 1 peseta no 1918, no que acada o seu valor máximo con 5,75 pesetas. O millo escasea en 1918 e por iso se importa desde a Arxentina, comprando para a cidade a Cámara de Comercio 30 vagóns, cantidade que resulta insuficiente, polo que, como indica a Táboa XXXVII do Anexo, os prezos do millo no 1918 alcanzan o prezo máis alto da década[280].

No caso do centeo a evolución é tamén similar, se ben parte de valores máis baixos, 2,50 pesetas ata o ano 1912. No 1913 aumenta o prezo en 0,50 pesetas, para reducirse 0,25 pesetas no ano seguinte, recuperándose no 1915. O final da etapa é claramente á alza, cun aumento do prezo de 0,35 pesetas no 1916, 0,15 pesetas no 1917 e 0,75 pesetas no ano 1918, acadando o valor máximo con 4,25 pesetas.

O prezo da cebada parte dos mesmos valores que os do centeo, experimentando unha baixada de 0,75 pesetas no 1912, no que acada o seu prezo mínimo con 1,75 pesetas. Recupérase no 1913 aumentando 1 peseta, manténdose practicamente no ano seguinte. Os anos 1915 e 1916 redúcese en 0,45 pesetas, para rematar a etapa á alza, cun aumento de 0,25 pesetas no 1917 e 1,25 pesetas no 1918, no que acada o seu valor máximo con 3,75 pesetas.

No caso das patacas o prezo varía en función da colleita e tamén da época do ano, xa que é habitual que o prezo se incremente no mes de maio debido a que mingua a oferta. Na etapa o prezo por quilogramo parte de 4,75 pesetas no ano 1910, cun aumento de 1,75 pesetas no 1911, reducíndose 1,50 pesetas no ano seguinte. No 1913 volve a incrementarse o prezo en 2,25 pesetas, acadando o valor máximo da etapa con 7,25 pesetas, continuado cunha traxectoria

[278] Nas *Memorias de 1917 e 1918* indícase que as feiras de gando vacún de celebran os primeiros e penúltimos venres de cada mes; o de porcos os martes e venres, os de leña e palla os mércores e sábados, mentres que no 1918 se crea unha nova feira mensual de toda clase de ganados, que se celebrará os días 12 de cada mes, adxudicándose varios premios aos mellores exemplares que se presenten.

[279] La Prensa. (5 de xullo de 1911). *El Progreso*, p. 1.

[280] En el Gobierno Civil. (19 de maio de 1918). *El Progreso*, p. 2.

ondulante nos anos seguinte. Así, redúcese en 1,25 pesetas no 1914 e aumenta 1 peseta no ano seguinte. Os tres últimos anos son claramente á baixa, cun descenso do prezo de 0,50 pesetas no 1916, outras 0,50 pesetas no 1917, e 0,75 pesetas no ano 1918.

A evolución do prezo da ducia de ovos é á alza ata o ano 1917, así dunha peseta no 1910 chega a 1,85 pesetas no 1917. Remata a etapa cunha inversión da tendencia, reducíndose o prezo en 0,25 pesetas.

A manteiga parte dun prezo estable de 1,25 pesetas a libra nos dous primeiros anos, aumentando 0,20 pesetas no 1912 e manténdose no ano seguinte nun prezo similar a este. En 1914 experimenta unha baixada de 0,20 pesetas para retornar ao prezo do primeiro bienio. Remata a etapa cun incremento do prezo de 0,25 pesetas, que se mantén ata o final da mesma.

A evolución do prezo das fabas é irregular, partindo de 4 pesetas no 1910, aumentando unha peseta no ano seguinte, para volver a reducirse na mesma cantidade no 1912. En 1913 continua a tendencia oscilante de prezos, aumentando 1,75 pesetas, que se reduce en 1,25 pesetas no ano seguinte, subindo 0,50 pesetas no 1915 e outras e 2 pesetas no 1916, no que acada o prezo máximo con 7 pesetas. Remata a etapa cun descenso de 1,75 pesetas no 1917, que se recupera no ano 1918, acadando outra vez o prezo máximo de 7 pesetas.

O prezo das castañas non varía moito ao longo da etapa, con prezos que parten de 1,50 pesetas nos dous primeiros anos, cun descenso de 0,10 pesetas no 1912, a partir do cal se recuperan e se manteñen á alza ata o ano 1916, no que acadan o prezo máximo con 1,90 pesetas. Remata a etapa cun descenso de 0,15 e 0,20 pesetas respectivamente nos dous últimos anos.

Finalmente, o prezo da libra de touciño oscila entre as 1,25 e 1,50 pesetas ao longo de toda a etapa, sendo estes prezos os do comezo e remate da mesma, respectivamente.

A evolución destes prezos permítennos concluír que o touciño e a manteiga son os produtos que manteñen uns prezos practicamente iguais que na primeira etapa, mentres que no resto de produtos si se produce un incremento nesta segunda etapa. Por outro lado, nunha valoración global, observamos un aumento do prezo dos cereais a partir do ano 1914 (Gráfica 38), polo que as medidas da Xunta de Subsistencias, como a panadería reguladora, non tiveron os efectos esperados. As fabas soben de prezo a partir do 1913, mentres que os ovos, as patacas e as castañas son os tres únicos produtos cuxos prezos descenden ao final da etapa, inda que no último caso de maneira pouco significativa, o que é indicativo do aumento da oferta nos anos finais da guerra. Outros produtos como a manteiga e o touciño manteñen os seus prezos ao longo da etapa.

Gráfica 38. Evolución dos prezos por quilogramo dos principais produtos básicos no Concello de Lugo, 1910-1918



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Polo que se refire ao prezo da carne, a tendencia xeral é a alza (Gráfica 38 e Táboa XXXVII, Anexo), pasando das 1,73 pesetas do ano 1910 ás 2,15 pesetas de 1918; unha tendencia á alza que non sempre repercutiu no prezo de venda para o gandeiro.

No ano 1911, Juan Rof Codina, Inspector Provincial de Hixiene, considera que Lugo é a provincia que ten máis básculas instaladas (no 1917 xa son 14, fronte ás 2 da Coruña)[281], que tamén é a provincia na prima a organización tanto das feiras, como dos gandeiros para protexer os seus intereses fronte aos dos intermediarios, debido ao cooperativismo[282]. Con todo, opina que a falta de carne é unha problemática habitual das principais cidades galegas[283], motivada pola excesiva exportación, os arbitrios sobre as carnes[284], o papel dos intermediarios ou a falta de gran a bo prezo, e máis neste momento debido ao encarecemento dos dereitos arancelarios do trigo.

Por todo isto, Rof Codina propón que a solución para baixar o prezo da carne non é facilitar a importación de gando da Arxentina, medida que se estaba levando a cabo, senón abaratar os prezos no transporte desde Galicia a Madrid e Barcelona, principais centros de exportación, así como eliminar intermediarios e suprimir o proteccionismo dos cereais, co que se podería alimentar máis cantidade de reses e a mellores prezos, aumentando a oferta de carne tanto dentro dos mercados galegos, como noutros interiores de España[285].

Na Asemblea Agraria de Monforte de 1910, ponse de manifesto a importancia do sector cárnico en Lugo, recoñecendo o labor de apoio da Deputación de Lugo aos labregos[286]. Nesta asemblea insístese na importancia da venda do gando por peso en vivo, pero que o transporte se faga en canal, xa que así non se producirían as perdas que se dan no transporte en vivo[287]. Por iso, proponse establecer un matadoiro industrial en Lugo para abastecer ao frigorífico de Bilbao e desde alí exportar a Madrid e Barcelona, porque no transporte en vivo as perdas sitúanse entre o 15 ou 20% segundo clase. Neste sentido á necesidade dun matadoiro e de vagóns frigoríficos, engádeselle tamén a de transportar os animais en camións ata Lugo, xa que así a perda no peso en vivo se reduciría a menos do 5%. A deficiencia nas liñas ferroviarias repercute negativamente para os gandeiros, xa que fai que o gando cebado recorra a pé longas distancias para poder embarcalo no tren, que desde a estación de Lugo sae diariamente con destino Barcelona. Pero dadas as condicións nas que chega á estación e os tres días de traslado ata Barcelona no tren, cada animal pode perder ata 50 quilos de peso[288].

Nesta etapa, a pesar de levarse a cabo unha renovación da estación de ferrocarril mellorando as súas instalacións, así como noutros sistemas de comunicación dentro da propia estación como os correos ou o telégrafo[289], o que dá mostra da importancia do transporte por

[281] Rof Codina, J.: La producción bovina en Galicia. (18 de xuño de 1917). *La Voz de Galicia*, p.1.
[282] Rof Codina, J.: Causas de la carestía de la carne. (11 de xullo de 1911). *La Voz de Galicia*, p. 1-2.
[283] Lugo consome de media 285 quilos de carne de vacún, e 2.900 porcos son sacrificados na cidade. En: Lo del inquilinato: no hace falta arbitrio. (1 de febreiro de 1916). *El Norte de Galicia*, p. 1.
[284] As tarifas deste arbitrio eran: 0,15 pesetas/quilo na carne de vaca, cabras e ovellas, mentres que no porco era de 0,18 pesetas/quilo, na manteiga e nos embutidos de 0,28 pesestas/quilo. En: Lo del inquilinato: no hace falta arbitrio. (1 de febreiro de 1916). *El Norte de Galicia*, p. 1.
[285] Rof Codina, J.: El precio de la carne y la producción de Galicia. (21 de abril de 1910). *La Voz de Galicia*, p.1.
[286] A Deputación de Lugo estableceu 18 paradas de toros sementais por iniciativa, entre outros, de Rof Codina, posto que segundo a súa opinión, para unha boa evolución da gandaría galega cara o futuro é importante facer unha correcta selección de reprodutores, e non só ver os rendementos inmediatos das exportacións aos mercados de Madrid e Barcelona. En: Rof Codina, J.: Ganadería gallega. (17 de outubro de 1910). *La Voz de Galicia*, p. 1.
[287] Barreiro, A.: Galicia Agraria: La Asamblea de Monforte. (16 de agosto de 1910). *La Voz de Galicia*, p. 1.
[288] Rof Codina, J.: Galicia pecuaria: El matadero industrial en Lugo, no precisa frigorífico. (26 de abril de 1914). *La Voz de Galicia*, p. 1.
[289] Para mellorar as condicións do transporte por ferrocarril, o concello acorda coa Compañía do Norte o arranxo do patio exterior da estación do ferrocarril e almacéns, así como aumentar o persoal de Correos e Telégrafos na estación. En: Concello de Lugo. (11 de agosto de 1917). *Sesión supletoria*. AML (Sin. 7990.6), Lugo.

ferrocarril para o Concello de Lugo; aínda así, as denuncias polas deficiencias no transporte de gando por ferrocarril seguen a ser unha constante, o que nos leva a inferir que as medidas implantadas na primeira etapa non tiveron os efectos esperados.

En 1917, a Sociedade de Labradores de Lugo convoca unha manifestación polos problemas no transporte do gando, xa que non hai suficientes vagóns para este e as reses viaxan amontoadas[290]; por iso, xa en 1916 o presidente da Deputación de Lugo solicita ao Goberno a modificación do proxecto ferroviario da vía Lugo-Ribadeo, pedindo que se constrúa con vía dun metro, pasando por Vilalba e Mondoñedo, e que esta vía sexa eléctrica[291], o que facilitaría o transporte de gando.

A organización da exportación do gando en cooperativo desde Lugo, pon de manifesto a importancia deste sector na provincia e, ao mesmo tempo, configúrase como un intento dos gandeiros de facer fronte aos intermediarios, cuxo papel repercutía negativamente nos seus beneficios. Así, as Federacións de Sociedades Gandeiras de Lugo, formada polos sindicatos de Lugo, Pol, Castroverde, Pastoriza, O Páramo, O Corgo, Vilaméa, Vilaodriz e Baleira, teñen báscula e acordan enviar entre todas dous vagóns de gando semanais a Barcelona, cunha venda en cooperativo no ano 1911. Cada agrupación federada comprométese a un número de reses semanal; estas pesaranse tanto no punto de orixe, como na estación de Lugo para comprobar a perda de peso no transporte por estrada, e tamén se volve a pesar en vivo en Barcelona. A Federación, no momento de pesar o animal, xa paga ao gandeiro, a razón de 0,71 pesetas/quilo vivo de media. Coa diferenza que exista entre o prezo de compra e venda, liquidaranse gastos, ademais os resultados presentaranse trimestralmente, e cada Sociedade da Federación, en función dos quilos entregados, reparte eses beneficios entre os socios. Deste xeito elimínanse os intermediarios, elemento clave segundo Rof Codina para conseguir rebaixar o prezo da carne, e tamén para que o gandeiro consiga un mellor prezo, solucionando tamén así a falta deste produto[292]. Porén, no ano 1918 vólvese a poñer de manifesto o poder do monopolio dos intermediarios, neste caso sobre a exportación de gando a Barcelona, xa que realizan un acordo coa alcaldía desta cidade co que vetan a exportación directa en cooperativo que viña facendo a Federación de Sociedades Gandeiras; isto reduce os beneficios para os gandeiros, baixando o prezo por tenreiro entre 25 e 30 pesetas[293], recuperándose dalgún xeito aquel trust gandeiro que xa existira na primeira etapa.

A pesar de todas estas iniciativas, o problema da carencia da carne é unha constante en toda esta etapa e, no ano 1916, Rof Codina volve a solicitar ao Goberno a supresión dos aranceis sobre o millo como unha solución[294]. Outro problema que se mantén en toda a etapa como consecuencia da carencia é o elevado prezo da carne para o consumidor, aínda que o prezo de venda das reses baixase. Isto acontece con frecuencia porque os carniceiros soben os prezos e, ademais, manipulan os pesos[295], situación que tamén acontecía na primeira etapa. Así as cousas, a alcaldía vese na obriga de intervir en numerosas ocasións para negociar cos carniceiros e conseguir rebaixar o prezo da carne para os consumidores[296].

---

[290] El problema de los transportes: La exportación de los ganados gallegos. (21 de novembro de 1917). *El Progreso*, p. 1.

[291] Tapia y Rivas, E.: El ferrocarril de Lugo a Ribadeo por Villaba y Mondoñedo. (23 de setembro de 1916). *La Voz de Galicia*, p. 2.

[292] Rof Codina, J.: Cooperativismo rural. (26 de xullo de 1911). *La Voz de Galicia*,p.1.

[293] Rof Codina, J.: Galicia pecuaria: Graves peligros que amenazan a nuestra ganadería. (12 de xaneiro de 1918). *La Voz de Galicia*, pp. 1-2.

[294] Rof Codina, J.: Galicia Pecuaria: Sexto concurso de ganados de Carballo. (26 de setembro de 1916). *La Voz de Galicia*, p.1.

[295] En 1911, os carniceiros soben ata 40 céntimos o quilo de carne, mentres que os prezos para os gandeiros baixan, ademais os carniceiros manipulan os pesos e por iso se pide unha normativa reguladora ao Concello de Lugo, como a de Ourense. En: El precio de la carne: subida injustificada. (13 de xuño de 1911). *El Norte de Galicia*, p. 3.

[296] En 1911, conséguese unha rebaixa de 0,10 pesetas en quilo, mentres que en 1917 a rebaixa é de 0,20 a 0,30 pesetas/quilo. En: De la Alcaldía. (4 de xaneiro de 1912). *El Progreso*, p. 2; La vida en Lugo y en todas partes. (14 de setembro de 1917). *El*

En definitiva, os temas son recorrentes para a mellora económica do gandeiro de carne de vacún: mellores transportes, vagóns frigoríficos, eliminación de intermediarios, comercialización a España en réxime de cooperativa e eliminación de aranceis para os grans, conseguindo así aumentar o número de gando dispoñible e reducir a carencia da carne.

Toda esta problemática repercutirá directamente no prezo da carne para o consumidor ao longo de toda a etapa, facendo que este sexa inestable; de 1,70 pesetas nos anos 1910, 1913 aumenta a 1,85 pesetas no 1915, ata superar as 2 pesetas por quilo nos anos 1911, 1912, 1916, 1917 e 1918 (Táboa XXXVII, Anexo).

Nunha comparativa a nivel galego, observamos que a tendencia xeral é que os prezos do mercado de Lugo estean por debaixo que noutros concellos, o que leva á incautación de produtos que os campesiños tratan de levar fóra da cidade para vendelos noutros mercados da contorna a prezos máis elevados, o que estaba prohibido. Ademais, como tamén acontece en Lugo, as diferentes alcaldías interveñen para conter os prezos dos produtos de primeira necesidade, como o trigo.

No Concello de Ourense, en 1910, o centeo, millo e o trigo están 2,50 pesetas máis caras que en Lugo, mentres que a cebada está 2 pesetas máis cara e as patacas en Ourense dobran o prezo ás de Lugo[297]. En 1916, figuran todos os produtos máis caros en Ourense, desde as 2,50 pesetas das fabas, as 2,60 do millo, as 4,50 do centeo ou as 7,50 das patacas[298]. O mesmo que acontece no Concello de Lugo, a alcaldía intervén para solucionar os problemas coas subsistencias[299].

No Concello de Vigo consta tamén o problema das subsistencias, especialmente no caso das fariñas, como acontece no caso de Lugo[300].

No Concello de Pontevedra, tanto en 1910 como en 1912 os prezos dos cereais están máis caros que no de Lugo; concretamente no 1910 o trigo e o centeo están 1 peseta máis altos, mentres que o centeo está 0,50 pesetas máis caro[301]. E en 1912, 1,50 pesetas no caso do trigo e ata 7,50 pesetas máis a cebada, figurando o millo ao mesmo prezo[302]. En 1916, o trigo está 0,70 pesetas máis caro en Pontevedra e o centeo 0,90 pesetas; o millo está igual, pero as patacas están 3,50 pesetas máis caras en Lugo, e as fabas, 3 pesetas[303]. Faise constar o elevado prezo da vida para a clase obreira, porque os prezos ata se chegaron a quintuplicar nalgúns produtos como o bacallau ou patacas, e as autoridades non actúan[304]. Un dos motivos do elevado prezo do trigo é que se cultiva pouco en Galicia. Ourense dedica a este cultivo tres milésimas do seu terreo, cinco Pontevedra e sete Lugo[305]. Igual que no Concello de Lugo, prodúcense protestas

Progreso, p. 1; Los tablajeros en el Ayuntamiento. (1 de novembro de 1917). *El Progreso*, p. 1; La carne de ternera: rebaja en el precio. (4 de novembro de 1917). *El Progreso*, p. 1.

297 Sección de Lugo. (31 de xaneiro de 1910). *Boletín agrícola de la región de Galicia y Asturias*, núm. 49, p. 2-3.

298 Sección de Lugo. (marzo de 1916). *Boletín agrícola de la región de Galicia y Asturias*, núm. 123, p. 2-3.

299 En 1918, 500 persoas protestan polo prezo das subsistencias, piden rebaixa no prezo do pan e nos transportes, así como desenvolvemento de obras públicas. Intervén a alcaldía para a solución. En: García: De Orense: una manifestación. (5 de febreiro de 1918). *La Voz de Galicia*, 5 de febreiro de 1918, p. 1.

300 En 1915 o xornal di que que se "agrava a cuestión das subsistencias" e que sobe o prezo do pan. En: (2 de marzo de 1915). *Noticiero de Vigo*, p. 2. En 1918 o Concello de Vigo tratou da cuestión das subsistencias para esixirse á Xunta de Subsistencias que fixase unha taxa para as fariñas e así conseguir abaratalas. En: Las subsistencias. (5 de febreiro de 1918). *El Diario de Pontevedra*, p. 2.

301 Apuntes noticieros. (2 de marzo de 1910). *El Diario de Pontevedra*, p. 2.

302 Apuntes noticieros. (9 de marzo de 1912). *El Diario de Pontevedra*, p. 2.

303 Sección Pontevedra. (marzo de 1916). *Boletín agrícola de la región de Galicia y Asturias*, núm. 123, p. 3-4.

304 El problema de las subsistencias. (13 de abril de 1916). *La libertad*, p. 1.

305 Vincenti, E.: El problema de las subsistencias. (26 de outubro de 1917). *El Diario de Pontevedra*, p. 1.

polas subsistencias[306], intervindo tamén a alcaldía para intentar solucionar o problema das exportacións clandestinas, con especial atención tamén ás fariñas[307].

No Concello de Santiago, en 1911, están máis caros os prezos que en Lugo; estes van desde as 1,15 pesetas do trigo ata as 3 pesetas máis caras que están as patacas, ou as 1,50 pesetas das fabas; pola contra, os ovos están algo máis caros en Lugo (0,15 pesetas)[308]. En 1916, os prezos seguen máis caros que en Lugo, desde as 1,50 pesetas das fabas, á peseta máis cara que está o trigo ou as 0,75 pesetas do millo[309]. Tamén constan problemas coas subsistencias, así en 1917 os panadeiros reclaman á Xunta de Subsistencias que actúe ante o elevado prezo do pan, e que debe actuar para volver aos prezos de antes da guerra, porque os actuais son moi elevados[310]; ademais o problema agrávase polos intermediarios e hai que evitar as exportacións fóra da cidade[311]. No 1918, os prezos son algo máis altos en Santiago: 2 pesetas nas fabas, 3 pesetas nas castañas, 4 pesetas nas patacas e 0,50 pesetas nos ovos[312].

No Concello da Coruña, en 1910, o millo dobra o prezo con respecto ao de Lugo, o centeo está 2,50 pesetas máis caro, o trigo está 3,50 pesetas máis caro e as patacas están 7 pesetas máis caras que en Lugo[313]. En 1916, amplíase a superficie de trigo e pataca con respecto a outros anos debido ao alto prezo que acadan os cereais[314] e tamén a Asociación General Patronal da Coruña, no nome dos gremios fabrís mercantís e industriais, pide ao Goberno a posibilidade de acuñar moeda divisionaria de 7 céntimos para limitar o prezo das subsistencias[315]. Os prezos destas xeran conflitividade social no ano 1918, derivando en episodios de asalto a barcos no porto para facerse coas mercadorías destes[316].

O Concello do Ferrol non estivo exento dos problemas derivados dos prezos das subsistencias, producíndose motíns reclamando o abaratamento destas, cunha importante presenza feminina nas protestas[317], como aconteceu tamén en Lugo e noutros concellos.

Tamén en relación coa I Guerra Mundial os problemas dos outros concellos son os mesmos que os de Lugo: protestas pola subida dos produtos de primeira necesidade, pola carencia deles ou porque non se respecta a taxa establecida, motivo polo que as alcaldías teñen que intervir para chegar a acordos; estas protestas nalgúns casos duran varios días e fan necesaria a intervención da forza pública.

---

[306] En 1915 celébrase un mitin obreiro de 500 persoas para protestar polo problema da falta de subsistencias, pedindo medidas para regular os prezos dos produtos de primeira necesidade. En: El mitin de ayer. (22 de marzo de 1915). *El Diario de Pontevedra*, 22 de marzo de 1915, p. 2.

[307] En 1918 o alcalde colabora coa Xunta de Abastecemento para controlar as exportacións clandestinas de fariña, millo, pescado e ovos, impoñendo multas e unha taxa ás fariñas. En: Las Subsistencias. (7 de febreiro de 1918). *El Diario de Pontevedra*, p. 2.

[308] Mercado en Santiago. (22 de abril de 1911). *Noticiero de Vigo*, p. 3.

[309] Crónica local. (23 de novembro de 1916). *El Correo de Galicia*, p. 3.

[310] Las Subsistencias. (12 de febreiro de 1917). *El Correo de Galicia*, p. 3.

[311] Declaraciones. (29 de marzo de 1917). *El Correo de Galicia*, p. 3.

[312] Crónica local. (11 de xaneiro de 1918). *El Correo de Galicia*, 11 de xaneiro de 1918, p. 2.

[313] Sección de la Coruña. (31 de xaneiro de 1910). *Boletín agrícola de la región de Galicia y Asturias*, núm. 49, p. 2.

[314] Sección de la Coruña. (febreiro de 1916). *Boletín agrícola de la región de Galicia y Asturias*, núm. 122, p. 2.

[315] La moneda de siete céntimos. (28 de xaneiro de 1916). *Galicia nueva: periódico regional, primer diario de Villagarcía*, p. 1.

[316] En 1918 grupos numerosos de mulleres e nenos asaltaron vapores no porto e fixéronse coas mercadorías que contiñan, entre elas fabas, patacas e ovos; a cidade estivo en total desorde durante varias horas e foi necesaria a intervención das forzas da Garda Civil de cabalería. En: Las Subsistencias. (20 de xaneiro de 1918). *Galicia nueva: periódico regional, primer diario de Villagarcía*, p. 2.

[317] En 1918, as mulleres maniféstanse e amotínanse para pedir o abaratamento dos produtos de primeira necesidade, algúns comercios pechan, outros son apedrados ou asaltados; as mulleres tamén se concentran no porto e na estación de ferrocarril para evitar que nos cargamentos saíran produtos de primeira necesidade da cidade. Duran varios días os sucesos e estendéronse a Narón e Neda e sáldanse cun morto e seis feridos. En: Ildefonso: Los conflictos de las subsistencias: desórdenes en Ferrol. (12 de marzo de 1918). *La Voz de Galicia*, p. 1.

USC

O cuarto elemento que marca a evolución socioeconómica do Concello de Lugo é a repercusión social do sistema impositivo, especialmente dos consumos, cuxas consecuencias sociais, ao igual que na etapa anterior, non desencadean practicamente motíns de consumos, pero si numerosas protestas e atentados ou incidentes con vixilantes de consumos dos que dan proba os xuízos que se celebran, que na maioría dos casos rematan sen condenas por falta de probas claras; o Centro Obreiro realiza numerosas protestas de xeito constante, coas que nalgúns casos se conseguen algunhas melloras[318].

O único motín de consumos propiamente dito que consta son unha serie de protestas a finais de xaneiro de 1911, que comezan por non permitirlles a entrada ás leiteiras á cidade; estas protestan cunha manifestación que obriga a pechar comercios, na que se producen tumultos e se detén a dúas leiteiras, feito que agrava e alarga a protesta, e fai necesaria a presenza da Garda civil de cabalaría e infantaría para vixiar as rúas e evitar novas protestas. Como consecuencia desta protesta esténdense os problemas de abastecemento de leite, carne ou leña porque os vendedores non asisten ao mercado; por exemplo no barrio da Ponte fórmase un cordón de xente case ata Calde para impedir esa entrada de subministracións. O Centro Obreiro, a Cámara de Comercio e a Sociedade de Labradores interveñen para chegar a unha solución co Concello, na que acordan que os arrendatarios de consumos cobren a antiga tarifa da leña de 1,75 pesetas (vixente desde o 1 de xaneiro a nova), sendo o concello quen lles aporta a diferenza 0,38 pesetas, e ademais non se fará efectivo o imposto sobre material de construción, nin se cobrará aos vendedores da Praza de Abastos mentres non haxa espazo cuberto[319]. Como resposta a estas protestas e para mellorar as condicións dos vendedores, como xa se indicou, inaugúrase un novo mercado pechado no antigo solar do frontón, cerca da Praza de Abastos, en setembro de 1915[320].

A chamada Lei de Consumos determina a supresión progresiva ao longo de cinco anos deste imposto. O Concello de Lugo acorda substituír os consumos desde o 1 de xaneiro de 1916, substituíndoos polo imposto de inquilinato e carnes salgadas, e preparan outros repartos de contribucións[321]. O imposto de inquilinato foi polémico; así, o xornal *El Norte de Galicia* publica varios artigos contra este imposto, cuxa base é a renda declarada polos propietarios que producía un inmoble, sobre o que o concello pode gravar ata o 15% o valor desa renda para os inquilinos. Considera este xornal que isto producirá aumento do prezo dos alugueiros, o que non será equitativo e ademais o concello conta con outros medios de recadación. Ante a insistencia das publicacións, o propio alcalde realiza unha defensa deste imposto a través dos xornais, que acabaría entrando en vigor[322]. Debido a que a supresión dos consumos se produce de maneira progresiva, seguen as protestas ata o ano 1916 inclusive[323].

---

[318] Ábrese un parte de incoación por defraudar o imposto de consumos a dous matrimonios (catro persoas). En: En la Audiencia. (21 de marzo de 1910). *El Norte de Galicia*, p. 3; Instrúese un sumario por lesións inferidas ao garda de consumos Antonio Gandoy. En: En la Audiencia. (12 de novembro de 1910). *El Progreso*, p.3; Detéñense dúas persoas por agredir a un garda de consumos para non pagar o imposto. En: Lugo. (29 de setembro de 1911). *El Progreso*, p. 2; Xúlgase a outro home por resistirse a pagar na Porta da Estación o arbitrio de rodaxe de 10 céntimos que lle esixía o vixilante de consumos; retírase a acusación. En: D´Orca: Crónica judicial: cosas del odioso impuesto. (8 de decembro de 1911). *El Progreso*, p. 1; Encarcéranse dúas persoas por atentado contra un empregado de consumos. En: Ecos. (10 de setembro de 1913). *El Progreso*, p. 2; Finalmente son atacados cinco gardas de consumos e un deles resulta ferido, cando un individuo pretendía entrar na cidade cun quilo de xamón sen pagar. En: Ecos de Lugo. (16 de marzo de 1915). *El Progreso*, p.2.

[319] Lo de Consumos: sigue el conflicto. (27 de xaneiro de 1911). *El Progreso*, p. 1; El conflicto de los consumos. (28 de xaneiro de 1911). *El Regional*, p. 2-3; Lo de Consumos: en vías de solución. (30 de xaneiro de 1911). *El Progreso*, p. 1; Lo de Consumos: conflicto terminado. (30 de xaneiro de 1911). *El Progreso*, p. 2.

[320] La ciudad. (6 de setembro de 1915). *El Regional*, p. 2; Ecos de Lugo. (6 de setembro de 1915). *El Progreso*, p. 1.

[321] Los Consumos: se suprimen. (25 de outubro de 1915). *El Progreso*, p.1.

[322] Lo del inquilinato: no hay que alarmarse. (20 de xaneiro de 1916). *El Norte de Galicia*, p. 1; Lo del inquilinato. (27 de xaneiro de 1916). *El Norte de Galicia*, p. 1; El arbitrio de inquilinato: una aclaración oficiosa (26 de xaneiro de 1916). *El Progreso*, p. 1.

[323] O Centro Obreiro solicitou ao Concello que unha vez finalizado o contrato de arrendo se supriman os consumos sen prórroga. En: Notas Obreras. (29 de maio de 1915). *El Progreso*, p. 1; Os labradores solicitan a devolución dun total de 22.000 pesetas

En conclusión, ao longo desta etapa, estas protestas contra os consumos mestúranse e confúndense, en ocasións, coas protestas sociais pola carencia das subsistencias ou o elevado prezo delas como consecuencia da guerra mundial. O conflito bélico non é o único acontecemento nacional que ten incidencia na vida do Concello de Lugo, pois tamén hai outros como a crise de 1917 ou a Gripe de 1918, que tamén deixan a súa pegada.

Así, os acontecementos a nivel nacional da crise de 1917 tamén repercuten no Concello de Lugo, cunha folga entre o 12 e o 21 de agosto protagonizada polos traballadores da estación de ferrocarril con consecuencias pouco notorias, secundada polos membros do Centro Obreiro sobre todo na rama da construción, desembocando en detencións por actos de coacción[324].

En canto á incidencia da Gripe de 1918, desde o mes de setembro xa aparecen noticias recorrentes sobre a epidemia, cuxa propagación é moi rápida, afectando ás dúas terceiras partes dos habitantes do termo municipal; así pois, esta epidemia provoca un serio problema de saúde pública[325], para o que o concello non está preparado, pois non conta nin con material necesario, nin con médicos suficientes[326]. A pesar diso, como xa se indicou, no apartado de epidemias, xa no ano 1918, o concello verase na obriga de incrementar o gasto nun 2,65% debido á incidencia desta epidemia; ademais, intentarase conter a epidemia co servizo de beneficencia domiciliaria, servizo que conta con 6 médicos, un por cada un dos termos do municipio segundo consta na *Memoria de 1918*.

Podemos concluír que nesta segunda etapa de 1910 a 1918, o matadoiro e o mercado da carne seguen a ser clave no poderío económico do Concello de Lugo. Ademais, a recarga sobre o imposto de consumos é o recurso para cubrir o déficit máis importante, seguido dos impostos substitutivos do de consumos. Como acontecera na primeira etapa, isto desencadea numerosas protestas sociais, nunha conxuntura mediatizada por unha conflagración mundial. As protestas desta etapa polos prezos das subsistencias e polos consumos teñen como elemento distintivo, con respecto á primeira etapa, a presenza feminina, non só en Lugo, senón tamén noutros concellos. Finalmente, para minorar os efectos negativos da guerra mundial sobre os prezos, a alcaldía de Lugo, e tamén as doutros concellos galegos, interveñen para intentar contelos, actuando sobre todo para controlar os prezos do trigo.

á empresa arrendataria dos consumos, pero era unha devolución pouco útil para eles posto que o papel da solicitude custaba 1 peseta e a devolución individual era de pouco máis de dúas pesetas, na maior parte dos casos; tamén en 1916 os labradores de dúas parroquias dos arrabaldes da cidade protestan polo reparto de consumos en abril de 1916. En: Los labradores lucences en el Gobierno Civil. (26 de xaneiro de 1916). *El Progreso*, p. 1; Algunos labradores: una reunión. (2 de abril de 1916). *El Progreso*, p. 1.

[324] Indícase que hai 17 persoas que prestan servizo na estación de ferrocarril en folga, por iso o persoal de obras públicas consegue que o servizo funcione con case normalidade, salvo algúns atrasos. Tamén se indica que non chegan a Lugo xornais de Coruña, pola folga de tipógrafos, e que nas rúas apenas se nota a declaración do estado de guerra do 14 de agosto, salvo por parellas de garda civil que vixían as rúas e a estrita vixilancia da estación de tren. En: El conflicto ferroviario. (12-13 de agosto de 1917). *El Progreso*, p. 1; Situación crítica en España. (14-15 de agosto de 1917). *El Progreso*, p. 1; El movimiento revolucionario. (16-17 de agosto de 1917). *El Progreso*, p. 1; Mejora la situación interior. (19-20 de agosto de 1917). *El Progreso*, p. 1; Derivaciones de la huelga. (21 de agosto de 1917). *El Progreso*, p. 1.

[325] La epidemia de la gripe. (5 de outubro de 1918). *La Voz de Galicia*, p. 3.

[326] Ayer, en el Palacio provincial: una reunión sin acuerdos. (1 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

4.6 ETAPA DE 1919 A 1925

4.6.1 Ingresos[327]

4.6.1.1 Ingresos extraordinarios

Os ingresos extraordinarios proceden en importancia cuantitativa de empréstitos, da fábrica da luz eléctrica, da cesión de terreos da vía pública, da recarga nas contribucións urbana e industrial, das subvencións, de eventuais e imprevistos, da policía urbana, do servizo de incendios e de legados, donativos e mandas.

O total de ingresos ascende á cantidade de 5.491.421,77 pesetas, o que representa un 46,38% dos ingresos na etapa (Táboa XXXVIII , Anexo). O ano de maiores ingresos é o 1919 con 1.508.552 pesetas, un 27,47%, mentres, o de menos ingresos corresponde ao 1920 con 650.473,94 pesetas, un 11,85%. A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 15,62% no 1920, situándose os ingresos nunha porcentaxe ao redor do 12% anual ata o 1924 inclusive, que no ano 1925 aumentan un 0,89%.

A. Empréstitos

A maior parte dos ingresos extraordinarios proceden de empréstitos, do cales o máis importante vai destinado á construción do Hospital Municipal de Santa María[328]. A maiores, 300.000 pesetas son para satisfacer ao Banco da Coruña o préstamo para a compra da fábrica de luz eléctrica e activo da Compañía *Alumbrado Eléctrico de Lugo,* coa finalidade da municipalización do alumeado público; as 15.000 pesetas restantes para gastos de anuncios, escrituras, dereitos reais, timbre das obrigacións e demais gastos que se ocasionen.

Entre os anos 1920 e 1925, os ingresos proceden dos intereses que devengue durante cada ano económico a cantidade procedente do empréstito municipal que se deixou en conta corrente no Banco da Coruña[329].

En total, os ingresos ascenden á cantidade de 4.772.381,37 pesetas, un 86,91% dos ingresos extraordinarios. O ano de maiores ingresos corresponde ao 1919 con 1.456.000 pesetas, un 30,51%, mentres que os de menos ingresos corresponden ao 1923 e 1924 con 546.000 cada un, un 11,44% anual (Táboa XXXVIII , Anexo). A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso dos ingresos do 18,82% no 1920, para manterse en cifras en torno ao 11,50% anual no resto da etapa.

---

[327] Hai que ter en conta a peculiaridade do presuposto do ano 1925, que se aproba na sesión do pleno de 4 de xullo, polo que este rexe un ano desde esta data. No exercicio de 1925, a conceptualización tanto de ingresos como de gastos cambia substancialmente con respecto aos anos anteriores, producíndose diferenzas tanto no título dos capítulos como no contido dos mesmos debido á nova normativa que establece o Estatuto Municipal.

[328] En concreto, no ano 1919, polo valor efectivo de 2.000 obrigacións de 500 pesetas cada unha, ao tipo do 9% que comprende a primeira serie, o concello ingresa 910.000 pesetas, das que 595.000 pesetas van destinadas á construción do Hospital Municipal de Santa María. A maiores, polo valor efectivo das 1.200 obrigacións da segunda serie, do mesmo valor e igual tipo, ingrésanse 546.000 pesetas, para obras de construción do Hospital Municipal, tendo en conta que as obrigacións da segunda serie se poñerán en circulación tan pronto estean realizadas as obras e satisfeito o seu importe por valor das 595.000 pesetas da primeira serie. O concello obrígase a incluír nos seus presupostos orzamentarios as cantidades necesarias para o pago de intereses e amortización das obrigacións, desde os anos de 1920 a 1921 ata o de 1964 a 1965, cun total de 4.053.400 pesetas segundo acordo municipal no presuposto extraordinario de 1919. Para a construción do Hospital Municipal e para este empréstito o concello viuse na obriga de crear un novo arbitrio sobre os viños, de 0,10 pesetas/litro. As obras do Hospital Municipal comezan o 9 de abril de 1921, no lugar chamado *Murallas del Rey*, e a adxudicación das obras foi para o construtor Leandro Madinaveitia e o arquitecto Luís Bellido. En: El nuevo hospital y el nuevo arbitrio. (25 de marzo de 1919). *El Progreso*, p. 1; De Cora, A. Hoy se coloca la primera piedra del Hospital Municipal. (9 de abril de 1921). *El Progreso*, p. 1; El nuevo hospital. (18 de abril de 1920). *El Progreso*, p. 1.

[329] En virtude do acordo da corporación municipal, data 24 de abril de 1920, a razón do 2% anual. No ano 1920 esta cantidade é de 12.000 pesetas, no 1921 de 8.592 pesetas, no 1922 de 7.249 pesetas e no 1925 de 12.540,37 pesetas. Nos anos 1923 e 1924 non constan intereses debido a que non se puxeron en circulación as 1.200 obrigacións da 2º serie procedentes do empréstito co Banco da Coruña, subscrito por escritura de 20 de marzo de 1920, polo que as 546.000 pesetas, do total do empréstito, inda que se contabilizan como ingresos, figuran sempre en debedores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

B. Fábrica da luz eléctrica

Os ingresos no apartado da fábrica da luz eléctrica proceden do produto do fluído por alumeado subministrado a particulares, ao que se lle engade o imposto do 17% para o Tesouro sobre a partida anterior, coa que está gravado o prezo do fluído para alumeado particular[330].

O total de ingresos na etapa é de 403.842,37 pesetas, un 7,35% dos ingresos extraordinarios (Táboa XXXVIII , Anexo). O ano que conta con máis ingresos é o 1921 con 81.529,93 pesetas, un 21,19%, mentres que o de menos recadación corresponde ao 1919 con 14.620 pesetas, un 3,62%. A evolución é positiva ata o 1921, cun incremento do 17,57%, inverténdose a tendencia no 1922, cun descenso do 7,32%. No 1923 volve a inverterse, incrementándose os ingresos nun 0,94%, que se mantén no ano seguinte. Remata a etapa cun novo aumento do ingreso do 1,29% no ano 1925.

C. Recarga na contribución urbana e industrial

Consiste na recarga do 10% nas cotas para o Tesouro nas contribucións urbana e industrial, autorizada por RO do Ministerio de Facenda, data 5 de xaneiro de 1922. Contabilízase a partir do ano 1921, e os seus ingresos ascenden á cantidade de 118.451,13 pesetas, un 2,16% dos ingresos extraordinarios (Táboa XXXVIII , Anexo).

O ano con maiores ingresos é o 1925 con 32.551,92 pesetas, un 27,48%, mentres que o 1921 é no que menos se recada con 5.000 pesetas, un 4,22%. A evolución é positiva cun aumento progresivo dos ingresos ao longo da etapa, incrementándose nun 23,26%.

D. Cesión de terreos da vía pública

Os ingresos por cesión de terreos da vía pública proceden do produto da venda de terreos que resultan sobrantes no actual cano que conduce as augas á poboación, despois de realizadas as obras de tendido na tubaxe de ferro e gres desde o nacemento ata a Porta de San Fernando (1919-1920); do produto da venda de terreos que resultan sobrantes no cano que conduce as augas á poboación, con motivo das obras realizadas (1921-1924); e do produto de terreos da vía pública entre a Estrada nova da Coruña e o cano, que por consecuencia de aliñacións cédense a particulares para agregalos ás fincas da súa propiedade (1925). A maiores, no ano 1920, 1.000 pesetas proceden do produto dunha parcela de terreo non edificable, sobrante da vía pública na Ronda da Coruña.

Os ingresos totais son de 94.000 pesetas, un 1,71% dos ingresos extraordinarios (Táboa XXXVIII , Anexo). Os anos con maiores ingresos son do 1922 ao 1925 con 16.000 pesetas por ano, un 17,02% anual, mentres que o de menores ingresos corresponde ao 1919 con 9.000 pesetas, un 9,57%.

A evolución é positiva nos dous primeiros anos, cun incremento do 2,135 no 1920. En 1921 prodúcese un descenso do 1,06%, que se recupera no 1922, aumentando nun 6,38%, e manténdose no resto da etapa.

D. Eventuais e imprevistos

Os ingresos eventuais e imprevistos proceden no ano 1919 do préstamo do Banco da Coruña pola escritura de adquisición da fábrica da luz eléctrica e polo activo da *Sociedad*

[330] O imposto para o tesouro axústase ca recarga municipal segundo as seguintes tarifas: para a limpeza das buxías son de 1,55 pesetas para 5; 2,45 pesetas para 10; 3,75 pesetas para 16; e 4,95 pesetas para 20. Por limitador de 10 buxías, a tarifa é de 3,20 pesetas, e por contador 0,615 pesetas por quilovatio hora. As bonificacións son: de 50 a 100 quilovatios de consumo o 15%, de 100 a 150 kw o 20%, e de 150 en adiante o 25%. A partir do ano 1923, a bonificación de 50 a 100 quilovatios de consumo redúcese ao 5%.

USC DE COMPOSTELA

Alumbrado Eléctrico de Lugo, para os gastos que ocasione a operación, cun total de 5.000 pesetas. A maiores, en 1919 e 1920, 220 pesetas anuais que debe ingresar o recadador encargado da cobranza en período executivo, por conta das recargas de Instrución. Polo produto dos perpiaños de varias rúas ingrésanse 3.561,45 pesetas para a construción de beirarrúas na Ronda, entre as portas de San Pedro e Santiago. No ano 1925, 25.000 pesetas proceden do reintegro do desconto que sofren os empregados pola contribución de utilidades e os demais pagos polo imposto do 1,20% para o Tesouro. As restantes 700 pesetas proceden do 20% dos produtos que obteña por contratos a Banda Municipal.

En total, os ingresos eventuais e imprevistos son de 34.701,45 pesetas, un 0,63% dos ingresos extraordinarios (Táboa XXXVIII , Anexo). Só se contabilizan nos anos 1919, 1920 e 1925. O ano de maiores ingresos corresponde a este último con 25.700 pesetas, un 74,06%, mentres que o 1920 é no que menos se ingresa, 3.781,45 pesetas, un 10,90%. A evolución é á baixa entre os anos 1919 e 1920, reducíndose os ingresos nun 4,14%, o que contrasta co 1925, no que estes aumentan un 63,16%.

E. Subvencións

Estas proceden da subvención da Deputación Provincial para as obras de asfaltado do pavimento da rúa San Marcos. O total ascende a 33.592 pesetas, un 0,61% dos ingresos extraordinarios.

Só se contabilizan nos anos 1919 e 1920, apreciándose un descenso considerable entre ambos; no 1919 ingrésanse 23.712 pesetas, un 70,59%, mentres que no 1920, 9.880 pesetas, un 29,41%, sendo o descenso dun 41,18%

F. Policía urbana

Os ingresos proceden do que se calcula producirá a venta de lixos da limpeza pública; a maiores, no ano 1922, 14.690,95 pesetas proceden do que se calcula producirá a venda de materiais propiedade do concello, que resultaron sobrantes en varias obras con motivo da pavimentación de rúas; finalmente, no ano 1925, 50 pesetas proceden do produto de aproveitamentos das leñas resultantes da poda de árbores.

En total, os ingresos son de 21.771,45 pesetas, un 0,40% dos ingresos extraordinarios (Táboa XXXVIII , Anexo). O ano de maiores ingresos corresponde ao 1922 con 15.940,95 pesetas, un 73,22%, mentres que o 1920 e o 1921 son os de menores ingresos con 750 pesetas cada un, un 3,44% anual. Non se contabilizan ingresos no 1919.

A evolución é estable nos dous primeiros anos, cun importante incremento do 69,78% no 1922, a partir do cal volven a caer os ingresos nun 67,48% no 1923, que se mantén no ano seguinte. Remata a etapa, cun aumento do 2,67% no 1925.

G. Servizo de incendios

Só se contabilizan nos anos 1922 e 1925. No 1922 os ingresos, 10.000 pesetas, proceden do produto calculado do servizo contra incendios como compensación de gastos que orixina ao municipio a asistencia do corpo de bombeiros[331]. No 1925, 1.438 pesetas proceden do produto da quinta parte do gasto ordinario que ocasiona o sostemento do servizo de extinción de incendios, autorizado no Estatuto municipal (art. 354 RDEM de 1924, do 8 de marzo), e 162

[331] O corpo de bombeiros reorganízase e ábrese un concurso para cubrir os postos de 12 membros numerarios e 6 supernumerarios, que deberán ser obreiros residentes en Lugo do ramo da construción, electricistas ou artesáns do coiro para cabalerías para poder optar a eses postos. O xornal será de 0,50 pesetas para os numerarios, e tanto estes como os supernumerarios terán gratificación cando haxa que extinguir un incendio. En: Concello de Lugo. (4 de febreiro de 1922). *Sesión municipal*. AML (Sin. 7991-5, p. 36 vta.), Lugo; La sesión de ayer en el Ayuntamiento. (5 de febreiro de 1922). *El Progreso*, p. 1.

pesetas do produto da asistencia do servizo municipal de extinción de incendios; en total 1.600 pesetas.

Obsérvase unha caída dos ingresos entre estes dous anos, dun 86,91% no 1922 pásase a un 13,79% no ano 1925, reducíndose nun 72,42%.

H. Legados, donativos e mandas

Os ingresos proceden do que se calcula producirá a subscrición veciñal para atención da casa de beneficencia, 382 pesetas; do donativo do bispo para a atención de dita casa, 350 pesetas; e outras 350 pesetas proceden tamén do donativo do bispo para as atencións do hospital. Estes ingresos só se contabilizan no ano 1925, ascendendo a un total de 1.082 pesetas, un 0,02% dos ingresos extraordinarios (Táboa XXXVIII , Anexo).



Polo tanto, a evolución dos ingresos extraordinarios sofre un descenso significativo no ano 1920, como se observa na Gráfica 39, motivado pola redución de empréstitos.

4.6.1.2 Impostos municipais

Igual que nas dúas etapas anteriores, compoñen este apartado os impostos municipais e os recursos para cubrir o déficit, conceptualizándose estes últimos no ano 1925, como imposición municipal, recargas e participacións en tributos nacionais.

Seguindo un criterio cuantitativo, estes proceden dos postos públicos, matadoiro, cemiterio, obras e instalacións, reintegro de subministracións ao Exército, licenzas de construción, certificacións e selo municipal, multas, carruaxes e carros de transporte, establecementos públicos, arbitrio sobre cans, documentos de vixilancia e policía urbana. Os ingresos totais na etapa ascenden á cantidade de 798.644,78 pesetas, como se observa na Táboa 41, que representan o 6,74% dos ingresos totais na etapa. O ano de maiores ingresos corresponde ao 1925 con 132.524,03 pesetas, un 16,59% dos ingresos por impostos municipais na etapa, mentres que o 1919 é o de menor recadación con 89.734 pesetas, un 11,24%.

A evolución é positiva, cun aumento progresivo na recadación ao longo da etapa, que aumenta nun 3,38% entre os anos 1919 e 1921, sufrindo un descenso pouco significativo do 0,40% no 1922, a partir do cal retoma a tendencia da fase inicial, aumentando nun 2,37% ata o ano 1925.

USC DE COMPOSTELA

Táboa 41. Ingresos por impostos municipais do Concello de Lugo, 1919-1925

Ano	Cantidade (pesetas)	% sobre o total
1919	89.734	11,24
1920	96.529,75	12,09
1921	116.799,25	14,62
1922	113.559,25	14,22
1923	124.749,25	15,62
1924	124.749,25	15,62
1925	132.524,03	16,59
Total	798.644,78	100

A. Postos públicos

Os impostos procedentes dos postos públicos ocupan o primeiro posto da recadación de impostos municipais, a diferenza das outras dúas etapas nas que ocupaban o segundo posto por detrás do matadoiro, e seguen a proceder dos postos cubertos e de banqueta na nova Praza de Abastos e no Mercado do Frontón, dos postos no Campo da Feira, dos dereitos de peixaría, do arbitrio de postos na vía pública, da instalación de quioscos colocados pola Sociedade Eléctrica Lucense para transformadores da rede de alumeado, da ocupación particular de terreos, e do canon anual á Sociedade Eléctrica Lucense por ocupación da vía pública.

En toda a etapa os ingresos ascenden á cantidade de 405.472,45 pesetas, o que representa un 50,77% dos ingresos por impostos municipais. Os anos de maiores ingresos corresponden ao 1921 con 64.499,25 pesetas, un 15,91%, e ao 1925 con 64.412,70 pesetas, un 15,89%; mentres, o 1919 é o de menores ingresos con 45.793,50 pesetas, un 11,29% (Táboa XXXIX, Anexo).

A evolución da etapa é á alza entre os anos 1919 e 1921, incrementándose os ingresos nun 0,97% no 1920 e noutro 3,65% no 1921. A partir deste prodúcese unha baixada do 2,44% no 1922, recuperándose no ano seguinte cun aumento do 2,12%, para manterse nestas cifras ao redor do 15% ata o final da etapa.

Seguindo un criterio cuantitativo, en primeiro lugar sitúanse os ingresos polos postos cubertos e de banqueta na Praza de Abastos e no Mercado do Frontón. Estes ascenden á cantidade de 240.802,05 pesetas, un 59,39% dos ingresos por postos públicos (Táboa XL, Anexo). A evolución é positiva en toda a etapa, incrementándose os ingresos de maneira progresiva. Estes ingresos poden dividirse por bienios; nos anos 1919 e 1920 os ingresos sitúanse ao redor do 12% anual, no 1921 e 1922 ao redor do 14%, no 1923 e 1924 ao redor do 16%, aumentando un 0,33% no 1925, no que se acada a cota máxima con 39.302,05 pesetas[332].

En segundo lugar sitúanse os ingresos procedentes da ocupación de postos no Campo da Feira[333], ascendendo estes á cantidade de 72.758,95 pesetas, un 17,94% dos ingresos por postos públicos (Táboa XL, Anexo). As tarifas por ocupación de postos no Campo da Feira mantéñense en relación á etapa anterior (Táboa 35), con certas excepcións[334]. Os ingresos por

[332] Entre os anos 1919 a 1924, as tarifas da Praza de Abastos son de 1 peseta para os postos cubertos do número 1 ao 12, e do 23 ao 38 (23 postos); 0,80 pesetas para os postos 14, 16, 18, 20, 22 e 28 (6 postos), e 0,75 pesetas para os postos 13, 15, 17, 21, 27, 32, 33, 34, 39 - 54 (24 postos).

[333] No Campo da Feira celébranse as feiras anuais de San Froilán, as dúas mensuais e os mercados de leña, herba, palla, etc. A súa custodia e garda está encomendada a un conserxe, ademais os axentes de vixilancia designan os postos para cada clase de ganado e artigo que se presentan á venda de onde nace a obriga de contribuír, o que se fai á entrada do campo, abonándose cantidades que flutúan entre 10 e 25 céntimos, segundo as clases de gando, e 0,50 pesetas para os carros. Conta tamén cunha báscula para o peso de cada res, polo que se cobra 0,50 pesetas.

[334] No ano 1919 os cambios son: aparece a tarifa do gando lanar, 0,05 pesetas por cada cabeza; increméntase en 0,10 pesetas a tarifa por porco cebado; 0,25 pesetas por cada posto para carros de leña, herba ou palla; 0,10 pesetas por cada posto para carros de toxo ou estrume. No ano 1921 increméntanse en 0,05 pesetas todas as tarifas referentes ao gando cabalar, mular e asnal,

estes postos teñen unha evolución que é lixeiramente á baixa entre os anos 1919 e 1921, reducíndose os ingresos nun 2,06%. No 1922 invértese a tendencia, aumentando nun 0,96%, e noutro 2,47% no 1923, que se mantén no 1924. Remata a etapa, cunha baixada pouco significativa do 0,60% no ano 1925.

En terceiro lugar figuran os dereitos de peixaría[335]. Os ingresos por estes son de 44.050,70 pesetas, un 10,86% dos ingresos por postos públicos (Táboa XL, Anexo). A evolución é claramente á alza entre os anos 1919 e 1922, incrementándose os ingresos nun 9,98%, manténdose no 1923 e 1924, para rematar a etapa cunha baixada pouco significativa do 0,68% no ano 1925.

En cuarto lugar, os ingresos procedentes do arbitrio de postos fixos e eventuais nas rúas, prazas e mercados ascenden á cantidade de 26.526 pesetas[336], un 6,54% dos ingresos por postos públicos (Táboa XL, Anexo). A evolución é crecente ao longo da etapa, cun incremento do 1,88% no ano 1920 que se mantén no 1921. A tendencia continúa á alza no 1922, cun aumento do 3,77%, e outro do 5,09% no 1923, que se mantén no 1924. Remata a etapa cun importante incremento do 5,56 no ano 1925.

En quinto lugar, os ingresos procedentes da ocupación particular de terreos e da colocación de quioscos para transformadores da rede de alumeado aportan unha cantidade de 18.925 pesetas, un 4,67% dos ingresos por postos públicos (Táboa XL, Anexo). En total os ingresos ascenden á cantidade de 18.925 pesetas, un 4,67% dos ingresos por postos públicos. A evolución presenta un contraste entre os anos 1920 e 1921 e o resto da etapa; así, mentres nesta os ingresos se sitúan por debaixo do 1% anual, no 1920 e 1921 acadan o 16,41 e o 80,08% respectivamente, debido á ocupación dun terreo contiguo á muralla, na Ronda de Castela, polo que o concello ingresa 3.000 pesetas no 1920; e tamén pola ocupación dun solar na rúa Manuel Becerra, propiedade do concello, polo que ingresa 15.000 pesetas no 1921.

Finalmente, en sexto e último lugar, figuran os ingresos procedentes do 25% da contribución industrial por razón de ocupación da vía pública á Sociedade Eléctrica Lucense. Estes ascenden á cantidade de 2.409,75 pesetas, un 0,59% dos ingresos por postos públicos (Táboa XL, Anexo). A evolución tende á estabilidade, cuns ingresos do 28,57% no 1919, debido ao cobro dun ano de débeda, para estabilizarse no 14,29% anual ata o 1924, non contabilizándose no ano 1925.

---

mentres que no ano 1922 se incrementa en 0,05 pesetas todas as tarifas referentes ao gando vacún. No ano 1923 increméntanse en 0,05 as tarifas do gando lanar, e noutras 0,05 pesetas cada posto para feixe de herba, palla, follas de millo, leña partida, esquilmo, carbón do país, etc.

335 Entre os anos 1919 e 1924, os dereitos de peixaría son de 0,50 pesetas para cesta ou caixón de sardiña ata 6 quilogramos de peso, 1 peseta para cada cesta ou caixón de pescado maior ou marisco ata 6 quilogramos de peso, 1 peseta para o mesmo de sardiña maior de 6 quilos, e 2 pesetas para o mesmo de pescado maior ou marisco maior de 6 quilos. No referido ao pescado de río, por vultos de ata 2 quilos son 0,20 pesetas, de ata 5 quilos son 0,50 pesetas, e excedendo deste pero por cada 5 quilos son 0,50, segundo as tarifas de 1923 e 1924.

336 As cotas diarias das tarifas nas prazas e mercados son de 2 pesetas para dentistas ao aire libre e vendedores de xéneros non especificados nesta tarifa, 3 pesetas para vendedores de manta de obxectos comerciais, 0,50 pesetas para vendedores de vinagre, 1 peseta para vendedores de queixo de Castela, 2 pesetas para vendedores de doce de marmelo, doces de manteiga e outras clases, e 0,75 pesetas para teatros, exposicións ou calquera outra clase de espectáculos, por cada metro cadrado que ocupen (1919 a 1922-0,25 pesetas). Para os vendedores de telas, quincalla, ferro, calzado, roupa feita etc., a cota semestral é de 3 pesetas, mentres que para os vendedores de olería 1,50 pesetas, segundo as tarifas de 1919-1924.

USC DE COMPOSTELA



Así pois como reflicte a Gráfica 40, dentro dos postos públicos a recadación dos postos da Praza de abastos e do Mercado do Frontón son os ingresos máis relevantes, o que reflicte a importancia da actividade comercial e do mercado para o Concello de Lugo.

B. Matadoiro

Os ingresos por impostos do matadoiro proceden fundamentalmente do degolo de reses, seguidos a distancia do traslado á Praza de Abastos e das horas extraordinarias. Os ingresos totais na etapa ascenden á cantidade de 237.351,40 pesetas, o que supón un 29,72% dos ingresos por impostos municipais. Os anos de maiores ingresos corresponden ao 1923 e 1924 con 41.400 pesetas anuais, un 17,44% dos ingresos do matadoiro na etapa, mentres que o de menores ingresos corresponde ao 1925 con 19.830,40 pesetas, un 8,35%, como indica a Táboa 42. A evolución é positiva, xa que se produce un aumento de ingresos do 4,89% entre os anos 1919 e 1923, manténdose no 1924. Esta traxectoria invértese no 1925, no que caen os ingresos nun 9,09%.

Táboa 42. Ingresos por impostos do matadoiro do Concello de Lugo, 1919-1925

Concepto / ano	1919	1920	1921	1922	1923	1924	1925	Total (pesetas)	% sobre o total
Degolo de reses[337]	27.386,40	29.386,40	31.879,20	35.230	37.930	37.930	18.052,83	217.794,83	91,76
Traslado á Praza de Abastos	2.358,60	2.358,60	2.820,80	3.130	3.400	3.400	1.777,57	19.245,57	8,11
Horas extraordi-narias	35,50	35,50	50	50	70	70	-	311	0,13
Total (pesetas)	29.780,50	31.780,50	34.750	38.410	41.400	41.400	19.830,40	237.351,40	100
% sobre o total	12,55	13,39	14,64	16,18	17,44	17,44	8,35	100	-

[337] Comprende tamén os dereitos de inspección e permiso de matanza de reses de porcino. As tarifas do matadoiro non varían con respecto á etapa anterior.

O total recadado por degolo de reses é de 217.794,83 pesetas, un 91,76% dos ingresos por impostos do matadoiro. A evolución describe unha traxectoria similar ao total, cun aumento dos ingresos do 4,85% entre os anos 1919 e 1923, que se mantén no 1924, caendo un 9,13% no 1925 (Táboa 42 e Gráfica 41), ano no que se reduce o número de animais sacrificados[338].

A seguinte partida corresponde ao traslado de carnes á Praza de Abastos, aportando 19.245,57 pesetas, un 8,11% dos ingresos do matadoiro. A evolución é similar ás anteriores, partindo dun 12,26% no 1919 que se mantén no 1920, aumentando nun 5,41% ata o 1923 e manténdose no 1924. A tendencia volve a inverterse no ano 1925, descendendo nun 8,43%.

Finalmente, as horas extraordinarias de degolo aportan só 311 pesetas de ingresos, un 0,13% dos ingresos do matadoiro. A evolución é tamén crecente, partindo dun 11,41% nos anos 1919 e 1920, aumentando un 4,67% no 1921, que se mantén no 1922, e outro 6,43% no 1923, que tamén se mantén no 1924. Non se contabilizan ingresos por este concepto no ano 1925.



Así pois, os datos da Gráfica 41 permiten observar que, como na anterior etapa de 1910 a 1918, o degolo de reses constitúe a principal fonte de ingreso dos impostos do matadoiro.

C. Cemiterio

Os impostos de cemiterios comprenden o produto da municipalización do servizo de condución de cadáveres ao cemiterio en coches fúnebres, e os dereitos de enterramento, venda de sepulturas, licenzas para colocación de lápidas e atributos funerarios. Os ingresos totais na etapa ascenden á cantidade de 98.450,26 pesetas, un 12,33% dos ingresos por impostos municipais (Táboa XXXIX, Anexo). O ano de máis ingresos corresponde ao 1925 con 18.270,26 pesetas, un 18,56% da etapa, mentres que o 1919 é o de menores ingresos con 9.680 pesetas, un 9,83%. A evolución é positiva en toda a etapa, cun incremento do 6,42% entre os anos 1919 e 1922, que se mantén ata o 1924, aumentando outro 2,31% no ano 1925.

[338] Os ingresos do degolo calcúlanse en base a unha estimación anual: no ano 1921 é de 2.768 reses cabregas e 5.088 de vacún; no 1922 de 3.300 reses cabregas e 5.600 de vacún; nos anos 1923 e 1924 de 4.000 reses cabregas e 6.000 de vacún; no ano 1925 sacrifícanse entre 8 a 10 reses de gando bovino ao día.

Como acontecía na etapa anterior[339], as partidas que compoñen os ingresos de impostos por cemiterios tamén son similares, aportando a municipalización do servizo de condución de cadáveres ao cemiterio un 58,72% dos ingresos, mentres que os dereitos de enterramento, venda de sepulturas, licenzas para colocación de lápidas e atributos funerarios aportan un 41,28% (Táboa XLI, Anexo e Gráfica 42).

Gráfica 42. Evolución de ingresos por impostos de cemiterios no Concello de Lugo, 1919-1925



D. Obras e instalacións

Os beneficios por obras e instalacións do concello só se contabilizan no ano 1925. Estes proceden das cantidades asignadas como contribución especial aos propietarios de fincas beneficiadas coa pavimentación e saneamento das rúas de Armañá e Conde Pallares, 7.510,06 pesetas; e tamén das cantidades asignadas polos mesmos beneficios aos propietarios da rúa de Manuel Becerra, 11.688,15 pesetas. En total ingrésanse 19.198,21 pesetas, un 2,40% dos ingresos por impostos municipais (Táboa XXXIX, Anexo).

E. Reintegro de subministracións ao Exército

O reintegro das cantidades anticipadas por subministracións a corpos do Exército aporta uns ingresos de 14.000 pesetas, un 1,75% dos ingresos por impostos municipais. As cantidades son de 2.000 pesetas anuais (Táboa XXXIX, Anexo).

F. Licenzas de construción

Igual que nas etapas anteriores, estas compóñense dos impostos por licenzas para construción en fincas urbanas e reforma das mesmas, e tamén da ocupación da vía pública con materiais de construción. O total de ingresos na etapa é de 6.236,76 pesetas, un 0,78% dos ingresos por impostos municipais. Deste total, 2.719,68 pesetas corresponden a licenzas e 3.517,08 á ocupación da vía pública. O ano de maiores ingresos é o 1925 con 1.636,76 pesetas, un 26,24% da etapa, mentres que o 1919 é o que menos ingresos aporta con 600 pesetas, un 9,62% (Táboa XXXIX, Anexo).

[339] Na *Memoria económica de 1924 e 1925* indícase que segue contando o concello con dous cemiterios: o cemiterio xeral ou católico, cun número de enterramentos entre o 1 de xullo de 1924 e o 30 de xuño de 1925 de 404 inhumacións, mentres que no cemiterio civil só se rexistrou un enterramento nas mesmas datas.

A evolución é positiva, cun incremento de ingresos do 3,21% no 1920, que se mantén ata o 1924. Remata a etapa á alza, cun importante aumento dos ingresos do 13,41% no ano 1925.

G. Certificacións e selo municipal

Estes ingresos seguen a comprender os dereitos de certificacións expedidas polas oficinas municipais e o produto do arbitrio polo imposto do selo municipal. En total ingrésanse 6.072,25 pesetas, 3.812 pesetas por certificacións e 2.260,25 pesetas polo selo, un 0,76% dos ingresos por impostos municipais (Táboa XXXIX, Anexo).

Os anos de maiores ingresos corresponden ao 1920, 1921 e 1922, 1.000 pesetas por ano, un 16,47% anual, mentres que o de menores ingresos é o 1919 con 530 pesetas, un 8,73%. A evolución é positiva nos catro primeiros anos, cun incremento de ingresos do 7,74% no 1920 que se mantén ata o 1922. No 1923 prodúcese un descenso do 3,30% que se mantén no 1924. Remata a etapa á alza, cun incremento de ingresos do 2,35% no ano 1925.

H. Multas

A infracción das ordenanzas municipais e de bandos e disposicións da alcaldía aporta unha cantidade de ingresos que ascende a 3.958,45 pesetas, o que supón un 0,50% dos ingresos por impostos municipais. O 1919 é o ano con máis ingresos, un total de 900 pesetas, un 22,74% da etapa, mentres do 1920 ao 1924 son os de menos ingresos, 500 pesetas, un 12,63% anual (Táboa XXXIX, Anexo).

A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso dos ingresos do 10,11%, que se mantén ata o 1924. Remata a etapa cun aumento dos ingresos do 1,48% no ano 1925.

I. Carruaxes e carros de transporte

Comprende os dereitos por rodaxe ou arrastre de vehículos de todas clases polas vías municipais, o que supón 3.000 pesetas; e as licenzas para aparcamento na vía pública de automóbiles e carruaxes de aluguer, o que supón 150 pesetas. Só se contabiliza no ano 1925, e representa un 0,39% dos ingresos por impostos municipais (Táboa XXXIX, Anexo).

L. Establecementos públicos

Inclúen os dereitos de colocación de postes, porquetas, redes de distribución de enerxía eléctrica, aparatos para a venda de gasolina e demais que se establezan ou voen sobre a vía pública; os dereitos de colocación de cadeiras na vía pública, as licenzas para apertura de establecementos públicos, e os dereitos de licenzas para colocación de toldos e marquesiñas que sobresaian da liña da fachada. Só se contabilizan no ano 1925, ingresando un total de 2.355 pesetas, o que supón un 0,29% dos ingresos por impostos municipais (Táboa XXXIX, Anexo).

M. Arbitrio sobre cans

Comprende o produto dos dereitos de licenzas para tránsito de cans pola vía pública[340]. Só se contabiliza nos anos 1921, 1.000 pesetas, e no 1925, 200 pesetas. En total a aportación aos impostos municipais na etapa é do 0,15% (Táboa XXXIX, Anexo).

N. Documentos de vixilancia

Procede do produto da recarga municipal do 25% sobre o valor das licenzas de uso de armas, caza e pesca, expedidas durante o ano; aporta un total de 1.000 pesetas, un 0,13% dos

[340] Os ingresos do arbitrio sobre cans proceden do gravame segundo tarifa: así, por cada can de caza que circule pola poboación pagaranse 8 pesetas ao ano, por cada can de calquera outra clase pagaranse 10 pesetas anuais. Exceptúanse deste imposto os cans dos cegos.

ingresos por impostos municipais. Só se contabiliza do ano 1919 ao 1922, aportando 250 pesetas anuais (Táboa XXXIX, Anexo).

Ñ. Policía urbana

Os ingresos neste apartado proceden do produto das desinfeccións a domicilio e na estufa propiedade do Concello de Lugo. Só se contabiliza no ano 1919, con 200 pesetas, unicamente un 0,03% dos ingresos por impostos municipais (Táboa XXXIX, Anexo).

4.6.1.3 Recursos para cubrir o déficit

En total, os recursos para cubrir o déficit aportan uns ingresos de 3.454.621,90 pesetas, o que supón un 29,18% dos ingresos na etapa. O ano con máis ingresos corresponde ao 1925 con 574.621,04 pesetas, un 16,63%, mentres que o de menores ingresos corresponde ao 1919 con 416.438,76 pesetas, un 12,05%, tal e como indican os datos da Táboa 43. A evolución é positiva en toda a etapa, cun incremento progresivo anual de ingresos, que en total é do 4,58%.

Táboa 43. Ingresos por recursos para cubrir o déficit do Concello de Lugo, 1919-1925

Ano	Cantidade (pesetas)	% sobre o total
1919	416.438,76	12,05
1920	449.755,85	13,02
1921	459.881,81	13,31
1922	474.288,49	13,73
1923	521.133,27	15,09
1924	558.502,68	16,17
1925	574.621,04	16,63
Total	3.454.621,90	100

Os apartados que compoñen este capítulo en orde cuantitativa son: os impostos substitutivos do de consumos, a recarga na contribución de subsidio, o imposto de cédulas persoais, a recarga na contribución de inmobles, a recarga no imposto de gas e electricidade, que conta con apartado propio dentro dos recursos para cubrir o déficit, como nas anteriores etapas, e non se conceptualiza, polo tanto, como un dos substitutivos de consumos, pese a selo lexislativamente; ségueo o imposto de carruaxes de luxo, o imposto sobre casinos e círculos de recreo, a recarga sobre a contribución de utilidades, o arbitrio sobre compañías anónimas e comanditarias, e finalmente a recarga sobre o rendemento bruto de minas.

A. Impostos substitutivos do de consumos

Con respecto á etapa anterior, deixa de contabilizarse o repartimento xeral, manténdose o arbitrio de bebidas espirituosas, espumosas e alcohois, o arbitrio sobre carnes, o arbitrio sobre inquilinatos, o abono por contribución industrial e urbana, o arbitrio sobre solares sen edificación (autorizado polo art. 407 RDEM de 1924, do 8 de marzo) e a recarga sobre o imposto de timbre do Estado nos billetes de espectáculos públicos.

En total, a recadación na etapa ascende á cantidade de 2.622.586,73 pesetas, un 75,92% dos ingresos por recursos legais para cubrir o déficit. Como xa se citou na introdución, no ano 1925 o abono polas contribucións industrial e urbana e a recarga sobre o imposto de timbre do Estado nos billetes de espectáculos públicos figuran dentro das recargas e participacións en tributos nacionais, mentres que o resto figuran dentro da imposición municipal. O ano de maiores ingresos corresponde ao 1925 con 443.921,07 pesetas, un 16,93%, mentres que o de menores ingresos ao 1919 con 318.825,01 pesetas, un 12,16% (Táboa XLIII, Anexo). A evolución é positiva cun incremento progresivo de ingresos en toda a etapa, concretamente estes aumentan nun 4,77% entre os anos 1919 e 1925.

USC DE COMPOSTELA

Tal é como se observa na Gráfica 43, o arbitrio sobre bebidas, o arbitrio sobre carnes e o arbitrio sobre inquilinatos son os tres impostos substitutivos do de consumos que máis ingresos aportan ao concello. O arbitrio sobre bebidas espirituosas, espumosas e alcohois aporta un 39,11%, que no ano 1925 se divide en ingresos da zona fiscalizada e da zona libre (174.570,25 e 34.023 pesetas, respectivamente).

Séguelle importancia o arbitrio sobre carnes, un 33,56% cun total de 880.188,56 pesetas; este divídese entre os anos 1919 e 1924 entre ingresos procedentes das parroquias da capital, 506.524,90 pesetas, un 70,05%, e os ingresos procedentes das parroquias da poboación rural, 216.539,51 pesetas, un 29,95% (Táboa XLIII, Anexo). No 1925 tamén se dividen os ingresos do arbitrio por consumo de carnes frescas e salgadas, falcoería e caza, segundo a procedencia da zona fiscalizada ou libre (128.147,15 e 24.977 pesetas, respectivamente)[341].

En terceiro lugar, o arbitrio sobre inquilinatos aporta 348.766,72 pesetas, un 13,30% dos ingresos (Táboa XLIII, Anexo). Do ano 1919 ao 1924 este tamén se divide segundo a procedencia: así as parroquias da capital ingresan 183.133,36 pesetas, un 55,70%, mentres que as parroquias da poboación rural ingresan 145.633,36 pesetas, un 44,30%. O establecemento do arbitrio sobre inquilinatos fora motivo de polémica e protestas na anterior etapa, o que seguramente explica nesta unha elevada morosidade neste arbitrio[342].

A aportación do resto de apartados xa é moito menor: así os abonos da contribución industrial e urbana aportan en conxunto 317.584 pesetas, un 12,11%, o arbitrio sobre solares aporta 31.000 pesetas, un 1,18%, e finalmente a recarga do timbre de billetes de espectáculos públicos unicamente un 0,74%, 19.343 pesetas. (Táboa XLIII, Anexo).

Gráfica 43. Evolución dos principais impostos substitutivos do de consumos no Concello de Lugo, 1919-1925



[341] Para efectos da exacción de arbitrios, considérase dividido o termo municipal en dúas zonas: fiscalizada e libre, correspondendo a zona libre ás parroquias de San Lázaro e Piúgos.

[342] Tendo en conta a relación de contribuíntes suxeitos ao pago do inquilinato que non satisfixeron as súas cotas correspondentes ao mes de xullo, débense 305,06 pesetas, e en canto á recadación do mesmo, en xaneiro 2.679,15 pesetas, febreiro 2.679,64 pesetas, marzo 2.677 pesetas, abril 2.671,01 pesetas, maio 2673,62 pesetas, xuño 2.694,53 pesetas, xullo 2.682,35 pesetas, agosto 2.075,82 pesetas, setembro 2.685,60 pesetas, outubro 2.686,99 pesetas, novembro 2.667,27 pesetas, e decembro 2.658,77 pesetas. En: Concello de Lugo. (1834-1932). *Contribucións e impostos: recadación industrial e inquilinatos*. AHPL (Sin. 0911-00), Lugo.

B. Recarga na contribución de subsidio

Segue a consistir na recarga municipal do 32% sobre as cotas da contribución industrial. O total recadado na etapa ascende á cantidade de 348.959,07 pesetas, un 10,10% dos ingresos por recursos para cubrir o déficit. O ano que máis se recada é o 1924 con 67.154,65 pesetas, un 19,24%, mentres que o 1919 é o que conta con menos recadación, 35.657,50 pesetas, un 10,22% (Táboa XLII, Anexo).

A evolución describe unha traxectoria con altibaixos: os dous primeiros anos son á alza, cun incremento de ingresos do 2,82%; no 1921 invértese a tendencia, cun descenso do 0,29%, que se mantén no ano seguinte; no 1923 volven a recuperarse os ingresos aumentando un 1,44%, e outro 5,05% no 1924; remata a etapa, cun descenso dos ingresos do 1,43%.

C. Imposto de cédulas persoais

Como na outra etapa, comprende o imposto máis a recarga do 50% (art. 3 e 5 Lei de 1907, de 3 de agosto e art. 226 RDEM de 1924, do 8 de marzo). En toda a etapa recádanse 282.626,38 pesetas, un 8,18% dos ingresos por recursos para cubrir o déficit. A máxima recadación corresponde aos anos 1922 e 1923 con 46.676,30 e 46.924,55 pesetas, un 16,52% e 16,60%, respectivamente. Pola contra, o ano de menos recadación é o 1925 con 21.230,19 pesetas, un 7,51% (Táboa XLII, Anexo).

A evolución é positiva ata o 1923, incrementándose progresivamente os ingresos en todos os anos, en total nun 2,78%. No 1924 invítese a tendencia cun leve descenso do 0,60%, caendo ata un 8,49% no ano 1925.

D. Recarga na contribución de inmobles

Segue a consistir na recarga do 16% sobre as cotas da contribución territorial despois de satisfeitas as atencións de primeira ensinanza. Os ingresos na etapa son de 119.863,18 pesetas, un 3,47% dos ingresos por recursos para cubrir o déficit. O ano de maiores ingresos corresponde ao 1925 con 27.422,08 pesetas, un 22,88%. No outro extremo, os anos con menores ingresos son o 1920, 1921 e 1922 con 11.687,92 pesetas, un 9,75% anual (Táboa XLII, Anexo).

A evolución é a baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 2,44% no 1920, que se mantén ata o 1922; no ano 1923 prodúcese un importante incremento do 8,09%, que se mantén no 1924. Remata a etapa á alza, incrementándose os ingresos nun 5,04% no ano 1925.

E. Recarga no imposto de gas e electricidade

A porcentaxe de recarga é do 50% no ano 1919, e a partir deste pasa a ser do 30% (art. 6 e 10 Lei de 1911, de 12 de xuño). En total na etapa recádanse 41.081,72 pesetas, un 1,19% dos ingresos por recursos para cubrir o déficit (Táboa XLII, Anexo). O ano 1924 é o de maior recadación con 8.661,91 pesetas, un 21,08%; mentres, os de menor recadación corresponden ao 1919 e 1920 con 4.000 pesetas cada un, un 9,74% anual.

A evolución é positiva ata o 1924, cun incremento dos ingresos do 11,34%. Esta tendencia invértese no ano 1925, cunha redución dos ingresos do 3,34%.

F. Imposto de carruaxes de luxo

Igual que na etapa anterior, consiste no imposto máis a recarga do 100%[343]. Os ingresos na etapa son de 17.004,82 pesetas, un 0,49% dos ingresos por recursos para cubrir o déficit. O ano 1925 é o que conta cunha maior recadación, 4.514,69 pesetas, un 26,55%, mentres que o 1921 é o que menos se recada con 1.749,64 pesetas, un 10,29% (Táboa XLII, Anexo).

[343] No ano 1925, o Estatuto Municipal establece que os concellos determinarán libremente a base deste arbitrio, conforme a uns máximos segundo tipo de vehículo (art. 433 RDEM de 1924, do 8 de marzo).

A evolución é positiva nos dous primeiros anos cun aumento pouco significativo do 0,18%. No 1921 descenden os ingresos nun 0,92%, recuperándose no 1922 cun aumento do 2,65%, que se mantén no 1923. Remata a etapa á alza, cun incremento do 2,10% no 1924 e outro 11,51% no ano 1925.

G. Imposto sobre casinos e círculos de recreo

Inclúe o imposto máis a recarga do 100%. En total recádanse na etapa 16.800 pesetas, un 0,49% dos ingresos por recursos para cubrir o déficit. A evolución é regular, aportando 2.400 pesetas, un 14,29% anual (Táboa XLII, Anexo).

H. Recarga sobre a contribución de utilidades

Consiste na recarga do 3% sobre os rendementos do traballo asalariado e dos procedentes do traballo xuntamente co capital, e do 10% sobre os honorarios de rexistradores da propiedade (art. 391 RDEM de 1924, do 8 de marzo). Só se contabiliza no ano 1925, aportando un total de 2.250 pesetas, un 0,07% dos impostos por recursos para cubrir o déficit, inda que neste ano figura no apartado de recarga sobre as contribucións e impostos do Estado (Táboa XLII, Anexo).

I. Arbitrio sobre compañías anónimas e comanditarias por accións

Consiste no arbitrio de once milésimas da base de imposición sobre o rendemento neto anual das compañías anónimas e comanditarias por accións (arts. 393-406 RDEM de 1924, do 8 de marzo). Só se contabiliza no ano 1925, aportando 1.500 pesetas, un 0,04% dos impostos por recursos para cubrir o déficit, inda que neste ano figura dentro dos ingresos procedentes da imposición municipal (Táboa XLII, Anexo).

L. Recarga sobre o rendemento bruto de minas

Consiste na recarga do 3% sobre o produto bruto das minas (art. 383 RDEM de 1924, do 8 de marzo). A cantidade ingresada é unicamente de 25 pesetas no ano 1925[344].

Gráfica 44. Evolución de ingresos por impostos no Concello de Lugo, 1919-1925



[344] Recargan a contribución industrial (subsidio) nun 32%, e este 3% é a maiores do anterior.

Así pois, como reflicte a Gráfica 44, ao longo da etapa teñen máis peso os recursos para cubrir o déficit que os impostos municipais, como xa acontecía nas dúas etapas anteriores.

4.6.1.4. Servizos municipais

Os servizos municipais non perden o seu carácter social, e seguen a estar conformados pola beneficencia, a corrección pública e a instrución pública. O total de ingresos por servizos municipais ascende á cantidade de 2.086.144,45 pesetas, o que supón un 17,62% dos ingresos na etapa. O ano 1919 é o que conta con maiores ingresos con 407.236,09 pesetas, un 19,52% dos ingresos na etapa, mentres que o 1925 é o de menores ingresos con 189.602,48 pesetas, un 9,09% (Táboa XLIV, Anexo).

A evolución ao longo da etapa é inestable, cun descenso progresivo dos ingresos ata o ano 1922, en total un 6,97%. Esta tendencia invértese no 1923, incrementándose nun 1,60% e noutro 1,74% no 1924. A etapa remata á baixa, cun descenso do 6,80% no ano 1925.

A. Beneficencia

Os ingresos por beneficencia seguen a proceder do Hospital de San Bartolomé e da Casa Municipal de Beneficencia, sen variación con respecto á xustificación da etapas anteriores, agás as atencións da Casa de Beneficencia no ano1925[345].

O total de ingresos por beneficencia é de 1.912.609,42 pesetas, un 91,68% dos ingresos por servizos municipais (Táboa XLIV, Anexo). Deste total, 1.294.260,52 pesetas proceden do Hospital de San Bartolomé, un 67,67%, e 618.348,90 pesetas da Casa Municipal de Beneficencia, un 32,33% (Táboa XLV, Anexo).

O ano con máis ingresos corresponde ao 1919 con 377.324,52 pesetas, un 19,73%, mentres que o de menores ingresos corresponde ao 1925 con 170.111,95 pesetas, un 8,89%. A evolución é decrecente entre o 1919 e o 1922, cun descenso dos ingresos do 7,36%. No 1923 invértese a tendencia, aumentando os ingresos nun 1,85%, e noutro 1,77% no 1924. Remata a etapa cunha caída dos ingresos do 7,10% no ano 1925 (Gráfica 45).

No Hospital de San Bartolomé o ano de máis ingresos corresponde ao 1919 con 226.402,68 pesetas, un 17,49%, mentres que o de menos ingresos corresponde ao 1925 con 144.718,15 pesetas, un 11,18%. A evolución é á baixa nos catro primeiros anos, cun descenso do 4,42% ata o 1922. Nos tres anos seguinte recupéranse os ingresos, aumentando nun 2,73% ata o 1924. Remata a etapa cunha importante baixada no ano 1925 do 4,62% (Táboa XLV, Anexo).

Na Casa Municipal de Beneficencia os anos con maiores e menores ingresos coinciden co Hospital de San Bartolomé; así, o 1919 é o de maiores ingresos con 150.921,84 pesetas, un 24,40%, mentres que o ano 1925 é o de menos ingresos con 25.393,80 pesetas, un 4,11% (Táboa XLV, Anexo).

A evolución tamén é parella ao hospital, cun descenso dos ingresos do 13,48% ata o 1922, a partir do cal se recuperan ata o 1924 cun incremento do 5,47%, para caer bruscamente no ano 1925, cun descenso do 12,28%.

[345] Segundo consta na *Memoria económica de 1924*, o hospital está instalado no antigo convento de Santo Domingo, conta con varias salas para a separación de sexos e enfermidades infecciosas e contaxiosas. A Deputación abona as seguintes tarifas: por cada estancia de enfermo pobre no hospital ou pola estancia dun mozo suxeito a operacións de substitución, 3 pesetas; por cada estancia de enfermo particular, 4 pesetas na sala xeral, 5 na especial e 7 na de preferencia. A Casa de Beneficencia está no antigo convento de San Francisco, onde se acolle e axuda a persoas desvalidas do municipio, dispoñendo para a súa instrución de escola e de talleres de zapatería, xastrería e carpintaría. Tamén ingresan aquí os expósitos procedentes da cidade de Lugo e de Mondoñedo, que teñan 7 anos, polos que abona a Deputación 1,50 pesetas diarias por cada un. En 1924, o número de asilados flutúa entre 110 a 130 mensuais, mentres que no hospital ingresaron 740 enfermos, saíron 664 e faleceron 65. Na casa asilo ingresaron 50, saíron 22 e faleceron 6.

B. Corrección pública

Os ingresos seguen a proceder do repartimento entre os concellos do partido (O Corgo, Castroverde, Castro de Rei, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei e Pol), e da subvención concedida pola Deputación Provincial, 2.500 pesetas anuais. O destino segue a ser o Cárcere do Partido Xudicial.

O total de ingresos na etapa ascende a 172.940,45 pesetas, un 8,29% dos ingresos por servizos municipais. O ano de máis ingresos é o 1919 con 29.827,23 pesetas, un 17,25%, mentres que o de menos ingresos é o 1925 con 19.405,59 pesetas, un 11,22%, ano no que non consta a subvención que concede a Deputación (Táboa XLIV, Anexo).

A evolución é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 3%, manténdose ao redor do 14% anual ata o 1922. No 1923 sofre un descenso do 1,10%, recuperándose no ano seguinte cun aumento do 1,41%. Remata e etapa á baixa, cun descenso dos ingresos do 3,55% no ano 1925.

C. Instrución pública

Na instrución pública os ingresos proceden dos intereses dunha inscrición intransferible da débeda perpetua interior ao 4% anual, con capital de 2.654,32 pesetas, equivalente a bens de instrución pública alleados, co desconto do 20% da contribución de utilidades.

O total de ingresos é reducido, aportando 594,58 pesetas, un 0,03% dos ingresos por servizos municipais. A evolución é constante cuns ingresos de 84,94 pesetas, un 14,29% anual.

Polo tanto, como nas dúas etapas anteriores, dentro dos servizos municipais o que máis aporta é a beneficencia, que ten un descenso no ano 1925 debido aos cambios que se establecen no Estatuto Municipal[346], seguida da corrección pública e en terceiro lugar a instrución pública, segundo se observa na Gráfica 45.



4.6.1.5. Propios

Os ingresos de propios proceden principalmente de inscricións, concretamente de dúas inscricións intransferibles da renda perpetua interior ao 4% anual, sendo o seu capital de 31.316,49 e de 6,75 pesetas, respectivamente, equivalentes a bens de propios alleados, ás que

[346] O Estatuto Municipal establece que deberá haber unha casa de beneficencia en todos os municipios de máis de 15.000 persoas, o que podería explicar a redución de ingresos neste capítulo de beneficencia (art. 209 RDEM de 1924, do 8 de marzo).

se lles desconta o 20% da contribución de utilidades. No 1925 engádense as inscricións e títulos do hospital e as inscricións da Casa Asilo [347]. Nos anos 1923, 1924 e 1925 tamén computan os ingresos por fincas e censos[348].

O total de ingresos por propios na etapa ascende á cantidade de 9.166,14 pesetas, o que supón un 0,08% dos ingresos. O ano que máis se ingresa é o 1925 con 3.133,34 pesetas, un 34,18%; mentres, os anos de menores ingresos son do 1919 ao 1922, cuns ingresos ao redor dun 10,94% anual (Táboa XLVI, Anexo).

Os ingresos de inscricións aportan un total de 8.157,14 pesetas, un 88,99% dos ingresos por propios. O ano de maiores ingresos é o 1925 con 2.140,34 pesetas, un 26,24%, mentres que o resto de anos ingrésase practicamente a mesma cantidade por ano, ao redor dun 12% anual. A evolución é similar ao total, estable ata o 1924, cun importante incremento do 13,95% no ano 1925 (Táboa XLVI, Anexo).

Os ingresos por fincas, censos e edificios son de 1.009 pesetas, un 11,01% dos ingresos por propios. Só se contabilizan ingresos nos anos 1923, 1924 e 1925; o ano que máis ingresos aporta é o 1925 con 993 pesetas, un 98,41%, mentres os outros dous anos ingresan unicamente 8 pesetas cada un, un 0,79% anual. A evolución non varía, e pasa da estabilidade de 1923 e 1924, a incrementarse nun 97,62% no ano 1925 (Táboa XLVI, Anexo).

Gráfica 46. Evolución de ingresos por propios no Concello de Lugo, 1919-1925



[347] No hospital, 1.246,55 pesetas corresponden a unha inscrición con capital de 31.163,90 pesetas; 3,45 pesetas a outra inscrición con capital de 86,26 pesetas; 26,43 a outra inscrición con capital de 660,90 pesetas co pago de intereses domiciliado en Ourense; 120 pesetas a seis títulos da débeda da serie A, con capital de 3.000 pesetas; e 16 pesetas a catro títulos da serie G, con capital de 400 pesetas. En total 1.412,43 pesetas, que despois de descontado o 20% da contribución de utilidades quedan en 1.129,94 pesetas. Nas inscricións da Casa Asilo 9,41 pesetas son dunha inscrición con capital de 242,95 pesetas, que despois do desconto do 20% quedan en 7,77 pesetas.

[348] Concretamente nos anos 1923 e 1924 estes proceden do que se debe satisfacer aos herdeiros do dono do solar da Rúa de Manuel Becerra, para pago da pensión de 18,70 pesetas coa que están gravados o solar da rúa de Manuel Becerra, cuxa ocupación lle foi adxudicada, e a casa propiedade do concello destinada a parque de bombeiros. No ano 1925, dentro do apartado de edificios e solares hai un total de 647, 50 pesetas: 547,50 pesetas van destinadas ao alugueiro da casa número 6 da rúa da Catedral, propiedade do hospital; 100 pesetas son para o alugueiro do local da Porta de San Fernando, propiedade da Casa Asilo. Tamén no ano 1925, dentro do apartado de censos compútanse 345,50 pesetas: 91,25 pesetas son pola pensión coa que está gravada a casa número 4 da rúa da Catedral; 12,50 pesetas para a pensión afecta á casa número 53 da Ronda da Coruña; 133,75 pesetas pola contribución que se desconta da pensión de 390 pesetas coa que están gravadas as casas números 4 e 6 da rúa da Catedral; 100 pesetas polo foro da ferrería de Vilar de Cuíña, no val de Burón; e 8 pesetas polo que corresponde abonar á viúva de don Antonio Ameijide, para pagar a pensión coa que están gravados o solar e a casa da rúa de Manuel Becerra.

Como reflicte a Gráfica 46, a evolución é estable entre os anos 1919 e 1924, cuns ingresos en torno ao 11% anual, cun incremento importante no ano 1925 do 23,15%, o que se explica polas inscricións e títulos do hospital e as inscricións da Casa Asilo, así como polo incremento dos ingresos por fincas e censos xa indicados.

4.6.2 Gastos

4.6.2.1 Obras municipais

Comparativamente coa anterior etapa, nesta as obras municipais ocupan o primeiro posto dos gastos, fronte ao cuarto lugar que ocupan na etapa anterior (Táboa XLVII, Anexo).

Ao igual que nas etapas anteriores, conforman este capítulo as obras de nova construción e as obras públicas ou de conservación. O total de gasto en obras na etapa ascende á cantidade de 6.811.674,32 pesetas, o que supón un 48,90% dos gastos totais. Por anos, o de maior gasto corresponde ao 1919 con 1.268.436,35 pesetas, un 18,62%, mentres que o ano 1925 é o que conta con menores gastos, 596.717,67 pesetas, un 8,76%.

A evolución é á baixa en toda a etapa, como se observa na Gráfica 47: así nos dous primeiros o gasto redúcese nun 0,30%, no 1921 nun 1,88%, no 1922 nun 1,08%, no 1923 nun 2,68%, no 1924 nun 2,86%, e no ano 1925 nun 1,06%. En toda a etapa, a diminución do gasto é dun 9,86%.

Gráfica 47. Evolución de gastos en obras no Concello de Lugo, 1919-1925



A. Obras de nova construción

Os gastos en obras ex novo destínanse principalmente ao Hospital Municipal e ao Campo da Feira, ambos proxectos aprobados xa en 1917 e nos que xa se viña invertendo desde ese momento, e tamén se destinan á construción dun parque de recreo[349].

O gasto na construción do Hospital de Santa María na etapa é de 5.972.615,36 pesetas, contabilizándose á baixa desde o ano 1921; na construción do Campo da Feira invértense 103.304,08 pesetas, contabilizándose entre o 1919 e o 1922, mentres que para a construción dun parque de recreo destínase 117.001,03 pesetas, contabilizándose desde o 1921. O resto de gastos, xa cunha contía menor de 106.969,53 pesetas, serán para o saneamento e pavimentación

[349] Concello de Lugo. (2 de xullo de 1921). *Sesión plenaria*. AML (Sin. 7991.4), Lugo.

xeral de rúas[350], pechándose os gastos nestas con 2.500 pesetas para a construción dun lavadoiro público, contabilizadas entre os anos 1922 e 1924.

Os gastos totais en obras de nova construción son de 6.350.931,77 pesetas, un 93,24% dos gastos en obras municipais (Táboa XLVII, Anexo). O ano de maior gasto corresponde ao 1919 con 1.187.722,90 pesetas, un 18,70%, mentres que ao 1925 correspóndelle a menor inversión con 500.105,59 pesetas, un 7,87%. A evolución segue a mesma traxectoria á baixa que os gastos totais de obras, como se ve na Gráfica 47; así estes descenden un 0,18% no 1920, un 1,72% no 1921, un 0,93% no 1922, un 3,15% no 1923, un 3,21% no 1924, e un 1,64% no ano 1925. En toda a etapa, o descenso de gasto é dun 10,83%.

B. Obras públicas

As obras públicas compóñense, en orde cuantitativa, de beirarrúas e empedrados, camiños veciñais e pontes, fontes e canos, conservación de edificios, matadoiro, mercado, sumidoiros, material e cemiterio.

B.1 Beirarrúas e empedrados

Os gastos van destinados á pavimentación de rúas, construción de beirarrúas e reparación do actual empedrado. Destro destes destacamos os arranxos da rúa de San Marcos (1919-1920), Rúa Nova (1920-1924), rúa do Conde Pallares e na Praza da Constitución (1921-1922), rúa Bispo Aguirre (1921), rúa da Raíña (1923-1925), rúas do Conde Pallares, Armañá, Manuel Becerra e Xoán Montes (1925), rúa Montevideo (1922-1924), rúa do Bo Xesús (1923- 1924), rúa de Bolaño Ribadeneira (1923) e rúa San Fernando (1924)[351].

Os gastos totais en beirarrúas e empedrados na etapa ascenden a 204.705,35 pesetas, un 3,01% do gastos en obras municipais: o ano con máis gasto corresponde ao 1925 con 44.843,43 pesetas, un 21,91%, mentres que o de menor gasto é o 1922 con 15.793,40 pesetas, un 7,72% (Táboa XLVII, Anexo).

A evolución do gasto é inestable, cun aumento do 4,19% no 1920, reducíndose nun 3,46% no ano seguinte, e noutro 2,78% no 1922. En 1923 invértese a tendencia, cun incremento de gasto do 7,98%, do 4,75% no 1924 e do 1,46% no ano 1925.

B.2 Camiños veciñais e pontes

Os gastos para a conservación de camiños veciñais e pontes van destinados a persoal e material. Entre os anos 1919 e 1923 destacan as 2.868,65 pesetas anuais para a estrada de Friol

[350] Esas 106.969,53 pesetas divídense do seguinte xeito: 67.950 pesetas que figuran no proxecto aprobado por RO do Ministerio da Gobernación, data 27 de febreiro de 1921; 38.019,53 pesetas para a apertura da Porta do Bispo Odoario no ano 1925; e tamén neste ano 1.000 pesetas para os gastos que ocasione o estudo, formación de proxecto e pago do 1º prazo do solar para a construción dun matadoiro industrial.

[351] Para o pavimento da Rúa de San Marcos (1919, 1920, 5.685,63 pesetas); reparación do empedrado e novo pavimento de cemento da Rúa Nova (1920, 1921, 1923, 1924, 30.650,81 pesetas); novo pavimento de cemento con capa de morteiro tamén de cemento na rúa do Conde de Pallares e na Praza da Constitución, desde aquela ata o edificio Círculo das Artes, previa liquidación do arquitecto municipal, aprobada o 4 de xuño de 1921 (1921, 1922, 11.293,40 pesetas); pavimentación e saneamento da rede de sumidoiros da Rúa Bispo Aguirre, obra comprendida entre os proxectos para cuxa realización se solicitou a concesión da recarga do 10% sobre as cotas do Tesouro polas contribucións urbana e industrial, destínase a cantidade que se calcula producirá no 4º trimestre do actual ano como único (1921, 5.000 pesetas); asfaltado das beirarrúas da rúa da Raíña (1923, 1924, 1925 con 4.500 pesetas, no ano 1925 as 4.500 pesetas son para saneamento do cano e asfaltado); pavimentación das rúas do Conde de Pallares, parte da de Armañá, Manuel Becerra, Juan Montes (1925, 12.000 pesetas, máis 31.343,43 pesetas para Armañá, Conde Pallares e Manuel Becerra); para a rúa Montevideo destínanse 47.086,77 pesetas entre os anos 1922 e 1924, para a nivelación e construción de muros de peche e beirarrúas de cemento, segundo presuposto aprobado pola Corporación en sesión de 11 de novembro de 1922; 17.095 pesetas nos anos 1923 e 1924 para as obras de pavimentación da rúa do Bo Xesús ata a porta de Santiago; 1.646,48 pesetas no ano 1923 para as obras da rúa de Bolaño Ribadeneira; e 23.099,70 pesetas no ano 1924 para as obras de pavimentación da rúa de San Fernando.

a Lugo[352], mentres que no 1924 e 1925 destínase a mesma cantidade anual para contribuír á construción da continuación do camiño do Burgo a Bacurín, desde este punto ata San Román da Retorta[353]. O total de gastos na etapa é de 92.612,85 pesetas, un 1,36% dos gastos en obras municipais. O ano que conta con máis inversión é o 1925 con 26.868,65 pesetas, un 29,01%, e pola contra, o 1920 é o de menor inversión con 9.226,15 pesetas, un 9,96%. (Táboa XLVII, Anexo).

A evolución do gasto é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 8,63%, recuperándose levemente no 1921 cun incremento do 0,20%, outro do 0,27% no 1922, e outro do 0,77% no 1923, que se mantén no 1924. Remata a etapa claramente á alza, cun aumento de gasto do 18,08% no ano 1925.

B.3 Fontes e canos

Contemplan os gastos das obras realizadas para o saneamento, substituíndo o anterior acueduto por tubaxe de ferro e gres que se iniciara en 1915, ademais dos gastos de limpeza e conservación do cano actual e fontes públicas da capital. No ano 1920 destínanse tamén 688,50 pesetas para dous gardas encargados da vixilancia dos canos que fornecen de augas á poboación[354].

O total de gasto na etapa ascende á cantidade de 78.488,50 pesetas, un 1,15% dos gastos en obras municipais. O ano 1919 é o de maior gasto con 17.000 pesetas, un 21,66%, mentres que o 1925 é o que conta con menos gasto, 10.000 pesetas, un 12,74% (Táboa XLVII, Anexo).

A evolución do gasto segue unha tendencia xeral á baixa; así, este redúcese nun 7,72% no ano 1920, nun 0,88% no 1921, e noutro 0,19% no 1922, manténdose ata o 1924. Remata a etapa con outro descenso pouco significativo do 0,13% no ano 1925.

B.4 Conservación de edificios

Nos gastos de conservación de edificios municipais destaca a reconstrución da Porta de Emilio Castelar (32.400 pesetas entre os anos 1919 e 1921), e no 1925, 7.000 pesetas para o soldo anual e material da oficina do arquitecto (6.500 e 500 pesetas, respectivamente), máis 4.000 pesetas para o pago do 1º prazo das obras de reforma da Casa Consistorial.

O total de gasto en conservación de edificios municipais na etapa é de 47.650 pesetas, un 0,70% dos gastos en obras municipais (Táboa XLVII, Anexo). O ano de maior gasto corresponde ao 1919 con 15.800 pesetas, un 33,16%; mentres, os anos de menor gasto corresponden a 1922, 1923 e 1924 con 300 pesetas, un 0,63% anual.

A evolución do gasto é á baixa entre os anos 1919 e 1922, descendendo o gasto nun 13,64% no 1920, nun 0,53% no 1921 e nun 18,36% no 1922; un 32,53% nos catro anos. Mantense no 1923 e 1924, e remata a etapa claramente á alza, cun importante incremento de gasto do 25,81% no ano 1925.

B.5 Matadoiro

Os gastos van destinados nos anos 1919 e 1920 ás obras de reparación necesarias na cuberta e dependencias do matadoiro de ganados, un total de 12.553,05 pesetas. O resto dos gastos, 400 pesetas entre o 1922 e 1925, son para os gastos de conservación do matadoiro que acontezan durante o ano.

[352] As 2.868,65 pesetas son para satisfacer do cuarto ao oitavo e último prazo do 30% co que debe contribuír o concello para dita construción.

[353] Esta cantidade é para satisfacer os dous primeiros prazos cos que o concello e a xunta municipal contribúen a esta construción. En: Concello de Lugo. (17 de febreiro e 24 de marzo de 1924). *Sesión municipal*. AML (Sin. 7992.2), Lugo.

[354] Desde o 1º de maio ata o 30 de setembro, con xornal de 2,25 pesetas cada un deles.

Os gastos na etapa ascenden á cantidade de 12.953,05 pesetas, un 0,19% dos gastos en obras municipais. O 1920 é o de máis gasto con 8.053,05 pesetas, un 62,17%; mentres, son os anos 1922, 1923, 1924 e 1925 os de menos gasto, 100 pesetas, un 0,77% anual. Non se contabilizan gastos no ano 1921 (Táboa XLVII, Anexo).

A evolución do gasto é á alza nos dous primeiros anos, cun incremento do 27,43%, cunha caída brusca do 61,40% no 1922, manténdose ata o ano 1925.

B.6 Mercado

Os gastos do mercado van destinados á conservación da Praza de Abastos e do mercado de banquetas construído na rúa de Quiroga L. Ballesteros. A partir do ano 1921 inclúese tamén o Campo da Feira.

O total de gastos na etapa é de 7.750 pesetas, un 0,11% dos gastos en obras municipais. Os anos 1923, 1924 e 1925 contemplan o maior gasto con 1.500 pesetas, un 19,35% anual; pola contra, o 1919, 1920 e 1921 son os de menor gasto con 750 pesetas, un 9,68% anual (Táboa XLVII, Anexo).

A evolución do gasto tende en xeral á alza. Esta parte da estabilidade entre os anos 1919 e 1921, aumentando un 3,22% no 1922 e outro 6,45% no 1923, para manterse ata o final da etapa.

B.7 Sumidoiros

Os gastos van destinados á construción de novos sumidoiros, 6.000 pesetas nos anos 1919 e 1920; e á limpeza e conservación da rede de sumidoiros, 1.400 pesetas e 200 pesetas anuais, respectivamente.

Na etapa os gastos son de 7.400 pesetas, un 0,11% dos gastos en obras municipais. O ano de máis gasto corresponde ao 1919 con 3.700 pesetas, un 50%, mentres que os de menos gasto van do 1921 ao 1925, con 200 pesetas, un 2,70% anual (Táboa XLVII, Anexo). A evolución é claramente á baixa, cun descenso do 13,51% no ano 1920, e outro do 33,79% no 1921, para manterse nesta cifra ata o final da etapa.

B.8 Material

Os gastos de material de obras da Administración van destinados ao pago das obras que se realicen durante o ano e non teñan consignación especial no presuposto.

Os gastos na etapa son de 4.750 pesetas, un 0,07% dos gastos en obras municipais. O ano 1919 é o de maior gasto con 1.000 pesetas, un 21,05%, mentres que do 1920 ao 1924 só se inverten 750 pesetas por ano, un 15,79%. Non se contabilizan os gastos no ano 1925 (Táboa XLVII, Anexo). A evolución do gasto é á baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 5,26%, para manterse ata o 1924.

B.9 Cemiterio

Os gastos do cemiterio seguen a destinarse ás reparacións necesarias nos cemiterios xeral e civil. Na etapa gástanse un total de 4.432,80 pesetas, un 0,07% dos gastos en obras municipais. O ano de maior gasto corresponde ao 1920 con 1.832,80 pesetas, debido á reparación da capela do cemiterio, un 41.35%; polo contra, do 1922 ao 1924 os gastos son de 250 pesetas por ano, un 5,64% (Táboa XLVII, Anexo).

A evolución do gasto é inestable; así este aumenta un 24,43% no 1920, reducíndose nun 27,81% no 1921, e noutro 7,90% no 1922, manténdose ata o 1924. No ano 1925, recupérase parcialmente o gasto cun incremento do 5,64%.

En total, os gastos de obras públicas ou de conservación na etapa ascenden a 460.742,55 pesetas, un 6,76% das obras municipais, correspondendo o ano de maior inversión ao 1925 con

USC COMPOSTELA

96.612,08 pesetas, un 20,97%; mentres, o de menor inversión é 1922 con 38.152,05 pesetas, un 8,28% (Táboa XLVII, Anexo).

A evolución do gasto presenta dúas fases contrastadas, como se observa na Gráfica 47: unha primeira á baixa, que abrangue desde o ano 1919 ao 1922, cun descenso do gasto do 1,87% no 1920, do 4,25% no 1921, e do 3,12% no 1922; en total un 9,24%. No 1923 ábrese unha segunda fase de evolución positiva, cun incremento de gasto do 3,76% no 1923, do 2,11% no 1924, e do 6,82% no 1925; en total dun 12,69%.

4.6.2.2 Cargas

O capítulo de cargas componse do continxente provincial, créditos recoñecidos, intereses de amortización de empréstitos, expropiacións, subvencións, contribucións e impostos, funcións e festexos, subministracións ao Exército, pensións e censos correntes.

Os gastos en cargas na etapa ascenden á cantidade de 3.405.274,64 pesetas, un 24,45% dos gastos totais; o ano que máis gastos contempla é o 1919 con 915.194,23 pesetas, un 26,88%, mentres que o de menos gastos corresponde ao 1925 con 328.714,07 pesetas, un 9,65% (Táboa XLVIII, Anexo).

A evolución é á baixa en toda a etapa, cun descenso progresivo do gasto, como se observa na Gráfica 48: este é máis acusado no ano 1920, descendo nun 11,18%, e entre este e o 1925 nun 6,05%; un 17,23% en total na etapa.

A. Continxente provincial

Os gastos do continxente provincial van destinados ao pago á Deputación Provincial da cota sinalada ao concello no repartimento para cubrir o déficit do presuposto da provincia. No ano 1925 dedúcese da aportación o 50% do imposto de cédulas persoais de 1924 a 1925.

En toda a etapa os gastos ascenden á cantidade de 1.890.813,77 pesetas, un 55,53% dos gastos en cargas do concello, o que o converte no maior gasto das cargas, como xa acontecía nas dúas etapas anteriores. O ano que máis gastos contempla é o 1919 con 460.426,92 pesetas, un 24,35% da etapa, mentres o ano de menores gastos corresponde ao 1925 con 153.614,88 pesetas, un 8,12% (Táboa XLVIII, Anexo).

A evolución é decrecente, cunha diminución progresiva do gasto en toda a etapa, sendo os descensos máis acusados no1920 cun 4,96% e no 1921 cun 6,06%. Do ano 1921 ao 1925, o descenso é do 5,21%.

B. Créditos recoñecidos

A procedencia dos créditos é diversa, destinándose todos os anos créditos para o pago de obras[355], mentres que os gastos de novos créditos van destinados a conceptos diversos como alugueiros,

[355] En 1919 para o contratista da construción da Praza de Abastos dos intereses, a razón do 5,48% da débeda, que en 1919 ascende a 56.000 e en 1925 a 5.000 pesetas para pago do prazo anual de amortización que vence no ano 1925; para o pago de prazos por obras no mercado de banquetas na rúa Quiroga L. Ballesteros, máis os intereses do 5,20%; para pagar o último prazo das obras de asfaltado do pavimento da rúa da Raíña e da Praza Maior, máis os intereses do 5%, 11.128,79 pesetas; tamén para o último prazo do importe das obras de asfaltado do pavimento da Praza de Santo Domingo; para o pago do resto do importe das obras de pavimentación da rúa de San Pedro con formigón de cemento e capa de morteiro tamén de cemento, 1.861,41 pesetas; a maiores xornais invertidos nas obras de pavimentación dos soportais da Praza da Constitución con formigón de cemento e capa de morteiro de cemento (909,75 pesetas) e xornais invertidos nas obras realizadas no pórtico da catedral, con motivo do derrubo do Arco de Palacio (1.580 pesetas); outros créditos van destinados ao servizo de coches fúnebres para pago ao encargado deste de dúas contas por gastos de manutención de gando dos anos 1917-18, 2.526 pesetas, así como para pago a un particular da Xunta de Caridade pola subscrición para socorrer enfermos pobres contaxiados de gripe, 1.000 pesetas. No ano 1925, nos créditos para pago de obras, 362,35 pesetas van para pagar aos contratistas da rúa e porta do Bispo Aguirre, de intereses por mora no abono das obras, e 94,25 pesetas para pago ao arquitecto municipal, do resto do importe da construción de canais de cemento na cocheira da rúa de Armañá. Destínanse tamén 4.560,66 pesetas para pago á Agrupación forzosa dos

remuneracións, premios, banquetes e impostos, entre outros[356].

De todos os créditos destacamos pola súa contía os seguintes: no ano 1919, o crédito principal é o que vai destinado á cancelación do préstamo que fixo o Banco da Coruña para adquisición da fábrica de luz eléctrica e activo da *Sociedad Alumbrado Eléctrico de Lugo*, por un importe de 300.000 pesetas. No 1922, dentro dos novos créditos, destaca o destinado para o pago á alcaldía por unha expropiación cun valor de 20.617,15 pesetas. No 1923 os créditos destínanse ao pago dos intereses devengados por mora no pago das obras de explanación, perpiaños e carpintería do Campo da Feira, 5.073,40 pesetas. No 1924, dentro dos gastos en novos créditos, a partida máis cuantiosa vai destinada a satisfacer ao administrador da fábrica de enerxía eléctrica restos de gastos de material[357]. No ano 1925 non figuran novos créditos, pero en cambio é o que conta con máis gastos no apartado de intereses e amortización de empréstitos.

O total de gastos en créditos na etapa ascende á cantidade de 740.707,20 pesetas, un 21,75% dos gastos en cargas. O ano con máis gastos é o 1919 con 388.907,55 pesetas, un 52,50% na etapa, mentres o ano 1925 é o de menores gastos con 20.304,22 pesetas, un 2,74% (Táboa XLVIII, Anexo).

A evolución é claramente á baixa nos dous primeiros anos cun descenso do gasto do 46,71% no 1920; no 1921 invértese a tendencia, cun incremento do gasto do 1,54%, e doutro

---

Concellos do partido, da cota para gastos de administración de xustiza de 1924 a 1925. O resto de gastos deste ano van destinados ao pago de contribucións por derrubo de casas para a apertura da rúa de Montevideo e ensanche da de Bolaño Rivadeneira, para a contribución de fincas expropiadas para o parque e a subministracións, censos, seguros, servizos, subscricións, asignacións, pensións e alugueiros.

[356] No ano 1920, os novos créditos van destinados a satisfacer ao veterinario municipal a diferenza entre as 3.889 pesetas que comportou a adquisición e portes dun tiro de cabalos desde Valladolid a esta capital, e ás 2.500 pesetas que figuran no presuposto de 1919 a 1920; para satisfacer a Leovigildo García, dono do hotel Méndez Núñez, os gastos do banquete co que se obsequiou á comisión do Concello da Coruña e demais representacións que acompañaron á excursión que veu á capital o día 5 de outubro do ano último, con motivo dos festexos de San Froilán, 1.983,45 pesetas; para satisfacer os xornais que deben desde o 11 de novembro ata o 31 de marzo os axentes para o cobro dos arbitrios sobre carne e viños, 1.413 pesetas. No ano 1921, os gastos en novos créditos van destinados fundamentalmente a material, obras, xornais, dereitos, gastos de escrituras, banquetes, instrumentos musicais e alugueiros, cun total 22.772,05 pesetas. No ano 1922, dentro dos gastos en novos créditos, a partida máis cuantiosa vai destinada a satisfacer a Ángel López Pérez, alcalde do Concello de Lugo, o importe no que foron expropiadas 4 casas da Rúa Nova, para ensanche da de Bolaño Rivadeneira e apertura da de Montevideo, segundo conta aprobada en 3 de xaneiro de 1922, un total de 20.617,15 pesetas. A segunda partida en importancia económica vai destinada a satisfacer ao administrador da fábrica de enerxía eléctrica e alumeado da poboación, o resto dos gastos acontecidos no ano 1920 a 1921, segundo contas aprobadas pola corporación que non puideron formalizarse por falta de crédito, 7.929,15 pesetas, e a maiores outras 1.532,98 pesetas para o mesmo polo resto das contribucións e impostos que non puideron formalizarse por falta de crédito. O resto de novos créditos de 1922 van destinados fundamentalmente a material, manutencións, obras, instrumentos musicais, xornais, dereitos e obsequios, cun total 42.580,34 pesetas. No ano 1923, nos gastos en novos créditos, a partida máis cuantiosa vai destinada a satisfacer ao administrador da fábrica de enerxía eléctrica restos de gastos de material acontecidos no ano 1920 a 1921 con 21,500 pesetas; o resto do importe dos gastos de material acontecidos no ano 1921 a 1922, 14.350,05 pesetas; e ao mesmo o resto das contribucións urbana e industrial pagada no ano 1921 a 1922, cun total de 87,54 pesetas.

[357] No 3º trimestre de 1922 a 1923, 3.491,89 pesetas, os gastos de material no 4º trimestres de 1922 a 1923, 3.672,08 pesetas, no 2º trimestre de 1923 a 1924, 1.426,36 pesetas, no 3º trimestre de 1923 a 1924, 5.196,75 pesetas, polo resto do ingresado no Tesouro polo imposto sobre o consumo de fluído eléctrico no 4º trimestre de 1922 a 1923, 898,41 pesetas, e o resto do pagado por contribución no 4º trimestre de 1922 a 1923, 753,25 pesetas. Tamén no 1924, figuran 1.510 pesetas para satisfacer unha conta por 12 capotes para os individuos da garda municipal; 5.270,40 pesetas para satisfacer á Compañía de Abastecemento de Augas de Lugo o importe da instalación de bocas de rego; 4.018,31 pesetas para satisfacer o importe da construción de beirarrúas de cemento na rúa de Ángel López Pérez; 2.232,79 pesetas para satisfacer ao alcalde polo resto do importe dos terreos adquiridos para o parque; 3.518,07 pesetas para satisfacer á Deputación Provincial o resto da cota correspondente ao 3º trimestre do actual ano económico e 22.483,52 pesetas para satisfacer á mesma a cota do 4º trimestre; 3.449,09 pesetas para satisfacer a un provedor o resto do importe de bocas de rego e accesorios para o parque. O resto de novos créditos van destinados fundamentalmente a material da depositaría e secretaría, subministracións da casa consistorial, material para o servizo de quintas, gratificacións a gardas municipais, material da garda municipal, premios por morte de animais (zorra), material para cobradores de arbitrios, uniforme do conserxe do Campo da Feira, uniformes, capotes da Escola de Música, obras menores, cristais e reparacións na Praza Abastos, intereses, portes de ferrocarril e subvención das obras da igrexa de Santiago, cun total de 500 pesetas.

2,61% no 1922, que se mantén nestas cifras no 1923. En 1924, prodúcese outro aumento do gasto do 3,65%, rematando a etapa cunha importante caída do mesmo do 9,93% no ano 1925.

C. Intereses e amortización de empréstitos

Os intereses e amortización de empréstitos no ano 1919 van destinados ao pago de anuncios, escrituras, dereitos reais, timbre das obrigacións e demais gastos que ocasione a contratación do empréstito e adquisición da fábrica da luz eléctrica, así como á cancelación do préstamo de 300.000 pesetas para a súa compra, cun total de 20.000 pesetas.

En todos os anos consta o pago para satisfacer os intereses ao Banco da Coruña, a razón do 5% anual das 2.000 obrigacións de 500 pesetas cada unha, correspondentes á 1ª serie do empréstito que representan o capital nominal de 1.000.000 de pesetas[358]. Consta tamén o pago á Facenda da contribución de utilidades, a razón do 5% sobre o importe dos intereses que figuran na 1ª serie[359], así como o pago á Facenda do timbre de negociación das obrigacións da 1ª serie postas en circulación, a razón de 1,50% do valor efectivo[360].

O total de gastos na etapa ascende á cantidade de 489.623,52 pesetas, un 14,38% dos gastos en cargas do concello. Os anos con máis gasto son o 1920 con 93.447,52 pesetas, un 19,09%, así como o de 1925 con 96.837,70 pesetas, un 19,78%. No outro extremo, o ano de menos gasto é o 1919 con 32.500 pesetas, un 6,64% (Táboa XLVIII, Anexo).

A evolución é á alza nos dous primeiros anos, cun aumento de gasto do 12,45%; no 1921 prodúcese un descenso do 5,56%, para situarse ao redor do 13% anual ata o 1924. Remata a etapa con outro incremento importante do gasto do 6,07% no ano 1925.

D. Expropiacións

Os gastos en expropiacións só se contabilizan do ano 1921 ao 1923, e van destinados ás expropiacións que o concello acorde. En 1921 destínanse 5.000 pesetas para o ensanche da porta de San Pedro, 12.500 pesetas para pago das fincas expropiadas no lugar coñecido como *Garañón* para a construción dun parque de recreo, 17.000 pesetas no 1922 e 32.000 pesetas no ano 1923.

En total, os gastos en expropiacións son de 90.054,45 pesetas, un 2,64% dos gastos en cargas. O ano de máis gasto corresponde ao 1921 con 40.500 pesetas, un 44,97%; mentres, o de menor gasto é o 1922 con 17.315,02 pesetas, un 19,23% (Táboa XLVIII, Anexo).

A evolución describe unha traxectoria cóncava, cun descenso do gasto do 25,74% no ano 1922, incrementándose este nun 16,57% no 1923.

E. Subvencións

Como na anterior etapa, as partidas de subvencións e compromisos varios do concello destínanse a diversas institucións e eventos como o Campo de demostración agrícola, o Orfeón Galego, a Sociedade Venatoria, a Festa da Árbore, as Colonias Escolares e a Banda de Música do Rexemento de Infantaría de Zamora, así como para pagar o alugueiro de diversos locais[361].

[358] Do ano 1919 a 1921 son 1.000.000 de pesetas e 2.000 obrigacións; no 1922 son 979.000 pesetas e 1.959 obrigacións; no 1923 son 968.500 pesetas e 1.937 obrigacións; no 1924 son 957.000 pesetas e 914 obrigacións; e no 1925 son 3.090 obrigacións, xa que se liquidan as que nos anos anteriores figuraban en acredores.

[359] Nos anos 1919 e 1920 é o 5%; no resto o 5,50%.

[360] A partir do ano 1922 son a razón do 1,50‰.

[361] Entre eles o que ocupa na rúa Emilio Castelar o Cuartelillo de Seguridade, o da casa na que están instaladas a Caixa de recrutamento e demais oficinas militares a partir de 1920, o do local para a sección de gardas de cabalaría, abonado este último á comandancia da Garda Civil; o alugueiro da casa habitación do porteiro da Audiencia provincial. Finalmente, no ano 1925, 200 pesetas son para o pago do alugueiro dos locais da parroquia de Santiago de Meilán, na que está establecida a parada de cabalos sementais do Estado.

USC

Tamén, ata o ano 1921, se contabilizan partidas para custear o sostemento do local establecido na Praza de Abastos no que o concello vende pan e patacas ao prezo de taxa, cun total de 28.000 pesetas[362].

A partir do ano económico 1921-1922, unha partida vai destinada para satisfacer á Caixa Rexional Galega de Previsión, para a constitución da pensión de retiro ao persoal do concello e dos establecementos dependentes do mesmo[363], así como 200 pesetas para un concurso de ganados que se celebrará en Madrid. Finalmente, no ano 1925, a maiores destínanse partidas para a subvención de diversas institucións por un total de 6.400 pesetas[364], e, no apartado de auxilios para o fomento da produción e do traballo, 3.000 pesetas van para os gastos que ocasione a celebración dun Congreso de Economía Rexional.

Os gastos totais en subvencións e compromisos varios ascenden á cantidade de 84.397 pesetas, un 2,48% dos gastos en cargas; o ano de maior gasto corresponde ao 1919 con 25.582,50 pesetas, un 30,31%, mentres o de menor gasto corresponde ao 1921 con 5.582,50 pesetas, un 6,61% (Táboa XLVIII, Anexo).

A evolución do gasto é claramente á baixa nos tres primeiros anos, cun descenso do 18,84% no 1920 e do 4,86% no 1921. En 1922 invértese a tendencia cun aumento de gasto do 5,75%, que volve a caer no 1923 un 3,75%, manténdose no 1924 en cifras ao redor do 8%; remata a etapa cun importante aumento de gasto do 13,07% no ano 1925.

F. Contribucións e impostos

Os gastos para a Facenda por contribucións e impostos no ano 1919 van destinados ao pago da contribución territorial correspondente ás fincas propias do concello, máis o imposto do 17% do importe do alumeado que se subministre a particulares. No 1920 engádese o imposto sobre bens de persoas xurídicas, o 20% da recadación de propios, o 10% do alumeado público e a contribución industrial pola fábrica de luz eléctrica propiedade do concello (este último só neste ano, eliminándose a partir de aquí tamén os dous aplicados á luz). Finalmente, no 1925 engádese a contribución de utilidades correspondente aos haberes e gratificacións dos empregados municipais, e o 1,20% do imposto sobre os pagos que se verifiquen durante o ano, un total de 25.000 pesetas. Tamén se engaden partidas para o pago das contribucións das pensións coas que están gravadas casas particulares e outras propiedade do Hospital Municipal e da Casa Asilo.

En total na etapa, os gastos en contribucións e impostos son de 68.301,94 pesetas, un 2,01% dos gastos en cargas; o ano con máis gastos corresponde ao 1925 con 28.235,55 pesetas, un 41,34%, mentres que o de menos gastos é o 1922 con 1.500 pesetas, un 2,20% (Táboa XLVIII, Anexo).

A evolución describe unha traxectoria inestable, cun incremento importante no 1920 do 19,45%, que descende un 7,24% no 1921 e outro 15,04% no 1922. No 1923 prodúcese un aumento do 3,09%, caendo un 0,86% no 1924. Remata a etapa claramente á alza, cun aumento do 36,91% no ano 1925.

---

[362] Son 15.000 pesetas destinadas a custear o déficit que ocasionou ata o 31 de marzo de 1919 o sostemento da panadería municipal e venda de patacas ao prezo de taxa; 5.000 pesetas para abonar o déficit que ocasione o sostemento destes establecementos durante o ano económico de 1919 a 1920; 6.000 pesetas en 1920 e 2.000 pesetas en 1921.

[363] España. Ministerio de Traballo. Real Decreto do Regulamento do Retiro Obreiro de 1921, de 21 de xaneiro. La Gaceta de Madrid, 23 de xaneiro de 1921, núm. 23, pp. 263-270.

[364] 2.000 pesetas para subvención ao Montepío de Empregados municipais; 2.000 pesetas para subvencionar os gastos de ensanche da poboación, como ingreso do presuposto especial; 2.000 pesetas para subvención á Comandancia de Carabineiros, a fin de completar o alugueiro do local destinado a Cuartel no caso de aquela se traslade a esta capital; 100 pesetas para pago da cantidade con que se acordou contribuír á subscrición para erixir un monumento a Avelino Montero Villegas; e 300 pesetas para pago a subvención concedida ao Centro Galego de Madrid.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

G. Funcións e festexos

Como na anterior etapa, os gastos en funcións e festexos van destinados a ofrendas, oficios, esmolas, misas e actos de tipo relixioso[365], e tamén para os festexos nas feiras de San Froilán. No ano 1925, a maiores dos actos relixiosos, destínanse 3.000 pesetas para os gastos que ocasionen as festas de San Froilán e engádense 1.000 pesetas para gastos das demais festas que se celebren durante o ano, e 1.500 pesetas para gastos dos concursos de gando que se celebren nesta capital.

Os gastos na etapa ascenden á cantidade de 14.330 pesetas, un 0,42% dos gastos en cargas; o ano de máis gasto corresponde ao 1925 con 6.220 pesetas, un 43,41%, mentres que o 1921 é o de menor gasto con 620 pesetas, un 4,33% (Táboa XLVIII, Anexo).

A evolución é inestable nos tres primeiros anos, así no 1920 prodúcese un incremento do 2,79%, descendendo no 1921 nun 4,01%. A partir deste ano a evolución é á alza, cun incremento do 4,18% no 1922, outro do 6,42% no 1923, que se mantén no 1924, pechando a etapa cun aumento importante do 28,48% no ano 1925.

H. Subministracións ao Exército

As subministracións aos corpos do Exército e da Garda Civil supoñen uns gastos de 14.000 pesetas, un 0,41% dos gastos en cargas. Os gastos anuais son constantes, 2.000 pesetas, un 14,29% anual.

I. Pensións

Nos anos 1919 e 1920, os gastos en pensións son para un peón da brigada municipal e dous gardas municipais inutilizados para o servizo, sendo eliminada unha destas últimas pensións do 1921 ao 1923. Séguese mantendo unha pensión para a filla e esposa do que fora director do Hospital Municipal entre o 1919 e 1920, eliminándose a da esposa no 1921 e a da filla no ano 1924. No 1925 engádese a pensión para pago á viúva dun Oficial Maior e a pensión para a viúva dun auxiliar.

Os gastos en pensións na etapa son de 8.505 pesetas, un 0,25% dos gastos en cargas; o ano de maior gasto corresponde ao 1925 con 2.165 pesetas, un 25,46%, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1924 con 540 pesetas, un 6,35% (Táboa XLVIII, Anexo).

A evolución é estable nos dous primeiros anos, cun gasto do 15,76% anual; no 1921 descende un 3,53%, situándose nun 12,23% e manténdose nesta cifra ata o 1923. En 1924 prodúcese un descenso do 5,88%, para rematar a etapa cun importante incremento do 19,11% no ano 1925.

L. Censos correntes

Os censos correntes destínanse fundamentalmente a pensións forais de particulares, que son os mesmos que na etapa anterior, aos que se engaden outros censos, como o do ano 1920, da casa destinada á Administración da luz eléctrica e o solar contiguo, adquiridos á *Sociedade Alumbrado Eléctrico de Lugo*, e o 2% das 35.000 pesetas nas que foron taxadas. Nos anos seguintes engádense pensións que afectan a casas da Rúa Nova, da rúa de San Pedro, rúa Manuel Becerra e rúa Catedral, así como pensións que afectan aos terreos expropiados a varios particulares para o parque[366].

[365] Desde o ano 1924, celébrase o Domingo da Infraoitava do Corpus coa ofrenda no nome das sete cidades do Antigo Reino de Galicia e asisten representantes destes concellos para facer unha ofrenda ao Santísimo Sacramento. En: Un día solemne para Lugo. (22 de xuño de 1924). *El Progreso*, p. 1; Las fiestas eucarísticas de Lugo. (29 de maio de 1925). *El Progreso*, p. 1.

[366] En 1922 e 1923, a pensión afecta ás casas número 83 e 85, e 72 e 74 da Rúa Nova, expropiadas e derrubadas para a apertura da de Montevideo e para o ensanche da de Bolaño Rivadeneira, respectivamente; tamén en 1922 e 1923 consta a pensión a un

O total de gastos en censos é de 4.541,76 pesetas, un 0,13% dos gastos en cargas; o ano de maiores gastos corresponde ao 1924 con 986,40 pesetas, un 21,72%; mentres, os de menores gastos corresponden ao 1919 e ao 1921 con 204,26 pesetas, un 4,50% anual (Táboa XLVIII, Anexo).

A evolución é irregular, cun incremento importante do 15,81% no 1920, que se volve a reducir na mesma porcentaxe no ano seguinte, e a partir deste a tendencia é á alza ata o 1924, cun incremento do gasto do 8,01% no 1922, do 4,20% no 1923 e do 5,01% no 1924. Remata a etapa cunha inversión da tendencia, descendendo o gasto nun 1,98% no ano 1925.

Gráfica 48. Evolución dos principais gastos en cargas no Concello de Lugo, 1919-1925



Así pois, como se observa na Gráfica 48, a evolución dos gastos en cargas é á baixa en toda a etapa, un descenso que se volve máis acusado a partir do ano 1920. Ademais, os tres elementos que máis gastos supoñen son o continxente provincial, seguido dos créditos recoñecidos e, en terceiro lugar, os intereses de amortización de empréstitos.

4.6.2.3 Servizos municipais

Como se observa na Gráfica 49, conforman os servizos municipais por orde de importancia a beneficencia municipal, a policía urbana e rural, a policía de seguridade, a instrución pública e a corrección pública. Como acontecía nas outras etapas, a orde é a mesma, coa excepción da corrección pública, que nesta etapa ocupa o último lugar, mentres que nas dúas anteriores o último lugar era para a instrución pública.

En total, os gastos ascenden á cantidade de 2.712.333,02 pesetas, o que representa un 19,47% dos gastos na etapa (Táboa XLIX, Anexo). O ano con maiores gastos corresponde ao 1925 con 499.736,42 pesetas, un 18,42%, mentres que o de menores gastos corresponde ao 1919 con 316.095,13 pesetas, un 11,65%.

particular coa que estaba gravada a finca que se expropia para a construción do parque. No ano 1924 elimínase a pensión que afectaba á casa número 85 da Rúa Nova, e engádense unha pensión coa que están gravadas as casas expropiadas na rúa de San Pedro para o ensanche da do Progreso, hoxe Manuel Becerra, polos vencementos nos anos 1921,1922 e 1923. No ano 1925, engádese unha pensión para o pago do foro da casa e solar da rúa Manuel Becerra; outra para pago do foro das casas números 4 e 6 da rúa da Catedral, propiedade esta última do Hospital Municipal; outra para pago da renda dunha horta contigua á Casa Asilo; finalmente outras tres pensións para o pago que afecta aos terreos expropiados a particulares para o parque.

A evolución é a alza en toda a etapa, agás no ano 1924. No 1920 increméntase o gasto nun 1,39%, no 1921 nun 0,79%, mantense no 1922, a aumenta un 1,23 no 1923; en total un 3,43%. No 1924 descende un 0,96%, rematando a etapa á alza, cun incremento do 4,30% no ano 1925.



A. Beneficencia

Os gastos en beneficencia seguen a ser os máis elevados dos servizos municipais. Estes confórmanos os gastos xerais destinados ao Hospital de San Bartolomé e á Casa Municipal de Beneficencia, aos auxilios benéficos, á Brigada Sanitaria, aos socorros domiciliarios, ás epidemias, ás subvencións a establecementos benéficos, aos socorros de pobres transeúntes, ao fomento de casas baratas e ao socorro a emigrados pobres.

En primeiro lugar en orde de gasto, como nas outras dúas etapas, sitúase o Hospital de San Bartolomé[367]. Os gastos totais son de 740.351,76 pesetas, un 62,62% dos gastos en beneficencia; o ano de máis gastos é o 1923 con 124.193,05 pesetas, un 16,77%, mentres que o 1919 é o de menos gastos con 85.177,18 pesetas, un 11,50% (Táboa L, Anexo). A evolución é á alza nos dous primeiros anos, cun incremento de gasto do 2,41%, estabilizándose ata o 1922. En 1923 prodúcese un incremento do 3,58%, que contrasta co descenso do 1,70% no 1924, manténdose nestas cifras no ano seguinte.

En segundo lugar sitúase a Casa Municipal de Beneficencia[368], cuns gastos totais de 387.597,30 pesetas, un 32,78% dos gastos en beneficencia. Os anos con máis e menos gastos corresponden ao 1925 con 61.942,20 pesetas, un 15,98%, e ao 1919 con 45.642,89 pesetas, un 11,78%, respectivamente (Táboa L, Anexo). A evolución é crecente ata ao ano 1921, cun incremento de gasto do 4,12%; no 1922 invértese a tendencia, cun descenso do 1,88%, que se

[367] Os gastos van destinados a persoal (médicos, farmacéutico, practicantes e capelán), alimentación, medicamentos, material cirúrxico, camas, roupas, vestiario, útiles de cociña, lavado de roupas, papel, libros, impresos e demais material de escritorio; culto, conservación e reparación do edificio e teléfono urbano.

[368] Os gastos destínanse a persoal (subdirector, capelán, mestres de talleres de xastrería, zapataría e carpintaría, e xornais para 8 irmás da Caridade), material (manutención de acollidos, adquisición de medicamentos, camas, roupas, vestiario, útiles de cociña, material de escritorio, material para os talleres de zapatería, xastrería e carpintería), plantas e sementes para a horta do establecemento, materiais e construción de caixas mortuorias para os pobres deste termo municipal, gastos que ocasione o envío de asilados aos baños de mar, gastos de culto no oratorio do establecemento, conservación e reparación do edificio e abono ao teléfono urbano.

incrementa un 0,21% no ano seguinte. Remata a etapa á alza, cun aumento do gasto do 0,26% no 1924 e outro 1,91% no ano 1925.

Así pois, o Hospital de San Bartolomé e a Casa Municipal de Beneficencia conforman os gastos xerais de beneficencia, como nas outras etapas, sumando entre ambos uns gastos de 1.127.949,06 pesetas, un 95,40% do total no apartado de beneficencia, porcentaxe similar ao das outras dúas etapas.

En terceiro lugar sitúanse os auxilios benéficos, destinados a socorros de pobres do termo municipal, para atender ás calamidades públicas acontecidas durante o ano, así como para unha subvención a unha comadroa, que preste gratis os auxilios da súa profesión aos pobres da cidade, unha figura que aparece desde o ano 1916[369]. Os gastos totais ascenden á cantidade de 25.710 pesetas, un 2,17% dos gastos en beneficencia; o ano de maior gasto corresponde claramente ao 1925 con 23.700 pesetas, un 92,18%, mentres que os de menor gasto van do 1919 ao 1921 con 310 pesetas, un 1,21% anual. A evolución tende á estabilidade ata o 1924, nos tres primeiros anos é dun 1,21% anual, incrementándose nun 0,19% no 1922, para manterse ata o 1924. Remata a etapa á alza, cun importante incremento do 90,78% no ano 1925 (Táboa L, Anexo).

En cuarto lugar figuran os gastos da brigada sanitaria provincial, á que debe contribuír o concello[370]. Só se contabilizan do ano 1922 ao 1925, un total de 14.355,60 pesetas, un 1,21% dos gastos en beneficencia; o gasto por ano non varía, 3.588,90 pesetas, un 25% anual (Táboa L, Anexo).

En quinto lugar sitúanse os gastos en socorros domiciliarios e o pago de medicamentos que se subministren aos pobres enfermos do termo municipal. Só se contabilizan nos anos 1923 e 1924, cun gasto total de 4.800 pesetas, un 0,41% dos gastos en beneficencia. A aportación anual non varía, 2.400 pesetas (Táboa L, Anexo).

Os gastos en epidemias ocupan o sexto lugar. No ano 1919 van destinados á brigada sanitaria provincial[371] e aos aparatos e medios de desinfección a disposición do Inspector provincial, así como a outros gastos que ocasionen os servizos sanitarios, incluída a inoculación preventiva do gando. A partir do ano 1920 só se mantén esta segunda partida, non contabilizándose no ano 1925. O total de gasto na etapa é de 3.850 pesetas, un 0,33% dos gastos en beneficencia; o ano con máis gasto corresponde ao 1919 con 2.600 pesetas, un 67,53%, mentres que o resto de anos aportan a mesma cantidade, 250 pesetas, un 6,49% anual. Na evolución destaca a caída do gasto no ano 1920, reducíndose nun 61,04%, para estabilizarse no resto da etapa (Táboa L, Anexo).

As subvencións a establecementos benéficos sitúanse no sétimo lugar; ata o 1922 van destinadas integramente ás Servas do Corazón de Xesús, mentres que no 1923 e 1924 teñen dous beneficiarios: as Servas do Corazón de Xesús e o Asilo de Anciáns Desamparados. En total, os gastos son de 3.556,25 pesetas, un 0,30% dos gastos en beneficencia; os anos con maior gasto corresponden ao 1923 e 1924, 900 pesetas, un 25,31% anual. Pola contra, o ano con menor

[369] No ano 1925 denomínanse auxilios médico-farmacéuticos e van destinados a subministro de medicamentos para os enfermos pobres do municipio (2.400 pesetas) e tamén se destinan a persoal: seis médicos inspectores municipais de sanidade na zona que teñen ao seu cargo, co soldo anual de 3.300 pesetas cada un, 19.800 pesetas en total; dúas comadroas, coa gratificación de 750 pesetas cada unha.

[370] O local destinado para a Brigada Sanitaria constrúese cerca do Campo da Horca desde 1922. En: Galicia. Goberno Civil. Circular núm. 394. Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, 31 de decembro de 1921, núm. 301, p. 1; Concello de Lugo. (25 de novembro de 1922). *Sesión supletoria*. AML (Sin. 7991-5, p. 36), Lugo; Ayer en el Ayuntamiento. (26 de novembro de 1922). *El Progreso*, p. 2.

[371] 1.825 pesetas para dous encargados dos servizos de desinfección a domicilio e do traslado de roupas á estufa, con xornal de 2,50 pesetas cada un. A partir do ano 1922 os gastos da brigada provincial non se contabilizan en epidemias, contando cun apartado propio dentro dos servizos municipais.

gasto corresponde ao 1920 con 400 pesetas, un 11,25%, e non se contabiliza no ano 1925[372]. A evolución tende á estabilidade ata o 1922 con cifras en torno ao 12% anual, coa excepción dunha baixada do 1,58% no ano 1920, que se recupera no seguinte; nos dous últimos anos a tendencia é claramente á alza, cun incremento do 12,66% no 1923, que se mantén no ano 1924 (Táboa L, Anexo).

No oitavo lugar sitúanse os socorros e condución de pobres transeúntes, cun total de 1.400 pesetas, un 0,12% dos gastos en beneficencia (Táboa L, Anexo). A evolución é estable, xa que non se produce variación da contía anual, 200 pesetas, un 14,29%.

En noveno lugar, e xa en cifras moi baixas, atópase os gastos que ocasione o fomento de construción de casas baratas. Estes só se contabilizan no ano 1925, un total de 500 pesetas, o 0,04% dos gastos en beneficencia (Táboa L, Anexo).

En último lugar nos gastos en beneficencia figuran os socorros a emigrados pobres, para os que destinan unicamente 125 pesetas, un 0,01% dos gastos en beneficencia (Táboa L, Anexo). A evolución de gastos é constante, 25 pesetas, un 14,29% anual.

En definitiva, os gastos totais en beneficencia ascenden á cantidade de 1.182.295,91 pesetas, un 43,59% dos gastos en servizos municipais do concello. O ano con máis gasto corresponde ao 1925 con 207.123,30 pesetas, un 17,52%, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1919 con 134.411,32 pesetas, un 11,37% (Táboa XLIX, Anexo).

A evolución é irregular (Gráfica 49), pois esta increméntase nun 2,54% entre os anos 1919 e 1921, pero a partir deste sofre altibaixos; así no 1922 descende un 0,64% recuperándose no ano seguinte, cun aumento do 2,41%; no 1924 volve a reducirse nun 0,97%, para rematar a etapa á alza, cun incremento do 2,81% no ano 1925.

B. Policía urbana e rural

Os gastos de policía urbana e rural compóñense de alumeado eléctrico, limpeza, cemiterio, matadoiro, arboredo, augas, Praza de Abastos, gastos xerais e animais daniños. En total, gástanse na etapa 734.652,95 pesetas, un 27,09% dos gastos en servizos. O ano con maior gasto corresponde ao 1925 con 134.924,30 pesetas, un 18,37%, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1920 con 92.681,08 pesetas, un 13,18% (Táboa LI, Anexo).

A evolución presenta altibaixos, segundo se observa na Gráfica 49. Comeza cun descenso do 0,56% no ano 1920, recuperándose no 1921 cun incremento do 1,23%; no 1922 volve a descender un 0,72%, recuperándose no 1923 cun aumento do 1,04%, para manterse en valores similares no 1924. Remata a etapa á alza, cun incremento do gasto do 3,69% no ano 1925.

Como na etapa anterior, o alumeado eléctrico é o apartado de maior gasto. A maior parte destes van destinados á compañía anónima *Alumbrado Eléctrico de Lugo*, a razón de 2.100 pesetas mensuais, máis o imposto do alumeado consistente no 10% do importe, e tamén o alumeado extraordinario acordado polo concello. Ao anterior hai que sumarlle os gastos de persoal, material, reparacións e outras 13.484,25 pesetas por conceptos diversos[373]. Os gastos totais en alumeado eléctrico na etapa ascenden á cantidade de 405.816,36 pesetas, un 55,24% dos gastos en policía urbana e rural do concello; o ano con máis gasto corresponde ao 1925 con 70.391,80 pesetas, un 17,35%, mentres que o de menos gasto corresponde ao 1922 con

[372] Non se contabilizan como subvencións pero si constan xornais para as 8 irmás da Caridade, que se encargaban da Casa de Beneficencia, cun total de 7.300 pesetas, polo que irían nese apartado.

[373] 500 pesetas para satisfacer aos donos do muíño de San Lázaro a cantidade anual que tiñan convida coa compañía anónima *Alumbrado Eléctrico de Lugo*; 18,70 pesetas para pagar a pensión foral afecta á casa da rúa Manuel Becerra e solar contiguo á mesma, vencemento de 1922; 9.773,75 pesetas para satisfacer á Facenda o imposto do 17% e recarga municipal do 30% que se cobra aos abonados no importe do fluído; 3.100 pesetas para satisfacer á mesma a contribución urbana, industrial e de utilidades; 15 pesetas para satisfacer o canon anual polo teléfono particular desde a Administración á fábrica; e finalmente 76,80 pesetas para o pago da subscrición ao teléfono urbano.

48.822,95 pesetas, un 12,03% (Táboa LI, Anexo). A evolución presenta altibaixos ao longo da etapa, pois comeza cun descenso do gasto do 3,02% no 1920, que se recupera levemente no 1921 incrementándose nun 1,06%; no 1922 volve a descender un 1,86% e a aumentar no 1923 un 1,07%; aumento que incrementa no 1924, un 1,85%, e no ano 1925 un 2,40%.

En segundo lugar sitúanse os gastos en limpeza, que van destinados a persoal e material para o mantemento da limpeza e hixiene públicas[374]. En total gástanse na etapa 97.271,44 pesetas, un 13,24% dos gastos en policía urbana e rural; o ano 1923 é o de máis gasto con 17.868,75 pesetas, un 18,37%, mentres que o 1919 é o de menos gasto con 5.497 pesetas, un 6,11% (Táboa LI, Anexo). A evolución é irregular, está é á alza nos dous primeiros anos, cun incremento do 9,32% no 1920, no 1921 invértese a tendencia e descende o gasto nun 2,61%, que volve a inverterse no 1922 aumentando un 3,60% e outro 1,95% no 1923. En 1924 volve a reducirse o gasto nun 3,91%, rematando a etapa á alza, cun incremento do 2,38% no ano 1925.

En terceiro lugar nos gastos en policía urbana e rural, están os do cemiterio que engloban os soldos dun sepultureiro e un auxiliar e as ferramentas necesarias. Contemplan tamén o servizo de coches fúnebres, que conta con gastos de persoal e material, no que se inclúe o coidado dos cabalos de arrastre e a gratificación ao veterinario municipal pola inspección e asistencia do gando propiedade do concello. Os gastos na etapa ascenden á cantidade de 79.722,50 pesetas, un 10,85% dos gastos en policía urbana e rural, sendo o ano 1925 o de maior gasto, con 12.515 pesetas, un 15,70%, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1920 con 9.810 pesetas, un 12,31% (Táboa LI, Anexo). A evolución tende á estabilidade manténdose ao redor dun 14% anual, coa excepción dun descenso do 1,69% no 1920 e un incremento do 0,97% no ano 1925.

En cuarto lugar sitúanse os gastos do matadoiro, destinados a soldos para custodia e limpeza do mesmo, traslado de carnes á Praza de Abastos, adquisición e reparación de material necesario, entre o que se inclúe a ferraxe das mulas. Os gastos totais do matadoiro son de 46.263,75 pesetas, un 6,30% dos gastos en policía urbana e rural; o ano 1925 é o de maior gasto con 12.502,50 pesetas, un 27,02%, mentres que o 1919 e o 1920 son os de menor gasto con 5.242,50 pesetas, un 11,33% anual (Táboa LI, Anexo). A evolución tende á estabilidade, partindo dun 11,33% anual nos dous primeiros anos, e incrementándose nun 0,79% no 1922, para manterse nestas cifras ao redor do 12% anual no ano seguinte, e sobre o 13% no bienio 1923-1924. Remata a etapa claramente á alza, cun incremento importante do 14,12% no ano 1925.

En quinto lugar figuran os gastos en arboredo, que van destinados a soldos dun xardineiro xefe e auxiliares, para conservación e reparación do invernadoiro, adquisición de plantas, árbores, sementes, ferramentas e demais gastos que ocasione a conservación de xardíns públicos[375]. Os gastos totais en arboredo son similares aos do matadoiro, cunha cantidade de 46.198,75 pesetas, un 6,29% dos gastos en policía urbana e rural (Táboa LI, Anexo). O ano que conta con máis gastos é o 1925 con 8.130 pesetas, un 17,60%, mentres que o 1919 é o de menos gastos, 4.600 pesetas, un 9,96%. A evolución é crecente en toda a etapa, así os gastos aumentan un 1,65% no 1920, un 0,81% no 1921, un 2,57% no 1922, un 1,72% no 1923, manténdose no 1924, e un 0,89% no ano 1925.

En sexto lugar os gastos en augas van destinados a satisfacer á Sociedade de Abastecemento de Augas de Lugo; no ano 1922 engádese o importe da auga que se consuma

[374] No 1919, 4.747 pesetas van destinadas ao contratista do servizo limpeza e 750 pesetas son para a adquisición e colocación de bocas de rego nas rúas e paseos públicos e demais gastos deste concepto.

[375] A poboación conta cos xardíns da Praza da Constitución, Praza de Canalejas, Praza do Bispo Izquierdo e o da de San Fernando, estando case xa rematados os do Parque en 1924. No 1919 hai un xardineiro xefe e un auxiliar, a partir do ano 1920 engádese outro auxiliar e xornais de auxiliares eventuais desde o 1º de maio ata o 30 de setembro, e a partir do ano 1922 engádese un segundo xardineiro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

no parque, e no 1925 a construción, mantemento e conservación de fontes públicas da capital (1.000 pesetas), así como a construción e saneamento de fontes públicas nas parroquias rurais do termo municipal (500 pesetas). Os gastos totais en augas na etapa son de 29.415,15 pesetas, un 4% dos gastos en policía urbana e rural; o ano 1925 é o de maior gasto con 6.600 pesetas, un 22,44%, mentres que o 1920 e o 1921 son os de menor gasto con 3.238,86 pesetas, un 11,01% anual (Táboa LI, Anexo). A evolución do gasto é a baixa nos dous primeiros anos, cun descenso do 2,75% no 1920, manténdose nestas cifras ata o 1922. En 1923 prodúcese un incremento do 3,10%, que se mantén no 1924; remata a etapa á alza, cun aumento do 7,48% no ano 1925.

Os gastos de mercados e postos públicos figuran no sétimo lugar; van destinados a un conserxe encargado da custodia e conservación do Campo da Feira, á adquisición de material e demais gastos que ocasionen os servizos da Praza de Abastos, mercado de banquetas e Campo da Feira, así como outro persoal que preste servizos nos mercados[376]. En total na etapa gástanse 24.315 pesetas, un 3,31% dos gastos en policía urbana e rural; o ano de maior gasto corresponde ao 1921 con 6.757,50 pesetas, un 27,79%, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1919 e ao 1920 con 1.503,75 pesetas, un 6,18% anual (Táboa LI, Anexo). A evolución é inestable, cun incremento do 21,61% no 1921, reducíndose nun 13,72% no 1922, e noutro 2,39% no 1923, que se mantén no 1924. Remata a etapa á alza, cun incremento importante de gasto do 10,73% no ano 1925.

O oitavo lugar corresponde aos gastos xerais, destinados a medios de desinfección e aparatos sanitarios e calquera outro gasto que ocasionen os servizos de hixiene e salubridade públicas. No ano 1925 aparece a partida de análise de alimentos e bebidas, destinando para tal fin 2.500 pesetas. En total, os gastos xerais na etapa ascenden á cantidade de 4.250 pesetas, un 0,58% dos gastos en policía urbana e rural. O ano de maior gasto corresponde ao 1925 con 4.250 pesetas, un 64,71%, mentres que o resto de anos ingrésase a mesma cantidade, 250 pesetas, un 5,88% anual. Polo tanto, a evolución é estable entre os anos 1919 e 1924, cun incremento do 58,83% no 1925 (Táboa LI, Anexo).

En último lugar figuran os gastos por sacrifico de animais daniños. Os gastos na etapa son de 1.400 pesetas, un 0,19% dos gastos en policía urbana e rural. A evolución do gasto é estable, 200 pesetas, un 14,29% anual (Táboa LI, Anexo).

C. Policía de seguridade

A policía de seguridade ocupa o terceiro lugar nos gastos en servizos municipais, como acontecía nas outras dúas etapas. Os gastos de policía de seguridade van destinados á Garda Municipal, ao socorro de incendios e salvamentos e ao seguro de incendios. O total de gasto na etapa ascende á cantidade de 412.868,22 pesetas, un 15,22% dos gastos en servizos. O ano de maior gasto é o 1925 con 90.728,85 pesetas, un 21,98%, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1919 con 38.566,85 pesetas, un 9,34% (Táboa XLIX, Anexo).

A evolución é á alza ata o ano 1923 (Gráfica 49), incrementándose o gasto nun 1,17% no 1920, nun 1,04% no 1921, nun 3,21% no 1922, en un 1,45% no 1923, en total un 6,87%. A tendencia invértese temporalmente no 1924, cun recorte do gasto do 0,56%, recuperándose amplamente no ano 1925, cun aumento do 6,33%.

En primeiro lugar en orde de gasto sitúase a Garda Municipal, cuxos gastos ascenden a 379.146,25 pesetas, un 91,83% dos gastos en policía de seguridade. A maior parte destes van

[376] No ano 1921 engádense os xornais de cinco cobradores de arbitrios na Praza de Abastos, mercado de banquetas e Campo da Feira, cun total de 4.562,50 pesetas, xunto con 600 pesetas para a adquisición de uniformes con destino aos cobradores de arbitrios. No ano 1922 redúcense a 2 cobradores e no 1923 a 1 cobrador. No ano 1925 engádese o soldo anual dun veterinario, encargado da inspección nas feiras e mercados, cun total de 2.000 pesetas.

destinados a remuneracións, un 89,93%, e o resto a material, un 1,90%, tendo en conta que nos anos 1919 e 1924 non se contabiliza este (Táboa LII, Anexo). Os anos de maior e menor gasto son respectivamente o 1925 con 82.440 pesetas, un 21,74%, e o 1919 con 37.712,50 pesetas, un 9,95%. A evolución é positiva ata o 1923, incrementándose o gasto anualmente, en concreto un 1,22% no 1920, un 1,14% no 1921, un 1,05% no 1922, e un 2,64% no 1923; en total un 6,05%. No 1924 sofre un descenso pouco significativo do 0,53%, rematando a etapa claramente á alza cun aumento do 6,27% no ano 1925.

En segundo lugar, os gastos en socorro de incendios van destinados a persoal e material do servizo de incendios, cun total de 31.834,52 pesetas, un 7,71% dos gastos en policía de seguridade (Táboa LII, Anexo). O ano de maior gasto corresponde ao 1922 con 10.000 pesetas, un 31,41%, mentres que o de menor gasto é o 1919 con 700 pesetas, un 2,20%. A evolución é constante nos tres primeiros anos, cun incremento importante do 29,06% no 1922, que se reduce nun 12,67% no 1923, e noutro 0,94% no 1924. Remata a etapa, inverténdose a tendencia no ano 1925, cun aumento do 7,33%. O punto de inflexión de 1922 é debido á inclusión de remuneracións de persoal e á adquisición, conservación e mellora do material para o servizo de incendios.

En último lugar en orde de gasto figuran os gastos en seguros de incendios da Casa Consistorial, Casa Asilo, mobiliario do Hospital, edificio no que están instaladas as oficinas Militares e da casa nº6 da rúa da Catedral. No 1920 engádese o edificio de Santo Domingo e material de escolas establecidas no mesmo, e no 1925 o edificio coñecido como *Cárcere Vella*. O total de gasto na etapa ascende a 1.887,45 pesetas, un 0,46% dos gastos en policía de seguridade; os anos de máis gasto van do 1920 ao 1925, con 288,85 pesetas, un 15,30% anual, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1919 con 154,35 pesetas, un 8,17% (Táboa LII, Anexo). A evolución é á alza nos dous primeiros anos, cun incremento de gasto do 7,13% no ano 1920, manténdose no resto da etapa.

D. Instrución pública

O apartado de instrución pública componse dos gastos da Academia e Banda de Música, de alugueiros de edificios, de premios e subvencións e de instrución primaria. Os gastos totais na etapa son de 252.899,23 pesetas, un 9,32% dos gastos en servizos; o ano 1925 é o de maior gasto con 47.554,38 pesetas, un 18,80%, mentres que o 1919 é no que menos se gasta, 24.163,25 pesetas, un 9,55% (Táboa XLIX, Anexo).

A evolución do gasto é positiva ata ao ano 1923, con incrementos do 3,75% no 1920, do 1,02% no 1921, do 0,50% no 1922 e do 0,18% no 1923, un aumento total do 5,45%. No 1924 prodúcese un descenso temporal do gasto do 0,79%, que se recupera no ano seguinte cun incremento do 4,59%, acadando a cota máis elevada da etapa.

A Academia e Banda de Música é o apartado que máis gasto supón dentro da instrución pública (Táboa LIII, Anexo). Os gastos van destinados a persoal e a material, uniformes e instrumentos, cun total de 171.506 pesetas, un 67,82% dos gastos en instrución pública; destes gastos un 60,84% vai para persoal e un 6,98% en material. O ano de máis gasto corresponde ao 1925 con 29.250 pesetas, un 17,05%, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1919 con 15.247,50 pesetas, un 8,89%. A evolución da etapa é crecente, incrementándose o gasto nun 4,35% no 1920, nun 1,25% no 1921, que se mantén no 1922; noutro 1,43% no 1923, que se mantén no 1924 e 1,13% no ano 1925.

En segundo lugar sitúanse os gastos en alugueiros de edificios[377], cuns gastos que ascenden á cantidade de 53.756,73 pesetas, un 21,26% dos gastos en instrución pública (Táboa LIII,

[377] Son os mesmos que nas dúas etapas anteriores, aos que se engade a partir do ano 1921 as 11 novas escolas creadas, e no ano 1925 engádense indemnizacións aos mestres dalgunhas escolas.

Anexo). Os anos de maior e menor gasto son, respectivamente, o 1925 con 14.026,88 pesetas, un 26,09%, e o 1919 e o 1920 con 5.561,25 pesetas, un 10,35% anual. A evolución é positiva ao longo da etapa; parte dunha situación de estabilidade nos dous primeiros anos, incrementándose nun 0,71% no 1921, nun 2,37% no 1922, nun 0,93% no 1923, manténdose no 1924 e aumentando un 11,73% no ano 1925.

Os gastos en subvencións ocupan o terceiro lugar. Estes comprenden subvencións concedidas ás mesmas institucións que na anterior etapa, así como a outras que se engaden a partir de 1925[378]. Os gastos totais da etapa ascenden a 14.125 pesetas, un 5,59% dos gastos en instrución pública. Os anos 1919 e 1920 son os de maior gasto con 3.062,50 pesetas, un 21,68% anual, mentres que os de menor gasto corresponden ao 1921 e ao 1922 con 2.500 pesetas, un 17,70% anual. Non se contabilizan gastos nos anos 1923 e 1924 (Táboa LIII, Anexo). A evolución parte dunha situación de estabilidade nos dous primeiros anos, descendo un 3,98% no bienio 1921-1922, e aumentando un 3,54% no ano 1925.

En último lugar figuran os gastos en instrución primaria, que van destinados a persoal (soldo de dúas porteiras) e a material para as escolas creadas entre os anos 1920 e 1923. Os gastos en instrución primaria son de 13.511,50 pesetas, un 5,34% dos gastos en instrución pública; destes, un 2,18% pertencen a persoal e un 3,16% a material. Os anos de maior gasto van do 1921 ao 1923 con 2.912,50 pesetas, un 21,56% anual, mentres que o 1919 é o de menor gasto con 292 pesetas, un 2,16% (Táboa LIII, Anexo). A evolución do gasto é positiva ata o 1921, cun incremento do 14,80% no 1920 e outro 4,60% no 1921, manténdose nos anos 1922 e 1923. No 1924 prodúcese unha caída do 14,81%, rematando a etapa cun aumento do 2,70%.

E. Corrección pública

O apartado de corrección pública componse dos gastos do Cárcere do Partido Xudicial, e do Xulgado e Depósito Municipais, como nas etapas anteriores. En total gástanse na etapa 129.616,71 pesetas, un 4,78% dos gastos en servizos municipais. Os anos de maior e menor gasto son respectivamente o 1921 con 24.975,60 pesetas, un 19,27%, e o 1924 con 688,75 pesetas, un 0,53% (Táboa XLIX, Anexo).

A evolución do gasto é crecente ata o ano 1921, un 1,34% no 1920, e outro 0,87% no 1921; no 1923 invértese a tendencia, producíndose un descenso brusco do gasto do 7,19%, e outro do 10,76% no 1924. Remata a etapa cunha recuperación no ano 1925 do 14,14% (Gráfica 49).

Como nas etapas anteriores, a principal partida de gastos vai destinada ao Cárcere do Partido Xudicial, concretamente a persoal, material, manutención de presos estantes, socorro de transeúntes, estancias de hospital, medicamentos, autopsias e imprevistos entre os anos 1919 e 1924. En 1925 os gastos son para abonar ao concello da capital, o que ingresou no Tesouro por reintegro do 50% das atencións carcerarias no bienio 1923-24. O total de gastos do cárcere na etapa ascende á cantidade de 119.534,21 pesetas, un 92,22% dos gastos en corrección pública. Os anos de maior e menor gasto son, respectivamente, o 1921 con 24.286,85 pesetas, un 20,32%, e o 1925 con 13.455,59 pesetas, un 11,26%; non se contabilizan gastos no ano 1924 (Táboa LIV, Anexo). A evolución é á alza nos tres primeiros anos, incrementándose o gasto nun 1,46% no 1920, e nun 0,94% no 1921. A partir de 1922 invértese a tendencia, reducíndose o gasto nun 0,86%, noutro 7,80% no 1923 e noutro 0,40% no ano 1925.

[378] A partir do ano 1921 só se mantén a da Escola de Artes e Oficios, mentres que en 1925 aparecen 1.500 pesetas pola ensinanza aos asilados da Beneficencia municipal, 1.000 pesetas para os gastos que ocasione a construción co concurso do Estado de grupos escolares con destino aos desta Capital, e finalmente 500 pesetas para subvencionar a construción de casas escolas na poboación rural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En segundo lugar figuran os gastos do Xulgado Municipal, os cales na súa maioría proceden do alugueiro do local que ocupa este[379]. Tamén en 1925 constan 3.000 pesetas en persoal[380] e en material os gastos son de 2.950 pesetas[381]. En total, os gastos son de 9.782,50 pesetas, un 7,55% dos gastos en corrección pública (Táboa LIV, Anexo). O ano con máis gasto corresponde ao 1925 con 5.950 pesetas, un 60,82%, mentres que o resto de anos os gastos non varían, 638,75 pesetas, un 6,53% anual. Polo tanto a evolución é estable ata o 1925, no que experimenta un importante incremento do 54,29%.

En último lugar sitúanse os gastos do Depósito Municipal, destinados a socorros a detidos pobres, a razón de 0,50 pesetas diarias, gastos de alumeado e conservación de camas, un total de 300 pesetas, o 0,23% dos gastos en corrección pública. A contía anual é a mesma, 50 pesetas, un 16,67%, non contabilizándose no ano 1925 (Táboa LIV, Anexo).

4.6.2.4 Gastos xerais

A composición dos gastos xerais non varía con respecto ás etapas anteriores, aglutinando soldos de empregados, recadación de impostos, material, menores e de representación, eleccións, quintas, censo, subscricións e Xunta Local de Reformas Sociais. Os gastos xerais na etapa ascenden á cantidade de 995.073,95 pesetas, o que representa un 7,14% dos gastos totais. O ano con máis gasto corresponde ao 1925 con 178.124,20 pesetas, un 17,90%, mentres que o de menor gasto corresponde ao 1919 con 109.294,23 pesetas, un 10,98% (Táboa LV, Anexo).

A evolución é á alza ata o ano 1921, como se observa na Gráfica 50, con incrementos de gasto do 1,83% no 1920 e 1,31% no 1921, manténdose no 1922; en 1923 volve a aumentar un 1,08%, manténdose no 1924 en cifras similares, cun descenso non significativo do 0,20%, rematando a etapa á alza, cun incremento do 2,94%. Ademais, como nas anteriores etapas, o apartado máis importante dos gastos xerais son os soldos de empregados (Gráfica 50).

Gráfica 50. Evolución dos principais gastos xerais no Concello de Lugo, 1919-1925



[379] Entre os anos 1919 a 1924, o alugueiro é a única partida, a razón de 1,75 pesetas diarias.

[380] Deste total, 2.000 pesetas son para o soldo anual dun médico forense, 250 pesetas para gratificación ao secretario da Xunta, 250 pesetas para gratificación ao interventor de fondos, 250 pesetas para gratificación ao depositario dos fondos, e 250 pesetas máis para o soldo dun escribente.

[381] Desta cantidade, 1.000 pesetas son para o alugueiro do arquivo xudicial do partido, 200 pesetas para gastos de calefacción da sala de Audiencia e despacho do xuíz, 250 pesetas para gastos de autopsias e de locomoción en dilixencias especiais, e 1.500 pesetas para subvención ao xuíz de instrución para alugueiro da súa habitación.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

A. Soldos de empregados

O gasto en soldos de empregados ascende á cantidade de 543.594,98 pesetas, un 54,63% dos gastos xerais. Os anos de maior e menor gasto corresponden ao do final e ao do comezo, respectivamente; así, no 1925 gástanse 89.015 pesetas, un 16,38%, mentres que no 1919 o gasto é de 63.159,98 pesetas, un 11,62% (Táboa LV, Anexo). A evolución do gasto é crecente en toda a etapa, aumentando este nun 0,72% no 1920, nun 1,12% no 1921, nun 0,53% no 1922, nun 2,12% no 1923, manténdose no 1924 e incrementándose nun 0,27% no ano 1925.

B. Recadación de impostos

Os gastos da recadación de impostos destínanse a persoal, concretamente a gratificacións e soldos. Comprenden a gratificación de escribentes da secretaría, auxiliares, oficiais, cobradores a domicilio de impostos e axentes de vixilancia da muralla e das rondas, que pasan dos 24 da anterior etapa aos 44 que chega a haber en 1925[382]. O resto de gastos da recadación de impostos destínanse a material[383].

En total, os gastos de recadación de impostos na etapa son de 379.419,02 pesetas, un 38,13% dos gastos xerais (Táboa LV, Anexo). O ano de máis gasto corresponde ao 1925 con 70.070 pesetas, un 18,47%, mentres que o 1919 é o de menor gasto con 39.496,25 pesetas, un 10,41%. A evolución é positiva ata o ano 1921, incrementándose nun 2,61% no 1920 e noutro 1,98% no 1921. No tres seguintes anos invértese a tendencia, reducíndose o gasto nun 0,29% no 1922, nun 0,41% no 1923 e nun 0,21% no 1924. En 1925 recupérase o gasto cun aumento do 4,38%.

C. Material

Os gastos van destinados a material de escritorios, á conservación e reparación da Casa do Concello, así como a efectos e mobiliario desta[384]. Os gastos totais na etapa ascenden á cantidade de 39.530,95 pesetas, un 3,97% dos gastos xerais; o ano 1925 é o de máis gasto con 6.386,20 pesetas, un 16,15%, e o 1919 o de menos gasto con 4.925 pesetas, un 12,46% (Táboa LV, Anexo).

A evolución do gasto é inestable, sendo positiva nos dous primeiros anos, cun incremento do 3,35% no 1920; pero en 1921 prodúcese un descenso do gasto do 1,51% e doutro 0,96% no 1922. En 1923 recupérase o gasto, cun aumento do 1,89%, volvendo a reducirse no ano seguinte un 2,53%. Remata a etapa, cun incremento do gasto do 3,45% no ano 1925.

D. Menores e de representación

Os gastos de representación van destinados á asistencia a actos oficiais, ao que se engade entre os anos 1920 e 1924 a asignación do axente do Concello de Lugo en Madrid, 1.000 pesetas anuais, e no 1925 engádense dentro da asignación ao alcalde 6.000 pesetas (art. 93 RDEM de

[382] Desde 1919 a 1924, hai un escribente da secretaría, que se se encarga da formación dos padróns de cédulas persoais e carruaxes de luxo, que se elimina en 1925, tamén comprenden o pago do xornal de 4 pesetas do cobrador a domicilio dos impostos de carruaxes, casinos, solares e inquilinatos e outros que lle corresponden ao concello. En toda a etapa, no apartado de negociado de arbitrios, hai un oficial, un auxiliar e un escribente. No apartado de carnes ata 1920, os gastos son para o soldo dun cabo xefe deste persoal, un cabo para vixilancia do persoal e degolo de porcos e catro cobradores, pero a partir de 1920 engádese a gratificación a un administrador de arbitrios, eliminándose no ano 1925. Finalmente, tamén se inclúen axentes para vixilancia nas portas da muralla e demais rondas, aos que se lles pagan horas extras, e cuxo número vai aumentando: en 1919 son 33, en 1920 son 40, en 1921 son 42 e en 1925 chega a haber 44.

[383] No ano 1925, en material gástanse 3.870 pesetas, que se dividen da seguintes maneira: 120 pesetas son para o local da inspección na Porta de Santiago, 250 pesetas para o mesmo na Porta de San Pedro, 100 pesetas para o mesmo na de San Fernando, e 3.400 pesetas para adquisición de papel, libros, impresos e aparatos para gradación de viños.

[384] Inclúense material de oficinas, calefacción das mesmas, gastos de encadernación do Boletín Oficial e das Gacetas, así como gastos da súa impresión e distribución, e finalmente os gastos da subscrición ao teléfono.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

1924, do 8 de marzo). Os gastos na etapa son de 14.500 pesetas, un 1,46% dos gastos xerais (Táboa LV, Anexo). O ano con maiores gastos corresponde ao 1925 con 8.000 pesetas, un 55,17%, e o 1919 é o de menor gasto con 200 pesetas, un 1,38%.

A evolución é positiva nos dous primeiros anos, cun incremento do 6,90%, estabilizándose en torno ao 8,50% anual ata o 1922. En 1923 aumenta o gasto nun 0,35%, manténdose no 1924 ao redor do 9%; remata a etapa cun importante incremento do gasto do 46,20%.

E. Eleccións

Os gastos en eleccións van destinados á formación, revisión e demais operacións do censo electoral, así como ao resto de gastos que ocasionen as eleccións. Os gastos totais ascenden á cantidade de 5.700 pesetas, un 0,57% dos gastos xerais; o ano 1925 é o de maior gasto con 2.500 pesetas, un 43,86%, mentres que os de menor gasto van do 1919 ao 1921 con 500 pesetas, un 8,77% anual (Táboa LV, Anexo).

A evolución parte da estabilidade nos tres primeiros anos, cun incremento de gasto do 2,63% no 1922, que se mantén no 1923. En 1924 prodúcese unha caída do gasto do 4,38%, que se compensa amplamente no ano 1925, cun aumento do 36,84%.

F. Quintas

Os gastos no apartado de quintas van destinados a material para o alistamento xeral e expediente para a Deputación Provincial, ademais do pago de recoñecementos facultativos nas operacións de substitución militar[385].

Os gastos en toda a etapa son de 4.725 pesetas, un 0,47% dos gastos xerais. Por anos, o de maior gasto corresponde ao 1925 con 1.125 pesetas, un 23,81%, mentres que no resto de anos non hai variación con respecto ao gasto, sendo este de 600 pesetas, un 12,70% anual. Polo tanto, a evolución é constante ata o 1925, no que se produce un incremento de gasto do 11,11% (Táboa LV, Anexo).

G. Censo

Comprende os gastos que orixine a formación da estatística de vivendas e demais operacións, así como os gastos do censo de poboación do 1920. Só se contabiliza nos anos 1920 e 1921, cuns gastos de 3.980 pesetas, un 0,40% dos gastos xerais (Táboa LV, Anexo). O gasto no 1920 é de 2.000 pesetas, un 50,25%, e no ano 1921 de 1.980 pesetas, un 49,75%.

H. Subscricións

Os gastos en subscricións destínanse ás seguintes publicacións: *La Gaceta de Madrid*, *Colección Legislativa de España* e *Consultor de los Ayuntamientos*; no 1923 engádense a *Administración Práctica* e a *Gaceta da Administración local*; no 1925 o pago de catro subscricións ao Boletín Oficial da provincia e doutras subscricións e inserción de anuncios.

En total, os gastos da etapa ascenden a 2.084 pesetas, un 0,21% dos gastos xerais (Táboa LV, Anexo). O ano con máis gasto é o 1925, 808 pesetas, un 38,77%, e os de menos gasto van do 1919 ao 1922 con 193 pesetas, un 9,26% anual. A evolución do gasto é estable os catro primeiros anos e crecente nos tres últimos, incrementándose nun 1,68% no 1923, nun 2,30% no 1924 e nun 25,53% no ano 1925.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[385] Na *Memoria de 1924-1925*, consta que foron alistados 406 mozos en 1924, mentres que en 1925 foron 344.

I. Xunta Local de Reformas Sociais

Os gastos da Xunta Local de Reformas Sociais van destinados a material, pago a vogais obreiros de 3 pesetas por cada sesión que asistan e demais indemnizacións. O gasto total na etapa é de 1.540 pesetas, un 0,15% dos gastos xerais, sendo un gasto constante de 220 pesetas, un 14,29% anual (Táboa LV, Anexo).

4.6.2.5 Montes

Os gastos de montes, ao igual que na etapa anterior, corresponden a aproveitamentos forestais, concretamente ao pago á Facenda do 10% dos aproveitamentos forestais dos montes a cargo do Ministerio de Facenda, e do 10% dos aproveitamentos forestais dos montes a cargo do Ministerio de Fomento. En 1925 engádense os gastos que ocasione a repoboación forestal e o deslinde dos montes do termo municipal.

Os gastos totais na etapa son reducidos, 5.196,59 pesetas, o que supón un 0,04% dos gastos totais, como indican os datos da Táboa 44. O ano de maior gasto corresponde ao 1925 con 1.602,21 pesetas, un 30,83%, mentres que os anos 1919 e 1920 son os de menor gasto, 592,77 pesetas, un 11,41% anual. A evolución é estable entre o 1919 e o 1924, cun gasto ao redor do 11,50% anual, incrementándose nun 19,24% no ano 1925, como se observa na Gráfica 51.

Táboa 44. Gastos en aproveitamento de montes do Concello de Lugo, 1919-1925

Concepto/ano	1919	1920	1921	1922	1923	1924	1925	Total (pesetas)
Aproveitamentos forestais (pesetas)	592,77	592,77	602,21	602,21	602,21	602,21	1.602,21	5.196,59
% sobre o total	11,41	11,41	11,59	11,59	11,59	11,59	30,83	100



4.6.3 Balance da etapa e impacto social

Nesta terceira etapa a situación económica segue a ser inestable debido ao desequilibrio entre as partidas de ingresos e gastos. Os ingresos ascenden á cantidade de 11.839.999,04 pesetas, mentres que os gastos son de 13.929.552,52 pesetas, polo que o resultado é un déficit de 2.089.553,48 pesetas, segundo indican os datos da Táboa 45.

Táboa 45. Ingresos e gastos do Concello de Lugo, 1919-1925

Ingresos	Total (pesetas)	% sobre o total	Gastos	Total (pesetas)	% sobre o total
Ingresos extraordinarios	5.491.421,77	46,38	Obras municipais	6.811.674,32	48,90
Impostos	4.253.266,68	35,92	Cargas	3.405.274,64	24,45
Servizos municipais	2.086.144,45	17,62	Servizos municipais	2.712.333,02	19,47
Propios	9.166,14	0,08	Gastos xerais	995.073,95	7,14
			Montes	5.196,59	0,04
Total (pesetas)	11.839.999,04	100	Total (pesetas)	13.929.552,52	100

Nesta terceira etapa o principal aporte económico do concello son os ingresos extraordinarios (Gráfica 52) e non os impostos, como acontecía nas outras dúas etapas. Estes aportan un total de 5.491.421,77 pesetas, o que supón un 46,38% do total de ingresos, nutríndose principalmente de empréstitos, xa que aportan un total de 4.772.381,37 pesetas, un 86,91%. En concreto, estes empréstitos proceden da financiación da construción do Hospital Municipal e da compra da fábrica da luz eléctrica e activo da *Compañía Alumbrado Eléctrico de Lugo*, coa finalidade da municipalización do alumeado público, este último custeado mediante un préstamo do Banco da Coruña. É preciso puntualizar que para afrontar estes ingresos, o concello obrígase a incluír nos seus presupostos as cantidades necesarias para o pago de intereses e amortización das obrigacións, desde o ano de 1920 a 1921 ata o de 1964 a 1965, un total de 4.053.400 pesetas.

Séguenlle en importancia cuantitativa, pero xa a moita distancia dos anteriores, os ingresos da fábrica da luz eléctrica, procedentes do produto do fluído por alumeado que se subministra a particulares, ao que se lle engade o imposto do 17% para o Tesouro sobre a partida anterior, coa que está gravado o prezo do fluído para alumeado particular; estes aportan un total de 403.842,37 pesetas, un 7,35%. A partir do ano 1921 ingrésase a recarga do 10% nas cotas para o Tesouro nas contribucións urbana e industrial, cuxos ingresos ascenden á cantidade de 118.451,13 pesetas, un 2,16%.

O resto de partidas de ingresos extraordinarios teñen unha importancia cuantitativa moito menor, e proceden da cesión de terreos á vía pública, eventuais e imprevistos, subvencións, policía urbana, servizo de incendios, e finalmente de legados, donativos e mandas; un total de 196.746,90 pesetas, un 3,58%.

Gráfica 52. Ingresos por apartados no Concello de Lugo, 1919-1925



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O segundo aporte económico do concello constitúeno os impostos, como reflicte a Gráfica 52, con 4.253.266,68 pesetas, un 35,92% dos ingresos. Estes divídense en recursos para cubrir o déficit, 3.454.621,90 pesetas, un 29,18%; e impostos municipais, 798.644,78 pesetas, un 6,74%.

Dentro dos recursos para cubrir o déficit, o principal ingreso procede dos impostos substitutivos do de consumos, aportando un total de 2.622.586,73 pesetas, un 75,92%. Destes substitutivos os máis importantes en nivel de recadación son o arbitrio sobre bebidas espirituosas, espumosas e alcohois, e o arbitrio sobres carnes; ambos ingresan un total de 1.905.892,81 pesetas, un 72,67%. Completan os impostos substitutivos do de consumos o arbitrio sobre inquilinatos, o abono da contribución industrial e urbana, o arbitrio sobre solares e a recarga do timbre de billetes de espectáculos públicos, en total 716.693,92 pesetas, un 27,33%.

Os ingresos do resto de partidas de recursos para cubrir o déficit sitúanse moi lonxe en nivel de recadación aos impostos substitutivos do de consumos. Dentro destas destacan a recarga na contribución de subsidio, o imposto de cédulas persoais e a recarga na contribución de inmobles, que ingresan 751.448,63 pesetas, un 21,75%.

Completan o apartado a recarga no imposto de gas e electricidade, o imposto de carruaxes de luxo, o imposto sobre casinos e círculos de recreo, a recarga sobre a contribución de utilidades, o arbitrio sobre compañías anónimas e comanditarias e a recarga sobre o rendemento bruto de minas, que ingresan un total de 78.911,54 pesetas, un 2,28%.

Os impostos municipais máis cuantiosos proceden de: postos públicos con 405.472,45 pesetas, un 50,77%, seguidos polo matadoiro con 237.351,40 pesetas, un 29,72%, e, en terceiro lugar, os cemiterios con 98.450,26 pesetas, un 12,33%. Polo tanto, nesta terceira etapa o matadoiro pasa a ocupar o segundo posto dos impostos municipais, a diferenza das outras dúas etapas que era o principal aporte de impostos para o concello.

A aportación do resto de impostos municipais xa dista moito dos anteriores, e así as obras e instalacións, o reintegro de subministracións ao Exército, as licenzas de construción, as certificacións e selo municipal, as multas, os carruaxes e carros de transporte, os establecementos públicos, o arbitrio sobre cans, os documentos de vixilancia e a policía urbana aportan un total de 57.370,67 pesetas, un 7,18%.

En terceiro lugar, como na primeira etapa, en nivel de recadación sitúanse os servizos municipais (Gráfica 52), cuxa composición non varía, e seguen a estar conformados pola beneficencia, a corrección pública e a instrución pública. A aportación destes é de 2.086.144,45 pesetas, un 17,62% dos ingresos. Tamén, unha vez máis, a beneficencia é a que máis ingresos aporta, un total de 1.912.609,42 pesetas, o que representa un 91,68% dos ingresos por servizos municipais. Estes ingresos seguen a proceder do Hospital de San Bartolomé, 1.294.260,52 pesetas, un 67,67%, e da Casa Municipal de Beneficencia, 618.348,90 pesetas, un 32,33%.

Os ingresos por corrección pública son moito menores, 172.940,45 pesetas, un 8,29%, e seguen a proceder principalmente do repartimento entre os concellos do partido. En último lugar, os ingresos por instrución pública ascenden a 594,58 pesetas, unicamente un 0,03%, procedentes tamén dunha inscrición intransferible.

En cuarto lugar sitúanse os ingresos de propios (Gráfica 52). Estes son reducidos, 9.166,14 pesetas, un 0,08% do total de ingresos, tamén na súa maior parte de inscricións intransferibles.

No apartado de gastos, en primeiro lugar sitúanse as obras municipais con 6.811.674,32 pesetas, un 48,90% do total, como se observa na Gráfica 53. Este primeiro posto dos gastos foi mudando ao longo das tres etapas; así na primeira ocupábano os servizos municipais e na segunda as cargas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As obras municipais divídense en obras de nova construción, nas que se inverten 6.350.931,77 pesetas, un 93,24%; e obras públicas ou de conservación, cuxa inversión é de 460.742,55 pesetas, un 6,76%. Dentro das obras ex novo, a maior parte do gasto destínase á construción do Hospital Municipal de Santa María, 5.972.615,36 pesetas, á construción dun parque de recreo, 117.001,03 pesetas e á construción do Campo da Feira, 103.304,08 pesetas.

Por outro lado, os gastos en obras públicas ou de conservación van destinados fundamentalmente á pavimentación de rúas, construción e asfaltado de beirarrúas e reparación de empedrados, destacando as seguintes: rúa de San Marcos, Rúa Nova, Conde Pallares, Praza da Constitución, Bispo Aguirre, Armañá, Manuel Becerra, Xoán Montes, Bo Xesús, Bolaño Ribadeneira, San Fernando, Raíña e rúa Montevideo, cun total de 204.705,35 pesetas, un 3,01% dos gastos en obras municipais. Séguenlle en importancia cuantitativa os gastos para a conservación de camiños veciñais e pontes, cuns gastos de 92.612,85 pesetas, un 1,36% dos gastos en obras municipais; os gastos relativos á traída de auga e obras de substitución do acueduto por tubaxe de ferro e gres, en total 78.488,50 pesetas, un 1,15% dos gastos en obras municipais; finalmente o resto de gastos de obras públicas son moito menores e engloban a conservación de edificios e monumentos públicos, o matadoiro, o mercado, os sumidoiros e o cemiterio, ademais do material necesario, un total de 84.935,85 pesetas, o 1,25% das obras municipais.



En segundo lugar en orde de gasto sitúanse as cargas do concello (Gráfica 53), que ascenden á cantidade de 3.405.274,64 pesetas, un 24,45% dos gastos totais. A maior parte destes van destinados ao pago á Deputación Provincial da cota sinalada ao concello no repartimento para cubrir o déficit do presuposto da provincia, un total de 1.890.813,77 pesetas, un 55,53% das cargas. Séguenlle en importancia cuantitativa os créditos recoñecidos, un total de 740.707,20 pesetas, un 21,75% das cargas; entre estes destacan o destinado á cancelación do préstamo que fixo o Banco da Coruña para a adquisición da fábrica de luz eléctrica, o crédito para satisfacer ao Administrador da fábrica de enerxía eléctrica os gastos de material e os créditos para pagar a construción de obras, como a Praza de Abastos. Despois dos créditos tamén son importantes os intereses e amortización de empréstitos, un total de 489.623,52 pesetas, un 14,38% das cargas, entre os que é preciso salientar o da adquisición da fábrica da

USC

luz eléctrica. O resto de cargas compóñenas as expropiacións, subvencións, contribucións e impostos, funcións e festexos, subministracións ao Exército e pensións e censos correntes; un total de 284.130,15 pesetas, o 8,34% das cargas.

O terceiro lugar en inversión ocúpano os servizos municipais (Gráfica 53), 2.712.333,02 pesetas, o que representa un 19,47% dos gastos na etapa. A principal partida destínase á beneficencia municipal, 1.182.295,91 pesetas, un 43,59% dos gastos en servizos municipais, sendo os principais beneficiarios o Hospital de San Bartolomé e a Casa Municipal de Beneficencia, que gastan entre os dous 1.127.949,06 pesetas, un 95,40% dos gastos en beneficencia. A policía urbana e rural constitúe a segunda partida en orde de gasto nos servizos municipais, con 734.652,95 pesetas, un 27,09%, e dentro desta o principal gasto ocúpao o alumeado eléctrico con 405.816,36 pesetas, un 55,24%. O resto de gastos en servizos confórmanos a policía de seguridade e a instrución e corrección públicas, un total de 795.384,16 pesetas, o 29,32% dos servizos municipais. Na policía de seguridade o principal gasto constitúeo a Garda Municipal con 379.146,25 pesetas, un 91,83%; na instrución pública a Academia e Banda de Música con 171.506 pesetas, un 67,82%; e na corrección pública o Cárcere do Partido Xudicial con 119.534,21 pesetas, un 92,22%.

En cuarto lugar sitúanse os gastos xerais do concello, como reflicte a Gráfica 53, que ascenden á cantidade de 995.073,95 pesetas, un 7,14% dos gastos totais. A maior partida vai destinada aos soldos de empregados, un total de 543.594,98 pesetas, o 54,63%; e á recadación de impostos, tamén para gratificacións e soldos, con 379.419,02 pesetas, o 38,13%. Completan os gastos xerais outras partidas menores destinadas a material, gastos menores e de representación, eleccións, quintas, censo, subscricións e Xunta Local de Reformas Sociais; un total de 72.059,95 pesetas, o 7,23%.

O quinto e último lugar ocúpano os gastos de montes (Gráfica 53), que son moi reducidos: 5.196,59 pesetas, o que supón un 0,04% dos gastos totais, destinados ao pago de impostos de aproveitamentos forestais.

A valoración da evolución económica da etapa, e o que a diferenza das outras dúas, é que o concello pasa a nutrirse principalmente de ingresos extraordinarios. Isto afástase da realidade, xa que estes ingresos extraordinarios proceden fundamente de empréstitos para a construción dun Hospital Municipal e para a compra da fábrica da luz eléctrica, co obxectivo da municipalización do servizo de alumeado público.

Os impostos pasan a ocupar o segundo lugar en nivel de ingresos, centrados nos substitutivos do de consumos, que veñen a suplir a cuantiosa recadación que aportaban estes, que na práctica non desaparecen. A substitución do imposto dos consumos foi complexa e estendeuse máis aló de 1916, pois incluso en 1921 se prorroga ata o 1 de abril do ano 1925 a recadación das cotas de consumos e alcois e as recargas daqueles, nos concellos que fixeran a substitución de imposto de consumos[386], do que se deduce que aínda había concellos que seguían cobrando este imposto.

A normativa que regula os substitutivos de consumos é fundamentalmente o coñecido como Decreto Besada, o Real Decreto de 11 de setembro de 1918[387], xunto con outras normas que aclaran este RD[388], nas que se insta aos concellos a que cobren os consumos, conforme a

[386] España. Ministerio de Facenda. Real Decreto de 1921, de 8 de marzo. La Gaceta de Madrid, 10 de marzo de 1921, núm. 69, p. 814.

[387] España. Ministerio de Facenda. Real Decreto de exaccións municipais de 1918, de 11 de setembro. La Gaceta de Madrid, 30 de xullo de 1918, núm. 211, pp. 289-316.

[388] España. Real Decreto de normas para os Concellos para os presupostos de 1920-21, de 18 de marzo. La Gaceta de Madrid, 21 de marzo de 1921, núm. 81, pp. 1030-1031.

tres medios: administración municipal directa do imposto, concertos gremiais ou repartimento xeral do citado Real Decreto Besada[389].

No Concello de Lugo, en 1924, apróbase no presuposto de ingresos, os arbitrios substitutivos de consumos, así como se establecen os de apertura de establecementos públicos, sobre utilidades líquidas das compañías anónimas, sobre casinos e outras sociedades de recreo, sobre ocupación da vía pública de automóbiles de alugueiro e finalmente mantense o arbitrio sobre carnes[390]; con todo, a pesar do cambio de denominación non cambia nin a imposición, nin o método de cobro en casetas[391].

Non se crean novos impostos e os que se agrupan nos recursos para cubrir o déficit (substitutivos do de consumos, recarga na contribución de subsidio, imposto de cédulas persoais, recarga na contribución de inmobles, imposto de carruaxes de luxo, imposto sobre casinos e círculos de recreo, recarga sobre a contribución de utilidades, arbitrio sobre compañías anónimas e comanditarias, así como a recarga sobre o rendemento bruto de minas) seguen a ser os máis cuantiosos para o concello. A recarga no imposto de gas e electricidade non se conceptualiza como un dos substitutivos de consumos, pese a selo lexislativamente.

Entrementres, os impostos municipais (postos públicos, matadoiro, cemiterio, obras e instalacións, reintegro de subministracións ao Exército, licenzas de construción, certificacións e selo municipal, multas, carruaxes e carros de transporte, establecementos públicos, arbitrio sobre cans, documentos de vixilancia e policía urbana) seguen a ter un carácter secundario con respecto aos anteriores.

Os ingresos por servizos municipais distan moito das dúas fontes de financiación anteriores, porén os ingresos en beneficencia e corrección pública superan os gastos correlativos nestes apartados.

A maior inversión do concello tamén cambia con respecto á etapa precedente, ocupando este lugar as obras municipais, e dentro destas as obras ex novo como son a construción do Hospital Municipal, dun parque de recreo e do Campo da Feira, se ben, a financiación destas fai que o concello teña que recorrer a ingresos de tipo extraordinario. Con respecto ás obras públicas ou de conservación, apenas se produce variación.

Se ás obras de nova construción lle engadimos as cargas do concello máis cuantiosas (continxente provincial, créditos recoñecidos e intereses e amortización de empréstitos), as partidas de gastos de policía urbana e rural e policía de seguridade nos servizos, así como os principais gastos xerais (soldos de empregados e da recadación de impostos), todo isto pon de manifesto o progresivo endebedamento do concello nesta etapa.

A evolución socioeconómica do concello segue a centrarse nos prezos e comercialización dos produtos de primeira necesidade ou subsistencias, no mercado da carne, na conflitividade social centrada no ámbito laboral, así como na instauración, sen apenas oposición, da ditadura. A comercialización dos produtos convértese na principal actividade económica do concello por diante do mercado da carne, cuxos ingresos seguen a proceder dos impostos de postos cubertos, dos de banqueta na nova Praza de Abastos e no Mercado do Frontón, aos que se lle engaden os dos postos no Campo da Feira, os dereitos de peixaría e do arbitrio de postos na vía pública, constituíndo todos estes o aporte máis cuantioso dos impostos municipais, dobrando os seus ingresos con respecto á etapa anterior. As obras do Campo da Feira continúan ata o ano 1923, inverténdose tamén, a partir do 1921, na súa conservación.

[389] De Hacienda. (26 de marzo de 1920). *El Progreso*, p. 4.
[390] En el Ayuntamiento: la sesión de ayer. (6 de xuño de 1924). *El Progreso*, p. 1.
[391] Nova caseta de ladrillo para o garda de consumos da porta de Santiago. En el Ayuntamiento: la sesión de ayer. (30 de xaneiro de 1924). *El Progreso*, p. 1.

A diferenza do que acontecía nas outras etapas, nesta só hai pequenas variacións nas tarifas[392]. O mercado da carne segue a ter unha gran importancia na actividade económica do concello, ocupando o matadoiro o segundo posto en ingresos por impostos municipais, sen apenas variación das tarifas con respecto á etapa anterior.

O problema das subsistencias continúa, relacionado directamente co aumento dos prezos dos produtos básicos, exemplificado en 1920 coa chegada de fariña procedente do Canadá a Lugo e establecéndose unha taxa para a súa venda[393].

Outro exemplo da problemática que xeran os prezos dos produtos básicos é a existencia tamén nesta etapa dun local para vender pan e patacas a prezo de taxa. Na segunda etapa, a I Guerra Mundial provocara problemas de abastecemento e carencia de alimentos, por iso se crearan as Xuntas Provinciais de Subsistencias e o concello instalara unha panadería reguladora desde 1917. Non obstante, dado que os problemas de abastecementos continúan a partir de 1919, segue a existir un local na Praza de Abastos para vender pan e patacas a prezo de taxa ata 1925[394]. Este local supón perdas para o concello, por iso nos presupostos se contabilizan partidas para custear o seu sostemento; isto pon de manifesto que do prezo das subsistencias depende a paz social, por iso o concello subvenciona estes produtos. Por outro lado, ademais de subvencionalos tamén controla o peso e establece, nalgúns momentos, os repesos obrigatorios para o pan e a carne, evitando así fraudes e enganos ao consumidor[395].

Con respecto á evolución dos prezos dos cereais, o trigo parte de 5,50 pesetas, experimentando unha subida de 1,50 pesetas no ano 1920 e manténdose no 1921; en 1922 diminúe 2 pesetas, manténdose nas 5 pesetas ata ao final da etapa, segundo reflicten os datos da Táboa LVI, Anexo.

O millo parte de 6 pesetas cunha tendencia á alza ata o ano 1921, aumentando 1,75 pesetas no 1920 e 0,75 pesetas no 1921; en 1922 invértese a tendencia e o prezo descende 2,50 pesetas e outras 0,50 pesetas no ano seguinte, para manterse no 1924, rematando a etapa á alza, cun aumento dunha peseta, acadando as 6,50 pesetas.

No caso do centeo, a evolución é alza entre os anos 1919 e 1921, pasando de 4 a 5,75 pesetas; a partir do 1922 baixa o prezo 1,75 pesetas, outras 0,25 pesetas no 1923, recuperándose no 1924 cun incremento de 0,25 pesetas e doutras 0,25 pesetas no ano 1925, acadando as 4,25 pesetas.

Os prezos da cebada tenden á estabilidade ao longo da etapa, partindo de 3,50 pesetas nos anos 1919 e 1920, incrementándose 0,25 pesetas no 1921, para volver a reducirse no 1922, manterse no 1923 e rematar a etapa cun incremento de 0,25 pesetas, o mesmo prezo que ao comezo desta.

O prezo do quilogramo de patacas parte de 7,50 pesetas, aumentando no 1920 máis do dobre, en concreto 8,50 pesetas e chegando ás 16 pesetas, o prezo máis alto de toda esta etapa, polo que o Concello de Lugo rebaixa o seu prezo cos beneficios da venda de aceite de taxa[396]. Esta rebaixa no prezo das patacas repercute nos dous anos seguintes, 1921 e 1922, nos que o prezo se reduce 2 pesetas; no 1922, os prezos varían a medida que a colleita vai a menos, así a

[392] No Campo da Feira hai unha nova tarifa ao gando lanar e increméntanse algo as tarifas a partir do ano 1919; nos dereitos de peixaría, aplícanse tarifas ao pescado de río a partir do 1923; e nos metros cadrados ocupados por teatros, exposicións ou calquera outra clase de espectáculos tamén se aplican tarifas a partir do ano 1923.

[393] De Subsistencias. (24 de agosto de 1920). *El Progreso*, p. 8.

[394] No ano 1920, houbo un proxecto para construír un forno para cocer o pan da panadería reguladora, pero non se chegou a levantar. No ano 1925, dado que a panadería reguladora producía perdas, esta suprímese. En: Apuntes. (9 de xuño de 1920). *El Norte de Galicia*, p. 3; En el Ayuntamiento. (20 de febreiro de 1925). *El Progreso*, p. 1.

[395] Los repesos del pan. (14 de maio de 1921). *El Norte de Galicia*, p. 2.

[396] O Concello de Lugo vende a prezo de taxa aceite que lle facilita o Goberno central e con eses beneficios rebaixa os prezos das patacas. En: En el Ayuntamiento. (18 de novembro de 1920). *El Progreso*, p. 1.

diminución da oferta fai que no mes de maio o quilogramo de patacas acade un prezo de 20 pesetas. No ano 1923 prodúcese unha redución de 4 pesetas, que se recupera no 1924 aumentando 3 pesetas, para rematar a etapa diminuíndo outras 2 pesetas, situándose en 11 pesetas.

O prezo da ducia de ovos parte de 2 pesetas e aumenta ata o ano 1921, no que se sitúa en 3,30 pesetas; a partir deste ano redúcese, concretamente unha peseta no 1922, 0,10 pesetas no 1923, rematando a etapa cun leve aumento de 0,05 pesetas no 1924 e 0,25 pesetas no ano 1925, acadando as 2,50 pesetas.

A libra de manteiga parte de 2 pesetas, aumentando 3 pesetas no ano 1920 e outras 0,50 pesetas no 1921; a partir desde reduce o seu prezo, cunha diminución de 0,50 pesetas no 1922, outras 0,50 pesetas no 1923, manténdose no 1924, para rematar a etapa cun aumento de 0,50 pesetas, situándose nas 5 pesetas no ano 1925.

O prezo do quilogramo de fabas é inestable ao longo da etapa, pois parte de 4 pesetas no 1919, aumentando 7 pesetas no 1920, acadando así as 11 pesetas; a partir de aquí o prezo descende nos tres anos seguintes, 4,50 pesetas no 1921, 0,50 pesetas no 1922 e 1 peseta no 1923. No ano 1924 recupéranse os prezos cun aumento de 5,50 pesetas, máis do dobre, rematando a etapa con outro incremento de 1,50 pesetas, acadando así o prezo máximo de 12 pesetas no ano 1925.

O prezo do quilogramo de castañas parte de 1,50 pesetas, dobrando o prezo no ano 1920; este prezo aumenta outras 0,50 pesetas no 1921, acadando o seu prezo máximo, a partir do cal descende unha peseta no 1922, cun aumento de 0,50 pesetas en 1923, que volve diminuír no 1924, para manterse no ano 1925 en 2,50 pesetas.

A libra de touciño parte de 1,50 pesetas, triplicando o seu prezo no ano 1920, cun incremento de 4,50 pesetas; en 1921 segue á alza, aumentando outras 0,50 pesetas, reducíndose nos dous anos seguintes, en concreto 0,25 pesetas no 1922 e 0,75 pesetas no 1923. En 1924 recupérase aumentando 0,50 pesetas e outras 0,50 pesetas no 1925, rematando a etapa en 5,50 pesetas.

Posto que o prezo dos produtos constitúe un indicador imprescindible da situación socioeconómica, podemos concluír que a custe da vida para o consumidor sofre un notable incremento nesta terceira etapa, xa que todos os produtos aumentan o prezo en comparación cos prezos das dúas etapas anteriores, chegando algúns a duplicar o seu prezo. Por outra banda, nunha valoración global, como observamos na Gráfica 54 o prezo das patacas é o que conta cun maior incremento ao longo da etapa, sendo tamén significativo o aumento do trigo e do millo, cereais básicos, nos anos 1920 e 1921. Debido á flutuación e ao aumento no prezo das patacas, o concello ademais de ter un local para vendelas a prezo de taxa, en 1919 ante a carencia deste produto realiza un pedido de 10.000 quilos ao Goberno[397].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[397] Pedido de patatas. (6 de xuño de 1919). *La Idea Moderna*, p. 1.



Ademais dos prezos dos cereais e doutros produtos de primeira necesidade, tamén é importante ter en consideración o prezo da carne de tenreira. Este parte de 2,35 pesetas/quilo no ano 1919, aumentando o prezo ata o 1923, como se observa na Gráfica 54; en concreto, no 1920 aumenta 0,59 pesetas, 0,10 pesetas no 1921, 0,09 pesetas no 1922 e 0,67 pesetas no 1923, acadando o prezo máximo con 3,80 pesetas. Nos dous últimos anos baixa o prezo: 0,60 pesetas no 1924 e 0,20 pesetas no 1925, situándose en 3 pesetas/quilo. Polo tanto, constátase no conxunto da etapa o encarecemento da carne como acontece co resto de produtos.

Así pois, como nas outras dúas etapas, as protestas dos consumidores polo prezo da carne nesta etapa de 1919 a 1925 tamén son unha constante. As noticias falan de enganos por parte dos carniceiros nos pesos, de que estes soben os prezos sen motivo xustificado, incluso cando baixa o prezo das reses de vacún nos mercados, como en 1921 e 1925. Isto fai necesario a intervención das autoridades, alcaldía e Xunta Provincial de Abastecementos, para frear a suba dos prezos na carne de tenreira[398], chegando incluso a ser necesaria a intervención do Gobernador Civil no ano 1919. Neste ano, o Gobernador publica un bando no que se establece unha taxa para os prezos de carne de tenreira en canal que se sacrifique para consumo na provincia (2,50 quilo/canal), así como prezos para a venda ao público[399]; non obstante, todas as medidas aportan solucións temporais pois as protestas mantéñense ao longo da etapa, como tamén se mantiveran ao longo das dúas anteriores[400].

O mercado da carne segue a ter unha grande importancia para o Concello de Lugo, pois no Censo Pecuario de España do ano 1919 recóllese que Coruña é a provincia con máis número de gando vacún, seguida de Oviedo e Lugo, mentres que Lugo figura como a primeira en gando porcino[401]. Como xa se indicou con anterioridade, a tendencia xeral no prezo da carne é a alza (Gráfica 54 e Táboa LVI, Anexo), inda que, como nas outras etapas, esta tendencia non sempre repercutiu no prezo de venda para o gandeiro.

[398] A intervención da alcaldía consegue rebaixar o prezo da carne; por exemplo en 1921 e 1925 a rebaixa que se consegue é de 0,20 pesetas. En: Ayer. (30 de marzo de 1921). *El Progreso*, p. 1; Los precios de la carne. (21 de xuño de 1925). *El Progreso*, p. 1.

[399] Bando del Gobernador. (14 de febreiro de 1919). *El Progreso*, p. 1.

[400] El precio de la carne. (9 de outubro de 1920). *El Progreso*, p. 1; El precio de la carne. (30 de marzo de 1921). *El Progreso*, p. 1; La carne ha bajado el precio. (19 de abril de 1922). *El Progreso*, p. 1; De la vida local: el precio de la carne. (21 de outubro de 1922). *El Progreso*, p. 1; Los precios de la carne. (21 de xuño de 1925). *El Progreso*, p. 1.

[401] La riqueza pecuaria gallega. (15 de marzo de 1919). *El Progreso*, p. 4.

Por este motivo, no que respecta á exportación de gando vacún ao mercado nacional, as reivindicacións son as mesmas que nas etapas anteriores xa que na Asemblea de Federacións católico-agrarias galegas, que se reune en Lugo en 1921 con representantes de Coruña, Lugo, Mondoñedo, Monforte, Ourense, Santiago e Tui, insístese na necesidade de prescindir dos intermediarios e nas conclusións establécense como obxectivos: crear un banco rural, establecer un seguro de accidentes no transporte do gando, protestar contra os intentos de importar carne conxelada ou que os socios da Federación vendan en exclusiva aos representantes desta Federación[402].

Neste mesmo sentido, A Federación Católica Agraria de Lugo protesta contra a importación de gando estranxeiro, por considerar que isto arruína aos gandeiros galegos[403] e tamén protesta porque a Deputación crea un imposto que grava o tránsito de gando, imposto que empeora aínda máis a situación, xa difícil pola baixada do prezo deste; no lugar deste imposto, solicitan que se impoña outro sobre os viños importados ou sobre os solares sen edificar[404]. Estas reivindicacións mantéñense na asemblea de alcaldes celebrada en Lugo en 1925, onde se seguen a solicitar matadoiros industriais, vagóns frigoríficos, a libre importación de millo ou a eliminación dos intermediarios[405].

O prezo medio de venda da carne de tenreira exportada de Lugo a Madrid e Barcelona segue unha tendencia xeral á suba desde 1920. No caso de Madrid, este parte de 3,48 pesetas quilo/canal, seguindo unha tendencia inestable ata o ano 1923, reducíndose en 0,54 pesetas no 1921, aumentando 0,76 pesetas no 1922, volvendo a reducirse 0,55 pesetas no 1923, para manterse no ano seguinte, subindo 0,60 pesetas no 1925, para rematar o ano 1926 en 3,73 pesetas, como indican os datos da Táboa 46.

No caso de Barcelona, os prezos sempre se sitúan por enriba dos de Madrid, cunha evolución tamén inestable; estes parten de 3,98 pesetas, reducíndose 0,65 pesetas no 1921, aumentando 0,90 pesetas no 1922, reducíndose outras 0,93 pesetas no 1923, aumentando 0,20 pesetas no 1924, 0,55 pesetas no 1925 e 0,15 pesetas no ano 1926, acadando a cifra de 4,20 pesetas (Táboa 46).

Táboa 46. Prezos de exportación da tenreira por quilo/canal desde Lugo aos mercados de Madrid e Barcelona entre 1919-1926[406]

Ano	Madrid quilo/canal	Barcelona quilo/canal
1920	3,48	3,98
1921	2,94	3,33
1922	3,70	4,23
1923	3,15	3,30
1924	3,10	3,50
1925	3,70	4,05
1926	3,73	4,20

Estas oscilacións de prezos gardan relación co volume e valor das exportacións de gando vacún. Esta exportación de gando vacún de Lugo ao interior de España describe unha evolución

[402] Asamblea agraria en Lugo. (6 de agosto de 1921). *La Voz de Galicia*, p. 3.

[403] Por nuestra ganadería. (14 de novembro de 1922). *El Progreso*, p. 1.

[404] Saavedra, R. e Pérez de Guerra, J: Federación Católica Agraria de Lugo. (22 de agosto de 1923). *El Progreso*, p. 2; Un discurso interesante: se habla del arbitrio de ganados. (15 de setembro de 1923). *El Progreso*, p. 2.

[405] De la Asamblea de alcaldes en Lugo. (17 de xuño de 1925). *La Voz de Galicia*, p. 3.

[406] Asociación de Ganaderos el Reino. (18 de xaneiro de 1920). *El Progreso*, p. 8; Asociación de Ganaderos el Reino. (16 de marzo de 1920). *El Progreso*, p. 8; Asociación de Ganaderos el Reino. (3 de xuño de 1921). *El Progreso*, p. 1; Asociación de Ganaderos el Reino. (9 de xuño de 1922). *El Progreso*, p. 3; Asociación de Ganaderos el Reino. (29 de maio de 1923). *El Progreso*, p. 2; Asociación de Ganaderos el Reino. (11 de marzo de 1924). *El Progreso*, p. 2; Los Mercados. (31 de xaneiro de 1925). *El Progreso*, p. 4; El Mercado de carnes. (7 de marzo de 1926). *El Progreso*, p. 2.

positiva ao longo da etapa, pero sen chegar aos niveis da anterior, que vira freada a súa expansión pola I Guerra Mundial. En canto ao número de reses exportadas desde a estación de Lugo, esta segue unha traxectoria irregular aumentando e diminuíndo anual e regularmente, sendo o ano 1924 o de máis exportación con 175.698 reses, cun incremento entre o 1919 e 1925 de 43.137 cabezas (Táboa 47).

O valor calcúlase en base ao prezo medio por quilo vivo, e este parte dunha peseta nos dous primeiros anos, incrementándose en 0,05 pesetas no 1921, volvendo ao valor inicial no ano seguinte; en 1923 aumenta 0,10 pesetas, 0,05 pesetas no 1924, reducíndose outra vez na mesma contía no ano 1925, quedando en 1,10 pesetas. Tendo en conta as variables do número de reses exportadas, o peso vivo por quilos e o prezo medio por quilo vivo, o ano 1924 sitúase como o de maior beneficio con 52.231.068 pesetas, como indican os datos da Táboa 47; en toda a etapa, o beneficio aumenta en 12.555.016 pesetas.

Táboa 47. Exportación de gando vacún por ferrocarril desde Lugo ao interior de España, 1919-1925[407]

Anos	Nº reses desde estación de Lugo	Peso vivo por quilos	Valor (pesetas)	Prezo medio por quilo vivo (pesetas)
1919	128.205	35.594.140	35.594.140	1
1920	159.304	43.976.820	43.976.820	1
1921	145.210	36.446.560	38.268.888	1,05
1922	148.770	37.656.720	37.656.720	1
1923	143.748	36.772.560	40.449.816	1,10
1924	175.698	45.418.320	52.231.068	1,15
1925	171.342	43.771.960	48.149.156	1,10
TOTAL	1.072.277	279.637.080	296.326.608	Media 1,06

Esta importancia da exportación de carne non repercute no sacrificio desta para consumo interno; así, segundo a estatística de consumo de carnes en España publicada pola *Asociación General de Ganaderos del Reino* Lugo sitúase como a terceira provincia galega en número de cabezas de vacún sacrificadas para abasto público (Táboa 48), e a primeira en consumo de quilos de carne, pois a calidade do gando vacún lucense é mellor que no resto de provincias (Carreras y Candi, 1928, p. 352). A provincia de Lugo conta coa evolución positiva máis rápida das provincias galegas en canto ao número de cabezas de gando vacún entre os anos 1908 e 1925 (Villares Paz, 1982, p. 372).

Táboa 48. Reses de vacún que consumiu Galicia no ano 1923[408]

Provincias	Cabezas	Quilos de carne consumidos
A Coruña	51.792	4.113.024
Pontevedra	45.982	4.257.505
Lugo	30.912	4.945.995
Ourense	29.900	1.989.249
Total	158.586	15.305.773

Así pois, nesta etapa o mercado da carne perde puxanza en relación coas anteriores, o que se reafirma debido a que a recadación impositiva do matadoiro xa non ocupa o primeiro lugar.

Como na etapa anterior, proponse como un elemento clave para explotar a riqueza da provincia a mellora das liñas ferroviarias, xa que facilitar os transportes permitirá articular o mercado interno e abaratar os prezos no transporte desde Galicia a Madrid e Barcelona,

[407] Elaboración propia a partir das seguintes fontes: Los precios de la carne (21 de xuño de 1925). *El Progreso*, p. 1; Carreras y Candi, F. (dir.). (1928). *Geografía General del Reino de Galicia. Reino de Galicia*. (Vol. I). Barcelona: Casa editorial Alberto Martín, p. 352.

[408] Carreras y Candi, F. (dir.). (1928). *Geografía General del Reino de Galicia. Reino de Galicia*. (Vol. I). Barcelona: Casa editorial Alberto Martín, p. 352.

principais centros de exportación. Para articular o mercado interno será clave a liña Vilafranca-Ribadeo-Lugo-Cádavo. Xa na anterior etapa, a Deputación de Lugo solicita ao Goberno que o proxecto se articulara pasando por Vilalba e Mondoñedo e que fose de liña eléctrica. Nesta etapa, no ano 1924, constitúese unha comisión coa finalidade de xestionar a execución da citada liña, solicitando o apoio do Concello e da Deputación de Lugo para facer a solicitude de construción preferente desta liña ao Directorio Militar.

As principais razóns aducidas para a eficacia desta liña son que esta representaría o traxecto máis curto desde o Cantábrico a Madrid, economizando así tempo entre A Coruña e Madrid, permitindo unir Lugo coa capital do Estado, e enlazar o ferrocarril da costa co do Norte. Conectaría ademais un mercado de arredor de 500.000 habitantes da provincia de Lugo, de Asturias e León, favorecendo así a explotación dos carbóns e ferros do Bierzo e doutras moitas minas do recorrido, ao mesmo tempo que permitiría abastecer de trigos e viños aos pobos do litoral; en definitiva, esta liña ferroviaria representaría un gran valor estratéxico para a defensa de Galicia, Asturias e León[409]. Debido á importancia estratéxica desta, tamén o concello de Mondoñedo se adheriu a esta petición para o Directorio Militar[410], aínda que a liña non chegaría a construírse.

En comparanza con outros concellos de Galicia a tendencia é a que os prezos nos mercados sigan sendo máis elevados que en Lugo, como nas etapas anteriores, coa excepción do Concello de Ourense onde no ano 1921 a carne tenreira está a un prezo medio de 2,78 pesetas, cando en Lugo está a 3,04 pesetas. No resto de concellos de Galicia, como acontece no Concello de Lugo, nesta etapa seguen existindo produtos sometidos á regulación de taxa, e tamén o quilo de pan de trigo co prezo de taxa noutros concellos é máis caro que o que se vende en Lugo. A venda de pan de trigo a prezo de taxa trátase nunha sesión do Concello de Lugo, facéndose unha comparativa cos prezos doutros concellos, A Coruña, Ferrol, Santiago, Ourense, Pontevedra e Vigo, para establecer o prezo da venda do pan de trigo na panadería reguladora de Lugo, que finalmente se establece en 0,60 pesetas[411].

No caso da Coruña, en 1919 a Xunta de Subsistencias volve poñer a taxa sobre os ovos, debido ao aumento do prezo deste produto[412], taxa que se mantén no ano seguinte, pois en febreiro de 1920 a ducia de ovos véndese a 1,50 pesetas (prezo de taxa), no local que o concello establece para tal efecto[413].

Os prezos no Concello de Santiago en 1919 están 2 pesetas máis elevados no trigo e millo con respecto a Lugo, 1 peseta máis no centeo, 5 pesetas máis nas patacas e nas fabas; os ovos están ao mesmo prezo que en Lugo[414]. En 1920, o quilo de pan de trigo véndese a 0,90 pesetas e o de centeo a 0,75 pesetas, polo que os prezos seguen elevados e se reclama a intervención da Xunta de Subsistencias[415]. En 1925, o trigo e o centeo seguen estando 2 pesetas máis caros que en Lugo e o millo 1 peseta máis; mentres, as patacas chegan a estar 9 pesetas por riba do prezo das de Lugo, e só o prezo dos ovos é superior en Lugo[416].

---

[409] Concello de Lugo. (18 de decembro de 1924). *Sesión da comisión permanente*. AML (Sin.7992.2), Lugo; Concello de Lugo. (1924). *Obras do ferrocarril*. AHPL (Sin. 0482-00), Lugo.

[410] Concello de Lugo. (16 de marzo de 1924). *Obras do ferrocarril*. AHPL (Sin. 0482-00), Lugo.

[411] Nos restantes concellos está a 0,75 pesetas/quilo, coa excepción de Ourense onde está a 0,70 pesetas/quilo en 1922, mentres que en 1923 está a 0,65 pesetas/quilo neste último concello. En: Concello de Lugo. (24 de xuño de 1922). *Sesión supletoria*. AML (Sin. 7991-5, pp. 14 e 14 vta.), Lugo; En Orense: La Junta de Subsistencias. (28 de setembro de 1923). *Galicia: diario de Vigo*, p. 1.

[412] La reguladora de huevos. (13 de febreiro de 1919). *La Voz de Galicia*, p. 2.

[413] La venta de huevos. (11 de febreiro de 1920). *La Voz de Galicia*, p. 3.

[414] Crónica local. (20 de marzo de 1920). *El Correo Gallego*, p. 2.

[415] Santiago. (27 de xuño de 1920). *Correo de Galicia*, p. 5.

[416] Bolsas y Mercados. (6 de xuño de 1925). *La Voz de Galicia*, p. 4.

Polo que se refire ao Concello de Ferrol, en 1919 tamén hai problemas porque os carniceiros pretenden elevar o prezo da carne por enriba da taxa fixada, o que faría que a carne de vaca pasara das 3,40 pesetas da taxa ás 4 pesetas na primeira categoría. Este prezo da carne, como acontece en Lugo, fai necesaria a intervención da alcaldía de Ferrol que acorda establecer unha carnizaría reguladora[417].

No Concello de Pontevedra en 1919, como acontece en Lugo, o Gobernador Provincial establece as seguintes taxas por quilo de produto: 0,18 pesetas para as patacas, 0,29 pesetas nas fabas, 0,33 pesetas no millo e 1,25 pesetas na ducia de ovos; mentres, establécese que nas fariñas serán as alcaldías as que fixen, cada quince días, os prezos reguladores[418]. Neste mesmo ano, os carniceiros pretenden subir o quilo de carne 0,45 pesetas; pídese a intervención da Xunta de Subsistencias porque en caso contrario o pobo non pode consumir carne, ademais de que tamén escasean os ovos porque se exportan fóra da localidade ilegalmente[419]. Os elevados prezos da carne fan necesario establecer unha taxa, pero no ano 1924 hai carencia de carne porque os carniceiros non matan as reses necesarias para o abastecemento xa que co prezo de taxa obteñen perdas. Faise necesaria a intervención do concello, que acorda cun industrial que este abasteza de carne á cidade ao prezo de taxa[420]. A pesar destas medidas, en 1925 os xornais volven dar conta da carencia de alimentos e da subida dos prezos dos produtos de primeira necesidade e tamén da falta de traballo[421].

Finalmente, no Concello de Vigo tamén constan problemas de abastecemento, por iso en 1919 a alcaldía pide axuda ao Goberno para abastecer a cidade de aceite, arroz e azucre[422].

Polo tanto, no resto de concellos de Galicia constátase que os prezos de produtos de primeira necesidade son moi elevados, polo que se manteñen produtos a prezo de taxa, como na segunda etapa. Ademais os consumidores protestan, o que fai necesario a intervención das alcaldías e incluso dos gobernadores, co se conseguen solucións temporais; en definitiva, a problemática, a intervención e as solucións que se propoñen noutros concellos son similares que as do Concello de Lugo.

Esta suba xeral nos prezos dos produtos de primeira necesidade é causa de numerosas protestas, como xa vimos, e ademais desencadea protestas obreiras. En Lugo, a partir do ano 1919, as protestas obreiras relaciónanse coas peticións de suba de xornais, como se reclama na folga de panadeiros de 1922[423]. Aínda así, son as protestas dos traballadores da construción as máis importantes nesta etapa[424]; por exemplo, en xaneiro de 1919 o Centro Obreiro convoca unha folga para pedir unha suba de 0,75 pesetas no xornal diario[425]. Os problemas no ramo da construción seguen desde 1920, pois desde o comezo das obras de construción do Hospital de Santa María constan protestas para conseguir a suba do xornal diario para as mulleres e para os rapaces que alí traballan, quedando finalmente en 2,25 e 1,50 pesetas, respectivamente, tralo acordo co contratista[426].

---

[417] Ildefonso: Del Ferrol: El precio de la carne. (16 de xaneiro de 1919). *La Voz de Galicia*, p. 2.
[418] Las Subsistencias. (19 de febreiro de 1919). *El Diario de Pontevedra*, p. 2.
[419] Las Subsistencias. (13 de marzo de 1919). *El Diario de Pontevedra*, p. 2.
[420] Noticias de la Región: Pontevedra. (21 de xuño de 1924). *La Voz de Galicia*, p. 4.
[421] Aspectos del caciquismo. (12 de marzo de 1925). *La libertad*, p. 2.
[422] Las Subsistencias. (13 de marzo de 1919). *El Diario de Pontevedra*, p. 2.
[423] Os panadeiros piden un aumento do xornal de ata as cinco e seis pesetas diarias. En: De la vida local: La huelga de panaderos. (21 de outubro de 1922). *El Progreso*, p. 1.
[424] Tamén en Ferrol, no ano 1920, hai unha folga dos obreiros da construción, e dado o número de días de folga a alcaldía dá 200 racións de comida ao obreiros pobres en folga. En: Del Ferrol. (24 de xullo de 1920). *La Voz de Galicia*, p. 2.
[425] Notas Obreras. (15 de xaneiro de 1919). *El Progreso*, p. 2; En Huelga. (17 de xaneiro de 1919). *El Progreso*, p. 2.
[426] En el revuelo de Ayer. (8 de xuño de 1920). *El Progreso*, p. 1.

En agosto de 1920, os traballadores do ramo da construción piden un aumento de 2 pesetas no xornal, pero os contratistas néganse e iso desencadea a convocatoria dunha folga, que secunda o Centro Obreiro e o Sindicato Católico de San Xosé, este último expulsado do sindicato por secundar a folga. A folga paraliza totalmente todas as obras que nese momento se levaban a cabo na cidade durante un mes, cun total de máis 400 obreiros en folga, entre eles carpinteiros, canteiros, albaneis e peóns. As protestas acaban nunha folga xeral de 24 horas a proposta do Centro Obreiro ante a negativa do contratista do Círculo e do Hospital de facer a suba que estaban pedindo; despois dun mes de protestas, os obreiros incorpóranse aos seus postos, coa excepción dos traballadores de dito contratista[427].

As consecuencias desta folga esténdese ata o 1923, pois neste ano o contratista do Hospital Municipal de Santa María solicita unha prórroga ao concello para poder rematar as obras, debido ás consecuencias desta folga, polo que o Concello de Lugo concédelle a prórroga ata o 31 de decembro de 1924[428]. Aínda así, volve incumprir os prazos de remate das obras, por iso, no ano 1925, o Centro Obreiro solicita ao concello a rescisión do seu contrato, ao que se lle debe esixir ademais a devolución da fianza por non realizar as obras de acordo ao prazo fixado e polo novo arbitrio creado para o seu financiamento[429].

Como acontecera coa crise de 1917 ou coa Gripe de 1918 que deixan a súa pegada no Concello de Lugo, tamén nesta etapa outro acontecemento, neste caso político, ten repercusións para o concello, a instauración da ditadura de Miguel Primo de Rivera. O 14 de setembro de 1923 prodúcese o golpe de Estado e o 16 de setembro o tenente Ángel Ortega, ao mando dun piquete de 32 soldados de infantería, fai lectura do bando no que se indica que o novo Gobernador será Joaquín Tovalina Basabrú, declarando o estado de guerra na cidade e na provincia[430]. A instauración da ditadura leva aparellados unha serie de cambios políticos, entre eles a substitución do alcalde nese momento, Ángel López Pérez. A substitución deste alcalde fai que a Cámara de Comercio de Lugo eleve unha petición ao Directorio para que o manteña no seu posto, petición que non se cumpre[431]. Aínda así, xa desde o 29 de setembro se produce a adhesión do concello ao Directorio, así como doutras organizacións como a da Federación Provincial de Sindicatos Agrarios Católicos ou a do Colexio Médico da provincia[432], pero na data de 29 de setembro tan só 5 persoas se presentaran para o Somatén[433].

[427] Del Centro Obrero. (12 de agosto de 1920). *El Progreso*, p. 1; Los obreros del ramo de construción. (24 de agosto de 1920). *El Progreso*, p. 8; Obreros declarados en huelga. (24 de agosto de 1920). *El Regional*, p. 2; La huelga del ramo de la construcción. (25 de agosto de 1920). *El Progreso*, p. 1; El Sindicato Obrero Católico y la huelga de la construccion. (31 de agosto de 1920). *El Progreso*, p. 5; Huelga General en Lugo. (17 de setembro de 1920). *El Progreso*, p. 1; En el Ayuntamiento: la sesión de ayer. (21 de setembro de 1920). *El Progreso*, p. 1.

[428] Concello de Lugo. (17 de outubro de 1923). *Sesión supletoria*. AML (Sin. 7992-1, p. 7), Lugo; En el Ayuntamiento. (18 de outubro de 1923). *El Progreso*, p. 2.

[429] O Centro Obreiro fixera donativos e ademais establecérase un arbitrio especial sobre os viños para o financiamento de dita construción (este arbitrio aportaba 250.000 pesetas anualmente). Ademais, o director do hospital, Rafael de Vega Barrera, diríxese tamén ao concello para que faga un esforzo para poñer en funcionamento algúns dos pavillóns case rematados, á espera da conclusión das obras. En: Vida Obrera (1 de xaneiro de 1925). *El Progreso*, p. 2; En el Ayuntamiento. (15 de outubro de 1925). *El Progreso*, p. 1.

[430] Un momento decisivo para España. (14 de setembro de 1923). *El Progreso*, p. 1; La situación en España. (16 de setembro de 1923). *El Progreso*, p. 1.

[431] Ángel López Pérez será nesta etapa o encargado da organización do Somatén, xunto a Augusto Pozzi Díaz. En: Pidiendo la reposición de Don Ángel López Pérez. (9 de outubro de 1923). *El Progreso*, p. 1; Ecos. (16 de outubro de 1923). *El Progreso*, p. 2.

[432] Concello de Lugo. (29 de setembro de 1923). *Actas de sesiones del ayuntamiento de Lugo*. AML (Sin. 7991-6, p. 46), Lugo; Ante el nuevo Régimen político: En Lugo. (18 de setembro de 1923). *El Progreso*, p. 2; Del Colegio Médico de esta provincia. (24 de outubro de 1923). *El Progreso*, p. 1.

[433] Los primeros somatenes. (29 de setembro de 1923). *El Progreso*, p. 1.

Con respecto ao Centro Obreiro, desde 1924 permítenselle celebrar asembleas, acordando nunha delas non realizar ningún acto polo 1 de maio[434]; en cambio, as entidades do Centro Obreiro solicitan ao Gobernador a súa inclusión no censo de corporacións e poder elixir así concelleiros[435]. En xaneiro de 1925, reúnese para elixir os dous concelleiros que lle corresponden; os elixidos saen dos seis candidatos propostos polo Gobernador[436]. Polo tanto, a instauración da ditadura non supón apenas oposición, ademais de que no plano político hai unha continuidade.

Un dos cambios máis significativos da ditadura para a vida do campesiñado é o Decreto de Redención de Foros de 1926, de 25 de xuño[437], aínda que debido á preeminencia urbana do Concello de Lugo non terá repercusións, non así noutros concellos próximos, como nos de Taboada ou Chantada. Antes da publicación da citada lei, preséntanse no Congreso varias proposicións de lei, que non prosperan[438]. Na provincia de Lugo, son os concellos de Chantada e Taboada os máis reivindicativos na cuestión da redención foral, que se converte nunha importante cuestión de orde social[439]. Por iso, grazas aos acordos entre os propietarios e os sindicatos agrarios, realízase a redención voluntariamente antes da promulgación da lei nalgúns casos[440], en consonancia coa extensión do redencionismo por Galicia desde os anos finais do século XIX (Villares Paz, 1982, p. 331; Villares Paz, 1997b, pp. 149-150).

En definitiva, nesta terceira etapa xa se empeza a albiscar o declive económico do Concello de Lugo, o que se visibiliza na caída do mercado da carne e na marxinación nas comunicacións co resto de Galicia e do Estado, co que dá comezo unha terciarización encuberta. A etapa de estudo desta tese péchase coa celebración dun congreso de economía rexional de Galicia, que ten lugar no ano 1925 na cidade de Lugo.

[434] Vida obrera. (26 de xaneiro, 6 de abril e 27 de abril de 1924). *El Progreso*, p. 2; Vida obrera. (15 de novembro de 1924). *El Progreso*, p. 1.

[435] Paráo Rodríguez, J.Mª: Vida obrera. (6 de decembro de 1924). *El Progreso*, p. 2.

[436] En el Ayuntamiento. (14 de xaneiro de 1925). *El Progreso*, p. 2.

[437] España. Consello de Ministros. Real decreto-lei de redención de foros de 1926, de 25 de xuño. La Gaceta de Madrid, 26 de xuño de 1926, núm. 177, pp. 1802-1804; España. Ministerio de Graza e Xustiza. Real Decreto do Regulamento de redención de foros de 1926, de 23 de agosto. La Gaceta de Madrid, 25 de agosto de 1926, núm. 237, pp. 1192-1196.

[438] O deputado a Cortes por Chantada, Leonardo Rodríguez, presentou unha proposición de lei sobre a redención de foros, así como Portela Valladares e no ano 1921 debátese no Senado un proxecto de redención de foros. En: La redención de los foros. (27 de xaneiro de 1920). *El Progreso*, p.5; La redención de los foros. (1 de xullo de 1921). *El Progreso*, p. 2; El proyecto de redención de foros. (9 de novembro de 1921). *El Progreso*, p. 1.

[439] Nun mitin agrario en Chantada pídese ao Goberno que poña en vigor as leis que concederon a redención de foros. Nunha reunión da Sociedade Agraria de Taboada, Antonio de Cora pide a redención dos foros, pero insiste en que hai que facelo sen violencia e niso é clave o papel da Igrexa para encouzar ao campesiñado, porque a redención é xa tanto unha cuestión social; é dicir, a redención é clave para a orde social. En: De Chantada: mitin agrario. (4 de setembro de 1920). *El Progreso*, p. 1; En Taboada: los foros. (11 de novembro de 1920). *El Progreso*, p. 5; D´Orca: La redención de los foros. (4 de marzo de 1921). *El Progreso*, p. 1; De Cora, A.: La redención de los foros. (13 de abril de 1921). *El Progreso*, p. 1.

[440] En 1922, xa non quedaba case ningún propietario sen redimir os seus foros, grazas ao acordo chegado coa Sociedade Agraria de Taboada. Un dos maiores propietarios de dereitos forais está procedendo a redimir os seus foros, con 240 pesetas por fanega de redención, ademais de 50 pesetas por cada parella de capóns cebado, 1 peseta a libra de touciño e tamén a manteiga. En: Desde Taboada. (21 xaneiro de 1922). *El Progreso*, p. 1.

5 CONGRESO DE ECONOMÍA GALEGA

5.1 INTRODUCIÓN

O congreso celébrase os días 7, 8 e 9 de outubro de 1925[441], aínda que o Concello de Lugo xa comeza os preparativos desde os meses de abril e maio, consignando nos presupostos unha cantidade de 3.000 pesetas para a súa celebración[442].

Da súa importancia dá conta a abundante prensa que se fai eco do acontecemento: *La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, El Orzán, El Noroeste, A Nosa Terra, Faro de Vigo, El Pueblo Gallego, Galicia, Vida Gallega, El Correo Gallego, El Diario de Ourense, La Región, Nós, El Diario de Pontevedra, El Eco de Santiago, El Compostelano, El Correo de Santiago, La Comarca, Las Riberas del Eo, La Semana, El Eco de Vivero, La Integridad* ou os propios xornais de Lugo. Na prensa local, a maior cobertura lévaa a cabo o xornal *El Progreso*, que xa informa nos días previos dos aspectos organizativos e dos asistentes[443], seguido de *La Voz de la Verdad* e *El Regional*, en terceiro lugar[444].

A sesión inaugural ten lugar no salón de festas do Círculo das Artes o día 7 de outubro de 1925, que coincide coas festas de San Froilán, que no ano 1925 reciben un presuposto maior que noutros anos[445].

5.2 LISTA DE INSCRICIÓNS E ADHESIÓNS RECIBIDAS

Debemos ter en conta que as inscricións dos concellos tiñan un custo de 25 pesetas, para as asociacións e sindicatos 15 pesetas, mentres que as individuais eran de 5 pesetas. Como se observa na Gráfica 55, no caso dos concellos inscritos por provincias, foi a de Lugo da que máis concellos se inscribiron, cun total de 25, fronte aos 2 da Coruña e Pontevedra, respectivamente. En canto ás institucións, a maioría das inscritas teñen a súa sede na provincia da Coruña con 6, fronte ás 4 de Pontevedra e ás 2 de Lugo. É significativo que non haxa representación institucional da provincia de Ourense[446].

---

[441] Concello de Lugo. (1925). *I Congreso de Economía Galega.* AHPL (Sin. 1170-06), Lugo; Concello de Lugo (1926). *Primer Congreso de Economía Gallega*. Lugo: La Voz de la Verdad.

[442] De la Alcaldía. (3 de maio de 1925). *El Progreso*, p. 2; Los presupuestos municipales. (3 de xullo de 1925). *El Progreso*, p. 1.

[443] Primer Congreso de Economía Gallega. (3 de outubro de 1925). *El Progreso*, p. 1.

[444] Así mesmo, para dar publicidade ao evento, o alcalde de Lugo, Eduardo Rosón López, envía información a destacadas personalidades e xornais como son: Valeriano Villanueva, Capitán Xeneral do Corpo Xurídico en Burgos; José Calvo Sotelo, Miguel Primo de Rivera, ao presidente do Consello de Economía Nacional; aos ministros de Gobernación, Traballo, Estado, Instrución Pública, Fomento, Gracia e Xustiza, Guerra, Mariña; a Jesús Rey Alvite e ao alcalde de Culleredo; aos xornais *La Voz de Galicia, Orzán, Noroeste, Ideal, Pueblo Gallego, Faro de Vigo, Galicia, Alborada, El Eco de Santiago, El Correo Gallego, El Progreso, El Diario de Pontevedra, La Zarpa, La Región, Vida Gallega, Diario de Orense, El Compostelano, La Comarca, Las Riveras de Eo, La Integridad, Acción Social e a Terra a Nosa*.

[445] Nos días de celebración do congreso, a cidade mantén a iluminación das rúas ata as 12 da noite, hai fogos artificiais e amenizan as rúas as bandas municipal e militar, respectivamente, ao mesmo tempo que se celebran bailes. En: Sesión inaugural del Congreso de Economía. (8 de outubro de 1925). *El Progreso*, p. 1.

[446] Da provincia da Coruña as institucións participantes son: Banco Pastor, Colexio de Avogados, Colexio de Veterinarios, Facultade de Dereito de Santiago, Real Academia Galega e a Rexión Agronómica de Galicia. Os concellos participantes desta provincia son o Concello de Ferrol e o Concello de Ortigueira. Da provincia de Lugo as institucións participantes son a Cámara de Comercio e a Unión Comercial Vilalbesa. Desta provincia os concellos que participan son: Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Barreiros, Begonte (José Lozano Domínguez), Carballedo, Cervantes, Chantada, Corgo, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Paradela, Pastoriza (Delfín Ónega Fernández), Outeiro de Rei, Pedrafita, Pol (Esteban Freire), Ribadeo, Riobarba, Taboada, Vilaba, Vilaodrid, Viveiro (Jesús Franco Fernández) e Xove. Da provincia de Pontevedra os concellos que participan son os de Lavadores e o de Pontevedra. As institucións participantes desta provincia son Cámara de Comercio de Vilagarcía, Cámara de Comercio de Vigo, Colexio Médico e a Colonia agrícola de Gándaras de Prado do Porriño.

No referente á participación dos sindicatos agrícolas católicos, o maior número procede da provincia de Lugo, como reflicte a Gráfica 55[447].



No caso dos sindicatos católicos, non consta representación da provincia de Pontevedra (Gráfica 55), en cambio si está presente o Concello de Lavadores desta provincia, no que se desenvolve un importante movemento agrarista e tamén é un foco importante do anarquismo galego (Román Lago, 1999; Román Lago e Bernárdez Sobreira, 2007).

En canto ás inscricións de particulares, constan un total de 168 persoas particulares inscritas no congreso, sendo a maioría da provincia de Lugo como se observa na Gráfica 55. En canto á ideoloxía das persoas inscritas, figuran 55 conservadores, 48 de esquerdas e 20 galeguistas, dos cales 10 son galeguistas conservadores, ademais de 45 persoas das que non se coñece nin ideoloxía nin profesión, como se observa na Táboa 49.

Chama a atención a importante presenza de mulleres; así, son 19 as inscritas ademais da directora da Escola Normal de Mestras, Pilar Areal, que participa na sesión inaugura. As inscritas son todas mestras, a excepción da viúva do grupo empresarial *Hijos de Carlos de Casas e* da farmacéutica Manuela Antonia Barreiro Pico, ambas de Ribadeo, e outra da que non consta a súa profesión.

[447] Da provincia da Coruña están presentes: Lavacolla-Santiago de Compostela, Santa Eteria de Puentedeume e Muros-La Coruña. Da provincia de Lugo son os seguintes: Ada- Lajosa, Albeiros-Lugo, Baleira-Cádavo, Cervo-Viveiro, San Juan de los Baos-Meira, Ferreira-Guntín, Freijo-La Lastra, Neira de Jusá, San Pedro de Neiro-Fonsagrada, Navia de Suarna, Oural, Pol, Paradavella, Páramo-Sarria, Puebla de Burón-Fonsagrada, Reiriz-Sarria-Ayán, Rábade, Sejosmil-Meira, Santiago de la Vega-Sarria, Santa Eulalia de Piquín-Meira, Santiago de Martín-Meira-San Bernabé, San Pedro de Navallos-Meira, Santa Leocadia-Castro de Rei, San Jorge de Piquín-Meira-San Jorge, Trobo-Fonsagrada, Vilela-Otero de Rey, Vega de Logares-Fonsagrada, San Martín de Suarna-Fonsagrada, Lozara-Samos-Sarria, Baralla, Villanueva de Cervantes, Seoane de-Caurel, Abeleda-Castro Caldelas-Teijeira, Bóveda, Bascos-Monforte, Bamorto-Monforte, Destriz-Monforte, Moreda-Monforte, Tuiriz-Monforte, Piñeira-Monforte, Marcelle-Monforte, Puebla del Brollón, Broza-Bóveda, Cristosende-Castro Caldelas-Teijeira, San Cristóbal de Castro-Carballedo-Chantada, Chave-Bóveda, Doade-Sober, Escairón-Saviñao, Ferreira de Pantón-Monforte, Hospital de Quiroga, Iglesiafeita-Rubián, Incio-Bóveda, Layosa-Bóveda, Saviñao-Villacaiz- Por Rubián, Sober, Villaoscura-Sober, Villamor de Caurel-S. Clodio, Vilelos-Escairón, San Martín de Anllo-Sober, Lobios-Sober, Neiras-Sober, Pinol-Sober, Rosende-Areas-Sober, San Cosme de Liñares-Puebla del Brollón, San Clodio de Rivas de Sil, Bolmente-Sober, Villamarín-Monforte, Rubián, San Roque de Castro-Riveras de Lea, San Julián de Cabarcos-Villamar, Bretoña-Pastoriza e Sindicato de San Miguel de Reinante. Finalmente, os sindicatos participantes da provincia de Ourense son: Lumeares-Castro Caldelas-Teijeira, Pombeiro-Los Peares, Petin-Valdeorras, La Rúa de Valdeorras, Roblido de Valdeorras, Montederramo-Orense e Val de Couso-Viana-Sabuguido.

Outro aspecto a destacar dos participantes son as súas profesións, entre as que aparecen empresarios, enxeñeiros, médicos, notarios, relixiosos ou xornalistas, aínda que a profesión con maior presenza no congreso é a docencia, cun total de 42 mestres e mestras inscritos, dos cales hai 15 de ideoloxía conservadora, fronte aos 27 progresistas, que son todos depurados durante a ditadura franquista a excepción de Benigno García Rodríguez, falecido antes.

Entre os persoeiros que participan neste congreso podemos citar a un grupo numeroso de empresarios, entre os que destacan: José Acevedo Martínez, José Barro González, Antonio Fernández Fernández, José Antonio Fernández López do grupo *Hijos de Antón de Marcos* ou a viúva do grupo empresarial *Hijos de Carlos Casas*. Tamén destaca a presenza de enxeñeiros e veterinarios, como Juan Rof Codina; figuras da cultura como Vicente Risco, Losada Diéguez ou Antonio Villar Ponte, que presiden algunhas das seccións deste congreso. Tamén é importante a presenza de xornalistas entre os que destacan Antonio de Cora Sabater, Sánchez Arrieta, José Gayoso Castro e Julio Pérez de Guerra. Finalmente, tamén destaca unha importante presenza de relixiosos, influenciados pola participación de Basilio Álvarez.

Táboa 49. Ideoloxía política, profesións e procedencia dos asistentes ao Congreso de Economía[448]

Tendencia conservadora ou dereitas	
Empresarios:	- José Seijas Fariñas, Pobra de Brollón
- José Acevedo Martínez, Ribadeo[449]	- Purificación Vilanova Cedrón, Lugo
- José Barro González, Chavín (Viveiro)[450]	
- Viúva e Hijos de Carlos Casas, Ribadeo[451]	Notarios:
- Antonio Fernández Fernández, Lugo[452]	- José Calleja Courel, Lugo
- Arturo Palacios, Lugo	- José Díez del Corral Bravo, Lugo
	- José Montero Losada, Chantada
Enxeñeiros/licenciados:	- José Pérez Porto, Coruña
-Buenaventura Alvarado Albo, Viveiro/Villablino[453]	- José Antonio Sanmartín, Vimianzo
- Víctor Basanta Silva, Lugo	
- Amando Ricardo Castroviejo y Nobajas, Santiago[454]	Profesión descoñecida:
- Juan Farias Barona, Ourense	- Marcelino Tato Paz, Bóveda
- Manuel Fernández Balboa, Cervantes	
- Prudencio Landín Carrasco, Pontevedra[455]	Relixiosos:
- Niceto Menéndez Carretero, Lugo[456]	- José María Agrelo Rego, Mondoñedo
- Casimiro Penoucos Carnero, Palas de Rei[457]	- Ramón Aira Barrera, Saá
- Ciriaco Pérez-Bustamante de la Vega, Santiago[458]	- Antonio Fernández Otero, San Pedro de Moreda
- Javier Prado, Ourense	- Pedro López y López, Vilamaior

[448] Para esta información utilizáronse as seguintes fontes: *El Progreso*, *La Gaceta de Madrid*, https://buscar.combatientes.es/, https://www.nomesevoces.net/, ademais das fontes citadas para o propio congreso indicadas ao comezo do apartado.

[449] Alcalde Ribadeo durante a ditadura. Emigrante retornado de Cuba, onde foi dono dunha fábrica de madeira. De volta a Ribadeo ocuparía a alcaldía, participou na creación do campo de fútbol da localidade e na escola da Devesa.

[450] Fundou unha central eléctrica e unha fábrica de carrocerías e automóbiles.

[451] Viúva de Carlos Casas Couto, fundador do grupo empresarial Hijos de Carlos Casas, propietario da Banca Casas en Ribadeo, que entrou en quebra na II República. Carlos Casas Couto fora membro deputado polo Partido Liberal, na sección monterista.

[452] El a súa familia relaciónanse con empresas como Zeltia (1939), Colexio Fingoi (1940), Frilugo (1941), Transfesa (1943), Granxa de Barreiros (1948), Antibióticos S.A. (1949), Frigsa (1951), Cementos del Noroeste S.A. (1958), Pescanova (1960), Industrias Frigoríficas del Louro S.A. (1963), o Museo Provincial de Lugo ou a propia Caixa de Aforros Provincial (1964).

[453] Nacido en Viveiro, foi profesor e investigador de industrias lácteas. Profesor da Escola de Sierra Pambley de Villablino, onde investigou sobre algúns queixos de pasta branda, como Camembert ou Brie, e foi asesor da Asociación Xeral de Gandeiros do Reino.

[454] Catedrático de Economía, político e propagandista do agrarismo católico, do catolicismo social e impulsor da Previsión Social. Foi concelleiro de Santiago de Compostela na ditadura de Primo de Rivera e promotor da democracia cristiá.

[455] Avogado e político, que participou como voluntario no Exército nacional na Guerra Civil, desempeñando na ditadura franquista o cargo de alcalde de Pontevedra.

[456] Presidente do Círculo en 1925. Traballou na sucursal do Banco de España en Lugo.

[457] Perito agrario e político. Alcalde de Palas na ditadura franquista.

[458] Historiador e profesor, membro da Real Academia de Historia, foi rector durante máis de vinte anos da Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Está considerado como un dos pais do americanismo de posguerra, relacionado coa Unión Patriótica e publicista do Movemento Nacional.

- Ricardo Sindín Doel, Lugo - Juan Bautista Varela Fernández, Lugo[459] Médico: - Domingo Goás Canto, Vilaba[460] Mestres: - José María Abraira Otero, Pol - Teresa Espiñedo Blanco, Bueiños (Lugo) - Andrés Gómez Legaspi, Lugo[461] - Antonio Gómez Requejo, Sarria - Gabriela Nieto Chaín, Rábade[462] - Ramón Olano Silva, Lugo - Dositeo Ramos López, Cospeito - Domingo Saavedra Sánchez, Sarria - Ramón Salgado Toimil, Foz[463] - Esperanza Sánchez Reboredo, Romeán - José Ramón Sanfiz Lage, Meda (Lugo) - Manuel Villare Eimil, Vilalba	- Eduardo Núñez, Tui - José María Penado Rodríguez, Vilachá de Mera - José Riocobo García, Boimorto - Francisco Rodríguez Vázquez, Lugo - Robustiano Vázquez y Boán, Saviñao Rexistrador da propiedade: - Victoriano Sánchez Latas, Lugo[464] Veterinarios: - Joaquín de Castro, Vilaba - Enrique Fernández Macía, Ribadavia - Daniel Varela Piñeiro, Lugo[465] Xornalistas: - José Gayoso Castro, Lugo[466] - Fernando Martínez Moras, Coruña - Mariano Rodríguez Iglesias, Monterroso[467] - Luís Sánchez Arrieta, Lugo[468]
Tendencia de esquerdas	
Carpinteiro: - Eduardo Garrido Otero, Coruña Enxeñeiro: - Jacobo Arias Villar Farmacéutica: - Antonia Barreiro, Ribadeo[469] Mestres e mestras: - Dolores Cabrero Gil, Lugo - Evaristo Caldeiro Rodríguez, Lugo - Justa Carrera García, Cospeito - Ángel Cobas, San Vicente de Coeo - María Díaz Corral, Maceda - Juan Encinar García, Lugo - José Amador Fernández Carral, Illán - Manuel Fernández Prado, Azúmara	Músico: - Jesús Bal Gay, Lugo[471] Profesión descoñecida: - Andrés de la Peña López, Baralla - Ramón Díaz, Saavedra - José Fernández González, Bóveda - José Ferreiro López, Rubias (Sarria)[472] - Julio Ferreiro Rey, Monterroso - Ramiro López y López, Paradela - Jesús López Pérez, Paradela - Domingo López Valcárcel, Sarria - Juan Méndez, Asturias - José Páramo Sánchez, Lugo - José Pérez Rodríguez, Lugo - José Rivero Rodríguez, Celanova - José Rois Castro, Lugo[473] - José María Rivas Losada, Abadín

[459] Ocupou a xefatura de Obras da Deputación de Lugo nos anos 20; na Guerra Civil recibiu unha medalla ao mérito na retagarda e foi membro activo do movemento católico de *Pais de Familia*.

[460] Médico que afrontou a Gripe en Vilalba. Foi deputado provincial, presidente do Casino de Vilalba e vogal do Somatén.

[461] Mestre e xornalista. Dirixiu a revista pedagóxica Vida Escolar e as Colonias Escolares de Reinante. Foi concelleiro de Lugo en 1928 e militou en Unión Republicana, da que foi nomeado tesoureiro da xunta local de Lugo en marzo de 1936.

[462] Esposa de Desiderio Fole Sánchez, irmán de Ánxel Fole. O seu primeiro destino foi o Cereixal, en Baralla, e o segundo Rábade, onde foi alcaldesa accidental; descríbena como unha muller de dereitas.

[463] Redactor xefe de *La Voz de la Verdad* e colaborador de *El Progreso*.

[464] Presidente da Deputación de Lugo en 1924.

[465] Deputado provincial en Lugo e vicepresidente desta Deputación e Presidente da Caixa Provincial de Aforros de Lugo.

[466] Xornalista e avogado. Director de *El Progreso* en dúas ocasións, dentro do Partido Liberal era da sección monterista, durante a Guerra Civil está na directiva das Milicias de España a favor de Franco, e xa na ditadura ocupa a presidencia da Deputación e do Círculo.

[467] Xornalista e político galego. Alcalde de Monterroso na ditadura franquista, foi director de *El Eco de Ulloa*.

[468] Enxeñeiro, político e xornalista galego. Concelleiro en Lugo na ditadura de Primo de Rivera, foi primeiro tenente alcalde e alcalde interino en varias ocasións. Designado como director de *La Voz de la Verdad* en decembro de 1930.

[469] Podería ser Manuela Antonia Barreiro Pico que foi a primeira muller en obter o título de bacharelato en Galicia no ano 1896, ademais de ser a primeira farmacéutica española licenciada na Universidade de Santiago en 1900. Desenvolveu a súa vida como farmacéutica en Ribadeo.

[471] Compositor e músico. Exiliado en México.

[472] Excombatente republicano, executado case ao comezo da Guerra Civil.

[473] Militante de Esquerda Republicana, foi represaliado

- Ángel Fernández Vázquez, Palas de Rei - Benigno García Rodríguez, Saviñao - Micaela Garrote Martin, Laxosa (O Corgo) - Bernardo Modesto Gómez Otero, Lugo[470] - María Carmen González Lorenzo, Lugo - Manuela Iglesias, Castro de Rei - Manuel López Gutiérrez, Lugo - Manuel López Quiñoá, Begonte - Concepción López Rey, Baleira - José Antonio Navia Freire, Bóveda - María Pérez y Pérez, Saviñao - Elena Quiñoá Flores, Portomarín - Dionisio Roca Castro, Cerdeiros - Áurea Rodríguez Bouza, Chantada - Agustín Saavedra Soto, Romeán - Asunción Sanjurjo Losada, Feira de Castro - María de la Piedad Sarry Buján, Rivas Pequenas - Daniel Silva Díaz, Bascuas	- Jesús Varela Novo, Láncara - José María Varela Novo, Láncara Veterinario: - Juan Rof Codina, Lugo[474] Xornalista: - Antonio de Cora Sabater, Lugo[475]
Tendencia galeguista	
Conservadora	Progresista
Avogacía ou xudicatura: - Salvador Cabeza de León, Santiago[476] - Juan Fernández de la Vega, Veral (Lugo)[477] Enxeñeiros: - Pedro Basanta del Río Rojo, Lugo[478] Escritores: - Vicente Risco, Ourense[479] - Antonio Losada Diéguez, Pontevedra[480]	Avogado: - Manuel Banet Fontela, Coruña[486] Empresarios: - José Antonio Fernández López, Lugo[487] - Manuel Fernández López, Lugo - José Miñones Bernárdez, Coruña[488] Funcionarios/enxeñeiros: - Leopoldo Hernández Robredo, Coruña[489]

[470] Foi perito agrícola e foi irmán de Gumersindo Gómez Otero, que emigrou a Cuba, retornou e foi mestre na Ribeira de Piquín e Lourenzá. O seu irmán e máis el fundaron, en Meira (Lugo), o xornal *Las Dos Regiones*.

[474] Foi veterinario e Inspector Provincial de Hixiene desde 1909, decidido agrarista, participou tamén en varias iniciativas destinadas a difundir o asociacionismo agrario. Ao longo da súa vida, escribiu moitos artigos destinados a difundir estas ideas, e as novas teorías sobre a agricultura e a gandaría.

[475] Avogado e xornalista. Traballou en *El Progreso*, do que foi director entre 1914 e 1927 e no que escribiu numerosos artigos utilizando o pseudónimo de D'Orca. Foi o creador do personaxe Pelúdez, presente nas páxinas do xornal desde a súa fundación. Director do Círculo e tamén tenente alcalde de Lugo, de tendencia liberal-quiroguista ou romanonista.

[476] Licenciado en dereito, foi Catedrático da Universidade de Santiago e fundador da Real Academia Galega. Pertenceu ao galeguismo conservador, formando parte do grupo carlista *Comunión Tradicionalista*.

[477] Irmán de Celestino Fernández de la Vega, galeguista conservador, e aparece outro José Antonio Fernández Vega, como presidente da Deputación o 22/11/1936.

[478] Enxeñeiro e político. Foi un dos fundadores do Partido Galeguista de Pontevedra en 1931, despois integrouse no Partido Galeguista e desempeñou a secretaria xeral e a presidencia do comité xeral durante a campaña de propaganda do Estatuto de Galicia de 1931. Foi candidato por Lugo nas eleccións de 1933. En 1935, xunto con Xosé Filgueira Valverde e outros integrouse na Dereita Galeguista.

[479] Escritor, ensaísta e político galeguista, membro da *Xeración Nós*. Formou parte das *Irmandades da Fala* baixo a influencia de Antón Losada Diéguez.

[480] Doutor en Filosofía, estudou dereito, foi un escritor membro das *Irmandades da Fala*, fundador da revista *Nós*, de ideoloxía galeguista.

[486] Avogado, escritor e fundador da Real Academia Galega. Membro das *Irmandades da Fala*, participou na Asemblea de Lugo, colaborou en *Revista Gallega*, publicación rexionalista, e defendeu o bilingüismo e o estatuto na II República.

[487] Os irmáns Fernández López eran fillos de Antonio Fernández, coñecido como Antón de Marcos, que era un dos comerciantes de gando vacún máis coñecidos da provincia, que foi represaliado por nacionalista, e entre cuxos proxectos máis importantes figuran Pescanova, a Caixa de Aforros Provincial de Lugo, a Granxa de Barreiros e o Colexio Fingoy. José formaba parte deste grupo empresarial, coñecido como *Hijos de Antón de Marcos*, e en 1951 formou Frilugo e Frigsa, así como outras moitas industrias.

[488] Avogado, político galeguista e empresario fundador da empresa Electra Popular Coruñesa, en 1932. Fusilado en 1936.

[489] Enxeñeiro agrónomo, foi director da Granxa Agrícola Experimental da Coruña, tarefa que compatibilizou coa xefatura Agronómica Provincial e coa dirección, entre 1919 e 1923, da Escola de Peritos Agrícolas. Foi promotor do Sindicato-Cámara Agrícola da Coruña e colaborou cos Sindicatos Agrícolas Católicos.

Médico: - Isaac Correa Calderón, Lugo[481] Mestres: - Eloy Luís André, Ourense[482] Sacerdotes: - Basilio Álvarez Rodríguez, Ourense[483] Xornalistas: - Amador Montenegro Saavedra, Vigo[484] - Julio Pérez de Guerra, Lugo[485]	- Antonio Núñez Vázquez, Lugo[490] - Luís Soto Menor, Lugo[491] Licenciados/médicos: - Laureano Gómez Paratcha, Vilagarcía[492] - Eugenio Neira Bello, Pedrafita Profesor: - Ángel del Castillo López, Coruña[493]
Non consta nin ideoloxía, nin profesión	
- José G. Mariña, Cospeito - Sergio Pérez Fernández, Lobios, Sober - Pedro Rigueiro Cabana, Teijeiro - Vicente de Ozores Neira, Vivero - Manuel Rivas Saco, Sarria - José A. San Martín, Corcubión - Manuel Vila Vilanova, Sirvian - Gerardo Pallares Pérez, Paradela - Pedro Quinelo Arias, Tovés - Salvador Lorenzo Martínez, Coruña - Andrés Rodríguez Calvo, Muja, Lugo. - Antonio Perodha, Lugo - Julio Núñez, Lugo - Sergio Castilla López, Lugo - José Mourelle, Lugo - Bautista Núñez, Lugo - José Antonio Piñeiro Rego, Lugo - David Carrera Luz, Cospeito - Modesto Mª Trovadelo, Lugo - Carmen de la Torre, Lugo - José López Castro, Lugo - Casto Rego Rodríguez, Trabada - José Rebollal Dugón, Monterroso	- Pedro Bermedo Rebollal, Monterroso - Manuel Rodil Lombardero, Monterroso - Manuel Roca Novo, Monterroso. - Francisco Ayan Armada, Monterroso - Emilio Tiranova, Monterroso - Marín Lazaro Calvo, Lugo - Manuel Cabo Rodríguez, Chantada - Alfredo Vila Real, Betanzos - Camilo Santome - José Ferreiro Corral - Eduardo Prieto Rivera, Lugo - José Martínez, Castro de Rei - Emilio Collazo - Antonio Díaz, Sarria - Sergio Pérez Fernández, Lobiona - Germán Martínez Mendoza, Coruña - José María Díaz Sanjurjo, Lugo - Andrés Corral, Coruña - Antonio Moreda, Aranda de Duero - Vicente Bueso Ferrer, Porriño - Juan Soutullo, Ourense - Pedro Quintero Arias, San Juan de Torres

[481] Médico, militar e xornalista. Estivo destinado en África. Seu pai, Antonio Correa Fernández, tamén foi médico e abriu a primeira consulta xinecolóxica en Lugo. Un irmán seu foi membro das *Irmandades* e colaborou coa *Nosa Terra*.
[482] Filósofo, catedrático de instituto e psicólogo reformista.
[483] Sacerdote, xornalista e político español, vinculado ao movemento agrario galego. Foi deputado por Ourense durante a Segunda República, como membro do Partido Republicano Radical.
[484] Escritor e xornalista, foi tamén defensor do rexionalismo e director do semanario cultural *A Monteira* en Lugo, e do semanario *Galicia Agrícola, Comercial e Industrial*, en Vigo.
[485] Vinculado ao sindicalismo católico agrario, foi secretario da Unión Patriótica e concelleiro do concello de Lugo durante a ditadura de Primo de Rivera. Foi directivo das Irmandades da Fala de Lugo e director de *La Voz de la Verdad*.
[490] Funcionario. Político de Esquerda Republicana.
[491] Mestre e inspector, contribuíu a organizar os Congresos Pedagóxicos de Lugo de 1923 e 1933 e creou escolas na provincia. Tamén participou na redacción do Estatuto de Galicia. Integrouse en Unión Republicana e foi membro do Comité de propaganda para o referendo do Estatuto en 1936.
[492] Galeguista, membro das Irmandades da Fala e alcalde de Vilagarcía na ditadura de Primo de Rivera.
[493] Profesor, historiador da arte e arqueólogo. Membro da Real Academia Galega e Gobernador Civil de Pontevedra durante a II República.

5.3 LOCAIS E SECCIÓNS

Os locais para as diferentes seccións deste primeiro Congreso de Economía Galega son:

- Deputación Provincial: salón de quintas (agricultura), salón branco (goberno municipal), salón da Comisión provincial (gandaría), salón de sesións (goberno rexional)
- Concello: salón de sesións (comunicacións), salón de comisións (facenda).
- Centro Obreiro Católico: salón alto (novas institucións), salón baixo (industrias derivadas)
- Cámara de Comercio: comercio
- Instituto: salón de actos (arte), unha aula (literatura)
- Escola de Santo Domingo: emigración
- Escola Graduada: ensinanza
- Escola de Manuel Becerra: problemas sociais
- Escola de Bispo Aguirre: defensa social
- Círculo de las Artes: outras industrias
- Casino: turismo

5.4 DESENVOLVEMENTO

5.4.1 Sesión inaugural

Ten lugar a sesión de apertura no salón de festas do Círculo das Artes, presidida por Valeriano Villanueva, Xeneral do Corpo Xurídico Militar, sociólogo e economista, ocupando lugares á súa dereita e esquerda, o alcalde desta capital, Eduardo Rosón, organizador do congreso; o Gobernador Militar da provincia; o Deán Prieto Martín, o canónigo Sindín; a Directora accidental da Escola Normal de Mestras, Pilar Areal; o Presidente da Asociación provincial de Maxisterio, Manuel López Gutiérrez; o Delegado de Facenda, Vales Montoto; o representante da Cámara de Comercio de Vigo, González Ortiz; o presidente da do Ferrol, Juan Vich; o da de Lugo, Jesús Bal e o secretario deste concello, Carlos Pardo Pallín.

Os discursos inaugurais corren a cargo de Eduardo Rosón e do presidente do congreso. Rosón pronuncia un discurso no que expón a etapa crítica que vive Galicia no plano económico, considerando que para superar esta situación é preciso robustecer as institucións, como a familia e as económicas necesarias para superar a situación, amparándose para tal empresa nos asistentes ao congreso.

O presidente do congreso, Villanueva, despois de destacar a significación de Galicia na vida nacional, salienta que o aproveitamento do congreso en aras da mellora económica da rexión, en consonancia cos preceptos dos Estatutos municipal e provincial.

5.4.2 Composición, seccións e temas tratados

Presidencia:

- Presidente do congreso: Valeriano Villanueva, Xeneral do Corpo Xurídico Militar.
- Vicepresidente: Manuel Casás, Alcalde-Presidente do Concello da Coruña.
- Secretario: Carlos Pardo Pallín, Secretario do Concello de Lugo.

As 18 seccións son as que seguen:

A. Sección de agricultura.

- Presidente: Juan Farias, enxeñeiro de montes.
- Vicepresidente: Andrés Corral, enxeñeiro agrónomo.
- Secretario: Modesto Gómez Otero, axudante da Sección Agronómica de Lugo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os temas tratados son: transformación de cultivos, abonos e máquinas, regos de auga, repoboación forestal, aproveitamento do secaño, plano agronómico, gardería, división da propiedade, foros e seguros de colleitas.

B. Sección de gandaría 1ª.

- Presidente: Leopoldo Robredo, Director da Granxa Agrícola da Coruña.
- Vicepresidente: Ramón Blanco y Pérez de Camino, enxeñeiro-xefe da Sección Agronómica de Lugo.
- Secretario: Jesús Carballo Lameiro, profesor-veterinario.

C. Sección de gandaría 2ª.

- Presidente: Juan Rof Codina, Inspector de Hixiene e Sanidade pecuarias da Coruña.
- Vicepresidente: Martín Lázaro Calvo, Inspector de Hixiene e Sanidade pecuarias de Lugo.
- Secretario: Daniel Varela, profesor-veterinario.

Os temas tratados nestas dúas seccións de gandaría son selección, paradas, estabulación e vacinas.

D. Sección de industrias derivadas da agricultura e da gandaría.

- Presidente: Ventura Alvarado, Director da Escola de industrias lácteas de Villablino.
- Vicepresidente: Luís Sánchez Arrieta, enxeñeiro e Primeiro Tenente Alcalde do Concello de Lugo.
- Secretario: Román García Pardo, Comandante da Garda Civil e Presidente da Xunta de Gandeiros da Provincia de Lugo.

Os temas tratados son: madeireiras, lácteas, matadoiros, curtidos, conservas de carnes, legumes, froitas, etc.; vinificación, sidra, destilerías e embotellado; floricultura, cultivo do oliveiras e produción de aceites de oliva, riciño, noz, etc.

E. Sección de outras industrias.

- Presidente: Ramón del Cueto, enxeñeiro de minas.
- Vicepresidente: Pablo Escobar, enxeñeiro industrial.
- Secretario: Pedro Basanta del Río, enxeñeiro de montes.

Nesta sección os temas tratados son: minaría, saltos de auga, produción de cementos, obtención de nitróxeno, abonos químicos, fundicións, fabricación de automóbiles e maquinaria agrícola, fabricación de tecidos, vidro e papel; apicultura, cerámica, silvicultura, caza e pesca.

F. Sección de ensinanza.

- Presidente: Ciriaco Pérez Bustamente, Catedrático da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago.
- Vicepresidente: Luís Soto Menor, Inspector-Xefe de 1.ª Ensinanza da Provincia de Lugo.
- Secretario: Manuel López Gutiérrez, Presidente da Asociación Provincial do Maxisterio de Lugo.

Na sección de ensinanza trátanse os seguintes temas: escolas de capataces de agricultura, escolas de artes e oficios e novas industrias, normas de explotación do casarío galego nos vales e montañas, reforma da primeira ensinanza na poboación rural e pensións para a ampliación de estudos.

G. Sección de comunicacións e transportes.

- Presidente: Antonio Peralba, enxeñeiro de camiños, canles e portos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Vicepresidente: Julio Núñez, Vicepresidente da Cámara de Comercio de Lugo.
- Secretario: Bautista Varela Fernández, enxeñeiro de camiños, canles e portos.

Nesta sección trátase de: ferrocarrís, estradas, camiños, transportes marítimos, correos e teléfonos.

H. Sección de novas institucións.
- Presidente: Jacobo Arias Villar, enxeñeiro de montes.
- Vicepresidente: José Pérez Rodríguez, presbítero, Director diocesano de Acción Católica Social.
- Secretario: Julio Pérez de Guerra, avogado e xornalista.

Os temas desta sección son: crédito agrícola, ordenación bancaria e cooperativas de produción.

I. Sección de facenda.
- Presidente: Claudio Rodríguez, interventor do Banco de España, xubilado.
- Vicepresidente: Salvador Sanz, avogado e Presidente da Federación de Católica-agraria da Coruña.
- Secretario: Antonio Piñeiro Maseda, funcionario de Facenda.

Nesta sección trátase a reforma da recadación, de impostos, da plusvalía e dos monopolios.

L. Sección de comercio.
- Presidente: Antonio González Ortiz, Cámara de Comercio de Vigo.
- Vicepresidente: Juan Vich Nodel, Presidente da Cámara de Comercio do Ferrol.
- Secretario: José Gayoso Castro, avogado-asesor da Cámara de Comercio de Lugo.

Trátase a exportación de mercancías galegas, importación das necesarias, feiras de mostras, depósitos francos, escolas de comercio e crédito comercial.

M. Sección de arte.
- Presidente: Leoncio Bescansa, arquitecto.
- Vicepresidente: Ángel del Castillo, das R. R. Academias Galega e de Belas Artes.
- Secretario: Ramiro Saíz, arquitecto.

N. Sección de literatura.
- Presidente: Manuel Amor Meilán, das R. R. Academias Galega e da Historia.
- Vicepresidente: Eugenio Carré Aldao, académico.
- Secretario: José de Santiago y Charfolé, Catedrático de Latín do Instituto de Lugo.

Nas sección de arte e literatura os temas tratados son: o moble galego, novo modelo de casa de labranza, catálogo da riqueza artística en todas as ordes das Belas Artes, folclore, edición económica da gramática, dicionario e compendio de historia galegos e a creación dunha Academia de Historia.

Ñ. Sección de turismo.
- Presidente: Ramón Fernández Mato, Director de *El Pueblo Gallego*, de Vigo.
- Vicepresidente: Ramón Neira Pedrosa, avogado e Presidente da Sociedade Casino de Lugo.
- Secretario: Evaristo Correa Calderón, publicista.

Os temas tratados son: álbum de paisaxes, fortalezas, templos, esculturas, lugares históricos, etc.; hoteis, constitución de organismos para o fomento do turismo e propaganda.

USC DE COMPOSTELA

O. Sección de goberno municipal rural.

- Presidente: Vicente Risco, Catedrático da Escola Normal de Ourense.
- Vice-Presidente: Eduardo Rosón, Alcalde de Lugo.
- Secretario: Enrique Costas Sánchez, Secretario do Concello de Mondoñedo.

Nesta sección os temas son: a parroquia, a entidade local, xurados parroquiais, estatística e informes, reforma da administración e organización municipal en todos os seus aspectos, problemas de hixiene e saneamento.

P. Sección de goberno rexional.

- Presidente: José García Acuña, avogado, xerente de *El Noroeste* da Coruña e rexionalista.
- Vicepresidente: Antonio Losada Diéguez, Catedrático de Filosofía do Instituto de Pontevedra.
- Secretario: Rodrigo de la Peña García, avogado e Vicepresidente da Deputación Provincial de Lugo.

Os temas tratados son: concertos co Estado Nacional, reforma de servizos, asemblea e goberno rexionais.

Q. Sección de emigración.

- Presidente: Antonio Villar Ponte, publicista.
- Vicepresidente: Andrés Muruais, profesor do Instituto de Lugo.
- Secretario: Martínez Mendoza, Catedrático do Instituto da Coruña.

Aquí os temas son: estudo da chamada emigración andoriña, relación de Galicia cos seus emigrados, instrución e defensa do emigrante.

R. Sección de problemas sociais.

- Presidente: José Pérez Porto, Decano do Colexio Notarial de Galicia.
- Vicepresidente: Isaac Correa Calderón, médico militar.
- Secretario: Liborio García, funcionario municipal.

Trátase a mendicidade, o alcoholismo e a prostitución.

S. Sección de defensa social.

- Presidente: Domingo Bueno, coengo da catedral de Tui e consiliario daquela Federación Católico-Agraria diocesana.
- Vicepresidente: Laureano Gómez Paratcha, médico.
- Secretario: Sergio Castilla, auxiliar do Instituto de Lugo.

Nesta sección trátanse os seguintes temas: contra os atropelos dos funcionarios públicos, contra as propagandas absurdas e contra a difamación.

5.4.3 Conclusións

Na sesión de clausura, defínense unhas conclusións relacionadas coas seccións antes descritas, entre as que destacan as seguintes.

Na sección de agricultura, decídese a creación dunha Estación de Patoloxía vexetal na Coruña, que custearán entre as catro deputacións; tamén se decide establecer campos de estudo para a enfermidade do castaño e habilitar o porto da Coruña para a importación de plantas e sementes.

No referente á repoboación forestal en Galicia, conclúese que é preciso unha correcta distribución técnica das zonas de cultivo agrícola, zonas de pastos e bosques; formar un

catálogo xeral e completo dos montes, tratando de aumentar as zonas cultivables, pero sempre cunha superficie mínima das parcelas que permita o sustento dunha familia, en réxime de usufruto. Neste sentido, establécese a división en dúas partes de todos os montes pertencentes ao común do pobos, cuxa altitude non exceda de 600 metros sobre o nivel do mar: a parte susceptible de se dedicar ao cultivo agrícola, será subdividida en lotes de cinco hectáreas, para establecer nelas casas de labor que serán sorteadas entre os veciños sen bens propios, que quedarán libres de toda clase de contribucións en catro anos, ao cabo dos cales, outorgaráselles o título de propiedade coa limitación de non dispoñer do adxudicado por acto inter vivos, durante o prazo de vinte anos. A outra parte da división de cada monte queda para o uso común dos veciños de cada parroquia.

A repoboación dos montes produtores forestais deberán facela os veciños usufrutuarios das parroquias dos montes[494], tendo que establecerse un plan para cada monte repoboado ao que contribuirán as deputacións, segundo as competencias que lles outorga o Estatuto provincial. Tamén se considera imprescindible o establecemento de viveiros e sementeiros en cada termo municipal para que subministren as sementes necesarias para os agricultores, así como a instalación de parcelas de experimentación para novas especies e xéneros, como por exemplo o eucalipto, que produce máis madeira que o pino ou o carballo.

Os traballos presentados na sección de gandaría versaron sobre medidas para aumentar a produtividade e competitividade da gandaría galega. Neste sentido, na exposición sobre os seguros de gandos de Galicia, incídese na importancia dunha correcta reorganización das sociedade de seguro de gando; para iso, os concellos deberán enviar datos á Mutualidade Nacional do Seguro Agro-pecuario, para, partindo destes datos, facer os cambios necesarios nos estatutos desta mutualidade.

Para aumentar a competitividade da gandaría galega, deberán aumentar as paradas de sementais, así como establecer unha regulamentación das mesmas en base a aspectos xenéticos; estas deberán ser subvencionadas polos concellos e as deputacións. Como razas estranxeiras recálcase a importancia do vacún suízo de raza Swhirtz e a de porco Yorskire. Os concursos de gando tamén son elemento clave para a mellora da gandaría galega, por iso tamén deberán estar subvencionados por concellos e deputacións, para así poder seleccionar os mellores exemplares leiteiros, de engorde ou de arrastre en base ás súas condicións económicas.

Defínense as enfermidades infecto-contaxiosas máis frecuentes e que maiores perdas ocasionan á gandaría galega por tipo de gando, destacando que hai vacinas contra todas elas excepto contra a tuberculose e o mormo; por iso, é imprescindible xeneralizar o uso de vacinacións obrigatorias contra algunhas enfermidades como a peste porcina e a rabia, establecéndose laboratorios produtores por rexións para abaratar os custos para o gandeiro.

Destácase a necesidade de mellorar as condicións de estabulación do gando, porque as actuais son un obstáculo ás melloras pecuarias que se perseguen; as cortes non deberán estar dentro das casas e deberán contar con boas condicións de ventilación e limpeza, colocando os estercos fóra das cortes, e con camas limpas e secas. Finalmente, proponse a visita a Portugal para coñecer a súa organización agrogandeira e valorar a súa posible implantación en Galicia, ao mesmo tempo que se insiste na urxencia da creación da Estación de Patoloxía vexetal, máis cando se suprimiron escolas de agricultura como as de Betanzos ou Fonsagrada, entre outras, e tamén a Escola de Peritos Agrícolas de Galicia.

Na sección de outras industrias insístese na relación entre minaría e ferrocarril. Respecto á minaría, para facela rendible solicítase abaratar os custes de ferrocarril ata os portos de exportación, nos que habería que suprimir tamén os aranceis que gravan esta. Recálcase a

[494] España. Directorio Militar. Real decreto do Regulamento da Facenda municipal de 1924, de 23 de agosto. La Gaceta de Madrid, 30 de agosto de 1924, núm. 243, pp. 1082-1104.

importancia da vía Pontevedra-Lugo e a súa continuidade Vilaodrid-Ribadeo, como elemento clave desta explotación mineira.

Considérase que se deben dar facilidades técnicas e administrativas aos particulares que poñan en marcha industrias relacionadas coa produción de cementos, abonos químicos, fabricación de automóbiles, maquinaria agrícola, fabricación de tecidos, vidro e papel. Enrique Gómez Giménez, Enxeñeiro de Camiños, considera esencial a fabricación de maquinaria agrícola en Galicia, debido a que a agricultura é unha das principais riquezas galegas.

En relación coa pesca fluvial, proponse a creación dunha piscifactoría en Galicia, que se situará no Veral (Lugo), para atender coa súa produción á repoboación dos ríos galegos. Proponse ademais o arrendamento anual da pesca fluvial por faccións dos ríos, para constituír con estes beneficios un fondo destinado á expropiación dos actuais aproveitamentos da pesca fluvial de dominio privado.

Na sección de ensinanza, o congreso adhírese á Declaración de dereitos do neno aprobada pola Confederación Internacional do Traballo. Ademais, reclámase a creación de escolas, a obrigatoriedade da ensinanza, a concesión de bolsas aos mellores estudantes, así como incentivos para a formación dos mestres; tamén se reclama o fomento de festividades como a festa da árbore, o establecemento de calendarios escolares en función das necesidades de cada rexión e, finalmente, o fomento da instrución técnica para os agricultores e gandeiros dotando ás escolas de Granxas agrícolas[495], polo menos dúas por concello. Debido á importancia do sector primario en Galicia, solicítase non só a creación de escolas de campesiños, senón tamén o establecemento en Galicia dunha Escola de Veterinaria dotada de Granxa-escola para o fomento de técnicas agrícolas modernas. E incluso se propón que os domingos nas parroquias unha serie de técnicos dean conferencias para implementar melloras técnicas e produtivas.

En relación coa institución familiar, recálcase a importancia de conceder premios a familias numerosas, reclámase a protección das nais durante a xestación e a lactación, así como intensificación da educación para a muller ligada á súa formación espiritual e doméstica. Por último, o congreso tamén apoia a creación do Padroado da Universidade de Santiago, por iniciativa de Gumersindo Busto.

A sección de comunicacións e transportes céntrase no desenvolvemento do ferrocarril, creándose a tal efecto unha Caixa Ferroviaria Rexional Auxiliar da do Estado. Insístese na importancia das liñas ferroviarias que atravesan zonas mineiras, así como a da liña Ferrol-Xixón, Coruña-Vigo e a unión de Pontevedra a Santiago coa liña do Norte. Tamén se destaca a necesidade de mellorar o transporte por estrada, para o que é imprescindible realizar as melloras necesarias, aplicadas tamén aos camiños veciñais, coas expropiacións forzosas necesarias para a súa realización.

Para facilitar a comunicación de todas as parroquias, establécese a organización dun servizo postal diario, ademais de darse preferencia ao transporte de produtos agrícolas e gandeiros, para o que se solicita o abaratamento da tarifa postal de transporte. Tamén se deberán instalar liñas telefónicas nos municipios de acordo coa concesión feita á Compañía Nacional de Teléfonos, así como se establece a posibilidade da instalación de estacións radioeléctricas e servizos meteorolóxicos.

Na sección de novas institucións trátase dos créditos agrícolas, campo no que se pide que as deputacións faciliten servizos de préstamos aos labradores cando os soliciten para pagar impostos ou para melloras nas súas explotacións, así como o establecemento dun xiro postal

[495] En Lugo, desde 1914 existía unha granxa agrícola dirixida por Juan de Eguileor e máis adiante por Rodolfo Godínez, cuxos terreos e edificios se venden en poxa pública en 1924, polo que desaparece nese ano. En: *El Progreso*. (1 de outubro de 1914), p. 3; Fernández de Villata, M.: En la Granja Agrícola. (20 de maio de 1918). *El Progreso*, p. 1-2; Subasta. (26 de novembro de 1924). *El Progreso*, p. 2.

gratuíto para cobrar e entregar diñeiro, aos efectos do crédito agrícola. Con respecto á ordenación bancaria, preténdese a unión dos bancos galegos, incluíndo as Caixas rurais; deberá dárselle prioridade aos préstamos que redunden no beneficio de Galicia, así como tamén se solicita que os bancos invertan os seus capitais en Galicia. Finalmente, cada parroquia constituirase como unha cooperativa de produción, para organizar as vendas en común e as explotacións industriais.

Na sección de facenda, solicitanse cambios no sistema impositivo, como a creación dun imposto único sobre a renda procedente da propiedade inmoble, do cultivo, da gandaría, dos capitais mobiliarios, dos produtos do capital, do traballo e do traballo persoal, así como a supresión das contribucións sobre rústica, urbana, cultivo e gandaría, industrial, o imposto de utilidades e de inquilinato; ademais de solicitar a exención dos artigos de primeira necesidade e o seu transporte. Para implementar estes cambios, insístese na necesidade da formación do catastro de rústica e urbana e dun rexistro de riqueza mobiliaria, así como de mellorar a recadación de impostos. Para levar a cabo a mellora desta, será preciso contar co persoal necesario e cun período voluntario de pago para os contribuíntes. Nesta sección tamén se solicita o aumento da plusvalía naqueles lugares de maior desenvolvemento económico, como aqueles que conten con estacións ferroviarias ou minas.

Na sección de comercio, pídese a redución das tarifas aduaneiras e o abaratamento dos transportes marítimo e ferroviario. En relación aos transportes gandeiros e de produtos agrícolas, solicítanse a instalación de matadoiros industriais e vagóns frigoríficos, especialmente importante isto para a provincia de Lugo, así como a prohibición da importación de carne estranxeira, ou a supresión de dereitos arancelarios sobre o millo. Para o fomento do comercio, as deputacións organizarán e subvencionarán feiras de mostras de produtos galegos e exposicións rexionais agrícolas en Lugo ou Santiago; estableceranse Escolas de Comercio de grao Elemental ou Superior en todas as poboacións galegas de máis de vinte mil habitantes, e de Escolas primarias de ensinanza comercial en todas as de oito a vinte mil.

Na sección de goberno municipal rural, solicítase o recoñecemento da parroquia como entidade con personalidade xurídica, que se organizará en consello de veciños composto polos cabezas de familia; ademais a parroquia tamén deberá constituírse en cooperativa de produción e consumo, tendo así competencias exclusivas para a venda dentro da parroquia de produtos tales como viños, aceites, xabón, azucre, café, abonos químicos, entre outros. Así mesmo, deberían ser as responsables do reparto das cotas contributivas, da creación de escolas de primeira ensinanza, da repoboación forestal, do arranxo de camiños, entre outras. Tamén, se definen as competencias do consello de veciños da parroquia, así como da xunta parroquial formada por cinco persoas deste consello parroquial.

Na sección de goberno rexional, o congreso considera xusta a aspiración ao recoñecemento da personalidade diferenciada de Galicia dentro do Estado español, para o que propón unha reforma do Estatuto provincial, na que os municipios poidan dotar á Rexión de verdadeira personalidade, segundo as manifestacións da vontade popular, recordando á antiga Xunta Superior do Reino de Galicia, que ofrece unha base para esta renovación. Así memso, considérase indispensable para a organización rexional de Galicia o réxime económico de concertos co Estado, así como unha correcta regulamentación das relacións económicas con este, que se basearán no principio de xustiza distributiva. Solicítase tamén que as deputacións realicen o estudo oportuno para chegar ao concerto económico, e incluso se propón un esbozo do que puidera ser a organización e funcións do goberno rexional de Galicia, que debería tratarse no seguinte congreso económico de Galicia.

Na sección de emigración, proponse o aumento da relación cos Centros de Galicia en América e noutros puntos do estranxeiro, nos que se deberán organizar exposicións de produtos

USC DE COMPOSTELA

galegos, insistindo na necesidade de que a prensa informe sobre cuestións de emigración. Tamén se considera importante que os emigrantes coñezan aspectos básicos dos países aos que se dirixen, así como crear un fondo destinado a asegurar a vellez aos retornados pobres, solicitando á súa vez melloras nas condicións de salubridade nos buques nos que viaxan os emigrantes.

Na sección de problemas sociais no referido á mendicidade, considérase necesaria unha lei para lexislala adecuadamente, e outra lei que estableza o traballo obrigatorio. Nesta sección, establécese a prohibición de dar esmolas nas rúas e tamén o exercicio da mendicidade, privando da tutela a aquelas familias que dediquen os seus fillos a implorar caridade pública. Cada municipio deberá ter unha entidade encargada do socorro dos pobres, que se nutrirá de subscricións ou do recadado por diferentes institucións. Ademais, tamén se instalarán cociñas económicas se non as houbese, e asilos nocturnos para os mendigos.

Para previr o alcoholismo, proponse facer cumprir estritamente as normativas municipais aos locais nos que se vende alcohol, obrigándoos a ter exposta propaganda antialcohólica, así como multar ás persoas bébedas nas rúas. Non obstante, tamén se propón que no caso de que o alcoholismo se converta nunha enfermidade, o afectado deberá ser recluído nun establecemento médico, perdendo ata a súa curación a súa autoridade, patria potestade, emprego e cargos públicos, se os tivese.

Por último, no apartado de problemas sociais tamén se fai referencia á prostitución, recomendando a localización dos prostíbulos nos arrabaldes e vixiando que estes conten cunhas adecuadas condicións hixiénicas, co fin de evitar a propagación de enfermidades venéreas.

Finalmente na sección de defensa social, o congreso considera que a base da sociedade é a familia con fogar, con relixión e con patria, é que é imprescindible prohibir toda propaganda contra a institución familiar.

Así pois, tendo en conta a ideoloxía dos congresistas e en vista dos temas tratados podemos concluír que o I Congreso de Economía Galega trata problemáticas moi avanzadas para a época, que aínda hoxe non contan cunha solución definitiva. Entre os temas tratados, destacan os relacionados cunha das principais fontes de riqueza da Galicia do momento: a agricultura e a gandaría. Neste sentido, trátase da correcta xestión entre os espazos forestais e agrícolas, insistindo na necesidade de modernización en aspectos relacionados coa formación do campesiñado, coa selección de sementes ou con parcelas de experimentación de cultivos. Mentres, no campo gandeiro insístese na selección de sementais, na creación dunha Escola de Veterinaria, na celebración de concursos de gando ou nas vacinacións, temáticas que aínda hoxe seguen a ser recorrentes no ámbito agrogandeiro na actualidade.

A importancia económica que se dá ao sector primario neste congreso reflíctese tamén na especial atención aos transportes gandeiros e agrícolas, na solicitude da prohibición de importar carne estranxeira ou na supresión de aranceis para o millo.

Un dos aspectos máis avanzados é a consideración da aspiración ao recoñecemento da personalidade diferenciada de Galicia dentro do Estado español, a consecución de concertos económicos ou o esbozo dun goberno rexional, así como a consideración da parroquia como cooperativa de produción e consumo, o que pon de manifesto a importancia da ideoloxía galeguista presente neste congreso.

Tamén é avanzado o tratamento das problemáticas sociais, como o alcoholismo sobre o que se pide intervir medicamente cando se converte xa en enfermidade, así como o tratamento da mendicidade, da que deberían encargarse os propios municipios.

No referido á educación, deféndese o aumento da alfabetización coa creación de escolas; non obstante, neste campo tamén se fai evidente a ideoloxía conservadora dos congresistas xa que a educación feminina soamente se contempla vinculada á formación espiritual e doméstica

USC
COMPOSTELA

das mulleres, polo que se considera que o seu papel debe estar no seo da familia, institución que debe ser a base da sociedade segundo as conclusións deste congreso.

Para a concreción efectiva destas conclusións, Amor Meilán e Rof Codina propoñen a creación dunha comisión permanente, da que formarían parte os membros das diferentes seccións, que deberían traballar desde os seus diferentes lugares de orixe. Finalmente, este congreso debería servir de porta a un segundo que habería de celebrarse na cidade da Coruña ao ano seguinte, pero que nunca chega a realizarse.

O congreso conclúe o día 9 de outubro coa celebración dun banquete no balneario, ao que asisten os congresistas, representantes da prensa local e un grupo de estudantes mexicanos de visita na cidade[496].

6 EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

6.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

A evolución da poboación de calquera lugar está sempre determinada pola súa natalidade, mortalidade e movementos migratorios, sendo a combinación destes tres factores o que reflicte o crecemento da mesma e as características desta, cun impacto fundamental sobre a estrutura por sexo e idade, ocupación, distribución e alfabetización.

Este estudo céntrase na época coñecida como transición demográfica, que abrangue desde 1900 ata 1975. A pesar de incluírse dentro desta transición demográfica, debemos ter en conta que a comezos do século XX inda subsisten nunha grande parte de España e en Galicia trazos que caracterizan o réxime demográfico antigo, con altas taxas de natalidade e mortalidade e un crecemento natural baixo, posto que Galicia no experimentou o proceso de transición á economía industrial moderna, mantendo un sistema de organización social centrado nunha economía agraria de autoconsumo (López Taboada, 1996, p. 264)

A natalidade presentásenos en valores elevados debido, por unha parte, ao predominio dunha economía e sociedade rurais, na que os fillos axudan nas duras tarefas agrarias e aseguran o futuro dos pais ante a inexistencia de seguros de accidentes, enfermidade ou xubilación. Por outra parte, non existen sistemas eficaces para o control dos nacementos, unicamente retrasando a idade do matrimonio.

No referido á mortalidade xeral, esta é alta debido á escaseza de recursos médicos e sanitarios, chegando a elevarse de maneira catastrófica en conxunturas negativas como epidemias, guerras ou malas colleitas. A combinación dunha dieta escasa, xa que a produtividade agraria é baixa e desequilibrada, na que o pan é o alimento básico, cun atraso da medicina e unha manifesta falla de hixiene, ten como como consecuencia unha elevada mortalidade xeral e infantil, ademais dunha esperanza de vida baixa.

Como consecuencia das altas taxas de natalidade e mortalidade o crecemento natural é baixo e incluso negativo en certas ocasións debido á sobre mortalidade.

Estas características mantéñense ata comezos do século XX, xa que a transición demográfica, datada entre 1900 e 1975, levouse a cabo de forma paulatina, sendo máis tardía que noutros países de Europa occidental, con menor duración e maior intensidade. Como o seu nome indica, a transición demográfica caracterízase por unha inversión na tendencia respecto ao réxime demográfico antigo, así temos un descenso suave da natalidade, outro brusco da mortalidade, e como consecuencia un elevado crecemento natural. Este crecemento natural positivo a comezos

[496] El Congreso de Economía: sesión de clausura. (10 de outubro de 1925). *El Progreso*, p. 1.

do século XX tamén pasa por momentos difíciles como a Gripe de 1918, que incrementa substancialmente a mortaldade.
En xeral, salvo o caso anterior, a prosperidade da década de 1920, os avances médicos (vacinas, antibióticos, clínicas, seguridade social), os avances sanitarios (servizos urbanos de auga potable, sumidoiros, recollida de lixos), fan que o cambio de tendencia se dea a partir dos anos 20 de maneira lenta.
No caso galego en xeral e de Lugo en particular, un dos factores que determinan a evolución demográfica, ofrecéndonos o comportamento real da mesma, son os movementos migratorios. Ata os anos 30 do século XX Galicia mantense dentro do réxime demográfico antigo, con cifras de fecundidade e mortalidade superiores á media nacional, pero a súa explicación non sería posible sen facer referencia aos movementos migratorios interiores e exteriores, que arrincan xa no século XVIII, cando os campesiños galegos marchan a Castela a traballar como xornaleiros. Así pois, estes movementos migratorios son fundamentais para comprender a estrutura e a evolución económica e social de Galicia. A etapa que nos atinxe é a das migracións transoceánicas, ata mediados do século XX aproximadamente, cara América, e as súas repercusións. De feito, na etapa de 1880 a 1930 o descenso da mortalidade en España relaciónase directamente coa emigración das tres cuartas partes dos galegos que van a América (Eiras Roel, 1993, pp. 185-214).
Á hora de estudar o comportamento da poboación por sexos, así como o estudo sociolaboral da poboación, asistimos ao descenso do número de homes debido á emigración e conflitos bélicos ata mediados dos anos 20, ao que se lle engade un predominio do sector primario. Isto debe matizarse nun concello como o de Lugo, no que o centro asiste a unha terciarización *in crescendo*, mentres que na periferia mantense a importancia das actividades primarias ligadas ao sector agrario.
En resumo, partimos dunha poboación galega a comezos do século XX escasa, predominantemente rural e cunha clara tendencia á mobilidade xeográfica en vistas dunha mellora económica que redunde nun aumento do benestar xeral.

6.2 EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA MUNICIPAL

6.2.1 Poboación de feito e de dereito

Debemos ter en conta que a poboación de feito se compón de todas as persoas que na data de realización do censo se atopan no territorio de referencia, tanto se teñen a residencia no mesmo municipio no que se censan (residentes presentes), como se están de paso no mesmo (transeúntes).

No ano 1897 observamos que a nivel provincial Lugo ocupa o segundo lugar en número de habitantes de feito con cerca de 460.000 habitantes, despois da provincia da Coruña, seguida por Pontevedra e Ourense, respectivamente, como se indica na Táboa 50. Galicia non chega aos dous millóns de habitantes e España supera lixeiramente os dezaoito millóns. Esta cifra da provincia de Lugo debe matizarse, xa que do total de habitantes de feito, algo máis de 1.000 son transeúntes.

Centrándonos agora no ano 1900, a nivel provincial Lugo segue a ocupar o segundo lugar en Galicia superando os 465.000 habitantes, e apreciándose un incremento da poboación nas catro provincias (Táboa 50). No total, Galicia achégase aos dous millóns de habitantes e España supera os dezaoito millóns e medio. O total de transeúntes na provincia lucense ronda os 1.500, a cifra máis alta das catro provincias galegas (Táboa LVII, Anexo).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 50. Poboación de feito por provincias[497]

	1897	1900	1910	1920	1930
A Coruña	632.785	653.556	676.708	708.660	767.608
Lugo	459.119	465.386	479.965	469.705	468.619
Ourense	401.227	404.311	411.560	412.460	426.043
Pontevedra	448.322	457.262	495.356	533.419	568.011
Galicia	1.941.453	1.980.455	2.063.589	2.124.244	2.230.281
España	18.132.475	18.618.086	19.990.909	21.388.551	23.677.974

En 1910, continúa esta tendencia a nivel provincial, pois Lugo segue a ser a segunda en habitantes de feito por detrás da Coruña, achegándose aos 480.000 habitantes (Táboa 50). O número de transeúntes a nivel provincial descende con respecto ao ano 1900, baixando ata cerca dos 1.000 (Táboa LVII, Anexo).

O ano 1920 representa un cambio profundo na tendencia da poboación de Lugo, xa que é a única provincia que perde habitantes de feito; así, a nivel provincial a perda sitúase nuns 10.000 habitantes, quedándose en cifras semellantes ás do ano 1900, non chegando aos 470.000 habitantes (Táboa 50). O número de transeúntes a nivel provincial e municipal segue a manterse con respecto a 1910.

A tendencia ata 1930 mantense á alza, salvo no caso da provincia de Lugo, que segue sen recuperarse demograficamente con respecto a 1920. A tendencia positiva mantense tamén en Galicia e España. Chama a atención tamén que só se reduce na provincia de Lugo o número de transeúntes con respecto a 1920, nunha cifra aproximada de 200 habitantes (Táboa LVII, Anexo).

A nivel municipal, no ano 1897, o concello de Lugo sitúase tamén como o segundo concello, nunha mostra de sete, con máis poboación de feito en Galicia, segundo reflicten os datos da Táboa 51. Lugo supera os 25.000 habitantes de feito, só por detrás do Concello da Coruña, e cunha cifra de transeúntes baixa, en torno aos 200, o que demostra a presencia predominante de habitantes do concello (Táboa LVIII, Anexo).

Seguindo coa comparativa municipal, no ano 1900 o concello de Lugo segue a ser o segundo en número de habitantes preto dos 27.000, unha vez máis despois do Concello da Coruña. Subliñar tamén o baixo número de transeúntes, arredor duns 260, cuxo aumento non é significativo respecto ao ano 1897 (Táboa LVIII, Anexo).

Táboa 51. Poboación de feito por concellos

	1897	1900	1910	1920	1930
A Coruña	40.501	43.971	47.984	62.022	74.132
O Ferrol	24.957	25.281	26.331	30.350	35.563
Santiago	24.335	24.120	24.637	25.870	38.270
Lugo	25.568	26.959	35.726	28.346	31.137
Ourense	15.250	15.194	15.998	17.581	21.579
Pontevedra	19.986	22.330	24.222	26.944	30.821
Vigo	17.222	23.259	41.213	53.100	65.012

[497] Todos os datos das táboas e gráficas son de elaboración propia, a partir das seguintes fontes: Concello de Lugo. (1900). *Censo de poboación de 1900*. AHPL (Sin. 430), Lugo; Concello de Lugo. (1900-1901). *Censo de poboación de 1900-1901*. AHPL, Tomo I (Sin. L0650), Tomo II (Sin. L0651), Lugo; Concello de Lugo. (1910*). Censo de poboación de 1910*. AHPL (Sin. 432), Lugo; Concello de Lugo. (1920). *Censo de poboación de 1920*. AHPL (Sin. 435), Lugo; Concello de Lugo. (1904). *Padrón de habitantes de 1904*. AHPL (Sin. 434), Lugo; Concello de Lugo. (1910). *Padrón de habitantes de 1910*. AHPL (Sin. L0641), Lugo; Concello de Lugo. (1915). *Padrón de habitantes de 1915*. AHPL (Sin. L0642), Lugo; Concello de Lugo. *Expedientes de rectificación do padrón de habitantes, 1910-1913, 1915-1918*. AHPL (Sin. 433), Lugo; Instituto Nacional de Estatística. https://www.ine.es/; Instituto Geográfico Nacional. *Nomenclátor de España de 1900*. Biblioteca IGN (Sin. 312-N-1900), Tomos 1, 2. https://www.ign.es/web/rcc-nomenclator-nacional; Instituto Geográfico Nacional. *Nomenclátor de España de 1910*. Biblioteca IGN (Sin. 312-N-1910), Tomos 1, 2, 3. https://www.ign.es/web/rcc-nomenclator-nacional; Instituto Geográfico Nacional. *Nomenclátor de España de 1920*. Biblioteca IGN (Sin. 312-N-1920), Tomos 1, 2, 3, 4. https://www.ign.es/web/rcc-nomenclator-nacional

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O ano 1910 supón o maior aumento demográfico do concello, situándose este cerca dos 36.000 habitantes, por detrás dos concellos da Coruña e Vigo, respectivamente (Táboa 51). A nivel municipal o número de transeúntes mantense practicamente con respecto ao ano 1900, sobre os 270.

O ano 1920 representa un cambio profundo tamén a nivel municipal, xa que Lugo é o único concello que perde habitantes de feito, concretamente uns 7.000 habitantes, situándose sobre os 28.000, o que supón unha clara involución da tendencia positiva da poboación galega a comezos do século XX (Táboa 51). O número de transeúntes a nivel municipal segue a manterse con respecto a 1910.

Finalmente, a nivel municipal no ano 1930 asistimos a unha recuperación demográfica do Concello de Lugo, cun aumento que eleva a poboación de feito por riba dos trinta mil habitantes. Tamén a nivel municipal, o número de transeúntes de Lugo segue a reducirse paulatinamente, en consonancia cos concellos de O Ferrol e Vigo (Táboa LVIII, Anexo).

Entendemos por poboación de dereito a que está composta por todas as persoas que teñen a súa residencia no territorio de referencia, é dicir, que están empadroadas, podendo estar presentes ou ausentes no momento do reconto estatístico.

Tendo en conta o anterior, no ano 1897 Lugo sitúase como a terceira provincia galega en número de habitantes de dereito, situándose preto dos 466.000, por detrás da Coruña e de Pontevedra, segundo se indica na Táboa 52. Galicia supera lixeiramente os dous millóns de habitantes e España os dezaoito millóns. A nivel provincial, o número de ausentes de Lugo é o menor das catro provincias galegas, superando lixeiramente os 8.000 habitantes, do que se deriva unha estabilidade demográfica da provincia (Táboa LIX, Anexo).

Táboa 52. Poboación de dereito por provincias

	1897	1900	1910	1920	1930
A Coruña	653.214	681.895	726.697	772.363	835.906
Lugo	465.996	476.357	512.467	517.918	523.911
Ourense	415.523	419.665	446.342	466.398	476.336
Pontevedra	486.137	495.721	546.247	585.866	630.446
Galicia	2.020.870	2.073.638	2.231.753	2.342.545	2.466.599
España	18.268.942	18.855.008	20.393.687	22.125.430	24.027.237

No ano 1900, a tendencia provincial mantense, pero é salientable, ao igual que no resto das provincias, un aumento do número de ausentes, que no caso da provincia de Lugo supera os 12.000 (Táboa LIX, Anexo). A tendencia mantense no ano 1910, pois neste a provincia de Lugo supera o medio millón de habitantes de dereito, elevándose vertixinosamente o número de ausentes, que supera xa os 33.000, tendencia similar ao resto das provincias galegas (Táboa LIX, Anexo).

En 1920 a provincia de Lugo gaña uns 5.000 habitantes de dereito (Táboa 52). Tamén é destacable o número de ausentes; a nivel provincial achégase aos 50.000 habitantes, ao igual que as restantes provincias galegas.

A tendencia á alza demográfica mantense no ano 1930, no que a provincia de Lugo se sitúa cerca dos 524.000 habitantes de dereito, en consonancia coa evolución positiva do resto das provincias galegas, do conxunto de Galicia e España (Táboa 52). O número de ausentes aumenta na provincia de Lugo, cerca de 7.000, en consonancia co resto das provincias galegas, coa excepción de Ourense, cunha redución duns dous mil ausentes con respecto a 1920 (Táboa LIX, Anexo).

No ámbito municipal, en 1897 o Concello da Coruña segue ocupando o primeiro lugar en número de habitantes de dereito, seguido de Lugo na mostra de referencia, cunha poboación

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que supera os 26.000 habitantes e un número de ausentes que non chega aos 900, o que xa sitúa ao Concello de Lugo como o máis importante do interior de Galicia.

Gráfica 56. Evolución da poboación de feito e de dereito no Concello de Lugo, 1897-1930



Como indican os datos da Táboa 53, en 1900 o Concello de Lugo segue evolucionando de maneira positiva, superando os 28.000 habitantes, se ben nesta cifra hai que incluír un elevado número de ausentes, superando os 1.300 (Táboa LX, Anexo). Isto pon de manifesto a fraxilidade do crecemento con respecto ao ano 1897, aínda que Lugo segue a ser o segundo concello en número de habitantes de dereito despois da Coruña.

No ano 1910, o Concello de Lugo acada o seu punto máis alto nos primeiros vinte anos de século, como reflicte a Gráfica 56, superando os 35.000 habitantes e situándose así como terceiro concello (Táboa 53). A taxa de ausentes é a máis baixa tamén, apenas superando os 400 habitantes, o que demostra a primacía de habitantes presentes no municipio, como se observa na Gráfica 57. Só se ve superado en cifras absolutas polos concellos da Coruña e Vigo, respectivamente, nos que a pegada da incipiente industrialización se empeza a manifestar[498].

Os datos do ano 1920 supoñen un duro revés na evolución demográfica do concello, xa que perde cerca de 6.000 habitantes, situándose no cuarto lugar dos concellos galegos con menos de 30.000 habitantes, e onde xa despuntan claramente os concellos da Coruña e Vigo, respectivamente. No número de ausentes supera os 1.800, esta tendencia centrífuga ven a corroborar a evolución negativa do Concello de Lugo.

O ano 1930 pon de manifesto unha recuperación demográfica en canto á poboación de feito no Concello de Lugo (Gráfica 56), situándose por riba dos 32.000 habitantes e en dirección ás cifras do 1910, no que acada o seu máximo nestes comezos do século XX.

[498] É importante salientar que hai concellos que aumentan a súa poboación debido á anexión doutros limítrofes, como é o caso de Vigo que anexiona Bouzas en 1904, A Coruña anexiona Oza-Monelos en 1912 e Santiago anexiona Conxo en 1925, mentres que no Concello de Lugo non se produciron anexións debido a que os concellos desta provincia contaban cunha maior extensión territorial. En: La anexión del Ayuntamiento de Conjo al de Santiago. (20 de febreiro de 1925). *El Compostelano*, p.1; Crónica Compostelana. (24 de febreiro de 1925). *La Voz de Galicia*, p. 4; La anexión de Conjo a Santiago. (27 de febreiro de 1925). *El Compostelano*, p. 1; La anexión del Municipio de Conjo al de Santiago. (14 de maio de 1925). *El Compostelano*, p. 1; La anexión de Conjo a Santiago. (15 de maio de 1925). *El Compostelano*, p. 2; Carreras y Candi, F. (dir.). (1928). *Geografía General del Reino de Galicia*. Vols. II, III e V. Barcelona: Alberto Martín; González Fernández, X. M. (2003). *La anexión del ayuntamiento de Bouzas a Vigo (1900-1904)*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.

Táboa 53. Poboación de dereito por concellos

	1897	1900	1910	1920	1930
A Coruña	38.927	44.057	49.290	63.603	71.511
O Ferrol	25.264	26.257	26.270	30.782	37.662
Santiago	24.529	24.917	24.660	27.341	39.620
Lugo	26.252	28.024	35.889	29.940	32.259
Ourense	15.375	15.248	16.285	18.365	21.461
Pontevedra	20.713	22.806	25.072	28.957	30.566
Vigo	15.926	23.144	41.500	53.614	65.983



6.2.2 Movemento natural

O movemento natural de poboación do Concello de Lugo nas tres primeiras décadas do século XX caracterízase en xeral por unha lixeira tendencia á baixa tanto no caso da natalidade, como da mortalidade. Así, como se pode observar nos datos da Táboa 54, a natalidade nos anos 1900-1908 sitúase en torno aos 950-1.000 nacementos anuais, incluso superando esta cifra no 1901, sufrindo a partir de 1908 unha baixada con oscilacións que toca fondo entre os anos 1917-1922, con 732 nacementos no 1919, cifra máis baixa do período; vaise recuperando con vaivéns a partir do 1922, situándose no 1929 en cifras próximas ao comezo de século, superando os 900 nacementos por ano, coa posterior caída en 1930.

No caso dos falecementos, partimos de cifras máis baixas con respecto aos nacementos, 786 defuncións no ano 1900, e a tendencia, salvo momentos puntuais, é tamén á baixa, situándose no 1930 en 673 falecidos. Debemos ter en conta que os picos de mortaldade se acadan no 1901 con 898 falecidos e no 1918, con 1.022 defuncións, e con cotas secundarias nos anos 1922 e 1926.

Debemos ter en conta tamén que a evolución do movemento natural do Concello de Lugo segue as pautas demográficas xerais; así, nacen máis nenos que nenas, agás nos anos 1922, 1924, 1926 e 1927, neste último hai un empate entre ambos sexos. No caso das defuncións hai unha inversión da tendencia entre sexos[499]; así, os falecementos femininos superan aos masculinos na maioría dos anos, agás nos anos 1901, 1905, 1919, 1921, 1923 e 1924.

[499] Empréganse os termos varón e home como sinónimos, segundo recolle o dicionario da Real Academia Galega.

A diferenza entre a natalidade e a mortalidade lévanos a un crecemento natural ou vexetativo positivo en todos os anos de referencia, agás no 1918 no que é negativo de -193 persoas, e cun máximo positivo no ano 1929 de +304 persoas (Táboa 54).

Táboa 54. Movemento natural da poboación do Concello de Lugo (1900-1930)

ANO	NACEMENTOS (NACIDOS VIVOS)			DEFUNCIÓNS			CRECTO. VEX.
	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres	Total	N - D
1900	522	456	978	378	408	786	192
1901	542	464	1.006	474	424	898	108
1902	540	418	958	381	404	785	173
1903	548	436	984	362	370	732	252
1904	516	473	989	343	382	725	264
1905	525	444	969	383	375	758	211
1906	480	477	957	361	392	753	204
1907	491	493	984	382	392	774	210
1908	509	460	969	347	413	760	209
1909	503	420	923	365	392	757	166
1910	457	417	874	360	364	724	150
1911	432	407	839	350	375	725	114
1912	440	398	838	284	313	597	241
1913	418	427	845	327	349	676	169
1914	407	389	796	298	314	612	184
1915	426	369	795	274	321	595	200
1916	461	390	851	317	370	687	164
1917	406	362	768	318	369	687	81
1918	418	411	829	503	519	1.022	-193
1919	392	340	732	351	347	698	34
1920	412	404	816	328	386	714	102
1921	414	398	812	359	354	713	99
1922	370	401	771	361	370	731	40
1923	458	440	898	342	336	678	220
1924	404	409	813	328	323	651	162
1925	437	388	825	306	331	637	188
1926	436	439	875	355	370	725	150
1927	413	413	826	322	328	650	176
1928	475	450	925	320	324	644	281
1929	487	446	933	302	327	629	304
1930	448	428	876	328	345	673	203
TOTAL	14.187	13.067	27.254	10.809	11.387	22.196	5.058

As causas que explican este comportamento natural, no caso da natalidade están relacionadas fundamentalmente coa evolución económica e médica; mentres, no caso da mortalidade, esta asóciase a factores naturais (enfermidades, epidemias), pero tamén a factores históricos (guerras, éxodos) e económicos.

A emigración maioritariamente masculina, tanto exterior como interior, fai que as defuncións femininas sexan maiores que as masculinas (11.387 mulleres fronte a 10.809 varóns), xa que debemos ter en conta que a poboación máis nova masculina era a que emigraba prioritariamente e é, preferentemente, o que explica o maior número de defuncións femininas en relación cun avellentamento maior deste sexo. No referente ás defuncións por causas naturais asociadas a enfermidades todo apunta a que a mortaldade do ano 1918 foi causa da Gripe.

Para o estudo do movemento natural en perspectiva comparada (municipal, provincial, galega e española), empréganse as taxas brutas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo. Outra puntualización importante é que para os datos relativos á provincia, a Galicia e a España, as taxas, a partir de 1918, están calculadas polo *Instituto Nacional de Estadística*

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tendo en conta a poboación de feito a 31 de decembro do ano anterior, o que debe terse en conta á hora de facer o estudo correspondente.

Á hora da análise dos datos observamos que no caso da taxa de natalidade, esta vai parella nos catro ámbitos nos tres primeiros anos do século XX, en torno ao 30-35‰ (Táboa LXI, Anexo). En cambio, a partir do ano 1910 o concello comeza a experimentar unha baixada importante ata o 1919, coa excepción do 1916, período no que acada cifras por baixo do 20‰, como se observa na Gráfica 58. A recuperación do concello comeza no ano 1920, acada o seu máximo no 1923, para descender a niveis intermedios entre o 1924 e o 1929 en torno ao 24-25‰, cunha subida no ano 1930 ata o 28‰ (Táboa LXI, Anexo).

No caso da provincia, Galicia e España, a baixada a partir do ano 1910 é menos importante pero máis constante, e mantense ata o 1930 situándose en valores inferiores ao 30‰, e superada polo concello neste ano. Inda que a evolución en xeral é á baixa, observamos un contraste entre a inestabilidade municipal, con altos e baixos, e o resto cunha evolución ou involución moito máis regular.

O estudo da taxa bruta de mortalidade municipal ata o ano 1909 dános un resultado superior ao resto dos concellos, cunha diferenza importante que supera incluso o 5‰ no 1901 (Táboa LXII, Anexo). A partir de 1910, a tendencia invértese ata o 1918 e o concello rexistra taxas máis baixas de mortalidade en relación á provincia, Galicia e España, cuxos rexistros van *in crescendo* ata o 1918, no que acadan o seu máximo. En cifras, a taxa provincial, galega e nacional deste ano supera en máis do 10‰ á do concello, en torno ao 23‰ fronte ao 30-33‰ do resto. A partir deste ano, a tendencia é á baixa nos casos provincial, galego e español, porén o concello reflicte un comportamento alcista ata o 1923 (29,50‰), a partir do cal empeza un descenso progresivo, como se observa na Gráfica 58, ata acadar o valor mínimo do 17‰ no ano 1929, subindo no 1930 ata o 21,61‰. No caso do resto de ámbitos de estudo, a partir do ano 1918 experiméntase unha baixada progresiva e constante ata o 1930, pasando de valores en torno ao 30‰ ao 16‰ (Táboa LXII, Anexo).

En resumo, podemos dicir que no concello a taxa de mortalidade é superior con respecto ao resto de concellos, inverténdose a tendencia entre os anos 1910 e 1918, e a partir deste a taxa do concello volve a ser superior á provincial, galega e española.

Gráfica 58. Evolución das taxas de natalidade e mortalidade no Concello de Lugo, 1900-1930



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como indican os datos da Táboa 55, os valores relativos á taxa de crecemento vexetativo amosan unha taxa baixa, xa que só se supera o 1% en anos puntuais: na provincia no 1910 e 1928, en Galicia no 1902, 1903, 1912, 1928, 1929, 1930, e no caso español en 1912, 1924, 1926, 1928, 1929 e 1930, respectivamente. A taxa de crecemento vexetativo vólvese negativa no ano 1918 para todos os ámbitos estudados, debido á pandemia de Gripe.

No caso do Concello de Lugo, a taxa de crecemento natural está sempre por debaixo do 1%, o que pon de manifesto o débil crecemento demográfico municipal. Segundo observamos na Gráfica 59, a maior taxa de crecemento vexetativo sitúase nos anos 1903, 1904 e 1923, un 0,90%, 0,94% e 0,96%, respectivamente; mentres, o valor inferior corresponde ao 1918, un -0,44%, único ano no que é negativo, seguido polo 1919 cun 0,08%.

Por etapas, do ano 1900 ao 1908, o crecemento mantense ao redor do 0,70%, agás a baixada ao 0,40% no 1901 e os picos de 1903 e 1904. Do ano 1909 ao 1917 baixa o crecemento vexetativo, movéndose en valores en torno ao 0,40% e 0,60%, agás o 1911 no que se reduce ao 0,32%. Entre o 1918 e o 1922, o crecemento vexetativo móvese en cotas baixas, especialmente nos anos 1918, 1919 e 1922. Entre o 1923 e o 1930 prodúcese unha recuperación do crecemento vexetativo, movéndose en cifras entre o 0,50% e o 0,80%, agás o ano 1923.

Táboa 55. Taxa de crecemento vexetativo (‰)

Ano	Lugo concello	Lugo provincia	Galicia	España
1900	0,71	0,79	0,76	0,49
1901	0,40	0,85	0,89	0,72
1902	0,66	0,95	1,01	0,95
1903	0,90	0,98	1,03	0,90
1904	0,94	1,03	1,07	0,86
1905	0,75	0,98	1,02	0,95
1906	0,73	0,83	0,87	0,80
1907	0,75	0,98	0,98	0,92
1908	0,75	0,82	0,98	1,05
1909	0,59	0,92	1,05	0,98
1910	0,42	1,01	1,03	0,95
1911	0,32	0,81	0,84	0,81
1912	0,65	0,99	1,08	1,05
1913	0,44	0,71	0,80	0,83
1914	0,47	0,60	0,82	0,77
1915	0,49	0,63	0,86	0,79
1916	0,39	0,61	0,98	0,76
1917	0,37	0,51	0,64	0,65
1918	-0,44	-0,47	-0,67	-0,40
1919	0,08	0,18	0,61	0,50
1920	0,36	0,60	0,66	0,60
1921	0,35	0,42	0,56	0,91
1922	0,14	0,68	0,92	0,74
1923	0,96	0,72	0,85	0,98
1924	0,50	0,68	0,80	1,02
1925	0,57	0,73	0,89	0,97
1926	0,44	0,78	0,90	1,10
1927	0,50	0,74	0,89	0,97
1928	0,78	1,00	1,17	1,13
1929	0,82	0,87	1,06	1,09
1930	0,65	0,94	1,16	1,13

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



6.2.3 Distribución segundo sexo e idade

Segundo se observa nas pirámides de poboación[500] (Gráficas 60 a 64), na evolución da poboación de Lugo tendo en conta o sexo e a idade entre os anos 1900 e 1930, móstrase un predominio dunha poboación nova a comezos do século XX. Así vemos como destaca a franxa de 5 a 25 anos sobre todo no 1910, a partir do cal se empeza de novo a reducir para situarse no 1930 en cifras próximas ás do ano 1900; nesta franxa destaca claramente o tramo de 5 a 10 anos (Táboa LXIII, Anexo).

Pola contra observamos tamén que o menor número de poboación dáse a partir dos 60 anos, inda que se aprecia un incremento cara o1930 (Gráfica 63), destacando neste caso o tramo que vai de 61 a 70 anos. A franxa de 26 a 60 anos segue unha evolución similar aos grupos anteriores, cunha baixada no ano 1920 para amosar síntomas de recuperación cara o 1930; nesta franxa destaca o tramo de 51 a 60 anos.

Na evolución por sexo é salientable o incremento do sexo feminino en determinados tramos e momentos. Destaca entre os 26 e 60 anos na pirámide de 1900 (Gráfica 60 e Táboa LXIII, Anexo), incremento ao que se lle engade o tramo de 61 a 70 anos en 1910 (Gráfica 61 e Táboa LXIII, Anexo); finalmente, o incremento prodúcese practicamente en todos os tramos a partir dos cinco anos nas pirámides de 1920 e 1930, agás no tramo dos 21 aos 25 anos (Gráfica 62 e 63 e Táboa LXIII, Anexo)

De todo o anterior deducimos que a comezos do século XX Lugo, ao igual que Galicia na súa meirande parte, se atopa dentro do réxime demográfico antigo, cun predominio de poboación nova e unha baixa esperanza de vida. Recordemos que o preeminencia dunha sociedade rural con necesidade de man de obra abundante, a ausencia de métodos anticonceptivos, e tamén de cobertura ante continxencias como enfermidades, vellez, etc., son factores determinantes do réxime demográfico antigo, no que hai moita xente que vive poucos anos en xeral. Á súa vez, a feminización da sociedade é reflexo fundamentalmente do fenómeno migratorio.

[500] Todas as pirámides son de elaboración propia; nas pirámides da totalidade do Concello de Lugo respectáronse as divisións por grupos de idade que figuran nos Censos de poboación do INE, que foi a fonte empregada. En cambio, as pirámides da poboación do centro e da periferia do concello elaboráronse a partir dos datos dos censos de poboación do Arquivo Histórico Provincial.

Como indican os datos da Táboa 56, o reflexo en porcentaxe desta estrutura demográfica mostra un predominio dos tramos entre 0-15 e 16-35 anos, con porcentaxes que van do 30 ao 40%; mentres, no tramo de 36 a 60 anos se reduce substancialmente a porcentaxe situándose en torno ao 20-25%, para sufrir unha drástica caída a partir dos 60 anos con porcentaxes en torno ao 5-8%.

Táboa 56. Evolución en porcentaxe dos grupos de idade da poboación de Lugo

Idade	1900		1910		1920		1930	
	V.	M.	V.	M.	V.	M.	V.	M.
0-15	33,84	32,75	39,56	33,69	37,03	32,94	30,70	29,17
16-35	34,84	34,17	30,13	33,15	31,03	32,71	37,94	36,34
36-60	24,35	27,06	21,14	23,82	23,61	26,10	23,26	25,88
+60	6,33	5,94	5,26	5,05	7,68	7,89	8,07	8,60

Gráfica 60. Pirámide de poboación do Concello de Lugo en 1900



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfica 61. Pirámide de poboación do Concello de Lugo en 1910



Gráfica 62. Pirámide de poboación do Concello de Lugo en 1920



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Graficamente as pirámides de poboación de Lugo de 1900, 1910, 1920 e 1930 amosan unha forma triangular; con bases anchas que se van recortando de maneira pouco significativa, un predominio de varóns na base e mulleres na cúspide, pola maior esperanza de vida destas últimas. Así mesmo, tamén se observan nas catro pirámides entrantes entre os 25 e 50 anos, debido fundamentalmente á emigración. No caso da pirámide do ano 1910 (Táboa LXIII, Anexo e Gráfica 61), esta presenta unha diferenza con respecto as demais, xa que a poboación nova é máis numerosa, o que se debe a unha taxa de natalidade moi alta entre os anos 1900 e 1909, por riba do 30‰, e posiblemente a factores económicos.

6.2.4 Clasificación segundo o estado civil e a instrución elemental

Na evolución segundo o estado civil, é importante salientar un aumento progresivo da solteiría, que é parello á evolución da poboación; así, se temos en conta a baixada da poboación no ano 1920, isto condiciona tamén o número de solteiros, pero en xeral a solteiría masculina e feminina vai en aumento ata chegar a cifras próximas aos 10.000 solteiros e solteiras no ano 1930 (Táboa LXIV, Anexo).

A evolución dos casamentos mantense constante nos albores do século XX; as cifras indican que estes soben algo dos 4.000 tanto no caso masculino coma feminino, cun leve aumento nos anos 1910 e 1930 parello ao aumento da poboación en xeral.

Con respecto á terceira variable no estudo, a viuvez, si se aprecian cambios importantes. En primeiro lugar vemos que salvo no 1910, nos anos 1900, 1920 e 1930 a viuvez feminina dobra á masculina, inverténdose esta tendencia no 1910 (Táboa LXIV, Anexo).

Chama a atención tamén que no ano 1910, o de maior poboación dentro do estudo, a viuvez se manteña en niveis baixos no caso masculino e moi baixos no caso feminino. En xeral podemos concluír que no comezo da centuria asistimos a un incremento da solteiría, unha

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

estabilización da nupcialidade, e un aumento da viuvez feminina en relación co proceso migratorio.

A evolución con respecto á instrución elemental lévanos ao estudo de tres variables: saber ler, saber ler e escribir e non saber ler.

Táboa 57. Instrución elemental

	1900		1910		1920		1930	
	Varóns	Mull.	Varóns	Mull.	Varóns	Mull.	Varóns	Mull.
Ler	316	470	178	459	164	268	122	280
Ler e escribir	5.780	3.339	7.853	5.601	8.224	5.751	10.680	9.046
Non saben ler	6.879	10.167	8.770	10.874	4.774	8.864	4.046	6.349
Non consta	8	-	948	1.043	113	188	290	324

En canto á primeira variable que é saber ler, observamos na Táboa 57 que a poboación feminina se atopa en cifras superiores á masculina, chegando incluso a dobrala nos anos 1910 e 1930. En xeral, movémonos en cifras totais baixas con respecto á poboación total, non acadando os 1.000 habitantes que saben ler en ningún ano.

Con respecto á segunda variable que é saber ler e tamén escribir, as cifras xa son moi superiores con respecto á variable anterior, non obstante neste caso invértese a tendencia a favor do sector masculino, xa que este supera en todos os anos ao feminino. A evolución é positiva, e vemos que as cifran aumentan en ambos sexos ata o ano 1930, no que xa hai máis de 10.000 varóns alfabetizados e máis de 9.000 mulleres (Táboa 57).

Na terceira variable, a dos que non saben ler, a tendencia volve a inverterse, neste caso negativamente para o sector feminino, pois observamos que supera claramente ao masculino en todos os anos, incluso con cifras que superan as 10.000 mulleres que non saben ler no 1900 e no 1910.

O máis interesante á luz dos datos é que existe unha maior alfabetización masculina, sempre tendo en conta a precaución coa que hai que tomar estes datos, porque as observacións foron simplemente testemuñais, sen proba algunha que demostrara a alfabetización.

6.2.5 Densidade de poboación

A relación entre o número de habitantes e o espazo que ocupan vén determinada pola densidade de poboación. Este indicador demográfico permítenos comprobar as posibilidades que ofrece unha determinada rexión, e que serve de atractivo demográfico fronte a outras rexións xa saturadas demograficamente, ou que non atraen habitantes por carecer de posibilidades de atracción.

A nivel provincial, a evolución da densidade de 1900 a 1920 en Galicia mostra un claro contraste entre a fachada occidental e o interior, segundo os datos da Táboa 58. Así, mentres as provincias occidentais poden alcanzar densidades que superan amplamente os 80 habitantes por quilómetro cadrado, as provincias do interior están claramente por debaixo desta cifra. A provincia de Pontevedra é a que acusa unha maior progresión, seguida pola Coruña, mentres que nas provincias de Ourense e Lugo a progresión é mínima, cortándose nesta última en 1910.

Para o caso que nos ocupa que é Lugo, prodúcese unha regresión en canto á densidade de poboación entre os anos 1910 e 1920, manténdose a tendencia ata o 1930, algo motivado polo descenso importante da poboación de feito.

Na comparativa con Galicia na súa totalidade, observamos que as provincias occidentais teñen un comportamento claramente superior á media galega, mentres nas do interior os valores son moi inferiores a esta. Con respecto á media española, as catro provincias galegas superan

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

claramente á mesma, tendo en conta que os resultados estatísticos sempre os hai que tomar con precaución.

Táboa 58. Densidade de poboación provincial, autonómica e estatal (Poboación de feito)

	Km²	1900	1910	1920	1930
A Coruña	7.950	82,21	85,12	89,14	96,55
Lugo	9.856	47,22	48,70	47,66	47,55
Ourense	7.273	55,59	56,59	56,71	58,58
Pontevedra	4.495	101,73	110,20	118,67	126,37
Galicia	29.575	66,96	69,77	71,83	75,41
España	504.645	36,89	39,61	42,38	46,92

Con respecto á densidade municipal, segundo consta na Táboa 59, no Concello de Lugo observamos unha evolución similar á da provincia, aumentando progresivamente ata o ano 1910, cando acada o seu máximo con 108 hab./km^2, para descender de maneira considerable a partir de aquí e situarse en 1920 en valores similares aos de 1900, en torno a 86 hab./km^2. A partir do 1920 empeza a recuperación chegando aos 94 hab./km^2 en 1930.

Nunha comparativa cos outros concellos, observamos que a densidade do Concello de Lugo é a menor en todos os anos. Isto explícase porque o Concello de Lugo é o máis extenso de todos os da mostra con 329,78 quilómetros cadrados, e tamén se explica pola evolución absoluta da poboación, xa que o Concello de Lugo pasa de ocupar a segunda posición en número de habitantes nos anos 1897 e 1900, á terceira no 1910, á cuarta no 1920, e á quinta no ano 1930. Inda así a súa densidade sitúase moi por enriba da media de Galicia e España.

Táboa 59. Densidade de poboación por concellos (Poboación de feito)

	Km²	1900	1910	1920	1930
A Coruña	37,83	1.162,33	1.244,62	1.639,50	1.959,60
O Ferrol	82,60	306,07	246,14	367,43	430,54
Santiago	220,60	109,34	111,68	117,27	137,48
Lugo	329,78	81,75	108,33	85,95	94,41
Ourense	84,50	179,81	189,33	208,06	255,37
Pontevedra	118,3	188,76	204,75	227,76	260,53
Vigo	109,06	213,27	377,89	486,89	304,83

Gráfica 64. Evolución da densidade de poboación no Concello de Lugo, 1900-1930



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así pois, como vemos na Gráfica 64, a densidade da poboación do concello acada o seu máximo en 1910, momento no que tamén se chega ao seu punto máis alto de poboación de toda a etapa estudada (Gráfica 56). A partir de 1910, hai un descenso da taxa de natalidade (Gráfica 58), que tamén repercute na densidade de poboación, que comeza recuperarse a partir de 1920.

6.2.6 Poboación urbana

Un dato importante á hora de estudar a evolución demográfica dun lugar é saber o número de habitantes urbanos dos que se compón, entendendo por urbano os núcleos concentrados, cunha alta densidade de habitantes e de edificacións (residenciais, industriais ou de equipamentos), xunto coas súas correspondentes infraestruturas de comunicacións e zonas verdes ou non edificadas; así pois, exclúese desta denominación ás parroquias, inda que estas pertenzan ao mesmo concello. Polo tanto, consideramos como cidades ás catro capitais de provincia, ás que lle engadimos O Ferrol, Santiago e Vigo.

Segundo os datos da Táboa 60, se atendemos á evolución destes núcleos urbanos desde finais do século XIX ata o ano 1930, observamos que nos casos da Coruña, Ourense, Pontevedra e Vigo o cambio de século trouxo consigo un aumento da poboación urbana, sobre todo no caso da Coruña que aumenta máis de 5.500 habitantes. Pola contra, para os núcleos do Ferrol, Santiago e Lugo, o cambio de século non se traduce nun aumento da poboación urbana, senón todo o contrario; así, comezan o século con menos poboación urbana da que contaban a finais do século XIX.

Xa no último terzo do século XIX, a porcentaxe de poboación urbana é moito maior nos concellos nos que a industrialización se converte nun factor económico importante coa conseguinte atracción demográfica. Así os concellos do Ferrol, Coruña e Vigo xa superan o 90% de poboación urbana, en contraste cos concellos menos dinámicos como os de Santiago, Ourense, Lugo e Pontevedra.

Táboa 60. Poboación urbanizada a nivel municipal[501]

	1897	1900	1910	1920	1930
A Coruña	37.251-95,69%	42.990-97,58%	47.561-96,49%	50.558-79,49%	61.673-86,24%
O Ferrol	24.293-96,16%	23.769-90,52%	24.628-93,75%	28.554-92,76%	37.662-100%
Santiago	16.223-66,14%	15.551-62,41%	15.875-64,38%	21.132-77,29%	23.207-58,57%
Lugo	11.616-44,25%	10.733-38,30%	11.653-32,47%	11.715-39,13%	11.839-36,70%
Ourense	9.998-65,03%	10.626-69,69%	11.089-68,09%	11.726-63,85%	14.005-65,26%
Pontevedra	7.848-37,89%	8.231-36,09%	8.702-34,71%	10.470-36,16%	11.902-38,94%
Vigo	15.044-94,46%	18.905-81,68%	24.543-59,14%	34.111-63,62%	40.336-61,13%

No caso do Concello de Lugo, a poboación urbana no ano 1897 parte de 11.616 habitantes urbanos, un 44,25%, o valor máis elevado da etapa, xa que co cambio de século esta porcentaxe diminúe; en concreto, no ano 1900 redúcese nun 5,95% e no 1910 nun 5,83%. Mentres, no ano 1920 prodúcese un incremento do 6,66%, para volver reducise un 2,43% no 1930, quedado así en 11.839 habitantes urbanos.

Aínda así, segundo se observa na Gráfica 65, no conxunto da etapa estudada a evolución da poboación urbana total é á alza, non así a súa porcentaxe. A poboación urbana de Lugo é a que menos aumenta das sete cidades, manténdose constante ao comezo do século XX. Isto exemplifica que a marcha industrializadora da cidade non se manifestou coa mesma intensidade que no resto, o que define a Lugo como unha capital rural do interior de Galicia.

[501] Elaboración propia a partir das fontes xa citadas, ás que se engade: López Taboada, 1996. Con todo hai que matizar que López Taboada refírese á poboación urbana dentro do temo municipal, non á poboación municipal total, e neste estudo calcúlase a maiores a porcentaxe tendo en conta a poboación municipal do censo.



6.2.7 Movementos migratorios

Como no resto de Galicia e en especial na Galicia interior, Lugo non é alleo ao fenómeno migratorio que modifica a evolución natural da poboación a comezos do século XX. Os datos recollidos na Táboa LX do Anexo e na Gráfica 57 permiten constatar a evolución dos ausentes no Concello de Lugo, que acada o seu máximo nos anos vinte achegándose aos dous mil ausentes, para irse reducindo posteriormente cara os anos trinta. Unha vez consultados os expedientes de emigración existentes neste período podemos observar a importancia da migración exterior neses anos vinte, o que explica nunha grande medida a baixada de poboación do concello nesa década[502].

A tenor dos datos recollidos na Táboa 61 e na Gráfica 66, o ano 1900 é o máis prolífico en canto á migración exterior con 928 emigrantes, sempre predominantemente masculina; así, o 93,36% son varóns e o restante 6,64% son mulleres. Pola contra, o ano con menos emigrantes corresponde ao 1910 con unicamente 151, dos que un 65,31% son varóns e un 34,69% son mulleres. A evolución é á baixa entre os anos 1900 e 1910, cun descenso 35,47%, recuperándose no 1920 cun incremento do 20,27%, a partir do cal volve a descender levemente un 3,56% no ano 1925.

Táboa 61. Migración exterior e interior no Concello de Lugo, 1900-1925[503]

ANO	Exterior	Interior	Total
1900	928	399	1.327[504]
1910	151	280	431
1920	595	1.262	1.857
1925	517	1.096	1.613

En canto á migración interior, esta é máis numerosa que a exterior, e segue a ser predominantemente masculina. O ano de maior migración corresponde ao 1920 con 1.262 emigrantes, e o de menor migración ao 1910 con 280 emigrantes (Táboa 61). A evolución é á

[502] Como xa se fixo constar no apartado de metodoloxía, os datos de emigración proceden dos censos de poboación consultados, e non se ten en conta a emigración clandestina, sen ningunha regulación.

[503] Elaboración propia a partir dos censos xa citados, así como das seguintes fontes: Concello de Lugo. *Expedientes de emigración a Bos Aires e Arxentina, 1876-1931*. AHPL (Sin. 1577), Lugo; Concello de Lugo. *Emigración a Cuba 1921-1931*. AHPL (Sin. 1578), Lugo.

[504] Neste total hai que ter en conta os 1.156 ausentes da Praza de San Fernando, a maioría militares.

baixa tamén entre os anos 1900 e 1910, cun descenso do 3,92%; recupérase no 1920, aumentado un 32,33%, para descender no ano 1925 nun 5,46%, como amosa a Gráfica 66.

Gráfica 66. Migración exterior e interior no Concello de Lugo, 1900-1925



Tendo en conta a procedencia e o destino migratorio, a nivel exterior a procedencia rural é maioritaria, un 71,49%, acontecendo o mesmo na interior, un 65,27%. Os destinos preferentes na migración exterior son Cuba e Arxentina, mentres que na migración interior predominan as capitais e grandes cidades galegas, sobre todo do eixo atlántico, segundo consta na Táboa 62. É preciso matizar a emigración andoriña a Castela de campesiños durante á época da sega, unha emigración moi difícil de cuantificar, xa que a temporalidade eximíaa de requisitos de tipo burocrático. Finalmente, tamén constan consecuencias do naufraxio do vapor Santa Isabel sobre a migración luguesa[505].

Táboa 62. Destinos da migración exterior e interior

Exterior		Interior	
Cuba	45,12%	Galicia	43%
Arxentina	40,10%	Madrid	24%
Uruguai	3,70%	Asturias[506]	16%
México	3,20%	Castela	12%
Estados Unidos	3,75%	Resto península	5%
Brasil	2,21%		
Chile	1,80%		
Outros	0,12%		

Se tomamos como referencia a idade, os datos poñen de manifesto que a emigración se nutre fundamentalmente de xente nova, o que provoca o envellecemento dos lugares de partida e o rexuvenecemento dos destinos. O grupo de idade que máis emigra tanto ao exterior como

[505] O vapor Santa Isabel naufragou preto da illa de Sálvora no ano 1921. Neste naufraxio perderon a vida dúas mulleres de Lugo: unha da parroquia de San Xillao de Rubiás e outra da parroquia de Santa María de Gondar, ademais de dous varóns, ambos da parroquia de San Xillao de Rubiás. En: Catátrofe en el mar. (4 de xaneiro de 1921). *El Progreso*, p. 4; Más del hundimiento del "Santa Isabel". (4 de xaneiro de 1921). *El Progreso*, p. 5.

[506] O destino de Asturias era para traballar como obreiros a xornal nas cuncas mineiras de Mieres, en concreto figura a parroquia de Ujo e Sama de Langreo. O destino de Oviedo figura como destino da viaxe en tren, para dirixirse posteriormente ás zonas mineiras.

ao interior é o comprendido entre os 15 e os 35 anos, e sempre cun predominio de varóns sobre mulleres (Táboa 63). Trátase de xente nova, en idade de progresar e procrear, para o que fixan as súas miras sobre todo no continente americano.

Táboa 63. Migración exterior e interior por grupos de idade

Grupos	Exterior	Grupos	Interior
-15	5,31%	-15	13,79%
15-25	42,28%	15-25	38,24%
26-35	33,17%	26-35	27,72%
36-45	9,56%	36-45	9,21%
46-55	4,89%	46-55	5,72%
56-65	2,31%	56-65	2,52
+65	0,43%	+65	0,56
Non consta	2,05%	Non consta	2,24%

En canto á inmigración, esta procede maioritariamente da provincia, seguida de Galicia, e esporadicamente do resto de España.

Tomando agora como referencia a profesión, observamos que o predominio rural do Concello de Lugo imponse maioritariamente á hora de emigrar (Táboa LXV, Anexo). Así, existe un predominio indiscutible das profesións relacionadas co campo, sendo a profesión de xornaleiro a maioritaria nos varóns[507]. No caso feminino, a profesión de xornaleira sitúase en segundo lugar, por detrás dos labores domésticos, en moitos casos acompañados das tarefas rurais.

En resumo podemos dicir que o predominio de emigrantes rurais fai que o resto de profesións sexan residuais á hora de emigrar, e a pesar da heteroxeneidade profesional masculina, a feminina practicamente se reduce ao fogar e ao campo.

6.2.8 Poboación activa e inactiva. Sectores económicos

O estudo da estrutura socioprofesional de Lugo centrouse nos anos 1900, 1910, 1920 e 1930 por separado, para posteriormente facer unha comparativa evolutiva dos mesmos.

Comezando polo ano 1900, os datos da Táboa 64 indican que existe un predominio da poboación activa sobre a inactiva no sector masculino, cunhas porcentaxes do 66,29% fronte ao 33,71%, respectivamente. Con respecto á poboación feminina invértense os resultados, predominado as inactivas sobre as activas, nunhas porcentaxes de 52,42% fronte ao 47,58%, respectivamente. No total xeral teñen un maior peso os activos, cunha porcentaxe do 56,77% fronte ao 43,23% de inactivos.

Táboa 64. Poboación inactiva, activa e sectores económicos en 1900

	Homes	Mulleres	Total
Inactivos	4.564 (33,71%)	7.354 (52,42%)	11.918 (43,23%)
Activos	8.974 (66,29%)	6.675 (47,58%)	15.649 (56,77%)
Sector primario	6.930 (77,22%)	5.951 (89,15%)	12.881 (82,31%)
Sector secundario	488 (5,44%)	64 (0,96%)	552 (3,53%)
Sector terciario	1.556 (17,34%)	660 (9,89%)	2.216 (14,16%)

O anterior é indicativo da situación sociolaboral precaria da muller, xa que a poboación feminina no 1910 é maior que a masculina. As mulleres no censo figuran como inactivas porque

[507] É preciso puntualizar que aínda que entendemos que un xornaleiro é unha persoa que traballa a xornal en tarefas fundamentalmente agrarias, en terras non propias na maioría dos casos, neste estudo entendémolo como un traballador do sector agrogandeiro.

realizaban traballos non remunerados, pero na realidade a porcentaxe de mulleres traballadoras sería moito maior xa que realizan un emprego encuberto (Blanco Louro, 1996, p. 209).

En canto á estrutura socioprofesional, existe un claro predominio do sector primario, sobre todo agricultura e gandaría, tanto no sector masculino como no feminino (Táboa LXVI, Anexo); en porcentaxe, o sector primario ocupa ao 82,31% da poboación.

No sector secundario predomina a industria da alimentación, vestido, mobles, a aplicable ao sector das letras, artes e ciencias e a industria de luxo. Este sector é fundamentalmente masculino, xa que a presenza feminina é moito menor; en porcentaxe este sector ocupa ao 3,53% da poboación (Táboa LXVI, Anexo).

O sector terciario é o máis heteroxéneo dos tres, neste existe un claro predominio dos servizos persoais e domésticos, corpos de forza pública, Exército, Armada e corpos de policía. Destacan tamén no sector terciario o comercio, as profesións liberais (xudiciais, médicas, ensinanza, arquitectura e enxeñería), as eclesiásticas co predominio do clero secular, e o transporte, sobre todo por ferrocarril. Dentro dos grupos anteriores hai un predominio masculino sobre o feminino, agás nos servizos persoais e domésticos e no clero católico regular, nos que as mulleres son maioría; en porcentaxe o sector terciario ocupa ao 14,16% da poboación (Táboa LXVI, Anexo).

A parte inactiva está encabezada polo alumnado de primeira ensinanza, seguida polos nenos sen profesión por razón da súa idade, así como os membros da familia dedicados a traballos domésticos, individuos sen profesión e de profesión descoñecida. Nos nenos e sobre todo nos membros da familia hai un predominio da muller, o que pon de manifesto a preponderancia feminina no sector doméstico.

Así pois, esta estrutura sociolaboral sitúanos nun Lugo fundamentalmente agrario, no que a industria é practicamente inexistente, e cun sector terciario centrado sobre todo nos servizos a nivel local. Ideoloxicamente a importancia da Igrexa é patente e as profesións liberais comezan a agromar, todo controlado por unha forte presenza da forza pública.

En 1910 segue a tendencia do ano 1900, así temos un menor número de activos (45,61%) que inactivos (54,39%), pero a pesar do aumento da poboación obsérvase que porcentualmente os inactivos aumentan e os inactivos redúcense, como indican os datos da Táboa 65.

Por sexos, os dous feitos fundamentais son o aumento dos activos masculinos ata un 63,89%, fronte ao aumento tamén dos inactivos femininos ata un 72,43%; polo tanto, estes datos amosan o débil peso do sector feminino a nivel laboral, polo menos no que atinxe aos datos oficiais rexistrados.

Táboa 65. Poboación inactiva, activa e sectores económicos en 1910

	Homes	Mulleres	Total
Inactivos	6.410 (36,11%)	13.020 (72,43%)	19.430 (54,39%)
Activos	11.339 (63,89%)	4.957 (27,57%)	16.296 (45,61%)
Sector primario	9.408 (82,97%)	3.639 (73,41%)	13.047 (80,06%)
Sector secundario	693 (6,11%)	223 (4,50%)	916 (5,62%)
Sector terciario	1.238 (10,92%)	1095 (22,09%)	2.333 (14,32%)

Por sectores económicos segue un predominio do primario (80,06%), aínda que se reduce con respecto a 1900. Este sector segue dominado pola poboación masculina (82,97%) e nel segue destacando a actividade agraria (Táboa LXVII, Anexo).

O sector secundario aumenta con respecto a 1900 situándose nun 5,62%, sector que segue dominado polos homes (6,11%) e nel destacan a industria da alimentación, vestido, mobles e a relacionada coas letras, artes e ciencias e luxo (Táboa LXVII, Anexo).

En canto ao sector terciario, este mantense nos niveis do ano 1900 (14,32%), e segue a ser un sector heteroxéneo con maior presenza dos homes. Destacan en primeiro lugar os servizos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

persoais e domésticos con maioría feminina, seguidos polo comercio, as profesións liberais e as actividades de culto, con maioría feminina no clero regular, reducíndose considerablemente o número de efectivos que se dedican ao transporte e á forza pública.

No referente aos inactivos, estes nútrense sobre todo dos membros da familia dedicados a traballos domésticos, na súa meirande parte mulleres, individuos sen profesión ou profesión descoñecida, estudantes e nenos sen profesión por razón da idade.

En resumo, segundo os datos do censo, no Lugo de 1910 invértense os activos e inactivos con respecto ao 1900, o sector primario redúcese e aumenta o secundario, con industrias relacionadas con bens de consumo como a alimentación e o vestido, á vez que o sector terciario se mantén; en definitiva, un Lugo que se vai industrializando moi lentamente.

No ano 1920, como indica a Táboa 66, a poboación inactiva dobra á poboación activa; en porcentaxe 65,34% fronte ao 34,66%, respectivamente. Por sexos segue a caída de activos femininos (10,81%), mentres que os activos masculinos (61,64%) superan aos inactivos. Este aumento na taxa de inactividade acompañada do descenso de poboación no ano 1920, supón un claro retroceso a nivel sociolaboral e económico.

Táboa 66. Poboación inactiva, activa e sectores económicos en 1920

	Homes	Mulleres	Total
Inactivos	5.079 (38,26%)	13.442 (89,19%)	18.521 (65,34%)
Activos	8.196 (61,74%)	1.629 (10,81%)	9.825 (34,66%)
Sector primario	4.799 (58,55%)	322 (19,77%)	5.121 (52,12%)
Sector secundario	1.154 (14,08%)	233 (14,30%)	1.387 (14,12%)
Sector terciario	2.243 (27,37%)	1.074 (65,93%)	3.317 (33,76%)

Por sectores económicos, segue en cabeza o sector primario que recorta os seus efectivos (52,12%), sector no que predomina con claridade a poboación masculina (Táboa LXVIII, Anexo). O grande peso deste sector céntrase nas actividades forestais, seguido da agricultura.

O sector secundario aumenta con respecto ao ano 1910, situándose nunha porcentaxe do 14,12%, no que a maioría segue a ser masculina. As actividades con máis representación son as industrias varias ou sen especificar, xunto coa construción e a industria do vestido, que conta cunha maioría de mulleres (Táboa LXVIII, Anexo).

O sector terciario aumenta con respecto ao 1910, situándose nun 33,76% da poboación, dobrando os efectivos masculinos aos femininos. Este sector segue marcado pola súa heteroxeneidade, sendo os de maior número de efectivos a forza pública, e dentro dela o Exército é o que conta cun maior número, todos eles masculinos. A continuación os servizos persoais e domésticos, o comercio, a administración, as profesións liberais e a igrexa. Dentro destes só hai un número maior de mulleres nos servizos persoais e domésticos, clero católico regular e profesións da ensinanza.

No referente á poboación inactiva, esta céntrase principalmente en membros da familia dedicados a traballos domésticos, todos mulleres, nenos sen profesión por razón da súa idade, e alumnos de primeira ensinanza. O papel da muller no traballo doméstico segue a ser o factor clave da súa inactividade no 1920.

Temos pois no ano 1920 un Lugo basicamente inactivo, sobre todo no caso da muller. Por sectores vaise recortando o primario, mentres que o secundario case se triplica en porcentaxe e o terciario dóbrase con respecto a 1910. Trátase pois dunha situación con contrastes, redución e diversificación da poboación activa a favor da industria e os servizos.

A recuperación demográfica do ano 1930 non vai parella á recuperación do mercado laboral. Así observamos que o número de inactivos dobra ao de activos, segundo consta na Táboa 67, nunhas porcentaxes do 65,51% e do 34,49%, respectivamente. Por sexos segue a

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

desnivelación a favor dos activos no caso masculino (63,27%), e dos inactivos no feminino (92,75%).

Táboa 67. Poboación inactiva, activa e sectores económicos en 1930

	Homes	Mulleres	Total
Inactivos	5.560 (36,73%)	14.839 (92,75%)	20.399 (65,51%)
Activos	9.578 (63,27%)	1.160 (7,25%)	10.738 (34,49%)
Sector primario	2.258 (23,57%)	44 (3,79%)	2.302 (21,44%)
Sector secundario	4.912 (51,28%)	257 (22,16%)	5.169 (48,14%)
Sector terciario	2.408 (25,14%)	859 (74,05%)	3.267 (30,42%)

Por sectores económicos, o sector primario acada a cota máis baixa desde comezos de século, situándose nun 21,44%, reducíndose á metade desde 1920. A maioría da poboación dedícase á agricultura, predominando claramente os homes (23,57%) sobre as mulleres (3,79%) (Táboa LXIX, Anexo).

O secundario experimenta a maior subida de todos os sectores, situándose como o sector punteiro ocupando a un 48,14% da poboación, preferentemente masculina (51,28%). As actividades que destacan son as industrias varias, a confección de tecidos, con presenza maioritaria feminina, e xa dentro da construción a albanelaría (Táboa LXIX, Anexo).

O sector terciario baixa un pouco manténdose en niveis similares aos de 1920 (30,42%), sector que segue a ser maioritariamente masculino. Dentro da heteroxeneidade deste destaca a forza pública, e dentro desta o Exército; o servizo doméstico maioritariamente feminino, o comercio sobre todo de tecidos e as profesións liberais, cunha grande suba en consonancia co incipiente estado liberal. A balanza desnivélase a favor das mulleres, ademais do servizo doméstico anteriormente citado, nas profesións da ensinanza e no clero católico regular. Os membros da familia, sobre todo mulleres, e a poboación escolar son os grupos que máis destacan dentro da poboación inactiva.

En resumo, chegamos ao ano 1930 cun Lugo no que o peso do sector agrario é mínimo, á vez que o secundario se triplica con respecto a 1920, mentres o terciario se mantén constante. Todo isto evidencia xa a conversión de Lugo nunha cidade centrada no sector industrial e nos servizos.

Na evolución total entre os anos 1900 e 1930 observamos unha clara inversión de tendencias en canto á poboación activa e inactiva, como se observa na Gráfica 67. No caso da poboación activa, a tendencia é claramente á baixa, descendendo un 11,16% no 1910, un 10,95% no 1920 e un 0,17% no 1930, cunha redución total dun 22,28%.

A poboación inactiva segue unha tendencia claramente á alza, aumentando un 11,16% no ano 1910, un 10,95% no 1920 e un 0,17% no 1930, cun incremento total do 22,28%.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Por sectores económicos, segundo se observa na Gráfica 68, a evolución do sector primario é á baixa, pois este redúcese nun 2,25% no ano 1910, nun 27,94% no 1920 e nun 30,68% no 1930, cunha diminución total do 60,87%. A evolución do sector secundario é diverxente á anterior, xa que este aumenta un 2,09% no ano 1910, un 8,50% no 1920 e un 34,02% no 1930, cun incremento total do 44,61%. Finalmente, a evolución do sector terciario é tamén positiva ata o ano 1920, incrementándose nun 0,16% no 1910 e nun 19,44% no 1920. No ano 1930 invértese a tendencia, reducíndose nun 3,32%, aínda así a evolución total na etapa é positiva, cun aumento total do 16,26%.

Os datos anteriores podémolos interpretar de dúas maneiras, por un lado a redución da poboación activa reflicte unha perda a nivel cuantitativo no mercado laboral, perda que se ve compensada cualitativamente co aumento do sector secundario e terciario, co paso dunha cidade agraria a unha industrial e terciarizada.

6.2.9 Análise da evolución demográfica

Á hora analizar a evolución demográfica do Concello de Lugo para explicar o seu comportamento é preciso contrastar a información demográfica recollida cos datos económicos da etapa, xa que esta evolución económica é o principal condicionante demográfico. Tamén se deben ter en conta outros condicionantes, como son as epidemias e outros riscos asociados á saúde, xunto coas medidas para intentar paliar os seus efectos.

Tendo en conta o anterior, en primeiro lugar analízase o número total de habitantes, para o que se toman como referencia os anos 1897, 1900, 1910, 1920 e 1930, dividindo entre poboación de feito e de dereito, xa que un achegamento demográfico cualitativo implica ter en conta, ademais da poboación presente, a transeúnte e a ausente.

O elevado número de habitantes nos anos 1897 e 1900 en relación co resto de concellos de Galicia explícase polo atraso das repercusións da crise finisecular no Concello de Lugo, que afecta a partir do ano 1903. Do 1897 ao 1900, o cambio demográfico varía pouco, en consonancia coa estreita franxa temporal, e así a poboación de feito só aumenta en 1.391 persoas, mentres a poboación de dereito faino en 1.772 persoas.

Os transeúntes, debido ao seu escaso número, non son representativos de cambio algún, como tampouco o son no resto de anos estudados. Porén, o número de ausentes si varía

USC UNIVERSIDADE

considerablemente, partindo sempre de cifras moito máis elevadas que os transeúntes. En concreto, no ano 1900 o número de ausentes é de 1.327 habitantes, 442 máis que no 1897. A explicación deste elevado número debemos buscala no núcleo de San Fernando, onde se localiza o cuartel militar, e onde a substitución ou mobilización de soldados fai que muden as cifras de ausentes. No ano 1900 así acontece, e nos destinos dentro de Galicia, primeiro sitúase Ourense e despois Pontevedra, en España Oviedo e León, e minoritariamente Zaragoza e Navarra, focalizando os destinos internacionais en Cuba.

No ano 1900, o concello goza dunha estabilidade orzamentaria, nutríndose principalmente de recursos para cubrir o déficit, só superados a partir do 1920 polos ingresos extraordinarios. Aos recursos para cubrir o déficit súmanse os procedentes dos impostos do matadoiro e dos postos públicos.

A importancia cuantitativa da carga impositiva relaciónase directamente coa capacidade e actividade económicas, nun concello centrado na importancia do mercado da carne e no comercio de produtos de primeira necesidade. Os gastos céntranse nas cargas (por orde de gasto: continxente provincial e créditos) e nos servizos municipais (en orde de gasto de maior a menor: beneficencia, policía urbana e rural, policía de seguridade, corrección pública e instrución pública).

Aos factores de tipo económico engádese unha taxa de natalidade alta, do 36,28‰, unha taxa de mortalidade moderada, do 29,16‰, xunto a unha taxa de crecemento natural ou vexetativo baixa, do 0,71%.

A emigración é importante, contando con 1.327 emigrantes, dos que 928 fano ao exterior e 399 ao interior. Esta emigración está compensada pola inmigración, xa que o concello conta no ano 1900 con arredor duns 4.000 inmigrantes, instalándose a maioría deles no centro do concello.

O número de ausentes redúcese considerablemente no 1910, como reflicte a Gráfica 57, o que se relaciona directamente co aumento da poboación neste ano, que acada a súa cota máis alta nos anos da mostra con 35.889 habitantes de dereito, como se observa na Gráfica 56. Esta diminución da emigración non explica por si soa o aumento de habitantes, polo que hai que ter en conta outros factores, como a elevada taxa de natalidade entre os anos 1900 e 1909, por riba do 30‰ anual; e a redución da taxa de mortalidade, que se sitúa en torno ao 20‰ no 1910, despois de que na década anterior se mantivera en valores sempre superiores ao 25‰, chegando incluso a superar o 30‰ no 1901. A inmigración é un factor que non explica o aumento de habitantes no 1910, debido a que esta diminúe un 29,02% con respecto ao 1900, polo que o aumento da taxa de natalidade debemos explicalo en base a factores de tipo económico.

Na década de 1900 a 1909, o Concello de Lugo nútrese principalmente de impostos, sendo os máis lucrativos o de consumos e os do matadoiro e postos públicos, aos que se lle engaden uns elevados ingresos extraordinarios que multiplican por máis de cinco os da etapa seguinte; todo isto pon de manifesto unha actividade económica importante, acadando os ingresos a cifra de 4.703.391,99 pesetas, cun déficit moi reducido do 4,79%. Se o comparamos coa etapa seguinte, de 1910 a 1918, nesta última os ingresos só aumentan en 397.631,27 pesetas, un 8,45%, mentres que o déficit se dispara, acadando un 29,45%.

Outro factor que favorece a expansión demográfica é a prestación de servizos. Na etapa de 1900 a 1909 o concello inverte en servizos municipais a cantidade de 2.057.617,51 pesetas, o 41,75% do gasto total, constituíndo a principal partida neste apartado. Estes engloban, en orde cuantitativa decrecente os seguintes: beneficencia, policía urbana e rural, policía de seguridade, corrección e instrución públicas. Comparativamente coas dúas etapas seguintes, a inversión varía pouco en cifras absolutas, pero diminúe en porcentaxe, sendo estas dun 33,13% e dun 19,47%, respectivamente.

USC DE COMPOSTELA

Chegados ao ano 1920 prodúcese un descenso considerable de poboación, contando o concello con 29.940 habitantes de dereito, reducíndose con respecto ao 1910 en 5.949 habitantes, un 16,58% (Gráfica 56). A explicación desta baixada atende a determinados factores. En primeiro lugar, a taxa de natalidade entre os anos 1910 e 1919 redúcese nun 7,37‰, baixando en todos os anos agás no 1916, no que aumenta de maneira pouco significativa. Se ao anterior lle engadimos que a taxa de mortalidade, en xeral á baixa desde o 1910, se incrementa nun 7,15‰ no 1918, danos un crecemento vexetativo nese ano do -0,44%, único valor negativo nos vinte e cinco anos que abrangue o estudo, volvendo a incrementarse a mortalidade nos anos 1919 e 1920. A explicación deste aumento da mortalidade no 1918 está asociada á pandemia de Gripe, que no caso do Concello de Lugo explica en gran medida a diminución da poboación, sen obviar que a taxa de natalidade xa se viña reducindo desde o ano 1910.

Como no resto de España, no Concello de Lugo, a primeira onda da gripe chega en maio de 1918, pero pasa practicamente desapercibida na prensa local, que informa soamente da súa incidencia en Madrid; en cambio, a segunda onda, no outono de 1918, é máis virulenta, acadando o máximo de letalidade nos meses de setembro e outubro, para ir descendendo desde novembro, sobre todo na capital do concello.

Dentro da provincia de Lugo, os cuarteles militares e o Concello de Vilaba son os lugares onde primeiro se constata a existencia de casos, xa desde o 18 de setembro de 1918[508]. De feito, o 22 de setembro declárase oficialmente a epidemia en Vilalba e Begonte, con 1.500 casos declarados en Vilalba nese momento[509].

Na cidade de Lugo, a prensa informa de casos leves desde o 21 de setembro de 1918[510], pero nos días sucesivos aparecen noticias contraditorias que tanto informan de remisión, como de avance da epidemia[511]. Non obstante, en outubro xa se constata a importancia desta e de que supón un problema de saúde pública para Lugo; boa mostra disto é que ten lugar unha reunión das forzas vivas da cidade, presidida polo Gobernador Civil, para tratar de atallar a situación e tomar medidas preventivas[512]. Desde a segunda semana de outubro o número de defuncións é moi elevado, solicitando incluso ao concello que non repiquen as campás que informan dos defuntos, porque isto é constante e desalenta á poboación, pero é mostra do aumento das defuncións[513]. Infórmase de casos entre persoal da Garda Municipal, do concello, dos xornais e dos comercios locais, que se ven obrigados a pechar[514].

Arredor de mediados de outubro, infórmase de que as mortes seguen sendo elevadas e os infectados chegan ata o 75% da poboación da cidade, mentres que en Vilaba vai remitindo[515], en cambio a Gripe esténdese ás parroquias dos arredores e ás aldeas, onde os médicos non poden atender aos enfermos por falla de coches para chegar ata alí, a pesar de ofrecer 25 pesetas por seis horas diarias; pídese que actúe a alcaldía[516].

---

[508] La gripe en Galicia. (16 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 1; Información general: la gripe. (20 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 2; La grippe. (24 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 2.

[509] Alberola, E.: Circular núm. 281: sanidad. Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, 24 de setembro de 1918, núm. 219, p. 1; Declaración oficial de la epidemia de "grippe" en Villaba y Begonte. (22 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[510] La "grippe" (21 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 2.

[511] 24 de Septiembre. (25 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 1; Algo sobre la "grippe". (3 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[512] Ayer, en el Palacio provincial: una reunión sin acuerdos. (1 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1; Doutor Fernández, M.: Otra vez la epidemia. (5 de outubro de 1918). *El Progreso*, p.1.

[513] Las campanas. (11 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[514] La epidemia en Lugo. (13 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1; En Lugo: servicio sanitario. (19 de outubro de 1918). *El Progreso*, p.2.

[515] La "grippe" en Lugo. (17 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[516] La epidemia en Lugo. (13 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1; En Lugo: servicio sanitario. (19 de outubro de 1918). *El Progreso*, p.2.

O mércores 16 de outubro de 1918 é o día con máis defuncións rexistradas, cunha media de 12 a 15 vítimas diarias, reunídose a Xunta Provincial de Sanidade[517]. O 29 de outubro infórmase de que a epidemia xa desaparece da cidade, continúa en remisión nas aldeas e que vai desaparecendo de toda a provincia, incluída Vilaba, onde foi máis virulenta[518].

As cifras de vítimas mortais no mes de setembro de 1918 na cidade de Lugo dan mostra da virulencia da epidemia; contabilizáronse 747 defuncións por Gripe, 286 por pneumonía, 854 por tuberculose e 364 por meninxite, sendo moitas destas mortes tamén asociadas á Gripe, pois esta afectou especialmente ás persoas con problemas pulmonares previos, así como aos alcohólicos, e ás persoas que non seguiron as recomendacións. No mes de outubro, Lugo rexistra 249 falecidos por Gripe, un 5,9‰, sendo a capital galega con menos vítimas a nivel porcentual, así como tamén foi a provincia na que menos vítimas causa a Gripe, cunha mortaldade do 4,85‰ a nivel provincial[519]. A finais de novembro dáse por agonizante a epidemia da Gripe, aínda que hai moitos casos nas parroquias dos arredores de Lugo, como en Sáa, Soñar e Santa Marta de Fijós. Os médicos piden ás autoridades que tomen medidas para futuras ondas desta ou doutras enfermidades[520].

Ao longo dos meses nos que máis afecta a Gripe ao Concello de Lugo, as autoridades toman unha serie de medidas de acordo coa Instrución Pública de Sanidade de 1904, de 12 de xaneiro[521]. Para tratar de atallala, fan recomendacións como a limpeza persoal e dos fogares, beber auga fervida ou non comer ensaladas crúas[522]. Tamén se establecen medidas para paliar os seus efectos negativos, como: impedir aglomeracións e reunións, limpar as rúas a miúdo e informar de contaxios ao inspector médico de sanidade do municipio, con multas para quen non o fixera[523]. O concello establece unha oficina de socorro para os enfermos pobres, abastecéndoos de leite, contrata máis persoal para o cemiterio e incluso se fala de habilitar un novo cemiterio na zona norte da cidade; tamén se establece unha farmacia con servizo permanente e un servizo de desinfección domiciliario nas casas dos defuntos, pero algúns xornais, como *El Progreso,* consideran estas medidas insuficientes porque non realizarse a desinfección nos autobuses, nin haber servizo de coches para que os médicos se trasladen ás aldeas dos arredores. Outras medidas para previr a extensión da epidemia son a instalación na estación de ferrocarril dunha sala de desinfección para pasaxeiros e equipaxes, ou a demolición dalgunhas casas da Rúa Nova, por ter moitos contaxios e tamén por ser foco de pobreza. A Xunta de Caridade tamén colabora repartindo leite, pan, carne e caldo de galiña entre os enfermos pobres[524].

---

[517] La grippe en Villaba. (23 de setembro de 1918). *El Norte de Galicia*, p. 1; La actual epidemia: en Lugo. (18 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 2; Ayer: 18 de octubre. (19 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1; En Lugo: servicio sanitario. (19 de outubro de 1918). *El Progreso*, p.2; La "grippe" en Lugo. (19 de outubro de 1918). *El Progreso*, p.2; La grippe en la provincia. (20 de outubro de 1918). *El Progreso*, p.1.

[518] Ayer. 28 de octubre. (29 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1; La grippe. (31 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[519] A Coruña cidade tivo 596 falecidos por gripe, cunha mortaldade provincial de 9,10‰; Ourense cidade tivo 224 falecidos, cunha mortaldade provincial de 6,74‰, mentres que en Pontevedra cidade foron 239 os falecidos, cun 6,10‰ a nivel provincial. En: Las víctimas de la gripe. (1 de xaneiro de 1919). *El Progreso*, p. 2; Notas demográficas. (18 de xaneiro de 1919). *La Voz de Galicia*, p. 1.

[520] La mortalidade en septiembre. (20 de novembro de 1918). *El Progreso*, p.1; Doutor Fernández, M.: El fantasma, se va. (20 de novembro de 1918). *El Progreso*, p. 1; La "grippe" en las aldeas. (22 de novembro de 1918). *El Progreso*, p. 1; Movimientos de población. (8 de xaneiro de 1919). *El Norte de Galicia*, p. 1; Las víctimas de la gripe. (1 de xaneiro de 1919). *El Progreso*, p. 2.

[521] España. Ministerio da Gobernación. Real Decreto de aprobación da Instrución Pública de Sanidade de 1904, de 12 de xaneiro. La Gaceta de Madrid, 22 de xaneiro de 1904, núm. 22, pp. 273-275.

[522] Doutor Fernández, M.: Otra vez la epidemia. (5 de outubro de 1918). *El Progreso*, p.1.

[523] Alberola, E.: Circular núm. 281: sanidad. Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, 24 de setembro de 1918, núm. 219, p. 1; Declaración oficial de la epidemia de "grippe" en Villaba y Begonte. (22 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[524] El problema sanitario: estamos como estábamos. (29 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 1; La campaña sanitaria en Lugo: ¿Decrece la epidemia?. (16 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1; En Lugo: servicio sanitario. (19 de outubro de 1918).

Como consecuencia da epidemia atrásase o inicio do curso escolar 1918-1919, que non empezará finalmente ata xaneiro de 1919, o que redundará na redución do gasto en instrución en pública neste ano[525]. A Gripe déixase sentir na escasa afluencia aos mercados ata principios de novembro[526], unha afluencia de compradores e vendedores que non se normaliza ata decembro[527]. Outro problema que pon de manifesto a epidemia é o da vivenda, posto que onde se producen máis defuncións é nas vivendas de mala calidade, onde os inquilinos se amontoan. Por este motivo, proponse a construción de casas baratas de acordo coa Lei de Casas Baratas de 1911[528].

A denominada Gripe española aínda tería unha terceira onda a finais de 1918 e comezos de 1919, como tamén se constata na prensa con noticias que xa dan conta da nova onda en decembro de 1918 nos concellos de Baleira, Cospeito, no Val do Ouro e Becerreá, e desde xaneiro no Cádavo, Friol e Mondoñedo[529]. Tamén se ven afectados os quintos que tornan á cidade en febreiro de 1919, pero o número de mortos nesta onda redúcese considerablemente comparados coas vítimas da onda vivida nos meses de setembro, outubro e novembro de 1918[530], sendo na terceira onda afectados os concellos e localidades que apenas sufriran a Gripe na onda do outono de 1918[531].

Así pois, a Gripe de 1918 afecta á evolución demográfica do concello. Ademais, outro factor que condiciona, inda que en menor medida, a baixada de poboación no 1920 é o aumento de ausentes, polo que entendemos que aumenta a emigración, ascendendo o número destes a 1.857 persoas, 1.426 máis que en 1910. Destes ausentes, hai un predominio dos fluxos cara ao interior, un 67,96%, fronte ao exterior, un 32,04%. No caso da inmigración, esta tamén se reduce nun 25,26% con respecto ao ano 1910.

Para completar a explicación demográfica é preciso acudir aos datos económicos. Nunha valoración global, observamos que, sobre todo, os ingresos e tamén os gastos da etapa de 1910 a 1918 non se incrementan moito con respecto á etapa anterior. No caso dos ingresos, estes ascenden á cantidade de 5.101.023,26, un 8,45% máis que a etapa anterior, acadando os gastos a cantidade de 6.603.190,44 pesetas, un 33,97% máis. Isto lévanos á conclusión que o concello se endebeda cada vez máis, o que se manifesta nun incremento do déficit do 24,66%. No apartado de ingresos, o concello segue a nutrirse principalmente de impostos, aumentando tamén os servizos municipais un 82,90%, custeados polos beneficiarios máis subvencións e doazóns; porén, os ingresos extraordinarios, tan cuantiosos na primeira etapa, redúcense nesta un 82,41%. No apartado de gastos, estes multiplícanse, pasando a ocupar o primeiro lugar as cargas, que se incrementan nun 60,07%, o mesmo que acontece cos gastos xerais, un 27,36%, e coas obras, un 71,72%. Non obstante, como se mencionou anteriormente, a inversión en servizos municipais non segue a evolución do resto de apartados, o que vai en detrimento da calidade de vida dos habitantes.

El Progreso, p.2; La grippe en la provincia. (20 de outubro de 1918). *El Progreso*, p.1; La epidemia en la provincia. (22 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[525] La epidemia reinante. (26 de setembro de 1918). *El Progreso*, p. 1; Ayer, en el Palacio provincial: una reunión sin acuerdos. (1 de outubro de 1918). *El Progreso*, p. 1; Los centros docentes. (3 de novembro de 1918). *El Progreso*, p. 2; Ayer... (3 de xaneiro de 1919). *El Progreso*, p.1; Guerra, A.: Estudiantina. (16 de xaneiro de 1916). *El Progreso*, p. 1.

[526] La feria de Lugo. (3 de novembro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[527] Ayer: 13 de diciembre e Los mercados. (14 de decembro de 1918). *El Progreso*, p. 1.

[528] López: De la epidemia. (9 de novembro de 1918). *El Progreso*, pp. 1-2; España. Ministerio da Gobernación. Lei de Casas Baratas de 1911, de 12 de xuño. La Gaceta de Madrid, 13 de xuño de 1911, núm. 164, pp. 755-758.

[529] La "grippe" en la provincia. (21 de decembro de 1918). *El Progreso*, p. 1; Doutor Sobrino Álvarez: Algo acerca de la epidemia. (26 de decembro de 1918). *El Progreso*, pp. 1-2; La grippe en la provincia. (8 de xaneiro de 1919). *El Norte de Galicia*, p. 1.

[530] La "grippe" en Lugo. (11 de febreiro de 1919). *El Norte de Galicia*, p. 2.

[531] La grippe en la provincia. (16 de xaneiro de 1919). *El Progreso*, p. 1.

A partir do ano 1920 asistimos a unha recuperación demográfica posterior á pandemia de Gripe, o que se manifesta no aumento da taxa de natalidade dun 11,70‰ con respecto ao 1919, manténdose en valores por riba do 25‰, que acadan o seu máximo no 1923 cun 39,97‰, diminuíndo nos dous últimos anos un 11,13‰, para rematar no 1925 cun 24,94‰. No caso da mortalidade, esta recupérase máis lentamente, xa que ata o ano 1922 se mantén en valores en torno ao 24-25‰, cun máximo no 1923 do 29,50‰, descendendo no 1924 un 9,25‰, e outro 0,99‰ no ano 1925, rematando neste cunha taxa do 19,26‰.

Descoñecemos a poboación de dereito de Lugo no ano 1925, xa que o censo se realiza en 1930 e non se conserva, pero observando que a natalidade se recupera xa a partir do 1920, e que mortalidade se reduce a partir do 1924, prognosticamos un aumento de poboación, para situarse en torno aos 33.000 habitantes, tendo en conta as taxas de natalidade e mortalidade do ano 1925.

Este aumento de habitantes con respecto ao 1920 tamén é preciso explicalo en base aos datos económicos da etapa de 1919 a 1925. En xeral, trátase dunha etapa que aumenta moito tanto os ingresos coma os gastos en relación á etapa anterior. Hai que sinalar tamén que está condicionada por acontecementos de tipo político, como é a instauración da ditadura de Miguel Primo de Rivera.

En detalle, o concello ingresa un total de 11.839.999,04 pesetas, o que supón un incremento do 132,11% con respecto á etapa anterior, máis do dobre. O mesmo acontece co gasto, este ascende á cantidade de 13.929.552,52 pesetas, incrementándose nun 110,95%, máis do dobre tamén. A maior parte dos ingresos procede dos extraordinarios, de empréstitos na meirande parte, seguido de impostos substitutivos de consumos e de postos públicos, relevando estes últimos aos do matadoiro como principal imposto municipal.

O aumento de ingresos ten a súa correlación nos gastos do concello, que inverte principalmente en obras ex novo, como son a construción do Hospital Municipal, dun parque de recreo e do Campo da Feira. A estas súmanse outras obras destinadas á construción e conservación de rúas, beirarrúas, camiños, edificios, etc., o que pon de manifesto as demandas sociais dunha poboación crecente, o aumento da actividade económica e a densificación da trama urbana coa conseguinte planificación e conservación que leva aparellada.

Chama a atención a escasa variación do gasto en servizos municipais en números absolutos, véndose estes eclipsados pola realización de grandes obras na procura da mellora social e económica dos habitantes do concello, cada vez máis numerosos.

Unha vez analizada a evolución do número de habitantes neste primeiro cuarto de século, é preciso analizar e explicar agora a composición da mesma atendendo a unha serie de variables como son sexo, idade, estado civil e nivel de instrución.

A composición por sexo e idade está determinada por unha serie de factores naturais que se repiten. Está dinámica natural dinos que nacen máis nenos que nenas, despois tenden a igualarse en número na idade adulta, e a partir dos sesenta e cinco anos desequilíbranse a favor das mulleres, que contan cunha maior esperanza de vida. As pirámides de poboación de 1900, 1910, 1920 e 1930 (Gráficas 60 a 63, respectivamente) contan con algunha excepción, xa que en todas elas na idade adulta hai un predominio da poboación feminina, e ademais na pirámide de 1910 observamos que a partir dos setenta anos predomina a poboación masculina. A explicación deste comportamento é preciso buscala en factores como a emigración, xa que os entrantes das pirámides coinciden coa poboación entre os 20 e 50 anos, con predominio de varóns sobre mulleres, o que explica a maioría de poboación feminina en xeral nestas franxas de idade[532].

[532] 1900 entre os 26 e 50 anos; 1910 entre os 21 e 50 anos; 1920 entre os 16 e 50 anos; 1930 entre os 26 e 50 anos.

A explicación da anomalía en canto á poboación anciá do ano 1910 xustifícase por unha taxa de natalidade moi elevada desde o 1900 ao 1909, seguindo a dinámica natural que nos di que sempre hai un maior número de nacementos de varóns, ademais de que se trata do ano con menos emigración dos estudados; emigración que é predominantemente masculina, o que se traduce nun predominio de varóns no percentil de 71 a 90 anos. De feito, a lexislación é restritiva no que á emigración feminina se refire, precisando sempre as mulleres da autorización dunha figura masculina, xa que parece que a conexión de prostitución e emigración feminina é bastante directa (Pernas Oroza, 2011, p. 36).

En todas as datas de referencia, o predominio en números absolutos corresponde á muller sobre o varón; así, estas son un 7,50% máis no 1900, un 1,28% máis no 1910, un 13,53% máis no 1920 e un 5,69% máis no ano 1930.

En canto ao estado civil, o predominio dunha sociedade tradicional fortemente influenciada pola relixión, fai que a nupcialidade sexa alta, en torno ao 50%, excepto no 1910, no que se sitúa en torno ao 40%, debido a que o aumento de poboación dese ano condiciona a porcentaxe, polo que non é significativo.

A instrución elemental, saber ler e escribir, é claramente desfavorable para o sector feminino, posto que o papel que se considera propio para as mulleres é o de "ángel del hogar"; é dicir, amas de casa ao coidado do marido e dos fillos, realizando así traballos domésticos, na maior parte dos casos, non remunerados. Para esta función, a educación da muller está ligada á súa formación espiritual e doméstica, unha idea que se plasma na sección de ensinanza do Congreso de Economía do ano 1925 e que se mantén ata ben entrado o século XX. Isto corrobórase cos datos obtidos dos censos, pois incluso en 1930 a poboación escolar que se contabiliza é de 3.233 varóns, fronte ás 2.486 mulleres, unha diferenza que se fai aínda máis evidente nos estudantes de segundo ensino e facultade; aquí constan 732 homes, fronte ás 273 mulleres (Táboa LXIX, Anexo).

A análise sociolaboral da poboación lévanos a unhas taxas de poboación activa e inactiva inestables, como se observa na Gráfica 67, pero sempre máis baixas para as mulleres polos motivos antes sinalados. Así do ano 1900 ao 1910 hai un descenso da poboación activa do 11,16%, co aumento correlativo de poboación inactiva. Isto hai que poñelo en relación cunha taxa de natalidade moi alta ata o 1909, xunto cun descenso da mortalidade no 1910, o que fai que aumente non só a poboación absoluta, senón tamén que provoca que o grupo de idade que máis aumente sexa a poboación nova, entre os 0 e 15 anos; así, os varóns aumentan un 5,72%, mentres que as mulleres aumenta un 0,94%, poboación toda ela inactiva.

No ano 1920 asístese a un recorte de poboación activa do 10,95%, co aumento correlativo na inactiva, cifras que se manteñen practicamente no 1930. A explicación deste descenso de poboación activa na década de 1920 a 1930 atende a unha serie de causas como son o aumento da emigración e os efectos da epidemia de Gripe de 1918, que fai que o crecemento natural se volva negativo e se vaia recuperando lentamente nos seguintes anos.

Non obstante, a pesar de manterse as porcentaxes de activos e inactivos, a composición cambia, como reflicte a Gráfica 68. Así, do sector primario predominante nos anos 1900, 1910 e 1920, no 1930 pasa a ocupar este lugar o secundario, situándose o primario na última posición. A evolución á baixa do sector primario, que descende un 60,87%, contrasta coa alza do secundario, que aumenta un 44,61%, e do terciario, que se incrementa nun 16,26%.

Na ocupación por sexo, asistimos a un aumento da ocupación feminina sobre todo no sector terciario, centrada no ámbito doméstico, que aumenta un 64,16% entre os anos 1910 e 1930. Non podemos perder de vista que coa industrialización a muller entra no mercado laboral, pero sempre en actividades adecuadas ao seu sexo, como as tarefas domésticas, as vinculadas á alimentación ou ao sector téxtil (Pernas Oroza, 2011, p. 64), sen obviar que estes datos tamén

USC DE COMPOSTELA

gardan relación co desenvolvemento económico da provincia de Lugo (Capel Martínez, 1980, p. 11).



Esta terciarización do concello vai parella á evolución económica, centrada no sector cárnico ata o 1925, ano no que a comercialización de produtos pasa a ocupar o primeiro lugar; todo elo acompañado dun endebedamento crecente por falla dunha actividade produtiva que compense o incremento de gasto municipal.

O aumento da terciarización ten a súa correlación na evolución urbanística. Así, a poboación urbana do concello aumenta o seu número desde o ano 1900, no que o núcleo urbano estaba constituído por 10.733 habitantes. En 1910 este aumenta en 920 habitantes, un 8,57%; no 1920 en 62, un 0,53% e no 1930 en 124 habitantes, un 1,06%. A pesar de que o incremento dos anos 1920 e 1930 sexa pouco significativo, isto ven a demostrar a estabilidade do núcleo urbano, que non perde habitantes.

A densidade municipal tamén vai parella á evolución demográfica, acadando o seu máximo no ano 1910, con 108,33 habitantes/Km^2, tendo en conta que a maioría da poboación segue a ser rural, a pesar do aumento de poboación urbana. Isto acontece en toda a etapa, o peso demográfico corresponde sempre ao entorno rural, que se converte no motor da terciarización a costa do abandono de actividades do sector primario.

6.3 EVOLUCIÓN E ANÁLISE COMPARATIVA CENTRO-PERIFERIA

Debemos ter en conta que o mellor reflexo da saúde económico-política de calquera lugar é sempre a súa poboación; esta é o mellor indicador do ritmo que segue, pois aumenta nas conxunturas positivas e diminúe nas negativas, xunto a outros indicadores intrínsecos da mesma como son a alfabetización, a composición por sexo e idade, taxas de natalidade e mortalidade, movementos migratorios ou estrutura socioprofesional.

Para facer unha achega de calidade á evolución demográfica do Concello de Lugo, é preciso o seu estudo tanto a nivel xeral como a un nivel máis específico, neste caso a través dunha comparativa centro-periferia da poboación do concello. Para isto, tómase unha mostra de núcleos urbanos e rurais, as parroquias. Os núcleos urbanos son: Armañá, Castelo, Catedral, Doutor Castro, Emilio Castelar, Flores, Huertas, Recatelo, Raíña, Rúa Nova, San Marcos, San Pedro, San Roque, Santiago, Sol, Soidade, Tinería, Estación, Estrada da Coruña, Praza da

Constitución, Praza do Bispo Izquierdo, Praza de San Fernando, Praza de Santo Domingo, Ronda da Coruña, Ronda do Miño e Ronda de Santiago[533].

Imaxe 1. Plano de Lugo e nomenclátor das vías e edificios públicos[534]



[533] Debemos precisar que o núcleo Catedral inclúe a rúa e a praciña, no caso da Estrada da Coruña inclúe a nova e a vella, a Praza de San Fernando inclúe o Cuartel, e a Praza de Santo Domingo inclúe o recuncho.

[534] Martín, A. (ed.). (ca. 1913). *Plano de Lugo revisado por el Ayuntamiento. Arreglado y corregido por D. Sixto Vizcaíno en Pontevedra*. Contén polo reverso nomenclátor das vías e edificios públicos de Lugo. AHPL (Sin. P249-50), Lugo.

UDC UNIVERSIDADE DA CORUÑA

NOMENCLÁTOR DE LAS VÍAS Y EDIFICIOS PÚBLICOS

DE

LUGO

4 E Barrio Falcón.
5 E Calle de Aguirre.
5 E » de la Alameda.
4 D » de Armañá.
5 D » de Bilbao.
3 C » de Bolaño Rivadeneira.
4 E » del Buen Jesús.
3 E » del Carmen.
4 C » de Castelar.
5 D » del Castillo.
4 E » de la Catedral.
4 E » de los Clérigos.
4 D » de la Cruz.
3 C » del Cuartel.
4 D » del Dr. Castro.
4 E » de Falcón.
6 C » de las Flores.
3 D » de los Hornos.
4 C » del Hospital.
6 C » de las Huertas.
5 E » del Laurel.
5 C » de Manuel Becerra.
3 E » del Miño.
6 D » de las Monjas.
5 C » de las Noreas.
4 D » del Palacio.
3 B » de Paraday.
3 C » de Quiroga Ballesteros.
5 F » de Recatelo.
5 D » de la Reina.
3 D » de la Ruanueva.
4 C » de San Marcos.
5 D » de San Pedro.
7 D » de San Roque.
4 F » de Santiago.
5 B » de Segismundo Moret.
6 E » del Seminario.
3 C » del Sol.
4 D » de la Soledad.
3 D Calle de la Tinería.
4 D » de la Travesía.
7 C Callejón del Juicio.
1 D Camino de Abuín.
2 B » viejo de La Coruña.
3 F » de las Huertas.
1 D » del Prado.
2 D » de la Tejedora.
2 D Campo de la Horca.
5 E Carretera del Campo Santo.
8 E » de Castilla.
5 B » de la Estación.
6 B » de Fonsagrada.
2 A » de La Coruña.
4 E Pasaje.
5 D Paseo de la Alameda.
4 E Plaza de la Alameda.
4 D » de Aureliano Pereira.
6 D » de Castelar.
5 D » del Castillo.
4 E » de la Catedral.
6 D » de la Feria.
5 D » Mayor.
5 D » de la Nova.
3 B » de San Fernando.
4 C » de Santo Domingo.
3 D Rinconada del Miño.
5 B Ronda de Castilla.
3 B » de La Coruña.
2 C » del Miño.
6 D » de Santiago.
7 F Travesía del Campo Santo.
3 C » del Cuartel.
3 E » del Miño.
4 D » del Palacio.

EDIFICIOS PÚBLICOS

5 D. Audiencia y Ayuntamiento.
5 C Banco de España.
6 E Cárcel.
3 D Casa de Beneficencia.
4 E Catedral.
7 F Cementerio Nuevo.
3 E Cementerio Viejo.
5 E Círculo de las Artes.
3 D Cocina económica.
5 D Convento.
4 C Convento de Recoletas.
4 B Convento de las Salesas.
5 B Correos.
8 F Cuartel de Artillería de las Mercedes.
5 C Cuartel de la Guardia Civil.
3 C Cuartel de Infantería.
5 D Delegación de Hacienda.
4 C Diputación.
3 C Eléctrica Lucense.
5 A Estación del ferrocarril.
5 C Gobierno Civil.
7 D Hermanitas de los Pobres.
4 C Hospital.
4 D Iglesia de San Francisco.
3 B Iglesia parroquial de San Froilán.
4 E Iglesia parroquial de San Pedro.
7 D Iglesia de San Roque.
4 C Iglesia de Santo Domingo.
4 D Iglesia de la Soledad.
4 B Instituto y Biblioteca provincial.
3 E Matadero.
4 D Obras públicas.
4 D Palacio Episcopal.
5 D Parroquia de Santiago.
4 C Plaza de Abastos.
3 D Provisiones militares.
6 E Seminario.
4 B Teatro.
4 C Telégrafo.
4 D Zona.

©AHP de Lugo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os núcleos rurais da mostra son: Galegos, Albeiros, Santa María Alta, San Xoán Alto, Santa María de Bóveda, Calde, Hombreiro, Labio, Santa María e San Salvador de Muxa, Santa Comba, Soñar e Teixeiro.

Imaxe 1. Parroquias do Concello de Lugo: núcleos rurais[535]



6.3.1 Número total de habitantes

No estudo da evolución da poboación da escolma de núcleos urbanos entre os anos 1900 e 1920 observamos un ritmo de decrecemento xeral; se temos en conta o total da mostra, entre os anos 1900 e 1910 pérdense 394 habitantes, un 4,19%, e do 1910 ao 1920 a perda ascende a 1.081 habitantes, un 11,99%. Polo tanto, podemos constatar que nas dúas décadas de comezo de século a poboación redúcese en 1.475 habitantes, un 15,68%. A explicación segue a tendencia xeral do concello na súa totalidade, cunha emigración importante no 1900, reducíndose ao mínimo no 1910 e acadando o seu máximo no ano 1920.

A pesar de que o centro perde habitantes pola emigración, esta compénsase amplamente coa inmigración, xa que o ano 1900 conta cun saldo positivo de 2.485 habitantes, o 1910 de 2.650 habitantes e o ano 1920 de 1.926 habitantes. Esta evolución relaciónase directamente co

535 *Adaptado de Parroquias del término municipal [Fotografía], por Wikipedia, s/f, https://es.wikipedia.org/wiki/Lugo#/media/Archivo:Barrios_do_concello_de_Lugo.svg.*

maior dinamismo económico do centro en relación coa periferia, e tamén como foco atracción de poboación doutros ámbitos, debido ao proceso de terciarización *in crescendo* do concello, e do sector cárnico como actividade económica principal.

Por núcleos, como indican os datos da Táboa 68, observamos que os que experimentan unha alza no seu número de habitantes nos dez primeiros anos da centuria son as rúas Doutor Castro, Emilio Castelar, Hortas, Raíña, San Marcos, San Roque, Santiago, Sol, Soidade, Estación, Estrada da Coruña, Praza da Constitución, Praza de Santo Domingo e Ronda da Coruña. O resto de núcleos perden poboación, destacando o caso da Praza de San Fernando, que perde un 80,13% dos seus habitantes, deixando de ser o máis poboado (Gráfica 69); así, pasa de 1.455 habitantes en 1900 a 289 en 1910, tendencia que continúa ata o ano 1920 de maneira menos acentuada, situándose en 254 habitantes. Isto explícase pola localización dun cuartel militar e a maioría desta poboación son soldados, un colectivo caracterizado pola súa mobilidade.

Táboa 68. Poboación do centro do Concello de Lugo

Núcleos	1900	1910	1920
Armañá	147	139	122
Castelo	254	252	222
Catedral	203	171	150
Doutor Castro	125	185	163
Emilio Castelar	129	232	204
Flores	57	53	47
Hortas	86	88	77
Recatelo	144	126	111
Raíña	251	329	290
Rúa Nova	1.426	1.402	1.234
San Marcos	212	276	243
San Pedro	381	354	312
San Roque	594	624	549
Santiago	137	152	134
Sol	129	244	215
Soidade	230	270	238
Tinería	232	166	146
Estación	218	271	238
Estrada Coruña	862	1.106	973
Pza. Constitución	236	273	240
Pza. Bispo Izquierdo	201	195	172
Pza. San Fernando	1.455	289	254
Pza. Santo Domingo	269	351	309
Ronda Coruña	769	816	718
Ronda Miño	147	146	128
Ronda Santiago	513	503	443
TOTAL	9.407	9.013	7.932

A evolución entre os anos 1910 e 1920 evidencia unha forte tendencia á baixa, como se observa na Gráfica 69; así, todos os núcleos perden poboación, reducíndose esta nun total de 1.081 habitantes no 1920, con respecto ao ano 1910. Sitúase en cabeza, como zona máis poboada do centro a Rúa Nova, con 1.234 habitantes, a pesar de perder poboación en 1920, configurándose así como o principal eixe urbano, xunto coa Estrada da Coruña (Gráfica 69).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfica 69. Evolución da poboación do centro do Concello de Lugo, 1900-1920



Como indican os datos da Táboa 69, na evolución xeral da mostra poboacional da periferia, esta conta cun aumento de poboación na primeira década do século, concretamente de 1.946 habitantes, un 48,7%. Esta tendencia invértese na década seguinte, perdendo 1.285 habitantes, un 21,63%. En total constátase que nas dúas primeiras décadas de século, a poboación aumenta en 661 habitantes, un 16,54%.

Táboa 69. Poboación da periferia do Concello de Lugo

Parroquias	1900	1910	1920
Galegos[536]	219	248	223
Albeiros	374	633	524
Santa María Alta	266	509	440
San Xoán Alto	181	248	227
Santa María de Bóveda	583	657	592
Calde	346	1.047	355
Hombreiro	247	386	239
Labio	188	302	294
Santa María e San Salvador de Muxa	489	535	340
Santa Comba	369	412	528
Soñar	447	400	572
Teixeiro	287	565	323
TOTAL	3.996	5.942	4.657

Esta evolución garda certa relación cos movementos migratorios; así, o ano 1900 conta cun saldo migratorio positivo de 182 habitantes, mentres que no 1910 e 1920 este torna a negativo, con 24 habitantes no primeiro e 157 no segundo, respectivamente. Así, a inmigración describe unha traxectoria á baixa no 1910, descendendo un 69,78% e un aumento do 76,47% no ano 1920. Isto relaciónase directamente co crecemento natural elevado ata o 1909, e a ausencia de

[536] É preciso especificar que a parroquia de Galegos inclúe Galegos de Arriba e de Abaixo.

movementos migratorios, o que cambia a partir do 1910. No caso da emigración, esta aumenta, duplicándose no ano 1910 e triplicándose no ano 1920, inda que se mantén en valores baixos.

A evolución demográfica na periferia tamén se relaciona coa evolución económica do concello, que nos ofrece unha primeira etapa claramente positiva, unha segunda de estancamento e unha terceira de auxe xa centrada no sector servizos. Non obstante, no ano 1920, a poboación da periferia diminúe non só polo aumento da emigración, senón tamén polo avellentamento da poboación.

Na Gráfica 70 podemos observar tamén a evolución das parroquias da periferia, evolución que manifesta unha tendencia á alza entre 1900 e 1910, agás no caso da parroquia de Soñar, que perde habitantes na primeira década do século XX, perdendo un 10,51% . No resto das parroquias o incremento é palpable, destacando a parroquia de Calde que triplica a súa poboación, aumentando nun 202,60%. O motivo deste incremento hai que buscalo no aumento da taxa de natalidade, xa que no ano 1910 a porcentaxe de poboación masculina de 0 a 19 anos é do 60,83%, mentres que a feminina é do 54,36%, cun predominio en ambos sexos do percentil entre 10 e 14 anos. O mesmo acontece, cun aumento menor, nos casos de Santa María Alta e Teixeiro, mentres que o aumento de poboación de Albeiros no ano 1910 responde ademais destes factores naturais, a outros como á súa situación, xa que se trata dunha zona en expansión contigua á Estrada da Coruña. Finalmente, na parroquia de Santa María de Bóveda, o crecemento demográfico está ligado á prosperidade económica centrada na extracción de lousa.

Vendo a evolución entre 1910 e 1920 destaca un decrecemento xeral da poboación en todas as parroquias (Gráfica 70). No ano 1920 a tendencia xeneralizada á baixa non se mantén nas parroquias de Santa Comba e Soñar, pois ambas gañan poboación na segunda década do século, un 28,16% a primeira e un 43% a segunda, o que se explica tamén pola alta natalidade como acontece en Calde, Santa María Alta, Albeiros e Teixeiro en 1910.



Na comparativa entre a evolución do centro e a da periferia observamos que a do centro segue unha tendencia á baixa ininterrompida nas dúas primeiras décadas do século XX, mentres que a evolución da periferia segue outra perspectiva. Nesta aumenta ata o ano 1910, no que acada o seu máximo, para despois ir decrecendo cara o 1920, pero a pesar disto mantense en niveis superiores a 1900. A comparativa en números absolutos non é significativa, xa que partimos de 26 núcleos urbanos fronte a 12 parroquias; en cambio o que si nos interesa é a

evolución porcentual do centro e da periferia. Neste sentido, no centro obsérvase un decremento que vai do 4,19% nos primeiros dez anos, ata o 11,99% entre 1910 e 1920, supoñendo unha perda de poboación total nos vinte anos do 15,68%. No caso da periferia, a evolución porcentual é positiva nos dez primeiros anos da centuria, concretamente prodúcese un aumento do 48,70%, mentres que na segunda década invértese a tendencia e asistimos a unha perda do 21,63% de poboación; no total dos vinte anos a porcentaxe é positiva, así a poboación aumenta un 16,54% con respecto a 1900.

6.3.2 Distribución e evolución segundo sexo e idade

No estudo da evolución por sexo na poboación do centro observamos que a tendencia masculina e feminina é desigual, pois a primeira segue unha traxectoria descendente continua nas dúas primeiras décadas de século, como se observa na Gráfica 71. A porcentaxe de varóns descende un 17,93% no ano 1910, para seguir esta tendencia ata o 1920, no que se sitúa en 3.589, descendo un 12,95%. En total nos vinte primeiros anos prodúcese un descenso dun 28,56%, debido fundamentalmente ao predominio da emigración masculina (Táboa LXX, Anexo).

No caso da evolución feminina, esta segue unha tendencia máis uniforme (Gráfica 71): así, o ritmo é crecente ata 1910, cun aumento do 11,57%, para volver practicamente ao punto de partida no 1920. En total, entre o 1910 e o 1920 descende nun 11,19% (Táboa LXX, Anexo).

A evolución entre os anos 1900 e 1920 mostra un saldo negativo de 40 mulleres, un 0,91%, polo que a número de poboación feminina practicamente non varía, xa que participa menos nos movementos migratorios.



No que respecta á evolución por núcleos de poboación, o sector masculino segue unha tendencia positiva nos dez primeiros anos nos de Doutor Castro, Emilio Castelar, en ambos casos dóbrase o número de varóns, Hortas, Raíña, Rúa Nova, San Marcos, San Roque, Santiago, Sol, Soidade, Estación, Estrada da Coruña, Praza Bispo Izquierdo, Santo Domingo e Ronda da Coruña (Táboa LXX, Anexo). O resto dos núcleos perden poboación masculina nos dez primeiros anos, concretamente en Armañá, Castelo, Catedral, Flores, Recatelo, San Pedro, Tinería, Praza da Constitución, Ronda do Miño e Ronda de Santiago. Destaca o caso da Praza de San Fernando, que entre os anos 1900 e 1910 perde 1.232 varóns, un 89,28%, porque como

xa se indicou a maioría serían militares cunha elevada mobilidade. Na década seguinte a evolución é a baixa no sector masculino en tódolos núcleos estudados, debido ao aumento da emigración e ao avellentamento da poboación.

No caso da evolución feminina observamos que a tendencia é claramente á alza nos dez primeiros anos de século (Gráfica 71 e Táboa LXX, Anexo). A maioría dos núcleos gañan poboación, concretamente en Armañá, Castelo, Doutor Castro, Emilio Castelar, Flores, Raíña, San Marcos, San Roque, Santiago, Soidade, Estación, Estrada da Coruña, Praza Constitución, Praza de San Fernando, Praza de Santo Domingo, Ronda da Coruña, Ronda do Miño, Ronda de Santiago e Sol, dobrándose a poboación feminina neste último caso. A explicación radica na maior inmigración feminina, ocupada principalmente no sector doméstico, que aumenta en relación coa evolución económica positiva do concello.

Son moi poucos o núcleos que perden poboación feminina na primeira década, concretamente Catedral, Hortas, Recatelo, Rúa Nova, San Pedro, Tinería e Praza Bispo Izquierdo. Na década de 1910 a 1920 a evolución feminina segue a mesma tendencia que a masculina, así tódolos núcleos estudados perden poboación, en consonancia co aumento da emigración e o consecuente avellentamento da mesma.

Como nos permite observar a Gráfica 72, o comportamento da periferia en relación ao sexo dos seus habitantes varía con respecto ao do centro. A poboación masculina segue unha tendencia claramente positiva ata o 1910, cun saldo positivo de 1.179 varóns, un 59,28%. Na década seguinte prodúcese unha inversión da tendencia, reducíndose así en 858 persoas, un 27,08% (Táboa LXXI, Anexo). En xeral a tendencia das dúas décadas é positiva, cun aumento do 16,14%.

No caso da poboación feminina, esta tamén segue unha tendencia alcista na primeira década de século, para equipararse coa masculina na segunda. O aumento é de 767 mulleres, un 38,22% (Táboa LXXI, Anexo). Na seguinte década a poboación feminina redúcese en 427 mulleres, un 15,39%, aínda así, no conxunta das dúas primeiras décadas, a poboación feminina aumenta en 340 mulleres, un 16,94%.

Gráfica 72. Evolución da poboación total da periferia por sexo, 1900-1920



En canto á evolución por parroquias, obsérvase que en todas aumenta a poboación masculina na primeira década, destacando o caso de Calde, que a triplica en dez anos, e o de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teixeiro, que a duplica. Albeiros e Santa María Alta tamén gañan máis de cen varóns. (Táboa LXXI, Anexo).

Na década seguinte a maioría das parroquias perden poboación masculina, destacando a caída de Calde, que ve reducida nun terzo. Destaca tamén o caso de Teixeiro, que perde 141 varóns. O destino destes varóns é probable que sexa o centro urbano. Dentro desta tendencia á baixa en canto á poboación masculina na segunda década do século vinte, aparecen dúas excepcións que son as parroquias de Santa Comba e Soñar, ambas gañan poboación masculina, 35 e 59 varóns, respectivamente.

En canto á evolución parroquial feminina, esta é positiva na maioría ata 1910 (Gráfica 72). Destaca novamente Calde, que multiplica por tres a súa poboación feminina respecto a 1900, e Albeiros, Santa María Alta e Teixeiro tamén destacan por gañar máis de cen mulleres na década. Hai dúas excepcións que perden poboación feminina nesta primeira década, trátase das parroquias de Santa Comba e Soñar, que perden 15 e 61 mulleres, respectivamente.

Na década seguinte a evolución é á baixa, destacando novamente a parroquia de Calde que perde máis de trescentas mulleres, cuxo destino será o centro urbano. As parroquias que aumentan os seus efectivos femininos nesta segunda década son San Xoán Alto, Labio, Santa Comba e Soñar; nos dous primeiros casos o aumento é insignificante, mentres que no caso de Santa Comba o aumento é de 81 mulleres e no de Soñar 113 (Táboa LXXI, Anexo).

Para a comparativa entre sexos empregamos a *sex ratio*; esta indícanos a proporción entre o número de homes e mulleres existente nun momento concreto.

Táboa 70. Evolución comparativa *sex ratio* centro-periferia

	1900	1910	1920
Centro	115	84	83
Periferia	99	114	98

Tendo en conta o anterior, a Táboa 70 permítenos observar que a evolución do centro comeza cunha maioría de varóns no ano 1900, concretamente 115 varóns por cada 100 mulleres. Non obstante, a tendencia invértese nos anos 1910 e 1920, pois nestes observamos unha maioría de mulleres; concretamente 84 homes por cada 100 mulleres en 1910, e 83 homes por cada 100 mulleres en 1920. A explicación disto é que o ano 1900 é o que conta cunha maior inmigración, maioritariamente masculina, que se vai reducindo no 1910 e 1920, incrementándose, á súa vez, a inmigración feminina cara o centro debido á terciarización económica.

No caso da periferia partimos dunha situación similar entre ambos sexos, pois no ano 1900 son 99 homes por cada 100 mulleres; no 1910, asistimos a un incremento masculino, son 114 homes por cada 100 mulleres, para volver ao punto de partida en 1920, con 98 homes por cada 100 mulleres. Neste caso, a explicación atende á maior emigración masculina, xunto a factores de tipo sanitario que prexudican á poboación feminina, como se indica máis adiante. Pero tamén inflúen factores económicos, así hai máis mulleres porque o núcleo urbano se converte en centro de atracción da inmigración feminina ao terciarizarse a economía.

En perspectiva comparada, observamos na Gráfica 73 que o ano 1910 supón unha inversión de tendencias entre o centro e a periferia. Así, o centro pasa a ter unha menor proporción de varóns que se mantén ata o 1920 debido á emigración; en cambio, a periferia acada o seu máximo valor de efectivos masculinos en 1910, para volver en 1920 a valores semellantes ao ano 1900, nos que practicamente están igualadas as magnitudes masculina e feminina.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Na evoluciórupon comparativa por sexo e idade, a forma das pirámides de poboación do centro nos anos 1900, 1910 e 1920 descríbenos unha poboación que tende ao estancamento demográfico. Na Gráfica 74, a pirámide de 1900 permítenos comprobar que é a que conta con máis efectivos demográficos en ambos sexos, presenta unha forma máis ben triangular empezando a recortarse pola base; estamos polo tanto, ante a fin dunha evolución progresiva que comeza a estancarse. Isto observámolo na súa base máis estreita, acadando o maior número de efectivos sobre todo masculinos na franxa que vai dos 20 aos 24 anos, debido á chegada de inmigrantes e á presenza de soldados no cuartel que hai en San Fernando. A medida que ascendemos na pirámide predomina o sexo feminino debido á maior emigración masculina, para contar con moi poucos efectivos a partir dos 64 anos de idade nos dous sexos, inda que seguindo a lóxica demográfica, tamén predomina o sector feminino en idades avanzadas.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A forma da pirámide de 1910, como vemos na Gráfica 75, a pesar do acrecentamento pola base, reflicte unha poboación estancada, cun incremento cara ao cumio. Prodúcese un aumento de efectivos en todos os sectores, agás no adulto masculino. O predominio é do sector de curta idade, dos 10 aos 14 anos, e en xeral do sexo feminino en idades adultas e avanzadas, o que marca a diferenza coa pirámide anterior, na que o sector feminino só predominaba nestas últimas.

Gráfica 75. Pirámide de poboación do centro do Concello de Lugo en 1910



Como se observa na Gráfica 76, a pirámide de 1920 segue a tendencia da de 1910, pois é practicamente un calco desta, considerando que é a que conta cun menor número de efectivos das tres, debido aos efectos da pandemia da Gripe de 1918. Así, seguimos observando unha pirámide estancada, que se recupera parcialmente gañando efectivos na base, para perdelos posteriormente nas idades adulta e avanzada, con respecto á de 1910. Nesta pirámide o predominio do sector feminino é total, tanto na idade curta, coma na media e avanzada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfica 76. Pirámide de poboación do centro do Concello de Lugo en 1920



A comparativa das tres pirámides reflicte unha evolución demográfica que se estanca nas dúas primeiras décadas de século, e así mesmo unha feminización progresiva da poboación, que chega a ser total no ano 1920. Este predominio feminino é reflexo fundamentalmente da vaga migratoria preferentemente masculina de finais do século XIX e comezos do XX, motivada por unha etapa de estancamento económico entre o 1910 e o 1918, que ten o seu reflexo nun aumento do endebedamento municipal.

Porcentualmente, no ano 1900 hai un predominio de varóns sobre mulleres na idade curta e media, un 0,98% e 5,74% a maiores, respectivamente, inverténdose na idade avanzada cun 0,43% máis de mulleres, como indican os datos da Táboa 71.

Táboa 71. Evolución porcentual por grupos sexo/idade no centro

	1900			1910			1920		
Grupos	0-14	15-64	≥ 65	0-14	15-64	65	0-14	15-64	≥ 65
Varóns	13,38	37,52	1,83	15,54	28,2	1,96	16,61	27,37	1,25
Mulleres	12,4	31,78	2,26	15,39	35,79	2,88	16,84	35,86	2,08
TOTAL	25,78	69,3	4,09	30,93	63,99	4,84	33,45	63,23	3,33

En 1910 a tendencia é positiva nos tres grupos de idade, todos gañan porcentaxe de efectivos; na curta idade un 2,16% os varóns e 2,99% as mulleres, na idade avanzada un 0,13% os varóns e 0,62% as mulleres. A excepción atopámola na idade adulta; aquí o sector feminino segue á alza, sumando un 4,01%, mentres o masculino reduce os seus efectivos nun 9,32% (Táboa 71).

No ano 1920 a tendencia á alza é na curta idade en ambos sexos, 1,07% varóns e 1,45% mulleres, respectivamente; na idade adulta os varóns redúcense nun 0,83% e as mulleres

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aumentan un 0,07%, mentres que na idade avanzada hai un recorte tanto de varóns coma de mulleres, 0,71% nos varóns e 0,80% nas mulleres.

Nunha visión totalizadora o grupo de poboación nova segue unha tendencia positiva, partindo do 25,78% e aumentando un 5,15% no 1910 e un 2,52% no 1920. O grupo de poboación adulta parte dunha porcentaxe alta no 1900, 69,30%, para irse reducindo progresivamente nos anos seguintes, un 5,31% no 1910 e un 0,76 no 1920. O grupo de poboación anciá segue unha evolución positiva ata o ano 1910; así, parte do 4,09% en 1900 e aumenta o 0,75% en 1910, para reducirse posteriormente cara ao ano 1920, perdendo o 1,51%.

Na dúas décadas, e a pesar de perder o 6,27% de efectivos, o grupo de poboación adulta é o maioritario. Séguelle a distancia o grupo de poboación nova, que aumenta os seus efectivos un 7,77%. Finalmente atópase o grupo de poboación con idade avanzada, xa en cotas moito máis baixas, que perde o 0,76%, a pesar do aumento do ano 1910.

Na evolución da periferia por sexo e idade, a pirámide de 1900 da Gráfica 77 presenta unha forma de primixenia regresividade, xa que a pesar de ter unha forma maioritariamente triangular, comeza a recortarse pola base, a pesar de ser o sector maioritario o de 10 a 14 anos. A medida que ascendemos atopamos bastante poboación tanto masculina como feminina, con predominio desta última e, ao contrario da lei xeral de evolución demográfica, na cúspide hai un predominio do sector masculino. Isto, que non acontece nas pirámides da poboación do centro da cidade, probablemente se explique por cuestións de tipo médico; se o acceso á atención médica durante o embarazo e o parto era reducido para as mulleres do centro da cidade, esta atención aínda se vería máis minguada no caso das mulleres da periferia, con menos recursos e máis afastadas dos servizos médicos[537].

Gráfica 77. Pirámide de poboación da periferia do Concello de Lugo en 1900



[537] Desde o ano 1911, aparecen anuncios en xornais das chamadas profesoras de parto, é dicir, comadroas que ofrecen os seus servizos no centro da cidade para as persoas que poidan custealos. En: Profesora en partos. (21 de novembro de 1911). *El Progreso*, p. 3. Ademais, a preocupación pola asistencia das mulleres máis pobres no parto, fai que nos presupostos se consignen partidas para unha comadroa desde 1916, e no 1925 xa serán dúas.

Na Gráfica 78, a pirámide de 1910, a pesar de ter unha forma regresiva, representa un rexuvenecemento da poboación con respecto á de 1900. Así, a base amplíase sobre todo no sector masculino, en detrimento da poboación adulta, que descende en ambos sexos, predominando agora o masculino. A poboación de idade avanzada tamén descende con respecto a 1900, reducíndose o predominio de varóns sobre mulleres neste grupo (Táboa 72).

Gráfica 78. Pirámide de poboación da periferia do Concello de Lugo en 1910



A terceira das pirámides, a de 1920, xa manifesta unha regresividade poboacional con respecto á de 1910. Así, como se observa na Gráfica 79, a base recórtase a valores similares á pirámide de 1900, sendo parellos ambos sexos. A poboación adulta ascende con respecto a 1910, pero non recupera os valores de 1900, volvendo a ser maioritarias as mulleres. Nesta pirámide obsérvase tamén un envellecemento da poboación, pois esta duplica o seu valor no sector masculino e inda vai máis alá no feminino, cun predominio á baixa do primeiro (Táboa 72).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfica 79. Pirámide de poboación da periferia do Concello de Lugo en 1920



No seu conxunto, as tres pirámides da periferia presentan trazos regresivos que se acentúan cara o ano 1920. Estas formas bulbosas poñen de manifesto unha redución de efectivos novos, que se observa nas pirámides de 1900 e 1920, que contrastan co aumento destes na de 1910. Pola contra, redúcese a poboación adulta no ano 1910, volvendo en 1920 a valores próximos aos de 1900. Finalmente, o engrosamento das pirámides cara a cúspide, pon de manifesto o avellentamento da poboación en ambos sectores, sendo a pirámide de 1920 a que mellor o reflicte.

Como indican os datos da Táboa 72, por sexos, a poboación nova é maioritariamente feminina, mentres que a poboación adulta flutúa en valores similares, con predominio feminino no 1900 e 1920, e masculino no 1910; finalmente, na idade avanzada é sempre superior o sector masculino, reducíndose a diferenza con relación ao feminino de xeito progresivo.

Táboa 72. Evolución porcentual por grupos sexo/idade na periferia

	1900			1910			1920		
Grupos	0-14	15-64	≥65	0-14	15-64	≥65	0-14	15-64	≥65
Varóns	16,52	31,49	1,9	21,12	29,31	1,41	16,76	30,05	2,76
Mulleres	15,43	33,36	1,29	16,72	27,35	1,11	16,62	31,22	2,53
TOTAL	31,95	64,85	3,19	37,84	56,66	2,52	33,38	61,27	5,29

No referido á cuantificación numérica porcentual, no ano 1900 hai un predomino dos varóns sobre as mulleres na curta idade, un 1,09% máis, mentres que na media idade invértense os valores; así, as mulleres representan un 1,87% a maiores, para volver a inverterse os valores para a poboación de idade avanzada, na que hai un 0,61% máis de varóns.

O 1910 testemuña unha superioridade manifesta de varóns dentro da poboación nova, un 4,40% máis que as mulleres. Segue sendo maioritaria a poboación adulta masculina, inda que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a menos distancia, neste caso un 1,96% superior, seguindo esta tendencia na idade avanzada, na que o sector masculino supera ao feminino nun 0,30%.

O ano 1920 móvese en valores bastante igualitarios en ambos sexos, sendo maioritario o masculino en canto á poboación nova, un 0,14% superior, mentres que poboación adulta decántase do lado feminino cun 1,17% a maiores; finalmente, na poboación de idade avanzada volve a ser predominante o sector masculino cun 0,23%.

Nunha panorámica totalizadora ponse de manifesto un aumento xeral da poboación nova, se ben o aumento é maior na primeira década, descendendo na segunda. Así o aumento é dun 5,99% no 1910, para descender un 3,96% no ano 1920; nas dúas décadas, o aumento total é do 2,03%. A poboación adulta redúcese na primeira década nun 8,19%, para aumentar na segunda, un 4,61%, pero sen volver aos valores de 1900; nas dúas décadas esta redúcese nun 3,58%. Finalmente, a poboación de idade avanzada redúcese no ano 1910 un 0,67%, pero volve aumentar no 1920 ata valores superiores a 1900, nun 2,77%; en porcentaxe o aumento total das dúas décadas é do 2,10%.

Nunha comparativa porcentual centro-periferia por grupos de idade, observamos na Gráfica 80 un predominio da poboación adulta en ambos casos. En cifras, o centro conta con valores máis elevados nos tres anos estudados, sendo a diferenza positiva con respecto á periferia do 4,45%, 7,33% e 1,96%, respectivamente nos anos 1900, 1910 e 1920.

Gráfica 80. Evolución comparativa por grupos de idade centro-periferia, 1900-1920



O segundo grupo de idade en número de efectivos é a poboación nova, entre os 0-14 anos; neste caso a tendencia invértese con respecto á poboación adulta, pois a periferia conta cunha maior porcentaxe nos anos 1900 e 1910, para igualarse practicamente no 1920, do que se deduce a maior taxa de natalidade na periferia, como vemos na Gráfica 80. En valores porcentuais concretos, a poboación nova é superior na periferia en 1900 nun 6,17% respecto do centro, e no ano 1910 esta diferenza ascende ao 6,91%. Porén, en 1920 o centro atópase lixeiramente por riba, concretamente un 0,07%.

O grupo de idade con menor número de efectivos é o da poboación de idade avanzada, aquí o centro atópase en porcentaxes superiores nos anos 1900 e 1910, un 0,90% e un 2,52%, respectivamente. Esta tendencia invértese no 1920, no que a periferia supera ao centro en canto á porcentaxe de poboación avanzada, concretamente nun 1,96% (Gráfica 80). Isto explícase porque a atención médica sería mellor no centro, de aí a maior porcentaxe de poboación en

idade avanzada en 1900 e 1910, pero en cambio iso muda no 1920 debido aos efectos da Gripe, que tal e como indican os xornais da época afecta máis ao centro da cidade que á periferia das parroquias, e uns dos principais afectados da pandemia foron o grupo de poboación de máis idade.

A tenor destes datos podemos concluír que a periferia rexuvenece máis que o centro nos anos 1900 e 1910, para igualarse no 1920. Á súa vez, o centro atópase máis envellecido nos anos 1900 e 1910, inverténdose a situación no 1920. As idades adultas, maioritarias en ambos casos, seguen unha tendencia á baixa no centro, mentres que na periferia acadan o seu mínimo no 1910 para aumentar cara 1920.

Nunha comparativa por sexo, no centro hai un predominio das porcentaxes de mulleres sobre varóns, concretamente estas son superiores na idade avanzada do ano 1900, un 0,43%, na idade adulta e avanzada no ano 1910, un 7,59% e 0,92%, respectivamente, e en todos os grupos de idade no 1920, un 0,23%, 8,49% e 0,83% respectivamente na idade nova, adulta e avanzada.

No caso da periferia invértese a tendencia a favor do sector masculino, pois este é maioritario na poboación nova e anciá do 1900, 1,09% e 0,61% máis que o feminino respectivamente; tamén no ano 1910 a poboación masculina é maioritaria en tódolos grupos de idade, 4,40%, 1,96% e 0,30% na poboación nova, adulta e avanzada, respectivamente. Esta tendencia segue no ano 1920, contando cunha maior porcentaxe de varóns novos, concretamente un 0,14%, e na poboación de idade avanzada, un 0,23% a favor do sector masculino.

Esta maioría de poboación masculina na idade anciá contradí a lei de evolución xeral da poboación, e a súa explicación só pode deberse a factores de tipo sanitario. Así, é probable que a maior parte da poboación da periferia non contara cos recursos económicos do centro, o que repercutiría negativamente na esperanza de vida sobre todo feminina, xa que a muller do entorno rural normalmente tiña unha descendencia elevada sen os medios sanitarios necesarios.

Finalmente, a tenor destes datos ponse de manifesto tamén a feminización do centro como consecuencia tanto da emigración maioritaria masculina, como da inmigración feminina centrada no sector doméstico; por outro lado, tamén é manifesta a masculinización da periferia, que a pesar da emigración crecente, acusa a falla de servizos sanitarios, o que repercute maioritariamente na poboación feminina.

6.3.3 Grao de alfabetización

Tendo en conta que a alfabetización cuantifícase numericamente se unha persoa sabe ler e escribir, en canto aos valores absolutos, a tendencia é claramente positiva ao longo dos vinte primeiros anos de século; así, no 1900 hai unha diferenza positiva de 2.015 habitantes que saben ler e 1.707 escribir, no 1910 son 3.353 ler e 3.077 escribir, e no 1920 case se manteñen con 3.294 que saben ler e 3.041 escribir.

Inda que no estudo dos parámetros podemos observar que na maioría dos núcleos urbanos o número de habitantes que saben ler e escribir é maior ao dos que non saben, porén hai algunha excepción, por exemplo o caso das Hortas no ano 1900, cunha diferenza negativa de 12 na lectura e 16 na escritura; aquí temos que ter en conta que inda que está considerada como centro, é unha rúa máis ben periférica deste (Táboa LXXII, Anexo). Nos casos da Estrada da Coruña e da Ronda do Miño acontece o mesmo, no 1900 o número de habitantes sen alfabetizar é maior que os alfabetizados, concretamente cunha diferenza negativa de 240 na lectura e 278 na escritura no primeiro caso, e 5 e 29 no segundo; porén, invértese a tendencia no 1910 e 1920 en ambos casos; igual que nas Hortas, trátase de núcleos periféricos do centro. A última excepción atopámola na rúa Sol, neste caso o analfabetismo é manifesto nas dúas primeiras décadas de século, especialmente marcado no 1900; concretamente as diferenzas negativas son

75 no 1900, 30 no 1910 e 29 no 1920, tratándose do único caso estudado no centro no que a evolución é negativa en todos os períodos.

No que se refire á evolución porcentual da alfabetización a tendencia é á alza, aumentando a porcentaxe total en cada década; así, en 1910 o aumento é dun 5,65%, no 1920 o aumento é dun 2% con respecto a 1910, e dun 7,65% respecto a 1900. Na práctica totalidade dos núcleos estudados a tendencia é á alza, aínda así hai algunhas excepcións.

A primeira destas excepcións é Castelo, onde a alfabetización descende un 1,45% no ano 1910, recuperándose desta baixada no 1920, no que aumenta un 0,75% respecto a 1900. A outra excepción é o caso da rúa San Pedro, que descende un 3,76% en 1910 con respecto a 1900, recuperándose en 1920 onde o nivel é semellante ao de 1900, descendo só un 0,18%. Outro descenso da porcentaxe de alfabetización témolo na rúa Santiago, nesta a porcentaxe descende un 2,98% en 1910 respecto a 1900, e inda que se recupera algo en 1920, a porcentaxe segue a ser un 2,25% menor neste ano con respecto a 1900. O último núcleo que experimenta unha baixada en canto á porcentaxe de alfabetización é a praza de San Fernando, concretamente a alfabetización baixa un 5,84% en 1910 con respecto a 1900, e inda que ascende cara 1920, neste ano segue a ser un 3% menor respecto a 1900.

Como nos amosa a Gráfica 81, se desagregamos a porcentaxe de alfabetización por sexos, observamos que no total a porcentaxe masculina é maior no ano 1900, cunha diferenza do 4,18% favorable aos varóns; porén, os valores invértense nos anos 1910 e 1920, sendo favorables ás mulleres, nunhas porcentaxes do 5,71% e do 6,57%, respectivamente.



Se estudamos cada un dos núcleos individualmente vemos que na maioría a alfabetización feminina é maior que a masculina, como indican os datos da Táboa LXXIII, Anexo, pero conta con algunha excepción. En Armañá no ano 1900, a alfabetización masculina supera nun 20,83% á feminina; tamén o caso das Flores, aquí no 1900 a alfabetización masculina supera nun 1,01% á feminina, e na Ronda de Santiago, onde tamén en 1900 a alfabetización masculina é maior nun 21,19%. Con todo, a excepción máis cuantiosa atopámola na Praza de San Fernando, pois aquí a alfabetización masculina é maior á feminina nas dúas primeiras décadas de século; concretamente no 1900 é superior nun 67,94%, diferenza que se vai reducindo, pois en 1910 é dun 1,70% e no 1920 dun 2,28%.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En canto á evolución periférica da alfabetización, en números absolutos a evidencia é que prima unha alfabetización negativa nos vinte primeiros anos do século XX (Táboa LXXIV, Anexo). En 1900 a diferenza é negativa, concretamente 2.378 habitantes que non saben ler e 2.496 habitantes que non saben escribir. No ano 1910 redúcese a diferenza pero segue a ser negativa, con 1.238 que non len e 1.360 que non saben escribir. Finalmente, en 1920 segue reducíndose inda que segue en negativo, con 1.081 que non len e 1.121 que non escriben.

A análise por parroquias amosa uns resultados maioritariamente negativos, só aparecen un par de excepcións, a primeira no caso das parroquias de Santa María e San Salvador de Muxa; nestas, no ano 1910 a alfabetización é positiva en 7 habitantes que saben ler. No caso da parroquia de San Pedro de Soñar, a diferenciación positiva maniféstase en 1920, tanto na lectura como na escritura, con 56 habitantes en canto á lectura e 44 á escritura (Táboa LXXV, Anexo).

Na análise porcentual totalizadora na periferia, os resultados, a pesar de partir de valores baixos, concretamente un 18,77% de alfabetizados en 1900, nos seguintes anos a alfabetización evoluciona positivamente, incrementándose nun 19,79% en 1910 e manténdose practicamente en 1920; así, esta aumenta un 19,19% con respecto a 1900, e descende un 0,60% respecto a 1910.

Por parroquias, na maioría delas a tendencia é á alza ata 1910, para manifestar unha caída no ano 1920 (Táboa LXXV, Anexo). Non obstante, hai catro parroquias cuxa tendencia é positiva nas dúas décadas; trátase dos casos da parroquia de Albeiros, cun incremento do 31,75% no ano 1920 respecto ao 1900, a parroquia de Hombreiro, que aumenta un 12,26%, a parroquia de Santa Comba, cun incremento do 36,49%, e a parroquia de Soñar, con aumento do 46,69%. A maiores destas catro parroquias, Calde e Teixeiro tamén se sitúan con máis do 40% de poboación alfabetizada en 1920.

Como reflicte a Gráfica 82, en canto ás porcentaxes de alfabetización por sexos estas atópanse bastante igualadas; así, no ano 1900 a diferenza é mínima a favor das mulleres, un 0,09%, mentres que no 1910 segue estando bastante igualada, inda que se inverte a favor do sector masculino, un 2,56%, seguindo a tendencia igualitaria no 1920, pero neste a favor do sector feminino, un 0,30%.

Esta igualdade por sexos na alfabetización maniféstase tamén na análise individual parroquial, pois ningunha parroquia chega a unha porcentaxe diferencial alfabetizadora por sexo do 6%; as maiores diferenzas atopámolas no ano 1910 nas parroquias de Santa María Alta, cun 4,07% a favor dos varóns, na parroquia de San Xoán Alto, cun 4,21% tamén a favor dos varóns, e tamén na parroquia de Santa María de Teixeiro, cunha diferenza de alfabetización do 5,61% a favor do sector masculino.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Na comparación do centro e a periferia, como observamos na Gráfica 83, en porcentaxes absolutas a alfabetización urbana parte de valores máis altos que a rural no ano 1900, un 61,42% fronte ao 18,77%; despois a evolución é positiva no caso do centro ata o 1920, pasando de 67,07% no 1910 a 69,07% no 1920. No caso da evolución da periferia, esta parte de valores inferiores, un 18,77% en 1900, acada o seu máximo en 1910 cun 38,56%, para descender ata un 37,96% no 1920, polo que o ano 1910 marca un pequeno punto de inflexión na evolución positiva da tendencia. En definitiva, esta comparativa é debedora das condicións económicas da poboación do centro e da periferia.



Na comparativa alfabetizadora por sexos entre o centro e a periferia, a tendencia masculina no centro é bastante estable xa que parte do 32,80% en 1900, para descender minimamente ao 30,68% en 1910, e novamente subir un pouco en 1920, ata o 31,25%, como vemos na Gráfica 84. Esta tendencia conservadora á baixa contrasta coa evolución da alfabetización masculina na periferia, pois esta é á alza a pesar de partir de valores máis reducidos; así, dun 9,34% en

1900, multiplícase por dous en 1910 ata un 20,56%, para descender de maneira imperceptible no 1920 ata 18,83%.



No caso da evolución da alfabetización feminina, a tendencia no centro invértese con respecto á masculina; así, esta segue unha clara evolución positiva, que parte do 28,62% no 1900, para situarse no 36,39% no 1910, aumentando ata acadar o seu máximo en 1920, cun 37,82%. No caso da evolución da alfabetización feminina no rural, esta é claramente positiva e similar á evolución masculina, pois a pesar de partir de valores inferiores á masculina, 9,43% en 1900, chega a dobrarse no 1920, ascendendo ata o 18%, para acadar o máximo nesta ano, cun 19,13%.

Cotexando a alfabetización por sexos, concluímos que a poboación alfabetizada masculina urbana redúcese nun 1,55% nas dúas primeiras décadas de século, mentres que no caso da poboación alfabetizada no rural, esta aumenta nun 9,49%, dobrando a súa porcentaxe. A redución da alfabetización masculina no centro pode explicarse porque os que emigraban eran os que sabían ler e escribir. No caso da alfabetización feminina, no centro prodúcese un aumento do 9,20% ata o 1920, mentres que no rural o aumento é do 9,70%; así pois, obsérvase unha evolución similar, a pesar de partir de valores inferiores na periferia.

Estes datos indican que nos primeiros vinte anos de século prodúcese un aumento pola preocupación da alfabetización da sociedade, que é especialmente visible no caso da periferia e das mulleres. Esta preocupación pola ensinanza, mantense nos anos seguintes coa creación de escolas e tamén no Congreso de Economía de 1925, onde se reclama a creación de máis escolas e tamén a obrigatoriedade da ensinanza.

6.3.4 Inmigración

No centro, a evolución da inmigración nas dúas primeiras décadas de século é positiva e decrecente ao longo de 1900, 1910 e 1920, segundo reflicte a Táboa 73 e a Gráfica 85. O ano 1900 conta cun saldo positivo de 3.713 habitantes, destacando a Praza de San Fernando entre todos os núcleos estudados con 1.219 novos habitantes, a maioría militares, seguido da Rúa Nova con 348. A continuación sitúanse a Ronda da Coruña con 274, a Ronda de Santiago con 246, San Roque con 198 e a Estrada da Coruña con 180. Os fluxos de inmigrantes diríxense

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sobre todo cara a zona máis periférica do centro, coa excepción de San Fernando, tendencia que continuará nas décadas seguintes.

No ano 1910 o número total de inmigrantes descende en 986, un 26,56%, situándose en 2.727 novos habitantes; neste caso destacan a Rúa Nova con 301, a Ronda da Coruña con 280, San Roque con 276, a Estrada da Coruña con 272 inmigrantes e a Ronda de Santiago con 227; observamos aquí como estes novos inmigrantes se seguen situando na zona periférica do centro. Contrasta a baixada na inmigración do ano 1910 co aumento do número total de habitantes, que acada o máximo das dúas primeiras décadas de século.

Táboa 73. Inmigración en números absolutos no centro do Concello de Lugo

Núcleos	1900	1910	1920	TOTAL
Armañá	56	42	33	131
Castelo	66	85	70	221
Catedral	56	61	44	161
Doutor Castro	61	55	38	154
Castelar	75	84	68	227
Flores	8	18	14	40
Hortas	4	22	16	42
Recatelo	23	31	24	78
Raíña	120	131	92	343
Rúa Nova	348	301	206	855
San Marcos	104	73	41	218
San Pedro	110	78	52	240
San Roque	198	276	186	660
Santiago	27	18	10	55
Sol	7	23	15	45
Soidade	70	73	48	191
Tinería	45	37	23	105
Estación	104	132	107	343
Estrada Coruña	180	272	214	666
Pza. Constitución	116	126	90	332
Pza. Bispo Izquierdo	58	69	53	180
Pza. San Fernando	1.219	80	58	1.357
Pza. Santo Domingo	97	92	58	247
Ronda da Coruña	274	280	217	711
Ronda do Miño	41	41	31	113
Ronda de Santiago	246	227	161	634
TOTAL	3.713	2.727	1.969	8.409

A tendencia á baixa continúa no ano 1920, no que descende o número de inmigrantes, reducíndose en 758, un 27,80%, situándose nun total de 1.969. Por núcleos, a Rúa Nova segue a ser un dos que conta con un maior número de inmigrantes, 206, xunto coa Ronda da Coruña con 217, a Estrada da Coruña con 214 e San Roque con 186, manténdose así a tendencia a concentrarse na periferia central.

Inda que no total das dúas primeiras décadas o número de inmigrantes ascende a 8.409, o número total de inmigrantes redúcese en 1.744 persoas, un 46,97%, entre os anos 1900 e 1920, case a metade con respecto ao comezo de século. Esta baixada da inmigración a medida que avanza o século débese á aparición doutros destinos máis dinámicos economicamente, como é o eixe atlántico, que atraen poboación.

Como se observa na Gráfica 85, en canto ao estudo da inmigración por procedencia destaca a inmigración provincial nas dúas décadas, a pesar de que segue unha tendencia á baixa proporcional á inmigración total. Así no 1900 a inmigración provincial ascende a 2.111 persoas, descendendo a 1.706 no 1910 e rematando en 1.249 inmigrantes no ano 1920. Porcentualmente,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

no 1910 a inmigración provincial descende un 19,19% e no ano 1920 un 26,79%, sendo a porcentaxe total de descenso entre os anos 1900 e 1920 dun 40,83%.

A inmigración galega conta cuns totais inferiores á inmigración da provincia (Gráfica 85). En 1900 son 782 inmigrantes, producíndose un descenso brusco no ano 1910 a 412, un 47,31%, e a 327 no 1920, un 20,63%. No total das dúas primeiras décadas, o descenso ascende a 455 inmigrantes, un 58,18%.

A inmigración española, ao igual que as anteriores, segue unha tendencia á baixa. Así pásase de 762 inmigrantes en 1900 a 566 en 1910, descendendo un 25,72%, descenso que continúa cara 1920, ano que conta con 384 inmigrantes, un 32,86% menos que no 1910. No total das dúas primeira décadas, o descenso ascende 378 inmigrantes, un 40,61%.

Finalmente, no caso da inmigración internacional, esta segue a tendencia á baixa das anteriores, aínda que é claramente inferior a estas, incluso chegando a ser residual no 1920 (Gráfica 85). Así partimos de 58 inmigrantes no 1900, para pasar a 43 no 1910, un 25,86% menos, e 9 no 1920, reducíndose un 79,07%, o que pon de manifesto que neste a inmigración internacional é practicamente inexistente. No total das dúas décadas redúcese en 49 persoas, un 84,48%.

Gráfica 85. Evolución da inmigración por procedencia no centro, 1900-1920



Na procedencia xeográfica concreta dos inmigrantes, esta non segue un patrón establecido; así, a inmigración provincial nútrese de toda a provincia, inda que son os concellos dos municipios limítrofes como Guntín, O Corgo, Friol, Castro de Rei, Outeiro de Rei e Castroverde os que aportan máis inmigrantes.

En canto á inmigración galega, esta tampouco segue un patrón establecido, predominando en aporte de efectivos a provincia da Coruña e Pontevedra. Só atopamos unha excepción que chama a atención pola súa contía, trátase dos 385 inmigrantes varóns da Praza de San Fernando no 1900, que na súa maioría proceden de Ourense.

A inmigración nacional tamén é aleatoria, cun predominio de Madrid e outras zonas próximas como Asturias e Castela-León. Destaca tamén o caso da Praza de San Fernando no 1900, no que dos 234 inmigrantes varóns, a maioría proceden de León e Oviedo.

Finalmente, no caso da inmigración internacional, esta xa se atopa máis polarizada, como se observa na Gráfica 86. Dos que consta a procedencia, a maioría procede de Cuba, seguida a

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

distancia de Uruguai e Filipinas, respectivamente. É preciso subliñar o predominio feminino na inmigración internacional procedente de Cuba, Porto Rico, Uruguai, Filipinas, Portugal, Francia, Irlanda e Alemaña.



Nunha comparativa da inmigración por sexo, na provincial o predominio é do sector masculino no ano 1900, inverténdose en 1910 e 1920 a favor do sector feminino, como se pode comprobar na Gráfica 87. A pesar de partir de valores máis elevados, 1.248 varóns en 1900, a evolución vai en picado, con 801 inmigrantes en 1910 e 567 no 1920. Na primeira década a perda é do 37,62% e na segunda do 29,21%, sendo o total do período dun 55,84% (Táboa LXXVI, Anexo). Porén, a evolución feminina é diferente, sendo positiva ata o ano 1910; parte de 827 inmigrantes e aumenta ata 905 no 1910, un 9,43%, para volver a caer no ano 1920, no que descende ata 682 inmigrantes, un 24,64%. O total do período é negativo, inda que é máis constante que o masculino, descendendo un 17,53%.

A comparativa da emigración galega por sexo segue unha evolución similar á provincial, aínda que se sitúa en valores máis reducidos (Gráfica 87). Os varóns predominan no ano 1900, para inverterse a tendencia a favor das mulleres no 1910 e 1920. Nunha cuantificación numérica, os varóns parten de 592 efectivos en 1900, para descender bruscamente ata 186 no 1910, un 60,58%, e seguir descendo cara ao 1920 ata os 148 inmigrantes, un 20,43%. No total do período o descenso é moi elevado, dun 75%. No sector feminino a evolución é á alza ata 1910; de 190 inmigrantes aumenta a 226 no 1910, un 18,95%, para descender a 179 no 1920, un 20,80%. No total do período o descenso é dun 39,73% (Táboa LXXVI, Anexo).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A inmigración española segue tendencias similares ás anteriores, á baixa no sector masculino e máis estable no feminino (Gráfica 87), sendo neste último os valores superiores aos da inmigración galega. Numericamente, o sector masculino parte de 465 inmigrantes no 1900, para baixar ata 270 no 1910, un 41,94%, e seguir baixando ata os 181 no ano 1920, un 32,96%. Nas dúas décadas a inmigración española masculina descende nun 61,08%. No caso feminino a tendencia é practicamente constante ata 1910; de 297 inmigrantes no 1900, pásase a 296 no 1910, descendendo un 0,34%, para volver descender no 1920 ata 203, un 31,42%. No total o descenso ascende a un 31,65% (Táboa LXXVI, Anexo).

Finalmente, a inmigración internacional é practicamente residual, sendo a tendencia favorable ao sector feminino. O sector masculino mantense en 20 inmigrantes ata o ano 1910, para baixar bruscamente no 1920 a 3, un 85%, que é a totalidade do descenso nas dúas décadas. No caso feminino partimos de valores máis elevados; 38 inmigrantes en 1900, para baixar a 23 no 1910, descendendo un 39,47%, para caer no 1920 ata as 9 inmigrantes, un 70,91%. No total do período o descenso é dun 84,21% (Táboa LXXVI, Anexo).

En canto á periferia, a análise da inmigración pon de manifesto dous trazos característicos: o primeiro é que esta se centra sobre todo no ano 1900, para ir decrecendo conforme avanzan as dúas primeiras décadas; e o segundo trazo é que é unha inmigración que se sitúa en cotas moi baixas, chegando a ser residual nalgunha parroquia.

Táboa 74. Inmigración en números absolutos na periferia do Concello de Lugo

	1900	1910	1920	TOTAL
Galegos	18	-	-	18
Albeiros	20	8	36	64
Sta. M.ª Alta	32	4	27	63
San Xoán Alto	16	9	7	32
Sta. M.ª Boveda	20	-	-	20
Calde	6	2	-	8
Hombreiro	10	1	1	12
Labio	-	-	3	3
Muxa	60	5	-	65
Santa Comba	5	11	1	17
Soñar	7	-	-	7
Teixeiro	31	28	45	104
TOTAL	225	68	120	413

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En números absolutos, como reflicte a Táboa 74 e a Gráfica 88, o total das dúas décadas ascende a un saldo positivo de 413 inmigrantes, pero a evolución é moi irregular; así, partimos dun total de 225 inmigrantes en 1900 para caer no ano 1910, no que as cifras amosan unha baixada do 69,78%, situándose en 68 habitantes, tendencia que se recupera en parte na segunda década cun aumento do 76,47%, situándose en 120 inmigrantes pero lonxe do ano 1900. No total das dúas décadas a inmigración descende case a metade, concretamente un 46,67%.

Nunha análise individual figura algunha parroquia que se escapa da xeneralidade do comezo; son os casos de Albeiros, Teixeiro e Labio, como indican os datos da Táboa 74. En Albeiros, a tendencia é positiva a pesar do afundimento do 1910, pois aumenta un 80% os seus efectivos foráneos no ano 1920 con respecto ao 1900, situándose en 36. Outro caso singular é o da parroquia de Teixeiro, que tamén experimenta un aumento dos seus efectivos do 45,16%, situándose en 45 no ano 1920; non en van, a parroquia de Teixeiro é a parroquia que conta con máis inmigrantes no total das dúas décadas, ascendendo a 104. Inda que en cotas moito máis baixas, practicamente residuais, a parroquia de Labio tamén gaña inmigrantes, concretamente 3 no ano 1920, xa que nos anteriores non contaba con ningún.

No resto de parroquias a tendencia é á baixa, con certa recuperación cara ao ano 1920, como é o caso da parroquia de Santa María Alta, pero sen chegar aos efectivos de 1900; no caso da parroquia de Santa Comba, a pesar de dobrar o número de inmigrantes en 1910, afúndese no 1920 cun só inimigrante. Nesta tendencia decrecente destaca o caso das parroquias de Santa María e San Salvador de Muxa, que de contar con 60 inmigrantes no ano 1900, pasan a ter 5 no 1910, cunha caída do 91,67%, e ningún no 1920. Caso similar acontece na parroquia de Santa María de Bóveda, que pasa de 20 no ano 1900 a ningún nas dúas décadas seguintes.

En xeral, a baixada de inmigrantes xustifícase polo menor dinamismo económico da periferia, nutríndose esta de inmigrantes por motivos extraeconómicos, como poden ser matrimoniais, de atención sanitaria, de retorno, etc.

Como se observa na Gráfica 88, o estudo da procedencia da inmigración periférica reflicte un claro predominio da inmigración provincial sobre a galega, española e internacional; é máis, a galega e española atópanse en cifras moi baixas, e a internacional incluso menores, xa que é inexistente nos anos 1910 e 1920.

Gráfica 88. Evolución da inmigración por procedencia na periferia, 1900-1920



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En números absolutos, a inmigración provincial parte de 204 efectivos no 1900, sofre unha baixada no ano 1910 do 72,06%, situándose en 57 efectivos, para recuperarse en 1920, cun aumento do 98,25% e 113 inmigrantes totais. No total das dúas décadas a poboación procedente da provincia descende un 44,61%, case a metade con respecto ao ano 1900 (Táboa LXXVII, Anexo).

En segundo lugar, inda que con cifras moi afastadas da inmigración provincial, atópase a galega (Gráfica 88). Neste caso a tendencia é decrecente, partindo de 12 efectivos en 1900, para pasar a 10 no 1910, un descenso do 16,67%, chegando case á desaparición no 1920, que conta con só 3 efectivos, descendendo un 70%. No total das dúas décadas a poboación procedente de Galicia descende un 75% (Táboa LXXVII, Anexo).

En terceiro lugar, xa case residualmente, figura a inmigración española, que parte de 5 efectivos no ano 1900, para baixar a 1 no 1910, descendendo un 80%, e cunha leve recuperación no 1920, ascendendo neste ano a 4 efectivos. No total das dúas décadas poderíamos dicir que se mantén, cun punto de inflexión no 1910 que inverte a tendencia (Táboa LXXVII, Anexo).

En cuarto e último lugar, sitúase a inmigración internacional, xa practicamente inexistente, pois parte de catro efectivos no 1900, desaparecendo nas dúas décadas seguintes.

En canto aos lugares de procedencia, ao igual que no caso do centro, non seguen un patrón establecido. En xeral, na provincia, son os municipios lindeiros os que aportan máis inmigrantes (Guntín, Friol, Outeiro de Rei, Castro de Rei, Castroverde e O Corgo), inda que tamén se nutre do resto da provincia. No caso da inmigración galega, o seu reducido número procede fundamentalmente da provincia da Coruña.

Na análise por sexo e procedencia da inmigración na periferia, a emigración provincial maioritariamente decántase a favor do sector feminino, claramente nos anos 1900 e 1920, igualándose practicamente co sector masculino no 1910, como se observa na Gráfica 89.

Gráfica 89. Evolución da inmigración por sexo e procedencia na periferia, 1900-1920



Así, a evolución da inmigración provincial feminina describe unha traxectoria convexa, partindo de 127 inmigrantes no ano 1900, para baixar ata 27 no 1910, un 78,74%, recuperándose parcialmente en 1920 con 67 inmigrantes. Nas dúas décadas a inmigración provincial masculina perde case a metade con respecto ao ano 1900, concretamente un 47,24% (Táboa LXXVII, Anexo). A evolución desta segue unha tendencia similar á feminina, aínda que parte de valores inferiores; así, o ano 1900 conta con 77 inmigrantes, para baixar a 30 no 1910, un 61,04%, e

recuperarse parcialmente en 1920 con 46 efectivos. Nas dúas décadas a inmigración provincial masculina redúcese nun 40,26% con respecto aos valores de 1900.

Na evolución da inmigración galega, esta pasa de estar igualada por sexos en 1900 a decantarse a favor das mulleres no ano seguinte, cun aumento dun 33,33%, mentres que o sector masculino descende un 66,67%. O ano 1920 supón un descenso que leva a inmigración tanto masculina como feminina galega a cotas moi baixas. As porcentaxes de perda nas dúas décadas ascenden ao 66,67% no caso dos varóns e do 83,33% no caso das mulleres, con respecto a 1900 (Táboa LXXVII, Anexo).

A inmigración española é practicamente insignificante en valores numéricos, parte de 4 varóns e unha muller no 1900, quedando só unha muller no 1910, para rematar no 1920 con 2 efectivos para cada sexo.

O caso da inmigración internacional é moi minoritario, así só aparece no ano 1900, cun varón e tres mulleres.

A comparativa entre a evolución da inmigración do centro e da periferia pon de manifesto varios contrastes entre ambas, como reflicte a Gráfica 90. O primeiro que chama a atención é a tendencia decrecente da inmigración no centro no total do período, descendo un 26,56% no ano 1910 e 27,80% no 1920; en total descende 1.744 inmigrantes, quedando en 1.969 no ano 1920. En contraste, a periferia segue unha tendencia máis irregular; así, nesta o decrecemento vai ata o ano 1910, no que descende un 69,78%, inverténdose no 1920 no que aumenta un 76,47%, cun incremento de 52 inmigrantes acadando a cifra de 120.

A pesar de describir distintas tendencias, a baixada en porcentaxe de inmigrantes é similar no centro e na periferia, reducíndose no primeiro caso un 46,97% e no segundo un 46,67% no total do período, respectivamente.

Gráfica 90. Evolución comparativa da inmigración centro-periferia, 1900-1920



Outro contraste podemos observalo na Gráfica 91. Neste caso na análise por sexo sobre todo da emigración provincial, os valores invértense claramente no ano 1900; a favor do sector masculino no centro e do feminino na periferia, para seguir unha traxectoria similar nos anos 1910 e 1920. En porcentaxes, en 1900 os inmigrantes varóns no centro representan un 60,82% e as mulleres un 39,18%. Mentres, no caso da periferia, os varóns acadan o 37,75% e as mulleres o 62,25%. Para o ano 1910, o centro conta cun 46,95% de inmigrantes masculinos fronte a un 53,05% de inmigrantes femininas. Na periferia os varóns representan o 43,37%, mentres que

USC DE COMPOSTELA

as mulleres ascenden ao 52,63%. Finalmente, en 1920, no centro o 45,40% son varóns e o 54,60% mulleres, mentres na periferia o 40,71% son varóns e o 59,29% mulleres.



Finalmente, tamén debemos ter en conta que a inmigración galega, española e internacional é practicamente insignificante na periferia, mentres que no centro conta con certa importancia, sobre todo no caso da galega e española, sendo menos importante numericamente a internacional, o mesmo que acontece na periferia.

En resumo, nas dúas primeiras décadas de século, podemos dicir que o concello se nutre fundamentalmente de inmigrantes chegados da provincia, en número decrecente no caso do centro e decrecente ata o ano 1910 na periferia, a partir do que se inverte a tendencia ata o 1920 debido a factores de tipo económico.

6.3.5 Residentes, ausentes e transeúntes

O factor de ocupación efectiva é fundamental á hora de analizar o comportamento demográfico dun lugar. Neste sentido é imprescindible distinguir entre a poboación residente, a que na data de referencia ten establecida a súa residencia habitual no lugar obxecto de estudo; a poboación ausente, a que non se atopa no lugar no momento do reconto, constituíndo ámbalas dúas a poboación de dereito, empadroada nun lugar; e, en terceiro lugar os transeúntes, os que transitan ou pasan por un lugar, constituíndo xunto cos residentes a poboación de feito, que fai referencia á localización real dunha persoa, con independencia de se está empadroada ou non no lugar no que se atopa.

Unha vez aclarados os conceptos, a análise dos mesmos no centro constata unha maioría da poboación residente nas dúas primeiras décadas de século, o que pon de manifesto unha escasa mobilidade poboacional. En números absolutos, a evolución de residentes vai parella á evolución xeral da poboación, pois parte de 8.054 residentes no 1900, cun aumento do 10,16% no ano 1910, situándose en 8.872 residentes, para descender un 11,47% en 1920, acadando a cifra de 7.854 residentes. No reconto final das dúas décadas hai unha perda de 200 residentes, un 2,48% (Táboa LXXVIII, Anexo).

A evolución de ausentes segue unha traxectoria máis irregular que a de residentes; así, parte dun máximo no ano 1900, contando con 1.228 ausentes, para caer bruscamente en 1910, un

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

93,73% contabilizando 77 ausentes, e no 1920, un 44,16% con 43 ausentes. Nas dúas primeiras décadas a baixada é de 1.185 ausentes, un 96,5% (Táboa LXXVIII, Anexo).

En canto aos lugares de destino desta poboación ausente, este mantense en valores similares no que se refire á provincia, Galicia, España e o mundo. Nos destinos internacionais, a República Arxentina sitúase á cabeza, seguida por Cuba, mentres que nos destinos españois, hai un predominio de Asturias e Madrid. Dentro dos destinos provinciais, destacan sobre todo o centro e o norte da provincia e, finalmente, nos destinos galegos sobresaen as capitais de provincia e grandes cidades, A Coruña, Ourense, Ferrol e Santiago, respectivamente. É preciso, unha vez máis, referírmonos ao caso da Praza de San Fernando, que supera o millar de ausentes no ano 1900; neste caso os destinos destes ausentes son, dentro de Galicia, primeiro Ourense e despois Pontevedra, en España marchan cara Oviedo e León, e tamén algún a Zaragoza e Navarra, focalizando os destinos internacionais en Cuba.

En terceiro lugar, a evolución de transeúntes segue a tendencia dos ausentes, se ben partindo de valores máis baixos, para irse igualando aos ausentes nos anos 1910 e 1920. En cifras, o 1900 conta con 125 transeúntes, para baixar a 64 no ano 1910, un 48,80%, e seguir baixando cara o 1920, no que contamos 35 transeúntes, un 45,31 menos. A perda global nas dúas primeiras décadas ascende a 90 transeúntes, un 72% (Táboa LXXVIII, Anexo). Na procedencia dos transeúntes destaca sobradamente a provincial, cunha distribución aleatoria de todo o territorio provincial. En segundo lugar sitúase Galicia, seguida a moita distancia por transeúntes españois e internacionais, estes dous grupos moi minoritarios.

Na análise por separado dos distintos núcleos, en canto aos residentes destaca a Rúa Nova, o núcleo máis poboado, onde o número de residentes se sitúa por riba do millar ao longo das dúas décadas, seguido pola Estrada da Coruña, que supera tamén o millar de residentes no ano 1910, como reflicte a Gráfica 69.

Na evolución nuclear de ausentes chama a atención o caso da Praza de San Fernando no ano 1910, que conta con 1.156 ausentes varóns, a maioría militares probablemente mobilizados para a guerra de África, recordar que neste núcleo se atopa o cuartel que leva o mesmo nome que a praza. No resto de núcleos o número de ausentes é minoritario, só se atopa por riba da vintena a Rúa Nova en 1910, concretamente 23, e por riba da decena tamén no 1920, con 12 ausentes; Armañá con 14 no ano 1900 e a Estrada da Coruña con 10, 14 e 18 ausentes, respectivamente, nos anos 1900, 1910 e 1920 (Táboa LXXVIII, Anexo).

No caso dos transeúntes, a súa presenza é minoritaria, así nos núcleos nos que aparecen non superan a decena, agás o caso da Ronda de Santiago en 1900, que conta con 80 transeúntes.

A análise da periferia pon de manifesto unha tendencia similar ao centro en canto á poboación residente, xa que esta acada o seu máximo no ano 1910, para descender a partir deste. En números absolutos partimos de 3.953 residentes en 1900, para aumentar ata 5.813 no 1910, un 47,05%; descendendo ata 4.732 en 1920, un 18,6% con respecto a 1900. Aínda así, no reconto final das dúas décadas hai unha ganancia de 779 residentes, un 19,71% (Táboa LXXIX, Anexo).

A evolución de ausentes describe unha tendencia á alza nas dúas décadas estudadas, pois de 43 ausentes no 1900, pásase a 92 no 1910, cun aumento do 113,95%; segue subindo no 1920 ata situarse en 277 ausentes, un incremento total do 201,09%. Nas dúas décadas hai un aumento de 234 ausentes, multiplicándose por seis (Táboa LXXIX, Anexo). Nos destinos da poboación ausente destacan os destinos internacionais, Cuba sitúase á cabeza seguida pola República Arxentina. Nos destinos nacionais, destacan Madrid e Asturias, respectivamente, mentres que os destinos galegos e provinciais son residuais, destacando nos primeiros A Coruña.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na evolución de transeúntes, esta parte dun mínimo sen efectivos no 1900, para acadar o seu máximo no 1910 con 37 transeúntes, caendo bruscamente no 1920 a 8 transeúntes, un 78,38% (Táboa LXXIX, Anexo).

Na análise individual por parroquias, en canto ao número de residentes destacan a parroquia de Santa María de Bóveda no ano 1900, superando o medio millar, concretamente 576 residentes, a parroquia de Calde no 1910, que supera o millar de residentes, concretamente 1.047, e as parroquias de Albeiros e Soñar, que superan os cincocentos residentes no 1920, 506 e 569 residentes, respectivamente (Táboa LXXIX, Anexo). Non en van, estas parroquias eran as máis poboadas das estudadas da periferia de Lugo, segundo reflicte a Gráfica 70, o que se explica polos motivos económicos e demográficos xa descritos.

Na evolución de ausentes, no ano 1900 destacan as parroquias de Santa María e San Salvador de Muxa, con 10 ausentes, e a parroquia de Soñar, con 13 ausentes. En 1920, a parroquia de Teixeiro con 20 ausentes, seguida pola de Muxa con 19 ausentes e as parroquias de Albeiros e Santa María Alta, con 14 ausentes cada unha. O ano 1920 é o que conta cun maior número de ausentes; por parroquias destaca Santa María de Bóveda con 97 ausentes, seguida por Santa Comba con 42, Teixeiro con 38 e Labio con 25 (Táboa LXXIX, Anexo).

O estudo parroquial de transeúntes focalízase no ano 1910, no que só contan con transeúntes as parroquias de Teixeiro con 24 e Muxa con 13. En 1920 a presenza de transeúntes é residual, contando con escasos efectivos as parroquias de Santa María de Bóveda, Santa María Alta, San Xoán Alto e Albeiros.

Como podemos comprobar na Gráfica 92, nunha comparativa entre o centro e a periferia, a poboación residente segue unha traxectoria similar, acadando un máximo no ano 1910, para reducir os seus efectivos no 1920. Porcentualmente a evolución da periferia é maior, xa que o aumento chega ao 147,05% no ano 1910 con respecto a 1900, fronte ao aumento do centro, que chega ao 110,16%. Na década seguinte, a pesar da baixada, segue a ser a periferia a que conta con maior porcentaxe, cun 110,60%, fronte ao centro, que acada o 97,52%.

Gráfica 92. Evolución comparativa de residentes centro-periferia, 1900-1920



Por outro lado, como se pode observar na Gráfica 93, a comparación de poboación ausente pon de manifesto unha inversión de tendencias entre o centro e a periferia. Así, os ausentes do centro seguen unha tendencia decrecente, baixando ata o 6,27% no ano 1910,

USC DE COMPOSTELA

seguindo a evolución á baixa ata situarse nun 3,50% no 1920. Porén, no caso da periferia a tendencia é claramente crecente, aumentando ata un 213,95% no ano 1910 e ata o 644,19% no ano 1920.



Finalmente, no caso dos transeúntes, como indica a Gráfica 94, estes son minoritarios tanto no centro coma na periferia, nesta última case residuais, e con tendencia claramente á baixa en ambos casos. No centro a baixada é dun 51,20% no ano 1910, caendo ata o 28% no 1920. No caso da periferia, esta non conta con efectivos en 1900 e no ano 1920 descende ata o 21,62%, situándose en cotas moi baixas con só 8 efectivos.



6.3.6 Poboación activa e inactiva. Sectores económicos

Segundo indican os datos da Táboa 75 e a Gráfica 95, o total de activos no centro vaise reducindo ao longo das dúas décadas. A evolución da actividade laboral no centro parte duns valores altos de poboación activa no ano 1900, no que acada a contía máis elevada das dúas

décadas; así, 7.032 persoas, un 74,78%, contribúen á actividade económica, fronte aos 2.371 que son inactivos, un 25,22%. En 1910 invértese claramente a tendencia, descendendo a poboación activa ata os 3.414 habitantes, un 37,90%, mentres que a poboación inactiva aumenta ata os 5.595 habitantes, un 62,10%. Esta tendencia mantense no ano 1.920 no que a poboación activa descende relativamente, 2.801 habitantes, un 35,31%, mentres que os inactivos aumentan de maneira pouco significativa tamén, situándose en 5.131, un 64,69% da poboación.

En todos os núcleos observamos esta tendencia á baixa da poboación activa, en oposición á poboación inactiva. A explicación pasa por un descenso da poboación masculina entre os 15 e 64 anos do 9,32% no ano 1910 e outro 0,83% en 1920, afectada principalmente pola emigración. Porén, a porcentaxe de poboación feminina desa franxa de idade aumenta un 4,01% no ano 1910 e outro 0,07% no 1920, manténdose por riba da masculina en ambos anos.

A poboación inactiva nútrese, a maiores da poboación infantil e anciá, da poboación maioritariamente feminina dedicada aos seus labores, ou ao seu sexo, como consta literalmente nas fontes consultadas. É probable que a maioría desta poboación feminina figure oficialmente como inactiva, inda que na realidade fora todo o contrario, debido á precaria situación sociolaboral das mulleres nesta época.

Táboa 75. Poboación activa e inactiva no centro do Concello de Lugo

Núcleos	1900		1910		1920	
	Activa	Inactiva	Activa	Inactiva	Activa	Inactiva
Armañá	121	26	58	81	50	72
Castelo	171	79	96	156	81	141
Catedral	150	53	90	81	80	70
Doutor Castro	80	45	71	114	60	103
Emilio Castelar	91	38	83	149	70	134
Flores	43	14	20	33	17	30
Hortas	51	35	30	58	24	53
Recatelo	90	54	32	94	25	86
Raíña	158	93	159	170	139	151
Rúa Nova	967	459	546	856	486	748
San Marcos	168	44	93	183	76	167
San Pedro	259	122	130	224	110	202
San Roque	352	242	237	387	185	364
Rúa Santiago	81	56	62	90	52	82
Sol	99	30	116	128	90	125
Soidade	207	23	62	208	42	196
Tinería	162	70	65	101	50	96
Estrada Estación	167	51	96	175	83	155
Estrada da Coruña	665	197	409	697	329	644
Praza Constitución	176	60	126	147	96	144
Pza. Bispo Izquierdo	135	66	55	140	44	128
Pza. San Fernando	1.430	25	101	188	83	171
Pza. Santo Domingo	213	56	164	187	143	166
Ronda da Coruña	580	189	309	507	220	498
Ronda do Miño	94	53	39	103	33	95
Ronda de Santiago	322	191	165	338	133	310
TOTAL	7.032	2.371	3.414	5.595	2.801	5.131

A poboación activa está formada, no sector feminino, fundamentalmente por xornaleiras e mulleres que traballan no servizo doméstico; en cifras inferiores aparecen costureiras, dependentas de comercio e moi residualmente profesións liberais, como mestras. Isto fálanos dunha terciarización que avanza no concello, así como da escasa cualificación do traballo feminino o mesmo que acontece no caso da cidade da Coruña (Blanco Louro, 1996, p. 214). No sector masculino predominan os militares, industriais, comerciantes, xornaleiros,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

carpinteiros, zapateiros, xastres, profesións relacionadas coa construción e xa de maneira máis residual aparecen profesións liberais, como profesores, médicos, avogados, notarios e funcionariado xeral.

Polo tanto, por sectores económicos existe un predominio do terciario, que aglutina practicamente á metade dos activos nas dúas décadas, cunha tendencia estable dos tres sectores ao longo do período (Gráfica 95).

Gráfica 95. Evolución da poboación activa no centro, 1900-1920



En números absolutos, como indican os datos da Táboa 76, o ano 1900 conta cun total de 3.772 traballadores do sector terciario, un 53,54%, mentres que o sector primario conta con 1.793 traballadores, un 25,5%, e o secundario 1.476 traballadores, un 20,86%.

Táboa 76. Sectores económicos no centro do Concello de Lugo

Núcleos	1900			1910			1920		
	P.	S.	T.	P.	S.	T.	P.	S.	T.
Armañá	9	9	103	3	8	47	2	7	41
Castelo	25	87	59	11	25	60	6	20	55
Catedral	39	31	80	17	17	56	15	15	50
Doutor Castro	2	11	67	1	18	52	3	15	42
Emilio Castelar	8	13	70	12	15	56	10	13	47
Flores	5	10	28	3	7	10	4	5	8
Hortas	42	8	1	17	10	3	15	7	2
Recatelo	31	20	39	14	7	11	12	5	8
Raíña	2	42	114	1	16	142	-	12	127
Rúa Nova	305	294	368	157	182	207	139	160	187
San Marcos	15	20	133	-	21	72	-	15	61
San Pedro	2	61	196	11	29	90	7	21	82
San Roque	91	92	169	81	52	104	58	35	92
Rúa Santiago	25	30	26	42	8	12	36	6	10
Sol	55	29	15	47	56	13	38	42	10
Soidade	18	98	91	16	16	30	10	10	22
Tinería	45	64	53	23	18	24	17	15	18
Estrada Estación	45	36	86	23	12	61	18	10	55
Estrada da Coruña	474	111	80	288	68	53	228	58	43
Praza Constitución	12	16	148	1	10	115	-	8	88
Pza. Bispo Izquierdo	32	40	63	4	21	30	3	16	25
Pza. San Fernando	29	23	1.378	12	36	53	10	26	47
Pza. Santo Domingo	28	36	149	4	9	151	5	10	128

Ronda da Coruña	274	147	159	118	79	112	86	54	80
Ronda do Miño	45	27	22	18	10	11	20	6	7
Ronda de Santiago	135	112	75	87	33	45	72	26	35
TOTAL	1.793	1.467	3.772	1.011	783	1.620	814	617	1.370

No ano 1910 as porcentaxes son similares ao 1900, se ben partimos dun descenso da metade activos, concretamente unha baixada do 51,45%, situándose estes en 3.414. Na división por sectores, o terciario conta con 1.620 traballadores, un 47,45%, o primario sitúase en 1.011, un 29,61%, mentres que o secundario é o minoritario con 783 traballadores, un 22,94%.

No ano 1920 os valores porcentuais son similares aos de 1910, se ben seguimos asistindo a unha baixada de activos, neste caso do 17,96%, situándose en 2.801. Por sectores, o maioritario segue a ser o terciario con 1.370 efectivos, un 48,91%, seguido polo primario con 814 traballadores, un 29,06%, e finalmente o secundario con 617 traballadores, un 22,03%.

Así pois, como reflicte a Gráfica 95, a división da poboación do centro por sectores lévanos a falar dunha terciarización económica do centro do concello, o que entra dentro da lóxica nun entorno urbano.

Nunha análise por núcleos observamos dúas tendencias: nos núcleos do centro propiamente ditos a evolución é sempre a favor do sector terciario, sendo o maioritario nas dúas décadas. Non obstante, nos núcleos periféricos do centro a tendencia decántase a favor do sector primario, o que observamos nas Hortas, Estrada da Coruña, Ronda da Coruña, Ronda do Miño e Ronda de Santiago, nos que prevalece o sector primario nas dúas décadas (Táboa 76). Nos casos de Recatelo e da rúa Santiago é maioritario o sector primario nos anos 1910 e 1920; mentres, un caso que escapa destas dúas tendencias é Sol, pois neste predomina o sector secundario en 1910 e 1920, seguido polo primario e terciario.

Algún dato destaca nas profesións xerais, como son as numerosas relixiosas en San Roque e na Soidade no ano 1900, tamén nesta o elevado número de zapateiros e xastres no mesmo ano e asilados no 1910. Subliñar tamén o caso xa citado de San Fernando, no que a maioría son militares en 1900. A Ronda da Coruña, na que abundan os gardas civís en 1910, e finalmente a Ronda de Santiago, con abundancia de seminaristas nos anos 1900 e 1910, así como tamén presos no 1900.

A prensa da época recolle na poboada Rúa Nova, ademais de labradores, notarios (Cándido López Rúa), procuradores, dentistas, zapateiros, profesores, corredores de comercio, modistas, a Funeraria Moderna, academias, entre as que destaca a de *Nuestra Señora de los Ojos Grandes*, colexio de nenas instalado a partir do 1 de xaneiro de 1920 no local que ocupaba a anterior academia; ferraxerías, ultramarinos e almacéns de viños e augardentes.

Como se pode observar na Gráfica 96, no estudo da poboación activa e inactiva da periferia dáse unha tendencia claramente á alza na primeira década para caer bruscamente na segunda, e consecuentemente aumentar a poboación inactiva. Segundo os datos da Táboa 77, o ano 1900 conta con 2.976 activos, o 74,47%, e 1.020 inactivos, o 25,53%. Estas cifras experimentan cambios no 1910, pois a poboación activa diminúe; son 3.262 activos, un 54,90%, no que hai que ter en conta o aumento de poboación total con respecto ao 1900, concretamente aumenta 1.946 habitantes, un 42,21%, mentres que os inactivos dobran os seus efectivos con respecto a 1900, ascendendo ata 2.680 efectivos, o 45,10%. En 1920, a tendencia de activos segue á baixa con 1.687, o 36,23%, e a de inactivos á alza con 2.970, o 63,77%. Debemos ter en conta que a poboación total descende en 1.285 habitantes con respecto a 1910, un 21,63%, de aí que as porcentaxes sexan moito máis significativas que os números absolutos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 77. Poboación activa e inactiva na periferia do Concello de Lugo

Núcleos	1900		1910		1920	
	Activa	Inactiva	Activa	Inactiva	Activa	Inactiva
Galegos	153	66	88	160	80	143
Albeiros	242	132	267	366	168	356
Santa María Alta	203	63	262	247	183	257
San Xoán Alto	119	62	133	115	89	138
Santa M.ª Bóveda	408	175	460	197	205	387
Calde	272	74	619	428	133	222
Hombreiro	169	78	290	96	96	143
Labio	149	39	165	137	94	200
Muxa	370	119	255	280	123	217
Santa Comba	327	42	213	199	211	317
Soñar	345	102	250	150	199	373
Teixeiro	219	68	260	305	106	217
TOTAL	2.976	1.020	3.262	2.680	1.687	2.970

Como acontece coa poboación inactiva do centro, a poboación inactiva da periferia componse, ademais da poboación infantil e anciá, de mulleres dedicadas ás súas labores ou ao seu sexo, tal como consta nas fontes consultadas. A poboación activa feminina está formada fundamentalmente por xornaleiras e mulleres que se dedican ao servizo doméstico, mentres o que no sector masculino tamén son maioritarios os xornaleiros ou labradores, máis minoritarios serían os carpinteiros e xa no sector terciario os criados, que probablemente combinaban o traballo do campo con traballos de servizos no centro.

Como reflicte a Gráfica 96, na análise por sectores económicos da periferia observamos un predominio do sector primario nas dúas décadas, e así mesmo unha estabilización dos valores dos tres sectores ao longo de todo o período. Como indican os datos da Táboa 78, partimos do ano 1900 con 2.751 activos no sector primario, un 92,44%, 79 no secundario, un 2,65%, e 146 no terciario, un 4,91%.

No ano 1910, as cifras non varían moito con respecto ao 1900; así, aparecen 2.961 activos no sector primario, un 90,77%, 56 no secundario, un 1,72%, e 245 no terciario, un 7,51%. Debemos ter en conta que o 1910 é o que conta cun maior número de activos, con 3.262, aumentando un 9,61% con respecto a 1900.

Táboa 78. Sectores económicos na periferia do Concello de Lugo

	1900			1910			1920		
	P.	S.	.T.	P.	S.	T.	P.	S.	T.
Galegos	113	23	17	75	1	12	74	-	6
Albeiros	222	1	19	205	5	57	141	9	18
Santa María Alta	198	3	2	234	-	28	172	-	11
San Xoán Alto	115	-	4	125	-	8	85	-	4
Santa M.ª Bóveda	377	7	24	430	10	20	197	-	8
Calde	265	-	7	539	21	59	129	-	4
Hombreiro	161	-	8	277	-	13	88	2	6
Labio	149	-	-	163	1	1	92	-	2
Muxa	355	2	13	229	3	23	121	1	1
Santa Comba	282	7	38	212	-	1	203	1	7
Soñar	331	9	5	250	-	-	189	-	10
Teixeiro	183	27	9	222	15	23	104	-	2
TOTAL	2.751	79	146	2.961	56	245	1.595	13	79

O ano 1920 continúa na mesma liña; o sector primario segue sendo o prioritario con 1.595 activos, o 94,55%, o secundario aparece de forma residual con 13 efectivos, o 0,77%, e o terciario conta con 79 activos, o 4,68%. É preciso subliñar que a poboación activa redúcese á metade no 1920 con respecto a 1910, en cifras conta con 1.687 activos, unha redución do

48,28%, o que se debe ao incremento da emigración co conseguinte avellentamento que leva aparellado.



A Gráfica 96 ofrécenos unha panorámica xeral, na que o sector primario describe unha traxectoria á alza ata o ano 1910, a partir do cal se reduce o seu número de efectivos. O sector secundario segue unha tendencia á baixa e o terciario acada o seu máximo en 1910, para caer en 1920 a valores similares aos de 1900, todo elo indicativo dun momento de transición económica cara ao sector terciario subsidiario do centro.

A Gráfica 97 ofrécenos unha comparativa da poboación activa e inactiva entre o centro e a periferia. Nela podemos observar que os activos de ambas no ano 1900 parten practicamente da mesma porcentaxe, 74,78% o centro e 74,47 a periferia; non obstante, no 1910 o centro rexistra unha caída máis brusca que a periferia, reducíndose os activos á metade, concretamente a baixada é dun 36,88%, situándose nun 37,90%. No caso da periferia, esta experimenta unha menor redución que o centro en canto ao número de activos, a baixada é menos brusca, concretamente dun 19,57%, quedando os activos en 1910 nun 54,90%.

A pesar desta evolución diferente na primeira década, no ano 1920 volven a igualarse as porcentaxes de activos entre centro e periferia; o centro sofre unha leve baixada manténdose en valores similares ao 1910, baixa un 2,59% situándose nun 35,31%. Mentres, na periferia a baixada é maior porque tamén partía de valores superiores no ano 1910, reducíndose nun 18,67%, para situarse nun 36,23%.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfica 97. Evolución comparativa de activos e inactivos centro-periferia, 1900-1920



A panorámica xeral tanto no centro coma na periferia é á baixa, así nas dúas primeiras décadas de século asístese a unha baixada na poboación activa do 39,47% no centro, e do 38,24% na periferia.

A poboación inactiva, como se observa tamén na Gráfica 97, segue loxicamente unha tendencia inversa á poboación activa, sendo esta tendencia á alza tanto no centro coma na periferia. Ambas parten tamén dunha porcentaxe similar de inactivos no ano 1900; así, o centro parte dun 25,22% e a periferia dun 25,53%. Nos dous casos aumentan a súa porcentaxe no 1910, se ben o aumento do centro é maior, máis do dobre da porcentaxe de inactivos de comezos de século, un 36,88%, situándose nun 62,10%; no caso da periferia, o aumento tamén é notable, concretamente dun 19,57%, situándose nun 45,10% de poboación inactiva. No ano 1920 a tendencia á alza continúa, se ben no centro en valores similares aos de 1910, mentres que a periferia experimenta unha subida maior, todo elo para acabar igualándose a porcentaxe de poboación inactiva no centro e na periferia. En porcentaxe os activos do centro aumentan un 2,59%, situándose en 64,69%, mentres que o aumento da periferia é do 18,67%, rematando a segunda década co 63,77% de inactivos.

No conxunto da etapa, a poboación inactiva parte de porcentaxes baixas e similares no ano 1900 para o centro e a periferia, para aumentar en 1910, sobre todo no centro, continuando co aumento e igualándose no ano 1920; o aumento xeral do centro é do 39,47% e na periferia do 38,24%.

Contrasta tamén que a taxa de actividade é positiva no ano 1900 para o centro e negativa no 1910 e 1920, mentres que para a periferia esta é positiva no 1900 e no 1910, inverténdose no ano 1920. Isto é indicativo dun centro con aumento da xente nova nos anos 1910 e 1920, e afectado por unha inmigración e emigración decrecentes, mentres que a periferia responde a unha dinámica de avellentamento no ano 1920 e emigración crecente nos tres anos.

Como permite comprobar a Gráfica 98, por sectores económicos, a evolución do centro e da periferia é totalmente diverxente. No centro existe unha preponderancia do sector terciario nas dúas décadas, que se mantén en valores bastante estables; así, no 1900 a metade a poboación activa no centro está ocupada no sector terciario, un 53,64%, porcentaxe que se reduce un 6,19% no ano 1910, situándose nun 47,45%, aumentando levemente en 1920, un 1,16%, situándose nun 48,91%. Estes valores contrastan coa periferia, na que o sector terciario se mantén en porcentaxes moi baixas que parten do 4,91% no 1900, para aumentar un 2,60% en

USC DE COMPOSTELA

1910, situándose nun 7,51%, e volver a caer a valores similares aos do 1900 no ano 1920, no que se reduce un 2,83% e situándose nun 4,68%.

Gráfica 98. Evolución por sectores económicos no centro e na periferia, 1900-1920



Na periferia o sector que aglutina a máis activos é claramente o primario, con porcentaxes moi elevadas ao longo das dúas décadas, empregando á maioría dos activos e describindo unha traxectoria estable ao longo de todo o período. O ano 1900 conta 92,44% de activos no sector primario, para baixar levemente en 1910 un 1,67%, situándose no 90,47%, e volver a aumentar en 1920 un 3,78%, chegando a un 94,55% de activos neste ano.

Estas cifras contrastan claramente coa porcentaxe de poboación activa dedicada ao sector primario no centro, pois este parte do 25,50% no ano 1900, para aumentar moi pouco no 1910, un 4,11% e situarse nun 29,61%, manténdose no 1920, no que suma un 0,55% achegando o 29,06%. Debemos ter en conta que a periferia do centro é maioritariamente rural, o que fai que se manteña a porcentaxe de activos nas dúas décadas.

No caso do sector secundario, este é o minoritario tanto no centro como na periferia. No centro as porcentaxes son relativamente inferiores ao sector primario; parte dun 20,86% no 1900, para aumentar un 2,08% en 1910, acadando un 22,94%, e manterse no 1920, no que a baixa é imperceptible, un 0,55% cun total do 29,06%.

Na periferia o sector secundario é practicamente residual, pois no ano 1900 conta cun 2,65% da poboación activa, reducíndose un 0,93% no 1910, ata un total do 1,72%, e

USC DE COMPOSTELA

practicamente desaparece no ano 1920, cunha baixada do 0,95% achegando o 0,77% da poboación activa.

Polo tanto, nunha visión global constátase que o centro é terciario, mentres que a periferia, tanto as parroquias como a periferia do centro, é rural. Tamén se observa que o sector secundario é o minoritario, practicamente residual na periferia, o que pon de manifesto a feble industrialización a comezos do século XX no Concello de Lugo.

En definitiva, do estudo comparado da poboación centro-periferia obtemos varias conclusións. En canto á poboación adulta, no centro descende desde 1900, mentres que na periferia faino a partir do 1910, descendendo no ano 1920. Por idade, a tendencia que se observa é a da feminización no centro, fronte á masculinización da periferia, ao mesmo tempo, que tanto no centro como na periferia, hai máis número de homes alfabetizados, pero aumenta máis a alfabetización feminina no conxunto da etapa de estudo. Finalmente, obsérvase un claro predominio do sector terciario no centro, fronte a un predominio do primario na periferia.

7 CONCLUSIÓNS

Unha vez rematada a investigación, extráense as seguintes conclusións, que como se indicou no apartado de metodoloxía, veñen a sintetizar de maneira conxunta as dos capítulos político, económico e demográfico, expostas en cada un destes.

A evolución política do Concello de Lugo é representativa do período no que se insire, que é a crise do sistema da Restauración, o Directorio Militar e o comezo do Directorio Civil da ditadura de Primo de Rivera.

O sistema político está fundamentado nos dous partidos dinásticos protagonistas da quenda pacífica, representados polas faccións locais que mediatizan o goberno municipal. Estas reciben varias denominacións atendendo aos seus líderes: así, dentro do Partido Liberal, falamos de quiroguistas ou ballesteristas, moretistas e romanonistas, representantes da á dereita deste; mentres que monteristas, neiristas e demócratas, representan a á esquerda. É preciso matizar que os canalejistas, aínda que ideoloxicamente son de esquerda, na política municipal asociáranse coa á dereita do Partido Liberal para formar parte dos gobernos municipais, e desde 1914 xa aparecen integrados dentro dos romanonistas.

Desde o ano 1899 ata o 1922 o predominio corresponde aos gobernos liberais, concretamente dez gobernos liberais e cinco conservadores, e dentro dos gobernos liberais predomina sempre a dereita, que o fará nos anos 1899, 1901, 1902, 1903, 1904, 1910, 1912, 1914, 1916, 1918, 1920 e 1922, sobre a esquerda, que unicamente será maioritaria no 1906 e paritaria no ano 1909. Os gobernos do partido conservador, agás o da corporación paritaria a 1 de xullo de 1899, son sempre con maioría liberal, como acontece na corporación municipal a 3 xaneiro de 1903, a 1 de xaneiro de 1904, a 1 de xullo de 1909 e a 18 de abril de 1910.

O decorrer da política municipal segue, por veces, un camiño diferente da política nacional, así se pon de manifesto nas corporacións a 1 de xaneiro de 1914, a 1 xaneiro de 1918, a 1 de abril de 1920 e a 1 de abril de 1922, todas elas cun goberno liberal na quenda conservadora. É preciso puntualizar que nestes catro exemplos rupturistas do sistema, os gobernos municipais pertencen á á dereita do partido liberal, chamados quiroguistas ou romanonistas, todos eles presididos polo alcalde Ángel López Pérez.

A discordancia anterior é froito do enfrontamento interno do Partido Liberal entre á súa á dereita e a súa á esquerda, coñecidos estes últimos como monteristas, neiristas e máis tarde demócratas.

É o pacto entre a dereita liberal e o Partido Conservador o amparo dos gobernos liberais nas quendas conservadoras, coa finalidade de desprazar do poder á esquerda liberal, chegando incluso ao transfuguismo interno dentro do partido; é o caso de Ángel López Pérez, que se cambia da esquerda á dereita liberal no ano 1909, accedendo á alcaldía no 1910.
Outra constante da política municipal é a inestabilidade temporal dos gobernos, non respectándose a periodicidade bianual da renovación do concello entre os anos 1901 e 1904, nin en 910. A isto engádeselle o absentismo nas sesións municipais, o que dá como resultado unha inestabilidade no funcionamento dos gobernos, solapada pola maioría liberal no consistorio, así como unha política de carácter personalista e pragmática, na busca do apoio social e das forzas vivas da cidade.
A partir do ano 1904, o bipartidismo vai cedendo terreo coa entrada de novas forzas no consistorio froito da importancia do colectivo obreiro e a da mobilización campesiña de ámbito católico. Así, o Centro Obreiro conta con representación nas corporacións de 1904, 1906, 1912, 1914, 1916, 1918, 1920 e 1922, e a Sociedade de Labradores nas corporacións de 1912, 1914, 1916, 1918, 1920 e 1922.
Coa chegada da ditadura prodúcese un intento de estabilización, parello á debilidade do sindicalismo católico, ademais da renovación de concelleiros por metade cada tres anos e a obrigatoriedade de asistencia ás sesións, a partir de 1924, para reducir o absentismo; aínda así, estas medidas non traen a estabilidade desexada, senón que a ausencia de variación na composición social e profesional dos representantes municipais, o nomeamento dos concelleiros directamente polo Gobernador Civil, a renuncia de cargos e o control absoluto da política provincial acaban por reproducir os sistemas caciquís que intentaba erradicar.
A evolución económica do concello ven definida polas partidas de ingresos e gastos ao longo das tres etapas nas que se divide o estudo: 1900-1909, 1910-1918 e 1919-1925. En canto aos ingresos, segundo reflicte a Gráfica 99, a tendencia é á alza nas tres etapas estudadas, cun incremento do 157,73%, multiplicándose por 2,5 entre a primeira etapa e a última (Táboa LXXX, Anexo). Este incremento non é constante, xa que entre as dúas primeiras etapas é do 8,45%, mentres que na terceira aumenta nun 132,11%. Tendo en conta estes datos, podemos afirmar que o concello parte dunha etapa próspera, pasa por unha etapa de estancamento e remata nunha etapa con récord de ingresos, cuxa explicación debemos buscala na propia dinámica económica municipal.
Esta dinámica económica do municipio pon de manifesto que a principal fonte de ingresos ata o ano 1918 son os impostos, cuxa recadación tende á estabilidade, cun feble incremento do 14,94% nas dúas primeiras etapas. A procedencia principal destes impostos é a dos recursos para cubrir o déficit, entre os que destaca a recarga sobre o imposto de consumos, que recarga as cotas deste nun 100%. Este imposto suprímese de forma progresiva a partir do ano 1911, contabilizándose a partir de 1916 unha serie de impostos substitutivos deste que son o Repartimento xeral, o arbitrio sobre carnes, o arbitrio sobre inquilinatos, o arbitrio sobre a venda de bebidas espirituosas, espumosas e alcohois; o abono do Estado polo 20% do que recade por contribución industrial e outro 20% por contribución urbana, o arbitrio sobre solares e a recarga do 100% sobre o imposto de Timbre do Estado nos billetes de espectáculos públicos, que pasan a constituír a principal partida ata o ano 1925.
O gravame impositivo complétase cunha serie de impostos municipais, que distan moito en nivel de recadación dos anteriores, e que nas dúas primeiras etapas se centrarán no matadoiro, configurándose así o mercado da carne como actividade principal do concello, pero que na terceira etapa pasará a un segundo lugar en detrimento dos postos públicos de venda.
En segundo lugar en nivel de ingresos sitúanse os ingresos extraordinarios, cuxa evolución é moi irregular, adaptándose ás esixencias económicas municipais. Estes parten dunha cifra

USC DE COMPOSTELA

elevada na primeira etapa debido ao préstamo para cubrir o déficit orzamentario entre os anos 1901 e 1905. Na segunda etapa prodúcese un descenso considerable destes ingresos, concretamente dun 82,41%. Na terceira etapa dispáranse os ingresos extraordinarios ata converterse no principal aporte económico do concello, como se observa na Gráfica 99, con preto dos cinco millóns e medio de pesetas. O motivo disto, son as necesidades cada vez maiores dun concello centrado no sector terciario, cun sector secundario, o mercado da carne, en declive, de aí que teña que recorrer ao endebedamento para afrontar custosos proxectos como a construción do Hospital Municipal e a compra da fábrica de luz eléctrica e activo da *Compañía Alumbrado Eléctrico de Lugo*, coa finalidade da municipalización do alumeado público.

Gráfica 99. Evolución de ingresos no Concello de Lugo nas etapas de 1900-1909, 1910-1918 e 1919-1925



O terceiro lugar en orde de ingresos ocúpano os servizos municipais de carácter social, sendo a beneficencia, que agrupa o Hospital de San Bartolomé e a Casa Municipal de Beneficencia, o máis cuantioso de todos eles. A evolución dos ingresos por servizos municipais é á alza nas tres etapas, aumentando na segunda un 82,90% e na terceira un 73,57% (Gráfica 99). A explicación radica na duplicación dos ingresos a partir do ano 1918 debido á epidemia de Gripe, que empezan a baixar desde 1920, recuperándose a partir do 1922, cunha caída no 1925 debido á obrigatoriedade do Estatuto Municipal de establecer cunha Casa de Beneficencia en todos os municipios de máis de 15.000 habitantes, que anteriormente eran asumidos pola da capital da provincia.

Finalmente, os ingresos por propios e montes constitúen un aporte residual para o concello, de feito os montes só se contabilizan na primeira etapa.

No apartado de gastos, a súa evolución describe unha traxectoria similar á dos ingresos, sendo tamén á alza nas tres etapas, cun incremento do 182,62%, multiplicándose case por tres os gastos entre a primeira e terceira etapas, como reflicte a Gráfica 100. A evolución tampouco é constante, así na segunda etapa o gasto aumenta nun 33,97% e na terceira un 110,95%.

A tenor destes datos, podemos diferenciar unha primeira etapa de contención do gasto e unha segunda e terceira de expansión do mesmo, un incremento de gasto que se explica en base á evolución de cada unha das partidas que o compoñen.

En primeiro lugar en orde de gasto sitúanse as cargas do concello, incrementándose nun 67,45% en todo o intervalo. Como o seu propio nome indica, trátase de partidas paliativas e non

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

inversoras, constituíndo a principal o continxente provincial para cubrir o déficit da provincia, seguida polos créditos recoñecidos.
As obras municipais ocupan o segundo lugar de gasto, cunha traxectoria á alza pero moi irregular, xa que nas dúas primeiras etapas asistimos a unha inversión en obras que aumenta un 71,72%, disparándose o gasto na última etapa, que se multiplica por máis de doce, achegándose aos sete millóns de pesetas (Gráfica 100). A explicación radica en que nas dúas primeiras etapas hai un incremento contido e racionalizado do gasto en obras ex novo, que na terceira etapa se dispara debido á financiación da construción do Hospital Municipal, cuxa inversión se aproxima aos seis millóns de pesetas.

Gráfica 100. Evolución de gastos no Concello de Lugo nas etapas de 1900-1909, 1910-1918 e 1919-1925



A evolución do gasto en servizos municipais é constante nas tres etapas, e apenas se aprecia un lixeiro incremento do 23,97% na terceira etapa. A maior parte dos gastos van destinados á beneficencia municipal, que na primeira etapa dobra aos ingresos, mentres que nas outras os ingresos compensan os gastos; séguelle á beneficencia municipal os gastos de policía urbana e rural.
Os gastos xerais do concello increméntanse tamén nas tres etapas, duplicándose entre a primeira e terceira. Estes incrementos non son constantes, un 27,36% na segunda etapa e un 61,35% na terceira. A explicación céntrase no aumento de soldos e gratificacións de empregados, que constitúen o principal gasto xeral do concello.
Finalmente, os gastos en montes son moi reducidos, o que constata a escasa importancia inversora municipal en aproveitamentos comunais, só na primeira etapa, e aproveitamentos forestais.
Nunha valoración comparativa entre ingresos e gastos, apréciase un déficit total nos vinte e cinco anos de 3.817.091,13 pesetas, o que non é real, xa que en determinados momentos o concello recorre a préstamos, ou aumenta os ingresos extraordinarios para equilibrar as contas, ademais dos lucrativos ingresos por recursos para cubrir este déficit (Táboa LXXX, Anexo).
En todas as etapas o resultado é tamén de déficit, se ben este vaise incrementando paulatinamente, de 225.370,47 pesetas na primeira etapa pasa a 1.502.167,18 pesetas na segunda, e chega a 2.089.553,48 pesetas na terceira; un endebedamento progresivo do concello, a pesar do incremento de ingresos nas partidas de impostos, ingresos extraordinarios e servizos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

municipais. Esta descompensación, atende ao aumento dos gastos de construción de obras e, en menor medida, dos gastos xerais, na terceira etapa.
Polo tanto, este aumento de gasto en detrimento de actividade económica que o sustente, que é o mercado da carne, desemboca nunha terciarización encuberta, que recorre ao endebedamento progresivo como principal medio de financiación.
O impacto social da evolución económica no Concello de Lugo segue uns parámetros que se repiten ata o ano 1918. Así, o matadoiro e o mercado da carne representan o poderío económico, a recarga sobre o imposto de consumos é o recurso para cubrir o déficit máis importante, seguido dos impostos substitutivos do de consumos. Esta carga impositiva *in crescendo* desemboca en numerosas protestas sociais cunha presenza feminina crecente, que chegan a confundirse en ocasións coas protestas pola carencia de subsistencias ou o elevado prezo delas como consecuencia da guerra mundial. Para minorar os efectos negativos da guerra sobre os prezos, a alcaldía de Lugo, e tamén as doutros concellos galegos, interveñen actuando sobre todo para controlar os prezos do trigo, creándose a tal fin, unha panadería reguladora no ano 1917, suprimida no 1925, establecendo taxas para o prezo das fariñas e sometendo a subministración de patacas ao control dunha taxa municipal. A alcaldía tamén se ve obrigada a intervir para controlar o prezo da carne; así, xa desde o ano 1899 consta a existencia dunha carnizaría reguladora, establecendo medidas para evitar fraudes na pesada ou pactando prezos cos carniceiros.
A partir do ano 1919, comeza a desaceleración económica do concello debido á perda de importancia do mercado da carne, ao que contribúe o illamento nas comunicacións co resto de Galicia e do Estado español, xa que a exportación de carne de vacún desde Lugo constituía non só un importante aporte económico a nivel municipal, senón tamén provincial. Tamén nesta última etapa aparecen protestas obreiras ligadas xa non só á inflación, senón tamén á demanda do incremento de salarios para contrarrestala, nun concello lastrado economicamente por un sector terciario deficitario.
Para tentar superar estas e outras deficiencias celébrase un Congreso de Economía Galega no ano 1925. Este céntrase no ámbito agrario para abordar problemas como a xestión entre espazos forestais e agrícolas, a formación do campesiñado, a selección de sementais, a celebración de concursos de gando, a posta en marcha de campañas de vacinación, así como o transporte de produtos agrícolas e gandeiros. Noutras seccións tamén se reclama o recoñecemento da personalidade diferenciada de Galicia, a consideración e intervención sobre o alcoholismo como enfermidade e a necesidade da mellora da alfabetización, entre outras.
A evolución demográfica do concello é debedora da conxuntura histórico-económica na que se insire. Por unha parte, unha vez analizada a evolución do concello no seu conxunto, esta danos unha imaxe dun concello moi poboado no cambio de século en comparanza cos concellos galegos máis representativos, ocupando o segundo lugar nos anos 1897 e 1900, por detrás do Concello da Coruña. Esta relevancia mantense no 1910, 1920 e 1930, nos que a pesar de perder peso demográfico en relación cos concellos atlánticos, acada o seu máximo de poboación no 1910, a partir do cal descende no 1920, volvendo a recuperarse parcialmente no ano 1930. A explicación deste comportamento hai que buscala nos efectos tardíos da crise finisecular, que se manifesta a partir do ano 1903 nunha na baixada xeral de ingresos por impostos, recuperándose a partir do 1906; nunha natalidade alta e nunha mortalidade moderada ata o ano 1909, que nos dá o crecemento vexetativo sostido máis elevado dos vinte e cinco anos; nunha baixa emigración e, finalmente, nunha situación económica municipal estable cun déficit moi reducido na primeira etapa. Todos estes factores teñen como resultado un máximo poboacional no ano 1910, no que o concello acada a cifra de 35.889 habitantes de dereito.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A partir do ano 1910, prodúcense unha serie de circunstancias que provocan unha recesión demográfica no 1920. No movemento natural asistimos a un descenso da taxa de natalidade, que acada o seu mínimo nos anos 1917, 1918 e 1919, xunto a unha mortalidade que rompe a tendencia á baixa, acadando o seu máximo en 1918, o que nos dá como resultado un crecemento vexetativo negativo neste mesmo ano. Se a isto lle engadimos a revitalización da emigración sobre todo interior na segunda etapa, á súa vez consecuencia dun crecemento económico reducido na mesma cun aumento do déficit, como resultado prodúcese unha baixada da poboación no 1920, acadando o seu paroxismo na epidemia de Gripe do ano 1918, cuxos efectos durarán ata o 1921.

A partir do ano 1920 prodúcese unha recuperación demográfica en consonancia co aumento da taxa de natalidade, o descenso da emigración e o relanzamento económico centrado no sector terciario, que fai que o concello duplique ingresos e gastos na etapa 1919-1925.

O comportamento a nivel interior da poboación municipal difire se nos centramos no ámbito urbano ou no rural. Así, o centro perde habitantes desde o ano 1900, cunha baixada progresiva e controlada, que se dispara en 1920. Mentres, a periferia aumenta considerablemente o seu número de habitantes no ano 1910, para caer no 1920. Estas cifras hai que poñelas en relación cos movementos migratorios, pois a inmigración no centro acada cifras máis importantes que na periferia, inda que con tendencia á baixa de maneira progresiva; namentres, na periferia a caída é máis brusca no 1910, recuperándose no ano 1920.

En canto á emigración, esta segue tendencias contrarias: no centro é decrecente, chegando a cifras moi baixas no ano 1920, mentres que na periferia é crecente, acadando o seu máximo neste mesmo ano. Desta maneira a periferia convértese nunha área expulsora de habitantes, mentres que o centro actúa como área receptora.

Os movementos migratorios son sobre todo interiores na inmigración, nutríndose o centro de habitantes da provincia en maior medida, en tanto que na emigración, os lugares de destino da poboación do centro mantéñense en valores similares en canto á provincia, Galicia, España e o mundo. No que se refire aos destinos internacionais, a República Arxentina sitúase á cabeza, seguida por Cuba. Nos destinos españois, predominan Asturias e Madrid. Dentro dos destinos provinciais, destacan sobre todo o centro e o norte da provincia. Finalmente, nos destinos galegos sobresaen as capitais de provincia e grandes cidades, A Coruña, Ourense, Ferrol e Santiago, respectivamente.

Polo que se refire á periferia, tamén hai un claro predominio da inmigración provincial, mentres que o destino dos emigrantes é maioritariamente internacional; así, Cuba sitúase á cabeza seguida pola República Arxentina. A continuación sitúanse os destinos nacionais, dentro dos que destacan Madrid e Asturias, respectivamente. Os destinos galegos e provinciais son residuais, destacando nos primeiros A Coruña.

Á súa vez, estes movementos migratorios determinan en gran medida a composición interna da poboación. No centro en 1900 hai un predominio de varóns, tendencia que se inverte en 1910 e 1920, cunha maioría de mulleres. A explicación disto é que o ano 1900 é o que conta cunha maior inmigración, maioritariamente masculina, que se vai reducindo no 1910 e 1920, incrementándose, á súa vez, a inmigración feminina cara o centro debido á terciarización económica.

No caso da periferia partimos dunha situación similar entre ambos sexos, no 1910 asistimos a un incremento masculino, para volver ao punto de partida en 1920. Neste caso, a explicación atende á maior emigración masculina, xunto a factores de tipo sanitario que prexudican á poboación feminina. Tamén inflúen factores económicos, así hai máis mulleres porque o núcleo urbano se converte en centro de atracción da inmigración feminina ao terciarizarse a economía.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Respecto aos grupos de idade, no centro hai un predominio masculino na idade nova no ano 1900, feminino na adulta e anciá no 1910 e en todas as idades no 1920. Mentres na periferia, predominan os varóns nas idades nova e anciá nos anos 1900 e 1920, e en todas as idades no 1910. Así pois, asistimos a unha feminización do centro e a unha masculinización da periferia debido a factores migratorios e sanitarios.

Inda que sexa unha variable difícil de contrastar, existe un predominio da alfabetización no centro debido aos servizos e nivel socioeconómico, mentres que a periferia, a pesar de partir dunha porcentaxe menor, experimenta un crecemento maior que o centro, no que a tendencia é máis estable. Este aumento da alfabetización periférica atende ao esforzo do concello pola apertura e mantemento dunha rede de escolas rurais nas parroquias. No centro destaca o aumento da alfabetización feminina debido á inmigración tamén feminina de poboación xa alfabetizada.

No que se refire á estrutura socioprofesional, no centro hai un predominio da poboación inactiva nos anos 1910 e 1920, mentres que na periferia, predomina a poboación activa no 1900 e 1910. Estes datos hai que tomalos con precaución, xa que moitas mulleres son consideradas como inactivas a pesar de exercer unha ou varias actividades económicas. Por sectores económicos, no centro obsérvase unha preeminencia do sector terciario, seguido do primario e do secundario, en cambio na periferia, predomina o sector primario, seguido do terciario e do secundario. Isto segue a lóxica dun centro terciarizado fronte a unha periferia na predomina o sector primario, seguido dun terciario de habitantes que traballan tamén no centro; polo tanto, a terciarización está en camiño.

En xeral asistimos a unha influencia dos núcleos do centro fronte ao seu hínterland, que son as parroquias. Isto maniféstase na evolución do número total de habitantes, nos movementos migratorios, na composición por sexo e idade da poboación, no nivel de alfabetización, na poboación activa e inactiva, así como na ocupación por sectores económicos.

Finalmente, á hora de valorar a importancia da retroalimentación dos ámbitos político, económico e demográfico de cara a unha visión global da estrutura socioeconómica do Concello de Lugo no primeiro cuarto de século, é preciso salientar a influencia recíproca dos tres ámbitos. Así, a estabilidade política municipal, por veces á marxe do decorrer da estatal, ampárase nunha estabilidade económica que se manifesta sobre todo na etapa de 1900 a 1909. Precisamente é a etapa de contracción económica de 1910 a 1918, a que leva a un programa de relanzamento económico na etapa de 1919 a 1925, centrado nas obras públicas, dobrando ingresos e gastos, o que garante de novo a estabilidade política, con Ángel López Pérez como alcalde ata o ano 1923. Á súa vez, este incremento de gasto provoca outro correlativo do crédito e da carga impositiva, o que, á súa vez, contribúen ao aumento da conflitividade social, que compromete a estabilidade política; debido a isto, o goberno municipal vese obrigado a adoptar medidas para frear a inflación, en beneficio dunha estabilidade social en aras da estabilidade política.

Esta unión inextricable entre política e economía, ten o seu resultado a nivel demográfico. O número de habitantes do concello acada o seu máximo no ano 1910, debido á prospera década anterior, que se plasma nun aumento da natalidade e na baixa emigración. Esta dinámica cambia na seguinte etapa, producíndose un descenso de poboación en relación coa contracción económica do concello, ao que se lle engade a epidemia de Gripe, recuperándose lentamente, en consonancia co incremento da terciarización difusa a partir do ano 1920.

Polo tanto, o aumento, diminución, emigración, inmigración, ocupación e composición da poboación atende principalmente a factores económicos, que están determinados en gran medida por decisións políticas, que non se entenden tampouco sen o seu trasfondo económico e ideolóxico; todo elo amparado por unha maioría social, que é o fin en si mesmo do benestar socioeconómico.

USC DE COMPOSTELA

Por conseguinte, podemos concluír que nestes vinte e cinco anos, o Concello de Lugo, un concello pequeno e case rural, experimenta unha serie de transformacións ata converterse nunha capital relevante da Galicia interior, grazas a varios fenómenos como son o crecemento da poboación e da trama urbana, o ferrocarril aberto a finais do século XIX, o sistema impositivo como principal partida de ingresos, o mercado da carne como actividade económica fundamental, a importancia do comercio de gando, os efectos dos movementos migratorios exteriores e interiores, a expansión agraria crecente testemuñada polo aumento de mercados e feiras, así como a terciarización difusa nun concello cunha importante compoñente rural.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8 FONTES E BIBLIOGRAFÍA

8.1 FONTES ARQUIVÍSTICAS

- Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL):
  - Concello de Lugo. *Arbitrios extraordinarios, 1909-1950*. AHPL (Sin. 1235), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Arrendo e venda de carnes, 1844-1926*. AHPL (Sin. 0550-00), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Bandos, 1891-1913*. AHPL (Sin. 1170-05), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Censo de poboación de 1900*. AHPL (Sin. 430), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Censo de poboación de 1900-1901*. AHPL, Tomo I (Sin. L0650), Tomo II (Sin. L0651), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Censo de poboación de 1910*. AHPL (Sin. 432), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Censo de poboación de 1920*. AHPL (Sin. 435), Lugo.
  - Concello de Lugo. (1925). *I Congreso de Economía Galega.* AHPL (Sin. 1170-06), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Concejales de Lugo por su calificación política (1917-1922*). AHPL (Car. 485), Lugo.
  - Concello de Lugo. (1840-1915). *Consumos: repartimento e recargas*. AHPL (Sin. 0901-00), Lugo.
  - Concello de Lugo. (19 de xaneiro de 1903). *Contribución de utilidades de 1902*. AHPL (Sin. 0907/9, Car. 826), Lugo.
  - Concello de Lugo. (1834-1932). *Contribucións e impostos: recadación industrial e inquilinatos*. AHPL (Sin. 0911-00), Lugo.
  - Concello de Lugo (1821-1936). *Contribucións e impostos: urbana, territorial, utilidades e outros.* AHPL (Sin. 0907-00), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Estación de consumos, 1917-19*. AHPL (Sin. L0599), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Ex-concejales del Ayuntamiento de Lugo (hasta el año 1922)*. AHPL (Car. 485), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Expedientes de apertura, ampliación e reforma de rúas, 1774-1928.* AHPL (Sin. 0469-04), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Expedientes de arbitrios, 1810-1930*. AHPL (Sins. 0902-00, 0903-00, 0904-00, 0905-00, 0906-00, 0933-00, 0934), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Expedientes de eleccións, 1899-1929*. AHPL (Sin. 0605-0616), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Expedientes de rectificación do padrón de habitantes, 1910-1913, 1915-1918*. AHPL (Sin. 433), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Abastos e mercados, 1844-1905*. AHPL (Sin. 1538), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Libros de rexistro da recadación por degolo e transporte de reses, 1916-1923.* AHPL, (Sin. L0582 bis-L0573), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Libros de rexistro de recadación de abastos e consumos. Prezos de mercado, 1900-1914*. AHPL (Sin. L0952), Lugo.
  - Concello de Lugo. *Libros de rexistro de recadación de abastos e consumos. Prezos de mercado, 1915-1932*. AHPL (Sin. L0953), Lugo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Concello de Lugo. *Memorias da actividade municipal, 1907-1925*. AHPL (Sin. 0133-00), Lugo.
- Concello de Lugo. *Obras do ferrocarril, 1868-1924*. AHPL, (Sin. 0482-00), Lugo.
- Concello de Lugo. *Padrón de habitantes de 1904*. AHPL (Sin. 434), Lugo.
- Concello de Lugo. *Padrón de habitantes de 1910*. AHPL (Sin. L0641), Lugo.
- Concello de Lugo. *Padrón de habitantes de 1915*. AHPL (Sin. L0642), Lugo.
- Concello de Lugo. (1901-1920). *Persoal*. AHPL (Sin. L0644), Lugo.
- Concello de Lugo. *Postos de banqueta da Praza de Abastos, 1909-1916*. AHPL (Sin. L0602), Lugo.
- Concello de Lugo. *Postos de casetas da Praza de Abastos, 1871-1912*. AHPL (Sin. 0551), Lugo.
- Concello de Lugo. *Presupostos, 1900-1918*. AHPL (Sin. L0015-L0033, Car. 689-694), Lugo.
- Concello de Lugo. *Presupostos, 1919-1920*. AHPL (Sin. L0034, Car. 695), Lugo.
- Concello de Lugo. *Presupostos, 1920-1921*. AHPL (Sin. L0035, Car. 695), Lugo.
- Concello de Lugo. *Presupostos, 1921-1922*. AHPL (Sin. L0036, Car. 695), Lugo.
- Concello de Lugo. *Presupostos, 1922-1923*. AHPL (Sin. L0037, Car. 695), Lugo.
- Concello de Lugo. *Presupostos, 1923-1924*. AHPL (Sin. L0838, L0976, Car. 695), Lugo.
- Concello de Lugo. *Presupostos, 1924-1925*. AHPL (Sin. L0853, Car. 695), Lugo.
- Concello de Lugo. *Presupostos, 1925*. AHPL (Sin. L0864, Car. 695), Lugo.
- Concello de Lugo. *Relación de mercancías chegadas á estación de ferrocarril da cidade, 1897-1898*. AHPL (Sin. 0487-00, Car. 51), Lugo.
- Goberno Civil de Lugo-Subdelegación do Goberno de Lugo. *Expedientes de asociacións*. AHPL (Sin. 443), Lugo.
- Goberno Civil de Lugo-Subdelegación do Goberno de Lugo. *Asociacións*. AHPL (Sin. 13032-10, 13034-1), Lugo.

- Arquivo Municipal de Lugo (AML):
  - Concello de Lugo. (3 de xaneiro de 1899). *Actas de Plenos do Concello de Lugo.* AML (Sin. 131-3), Lugo.
  - Concello de Lugo. (3 de xaneiro de 1900-27 de decembro de 1900). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7987.1), Lugo.
  - Concello de Lugo. (3 de xaneiro de 1901-26 de decembro de 1901). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7987.2), Lugo.
  - Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1902-27 de decembro de 1902). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7987.3), Lugo.
  - Concello de Lugo. (3 de xaneiro de 1903-28 de decembro de 1903). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7988.1), Lugo.
  - Concello de Lugo. (1 de xaneiro de 1904-11 de xullo de 1904). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7988.2), Lugo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Concello de Lugo. (18 de xullo de 1904-14 de xaneiro de 1905). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7988.3), Lugo.
- Concello de Lugo. (30 de xaneiro de 1905-24 de xaneiro de 1906). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7988.4), Lugo.
- Concello de Lugo. (30 de xaneiro de 1906-7 de febreiro de 1907). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7988.5), Lugo.
- Concello de Lugo. (14 de febreiro de 1907-7 de maio de 1908). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7989.1), Lugo.
- Concello de Lugo. (21 de maio de 1908-30 de xuño de 1909). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7989.2), Lugo.
- Concello de Lugo. (1 de xullo de 1909-4 de agosto de 1910). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7989.3), Lugo.
- Concello de Lugo. (11 de agosto de 1909-11 de maio de 1911). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7989.4), Lugo.
- Concello de Lugo. (18 de maio de 1911-3 de xuño de 1912). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7989.5), Lugo.
- Concello de Lugo. (17 de xuño de 1912-10 de maio de 1913). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7990.1), Lugo.
- Concello de Lugo. (31 de maio de 1913-18 de abril de 1914). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7990.2), Lugo.
- Concello de Lugo. (25 de abril de 1914-19 de xuño de 1915). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7990.3), Lugo.
- Concello de Lugo. (26 de xuño de 1915-20 de maio de 1916). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7990.4), Lugo.
- Concello de Lugo. (2 de xuño de 1916-20 de xaneiro de 1917). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7990.5), Lugo.
- Concello de Lugo. (3 de febreiro de 1917-27 de outubro de 1917). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7990.6), Lugo.
- Concello de Lugo. (17 de novembro de 1917-1 de xuño de 1918). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7991.1), Lugo.
- Concello de Lugo. (8 de xuño de 1918-15 de novembro de 1919). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7991.2), Lugo.
- Concello de Lugo. (19 de novembro de 1919-12 de marzo de 1921). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7991.3), Lugo.
- Concello de Lugo. (23 de marzo de 1921-6 de abril de 1922). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7991.4), Lugo.
- Concello de Lugo. (22 de abril de 1922-5 de febreiro de 1923). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7991.5), Lugo.
- Concello de Lugo. (17 de febreiro de 1923-1 de outubro de 1923). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7991.6), Lugo.
- Concello de Lugo. (4 de outubro de 1923-29 de xaneiro de 1924). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7992.1), Lugo.
- Concello de Lugo. (5 de febreiro de 1924-28 de marzo de 1925). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7992.2), Lugo.
- Concello de Lugo. (31 de marzo de 1925-1 de xullo de 1927). *Libro de actas municipais*. AML (Sin. 7992.3), Lugo.
- Concello de Lugo. (1900). *Proxecto da construción e apertura da porta e da rúa de Bispo Aguirre*. AML (Sin. 5855.13), Lugo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Arquivo da Subdelegación do Goberno en Lugo:
    - Goberno Civil-Subdelegación do Goberno en Lugo. *Listaxe de Gobernadores Civís da provincia de Lugo, 1897-1926*.

8.2 FONTES E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abel Vilela, A. (1975). *200 años de obras y restauraciones en la muralla de Lugo*. Lugo: auto edición.
---- (1981). *Cousas de Lugo*. Lugo: AVA.
---- (1996). *Urbanismo y arquitectura en Lugo. Arquitectura isabelina y de la Resturación*. Edicións do Castro.
- Aguado, A. e Ramos, Mª. D. (2002). *La modernización de España (1917-1939). Cultura y vida cotidiana*. Madrid: Síntesis.
- Aguirre, M. E. (1980). El sistema caciquil en España. *Arbor*, (430), pp. 73-89.
- Alvarado Planas, J. (coord.). (1997). *Poder, economía y clientelismo*. Madrid: Marcial Pons.
- Álvarez Junco, J. (1991 [1976])). *La ideología política del anarquismo español (1868-1910)*. Madrid: Siglo XXI.
- Álvarez Mora, A. (1996). La necesaria componente espacial en la Historia Urbana. *Ayer*, (23), pp. 29-59.
- Amor Meilán, M. (1928). *Provincia de Lugo*. En F. Carreras y Candi, (dir.), *Geografía General del Reino de Galicia* (Vol. IV). Barcelona: Alberto Martín.
- Antón Mellón, J. e Caminal Badía, M. (1992). *Pensamiento político en la España contemporánea (1800-1950)*. Barcelona: Teide.
- Arias Vilas, F., Novo Cazón, J. L., Burgo López, C. e Souto Blanco, M. J. (2001). *Historia de Lugo*. A Coruña: Vía Láctea.
- Aróstegui, J. (2001 [1995])). *La investigación histórica: teoría y método*. Barcelona: Crítica.
- Artola, M. (1974). *Partidos y programas políticos, 1808-1936*. Madrid: Aguilar.
---- (dir.). (1978). *Los ferrocarriles en España, 1844-1943*. Madrid: Banco de España.
- Bahamonde Magro, A. (1993). La historia urbana. *Ayer*, (10), pp. 47-61.
---- (coord.). (2000). *Historia de España siglo XX, 1875-1939*. Madrid: Cátedra.
- Balfour, S. (1997). *El fin del imperio español (1898-1923)*. Barcelona: Crítica.
- Ballbé Mallol, M. (1983). *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812-1983)*. Madrid: Alianza.
- Barral Martínez, M. (2003). A Restauración Borbónica (1874-1923). En M. Quintáns Suárez (dir.), *Historia de Santa Comba de Xallas* (pp. 619-697). Santa Comba: Concello de Santa Comba.
- Barreiro Fernández, X. R. (coord.). (2003). *Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2003)* (2ª ed., Tomo 1). Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia e Real Academia Galega.
---- (1981). *Historia de Galicia. IV Edade Contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Barreiro Fernández, X. R., Moreno González, X., Palomares Ibáñez, J. M., Varela González, I. e Colectivo Xerminal. (1990). *O movemento obreiro en Galicia*. Xerais.
- Barreiro Gil, M. J. (1990). *Prosperidade e atraso en Galicia durante o primeiro tercio do século XX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Barrientos Alfageme, G. e Gurría Gascón, J. L. (1986). *Las limitaciones de las fuentes para el estudio de la geografía de la población*. Universidad de Extremadura.
- Barrio Alonso, Á. (1996). *El sueño de la democracia industrial (Sindicalismo y democracia en España, 1917-1923)*. Santander: Universidad de Cantabria.
---- (2004). *La modernización de España (1917-1939). Política y sociedad*. Madrid: Síntesis.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

---- (2006). La crisis del régimen liberal en España, 1917-1923. *Ayer*, (63), pp. 11-21.
- Beiras Torrado, J. M. (1970). *Estructura y problemas de la población gallega*. A Coruña: Estudios del Banco del Noroeste.
---- (1972). *O atraso económico da Galiza*. Vigo: Galaxia.
- Beiras Torrado, J. M. e López Rodríguez, A. (1999). *A poboación galega no século XX*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ben-Ami, S. (1984). *La dictadura de Primo de Rivera, 1923-1930*. Barcelona: Planeta.
- Ben Paz, F. (2011). *O anarquismo no campo galego no primeiro terzo do século XX; Lugo 1900-1936.* [Traballo Fin de Master, USC]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Beramendi, J. (1981). *Vicente Risco no nacionalismo galego*. Santiago de Compostela: Cerne.
---- (2001). As dinámicas sociopolíticas da Galicia urbana. I: A análise das estruturas sociais. En Balboa López e Pernas Oroza (eds.), *Entre nós. Estudios de arte, xeografía e historia en homenaxe ao profesor Xosé Manuel Pose Antelo* (pp. 1177-1191). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
---- (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
